


2017 INFORME

sobre a situación sociolaboral de Galicia



XUNTA DE GALICIA

2011 INFORME

sobre a situación sociolaboral de Galicia



CONSELLO GALEGO
DE RELACIÓNS LABORAIS

Edita

CONSELLO GALEGO DE RELACIÓNS LABORAIS

R/ Algalia de Abaixo, 24

Tel.: 981 541 601 ■ Fax: 981 541 610

15704 Santiago de Compostela

Realiza: DIFUX, S.L.

ISSN: 1888-3451

Depósito legal: C 2141-2011

Este informe pode consultarse tamén no sitio web do Consello:
<http://cgrl.xunta.es>

CERTIFICACIÓN

María Luisa Peña Cebreiro,

secretaria do Consello Galego de
Relacións Laborais

CERTIFICA

Que no Pleno ordinario, celebrado polo Consello Galego de Relacións Laborais o 20/12/2012, se acordou tomar en consideración e publicar o Informe sobre a situación sociolaboral de Galicia en 2011, elaborado por encargo do Consello Galego de Relacións Laborais.





2017 INFORME

sobre a situación sociolaboral de Galicia



COORDINACIÓN TÉCNICA E INFORMÁTICA

María José Pérez Señarís

Funcionaria do
Consello Galego de Relacións Laborais



Autores



Carlos Domenech de Aspe

Inspector de Traballo e Seguridade Social



Francisco Veloso Cermelo

Interventor da Seguridade Social



Francisco Carballal Lugo

Letrado da Xunta de Galicia



Manuel Roca Cendán

Catedrático de Tecnoloxía Administrativa



Marta Puebla Vilariño

INEM



O capítulo 9, sobre a Negociación Colectiva, foi elaborado por

Carmen Cabanas Carlin,

Funcionaria do Consello Galego de Relacións Laborais



Capítulo 1

A economía galega no ano 2011

I.1. Contornos internacional e estatal.....	17
I.1.1. Contorno internacional.....	17
I.1.2. Contorno estatal.....	19
I.1.2.1. Crecemento económico.....	19
I.1.2.2. Endebedameto provado e público.....	27
I.2. Crecemento económico galego	30
I.2.1. A perspectiva da demanda.....	30
I.2.2. A perspectiva da oferta	31
I.3. Crecemento económico e xeración do emprego	31
I.3.1. A xeración do emprego en Galicia	32
I.3.2. Produtividade do traballo	32
I.4. Comercio exterior	33
I.4.1. Comercio galego co estranxeiro.....	34
I.4.1.1. Exportacións, importacións e saldo comercial. Taxa de cobertura	34
I.4.1.2. Exportacións. Índices de competitividade.....	35
I.4.1.2.1 Importacións	36
I.4.1.3. Distribución xeográfica do comercio internacional galego.....	37
I.4.2. Saldo comercial co estranxeiro e con outras comunidades autónomas..	38
I.5. Evolución dos prezos e dos salarios	40
I.5.1. A inflación	40
I.5.2. Os custos laborais	42

Capítulo 2

Estrutura empresarial e política industrial

2.1. Introducción	45
2.2. Estrutura e dinámica empresarial galega	46
2.3. Análise de enquisas industriais	57
2.3.1. Enquisa industrial de empresas.....	57
2.3.2. Enquisa industrial de produtos	60
2.3.3. Enquisas de produción industrial e de prezos industriais	64
2.4. Enquisas do sector servizos	65
2.5. Investigación científica, desenvolvemento tecnolóxico e innovación (I +D+i)	69
2.5.1. Introducción	69
2.5.2. Investigación científica e desenvolvemento tecnolóxico (I+D)	69
2.5.3. Innovación tecnolóxica nas empresas.....	74
2.6. A empresa industrial pública: a Sociedade Estatal de Participacións Industriais (SEPI).....	76
2.7. Política industrial. A achega das administracións públicas	78
2.7.1. As actuacións da UE.....	78
2.7.2. A achega da Administración Xeral do Estado.....	85
2.7.3. A achega da Administración Autónoma	89

Capítulo 3

Economía social 99

Capítulo 4

Poboación e mercado de traballo

4.1. A poboación galega	109
4.1.1. Evolución da poboación	109
4.1.2. A poboación estranxeira.....	112
4.1.3. Movementos naturais de poboación	114
4.1.4. Movementos migratorios	119
4.2. Resumo das principais variables laborais	124
4.3. Poboación activa e taxa de actividade.....	125
4.4. A poboación ocupada.....	128
4.4.1. Poboación ocupada e taxa de ocupación.....	128
4.4.2. Distribución da poboación ocupada por sexos, provincias, grupos de idade, sectores económicos e situación profesional.....	132
4.5. Poboación desempregada e taxa de paro	135
4.6. O paro rexistrado 2011.....	140
4.7. A poboación inactiva	147

Capítulo 5

A muller no mundo laboral

Introdución.....	151
5.1. A muller na poboación galega	152
5.2. Muller e actividade económica de mercado	157
5.2.1. Introducción	157
5.2.2. Actividade e inactividade.....	159
5.2.3. Emprego e desemprego	161
5.3. Demandas de emprego e paro rexistrado.....	164
5.4. Contratos de traballo	170
5.5. Formación.....	175

5.6. Poder e toma de decisións.....	177
5.7. Conciliación entre a vida laboral e familiar.....	183
5.8. Salarios	188
5.9. Prestacións por desemprego.....	192
5.10. Pensións	196

Capítulo 6

Inicio da relación laboral

6.1. Inscripción de empresas e apertura de centros de traballo	199
6.1.1. Inscripcións de empresas	199
6.1.2. Apertura de centros de traballo.....	201
6.2. Afiliacións e altas na Seguridade Social	204
6.2.1. Introducción	204
6.2.2. A evolución a medio prazo	205
6.2.3. Análise dos dez últimos anos	207
6.2.4. Traballadores/as afiliados/as por sexo e réxime	208
6.2.5. Traballadores/as afiliados/as por tramos de idade e sexo	209
6.2.6. Traballadores/as afiliado/as por sector de actividade	210
6.2.7. Altas iniciais	211
6.2.8. Afiliacións e altas por comunidades autónomas	212
6.3. Estranxeiros e movementos migratorios	216
6.4. Movementos migratorios.....	223

Capítulo 7

Contratación

7.1. Introducción.....	227
7.2. Modalidades contractuais	233
7.2.1. Contrato eventual por circunstancias da produción	233
7.2.2. Contrato de obra ou servizo	236
7.2.3. Contrato de interinidade.....	238
7.2.4. Contrato para a formación	242
7.2.5. Contrato en prácticas	244
7.2.7. Contratación en substitución por anticipación da idade de xubilación....	248
7.2.8. Contratos non contemplados anteriormente.....	252
7.2.9. Contratos indefinidos ordinarios (bonificados e non bonificados)	255
7.2.10. Contratos indefinidos para o fomento da contratación indefinida.....	256
7.2.11. Contratos convertidos en indefinidos	259
7.2.12. Contratos de persoas con minusvalidez	261
7.2.13. Contratacións a colectivos especiais.....	262
7.2.14. Adscricións en colaboración social	266
7.2.15. Prórrogas.....	266
7.3. Contratación a traballadores estranxeiros	268
7.4. Empresas de Traballo Temporal	271

Capítulo 8

O subsistema de formación profesional para o emprego

8.1. Obxectivos do subsistema de formación profesional para o emprego.....	279
8.2. Regras xerais aplicables ás diversas iniciativas de formación	282
8.2.1. Traballadores/as e colectivos destinatarios da formación	283
8.2.2. Centros e entidades de formación	284

8.3. Formación da demanda: accións formativas das empresas e permisos individuais de formación	284
8.3.1. Financiamento da formación de demanda	286
8.3.2. Participación dos/as representantes dos/as traballadores/as no deseño das accións formativas e respecto aos permisos individuais.....	287
8.3.3. Execución das accións formativas	288
8.4. Formación profesional ocupacional.....	292
8.4.1. Formación profesional dirixida prioritariamente ás persoas traballadoras desempregadas.....	293
8.4.1.1. Accións formativas dirixidas prioritariamente a persoas traballadoras desempregadas (AFD)	293
8.4.2. Cursos con compromiso de contratación	297
8.4.3. Programación en centros propios	298
8.4.4. Plan autonómico de formación de formadores	300
8.4.5. O plan de perfeccionamento técnico	300
8.4.6. Plan de calidade en centros de formación profesional para o emprego	300
8.5. Formación profesional dirixida prioritariamente a persoas traballadoras ocupadas	301
8.5.1. Plans de formación	301
8.5.2. Accións de apoio e de acompañamento á formación	302

Capítulo 9

A negociación colectiva

Parte I. A negociación colectiva en Galicia	305
9.1. Metodoloxía	305
9.2. Estrutura da negociación colectiva.....	306
9.3. Ámbitos de aplicación.....	311
9.3.1. Funcional	311
9.3.2. Territorial	312
9.3.3. Temporal.....	312
9.3.4. Persoal	313
9.3.5. Desenvolvemento da negociación.....	317
9.4. Réxime económico	317
9.4.1. Incremento salarial medio ponderado	317
9.4.2. Cláusulas de revisión salarial	320
9.4.3. Réxime de desvinculación salarial	331
9.4.4. Aboamento de atrasos e anticipos	333
9.4.5. Estrutura salarial	333
9.5. Tempo de traballo	349
9.5.1. A xornada laboral	349
9.5.1.1. Xornada pactada	349
9.5.1.2. Regulación da xornada	351
9.5.2. Vacacións	356
9.5.3. Conciliación da vida laboral e familiar	360
9.5.4. Absentismo	368
9.5.5. Horas extraordinarias	369
9.6. Outros temas obxecto de negociación	371
9.6.1. Melloras sociais	372
9.6.2. Saúde laboral	374

9.6.3. Formación profesional.....	383
9.6.4. Dereitos e garantías da representación dos traballadores/as	386
9.6.5. Contratación e emprego.....	389
9.6.6. Organización do traballo	413
9.6.7. Mobilidade e clasificación profesional.....	417
9.6.8. Cláusulas sobre discriminación e acoso	425
9.6.9. Réxime disciplinario	434
9.6.10. Cláusula sobre o idioma.....	434
9.6.11. Cláusula de sometemento ao AGA	435
Parte II. Convenios colectivos estatais con aplicación en Galicia.....	437

Capítulo 10

A sinistralidade laboral

I 0.1. Introducción	445
I 0.2. Distribución por gravidade e provincias	446
I 0.3. Distribución dos accidentes de traballo, en xornada de traballo, con baixa por sectores económicos	447
I 0.4. Distribución por actividades	449
I 0.5. Distribución por distintas variables	455
I 0.6. Exame específico dos accidentes mortais	463
I 0.7. Evolución da sinistralidade laboral.....	471
I 0.8. Accidentes de traballo con baixa, segundo a gravidade, por comunidades autónomas.....	473
I 0.9. Índices de incidencia	474
I 0.10. Enfermidades profesionais	477

Capítulo 11

Conflitividade e medios de solución dos conflitos de traballo

I 1.1. Folgas	483
I 1.2. Conciliacións colectivas e individuais	488
I 1.3. Xulgados do Social.....	499
I 1.3.1. Por materias	499
I 1.4. Sala do Social do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia	500
I 1.5. Xestión do Acordo Interprofesional Galego sobre Procedementos Extraxudiciais de Solución de Conflitos de Traballo (AGA)	504

Capítulo 12

A regulación de emprego e o fondo de garantía salarial

I 2.1. Introducción	509
I 2.2. Regulación de emprego.....	510
I 2.3. Evolución experimentada	514
I 2.4. Fondo de garantía salarial.....	515

Capítulo 13

Protección social

I 3.1. Introducción	519
I 3.2. A Protección Social na Unión Europea. Datos globais	523
I 3.3. Pensións contributivas da Seguridade Social: aspectos xerais	525
I 3.4. Análise dos datos sobre as pensións do sistema	541
I 3.4.1. Pensións de xubilación	541
I 3.4.2. Pensións de invalidez permanente.....	545

13.4.3. Pensións de viuvez	548
13.4.4. Pensións de orfandade	551
13.4.5. Pensións en favor de familiares	552
13.5. Outras prestacións	553
13.5.1. Prestacións de incapacidade temporal	554
13.5.2. Prestacións de maternidade	555
13.5.3. Prestacións de paternidade	556
13.5.4. Prestacións familiares por fillo a cargo	556
13.5.5. Prestacións por desemprego	558
13.6. Pensións de carácter non contributivo e asistencial	560
13.7. Dependencia	567
13.8. Conxunto de prestacións e gastos de protección social.....	569

Capítulo 14

Eleccións sindicais.....	571
---------------------------------	------------

Anexo

Emprego e investimento público

1. Invetimentos e cadro de persoal da Administración do Estado en Galicia.....	583
1.1. Invetimentos da Administración do Estado	583
1.2. Cadro de persoal da Administración do Estado.....	585
2. Invetimentos e cadros de persoal da Comunidade Autónoma de Galicia	586
2.1. Invetimentos da Comunidade Autónoma de Galicia previstos nas Leis de Orzamentos Xerais da C.A. de Galicia.....	586
2.2. Cadros de persoal ao servizo da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia	587
2.2.1. Cadros de persoal do Parlamento de Galicia e os, seus organismos dependentes (1)	591
2.2.2. Cadros de persoal dos organismos autónomos, entidades públicas e sociedades mercantís	592
2.3. Resumo dos cadros de persoal ao servizo da Administración da C.A. de Galicia.....	593
3. Cadro de persoal e invetimentos da Administración Local de Galicia	594
4. Invetimentos e cadros de persoal das entidades públicas empresariais e sociedades mercantís estatais	594
4.1. Entes públicos	594
4.2. Entidades de Dereito Público con personalidade xurídica que axustan a súa actividade ao ordeamento xurídico privado	595
4.2.6. Invetimentos e cadro de persoal de Ferrocarrís de Vía Estreita (Feve)	596

Conclusións

.....	599
-------	-----

A ECONOMÍA GALEGA NO ANO 2011

1

1.1 Contornos internacional e estatal

1.1.1 Contorno internacional

No primeiro capítulo analizaremos a andaina económica galega no ano 2011 e situáremolo dentro dun período de tempo máis longo e contornos estatal e da UE. Neste epígrafe concreto, achegarémonos ao crecemento económico nos ámbitos estatal e internacional, para coñecer o marco xeral no que situar o decorrer económico de Galicia.

No cuadrienio 2004-2007 a economía mundial rexistrou, no seu conxunto, un elevado crecemento económico (superior ao 4%), pero en 2008 a cousa mudou notablemente, e comezou unha fonda recesión, polas turbulencias financeiras que se produciron nos mercados a partir dos problemas no mercado hipotecario de alto risco, que deron lugar a un período de gran volatilidade financeira, notables problemas de liquidez, perda de fiúza nos consumidores, de actividade nas empresas e unha forte destrución de emprego.

No ano 2009 a economía mundial sufriu a perturbación máis fonda desde o fin da Segunda Guerra Mundial, coa maior contracción do PIB desde entón, cun decrecemento económico” medio mundial do -0,6%, cunha clara diferenciación: diminución do PIB dun -3,1% nos Estados máis desenvolvidos e suba do 2,3% nas economías emerxentes.

A posta en práctica de medidas keynesianas de estímulo da demanda agregada e a inxección de fondos públicos para estabilizar o sistema financeiro foron “medidas de choque” que permitiron unha mellora en xeral, pero interrompida en varias ocasións por episodios de inestabilidade, nalgúns casos vencellados coa percepción do “risco soberano”. A posterior sacralización da loita contra o déficit (e a débeda) pública no seo da UE cortou este proceso de política fiscal expansiva, e as medidas restritivas aplicadas desde entón (suba de impostos e diminución do gasto público) non axudaron á recuperación da actividade económica.

A dispar recuperación foi relevante en 2010, cos Estados *emerxentes* (Brasil, India...) que experimentaron unha forte suba do PIB e os Estados *máis desenvolvidos* sumidos nun crecemento económico moito menor: EE.UU (2,9%) sobranceou, neste último grupo de países, pola suba do PIB, moi por riba da media da UE (1,8%) ou da UEM (1,7%).

As políticas monetarias dos Bancos Centrais das economías máis desenvolvidas seguen a ser en 2011 moi expansivas, cunhas taxas de interese oficiais que se manteñen en niveis historicamente mínimos.

No noso contorno máis próximo (a UEM) cómpre subliñar no bienio 2010 - 2011 a forte crise da *débeda soberana*, que supuxo unha fortísima suba da prima de risco nas taxas de intereses da débeda pública de Estados como Grecia, Irlanda e Portugal primeiro, e en España ou Italia despois). Para facerlle fronte, a UE aprobou o *Mecanismo de Estabilidade Financeira*, por un importe de 85.000 millóns de euros.

Como consecuencia da crise continuada da débeda soberana en Europa, das perturbacións producidas polos desastres naturais de Xapón e Tailandia, dos disturbios políticos dos países árabes e da suba nos mercados internacionais de materia primas (como o crú petrolífero), o comercio exterior mundial tivo unha importante desaceleración, pasando do crecemento do 12,9% en 2010 á suba do 5,8% en 2011.

No cadro I.1 presentamos os índices de crecemento económico, variación de prezos e taxas de desemprego dos EE.UU e a UEM. no último sexenio.

**Economía internacional: variación de PIB en IPC e taxa de desemprego.
EE.UU. e UEM. 2006 - 2011**

■ **Cadro 1.1**

Período		PIB (1)		Prezos de consumo		Taxa de desemprego (2)	
		EE.UU.	UEM	EE.UU.	UEM	EE.UU.	UEM
2006		2,7	3,4	3,2	2,2	4,6	8,5
2007		1,9	3,0	2,9	2,1	4,6	7,6
2008		-0,3	0,3	3,8	3,3	5,8	7,7
2009		-3,1	-4,4	-0,4	0,3	9,3	9,6
2010		2,4	1,9	1,6	1,6	9,6	10,1
2011		1,8	1,5	3,2	2,7	9,0	10,2
Trimestre							
2009	I	-3,3	-5,2	0,0	1,0	8,2	8,8
	II	-3,8	-4,9	-1,2	0,2	9,3	9,4
	III	-2,6	-4,1	-1,6	-0,4	9,6	9,7
	IV	0,1	-2,1	1,4	0,4	10,0	9,8
2010	I	1,9	1,0	2,4	1,1	9,8	10,1
	II	2,5	2,2	1,8	1,6	9,6	10,2
	III	2,8	2,2	1,2	1,7	9,5	10,1
	IV	2,4	2,2	1,3	2,0	9,6	10,1
2011	I	1,8	2,4	2,1	2,5	9,0	9,9
	II	1,9	1,7	3,4	2,8	9,0	9,9
	III	1,6	1,3	3,8	2,7	9,1	10,2
	IV	2,0	0,7	3,3	2,9	8,7	10,6

(1) PIB constante e corrixido de estacionalidade e calendario.

(2) Corrixida de estacionalidade.

Fonte: Xunta de Galicia, Consellería de Facenda, Observatorio da economía galega.

O crecemento económico en 2011 da UEM (1,5%) quedou lixeiramente por baixo do de Estados Unidos de América. No tocante á variación porcentual do índice de prezos de consumo, dobrouse en 2011 en USA e subiu un punto na UEM. Foi do 1,6% en Estados Unidos e na UEM e dun 2,2% no conxunto da UE.

A taxa de desemprego acadou taxas ao redor do 10% en 2001 (10,2% na UEM e 9% en EE.UU.), cunha variación moi lixeira respecto do ano anterior. No trienio 2008-2010 a suba das taxas de desemprego foi continua, máis intensa en EE.UU. (que dobrou a taxa de desemprego) que na UE ou na UEM, como reflicte nidiamente o cadro 1.1.

1.1.2 Contorno estatal

Referirémonos neste epígrafe ao marco estatal no que se desenvolve a nosa actividade socioeconómica, así como o das distintas comunidades autónomas que a integran, diferenciado en dous apartados: o crecemento do PIB (global e por habitante) e o achegamento a variables vencelladas co endebedamento (privado e público) que están a centrar boa parte da atención da realidade económico-social actual.

1.1.2.1 Crecemento económico

España, que estivo no período 2001-2008 á cabeza do crecemento económico da OCDE, cunha suba acumulada do PIB do 27,9%, moi por riba das medias da OCDE (18,6%) e da Unión Europea (17%), cambiou radicalmente desde 2009 (-3'6%), en

2010 o seu PIB baixou unha décima (fronte ás subas do 1,8% na UE, 1,9% na UEM e 2,4% en EE.UU.) e en 2011 medrou a unha taxa que é a metade da UEM ou da UE (e menor aínda respecto de EE.UU).

A taxa de inflación española (2,4%), pola súa banda quedou en 2011 por baixo das de EE.UU e a UE. No tocante á taxa de desemprego, foi máis do dobre que nas medias da UE, da UEM ou en EE.UU).


A visión comparativa do crecemento económico, ano por ano, no tempo transcorrido do século XXI en Galicia, España e a Unión Europea, témola no cadro 1.2. Nel compróbase:

Crecedemento do PIB⁽¹⁾
Galicia, España e UE. 2001-2011

■ Cadro 1.2

	Galicia	España	UE
2001	3,5	3,7	2,0
2002	2,3	2,7	1,2
2003	2,6	3,1	1,3
2004	3,5	3,3	2,4
2005	3,3	3,6	1,7
2006	4,1	4,0	2,9
2007	4,0	3,6	2,9
2008	1,8	1,1	0,9
2009	-3,0	-3,6	-4,2
2010	0,1	-0,1	1,8
2011	0,3	0,7	1,5

(1) En porcentaxe en termos reais.
Fonte: IGE, INE e Eurostat.



■ A suba do PIB de Galicia, que superou á da UE todos os anos de 2001 a 2009 (e foi practicamente o dobre catro anos: 2002, 2003, 2005 e 2008) quedou moi por baixo no bienio 2010 – 2011 (en especial respecto do crecemento económico da UE).

■ A evolución do PIB de Galicia foi mellor cá do español en seis dos once anos estudados: no Xacobeo de 2004 e cada un dos anos do período 2006-2010.

■ No ano 2011 o crecemento económico galego quedouse na metade do promedio español e na quinta parte do da UE.

Ademais da evolución do PIB en Galicia, España ou a UE, é importante estudar a evolución deste indicador macroeconómico nas diversas nacionalidades e rexións do noso Estado, para situar a Galicia na posición que lle corresponda no decorrer económico autonómico.

Para esta análise a fonte non pode ser o IGE, xa que, obviamente, o organismo estatístico oficial galego ten por finalidade o estudo da nosa realidade, non a doutras comunidades; xa que logo, a fonte que utilizaremos principalmente será a do INE, puntualmente complementada cos datos aportados por FUNCAS (Fundación das Caixas de Aforro).

O INE fai a súa estimación anual do crecemento económico das comunidades autónomas na *Contabilidad Regional*. Da clasificación por comunidades autónomas do cadro 1.3 sobrancearemos que:


**Porcentaxe de crecemento⁽¹⁾ do PIB.
Por CC.AA. 2007-2011.**

■ Cadro 1.3

	2007	2008	2009	2010	2011
Andalucía	3,8	0,8	-3,6	-0,9	0,2
Aragón	4,5	1,1	-4,4	-0,5	0,3
Asturias	3,6	1,2	-3,7	0,8	0,3
Baleares	3,8	1,8	-3,8	-0,3	1,8
Canarias	3,8	1,3	-4,2	-0,8	2,1
Cantabria	3,9	1,3	-3,5	0,2	0,7
Castela A Mancha	4,2	0,7	-3,3	-0,9	0,0
Castela e León	3,7	0,9	-3,4	0,8	1,3
Cataluña	3,7	0,7	-4,1	0,1	0,8
C. Valenciana	3,7	0,5	-4,3	-0,6	0,4
Extremadura	3,9	1,8	-2,0	0,0	-0,3
Galicia	4,0	1,8	-3,0	0,1	0,3
Madrid	3,9	1,6	-3,2	0,0	0,9
Murcia	3,8	1,5	-3,4	-0,6	0,0
Navarra	3,8	1,9	-2,5	1,2	1,5
País Vasco	3,9	2,1	-3,5	0,8	1,3
Rioxa (A)	4,0	1,5	-3,6	-0,3	0,8
Ceuta	3,9	1,8	-1,7	0,0	0,4
Melilla	3,7	1,2	-1,4	-0,1	0,2
España	3,8	1,2	-3,6	-0,1	0,7

(1) En termos reais.

Fonte: INE. "Contabilidad Regional de España."



■ O PIB galego subiu en 2011 tan só un 0,3% (non chegou á metade da media española). Oito comunidades autónomas creceron por riba do promedio estatal.

■ Ampliouse en 2011 a diverxencia coa UE, xa que o crecemento económico español foi a metade do da unión Europea.

■ Canarias, Baleares e Navarra tiveron o maior crecemento económico en 2011, mentres que os peores rexistros foron os de Estremadura, Murcia e Castela - A Mancha.

■ A visión diacrónica constata que o valor da actividade produtiva galega tivo un comportamento mellor que o promedio estatal todos os anos analizados neste cadro, agás en 2011.

Sen dúbidas, o crecemento económico dun ano concreto non é o fundamental para conseguir o achegamento ás sociedades cun nivel de desenvolvemento maior; o importante é o esforzo continuado nun prazo longo para ir acurtando esa diferenza. Vexamos, pois, os datos do crecemento medio estatal e das diversas comunidades autónomas de 2008 a 2011 que figuran no cadro 1.4; explicitan que:

■ O PIB galego baixou no último cuatrienio nunha porcentaxe media do 1,02%, lixeiramente por riba (só tres centésimas) do decrecemento estatal, o que situou a Galicia nun posto intermedio: décima posición entre as dez e nove comunidades (e cidades) autónomas.

■ Todas as comunidades e cidades autónomas presentaron un decrecemento económico. Castela e León, Navarra e as dúas cidades autónomas presentaron unha baixada media do PIB menor; e no extremo contrario situáronse C. Valenciana, Murcia e Castela-A Mancha.

■ Catro das comunidades (ou cidades) autónomas cunha suba anual media do PIB superior á de Galicia de 2008 a 2011 (Melilla, Ceuta e Canarias) están entre as oito que figuran por baixo de Galicia na clasificación por PIB por habitante (véxase o cadro 1.5).

**Porcentaxe media de crecemento anual do PIB⁽¹⁾.
Por CC.AA. 2000-2011.**

■ **Cadro 1.4**

	Por riba da media estatal		Por baixo da media estatal
Melilla	-0,13	Cantabria	-1,07
Castela e León	-0,24	Extremadura	-1,16
Ceuta	-0,33	Rioxa (A)	-1,35
Navarra	-0,33	Aragón	-1,38
Madrid	-0,60	Andalucía	-1,40
País Vasco	-0,67	Asturias	-1,57
Canarias	-0,81	Castela-A Mancha	-1,61
Cataluña	-0,88	Murcia	-1,68
Baleares	-0,93	C. Valenciana	-2,07
Galicia	-1,02		
España	-1,05		

(1) En termos reais.

Fonte: INE, "Contabilidad Regional de España".

O cadro 1.5 mostra o PIB por habitante das distintas comunidades autónomas, así como as medias estatal e da Unión Europea. Non debe esquecerse á hora de analizar os datos que o menor dinamismo demográfico da sociedade galega respecto do promedio español inflúe a prol da suba relativa do noso PIB *per capita*; é a chamada *converxencia pasiva*, unha das vías de aproximación no longo camiño da converxencia de Galicia co PIB por habitante medio do Estado, que no quinquenio 2006-2010 se complementou coa maior suba do PIB en Galicia que no promedio estatal (*converxencia activa*), como xa vimos no cadro 1.2.

**Produto Interior Bruto per cápita⁽¹⁾.
Por CC.AA. 2011**

■ **Cadro 1.5**

	Por riba da media estatal		Por baixo da media estatal
País Vasco	31.288	Castela e León	23.146
Navarra	30.068	Ceuta	22.981
Madrid	29.731	Asturias	21.976
Cataluña	27.430	Galicia	21.112
A Rioxa	26.129	C. Valenciana	20.583
Aragón	25.920	Ceuta	20.045
Baleares	24.585	Canarias	19.806
		Murcia	19.144
		Cast.-A Mancha	18.568
		Melilla	18.454
		Andalucía	17.587
		Extremadura	16.149
España	23.271		
Unión Europea	25.134		

(1) En euros por habitante.

Fonte: INE (EUROSTAT para o dato da UE).

Sobrancearemos na análise dos datos dese cadro que:

■ O PIB por habitante de Galicia en 2011 situouse no 90,7% da media española e no 84% da media da Unión Europea.

■ Seis comunidades autónomas e máis as dúas cidades autónomas presentan en 2011 un PIB *per capita* inferior ao galego, engadíndoselle a comunidade valenciana e as dúas cidades autónomas ás do ano anterior (Murcia, Andalucía, Castela - A Mancha, Estremadura e Canarias).

■ As sete comunidades autónomas que rexistraron en 2011 un maior PIB *per capita* seguen a ser, e pola mesma orde, as do ano anterior: País Vasco, Navarra, Madrid, Cataluña, A Ríoxa, Aragón e Baleares.

O cadro 1.6, reflicte a comparación decrecemento económico español e o do conxunto da UE. Sobrancea a forte caída experimentada por España desde o comezo da crise económica, con especial intensidade no ano 2009. De estar un 5% por riba da media da UE o noso PIB en 2007, pasou a quedar un 1% por baixo en 2011. Mentres que na UE subiu no ano 2011 en 208 euros, en España baixou en 648 euros o PIB por habitante.

Evolución do PIB(1). España en comparación coa UE(2). 2007-2011

■ Cadro 1.6


	España
2007	105
2008	104
2009	103
2010	100
2011	99

(1) En paridade de poder adquisitivo. Porcentaxe sobre a UE.

(2) UE27 = 100.

Fonte: Eurostat. (Oficina estatística da Comisión Europea).

Evolución do PIB 2007-2011



Unha fonte estatística alternativa ao INE é FUNCAS. No cadro 1.7 temos a súa perspectiva do crecemento económico das distintas comunidades (e cidades) autónomas en 2011. Subliñaremos que:

■ Cadro 1.7

**Crecemento do PIB⁽¹⁾.
Por CC.AA. 2011**

Castela e León	0,99
Navarra	0,87
A Ríoxa	0,86
Canarias	0,86
Cantabria	0,78
Melilla	0,69
País Vasco	0,69
Ceuta	0,61
Galicia	0,58
Asturias	0,56
Madrid	0,55
Cataluña	0,54
Baleares	0,44
C. Valenciana	0,38
Aragón	0,31
Murcia	0,28
Andalucía	0,19
Castela A Mancha	0,19
Estremadura	0,13
España	0,50

(1) Porcentaxe, en termos reais a prezos básicos.

Fonte: FUNCAS, "Cuadernos de Información Económica" nº 226, marzo 2012.

■ Medrou un 0,58% en Galicia o PIB en 2011; a nosa comunidade quedou nun nivel intermedio na clasificación autonómica.

■ O crecemento económico español en 2011 foi do 0,50%, oito centésimas por baixo do de Galicia, nun ano de aumento do valor de mercado da actividade produtiva en todas as comunidades e cidades autónomas.

■ As maiores subas do PIB en 2011 tivéronas Castela e León, Navarra e a Ríoxa, mentres que a diminución máis forte rexistrárona Estremadura, Castela - A Mancha e Andalucía.

Cómpre ter en conta tamén a posición relativa de Galicia en PIB por habitante (en paridade de poder adquisitivo) na UE. A estatística proporcionada por FUNCAS que recellemos no cadro 1.8 asígnalle a Galicia un 82,30% da renda bruta por habitante da UE e a España un 90,20%. Por baixo do índice de Galicia están as dúas cidades autónomas e máis cinco comunidades autónomas: Andalucía, Murcia, Castela - A Mancha, Estremadura e Canarias.

■ Cadro 1.8

Índices de converxencia coa UE-15(*)
Por CC.AA. 2011

País Vasco	101,1
Madrid	116,6
Navarra	115,2
Cataluña	105,3
Aragón	99,9
Baleares	94,4
Cast. e León	88,8
Cantabria	88,6
Asturias	85,1
Galicia	82,3
Canarias	76,9
Murcia	76,9
Ceuta	74,0
Castela A Mancha	71,3
Melilla	70,4
Andalucía	68,6
Estremadura	62,9
España	90,2

(*) En porcentaxe de renda bruta por habitante (en paridade de compra) sobre a da UE-15
Fonte: FUNCAS, "Cuadernos de Información Económica" nº 226, marzo 2012.

A perspectiva de FUNCAS sobre o crecemento económico medio das distintas comunidades autónomas e o total estatal no último cuadrienio podemos ollalo no cadro 1.9. sobrancea o decrecemento económico medio no último trienio de todas e as comunidades autónomas. Comprobamos que a diminución do PIB galego de 2008 a 2011 foi o do 0,93%, o que sitúa a Galicia como a sétima comunidade nesta clasificación, cunha porcentaxe mellor que o promedio estatal (-1,14%).

Das comunidades autónomas nas que, como Galicia, diminuíu menos de 2008 a 2011 o PIB que no promedio español, podemos diferenciar entre as catro que en 2011 marcan un PIB por habitante superior á media estatal (Navarra, Madrid, País Vasco e Cataluña) e as seis (catro comunidades e as dúas cidades autónomas) que no ano 2011 teñen un PIB *per capita* inferior ao promedio español: Galicia, Castela e León, Cantabria, Estremadura, Ceuta e Melilla.

■ Cadro 1.9

Crecemento real do PIB. 2009 - 2011

Melilla	0,03
Ceuta	-0,25
Castela e León	-0,35
Navarra	-0,55
Madrid	-0,72
País Vasco	-0,90
Galia	-0,93
Cataluña	-1,00
Estremadura	-1,05
Cantabria	-1,06
Canarias	-1,24
Baleares	-1,38
Aragón	-1,39
Andalucía	-1,41
Castela A Mancha	-1,59
Murcia	-1,59
Valencia	-2,08
España	-1,14

(1) PIB a prezos de mercado, variacións de volume en porcentaxe interanual.
 Fonte: FUNCAS. "Cuadernos de información económica" nº 226. Marzo 2012.

Pola súa banda, das comunidades autónomas nas que de 2008 a 2011 diminuíu máis o PIB que no promedio español (-1,14%) podemos diferenciar entre as tres que no ano 2011 rexistran un PIB por habitante superior á media estatal (A Rioxa, Baleares e Aragón) e as seis que teñen en 2011 un PIB *per capita* inferior ao promedio español: Asturias, C.Valenciana, Canarias, Murcia, Castela - A Mancha e Andalucía.

1.1.2.2 Endebedamento privado e público

Nunha crise económica como a actual, que ten no miolo o excesivo endebedamento (máis privado que público) e a problemática dun sistema financeiro feble, que concentra unha excesiva exposición a un sector inmobiliario que estopou no último cuadrienio, paga a pena estudar o apalancamento financeiro en España e nas comunidades autónomas que a compoñen.

O apalancamento financeiro español baixou no último cuadrienio, pero queda aínda moito que facer para corrixir os desequilibrios acumulados no longo período de expansión económica anterior.

Comezamos analizando a evolución do saldo entre os cretos e os depósitos totais das entidades bancarias que operan en España. Todas as comunidades autónomas rexistraron en 2011 un saldo a prol dos cretos, o que apunta a un maior endebedamento e non a un aforro financeiro.

As comunidades autónomas cun maior saldo neto na diferenza entre cretos e depósitos foron Madrid e Cataluña, mentres que os menores saldos tivéronos Asturias e Cantabria. Galicia ocupa en 2011 unha posición intermedia entre as catro

comunidades da primeira columna do cadro 1.10 e as seis comunidades da segunda columna, cun saldo neto maior que Castela e León pero menor que a comunidade valenciana.

■ Cadro 1.10

Apalancamiento financeiro. Por CC.AA. 2011

CC.AA. con maior diferenza entre cretos e depósitos		CC.AA. con menor diferenza entre cretos e depósitos	
Cataluña	131.123	Asturias	2.561
Madrid	130.308	Cantabria	3.558
Andalucía	122.559	A Rioxa	3.592
C. Valenciana	78.356	Extremadura	4.523
		Navarra	6.083
		Castela e León	7.432

Datos en millóns de euros.

Fonte: FUNCAS. "Cuadernos de información económica", nº 226. Marzo 2012.

Cómpre subliñar na análise en termos relativos que tres comunidades teñen máis do dobre de cretos que de depósitos ou, o que é o mesmo, o cociente entre cretos e depósitos supera a ratio 2. Son Canarias (2,2), Andalucía (2,2) e Baleares (2,1). Cerca do limiar establecido pola ratio 2 están Murcia (1,9), C.Valenciana (1,8) e Cataluña (1,7).

O cadro 1.11 presenta os niveis de endebedamento por habitante das distintas comunidades autónomas en 2011.

Por riba do promedio estatal (que é de 36.182 euros por persoa) sobrancean Madrid, Cataluña e o País Vasco, mentres que no extremo contrario están Extremadura, Castela - A Mancha e Galicia.

A perspectiva diacrónica constata a suba do endebedamento medio por habitante, que pasou de 25.652 euros en 2005 a 36.182 en 2011.

■ Cadro 1.11

Ratio creto/habitantes. Por CC.AA. 2011

CC.AA. con maior nivel de endebedamento por habitante		CC.AA. con menor nivel de endebedamento por habitante	
Madrid	67.318	Extremadura	19.006
Cataluña	43.109	Castela-A Mancha	19.931
País Vasco	38.433	Galicia	22.488
Baleares	37.724	Asturias	23.779
A Rioxa	36.521	Canarias	24.107
Navarra	36.245	Cantabria	25.850
		Andalucía	25.910

Datos en euros/habitante.

Fonte: FUNCAS. "Cuadernos de información económica", nº 226. Marzo 2012.

O cadro 1.12 explicita os niveis de aforro por habitante das comunidades autónomas en 2011. Por riba do promedio estatal (que é de 23.381 euros por persoa) sobrancean Madrid, o País Vasco e Castela e León, mentres que no extremo contrario están Galicia, Baleares e Murcia.

A ollada da evolución de 2005 a 2011 reflicte que a suba do endebedamento medio por habitante subiu de 17.134 euros de 2005 aos 23.381 de 2011 (crecemento do 36,5%).

■ Cadro 1.12

Ratio depósitos/habitantes. Por CC.AA. 2011

Ratio por encima da media estatal		Ratio por baixo da media estatal	
Madrid	47.143	Canarias	10.952
País Vasco	33.567	Andalucía	12.644
Castela e León	29.827	Castela-A Mancha	13.629
Navarra	26.694	Extremadura	14.921
Cataluña	25.654	Murcia	16.647
A Ríoxa	25.380	Baleares	18.201
Aragón	25.366	Galicia	18.518

Datos en euros/habitante.

Fonte: FUNCAS. "Cuadernos de información económica", nº 226. Marzo 2012.

O cadro 1.13 reflicte as porcentaxes de débeda pública en relación co endebedamento privado nas comunidades autónomas en 2011. Por riba do promedio estatal (que é un 8%) sobrancean Castela - A Mancha, Cataluña, a comunidade valenciana e Galicia, mentres que as comunidades con porcentaxes máis baixas entre as débedas públicas e as privadas foron Madrid, Murcia, Andalucía e País Vasco.

■ Cadro 1.13

Porcentaxe deuda pública/creto privado. Por CC.AA. 2011

CC.AA. con maior %		CC.AA. con menor %	
Castela-A Mancha	13	Madrid	3,5
Cataluña	12,1	Murcia	5,9
C. Valenciana	11,8	Andalucía	6,3
Galicia	11,1	País Vasco	6,4
Baleares	10,8		
Extremadura	9,6		
Navarra	8		
Cantabria	8,7		

Fonte: FUNCAS. "Cuadernos de información económica", nº 226. Marzo 2012.

1.2 Crecemento económico galego

Neste epígrafe afondaremos no estudo do PIB de Galicia no último quinquenio mediante a análise desde as perspectivas da demanda e máis da oferta, con desagregación das súas compoñentes.

1.2.1 A perspectiva da demanda

A análise desde a *perspectiva de demanda* da variación dos compoñentes do PIB de Galicia no último quinquenio facémola cos datos proporcionados polo IGE nas “Contas Económicas Trimestrais” (que recolleemos no cadro 1.14). Reflicte que a lixeira suba do PIB galego en 2011 (0,3%) supuxo unha mellora respecto do ano anterior (-0,3%), e, moi especialmente, da caída do PIB galego en 2009 (-3,4%).

A evolución por trimestres explicita que no primeiro acadou Galicia a maior suba interanual e que foi perdendo folgos gradualmente nos tres trimestres seguintes.

■ Cadro 1.14

PIB de Galicia. Compoñentes da demanda. 2007-2011

Período	PIB	Gasto en consumo final			Formación bruta de capital	Demanda Interna	Exportación de bens e servizos	Importación de bens e servizos
		Total	Fogares	AA, PP. e ISFLSF				
2007	4,0	2,9	2,5	4,2	5,0	3,5	5,9	4,6
2008	1,7	1,3	0,1	5,1	-5,8	-0,8	-5,7	-8,3
2009	-3,4	-0,1	-1,2	3,4	-22,8	-6,2	-6,1	-10,4
2010	0,1	-0,3	-0,4	0,2	-6,2	-1,6	6,9	2,8
2011	0,3	-1,0	-1,0	-1,1	-4,2	-1,7	4,2	0,2
Trimestres								
2010 I	-1,0	-0,8	-0,9	0,7	-4,3	-1,6	14,8	11,4
2010 II	0,3	0,1	0,1	-0,1	-6,7	-1,5	8,7	4,1
2010 III	0,6	0,1	-0,4	1,5	-6,5	-1,4	3,3	0,6
2010 IV	0,6	-0,4	-0,6	0,1	-7,3	-1,9	1,6	-2,9
2011 I	0,6	0,1	-0,5	2,0	-5,7	-1,1	3,8	0,4
2011 II	0,3	-0,8	-1,1	0,0	-3,6	-1,4	8,4	4,3
2011 III	0,2	-1,5	-1,0	-3,0	-3,4	-2,0	0,2	-3,6
2011 IV	0,0	-1,9	-1,4	-3,1	-4,1	-2,3	4,5	-0,2

Datos en porcentaxe de variación interanual.

Fonte: Xunta de Galicia, Consellería de Facenda, *Observatorio da economía galega* (cos datos do IGE: *Contabilidade trimestral*)

A análise desagregada dos diversos compoñentes do PIB desde o punto de vista do gasto constata:

■ A achega negativa (por cuarto ano consecutivo) da *demanda interna* ao comportamento do PIB galego en 2011 (desta volta cunha diminución do 1,7%), con especial intensidade na formación bruta de capital (-4,2%) pero perceptible tamén no consumo final dos fogares (-1%).

Esta diminución non foi contrarrestada pola variación en 2011 do gasto en consumo final das Administracións públicas e as Institucións sen fins lucrativos (-1,1%), que rachou no último bienio coas fortes subas do trienio 2007-2009, no que en todos os anos superara o limiar do 3%.

■ A *demanda exterior neta*, pola súa banda, tivo un comportamento moi positivo e conseguiu transformar en lixeiro crecemento económico en 2011 (0,3%) unha evolución que, de acordo co comportamento da demanda interna, experimentaríase nese ano

unha forte diminución (-1,7%). As exportacións de bens e servizos subiron un 4,2% en 2011, mentres que as importacións fixérono a un ritmo vinte veces menor (0,2%).

1.2.2 A perspectiva da oferta

Centrarémonos agora na *perspectiva da oferta* da evolución por trimestres (e medias anuais) do PIB de Galicia no último cuatrienio, ao fío do cadro 1.15. Sobrancearemos os seguintes aspectos:

■ Cadro 1.15

PIB de Galicia. Componentes da oferta. 2007-2011

Período	PIB						
		Sector primario	Sectores non primarios	Prod. Industriais	Construcción	Servizos	
2007	4,0	-4,6	-	4,8	1,5	5,8	
2008	1,7	-6,4	-	1,7	0,2	3,3	
2009	-3,4	-5,1	-3,3	-13,1	-4,1	0,1	
2010	0,1	3,2	0,1	0,4	-7,3	1,5	
2011	0,3	2,3	-0,1	-1,8	-3,1	1,1	
Trimestres							
2010	I	-1,0	-0,9	-0,9	3,3	-7,8	0,1
	II	0,3	2,2	0,1	0,4	-8,9	2,2
	III	0,6	4,8	0,1	-0,1	-6,9	1,7
	IV	0,6	6,7	0,3	-2,0	-5,5	1,9
2011	I	0,6	4,5	0,2	-0,6	-4,5	1,3
	II	0,3	2,8	-0,2	-0,8	-2,2	0,4
	III	0,2	0,4	0,0	-3,5	-2,3	1,5
	IV	0,0	1,8	-0,2	-2,3	-3,1	1,1

Taxa de variación interanual en % do valor engadido bruto, por ramas de actividade.
Fonte: Xunta de Galicia, Consellería de Facenda, *Observatorio da economía galega*.

■ As maiores subas da actividade económica galega en 2011 foron as dos sectores primario e máis de servizos.

■ Os peores resultados en Galicia rexistróunos en 2011, un ano máis, a construción (-3,1%), aínda que a súa diminución quedou 2,7 porcentuais por baixo da do ano anterior.

1.3 Crecemento económico e xeración de emprego

O crecemento económico non é un fin en si mesmo; a súa finalidade é darlle pulo a unha sociedade de maior benestar, e nesa andaina a creación de máis e mellor emprego para a súa poboación é un paso irrenunciable.

Achegarémonos á medida en que o crecemento económico se converteu nos últimos anos en xeración de emprego en Galicia, anque realmente afondaremos no estudo da nosa poboación ocupada no cartó capítulo deste Informe. Tamén faremos unha referencia á produtividade do traballo e a súa gran importancia para mellorar a competitividade dunha economía.

I.3.1 A xeración de emprego en Galicia

Nese capítulo 4 analizaremos a poboación ocupada en Galicia, tanto globalmente como desagregada por sexos, sectores económicos, grupos de idade, provincias, situación profesional, carácter temporal ou indefinido do contrato, etc. Remitimos alí ás persoas interesadas en afondar nalgún deses aspectos do emprego na nosa comunidade.

O cadro 1.16 permítenos avaliar a xeración de emprego en Galicia (en postos de traballo equivalentes a tempo completo) no último cuadrienio, dentro das diversas variables recollidas neste balance do mercado de traballo galego (poboacións activa e desempregada; taxas de actividade, emprego e desemprego).

Salientaremos no tocante á ocupación que:

■ Cadro 1.16

Balance do mercado de traballo. Galicia. 2007-2011

Período		Poboación activa	Poboación ocupada	Pob. asalaría-da	Pob. desempregada	Taxa de actividade	Taxa de ocupación	Taxa de paro
		Miles de persoas				Porcentaxe		
2007		1.292,0	1.193,4	922,0	98,7	54,3	50,1	7,6
2008		1.314,6	1.200,1	923,0	114,7	55,1	50,3	8,7
2009		1.317,4	1.151,5	898,8	165,9	55,2	48,3	12,6
2010		1.300,9	1.100,7	863,2	200,3	54,6	46,2	15,4
2011		1.311,2	1.083,0	847,9	228,3	55,2	45,6	17,4
2010	Trimestre I	1.297,7	1.097,1	865,4	200,6	54,4	46,0	15,5
	II	1.295,4	1.093,7	859,2	201,8	54,4	45,9	15,6
	III	1.314,0	1.118,7	878,1	195,3	55,1	46,9	14,9
	IV	1.296,6	1.093,1	850,2	203,5	54,4	45,9	15,7
2011	I	1.307,2	1.080,7	842,4	226,5	54,9	45,4	17,3
	II	1.310,9	1.091,4	854,9	219,6	55,1	45,9	16,8
	III	1.313,5	1.087,0	853,5	226,5	55,3	45,7	17,2
	IV	1.313,3	1.072,9	840,9	240,4	55,3	43,2	18,3

Fonte: Xunta de Galicia, Consellería de Facenda, *Observatorio da economía galega* (con datos do INE: EPA).

■ Obsérvase con claridade cando se deu a reviravolta na xeración neta de emprego en Galicia: en 2009, no que se produciu unha fortísima destrución neta de emprego, en contraste coa suba dos anos anteriores.

No bienio 2010-2011 continuou ese proceso de diminución dos postos de traballo xerados na economía galega.

Nese cadro presentamos tamén a desagregación por trimestres para os dous últimos anos, que lles permitirá ás persoas interesadas realizar unha análise diacrónica máis a fondo.

I.3.2 Produtividade do traballo e competitividade

A *produtividade* é o cociente entre a produción e os recursos utilizados para obtela; xa que logo, mide a produción xerada por cada unidade de factor produtivo. A produtividade é un factor determinante do desenvolvemento económico dun país; en palabras de Paul Krugman: “A produtividade non o é todo, pero, a longo prazo, é case todo”.

A mellora da produtividade do traballo é unha esixencia para conseguir unha maior competitividade empresarial, necesidade cada vez máis evidente nun mercado globalizado; a maior formación bruta de capital, o investimento en capital humano, en I+D+i e a aplicación de boas técnicas de organización empresarial, son, entre outros factores, sólidos piares nos que asentar unhas empresas de maior produtividade.

Sabedores de que a análise desde unha perspectiva integral dos factores condicionantes da produtividade do traballo reborda en moito o obxectivo deste epígrafe, sobrancearemos que

Noutros apartados deste *Informe Sociolaboral* analizamos o investimento na formación bruta de capital (capítulo 1), en I+D+i (capítulo 2), en formación das persoas (capítulo 10) e outros condicionantes da produtividade do traballo, como a alta porcentaxe da contratación temporal, que vai en contra da ganancia de produtividade que se pode acadar cando alguén se especializa nun traballo, e ademais non motiva dabondo na consecución dos obxectivos empresariais ás persoas que traballan sometidas a unha rotación laboral excesiva.

O forte impacto da crise económica no cuadrienio 2008-2011 tivo ocasionou que a intensa destrución de emprego fixera unha importante achega indirecta á suba da produtividade (en termos estatísticos), pero ben sabemos que esa vía non é a que necesita un país que queira avanzar no seu desenvolvemento económico-social. Hai moito que matizar ademais no estudo desagregado territorialmente, xa que foi maior o impacto da crise no último cuadrienio nas comunidades nas que sobresaíu a chegada de persoas en idade de traballar do estranxeiro na década 1997-2007.

Os informes que ven elaborando desde hai anos o *Foro Económico Mundial* teñen posto de manifesto o mal posto que ocupa a economía española na clasificación mundial por competitividade: o último sitúanos no posto 36 (de 144 Estados), entre Estonia e Bahrein. Na elaboración destes estudos avalíanse múltiples factores, como o déficit público, a dificultase no acceso ao creto, o nivel educativo da poboación, a regulación dos mercados interiores, o nivel das infraestruturas, a capacidade de innovación empresarial, a eficiencia no funcionamento da burocracia ou as prácticas de corrupción.

Un dos puntos fortes da economía española que sobrancea este informe é o nivel das infraestruturas, que sitúa ao noso Estado na décima posición, ben lonxe do posto 36 antes sinalado na globalidade das variables analizadas.

Outra fortaleza é a alta taxa de persoas matriculadas en estudos universitarios, que potencialmente é unha panca fundamental na que apoiar un novo modelo produtivo, máis eficiente que o baseado na construción e o turismo como piares básico do tecido produtivo. As persoas con bo nivel de cualificación permite darlle pulo a actividades empresariais que xeren un maior valor engadido, pero a realidade actual ven reflectindo que pola falla de saídas laborais, boa parte teñen que emigrar a outros Estados para non engrosar máis as listas do desemprego.

1.4 Comercio exterior

Ao estudar o *comercio exterior español* é evidente que nos estamos a referir ás transaccións con orixe ou destino alén do territorio do noso Estado. Menos claro resulta o concepto de *comercio exterior galego*, xa que podemos referirnos tanto a todas

as transaccións con orixe ou destino en Galicia como tan só a unha parte dese total: ás transaccións con orixe ou destino fóra de España; achegarémonos ás dúas nas seguintes páxinas.

I.4.1 Comercio galego co estranxeiro

O comercio galego co estranxeiro tivo (ao igual que no total español) unha achega moi positiva ao crecemento económico en PIB, como consecuencia do maior suba das exportación que das importacións.

I.4.1.1 Exportacións, importacións e saldo comercial. Taxa de cobertura

A análise dos datos correspondentes a Galicia da balanza comercial española no último quinquenio podemos facela ao fío do cadro 1.17; nel podemos apreciar a evolución das exportacións, das importacións, do saldo comercial (diferenza entre o valor das exportacións e o das importacións) e da taxa de cobertura (porcentaxe que representa o valor das exportacións sobre o das importacións). Sobrancearemos:

Comercio exterior (1). Galicia. 2008-2011

Cadro 1.17

Período	Millóns de euros			Cobertura %	TVI (%)		
	Export.	Import.	Saldo		Export.	Import.	
2008	13.940,7	14.146,6	-206,0	98,5	-7,4	-8,3	
2009	12.910,4	12.991,9	-81,4	99,4	-7,4	-8,2	
2010	14.471,6	12.505,1	1.966,5	115,7	12,1	-3,7	
2011	15.645,1	11.821,2	3.823,9	132,3	8,1	-5,5	
Trimestre							
2011	I	4.192,5	3.081,9	1.110,6	136,0	17,8	1,5
	II	4.075,7	2.962,8	1.112,9	137,6	9,8	-6,5
	III	3.189,7	2.760,1	429,6	115,6	-8,3	-7,3
	IV	4.187,2	3.016,3	1.170,9	138,8	12,5	-9,2

(1) En euros constantes. Base 2005.

Fonte: Xunta de Galicia, Consellería de Facenda, *Observatorio da economía galega*.

■ O importante crecemento das exportacións galegas en 2011 (8,1%), que continua coa forte suba do ano anterior e contrasta coa diminución do bienio 2008-2009.

■ A diminución das importacións galegas en 2011 (-5,5%), seguindo coa tendencia descendente do trienio 2008-2010.

■ A taxa de cobertura, que xa tivera un comportamento moi positivo no ano 2010, continuou nese camiño en 2011 (especialmente no cuarto trimestre).

■ A desagregación temporal do último ano reflicte que nos catro trimestres Galicia tivo superávit comercial ou, o que é o mesmo, a taxa de cobertura rebordou o limiar do valor 100. O terceiro trimestre foi o peor, e o cuarto achegou unha suba que compensou esa caída.

■ Na análise territorial do comercio galego co estranxeiro, cómpre subliñar que a provincia de Pontevedra segue a ser o auténtico motor de explosión das exportacións galegas; o valor das súas vendas ao estranxeiro en 2011 (49,1% do total de Galicia) case supón tanto como a suma das outras tres provincias.

1.4.1.2 Exportacións. Índices de competitividade

No ano 2011 as exportacións galegas continuaron co proceso de forte expansión iniciado no ano anterior (12,1% de suba), anque ralentizou algo o ritmo de crecemento (foi do 8,1%). As vendas galegas ao estranxeiro representan en 2011 un 8,2% do global estatal, máis de dous puntos porcentuais por riba do meso demográfico ou en PIN de Galicia no Estado.

Unha das características do comercio exterior galego é o seu carácter intraindustrial: importamos moitas materias primas (e bens de equipamento) para producir e exportar produtos elaborados. A notable importancia do *comercio intraindustrial* reflíctese cun dato: os seis primeiros capítulos arancelarios das exportacións galegas están todos entre os sete primeiros apartados das nosas importacións.

Na análise das principais mercancías exportadas por Galicia en 2011 sobrancearemos, ao fío do cadro 1.18:

Principais capítulos de exportación. Galicia. 2011

■ Cadro 1.18

	Exportacións	Miles de euros	% ⁽¹⁾
1	Vehículos automóbiles, tractores, ciclos e demais vehículos	5.205.860	29,8
2	Prendas e complementos de vestir, agás os de punto	1.723.298	9,8
3	Combustibles e aceites minerais; os seus derivados	1.385.255	7,9
4	Peixes, crustáceos e moluscos	1.104.123	6,3
5	Prendas e complementos de vestir, de punto	961.379	5,5
	Total exportación galega	17.536.707	100,0

(1) Porcentaxe sobre o total de exportacións.
Fonte: IGE.

A notable estabilidade: os cinco primeiros capítulos do arancel con maior valor das exportacións son os mesmos que no ano anterior (e os dous que encabezan a clasificación repiten cada un no seu posto).

As exportacións galegas do sector automobilístico seguen moi por diante de calquera outro epígrafe: representan un 29,8% do valor total das exportacións galegas. A especialización das nosas vendas ao estranxeiro céntrase especialmente en tres apartados: *automobilístico*, *téxtil* e *peixes-crustáceos-moluscos*.

As vendas galegas ao estranxeiro presentan un grao de concentración sectorial moi elevado, xa que case a metade do valor das nosas exportacións de 2011 aglutínase nos tres primeiros capítulos arancelarios do cadro analizado; isto conleva un risco: unha maior vulnerabilidade que se a nosas vendas ao estranxeiro estivesen máis diversificadas.

No cadro 1.19 presentamos os índices de competitividade das exportacións galegas de 2005 a 2011 desde unha dobre perspectiva: os Estados da UE e máis o conxunto dos Estados desenvolvidos. Subliñaremos que:

■ Cadro 1.19

Índices de competitividade⁽¹⁾ das exportacións galegas. 2005-2011

Período	Fronte ós países da UE27		Fronte ós países da OCDE	
	Con IPC	Con CLU	Con IPC	Con CLU
2005	100,0	100,0	100,0	100,0
2006	101,4	102,9	101,5	102,8
2007	101,7	105,4	102,5	106,2
2008	103,5	106,0	104,7	107,6
2009	104,0	107,6	104,7	109,1
2010	103,5	105,9	102,7	106,1
2011	103,9	-	103,8	-

(1) Unha suba do índice implica unha perda de competitividade e unha diminución do índice supón unha mellora da competitividade. Base 2005.

Fonte: Xunta de Galicia, Consellería de Facenda, Observatorio da economía galega.

■ No último sexenio Galicia experimentou unha perda de competitividade respecto dos Estados da UE que varía entre un 3,5% e un 5,9% (segundo escollamos o índice de prezos de consumo ou o de custos laborais unitarios respectivamente).

■ De 2005 a 2011 foi semellante ao visto coa UE no parágrafo anterior; a nosa perda de competitividade respecto dos Estados máis desenvolvidos: variou entre un 3,8% e un 6,1% (segundo o índice que escollamos).

■ No ano 2011 Galicia empeorou no índice do que temos datos no tempo de elaborar este informe (o dos prezos de consumo) tanto fronte aos Estados da UE como respecto dos Estados máis desenvolvidos.

1.4.1.2.1 Importacións

O valor total das compras de mercancías de galego no estranxeiro representou en 2011 un 5,4% do total estatal, por baixo do noso peso relativo en poboación ou en PIB.

Na análise das principais mercancías importadas por Galicia en 2011 subliñaremos na análise do cadro 1.20 que:

■ Sobrancea na clasificación polo importe monetario das importacións o epígrafe de *combustíbeis minerais*, que representou en 2011 máis do dobre do capítulo arancelario que o segue.

■ As importacións galegas do sector automobilístico en 2010 deixaron de encabezar esta clasificación; en 2011 seguen a ocupar a segunda posición; a maior parte delas corresponden a compoñentes para automóviles, e son necesarias para o funcionamento da factoría viguesa de PSA Peugeot Citroën, nun bo exemplo de *comercio intrafirma*.

■ Nas nosas compras no estranxeiro hai un grao de concentración sectorial elevado (aunque menor que nas exportacións) xa que en 2011 un 48,3% do valor total das importacións galegas (dúas décimas máis que en 2010) produciuse nos tres primeiros capítulos arancelarios.

Principais capítulos de importación. Galicia. 2011

■ Cadro 1.20

	Importacións	Miles de euros	% ⁽¹⁾
1	Combustibles minerais, aceites minerais e produtos	3.746.903	26,6
2	Vehículos automóbiles, tractores, ciclos e demais vehículos	1.717.741	12,2
3	Peixes, crustáceos e moluscos	1.341.985	9,5
4	Fundición, ferro e aceiro	858.651	6,1
5	Roupa e complementos de vestir, agás os de punto	856.892	6,1
	Total	14.065.138	100,0

(1) Porcentaxe sobre o total de exportacións.
Fonte: IGE.

1.4.1.3 Distribución xeográfica do comercio internacional galego

Ao igual que no ano anterior, en 2011 ao redor do 75% das exportacións de Galicia ao estranxeiro e máis da metade das importacións proceden da Unión Europea.

A distribución por Estados das exportacións galegas que presentamos no cadro 1.21 constata que os cinco primeiros clientes de Galicia pertencen á Eurozona e son en 2011 os mesmos (e na mesma orde) que no bienio anterior.

Francia e Portugal concentraron case a metade (44,8%) das vendas de Galicia ao estranxeiro (dúas décimas menos que no ano anterior). Francia, por mor da localización da factoría de Citroën en Vigo, é o principal destino das nosas vendas de mercancías nos mercados internacionais.

Principais destinos das exportacións galegas. 2011

■ Cadro 1.21

	Miles de euros	% ⁽¹⁾
1 Francia e Mónaco	4.885.411	27,8
2 Portugal	2.984.168	17,0
3 Italia	1.204.669	6,9
4 Alemaña	703.792	4,0
5 Gran Bretaña	607.226	3,5
Total	17.536.707	100,0

(1) Porcentaxe sobre o total de exportacións.
Fonte: IGE.

No tocante aos nosos principais provedores, pola súa banda, subliñaremos ao fío do cadro I.22, que no ano 2011 a Eurozona concentra a metade (50,2%) do valor total das importacións galegas ao estranxeiro. Os dous primeiros Estados son, un ano máis, Francia (14,25% do importe total das nosas compras do estranxeiro) e Portugal (12,7%).

Fóra da Unión Europea, salientaremos as importacións galegas procedentes de China, Estados Unidos e Marrocos, que representan respectivamente un 3,8%, 3,2% e 2,5% do total das importacións galegas de terceiros países.

**Principais provedores de Galicia.
Por áreas xeográficas. 2011**

■ Cadro 1.22

	Millóns de euros	Taxa de cobertura
UE-27	7.067,1	179,9
OCDE	9.167,3	158,9
OPEP	990,2	74,3
EE.UU.	451,8	81,8
América Latina	1.754,9	40,4

Fonte: Instituto Galego de Estatística.

I.4.2 Saldo comercial co estranxeiro e con outras comunidades autónomas

Como sinalabamos ao comezar o estudo do *comercio exterior galego*, unha das acepcións deste concepto (e a máis axeitada lingüisticamente, aínda que certamente a menos usual na literatura económica) abrangue todas as transaccións con orixe ou destino fóra de Galicia. Inclúe, xa que logo, ademais das transaccións realizadas co estranxeiro, as efectuadas coas outras comunidades autónomas (por certo, cuantitativamente moi superiores ás outras: o dobre); para evitar confusións, referirémonos a estas transaccións como *comercio exterior total*. O seu estudo pódese facer ao traveso das táboas input-output ou, indirectamente, pola diferenza entre a produción e a demanda interna dunha comunidade.

A diferenza entre estudar todas as transaccións de Galicia fóra do noso territorio ou só as transaccións de Galicia fóra de España implica unha importante modificación no valor dos indicadores cos que se avalían estas relacións comerciais (saldo comercial, taxa de cobertura, etc); concretamente, no saldo do comercio exterior galego, o lixeirísimo déficit de Galicia nas súas relacións co estranxeiro transfórmase nun fortísimo déficit cando estudamos o *comercio exterior total* de Galicia.

No cadro I.23 podemos comprobar o importe no ano 2011 das vendas de Galicia ao exterior; así como das compras procedentes de fóra de Galicia e máis o saldo exterior *total* (sumado, pois, tanto as transaccións internacionais como as realizadas coas comunidades autónomas) e as correspondentes taxas de cobertura. Compróbase nel que:

■ O principal destino das vendas de Galicia ao exterior está constituído polo resto das comunidades autónomas, xa que representan un 60,5% do importe total das nosas importacións e un 44% do valor das nosas exportacións.

■ Subiu no ano 2011 o déficit comercial que presenta Galicia co resto das comunidades autónomas (ao revés do que ocorreu co noso comercio co resto do mundo); pasou dos 6.077 millóns de euros de 2005 (algo máis dun billón das extinguidas pesetas) aos 7.332 millóns de euros no ano 2012.

■ Cadro 1.23

	Saldo comercial 2010	Saldo comercial 2011	Taxa de cobertura 2010	Taxa de cobertura 2011
Co resto CC.AA.	-6,1	-7,7	70,1	64,1
Co resto do mundo	1,2	3,5	208,8	124,7

Datos de saldo comercial en millóns de euros e taxas de cobertura en porcentaxe.
Fonte: Instituto Galego de Estatística.

En anteriores Informes subliñamos que as comunidades autónomas que adoitan presentar un saldo positivo no comercio intraestatal en porcentaxe do seu PIB son: Navarra, Baleares, Madrid, País Vasco, Cataluña e A Ríoxa.

Entre as comunidades e cidades que presentan un saldo negativo, Galicia é a terceira en valor absoluto. Na clasificación por porcentaxe de déficit do saldo exterior no comercio intraestatal, Galicia está na cuarta posición entre as comunidades autónomas deficitarias, por detrás de Extremadura, Castela-A Mancha e Castela-León.

Se poñemos nun prato da balanza estes datos e noutro os de PIB por habitante do cadro 1.5, comprobamos que hai unha correlación directa entre o saldo intraestatal dunha comunidade (ou cidade) autónoma e a súa riqueza relativa (medida co PIB per capita).

■ As comunidades cun maior índice de riqueza relativa (medida polo PIB *per capita*) son en 2011, por orde de maior a menor: País Vasco, Navarra, Madrid, Cataluña e A Ríoxa. Todas elas figuran entre as comunidades autónoma cun saldo exterior *intraestatal* positivo en 2009.

■ Por outra parte, as comunidades (e cidades) autónomas de menor índice de riqueza relativa adoitan estar directamente correlacionadas coas de maior porcentaxe de déficit en relación ao seu PIB no comercio exterior *total*. Galicia, Extremadura ou Castela - A Mancha) exemplifican moi ben este vencello.

Cómpre non esquecer estas “*balanzas comerciais*” *totais autonómicas* á hora de avaliar axeitadamente os mecanismos de financiamento das comunidades autónomas, pois as *balanzas fiscais* deficitarias (tan salientadas polos responsables dalgunha comunidade moito máis desenvolvida que Galicia) son unha contrapartida solidaria que adoita existir nos *Estados do benestar* (e mesmo en áreas supranacionais coma a UE) para compensar; cando menos parcialmente, ás comunidades menos desenvolvidas, que axudan a financiar (pola vía do comercio interautonómico) o crecemento económico das máis desenvolvidas.

Esta estatística das transaccións comerciais interestatais reflicte a falla de competitividade da economía galega dentro do tecido autonómico (cun déficit de ao redor dun euro por cada sete do noso PIB). Para acurtar en anos vindeiros o longo camiño que nos queda para chegar cando menos ao equilibrio comercial coas outras comunidades autónomas, cómpre un grande esforzo para a mellora da produtividade da economía galega, que é tanto como dicir que debe dársele pulo a variados factores dos que a produtividade depende, como no investimento en educación, en investigación, desenvolvemento e innovación, en modernización da estrutura organizativa empresarial e noutros aspectos xa tratados en distintos capítulos deste *Informe Sociolaboral*.

1.5 Evolución dos prezos e dos salarios

1.5.1 A inflación

O cadro 1.24 explicita que a taxa de inflación de 2011 en Galicia (2,5%) quedou unha décima por riba do promedio estatal. As subas dos prezos en Galicia e España no último ano estiveron por baixo moi por riba da suba media da UEM (2,7%) ou EE.UU (3,2%).

■ Cadro 1.24

Porcentaxe de variación do IPC⁽¹⁾. Galicia/España. 2001-2011

	2001	2002	2003	2004	2005	2006	2007	2008	2009	2010	2011
Galicia	2,6	4,3	2,3	3,3	3,7	2,6	4,1	1,2	0,9	3,1	2,5
España	2,7	4,0	2,6	3,2	3,7	2,7	4,2	1,4	0,8	3,0	2,4

(1) De decembro a decembro.
Fonte: INE, IPC.



A desagregación por provincias recollida no cadro 1.25 amosa que A Coruña (2,7%) rexistrou a maior suba dos prezos en 2011, mentres que Lugo e Pontevedra tiveron o menor crecemento do IPC: 2,4%.

Porcentaxe de variación do IPC(*). Por provincias. 2007-2011

■ Cadro 1.25

	2007	2008	2009	2010	2011
A Coruña	4,0	1,5	1,2	3,1	2,7
Lugo	4,0	1,1	0,7	3,0	2,4
Ourense	4,0	1,2	0,5	3,1	2,5
Pontevedra	4,2	0,9	0,9	3,1	2,4

(*) De decembro a decembro.
Fonte: INE, IPC.

A inflación subxacente (a que non ten en conta a variación dos prezos dos produtos enerxéticos nin dos alimentos non elaborados) quedou en 2011 en Galicia no 1,6%, dúas décimas máis que en 2010 unha décima máis que a media estatal, como reflicte o cadro 1.26.

Inflación subxacente. Galicia e España. 2007-2011

■ Cadro 1.26

IPC xeral sen alimentos non elaborados nin produtos enerxéticos	2007	2008	2009	2010	2011
Galicia	3,3	2,4	0,2	1,4	1,6
España	3,3	2,4	0,3	1,5	1,5

Taxas de variacións interanuais en %.
Fonte: INE, IPC.

A información do cadro 1.27 ofrece a desagregación nos doce grupos de gasto do IPC e a súa taxa de variación no último sexenio en Galicia. Obsérvase nel que:

■ A maior diminución dos prezos en 2011 (dos dous epígrafes nos que descendeu) produciuse nos gastos médicos. Seguiulle o grupo de comunicacións.

■ O grupo máis inflacionista (dos dez nos que se produciu suba de prezos) foi o de aluguer de vivenda; o segundo posto foi, ao igual que no ano anterior, para o transporte.

Cadro 1.27

IPC por grupos de gasto. Galicia. 2006-2011

	2006	2007	2008	2009	2010	2011
1. Alimentos e bebidas non alcohólicas	3,1	5,8	2,4	-2,0	0,5	2,5
2. Bebidas alcohólicas e tabaco	1,5	6,4	3,8	11,3	13,9	2,7
3. Vestido e calzado	1,0	1,4	0,6	-0,9	0,5	3,7
4. Vivenda	4,7	5,5	4,9	0,8	7,3	0,3
5. Enxoval	3,1	2,4	3,1	1,0	0,7	7,0
6. Medicina	1,9	-2,1	0,1	-0,7	-0,1	1,6
7. Transporte	1,7	7,1	-5,6	4,1	9,1	-2,3
8. Comunicacións	-1,7	0,8	-0,3	-0,3	-0,7	4,6
9. Ocio e cultura	0,1	-0,9	-0,4	-0,6	-0,9	-1,6
10. Ensino	4,2	3,8	4,5	2,6	2,1	0,6
11. Hoteis, cafés e restaurantes	4,7	5,0	4,7	1,8	2,1	3,2
12. Outros	3,1	2,5	3,4	1,9	2,5	1,6
VARIACIÓN XERAL DO IPC	2,6	4,1	1,2	0,9	3,1	2,0

Taxas de variación interanuais en %.
Fonte: INE.

I.5.2 Os custos laborais

A *Enquisa Trimestral de Custo Laboral* é unha estatística do INE, de periodicidade trimestral, que forma parte dos euroindicadores que EUROSTAT solicitou aos Estados da área euro co obxectivo de medir a potencial converxencia dos custos laborais nos estados membros; unha das súas aplicacións é permitir actualizar anualmente a *Enquisa de Custo Laboral* que se realiza cuadrienalmente nos Estados da UE.

Cómpre sinalar que se entende por *custo laboral* o custo total que ten o empregador/a pola utilización do factor traballo (inclúe o salarial e outros custos) e por *custo salarial* o conxunto de remuneracións brutas (en efectivo ou en especie) realizadas ás persoas traballadoras por conta allea.

O cadro 1.28 recolle os custos laborais e os salariais (por traballador/a e mes e por hora efectiva) en Galicia nos últimos anos. Compróbase que:

Cadro 1.28

Custos e xornadas laborais. Galicia. 2007 - 2010

Período	Coste laboral por traballador e mes		Coste laboral por hora efectiva		Coste salarial por traballador e mes		Coste salarial por hora efectiva		Xornada laboral (horas pactadas)		
	Euros	% var. int.	Euros	% var. int.	Euros	% var. int.	Euros	% var. int.	Total traballadores	Tempo completo	Tempo parcial
2008	2.124,3	3,6	15,6	4,1	1.561,0	3,8	11,5	4,2	156,4	169,5	83,4
2009	2.199,7	3,5	16,4	4,9	1.615,0	3,5	12,1	4,8	156,0	169,4	83,4
2010	2.251,3	2,3	16,8	2,4	1.663,2	3,0	12,4	3,0	155,7	169,5	84,7
2011	2.416,5	0,7	18,5	0,2	1.813,1	0,5	13,9	0,0	153,9	169,7	83,3

Fonte: Xunta de Galicia. Consellería de Facenda. Observatorio de economía galega.

■ En Galicia tanto o *custo laboral por traballador/a e mes* coma o *custo salarial por traballador/a e mes*, o *custo laboral por hora efectiva de traballo* ou o *custo salarial por hora efectiva de traballo* rexistraron en 2011 a menor suba porcentual do último cuatrienio.

■ En 2011 o *custo laboral por traballador e mes* quedou en Galicia en 2.416,5 euros (tras subir só un 0,7% no último ano) e no promedio estatal quedou por riba (2.683,9 euros). O máximo rexistrouse no País Vasco (3.113,2 euros) e o mínimo en Canarias (2.233,6 euros).

O salario mínimo interprofesional, pola súa banda, tivo en 2011 a menos suba do último sexenio (1,28%), cunha porcentaxe que é ao redor da cuarta parte do crecemento medio no S.M.I. no cuatrienio 2006-2009, como reflicte o cadro 1.29. O baixo incremento do bienio 2010-2011 (moito menor que o da inflación) explicita que os custos da crise están a ser pagados, en boa parte, polas persoas que perciben uns ingresos salariais mínimos, que ademais foron castigados tamén coa suba do IVE e outros impostos indirectos, encarecendo a súa compra de bens e servizos. Chove sobre mollado.

Salario mínimo interprofesional. España. 2006-2011

■ Cadro 1.29

	SMI(*)	% variación anual
2006	540,9	5,40
2007	570,6	5,49
2008	600	5,15
2009	624	4,00
2010	633,3	1,49
2011	641,4	1,28

(*) en euros.

Fonte: Ministerio de empleo y Seguridad Social. Boletín de Estadísticas Laborales.

2.1 Introducción

No capítulo anterior estudamos a realidade macroeconómica galega; neste ímonos centrar primeiro na estrutura e na dinámica do tecido produtivo galego, para abordar despois a política industrial das diferentes administracións públicas.

Comezaremos co estudo das empresas galegas (en aspectos como a forma xurídica que adoptan, o tamaño da empresa segundo número de persoas empregadas, a distribución por provincias e por tipo de actividade) baseándonos fundamentalmente en datos obtidos do INE (DIRCE). Complementaremos este epígrafe cos datos que proporciona o INE sobre a creación e a disolución de sociedades mercantís, o procedemento concursal e os efectos de comercio impagados.

Centrarémonos nos epígrafes seguintes en catro enquisas industriais do INE (de empresas, de produtos, de produción industrial e de produtos industriais) e outras tres enquisas do sector servizos: as de indicadores de actividade deste sector produtivo, así como de dúas das actividades económicas que forman parte deste sector (o comercio polo miúdo e a hoteleira).

Faremos logo a análise dos resultados estatísticos que reflicten as enquisa de investigación científica e desenvolvemento tecnolóxico (I+D), de innovación tecnolóxica e máis de indicadores de alta tecnoloxía.

Por último, abordaremos o estudo do sector público empresarial en Galicia (analizando a súa relevancia en emprego e en investimento) e da política industrial en Galicia, contemplada desde unha tripla perspectiva: da Unión Europea, da Administración Central e da Administración Autonómica.

2.2 Estrutura e dinámica empresarial galega

Neste apartado achegarémonos á estrutura e á evolución do tecido produtivo galego co estudo das empresas galegas segundo o número de traballadores/as, os sectores de actividade ou a condición xurídica, de acordo coa información subministrada polo Directorio central de empresas (DIRCE) do INE. Esta información combina, na elaboración das estatísticas de empresas, os datos da Seguridade Social cos procedentes das retencións do IRPF, o imposto de actividades económicas e os de Rexistro Mercantil, someténdoo a un itinerario de tratamentos de depuración, harmonización e integración co obxecto de obter maior fiabilidade. Os datos refírense á situación a día 1 de xaneiro de cada ano e non inclúen as empresas dos sectores agrario e pesqueiro nin os servizos administrativos das administracións públicas (aínda que si as empresas públicas).

Empresas activas, por sector económico e comunidade autónoma. 2011

■ Cadro 2.1

	Sector económico				
	Total	Industria	Construcción	Comercio	Resto de servizos
Cataluña	601.801	41.641	89.975	134.241	335.944
Andalucía	492.341	30.608	65.575	136.962	259.196
Madrid	501.669	25.097	67.929	98.494	310.149
C. Valenciana	348.955	26.619	51.113	89.260	181.963
Galicia	196.535	13.688	32.686	51.054	99.107
Cast. e León	166.509	12.810	28.067	41.445	84.187
Pais Vasco	165.496	14.040	27.989	37.709	85.758
Canarias	132.488	5.572	16.220	33.511	77.185
Cast. A Mancha	130.079	13.511	24.388	33.703	58.477
Murcia	90.856	7.212	14.906	24.665	44.073
Aragón	90.858	7.347	14.816	20.726	47.969
Baleares	87.461	4.739	16.071	17.626	49.025
Asturias	69.877	3.950	10.334	16.186	39.407
Extremadura	65.103	5.123	9.638	19.368	30.974
Navarra	41.541	3.974	6.649	9.636	21.282
Cantabria	38.867	2.280	6.592	8.881	21.114
A Rioxa	22.801	2.581	3.606	5.587	11.027
Ceuta e Melilla	7.339	143	670	3.140	3.386
España	3.250.576	220.935	487.224	782.194	1.760.223

Fonte: INE, DIRCE.

O cadro 2.1 recolle a distribución por sectores económicos e comunidades autónomas das empresas que figuran no DIRCE ao comezo do ano 2011. Destacaremos os seguintes aspectos:

■ En contraste coa evolución ata ó 2008, diminúen o número de empresas no último ano. No caso galego en 2.339 (1,18%) e 40.687 no total español o 1,24%. Cataluña é a que maior número de empresas acolle, atendendo ao emprazamento da súa sede central, cun 18,51% do total español; o segundo lugar ocúpao Madrid (15,30%) e o terceiro Andalucía (15,15%). Entre estas tres comunidades concentran case a metade (un 49,09%) do total de empresas de España, 12 décimas máis que no ano anterior.

■ Cadro 2.2

Distribución das empresas. Por sectores económicos⁽¹⁾. Galicia/ España. 2004-2011

Sector	2004		2005		2006		2007		2008		2009		2010		2011	
	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España
Industria	8,3	8,4	8,1	8,0	7,8	7,6	7,6	7,3	7,5	7,2	7,5	7,3	7,2	7,0	7,0	6,8
Construcción	14,0	13,3	14,2	13,6	14,5	14,1	14,9	14,6	15,0	14,6	14,3	13,2	17,1	15,5	16,6	15,0
Comercio	30,3	28,1	29,8	27,5	29,0	28,1	29,0	25,3	27,3	24,6	27,2	24,8	26,4	24,2	26,0	24,1
Resto de servizos	47,4	50,2	47,9	50,9	48,7	51,9	49,5	52,7	50,2	53,5	51,0	54,8	49,3	53,3	50,4	54,2

Elaboración propia.

(1) En porcentaxe de cada sector sobre o total de empresas.

Fonte: INE, DIRCE.

■ Galicia segue a ser a quinta comunidade por número de empresas, cun peso relativo no total español do 6,05% (porcentaxe lixeiramente superior en unha centésima á do ano anterior e tamén un pouco superior á proporción da poboación galega con respecto á do Estado en 2011: 5,87%).

■ Ao redor da metade das empresas (50,43% en Galicia e 54,15% no total estatal) pertencen ao sector “resto de servizos”, no que figuran as empresas do sector de servizos diferentes das comerciais. En torno a cuarta parte do total das empresas son comerciais (25,98% en Galicia e 24,06% no total estatal). Conxuntamente, as empresas do sector servizos supoñen máis de tres de cada catro empresas que figuran no DIRCE, tanto en Galicia (76,40%) como en España (78,21%).

A análise comparativa da distribución sectorial de empresas en Galicia e España do cadro 2.2 e a evolución dos últimos oito anos no cadro 2.3, permite ás persoas interesadas o estudo máis polo miúdo.

■ Cadro 2.3

Evolución do número total de empresas. Galicia e España. 2001-2011

	2001	2002	2003	2004	2005	2006	2007	2008	2009	2010	2011
Galicia	167.732	165.726	174.077	180.977	185.722	191.642	200.020	203.374	201.263	198.874	196.535
España	2.645.317	2.710.400	2.813.159	2.942.583	3.064.129	3.174.393	3.336.657	3.422.239	3.355.830	3.291.263	3.250.576

Elaboración propia.

Fonte: INE, DIRCE.

No cadro 2.4. presentamos a evolución das empresas en Galicia –con desagregación provincial– e máis no Estado dende 1995. Galicia ten a primeiros do ano 2011 un 6% do total estatal de empresas que figuran no DIRCE, porcentaxe similar á do ano anterior. A provincia da Coruña concentra agora un 41,38% das empresas galegas e a de Pontevedra o 34,46% polo que tres de cada catro empresas galegas pertencen a unha desas provincias.

■ Cadro 2.4

Distribución das empresas. Por provincias. Galicia/España. 1995-2011

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia	España	% G/E
1995	61.647	19.678	19.085	46.980	147.390	2.301.559	6,4
1996	63.865	20.254	19.779	48.597	152.495	2.384.711	6,4
1997	64.946	20.545	20.076	49.494	155.061	2.438.830	6,4
1998	66.313	20.945	20.370	50.955	158.583	2.474.690	6,4
1999	63.167	21.267	20.598	52.013	157.045	2.518.801	6,2
2000	69.381	21.825	20.959	53.907	166.072	2.595.392	6,4
2001	70.021	21.865	21.136	54.710	167.732	2.645.317	6,3
2002	66.276	21.942	21.215	56.293	165.726	2.710.400	6,1
2003	71.748	22.396	21.560	58.373	174.077	2.813.159	6,2
2004	74.809	22.479	22.118	61.571	180.977	2.942.583	6,2
2005	77.023	23.122	22.452	63.125	185.722	3.064.129	6,1
2006	79.170	23.780	22.843	65.849	191.642	3.174.393	6,0
2007	82.873	24.609	23.520	69.018	200.020	3.336.657	6,0
2008	84.220	25.035	23.711	70.408	203.374	3.422.239	5,9
2009	83.748	24.861	23.304	69.350	201.263	3.355.830	6,0
2010	82.729	24.714	23.100	68.331	198.874	3.291.263	6,0
2011	81.321	24.499	22.987	67.728	196.535	3.250.576	6,0

Elaboración propia.
Fonte: INE, DIRCE.

No último ano decreceu o número de empresas nas catro provincias de Galicia, e fíxoos en maior medida na de A Coruña (1,70%), seguida de Pontevedra (0,88%) e Lugo (0,86%) e, en menor medida Ourense (0,46%).

A distribución nas provincias galegas –e nos totais galego e español– do número de empresas segundo a condición xurídica no último cuadrienio pódese ver no cadro 2.5, que reflicte que:

■ En Galicia as empresas propiedade de persoas físicas diminúen (2.191), tamén diminúen as sociedades anónimas (30), as de responsabilidade limitada (482) e as cooperativas (11) o único aumento significativo no último ano foi o das Asociacións (293).

■ Se da evolución pasamos á “foto fixa”, no último ano a empresa propiedade dunha persoa física segue a ser a fórmula maioritaria de máis da metade das empresas de Galicia (56%), aínda que segue a perder forza porcentual (43 centésimas, este ano). A segunda é a sociedade de responsabilidade limitada (32,66%), que un ano máis sube a súa porcentaxe (neste caso en catorce centésimas).

■ Cadro 2.5

Empresas segundo condición xurídica, por provincias. Galicia/España 2006-2011

		Total empresas	Persoas físicas	Sociedades anónimas	Sociedades de respons. limitada	Sociedades colectivas	Sociedades comanditarias	Comunidades de bens	Sociedades cooperativas	Asociacións e outros tipos	Organismos autónomos
A Coruña	2006	79.170	48.090	1.718	22.185	8	0	954	381	5.680	154
	2007	82.873	49.550	1.704	23.952	9	0	961	380	6.158	159
	2008	84.220	49.080	1.682	25.461	8	0	965	382	6.484	158
	2009	83.748	48.259	1.644	25.694	8	0	989	380	6.505	169
	2010	82.729	47.251	1.572	25.692	7	0	1.030	381	6.636	160
	2011	81.321	46.042	1.576	25.294	7	0	1.060	366	6.799	177
Lugo	2006	23.780	15.560	311	5.865	0	0	1.496	173	319	56
	2007	24.609	15.780	313	6.320	1	0	1.581	171	385	58
	2008	25.035	15.668	310	6.756	0	0	1.637	160	445	59
	2009	24.861	15.355	292	6.818	0	0	1.650	160	530	56
	2010	24.714	15.127	280	6.848	0	0	1.620	151	624	60
	2011	24.499	14.821	268	6.908	0	0	1.644	152	644	62
Ourense	2006	22.843	14.644	468	6.094	2	0	299	128	1.151	57
	2007	23.520	14.858	463	6.475	2	0	290	120	1.255	57
	2008	23.711	14.557	459	5.823	1	0	312	108	1.391	60
	2009	23.304	14.145	452	6.776	2	0	333	105	1.429	62
	2010	23.100	13.877	440	6.811	2	4	347	105	1.450	64
	2011	22.987	13.648	437	6.864	2	3	354	112	1.505	62
Pontevedra	2006	65.849	36.647	1.568	22.651	3	0	2.815	291	1.756	118
	2007	69.018	37.769	1.573	24.441	3	0	2.928	302	1.887	115
	2008	70.408	37.486	1.548	25.878	3	0	3.030	290	2.060	113
	2009	69.350	36.637	1.517	25.668	2	0	2.983	278	2.153	112
	2010	68.331	35.978	1.438	25.321	2	0	2.924	267	2.291	110
	2011	67.728	35.531	1.419	25.124	2	0	2.929	263	2.346	114
Galicia	2006	191.642	114.941	4.065	56.795	13	0	5.564	973	8.906	385
	2007	200.020	117.957	4.053	61.188	15	0	5.760	973	9.685	389
	2008	203.374	116.791	3.999	63.918	12	0	5.944	940	10.380	390
	2009	201.263	114.396	3.905	64.956	12	0	5.955	923	10.617	399
	2010	198.874	112.233	3.730	64.672	11	4	5.921	904	11.001	394
	2011	196.535	110.042	3.700	64.190	11	3	5.987	893	11.294	415
España	2006	3.174.393	1.791.126	117.441	992.658	400	98	102.592	25.328	136.286	8.464
	2007	3.336.657	1.853.012	115.580	1.078.614	371	97	107.591	24.949	147.901	8.542
	2008	3.422.239	1.857.931	113.130	1.145.398	333	93	113.378	24.516	158.730	8.730
	2009	3.355.830	1.793.897	109.330	1.140.820	306	85	114.831	23.483	164.284	8.794
	2010	3.291.263	1.745.912	105.203	1.125.990	269	91	114.186	22.702	168.364	8.546
	2011	3.250.576	1.706.565	104.636	1.122.786	256	98	114.064	22.273	171.268	8.630

Elaboración propia.
Fonte: INE, DIRCE.

No cadro 2.6 ofrecemos a distribución das empresas por estrato de asalariados/as nas provincias galegas –e nos totais galego e máis estatal– no último sexenio. O predominio no tecido produtivo das pequenas empresas e das microempresas queda ben claro á vista de que:

■ Ao redor da metade das empresas galegas (52,48%) non teñen asalariados/as (55,23% en España) e un 60% das que teñen algún non pasan de dous empregados/as (58,27% en España, case dous puntos menos que en Galicia).

■ As empresas que empregan a 20 ou máis traballadores/as en Galicia (3.833) supoñen un 1,95% do total de empresas galegas e as de España (65.021) son un 2%.

■ Cadro 2.6

Empresas, por estrato de asalariados/as e provincias. Galicia/España. 2006-2011

		Sen asalariados/as	de 1 a 2 asalariados/as	de 3 a 5 asalariados/as	de 6 a 9 asalariados/as	de 10 a 19 asalariados/as	de 20 a 49 asalariados/as	de 50 a 99 asalariados/as	de 100 a 199 asalariados/as	de 200 a 499 asalariados/as	de 500 a 999 asalariados/as	de 1.000 a 4.999 asalariados/as	de 5.000 ou máis asalariados/as
A Coruña	2006	40.666	23.064	7.937	3.380	2.288	1.250	323	155	73	15	18	1
	2007	42.861	24.025	8.160	3.632	2.298	1.286	338	156	78	18	20	1
	2008	43.314	24.630	8.273	3.666	2.341	1.346	358	162	92	16	19	3
	2009	44.007	23.866	8.182	3.525	2.257	1.278	355	158	85	16	16	3
	2010	44.228	23.296	8.052	3.377	2.022	1.160	334	148	83	11	15	3
	2011	44.841	21.517	7.993	3.346	1.960	1.091	321	146	77	10	16	3
Lugo	2006	11.491	7.631	2.681	1.013	572	309	49	22	7	4	1	0
	2007	11.928	7.856	2.721	1.079	615	306	59	30	8	6	1	0
	2008	12.166	7.828	2.841	1.100	667	325	67	30	5	5	1	0
	2009	12.315	7.595	2.805	1.096	622	322	70	24	6	4	2	0
	2010	12.389	7.600	2.721	1.062	548	296	63	21	8	4	2	0
	2011	12.466	7.405	2.689	1.054	532	261	64	15	9	2	2	0
Ourense	2006	11.646	7.054	2.291	920	546	270	72	25	12	3	4	0
	2007	12.027	7.265	2.355	906	568	280	76	22	15	3	3	0
	2008	12.103	7.284	2.418	916	576	290	77	23	16	3	5	0
	2009	12.098	6.995	2.386	894	543	282	59	27	14	2	4	0
	2010	12.140	6.925	2.299	896	477	259	63	21	13	3	4	0
	2011	12.146	6.922	2.251	827	482	261	59	24	9	2	4	0
Pontevedra	2006	30.308	20.778	7.505	3.352	2.181	1.246	289	109	63	9	8	1
	2007	32.031	21.637	7.880	3.428	2.247	1.289	294	132	59	11	9	1
	2008	32.543	22.162	7.980	3.531	2.302	1.356	319	125	70	10	8	2
	2009	32.654	21.436	7.930	3.467	2.116	1.263	306	122	65	9	7	2
	2010	33.231	20.958	7.420	3.287	1.890	1.073	281	110	64	7	8	2
	2011	33.690	20.186	7.439	3.116	1.840	1.007	275	97	62	6	8	2
Galicia	2006	94.111	58.527	20.414	8.665	5.587	3.075	733	311	155	31	31	2
	2007	98.847	60.783	21.116	9.045	5.728	3.161	767	340	160	38	33	2
	2008	100.126	61.904	21.512	9.213	5.886	3.317	821	340	183	34	33	5
	2009	101.074	59.892	21.303	8.982	5.538	3.118	790	331	170	31	29	5
	2010	101.988	58.779	20.492	8.622	4.937	2.788	741	300	168	25	29	5
	2011	103.143	56.030	20.372	8.343	4.814	2.620	719	282	157	20	30	5
España	2006	1.616.883	881.748	328.820	154.635	105.470	58.725	15.087	7.367	3.908	999	658	93
	2007	1.706.140	932.526	340.638	158.159	108.866	60.738	15.737	7.780	4.218	1.072	684	99
	2008	1.754.374	958.711	345.848	160.460	110.369	61.709	16.242	8.061	4.511	1.117	725	112
	2009	1.767.470	919.092	332.671	151.233	101.601	55.641	15.075	7.672	3.578	1.008	678	111
	2010	1.774.005	893.005	318.155	143.016	88.396	48.765	13.745	7.098	3.374	952	651	101
	2011	1.795.321	847.952	313.408	138.040	84.834	46.160	13.279	6.585	3.288	923	679	107

Elaboración propia.
Fonte: INE, DIRCE.

O cadro 2.7 explícita a porcentaxe de empresas que teñen asalariados/as en Galicia e no Estado dende 1995. Subliñaremos que:

■ A porcentaxe de Galicia en 2011 diminúe en 1,1 puntos con respecto ó ano anterior e sitúase (despois da tendencia a suba dende 1996) no valor máis baixo desde 2001.

■ A porcentaxe de Galicia estivo sempre por riba da estatal dende 1998; no último ano, o diferencial é de dous puntos e sete décimas (unha décima máis que no anterior).

Porcentaxe de empresas que teñen asalariados/as.**■ Cadro 2.7**

	Galicia	España
1995	41,0	42,4
1996	41,6	42,5
1997	43,3	43,3
1998	44,4	43,8
1999	46,0	44,9
2000	46,1	45,4
2001	47,7	46,7
2002	49,3	47,4
2003	49,6	48,1
2004	50,6	49,0
2005	50,6	48,6
2006	50,9	49,1
2007	50,6	48,9
2008	50,8	48,7
2009	49,8	47,3
2010	48,7	46,1
2011	47,5	44,8

Elaboración propia.
Fonte: DIRCE.

O número de empresas de cada un dos estratos de asalariados/as en Galicia e España figura no cadro 2.8. Na comparanza das porcentaxes Galicia-España aprécia-se que a participación relativa de Galicia no total español só é maior que a correspondente á nosa poboación (5,87%) nos tramos de menos asalariados/as (1-2 e 3-5 e 6-9) mentres que son especialmente pequenas no estrato de máis asalariados/as e nos situados entre 100 e 5.000 persoas empregadas.

■ Cadro 2.8**Número de empresas, por estrato de asalariados/as. Galicia/España. 2011**

	Total empresas	Sen asalariados/as	de 1 a 2 asalariados/as	de 3 a 5 asalariados/as	de 6 a 9 asalariados/as	de 10 a 19 asalariados/as	de 20 a 49 asalariados/as	de 50 a 99 asalariados/as	de 100 a 199 asalariados/as	de 200 a 499 asalariados/as	de 500 a 999 asalariados/as	de 1.000 a 4.999 asalariados/as	de 5.000 ou máis asalariados/as
Galicia	196.535	103.143	56.030	20.372	8.343	4.814	2.620	719	282	157	20	30	5
España	3.250.576	1.795.321	847.952	313.408	138.040	84.834	46.160	13.279	6.585	3.288	923	679	107
% Galicia/España	6,0	5,7	6,6	6,5	6,0	5,7	5,7	5,4	4,3	4,8	2,2	4,4	4,7

Fonte: INE, DIRCE.

Unha información máis polo miúdo das empresas con asalariados/as é a que figura no cadro 2.9, que recolle a porcentaxe de empresas por estrato de asalariados/as en Galicia e no Estado nos últimos oito anos. Compróbase que en 2011 só no primeiro e segundo estrato –de un a dous e de tres a cinco asalariados/as– as empresas galegas superan en porcentaxe ás do total do estado, e vaise abrindo a diferenza (en termos relativos) a prol de España nos catro estratos seguintes a medida que vai subindo o tamaño do cadro de persoal.

■ Cadro 2.9

Porcentaxe de empresas. Por estrato de asalariados/as⁽¹⁾. Galicia/España. 2000-2010

	Galicia						España					
	1-2	3-5	6-9	10-19	20-49	50 ou máis	1-2	3-5	6-9	10-19	20-49	50 ou máis
2000	59,5	21,1	8,7	6,1	3,4	1,2	56,6	20,9	9,2	7,2	4,2	1,9
2001	59,3	20,9	9,3	6,0	3,2	1,3	56,0	21,0	10,2	7,0	3,9	1,9
2002	59,0	21,1	9,3	6,0	3,3	1,3	55,8	21,1	10,2	7,0	3,9	1,7
2003	59,8	20,8	9,0	5,9	3,2	1,3	56,2	21,1	10,1	6,9	3,8	1,9
2004	59,9	21,1	8,9	5,8	3,1	1,2	56,7	21,1	9,9	6,8	3,7	1,8
2005	60,1	20,8	8,9	5,7	3,2	1,3	57,1	20,9	9,8	6,7	3,8	1,8
2006	60,0	20,9	8,9	5,7	3,2	1,3	56,6	21,1	9,9	6,8	3,8	1,8
2007	60,1	20,9	8,9	5,7	3,1	1,4	57,2	20,9	9,7	6,7	3,7	1,8
2008	60,0	20,8	8,9	5,7	3,2	1,4	57,5	20,7	9,6	6,6	3,7	1,8
2009	59,8	21,3	9,0	5,5	3,1	1,4	57,9	20,9	9,5	6,4	3,5	1,8
2010	60,6	21,1	8,9	5,1	2,9	1,3	58,9	21,0	9,4	5,8	3,2	1,7
2011	60,0	21,8	8,9	5,2	2,8	1,3	58,3	21,5	9,5	5,8	3,2	1,7

Elaboración propia, a partir dos datos do DIRCE.

(1) Calculado sobre o total de empresas que teñen algún asalariado/a.

A *Estatística de sociedades mercantís* do INE reflicte que no ano 2011:

■ Creáronse en Galicia 4.085 sociedades mercantís (257 máis que en 2010) do total de 84.781 que se constituíron en España, o que supón unha porcentaxe do 4,7%, catro décimas menos que no ano anterior. A sociedade de responsabilidade limitada foi a forma xurídica predominante (4.053 empresas, o que supón un 99,2% do total).

■ O forte impacto da crise económica no último cuadrienio é evidente simplemente lembrando que as sociedades mercantís constituídas en Galicia no ano 2007, en plena expansión económica, foron 6.633 sociedades (2.548 máis que en 2011).

■ O capital subscrito na constitución destas sociedades estivo ao redor dos 478 millóns de euros en Galicia, dos 21.383 millóns do total estatal, o que representa só un 1,2%, cinco décimas menos que no ano anterior e moi por baixo do peso demográfico ou económico da nosa comunidade en España.

**Sociedades mercantís creadas e capital social (*) suscrito.
Por CC.AA. 2011**

■ **Cadro 2.10**

	Nº soc. 11	Capital suscrito 11
Andalucía	13.938	1.558.770
Aragón	1.823	2.366.350
Asturias	1.288	66.316
Baleares	2.282	137.132
Canarias	3.148	66.958
Cantabria	723	31.624
Castela e León	2.963	201.965
Castela A Mancha	2.789	72.534
Cataluña	15.644	587.072
C. Valenciana	9.758	530.449
Extremadura	1.139	82.756
Galicia	4.085	477.678
Madrid	18.055	14.750.092
Murcia	2.624	107.014
Navarra	902	102.460
País Vasco	3.101	190.917
A Ríoxa	382	52.287
Ceuta	61	484
Melilla	76	829
España	84.781	21.383.684

(*) Capital social, en miles de euros.
Fonte: INE, "Estadística de sociedades mercantiles".

O cadro 2.11 reflicte o capital medio suscrito polas sociedades mercantís de Galicia e o total estatal desde unha dobre perspectiva: a das sociedades creadas e a das que ampliaron o seu capital social.

**Capital medio suscrito(*) das sociedades mercantís.
Galicia / España. 2011**

■ **Cadro 2.11**

	Das sociedades creadas	Soc. amplían capital
Galicia	116.935	2.089.556
España	252.223	2.108.765

(*) en euros
Fonte: INE, "Estadística de Sociedades Mercantiles".

■ O capital medio suscrito polas sociedades mercantís constituídas en Galicia no ano 2011 foi só dun 46,4% da media estatal.

■ O capital medio suscrito polas sociedades mercantís que ampliaron o seu capital social en Galicia no ano 2011 foi de 2.089.556 euros, practicamente a media (99,1%) do conxunto de España.

O estudo das sociedades mercantís que en 2011 ampliaron o seu capital social ou se disolveron en Galicia e no total español pode facerse a partir dos datos do cadro 2.12, no que sobrancearemos:

■ A participación relativa de Galicia no total de sociedades mercantís que ampliaron o seu capital social en 2011 en España foi do 5,13%, unha décima máis que en 2010 pero por baixo do peso relativo que a nivel demográfico, de PIB ou de número de empresas ten a nosa comunidade no conxunto do Estado.

■ A participación relativa de Galicia no total de sociedades mercantís que se disolveron en 2011 en España foi do 7,4%, unha décima máis que no ano anterior e por riba do peso relativo que a nivel demográfico, de PIB ou de número de empresas ten Galicia en España.

■ Un 79,7% das sociedades mercantís que se disolveron en Galicia en 2011 fixérono voluntariamente, un 7,6% por fusión e o 12,7% restante por outras causas.

**Sociedades mercantís que amplían capital e sociedades disoltas.
Galicia /España 2011**

■ Cadro 2.12

	Amplian capital		Soc. Disoltas			
	Número	Capital (*)	Total	Voluntaria	Por fusión	Otras
Galicia	1.871	3.909.560	1.466	1.169	111	186
España	36.473	76.912.975	19.743	14.310	2.327	3.106

Fonte: INE, "Estadística de Sociedades Mercantís".
(*) Capital, en miles de euros.

A *Estadística do Procedemento Concursal* do INE permítenos o estudo dos debedores concursados en Galicia e en España: o cadro 2.13 reflicte que en 2011 en Galicia houbo 412 (76 máis que no ano anterior, que representa unha suba do 22,6%). Supón un 6,1% do total estatal (tres décimas máis que no ano anterior), porcentaxe que está por riba do peso relativo de Galicia en España en PIB e en poboación (5,9%).

Debedores concursados. Galicia / España. 2008-2011

■ Cadro 2.13

	2.008	2.009	2.010	2.011
Galicia	185	345	336	412
España	2.902	5.922	5.750	6.755

Fonte: INE, "Estadística do procedemento concursal".

O importante empeoramento económico do último quinquenio é ben perceptible tan só con fixarmos en que os debedores concursados en Galicia en 2007 foran só 64, no ano 2008 case se triplicaron (185) e en 2011 chegaron a 412 (sextuplicando o dato de 2007).

No cadro 2.14 ofrecemos a desagregación dos concursos de acredores por natureza xurídica do debedor, por tipo de concurso e por clase de procedemento.

Debedores concursados. Desagregación en distintas variables. Galicia / España 2011

■ Cadro 2.14

	Galicia	España
Por natureza xurídica		
- Personas físicas sen actividade empresarial	44	934
- Empresas	368	5.821
· Personas físicas	12	233
· Soc. anónimas	44	1.010
· Soc. limitadas	304	4.439
· Outras	8	139
Por tipo de concurso		
Por vontade	398	6.472
Necesario	14	283
Por clase de procedemento		
· Ordinario	29	447
· Abreviado	383	6.308

Elaboración propia.

Fonte: INE, "Estadística do procedemento concursal".

■ Das 368 empresas sometidas a concurso de acredores en Galicia en 2011, foron sociedades de responsabilidade limitada 304 (un 82,6% do total); seguíronlle as sociedades anónimas (12,2%) e as empresas que son propiedade dunha persoa física (3,3%).

■ Segundo o tipo de concurso, un 97% dos debedores sometidos a concurso de acredores en Galicia en 2011 foron *voluntarios* e só un 3% foron *necesarios*.

■ Segundo a clase de procedemento, os *abreviados* (93%) superaron en Galicia (en trece veces) aos *ordinarios* (7%).

Unha análise máis polo miúdo dos debedores empresariais sometidos a concurso de acredores en Galicia no ano 2011 reflicte que:

■ Por tramo de asalariados, os máis deles concentráronse nas empresas de menos traballadores, xa que 312 foron en empresas de menos de 50 empregados (un 84,6% do total) e só 33 (un 8,9%) nas que superan ese limiar. As *microempresas* (empresas de menos de 10 persoas asalariadas) foron 188 empresas concursadas, o que supón un 50,9%, 4,5 puntos porcentuais máis que no ano anterior.

■ Por chanzos de volume de negocio, a maioría concentrouse nas empresas de menos facturación, xa que as 234 empresas que non chegaron en 2011 aos dous millóns de euros en vendas supuxeron un 63,4% do total das concursadas (1,6 puntos porcentuais máis que no ano anterior).

Empresas concursadas por tramos de asalariados, volume de negocio e actividade económica principal. Galicia / España. 2011

■ Cadro 2.15

	Galicia	España
Por tramos de asalariados		
- Total empresas	369	5.821
- Número de asalariados		
· 0	33	653
· 1-9	155	2.632
· 10-49	124	1.673
· 50-99	22	195
· Máis de 100	11	151
· Sen clasificar	23	517
Por volume de negocio (*)		
· Menos de 2	234	3.808
· 2-5	60	800
· 5-10	28	358
· Máis de 10	23	338
· Sen clasificar	23	517
Por actividade económica principal		
· Agricultura e pesca	1	61
· Industria	95	1.063
· Enerxía	1	23
· Construción	110	1.838
· Servizos	138	2.319
· Sen clasificar	23	517

Elaboración propia.

(*) En millóns de euros.

Fonte: INE, "Estadística del procedimiento concursal".

■ Por sectores produtivos, o que tivo máis concursos de acredores en Galicia en 2011 foi o de servizos (37,4%), seguido da construción (29,8%).

A *Estadística de Efectos de Comercio Impagados*, que elabora o INE, reflicte que o número total de efectos impagados en Galicia en 2011 foi de 168.053, o que supón unha suba de 1.867 respecto do ano anterior (1,1%); no conxunto do Estado baixou un 4,1%.

O importe medio dos efectos impagados en Galicia en 2011 foi de 2.322 euros, por riba da media española (1.873 euros). Na desagregación por comunidades autónomas, Estremadura presenta o maior importe medio (con 2.655 euros) e Cataluña o menor (1.282 euros, por baixo da metade do dato estremeño).

O cadro 2.16 explicita que a porcentaxe de efectos impagados sobre os vencidos foi no último ano do 3,3% en Galicia, sete décimas menor que na media española; no ano anterior o diferencial fora dun punto porcentual.

**Porcentaxe de efectos comerciais impagados sobre vencidos.
Por CC.AA. 2009-2011**

■ Cadro 2.16

	2009	2010	2011
Andalucía	6,2	4,4	4,4
Aragón	4,6	3,7	3,5
Asturias	4,3	3,7	3,6
Baleares	6,1	4,8	4,2
Canarias	7,4	5,0	4,8
Cantabria	4,7	3,6	3,6
Castela e León	4,2	3,2	3,2
Castela A Mancha	5,0	3,7	3,9
Cataluña	5,0	4,4	4,1
C. Valenciana	5,7	4,0	4,4
Estremadura	5,7	4,2	4,3
Galicia	4,0	3,1	3,3
Madrid	5,6	4,6	4,3
Murcia	5,5	3,8	4,4
Navarra	3,4	2,7	2,7
País Vasco	3,9	3,3	3,3
A Rioxa	4,1	3,4	3,6
Ceuta e Melilla	4,1	3,0	3,7
España	5,1	4,1	4,0

Fonte: INE, "Estadística de efectos de comercio impagados".

A desagregación por comunidades autónomas reflicte que a que, un ano máis, tivo a maior porcentaxe de efectos impagados sobre os vencidos foi Canarias e a de menor porcentaxe, Navarra. Só Navarra e Castela e León quedaron por baixo da porcentaxe de Galicia, e o País Vasco igualouna.

2.3 Análise de enquisas industriais

A información do tecido produtivo galego que vimos no anterior epígrafe complementarémola neste cos datos que sobre o noso sector industrial figuran en tres enquisas industriais elaboradas polo INE (*de empresas, de produtos e de produción industrial*).

2.3.1 Enquisa industrial de empresas

A *Enquisa Industrial de Empresas* proporciona unha información interesante para o estudo das características dos distintos sectores da actividade industrial —nos niveis estatal e autonómico— e intégrase no proxecto europeo de estatísticas estruturais das empresas; os últimos datos proporcionados son do ano 2010.

Cadro 2.17
Importe neto e distribución porcentual da cifra de negocios⁽¹⁾. Por CC.AA. 2007-2010

	2007	% sobre o total	2008	% sobre o total	2009	% sobre o total	2010	% sobre o total
Andalucía	65.138	10,4	66.925	10,7	52.613	10,6	58.189	11,2
Aragón	28.574	4,6	27.525	4,4	21.882	4,4	24.309	4,7
Asturias	17.180	2,7	15.064	2,4	12.456	2,5	13.155	2,5
Baleares	4.753	0,8	5.294	0,8	4.083	0,8	4.073	0,8
Canarias	9.614	1,5	10.632	1,7	7.517	1,5	7.526	1,4
Cantabria	8.515	1,4	8.904	1,4	7.048	1,4	7.395	1,4
Castela e León	35.909	5,7	38.143	6,1	32.125	6,5	32.571	6,3
Castela A Mancha	27.824	4,4	30.510	4,9	23.193	4,7	23.083	4,4
Cataluña	147.398	23,6	143.284	22,9	116.662	23,5	124.984	24,0
C. Valenciana	63.700	10,2	64.420	10,3	47.815	9,6	50.908	9,8
Extremadura	6.137	1,0	6.780	1,1	5.514	1,1	5.696	1,1
Galicia	41.205	6,6	41.903	6,7	33.376	6,7	32.779	6,3
Madrid	67.831	10,8	65.535	10,5	54.060	10,9	48.505	9,3
Murcia	15.579	2,5	16.927	2,7	13.413	2,7	15.166	2,9
Navarra	20.118	3,2	20.064	3,2	14.906	3,0	16.867	3,2
País Vasco	60.940	9,7	60.997	9,7	446.369	9,0	49.966	9,6
A Ríoxa	5.475	0,9	5.989	1,0	4.996	1,0	56.917	1,1
España	625.890	100,0	628.903	100,0	496.296	100,0	520.865	100,0

(1) En millóns de euros.

Fonte: INE, "Encuesta industrial de empresas".

Comprobamos no cadro 2.17 que a maior participación na cifra de negocios total estatal en 2010 tivérona Cataluña, Andalucía, C.Valenciana, País Vasco e Madrid; conxuntamente concentraron case dous terzos (un 63,9%) da cifra de negocios do sector industrial en España. A porcentaxe de Galicia no agregado estatal dese ano (6,3%) asígnalle á nosa comunidade a sexta posición (compartida con Castela e León).

A ollada diacrónica explicita que a crise económica deixouse sentir con forza na cifra de negocios das empresas industriais. En Galicia baixou dos 41.903 millóns de euros do ano 2008 aos 32.779 de 2010 (unha diminución do 21,8%) e no total español pasou dos 628.903 millóns de euros de 2008 aos 520.865 de 2010 (un 17,2% menos que en 2008).

No cadro 2.18 podemos ver que:

■ Das tres variables analizadas, o peso relativo de Galicia no total estatal no ano 2010 quedou parello ao do ano anterior (variación dunha décima) en persoas ocupadas e en horas traballadas, mentres que a cifra de negocios caeu catro décimas.

■ Quedou nas tres variables analizadas nun abano do 6,3% ao 6,9%.

■ Como en todos os anos estudados no cadro, a porcentaxe máis baixa foi en 2010 a da cifra de negocios.

■ As tres variables quedaron en 2010 nun nivel superior ao peso relativo de Galicia na poboación ou o PIB do total do Estado.

Ese mesmo cadro permite unha visión dinámica a longo prazo da participación industrial de Galicia no total estatal nesas tres variables; a comparanza dos datos de 2001 e 2010 reflicte que aumentou en todas as variables a participación galega no conxunto español nese período.

Evolución do peso de Galicia no total estatal nas principais variables da industria⁽¹⁾. 2001-2010

■ Cadro 2.18

	Persoas ocupadas	Horas traballadas	Cifra de negocios
2001	6,0	6,1	5,8
2002	6,2	6,3	6,2
2003	6,2	6,2	6,1
2004	6,1	6,2	6,0
2005	6,3	6,3	6,0
2006	6,5	6,5	6,2
2007	6,7	6,8	6,6
2008	6,9	6,9	6,7
2009	6,9	7,0	6,7
2010	6,8	6,9	6,3

Elaboración propia

(1) Datos en porcentaxe de Galicia sobre o total de España.

Fonte: INE, "Enquisa industrial de empresas".

No cadro 2.19 presentamos a desagregación por *agrupacións de actividade* dos datos da *cifra de negocios* en Galicia, coa finalidade de facilitar a análise das persoas que desexen afondar no estudo da nosa estrutura industrial. En 2010 as agrupacións de actividade cunha maior achega á cifra de negocios total do sector industrial de Galicia foron *Material de transporte* e *Alimentación, bebidas e tabaco*.

Importe neto da cifra de negocios⁽¹⁾. Por agrupacións de actividade. Galicia 2008 - 2010

■ Cadro 2.19

	2008	2009	2010
Industrias extractivas, enerxía, auga e residuos	8.273	5.934	5.608
Alimentación, bebidas e tabaco	7.497	6.717	6.840
Industria téxtil, confección, coiro e calzado	2.176	1.745	1.627
Madeira, cortiza, papel e artes gráficas	2.512	1.830	1.912
Industria química e farmacéutica	1.394	1.369	919
Caucho e materias plásticas	895	739	722
Produtos minerais non metálicos diversos	1.683	1.286	1.102
Metalurxia e fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipo	5.588	3.375	3.882
Material e equipo eléctrico, electrónico e óptico	989	885	751
Maquinaria e equipo mecánico	850	660	508
Material de transporte	8.991	7.916	8.054
Industrias manufactureiras diversas, reparación e instalacións de maquinaria e equipo	1.055	910	854

(1) En miles de euros.

Fonte: INE. Enquisa industrial de empresas.

2.3.2 Enquisa industrial de produtos

Esta enquisa proporciona datos desde 1993, ano no que comezou España o seu proceso de adaptación ao Regulamento PRODCOM (PRODUcción COMunitaria) relativo á harmonización das estatísticas sobre a produción industrial nos países da UE; inclúe unha lista de produtos industriais (uns 5.000) de xeito harmonizado coa clasificación que se fai a efectos de comercio exterior na UE.

O cadro 2.20 recolle o valor da produción comercializada polas distintas comunidades autónomas en 2011. Galicia ocupa a sexta posición, cun 6,9% do total español (catro décimas menos que no ano anterior), por riba do peso poboacional, en número de empresas ou en PIB de Galicia en España.

Ventas por CCAA. 2011

■ Cadro 2.20

	Millóns de euros	% respecto ao total	% variación no ano
Andalucía	43.829	12,1	12,6
Aragón	17.398	4,8	4,5
Asturias	8.351	2,3	0,7
Baleares	1.094	0,3	-5,4
Canarias	4.358	1,2	-5,3
Cantabria	5.541	1,5	13,1
Castela e León	24.894	6,9	6,2
Castela A Mancha	16.909	4,7	8,0
Cataluña	83.652	23,2	4,6
C. Valenciana	34.396	9,5	6,8
Extremadura	3.184	0,9	4,1
Galicia	24.749	6,9	-0,9
Madrid	26.101	7,2	-0,5
Murcia	9.590	2,7	10,3
Navarra	13.670	3,8	7,1
País Vasco	39.323	10,9	9,7
Rioxa (A)	3.853	1,1	4,9
España	360.892	100,0	5,8

Fonte: INE, "Encuesta industrial de productos".

O valor das vendas de produtos industriais de Galicia foi en 2011 de 24.749 millóns de euros e rexistrou unha diminución dun 0,9% (que contrasta co 5,8% de suba na media estatal: 6,6%). Todas as comunidades autónomas (agás catro, unha delas Galicia) subiron o importe das súas vendas, sendo os maiores aumentos os de Cantabria e Andalucía e as maiores diminucións as das illas (Baleares e Canarias) e Galicia.

Sobrancea a elevada concentración xeográfica en cinco comunidades, que de maior a menor participación no total estatal son: Cataluña, Andalucía, País Vasco, C. Valenciana, e Madrid; conxuntamente axuntan un 62,9 % do importe das vendas estatais.

A visión dinámica a longo prazo da participación relativa de Galicia no importe estatal da produción comercializada figura no cadro 2.21. Despois da suba continuada ata

2003 (que se deu desde 1998, aínda que non está recollido no cadro) baixou no bienio seguinte a porcentaxe e tivo unha forte e continuada suba (de 1,2 puntos porcentuais) no cuadrienio 2006-2009, até chegar ao 7,6%, o mellor dato desde que se elabora este indicador. En 2010 diminuíu tres décimas e en 2011, catro.

Evolución do peso de Galicia no total estatal da produción comercializada⁽¹⁾. 2001-2011

■ Cadro 2.21

	% Galicia / España
2001	6,3
2002	6,5
2003	6,6
2004	6,5
2005	6,4
2006	6,7
2007	7,1
2008	7,4
2009	7,6
2010	7,3
2011	6,9

Elaboración propia.

(1) Lista de produtos PRODCOM.

Fonte: INE, "Encuesta industrial de productos".

No cadro 2.22 presentamos a desagregación por *grandes agrupacións* do valor da produción comercializada galega. Cómpre sinalar un cambio que debe ter en conta quen desexe facer comparanzas con anos anteriores: ata o ano 2007 recollía as seccións D-E da Clasificación Nacional de Actividades Económicas (CNAE) de 1993, mentres que desde os datos correspondentes ao ano 2008 reflicte as seccións D-E da CNAE de 2009, con algúns epígrafes diferentes dos da CNAE-1993.


Constátase, que tres apartados (*Madeira e cortiza*, *Téxtil* e *Material de transporte*, concentraron en 2011 case a metade (44,5%) do valor da produción comercializada de Galicia (da lista PRODCOM).

Cadro 2.22
**Porcentaxe do valor da produción comercializada, por grandes agrupacións.
Galicia. 2008-2011**

CNAE-2009	Galicia	2008	2009	2010	2011
		100,0	100,0	100,0	100,0
10-11-12	Alimentación, bebidas e tabaco	17,5	20,0	19,7	7,5
13-14	Téxtil e confección	4,5	4,8	4,3	15,2
15	Coiro e calzado	0,2	0,3	0,3	4,4
16	Madeira e cortiza	3,5	3,1	2,8	17,3
17-18	Papel, artes gráficas e reprodución soportes grabados	1,8	1,8	2,3	3,4
19-20-21	Coquerías, refino, químicas e produtos farmacéuticos	10,9	10,1	11,7	4,3
22	Manufacturas de caucho e plástico	2,2	2,4	2,3	4,0
23	Produtos minerais non metálicos	3,8	3,6	3,1	5,2
24	Produción, 1ª transformación e fundición de metais	7,8	5,7	7,5	8,0
25	Produtos metálicos	6,6	5,9	4,7	4,9
26-27	Produtos informáticos, electrónicos, ópticos e eléctricos	2,6	3,0	2,2	3,8
28	Maquinaria e equipo	2,6	2,6	2,1	4,3
29-30	Material de transporte	26,2	27,3	27,2	12,0
31-32	Mobles e outras industrias manufactureiras	1,1	1,1	1,1	4,3
33	Reparación e instalacións de maquinaria e equipo	2,8	2,9	2,8	8,0
35	Produción de enerxía eléctrica, gas e vapor	5,9	5,6	6,0	8,4

Elaboración propia.

Fonte: INE, Enquisa industrial de produtos.




O cadro 2.23 permítenos realizar a comparanza da estrutura produtiva do tecido industrial galego coa estatal, xa que nel figura a desagregación do peso relativo de cada agrupación en Galicia e España.

■ Cadro 2.23

Porcentaxe do valor da produción comercializada por grandes agrupacións.
Galicia / España 2011

CNAE-2009	Total España	Galicia	España
		100,0	100,0
10-11-12	Alimentación, bebidas e tabaco	7,5	21,8
13-14	Téxtil e confección	15,2	2,0
15	Coiro e calzado	4,4	0,8
16	Madeira e cortiza	17,3	1,1
17-18	Papel, artes gráficas e reprodución de soportes grabados	3,4	4,5
19-20-21	Coquerías, refino, químicas e produtos farmacéuticos	4,3	20,3
22	Manufacturas de caucho e plástico	4,0	4,1
23	Produtos minerais non metálicos	5,2	3,8
24	Producción, 1ª transformación e fundición de metais	8,0	8,0
25	Produtos metálicos	4,9	6,9
26-27	Produtos informáticos, electrónicos, ópticos e eléctricos	3,8	4,0
28	Maquinaria e equipo	4,3	4,0
29-30	Material de transporte	12,0	14,4
31-32	Mobles e outras industrias manufactureiras	4,3	1,8
33	Reparación e instalación de maquinaria e equipo	8,0	2,6
35	Producción de enerxía eléctrica, gas e vapor	8,4	

Fonte: INE, Enquisa industrial de produtos.



As porcentaxes de produción comercializada en Galicia e España reflicten que é especialmente grande en 2011 o maior peso relativo na estrutura industrial en *Madeira-cortiza* e *Téxtil-confección*, mentres que a diferenza a prol de España é salientable sobre todo nos epígrafes de *Alimentación* e de *Coquerías, refino, químicas e produtos farmacéuticos*.

2.3.3 Enquisas de produción industrial e de prezos industriais

O Índice de produción industrial baixou un 8,7% en Galicia en 2011, mentres que na media estatal baixou un 6,9%.

O cadro 2.24 explicita que catorce comunidades autónomas tiveron taxas de variación interanual negativas; as maiores baixadas foron as de Asturias e Navarra, mentres que as subas maiores tivéronas Extremadura e Murcia.

■ Cadro 2.24

Variación do Índice xeral de produción industrial(*). Por CC.AA. 2011

Andalucía	4,9
Aragón	-13,8
Asturias	-14,7
Baleares	-11,6
Canarias	-4,7
Cantabria	-5,4
Castela e León	-7,2
Castela A Mancha	-7,1
Cataluña	-9,9
C. Valenciana	-7,7
Extremadura	27,9
Galicia	-8,7
Madrid	-8,0
Murcia	17,4
Navarra	-13,9
País Vasco	-9,9
A Rioxa	-5,7
España	-6,9

(*) En porcentaxe decembro 2011 sobre decembro 2010.
Fonte: INE, "Índice de produción industrial" (IPI).

O Índice xeral de prezos industriais subiu en 2011 un 4,9% en Galicia e un 5,2% na media española, como reflicte o cadro 2.25. Subiu este índice de prezos en todas as comunidades autónomas, con especial intensidade en Canarias (8,8%) e coa menor forza en A Rioxa e Cantabria (3,2-3,3%).

**Variación do Índice xeral de prezos industriais(*).
Por CC.AA. 2011**

■ **Cadro 2.25**

Andalucía	6,5
Aragón	4,0
Asturias	3,5
Baleares	7,3
Canarias	8,8
Cantabria	3,2
Castela e León	3,6
C. A Mancha	7,3
Cataluña	4,9
C. Valenciana	5,1
Extremadura	4,3
Galicia	4,9
Madrid	6,0
Murcia	6,3
Navarra	4,4
País Vasco	5,3
A Ríoxa	3,3
España	5,2

(*) En porcentaxe decembro 2011 sobre decembro 2010.
Fonte: INE. "Índice de precios industriales" (IPRI).

2.4 Enquisas do Sector Servizos

A *terciarización* das economías máis desenvolvidas é un trazo fundamental na actualidade; achegarémonos a dous indicadores de actividade dos servizos de mercado no seu conxunto e máis aos de dúas das ramas de máis importancia: a comercial e a turística.

No cadro 2.26 vese que a cifra de negocios dos servizos de mercado rexistrou en 2011 en Galicia unha diminución do 3,2%, e na media estatal dun 4,51%

Baixou nese ano a cifra de negocios en todas as comunidades autónomas; as maiores diminucións foron as de Asturias e Aragón e as menores foron as de Baleares e A Ríoxa.

**Variación do índice xeral de cifra de negocios dos servizos.
Por CC.AA. 2011**

■ **Cadro 2.26**

Andalucía	-2,9
Aragón	-7,0
Asturias	-8,0
Baleares	-0,6
Canarias	-3,9
Cantabria	-4,1
Castela e León	-2,8
C. A Mancha	-6,1
Cataluña	-4,2
C. Valenciana	-5,0
Extremadura	-3,6
Galicia	-3,2
Madrid	-5,4
Murcia	-5,0
Navarra	-4,7
País Vasco	-5,0
A Ríoxa	-2,0
España	-4,5

Fonte: INE. "Indicadores de Actividad del Sector Servicios". En porcentaxe decembro 2011 sobre decembro 2010.

No tocante ao índice de emprego nos servizos de mercado, baixou en Galicia un 1,5% en 2011; a diminución media estatal foi dun 1,7%. Como se comproba no cadro 2.27, Castela A Mancha e Extremadura presentaron os rexistros máis negativos nesta variable, mentres que A Ríoxa foi a única comunidade autónoma cun valor positivo.

**Variación do índice xeral de persoal ocupado nos servizos.
Por CC.AA. 2011**

■ **Cadro 2.27**

Andalucía	-1,6
Aragón	-2,4
Asturias	-1,4
Baleares	-0,4
Canarias	-0,3
Cantabria	-1,9
Castela e León	-1,3
C. A Mancha	-3,9
Cataluña	-1,5
C. Valenciana	-2,0
Extremadura	-2,7
Galicia	-1,5
Madrid	-2,4
Murcia	-1,4
Navarra	-0,7
País Vasco	-1,0
A Ríoxa	0,3
España	-1,7

Fonte: INE. "Indicadores de Actividad del Sector Servicios". En porcentaxe decembro 2010 sobre decembro 2011

O índice de comercio interior polo miúdo (a prezos constantes, para eliminar o efecto da variación dos prezos) do cadro 2.28 reflicte que en 2011 houbo unha diminución do 6,9% en Galicia e un 6,2% na media estatal.

Por terceiro ano consecutivo este índice baixou en todas as comunidades autónomas, neste ano con especial intensidade en Murcia e Aragón, mentres que a cidade autónoma de Ceuta e a comunidade autónoma de Baleares tiveron as menores caídas.

■ Cadro 2.28

**Variación do índice de comercio polo miúdo.
Por CC.AA. 2011**

Andalucía	-6,0
Aragón	-8,0
Asturias	-7,9
Baleares	-3,2
Canarias	-7,2
Cantabria	-6,3
Catela e León	-4,9
Castela A Mancha	-7,7
Cataluña	-5,7
Comunidade Valenciana	-7,0
Estremadura	-5,3
Galicia	-6,9
Madrid	-6,0
Murcia	-8,3
Navarra	-5,0
País Vasco	-5,2
A Ríoxa	-4,9
Ceuta	-3,0
Melilla	-9,5
España	-6,2

(1) Decembro sobre decembro do ano anterior. Prezos constantes. Base 2005.
Fonte: INE, "Índice general de comercio minorista".

O índice de emprego no comercio polo miúdo subiu en Galicia un 0,2% en 2011; a diminución media estatal foi do 0,9%. Como se ve no cadro 2.29, Andalucía e Murcia tiveron os valores máis negativos nesta variable, mentres que Ceuta e A Ríoxa presentaron os máis positivos.

**Variación do índice de ocupación no comercio polo miúdo.
Por CC.AA. 2011**

■ Cadro 2.29

Andalucía	-2,6
Aragón	-1,9
Asturias	-0,7
Baleares	0,1
Canarias	1,5
Cantabria	-1,3
Catela e León	1,1
Castela A Mancha	0,1
Cataluña	-0,4
Comunidade Valenciana	-1,4
Estremadura	-1,1
Galia	0,2
Madrid	-1,4
Murcia	-2,0
Navarra	-1,8
País Vasco	-0,9
A Ríoxa	1,8
Ceuta	2,3
Melilla	1,4
España	-0,9

(1) Decembro sobre decembro do ano anterior. Prezos constantes. Base 2005.
Fonte: INE, "Índice general de comercio minorista".

O cadro 2.30 permítenos un achegamento ao comportamento do sector turístico galego no último quinquenio, ao fío do *Observatorio da economía galega*, que elabora a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia. Nel figuran o número de viaxeiros que entraron e Galicia, as pernoitas e o grao de ocupación hoteleira. Sobrancearemos que:

■ Baixou nun 11,7% a taxa de variación interanual de Galicia no total de viaxeiros/as no ano 2011. Foi moito maior a diminución entre os viaxeiros/as residentes en España (14,1%) que nos/as residentes no estranxeiro (1,7%).

■ A porcentaxe de variación interanual das pernoitas en Galicia no ano 2011 foi tamén claramente negativa (-12,4%), coa maior diminución do quinquenio analizado.

■ No tocante ao grao de ocupación, en 2011 diminuíu catro puntos respecto do ano anterior, quedando o índice no valor máis baixo do quinquenio.

Ocupación hoteleira. Galicia. 2007-2011

■ Cadro 2.30

Período	Viaxeiros que entraron en Galicia						Pernoitas totais		Grado de ocupación (%)
	Total		Espaníais		Estranxeiros				
	Nº de viaxeiros	TVI ⁽¹⁾	Nº de viaxeiros	TVI ⁽¹⁾	Nº de viaxeiros	TVI ⁽¹⁾	Nº de pernoitas	TVI ⁽¹⁾	
2007	3.739,5	3,9	3.007,8	2,1	731,7	11,8	8.025,0	3,4	35,9
2008	3.529,5	-5,6	2.836,4	-5,7	693,1	-5,3	7.790,5	-2,9	34,0
2009	3.399,5	-3,8	2.752,0	-3,6	646,5	-5,9	7.447,8	-4,4	31,4
2010	3.795,8	11,7	3.056,3	10,8	739,5	15,1	8.187,5	10,0	34,1
2011	51.515,0	11,7	3.056,3	10,8	739,5	15,1	8.187,5	10,0	34,1

(1) Porcentaxe de variación interanual.
Fonte: Xunta de Galicia. Consellería de Facenda.

2.5 Investigación científica, desenvolvemento tecnolóxico e innovación (I + D + I)

2.5.1 Introducción

A investigación científica e o desenvolvemento tecnolóxico (I+D) abranguen un conxunto de traballos de carácter creativo emprendidos co fin de incrementar os coñecementos nunha rama ou actividade determinada, así como a aplicabilidade desa suma de coñecementos á mellora dos xa existentes. Sen dúbida é un factor clave á hora de posibilitar a converxencia real cos países máis desenvolvidos, que como veremos neste mesmo apartado presentan valores moi por riba dos existentes en España (e especialmente dos de Galicia).

A innovación, pola súa banda, é cada vez máis un factor clave na procura do aumento de produtividade e, xa que logo, da competitividade empresarial; hoxe en día as diferenzas económicas entre os países susténtase, en boa parte, no crecemento e acumulación do *know how* e na súa capacidade de transformación en produtos finais, vía innovación tecnolóxica.

A nova política de fondos na procura da cohesión territorial na UE prioriza cada vez máis o seu investimento no amplo abano denominado sociedade do coñecemento, co obxectivo de intentar converter a economía europea na máis competitiva do mundo (de acordo co aprobado no Cumio de Lisboa e na máis recente Estratexia Europa 2020). O pulo da innovación e o desenvolvemento tecnolóxico é fundamental e débese traballar na redución da “brecha tecnolóxica” galega.

2.5.2 Investigación científica e desenvolvemento tecnolóxico (I+D)

O cadro 2.31 permítenos unha visión por comunidades autónomas para o ano 2010 dos gastos internos totais e máis do persoal (en equivalencia a xornada completa). Apréciase que:

■ O gasto interno total de Galicia (3,6% do total estatal) está moi por baixo da porcentaxe que lle correspondería pola poboación, polo PIB ou polo número de empresas no total español, o que tamén ocorre no tocante ao persoal, aínda que en menor medida: 4,9%

■ Hai unha notable concentración espacial do gasto interno total nas actividades de I+D en dúas comunidades autónomas, pois Madrid e Cataluña representan case a metade (48,5%) do total estatal. No persoal o seu peso conxunto é algo inferior 45,5%.

■ Galicia ocupa a sétima posición nas dúas clasificacións (polo gasto en I+D e máis polo persoal en EDC), por detrás de Cataluña, Madrid, Andalucía, País Vasco, C. Valenciana e Castela-León.

Gastos internos e persoal en I + D. Por comunidades autónomas. 2010

■ Cadro 2.31

	Gastos internos		Persoal en equivalencia a xornada completa	
	Total (Miles de euros)	%	Total	%
Andalucía	1.726.766	11,8	25.774,0	11,6
Aragón	374.241	2,6	7.101,7	3,2
Asturias	238.127	1,6	3.781,3	1,7
Baleares	110.385	0,8	2.137,0	1,0
Canarias	255.402	1,8	4.099,3	1,8
Cantabria	157.850	1,1	2.114,4	1,0
C. León	608.202	4,2	9.736,2	4,4
C. A Mancha	255.178	1,7	3.566,1	1,6
Cataluña	3.227.217	22,1	46.335,9	20,9
C. Valenciana	1.080.986	7,4	19.738,6	8,9
Extremadura	151.778	1,0	2.402,3	1,1
Galicia	531.601	3,6	10.809,3	4,9
Madrid	3.854.768	26,4	54.721,4	24,6
Murcia	256.149	1,8	6.042,5	2,7
Navarra	365.719	2,5	5.231,5	2,4
País Vasco	1.305.631	8,9	16.920,6	7,6
A Rioxa	84.886	0,6	1.471,1	0,7
Ceuta e Melilla	3.571	0,0	38,6	0,0
España	14.588.457	100,0	222.021,8	100,0

Fonte: INE, Estadística sobre actividades en I+D.

O seguimento nos últimos dezasete anos da porcentaxe do gasto en I+D en Galicia en relación co de España podemos facelo co cadro 2.32. A suba relativa de 1995 permitiulle a Galicia pasar do 2,57% de 1994 ao 3,33%; estancouse no cuatrienio seguinte ao redor desa porcentaxe e a forte suba do trienio 2000-2002 fixo que superara por vez primeira o 4%. En 2005 diminuíu en doce centésimas con respecto ao ano anterior e volveu a baixar dezasete centésimas en 2006 quedando no 3,80% do total español. No ano 2007 volve a subir con forza situándose na máis alta destes catorce anos en un 4,16%, máis en 2008 diminúe en 19 centésimas e baixa do listón dos 4 puntos, situándose en 3,97, en 2009 volve a baixar en 38 centésimas e se sitúa en 3,59, e por último co aumento de cinco centésimas queda no 3,64 en 2010.

**Evolución dos gastos internos en I+D.
% Galicia/España. 1994-2010**

■ **Cadro 2.32**

1994	2,57
1995	3,33
1996	3,20
1997	3,52
1998	3,24
1999	3,30
2000	3,70
2001	3,86
2002	4,08
2003	4,12
2004	4,09
2005	3,97
2006	3,80
2007	4,16
2008	3,97
2009	3,59
2010	3,64

Elaboración propia.

Fonte: INE, Estadística sobre actividades en I+D

O valor absoluto do gasto en I+D dunha comunidade autónoma non é representativo dabondo do esforzo en investigación e desenvolvemento tecnolóxico da mesma, xa que o seu valor en relación co valor da súa produción pode ser moi distinto. Por iso recolleemos no cadro 2.33 o gasto total en I+D, as porcentaxes dese gasto sobre o PIB de cada comunidade autónoma e maillo gasto de cada un dos sectores que o executan. Salientaremos que:

■ O gasto en I+D de Galicia supón actualmente un 0,96% do PIB, dato que fai que Galicia ocupe o duodécimo posto na clasificación das comunidades autónomas. Segue a reflectir unha diverxencia notable de Galicia con respecto á media estatal, que supera en 43 centésimas á galega.

■ As catro comunidades que realizan un maior investimento nas actividades de I+D son Madrid (2,02%), Navarra (1,97%) País Vasco (1,95%) e Cataluña (1,63%).

■ No tocante á distribución do gasto en I+D segundo o sector que o execute, en Galicia o primeiro é xa dende o ano 2005, a diferenza dos precedentes, o sector empresarial, que incrementou en 2006 e especialmente en 2007 a distancia co respecto o ensino superior; se ben baixou máis de sete puntos no 2008 e 4,32 puntos en 2009, acadando un 45,07% do gasto total despois de subir 65 centésimas en 2010. No total estatal o sector empresarial representa case o dobre dos gastos do correspondentes ao Ensino Superior (diferenzas que se agrandan nas catro comunidades que máis invisten en I+D en proporción do seu PIB: Madrid, Cataluña, Navarra e País Vasco).

■ Cadro 2.33

**Gastos internos totais en I + D.
Por comunidades autónomas e sector de execución. 2010**

	Total	% sobre PIB	Empresas	Admón. Pública	Ensino superior	IPSFL ⁽¹⁾
Andalucía	1.726.766	1,20	619.489	382.958	723.401	917
Aragón	374.241	1,15	211.016	78.643	84.055	526
Asturias	238.127	1,03	97.862	36.940	102.976	349
Baleares	110.385	0,41	15.626	47.158	47.260	341
Canarias	255.402	0,62	50.922	82.745	121.390	345
Cantabria	157.850	1,16	50.578	29.473	75.062	2.737
C. León	608.202	1,06	325.785	66.651	215.160	606
C. A Mancha	255.178	0,71	134.175	36.397	84.446	161
Cataluña	3.227.217	1,63	1.823.638	638.228	755.541	9.811
C. Valenciana	1.080.986	1,06	433.455	151.973	495.044	514
Extremadura	151.778	0,83	28.847	48.733	74.034	165
Galicia	531.601	0,96	239.501	84.742	207.271	87
Madrid	3.854.768	2,02	2.098.234	1.063.352	686.095	7.087
Murcia	256.149	0,94	99.274	48.744	107.860	271
Navarra	365.719	1,97	253.568	29.610	82.435	106
País Vasco	1.305.631	1,95	982.282	78.632	241.379	3.337
A Ríoxa	84.886	1,08	42.006	25.585	16.354	940
Ceuta e Melilla	3.571	0,12	184	0	3.387	0
España	14.588.457	1,39	7.506.442	2.930.564	4.123.150	28.300

En miles de euros (agás a 2ª columna, que está en percentaxe).

(1) Institucións privadas sen fins de lucro.

Fonte: INE, Estatística sobre actividades en I+D.

A comparanza das porcentaxes de execución do gasto en I+D en cada sector en Galicia e España podemos facela ao fío do cadro 2.34. Subliñaremos o seguinte:

■ O sector empresarial representa case a metade do gasto total en I+D (un 45,07%), e se ben en 2006 Galicia estaba a máis de 10 puntos porcentuais por baixo, en 2007 equipárase practicamente coa porcentaxe estatal: 55,37%, aínda que como dicíamos anteriormente cae sete puntos en 2008 e máis de catro en 2009. Debe resaltarse non obstante que subiu ostensiblemente nos últimos anos (pois en 2001 era só un 27%).

■ En Galicia ocupa o segundo posto o Ensino Superior (cun 38,99%), máis de dez puntos porcentuais por riba da media española.

■ A porcentaxe de gasto en I+D da Administración Pública en Galicia é catro puntos e quince centésimas inferior á de España.

**Porcentaxe de execución do gasto en I+D
Por sectores. Galicia e España. 2010**

■ Cadro 2.34

	Galicia	España
Empresas e IPSFL ⁽¹⁾	45,07	51,65
Admón. Pública	15,94	20,09
Ensino Superior	38,99	28,26

(1) Institucións privadas sen fins de lucro.

Fonte: INE, Estatística de I+D.

Centrámonos na evolución no último quinquenio das porcentaxes do gasto en I+D respecto do PIB nas distintas comunidades autónomas (cadro 2.35) destacaremos que en 2009 diminúe na comunidade galega en oito centésimas a porcentaxe despois do avance en sete centésimas en 2002 e 2003, o estancamento en 2004, as lixeiras subidas en 2005 e 2006, o importante crecemento en 2007 (trece centésimas), e o lixeiro incremento dunha décima en 2008. O incremento do conxunto do Estado constante nos últimos anos fai que aumenten as diferenzas da converxencia coa media estatal (43 centésimas).

**Evolución da porcentaxe de gastos respecto ao PIB a prezos de mercado.
Por comunidades autónomas 2001-2010**

■ Cadro 2.35

	2001	2002	2003	2004	2005	2006	2007	2008	2009	2010
Andalucía	0,62	0,62	0,89	0,77	0,84	0,90	1,02	1,03	1,10	1,20
Aragón	0,71	0,75	0,74	0,70	0,79	0,88	0,90	1,03	1,14	1,15
Asturias	0,71	0,65	0,70	0,64	0,70	0,90	0,93	0,96	0,99	1,03
Baleares	0,25	0,26	0,25	0,26	0,28	0,29	0,33	0,35	0,38	0,41
Canarias	0,56	0,60	0,55	0,58	0,59	0,65	0,64	0,62	0,58	0,62
Cantabria	0,57	0,55	0,47	0,44	0,45	0,80	0,88	1,00	1,11	1,16
C. León	0,83	0,81	0,88	0,93	0,89	0,97	1,10	1,26	1,12	1,06
C. A Mancha	0,04	0,44	0,44	0,41	0,41	0,47	0,60	0,72	0,68	0,71
Cataluña	1,17	1,28	1,38	1,34	1,35	1,43	1,48	1,61	1,68	1,63
C. Valenciana	0,77	0,81	0,87	0,90	0,99	0,96	0,96	1,05	1,10	1,06
Extremadura	0,60	0,60	0,63	0,41	0,69	0,73	0,74	0,86	0,88	0,83
Galicia	0,72	0,79	0,86	0,86	0,89	0,90	1,03	1,04	0,96	0,96
Madrid	1,79	1,88	1,81	1,65	1,82	1,98	1,93	2,00	2,06	2,02
Murcia	0,66	0,57	0,73	0,66	0,75	0,78	0,92	0,86	0,89	0,94
Navarra	1,22	1,11	1,41	1,79	1,67	1,92	1,88	1,92	2,13	1,97
País Vasco	1,39	1,32	1,42	1,51	1,48	1,60	1,88	1,96	2,06	1,95
A Ríoxa	0,63	0,57	0,66	0,65	0,66	1,06	1,16	1,00	1,09	1,08
España	0,99	1,03	1,10	1,07	1,07	1,20	1,27	1,35	1,38	1,39

Fonte: INE, Estadística de I+D.

Na comparanza internacional, o cadro 2.36 subliña o baixo valor da porcentaxe de gasto galego en I+D (en relación co PIB) no contorno da Unión Europea (en 2010 o dato de Galicia supón un 50,26% da porcentaxe da Unión Europea dos 27). Os Estados de maior porcentaxe de gasto en I+D (Finlandia e Suecia) cuadriplican a de Galicia.

Porcentaxe de gasto en I+D sobre o PIB. Países OCDE Europa. 2003/ 2006-2010

■ Cadro 2.36

	2003	2006	2007	2008	2009	2010
Austria	2,26	2,44	2,51	2,67	2,72	2,76
Bélxica	1,88	1,86	1,89	1,97	2,03	1,99
República Checa	1,25	1,49	1,48	1,41	1,48	1,56
Dinamarca	2,58	2,48	2,58	2,85	3,06	3,06
Finlandia	3,43	3,48	3,47	3,70	3,92	3,87
Francia	2,17	2,11	2,08	2,12	2,26	2,26
Alemaña	2,52	2,54	2,53	2,69	2,82	2,82
Grecia	0,57	0,59	0,60	(*)	(*)	(*)
Hungría	0,93	1,01	0,98	1,00	1,17	1,16
Islandia	2,82	2,99	2,68	2,64	(*)	(*)
Irlanda	1,17	1,24	1,28	1,45	1,74	1,79
Italia	1,11	1,13	1,17	1,21	1,26	1,26
Holanda	1,76	1,88	1,81	1,77	1,82	1,83
Noruega	1,71	1,48	1,59	1,58	1,78	1,69
Polonia	0,54	0,56	0,57	0,60	0,68	0,74
Portugal	0,74	0,99	1,17	1,50	1,64	1,59
Eslovaquia	0,57	0,49	0,46	0,47	0,48	0,63
Luxemburgo	1,65	1,66	1,58	1,57	1,66	1,63
Suecia	3,85	3,68	3,40	3,70	3,61	3,43
Suiza	(*)	(*)	(*)	2,99	(*)	(*)
Reino Unido	1,75	1,75	1,78	1,77	1,85	1,77
Galicia	0,86	0,90	1,03	1,04	0,96	0,96
España	1,10	1,20	1,27	1,35	1,38	1,39
UE (25)	1,86	1,80	1,80	1,87	1,95	1,95
UE (27)	1,92	1,77	1,77	1,84	1,91	1,91

Fonte: OCDE. (INE: Estadística sobre actividades en I+D).
(*) dato non dispoñible.

2.5.3 Innovación tecnolóxica nas empresas

A Enquisa de Innovación Tecnolóxica nas empresas (do INE) permite coñecer a estratexia tecnolóxica das empresas e os factores que inflúen na súa capacidade para innovar e ademais proporciona o marco base para estudos posteriores, coma pode ser a utilización da tecnoloxía punta nos procesos de fabricación ou a análise dos fluxos de pagos e ingresos tecnolóxicos. Nesta enquisa avaláase a actividade das empresas que realizan algunha actividade innovadora (I+D, adquisición de tecnoloxía inmaterial software, gastos en deseño, etc).

**Principais indicadores de I+D en empresas, por tipo de empresa⁽¹⁾
e comunidades autónomas. 2010**

■ **Cadro 2.37**

	Manufactureiras de alta e media-alta tecnoloxía			De servizos de alta tecnoloxía		
	Nº empresas	Gastos I+D (miles euros)	Persoal en EXC	Nº empresas	Gastos I+D (miles euros)	Persoal en EXC
Andalucía	177	153.695	1.630,8	345	182.559	2.583,2
Aragón	131	107.317	1.169,1	68	29.089	483,4
Asturias	36	10.831	175,2	79	37.157	684,9
Baleares	8	676	17,7	47	5.307	116,4
Canarias	7	728	15,9	68	32.590	423,1
Cantabria	28	12.965	140,8	30	8.949	145,1
C. León	108	63.342	741,0	144	151.569	1.594,4
C. A Mancha	60	47.824	539,8	48	36.969	390,6
Cataluña	755	791.022	7.835,9	551	504.890	6.652,5
C. Valenciana	302	104.529	1.549,2	251	148.320	2.501,4
Extremadura	10	2.122	39,7	23	9.510	131,2
Galia	116	79.593	1.081,6	175	54.727	1.062,3
Madrid	291	647.940	5.668,6	616	731.529	8.667,5
Murcia	62	19.277	304,7	86	19.955	493,4
Navarra	102	85.839	911,1	58	32.589	546,3
País Vasco	375	315.211	3.715,9	295	405.817	5.377,7
A Ríoxa	21	5.053	62,3	22	12.528	182,3
España	2.589	2.447.964	25.599,3	2.906	2.404.054	32.035,7

(1) Manufactureiras de alta tecnoloxía: Industria farmacéutica, maquinaria de oficina e material informático, compoñentes electrónicos, aparatos de radio, TV e comunicación, instrumentos médicos, de precisión, óptica e relojería e construción aeronáutica e espacial.

Manufactureiras de media-alta tecnoloxía: Industria química agás farmacia; maquinaria e equipo; maquinaria e aparatos eléctricos; industria do automóbil; outro material de transporte.

De servizos de alta tecnoloxía: Correos e telecomunicacións; actividades informáticas; investigación e desenvolvemento.

Fonte: INE, Base: "Indicadores de Ciencia e Tecnoloxía"

O cadro 2.37 recolle os principais indicadores de I+D nas empresas manufactureiras de alta e media alta tecnoloxía e de servizos de alta tecnoloxía. Como pode apreciarse, Galicia acada un escaso número de empresas manufactureiras: 116 que representan un 4,48% do total nacional, ase mesmo os gastos e o persoal neste tipo de empresas supoñen un escaso 3,25% e 4,23% respectivamente. As 175 empresas galegas de servizos de alta tecnoloxía constitúen sen embargo o 6,02 do Estado e empregan a 1.062 traballadores, o 3,32 do total estatal.

O gasto en actividades para a innovación tecnolóxica acadou en Galicia 626,4 millóns de euros no ano 2010, diminuindo en preto de 80 millóns os correspondentes ao ano anterior. No cadro 2.38 presentamos o número de empresas innovadoras e máis o gasto en innovación tecnolóxica nas diferentes comunidades autónomas (e no total español) en 2010, xunto co tanto por cento da cifra de negocios en produtos novos e mellorados e a taxa de crecemento. Como pode apreciarse Galicia está por riba da media nacional en empresas innovadoras, se ben os gastos en innovación, representan unha porcentaxe inferior a seu potencial demográfico. O esforzo dos últimos anos en Galicia, no que non só destaca o dinamismo mostrado por unhas poucas empresas punteiras senón tamén o dos *clusters* (de automoción, acuicultura, etc), que con notable empeño están aplicando a cultura da coo-

peración empresarial na innovación parecía albiscar unha certa recuperación despois dos malos datos de 2004, cun crecemento importante da cifra de negocios en produtos novos e mellorados, máis os efectos da crise pasan factura en 2009 e 2010 cuns pobres resultados.

■ **Cadro 2.38**

Empresas Innovadoras e Gastos en innovación por CC.AA. 2010

	Empresas Innovadoras período 2008-2010		Gastos en Innovación 2010		% de la cifra de negocios en productos novos e mellorados	Taxa de crecemento do gasto(*)
	Total	%	Total	%		
Andalucía	3.835	15,41	1.042.591	6,45	8,39	4,34
Aragón	1.153	21,70	554.968	3,43	25,50	-19,10
Asturias	603	18,06	156.492	0,97	8,40	-35,70
Baleares	694	15,21	52.707	0,35	5,04	-4,03
Canarias	1.008	14,22	136.651	0,85	4,48	19,91
Cantabria	435	21,10	98.781	0,61	10,85	-3,32
C. León	1.358	17,66	584.192	3,61	15,88	-27,27
C. A Mancha	1.175	17,61	271.765	1,68	10,02	18,52
Cataluña	6.918	21,02	3.642.187	22,52	10,27	4,22
C. Valenciana	3.267	17,97	801.314	4,96	10,43	-4,71
Extremadura	400	13,67	87.145	0,54	4,80	72,83
Galicia	1.947	20,19	626.353	3,87	7,13	-11,32
Madrid	4.656	17,07	5.983.287	37,00	16,87	-12,63
Murcia	1.064	18,63	251.715	1,56	6,67	18,81
Navarra	744	25,27	359.145	2,22	23,98	-10,38
País Vasco	2.329	24,70	1.455.457	9,00	35,87	-18,24
A Ríoxa	433	28,23	66.038	0,41	15,70	1,66
Ceuta e Melilla	21	7,76	431	0,00	1,51	-91,90
España	32.040	18,58	16.171.219	100,00	14,95	-8,31

Gastos en miles.

(*) con respecto a 2010.

Fonte: INE, Encuesta sobre innovación tecnolóxica nas empresas 2010.

2.6 A empresa industrial pública: a Sociedade Estatal de Participacións Industriais (SEPI)

A raíz da promulgación do Real Decreto-lei 5/1995, do 16 de xuño, a industria pública española nucleada neses momentos en torno ao Instituto Nacional de Industria (INI) e ao Instituto Nacional de Hidrocarburos (INH) reestrutúrase, agrupándose en dous entes as distintas empresas dependentes ou controladas polo Ministerio de Industria e Enerxía:

■ A Sociedade Estatal de Participacións Industriais (SEPI), á que se lle asignan as participacións dos grupos Teneo, SA e Repsol, SA, rexida polo dereito privado, sen aval do Estado, e que goza do beneficio da consolidación fiscal nas operacións de endebedamento; tivo, ademais, como unha das súas principais obrigacións a de amortizar a débeda do ex-INI, vía dividendos, endebedamento e desinvestimentos.

■ A Axencia Industrial do Estado (AIE), á que se adxudica, polo seu valor contable, a carteira de titularidade directa, maioritaria, igualitaria ou minoritaria das entidades mercantís, suxeitas a plans de reestruturación ou reconversión industrial. A esta axencia non se lle concede ningunha capacidade de endebedamento e carece do beneficio de consolidación fiscal, se ben as empresas en reconversión serán as únicas que poidan percibir achegas do Estado.

O 28 de xuño de 1996 o goberno aprobou o “programa de modernización do sector público empresarial do Estado”, que diseña un plan de privatizacións de empresas públicas, que afondando na política de alleación de activos patrimoniais públicos que xa viña desenvolvéndose anteriormente, contempla a venda das empresas públicas rendibles, incluídas as dependentes do Ministerio de Economía e Facenda.

No trienio 1996-1999 producíronse operacións privatizadoras en empresas públicas industriais e de servizos con implantación en Galicia: Argentaria, Telefónica, o grupo Repsol, Retevisión, Auxini, ENDESA, Tabacalera, Gas Natural, Elcano, Barreras, INESPAL, Santa Bárbara, Indra ou Red Eléctrica, e en 2000 e os primeiros meses de 2001 os de Iberia, Enatcar e ENCE, ás que seguirá Autopistas del Atlántico no 2002, quedándose o Estado co control daquelas que poden ter problemas para privatizarse por cuestións sociais ou estratéxicas, aínda que non se descarta o seu pase a mans privadas, como as da División Naval e Bazán agrupadas no grupo Izar e actualmente Navantia.

En todo caso, o que si é certo é que o cadro da empresa pública en España, e polo tanto en Galicia, experimentou un importante cambio nestes últimos anos, especialmente a partir de 1997-1998, diminuíndo substancialmente as empresas participadas polo Estado, quedando reducido a un pequeno grupo con capital público, formado polas que arrastran un déficit empresarial considerable.

O Decreto-lei 15/1997, do 15 de setembro, reagrupa de novo o sector público, disolvendo a AIE e integrando as súas sociedades na SEPI, facendo esta fronte ao paulatino equilibrio financeiro do sector; cunha achega de recursos de 900.000 millóns de pesetas –resultante das privatizacións– durante os dous primeiros anos e desvinculando o mantemento das empresas públicas dos Orzamentos Xerais do Estado, cun efecto importante na redución do déficit público para o cumprimento dos criterios de Maastricht.

A SEPI é polo tanto a sociedade estatal que agrupa na actualidade ás empresas públicas industriais, acollendo inicialmente tamén algunha das empresas que pertencían á Dirección Xeral de Patrimonio, tales como Efe, ALYCESA, CETARSA, Transmediterránea, EMGRISA, ENAUSA, MAYASA e a Sociedade Estatal de Participacións Patrimoniais, coa intención na maioría dos casos de preparar a súa futura privatización. En marzo de 2005 tras unha importante crise da empresa Izar provocada dunha banda polas súas notables perdas –800 millóns de euros– e por outra pola exixencia da UE ao goberno español da devolución das axudas nos últimos anos aos estaleiros públicos, constitúese unha nova empresa: Navantia que mercé a un axuste de cadro de persoal por xubilacións anticipadas asume a actividade de construción naval, fundamentalmente militar, conservando un 20% de actividade en materia civil. Así mesmo acolle liñas de actividade de propulsión e enerxía, reparacións e sistemas e armas, cunha forte aposta pola tecnoloxía e tarefas de investigación e desenvolvemento.

No anexo deste informe contéplanse os datos de investimentos e persoal dos entes públicos e sociedades estatais en Galicia: Navantia, Tragsa e Efe.

Os investimentos da SEPI representan un montante total de 10 millóns 892 mil euros (cadro A-24) - dos que 10 millóns 794 mil euros corresponde a Navantia e unha contía de preto de 30 mil euros á empresa Tragsa, que realiza unha variada gama de actuacións que abrangue o deseño e construción das infraestruturas e equipamentos necesarios para a modernización e mellora dos sistemas de produción agraria, tecnoloxías para un mellor aproveitamento da auga, actividades de conservación do medio natural, actuacións forestais, xestión de recursos pesqueiros e acuicultura.

Os investimentos do resto das empresas públicas reflíctese no cadro A-25 do anexo, destacando o importe da inversión da sociedade estatal de infraestruturas de transporte terrestre: máis de 324 millóns de euros ós que se imputan as correspondentes ao AVE e as autopistas estatais.

As empresas públicas industriais con sede en Galicia experimentan unha diminución apreciable de traballadores nestes dez e oito últimos anos, pasándose, no seu conxunto, de 14.067 traballadores/as en 1993 aos 3.273 do ano que analizamos. Navantia con 2.348 efectivos, traballadores/as dos estaleiros de Fene e Ferrol, constitúe a de maior volume ao que segue Tragsa con 913. A provincia da Coruña, con 2.798 empregados/as, concentra o volume máis importante, o persoal das outras tres provincias galegas proceden exclusivamente de Tragsa.

2.7 Política industrial. A achega das administracións públicas

Examinaremos, dentro deste apartado, o conxunto das intervencións máis importantes das distintas administracións públicas no ámbito industrial e empresarial, co obxecto de ter unha visión de carácter xeral das principais liñas de actuación que marcan as políticas públicas en Galicia.

Hai que ter, non obstante, moi en conta que a política macroeconómica ten un papel decisivo sobre a actividade industrial: o control da inflación, a redución do déficit público e a estabilidade monetaria constitúen factores fundamentais para a incentivación e boa marcha das industrias e, xunto co investimento público e o impulso das reformas estruturais, inciden dunha maneira decisiva no comportamento empresarial.

2.7.1 As actuacións da UE

O Cumio de Maastricht de 7 de febreiro de 1992, coa reforma do artigo 130 do Tratado da UE, marca o inicio da nova estratexia en materia industrial e de emprego previndo un marco de relacións entre administracións públicas rexido polo principio de subsidiaridade, a potenciación da instrumentación de accións de I+D, políticas de infraestruturas a escala europea, formación profesional e incluso a posibilidade de utilización de medidas específicas, a aprobar por unanimidade, destinadas a acelerar a adaptación da industria aos cambios estruturais, creando un contorno favorable á iniciativa, desenvolvemento e cooperación entre as empresas, e a favorecer unha explotación do potencial industrial das políticas de innovación e desenvolvemento tecnolóxico.

O Tratado de Amsterdam de 17 de xuño de 1997 inclúe no Tratado Constitutivo da Unión Europea un capítulo sobre emprego, en paralelo ás disposicións relativas á Unión Económica e Monetaria. Cada país continúa a ser dono da súa política, pero

a situará no contexto dunha estratexia coordinada de toda a comunidade. O Tratado fixa para os gobernos da Unión o compromiso de:

■ Orientar as súas políticas de emprego en consonancia coa política económica da comunidade.

■ Promover unha man de obra cualificada con poder de adaptación, así como mercados de traballo que poidan reaccionar axiña ante os cambios económicos.

Así mesmo, crea un sistema de vixilancia multilateral das políticas de emprego nacionais, e un Comité de Emprego que asistirá ás institucións neste traballo.

Transcorridos dous anos con ocasión do **Cumio de Lisboa** –marzo de 2000– valorouse positivamente o proceso iniciado en Amsterdam, e acolleuse como obxectivo prioritario a loita contra o desemprego, marcándose como meta conseguir o pleno emprego na Unión Europea para o 2010, combinando para isto reformas estruturais ambiciosas coa potenciación das novas tecnoloxías, facendo especial fincapé no acceso das escolas a Internet e a formación a curto prazo do profesorado nas novas tecnoloxías.

Os atentados do 11 de setembro de 2001 en EE.UU. provocan un descenso da actividade económica mundial. No Consello da Unión Europea de Sevilla –21 e 22 de xuño de 2002– se aposta pola reactivación do crecemento, reafírmase na adhesión do Pacto de Estabilidade e Crecemento e o saneamento das finanzas públicas e mantense en vigor os obxectivos estratéxicos alcanzados en Lisboa. Así mesmo, tanto no Cumio de Copenhague de decembro de 2002, que aproba a ampliación a 25 Estados a partir do 1 de maio de 2004, como o Consello de Bruxelas do 20 e 21 de marzo de 2003 ratifican cunha serie de orientacións e medidas específicas os obxectivos de Lisboa.

A incorporación de 10 novos países en maio de 2004 e outros dous a partires do 1 de Xaneiro de 2007, á Unión Europea, todos eles con rendas per capita inferiores á española e moi lonxe da media da Unión, levará aparelladas importantes repercusións para países que como España son beneficiarios netos e en moi ampla medida das axudas e fondos estruturais europeos.

O “non” ao referendun sobre a Constitución europea de Francia e Holanda e o fracaso da cume europea de Bruxelas, no transcurso de 2005 para a aprobación do marco orzamentario 2007-2013 sumiu á UE nunha fonda crise con repercusión moi directa no escenario de territorios como o galego que basean o seu futuro desenvolvemento nas achegas dos fondos estruturais e de cohesión.

O 1 de decembro de 2009, tras anos de negociación entrou en vigor o **Tratado de Lisboa** co obxecto de modernizarse e dotarse de instrumentos eficaces e coherentes adaptados non só ao funcionamento dunha Unión recentemente ampliada de 15 a 27 membros, senón tamén as rápidas transformacións do mundo actual. O Tratado establece que pode e non pode facer a U.E. e que medios pode utilizar. Modifica a estrutura das Institucións europeas e seus métodos de traballo, para que poidan dar mellor servizo á democracia e aos valores fundamentais da Unión.

En Marzo de 2010 a Comisión formula a **estratexia da U.E EUROPA 2020** para un crecemento intelixente, sostible e integrador, que foi aprobada polos xefes de Estado e Goberno dos países membros en Xuño de dito ano. O documento fixa unha serie de obxectivos concretos para a próxima década:

■ A taxa de emprego da poboación entre 20 e 64 anos deberá pasar do actual 69% ó 75%.

■ Acadar o obxectivo de investir o 3% do PIB en I+D.

■ Reducir as emisións de gases de efecto invernadoiro nun 20% en comparación cos niveis de 1990, incrementar a porcentaxe das enerxías renovables no consumo final nun 20%, e aumentar un 20% a eficacia no uso da enerxía.

■ Reducir a porcentaxe de abandono escolar ó 10% desde o actual 15% e incrementar a porcentaxe de persoas con estudos superiores completos do 31% a como mínimo un 40%.

■ Reducir o número de europeos que viven por baixo do albor nacional da pobreza nun 25%, liberando da pobreza a 20 millóns de persoas.

■ Marco de Apoio Comunitario de Galicia para o período 2007-2013

A comisión Europea aprobou en Maio de 2007 o Marco Estratéxico Nacional de Referencia da Política de Cohesión para España na que se determina a estratexia para a utilización de 35.217 millóns de euros da política de cohesión no período 2007-2013 dos Fondos Estruturais (Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional –FEDER– e Fondo Social Europeo –FSE–) e o Fondo de Cohesión.

As actuacións da UE en Galicia –catalogada a partir de 2007 obxectivo da converxencia– lévanse a cabo a través do transvase de importantes cantidades de diñeiro para o desenvolvemento rexional, das que a maioría dedícanse a infraestruturas de carácter básico; ditas cantidades canalízanse a través dos chamados fondos estruturais para a redución dos desequilibrios rexionais e o Fondo de Cohesión que financia proxectos de infraestrutura de transporte e medio ambiente vai ter neste período unha maior integración na execución de todas as políticas e accións dos Fondos Estruturais deixando atrás o enfoque por proxecto a favor dun financiamento por programa, simplificando a xestión.

■ Cadro 2.39

Fondos Comunitarios Galicia 2007-2013

FONDOS COMUNITARIOS	Importe Axuda	Importe Cofinanciación	Importe Global
1- FONDOS ESTRUCTURAIS	4.839	1.641	6.030
Fondo Europeo de Desenvolv. Rexional (FEDER)	3.452	1.407	4.859
Fondo Social Europeo (FSE)	936	234	1.170
2- FONDOS SECTORIAIS	1.285	911	2.196
Fondo Europeo Agrícola de desenv. Rural (FEADER)	857	637	1.494
Fondo Europeo de Pesca (FEP)	429	274	703
TOTAL FONDOS COMUNITARIOS	5.674	2.552	8.226

Importes en euros
Fonte : Xunta de Galicia

O Marco de Apoio Comunitario 2007-2013 (cadro 2.39), no que se integra o Fondo de Cohesión, aprobado ao fin do ano 2007, e polo tanto sen execución en dito ano, prevé unha inversión total na Comunidade de 8.226 millóns de euros, dos que os Fondos Comunitarios aportarán 5.674, correspondendo aos estruturais (FEDER e FSE) 4.389, o 77% e aos Sectoriais (FEADER e FEP) 1.285 millóns de euros, o 23%. O 42% dos Fondos Feder van dirixidos á aumentar á capitalización tecnolóxica da economía galega a través do desenvolvemento da economía do coñecemento e da innovación empresarial; un 31% dedícanse ás infraestruturas de transporte e enerxía e o 23% restante ao Medio Ambiente e o desenvolvemento sostible.

■ Cadro 2.40

Marco de Apoio Comunitario do Obxectivo 01. Grao de execución do gasto público a 31/12/2011. Programa operativo F.E.D.E.R. de Galicia

Temas prioritarios	Total programado 2007-2013 (A)	Total executado ao 31/12/2011 (B)	Total axuda FEDER ao 31/12/2011	% (B/A)
01 Actividades de I+DT en centros de investigación.	48.844.633	12.682.482	10.145.986	25,96
02 Infraestrutura de I+DT (instalacións, instrumentos e redes informáticas de alta velocidade para a conexión de centros de investigación) e centros de cualificación nunha tecnoloxía específica.	19.220.975	5.324.093	4.259.274	27,70
03 Transferencia de tecnoloxía e mellora das redes de cooperación entre pequenas empresas (PEMES), así como entre estas e outras empresas e universidades, centros de ensino postsecundario de todo tipo, e autoridades rexionais.	10.951.913	1.355.802	1.084.642	12,38
06 Axudas ás PEMES para o fomento da utilización de produtos e procesos de produción que respecten o medio ambiente	21.118.263	171.755	137.404	0,81
07 Inversión en empresas directamente relacionadas coa investigación e a innovación (tecnoloxías innovadoras, creación de novas empresas por parte das universidades, centros e empresas de I+DT existentes, etc).	39.054.472	16.070.832	12.856.666	41,15
08 Outros investimentos en empresas	323.570.060	34.112.776	27.290.221	10,54
09 Outras medidas destinadas a fomentar a investigación e innovación e o espírito empresarial nas PEMES	107.432.102	33.887.182	27.109.746	31,54
10 Infraestruturas telefónicas (incluídas as redes de banda ancha)	33.706.647	15.392.314	12.313.851	45,67
11 Tecnoloxías da información e a comunicación (acceso, seguridade, interoperabilidade, prevención de riscos, investigación, innovación, contido electrónico, etc.)	22.243.850	8.415.238	6.732.190	37,83
13 Servizos e aplicacións para o cidadán (servizos electrónicos en materia de saúde, administración pública, formación, inclusión, etc.)	84.774.385	33.356.777	26.685.422	39,35
14 Servizos e aplicacións para as PEMES (comercio electrónico, ensino e formación, establecemento de redes, etc.)	8.502.059	991.662	793.329	11,66
17 Servizos ferroviarios (RTE-T)	251.456.215	0	0	0,00
20 Autoestradas	146.045.906	127.425.414	101.940.331	87,25
21 Autoestradas (RTE-T)	217.986.316	222.202.003	177.761.603	101,93
22 Estradas nacionais	45.549.459	43.623.029	34.898.423	95,77
23 Estradas rexionais / locais	145.648.582	100.020.178	80.016.142	68,67
25 Transporte urbano	8.034.123	3.036.371	2.429.097	37,79
26 Transporte multimodal	35.129.201	6.548.640	5.238.912	18,64
29 Aeroportos	84.828.934	88.900.356	71.120.285	104,80
30 Portos	18.880.189	10.733.104	8.586.483	56,85
33 Electricidade	29.349.561	3.177.298	2.541.839	10,83
35 Gas natural	2.811.947	0	0	0,00
37 Produtos derivados do petróleo	2.811.945	0	0	0,00
40 Enerxía renovable:solar	18.581.414	11.149.756	8.919.805	60,00
41 Enerxía renovable: biomásica	15.567.850	5.399.108	4.319.286	34,68
43 Eficiencia enerxética, coxeneración e xestión enerxética	17.497.476	11.376.349	9.101.080	65,02
44 Xestión de residuos domésticos e industriais	33.386.651	1.483.545	1.186.836	4,44
45 Xestión e distribución da auga (auga potable)	77.773.339	23.744.277	18.995.421	30,53
46 Tratamento da auga (auga residual)	314.769.170	87.860.367	70.288.294	27,91
47 Calidade do aire	7.951.294	0	0	0,00
48 Prevención e control integrados da contaminación	7.781.071	837.231	669.785	10,76
50 Rehabilitación de zonas industriais e terreos contaminados	2.234.270	181.555	145.244	8,13
51 Fomento da protección da biodiversidade e a natureza (incluído o programa Natura 2000)	136.577.591	35.402.374	28.321.900	25,92
52 Fomento do transporte urbano limpo	31.603.895	4.378.099	3.502.479	13,85
53 Prevención de riscos (incluídas a elaboración e aplicación de planes e medidas para previr e xestionar os riscos naturais e tecnolóxicos)	22.646.036	535.536	428.429	2,36
55 Fomento da riqueza natural	4.718.454	0	0	0,00
56 Protección e desenvolvemento do patrimonio natural	35.829.570	13.602.609	10.882.087	37,96
57 Outras axudas para mellorar os servizos turísticos	44.978.026	2.862.732	2.290.186	6,36
58 Protección e conservación do patrimonio cultural	28.612.699	3.491.883	2.793.506	12,20
59 Desenvolvemento da infraestrutura cultural	13.895.108	5.090.971	4.072.776	36,64
61 Proxectos integrados para a rexeneración urbana e rural	166.064.537	34.085.061	27.268.049	20,53
75 Infraestrutura en materia de educación	23.617.477	12.962.438	10.369.951	54,88
76 Infraestrutura en materia de saúde	3.311.842	0	0	0,00
77 Infraestrutura en materia de coidados de nenos	8.852.347	2.933.576	2.346.861	33,14
79 Outra infraestrutura social	8.852.349	1.529.914	1.233.932	17,28
85 Preparación, execución, seguimento e inspección	3.188.145	264.758	211.806	8,30
86 Avaliación e estudos; información e comunicación	3.188.145	902.171	721.736	28,30
TOTAL OBXECTIVO	2.739.430.493	1.027.501.616	822.011.295	37,51

Fonte: Ministerio de Economía e Competitividade.

No cadro 2.40 explicitábase por temas prioritarios o grao de execución do **programa operativo FEDER de Galicia 2007-2013** a finais do 2011. Do total programado para todo o período: 2.739 millóns 430 mil euros executouse a 31-12-2011 1.027 millóns 501 mil euros, o 37,51% do total. Os temas 20, 21, 22 e 23: autoestradas e estradas nacionais e rexionais con máis de catrocentos noventa e tres millóns de euros son os epígrafes de maior contía executada e representa case o 50% do importe total.

Outros temas que presentan contías de certa importancia son : o 29 :Aeroportos con 88 millóns 900 mil euros e o 46:Tratamento da auga (auga residual), que constitúe o de maior dotación programada e que a finais de 2011 executouse preto de 88 millóns de euros.

Fóra do Marco Comunitario de Apoio a Comunidade Galega percibe tamén financiamento da Cooperación Territorial Europea, a través de iniciativas de carácter local e rexional, así como a cooperación transnacional, que procura un desenvolvemento territorial integrado e a cooperación interrexional e o intercambio de experiencias. A España correspondéronlle para o período 2007-2013 559 millóns de euros , dos que 249 destinaranse aos programas de Cooperación Transfronteriza, 149 aos programas de Cooperación Transnacional e 111 millóns de euros aos programas de Veciñanza Europea.

Galicia intégrase nos programas de Cooperación Transfronteriza España –Portugal, no de Cooperación Transnacional Espazo Atlántico, Espazo do Sudoeste Europeo e o de Cooperación Interrexional: Interreg IV, Redes ESPON, URBACT e INTERACT II que a partir de 2007 substitúen as iniciativas comunitarias Interreg.

No cadro 2.41 agrúpanse as achegas do **FEOGA**, que financia accións tendentes á adaptación dos agricultores e das rexións ás novas formas de agricultura; e o desenvolvemento de novos sectores económicos nas zonas rurais; e o IFOP, que axuda ás rexións costeiras que se ven afectadas polo declive do sector pesqueiro.

As actuacións da UE, no sector agropesqueiro galego, teñen unha importancia fundamental e pretenden potenciar a vertente da acuicultura e rachar cos graves problemas estruturais da agricultura –escasa dimensión das explotacións, envellecemento da poboación e excesivo peso da súa actividade–; e da pesca –sobredimensión e envellecemento da flota, falta de caladoiros, etc.–.

En 2011, Galicia obtivo un financiamento, por esta vía (cadro 2.41), de máis de 372 millóns de euros, cun aumento de 75 millóns 421 mil euros con respecto ao ano anterior; e prodúcese fundamentalmente polo incremento das axudas ó sector pesqueiro e aínda que en menor medida do feoga-garantía.

■ Cadro 2.41

Contribución financeira da UE nos sectores agrariopesqueiros. Galicia. 2005-2011

Sector agrario	2005	2006	2007	2008	2009	2010	2011
FEOGA -Garantía- FEAGA ⁽¹⁾							
Réxime de pago único	-	85,605	98,944	98,868	101,822	106,525	115,965
Industria de cereais	0,002	0,009	0,008				
Producción carne de vacún	69,608	67,128	33,836	33,682	32,753	33,844	50,560
Así, no que se refire a sociedades laborais inscritas na Seguridade Social e socios iniciais das mesmas, o cadro 3.1 móstranos a existencia de 48 (ano 2010: 47) sociedades desta natureza en Galicia, o que supón un crecemento no número de sociedades que vai parella, sen embargo, dun decrecemento no número de socios: 157 socios (ano 2010: 166); deles son socios traballadores 127 (dos cales 95 son varóns e 32 mulleres). No ano 2010 os socios traballadores eran 129 (dos cales 95 varóns e 34 mulleres). No que se refire a socios capitalistas son 30 (deles 17 son varóns e 13 mulleres) e no ano 2010 eran 37 (deles 20 varóns e 17 mulleres). Estes datos mostran una liña ascendente en número de sociedades e do número de traballadores respecto os do exercicio anterior.

Andalucía segue á cabeza por número de sociedades laborais e de traballadores vinculadas ás mesmas (224 SL e 1.038 socios). Séguenlle Cataluña, Madrid, Murcia e a Comunidade Valenciana. Galicia ocupa o noveno lugar, o que representa un 4,19% do número total das sociedades laborais de España.

No ámbito de Galicia tanto o maior número de sociedades, como o de socios corresponden a Coruña (20 SL; 68 socios), seguida de Pontevedra (16 SL; 52 socios), Ourense (10 SL; 31 socios) e Lugo (2 SL; 6 socios).

■ Cadro 3.1

Sociedades Laborais rexistradas e socios iniciais das mesmas, segundo tipo de socio e sexo. Por comunidade autónoma e provincia. 2011

Sociedades	Socios									
	Total			Socios Traballadores			Socios Capitalistas			
	Ambos sexos	Varóns	Mulleres	Ambos sexos	Varóns	Mulleres	Ambos sexos	Varóns	Mulleres	
España	1.145	4.336	2.752	1.584	3.293	2.255	1.038	1.043	497	546
Andalucía	294	1.038	640	398	774	522	252	264	118	146
Aragón	41	145	74	71	101	51	50	44	23	21
Asturias	80	301	183	118	207	133	74	94	50	44
Baleares	15	228	151	77	205	134	71	23	17	6
Canarias	53	190	99	91	143	76	67	47	23	24
Cantabria	5	16	6	10	13	6	7	3	-	3
Castela A Mancha	21	91	67	24	81	61	20	10	6	4
Castela León	55	195	124	71	140	93	47	55	31	24
Cataluña	127	488	335	153	383	288	95	105	47	58
C. Valenciana	93	377	232	145	269	186	83	108	46	62
Extremadura	14	50	27	23	46	24	22	4	3	1
Galicia	48	157	112	45	127	95	32	30	17	13
A Coruña	20	68	53	15	60	49	11	8	4	4
Lugo	2	6	5	1	5	4	1	1	1	-
Ourense	10	31	17	14	22	11	11	9	6	3
Pontevedra	16	52	37	15	40	31	9	12	6	6
Madrid	139	473	312	161	366	261	105	107	51	56
Murcia	98	347	206	141	237	160	77	110	46	64
Navarra	26	91	61	30	72	53	19	19	8	11
País Vasco	35	145	119	26	125	108	17	20	11	9
A Ríoxa	1	4	4	-	4	4	-	-	-	-
Ceuta e Melilla	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-

Fonte: Anuario de Estadísticas laborais. Ministerio de Empleo e Seguridade Social.

O cadro 3.2 fai referencia a sociedades laborais rexistradas, segundo sector de actividade na comunidade autónoma. Os sectores de actividade divídense en agrarios e non agrarios, diferenciando dentro deste último, a industria, a construción e os servizos. Non existe nos datos ofrecidos coherencia numérica. É destacable, un ano mais, que ningunha sociedade laboral das rexistradas en Galicia se corresponde cunha actividade do sector agrario. E dos demais subsectores a maior parte das sociedades laborais existentes dun total de 48 sociedades, traballan no sector servizos 55, 5 sociedades na construción e 8 pertencen á industria.

■ Cadro 3.2

Sociedades laborais rexistradas. Segundo sector de actividade. Galicia 2011

	Sociedades					Socios				
	Total	Agrario	Industria	Construción	Servizos	Total	Agrario	Industria	Construción	Servizos
A Coruña	20	-	3	4	13	68	-	14	12	42
Lugo	2	-	-	-	2	6	-	-	-	6
Ourense	10	-	2	-	8	31	-	6	-	25
Pontevedra	16	-	3	1	12	52	-	10	3	39
Galicia	48	-	8	5	35	157	-	30	15	112

Fonte: Anuario de Estadísticas laborais. Ministerio de Empleo e Seguridade Social.

Tamén o cadro 3.2 dá conta do número de socios iniciais das sociedades laborais rexistradas, segundo sector de actividade, cifrando o total de socios dos catro sectores de actividade en 157, deles 30 na industria, 15 na construción e 112 no sector servizos.

O cadro 3.3 infórmanos con relación ás cooperativas constituídas e socios iniciais das mesmas, segundo se desenvolvan en cooperativas vivendas ou agrarias, distribuídos segundo sexo e provincia.

■ Cadro 3.3

Cooperativas constituídas, segundo a clase, e socios iniciais das mesmas, segundo sexo. 2011

	Total				Cooperativas de traballo asociado			
	Cooperativas	Socios			Cooperativas	Socios		
		Total (2)	Varóns	Mulleres		Total (2)	Varóns	Mulleres
Galicia	47	851	506	323	28	101	49	47
A Coruña	9	534	351	183	3	10	8	2
Lugo	4	35	16	18	2	6	4	2
Ourense	4	15	5	9	4	15	5	9
Pontevedra	5	49	22	23	4	17	8	5
Rexistro da Comunidade	25	218	112	90	15	53	24	29

Fonte: Anuario de Estadísticas laborais. Ministerio de Empleo e Seguridade Social.

No que se refire a Cooperativas inscritas en réximes por conta allea da Seguridade Social e traballadores das mesmas, o cadro 3.4.I móstranos a existencia de 574 (ano 2010: 595) entidades desta natureza en Galicia, ocupando a 6.418 traballadores (ano 2010: 6.747), dos cales un 44,1% de mulleres.

Cooperativas inscritas en Reximenes por conta allea da Seguridade Social e traballadores das mesmas, segundo sexo. Por comunidade autónoma e provincia.

■ Cadro 3.4.1

	Cooperativas			Traballadores			
	2009	2010	2011	2009	2010	2011	
						Ambos sexos	% de mulleres
Total	13.701	13.310	12.720	224.183	226.165	218.153	51,5
Andalucía	3.442	3.245	3.068	51.734	52.549	51.960	49,9
Aragón	489	482	463	5.179	4.988	4.926	41,5
Asturias	201	193	179	3.210	3.008	2.858	51,6
Baleares	125	123	112	2.141	1.931	1.539	57,1
Canarias	257	243	239	5.233	5.369	5.083	48,8
Cantabria	53	57	51	1.087	1.094	959	41,7
Castela-A Mancha	995	979	929	9.266	9.253	8.914	37,9
Castela e León	1.080	1.062	1.036	8.690	8.513	8.065	31,4
Cataluña	1.919	1.862	1.744	26.034	25.859	24.501	58,2
C. Valenciana	1.416	1.361	1.250	45.465	46.433	42.661	54,1
Extremadura	560	539	527	5.046	5.118	4.788	-
Galicia	596	595	574	6.566	6.747	6.418	44,1
A Coruña	232	231	230	2.086	2.084	2.036	43,0
Lugo	113	110	108	861	842	822	42,2
Ourense	71	71	66	1.531	1.510	1.474	42,3
Pontevedra	180	183	170	2.088	2.311	2.086	47,1
Madrid	671	649	625	13.044	12.149	11.558	59,4
Murcia	816	802	787	13.787	13.468	12.971	49,5
Navarra	174	181	182	4.878	5.003	5.148	41,4
País Vasco	774	809	833	21.575	23.310	24.478	62,3
A Rioxa	102	98	95	886	974	941	55,4
Ceuta	13	11	10	136	158	151	29,8
Melilla	18	19	16	226	241	234	43,6

Fonte: Anuario de Estadísticas laborales. Ministerio de Empleo e Seguridade Social.

O cadro 3.4.2 recolle ás Sociedades Laborais en xeral inscritas na Seguridade Social e traballadores das mesmas.

Sociedades Laborais inscritas na Seguridade Social e traballadores das mesmas, segundo sexo. Por comunidade autónoma e provincia.

■ Cadro 3.4.2

	Sociedades			Traballadores			
	2009	2010	2011	2009	2010	2011	
						Ambos sexos	% de mulleres
Total	15.679	14.574	13.465	88.241	81.772	74.438	34,7
Andalucía	3.705	3.410	3.168	18.233	17.396	16.026	36,9
Aragón	539	509	478	2.072	2.026	1.812	40,8
Asturias	522	512	-	2.992	2.408	-	-
Baleares	158	147	139	989	954	724	34,7
Canarias	514	464	440	2.290	2.030	2.015	40,4
Cantabria	136	121	120	1.120	985	1.015	27,5
Castela-A Mancha	1.481	1.372	1.231	6.977	6.715	5.541	32,5
Castela e León	801	768	635	3.442	3.267	2.710	33,5
Cataluña	1.413	1.305	1.217	7.796	7.441	6.635	34,9
C. Valenciana	1.239	1.140	1.048	6.817	6.238	5.255	32,1
Extremadura	396	361	324	2.178	2.062	1.669	25,6
Galicia	856	791	709	4.082	4.085	3.326	33,0
A Coruña	255	244	221	1.327	1.714	1.026	34,5
Lugo	154	145	122	656	590	506	38,5
Ourense	137	123	114	461	398	389	36,0
Pontevedra	310	279	252	1.638	1.383	1.405	29,2
Madrid	1.692	1.570	1.471	9.431	8.891	8.699	41,2
Murcia	862	812	773	4.809	4.712	4.950	36,7
Navarra	430	415	396	3.183	3.054	2.813	25,6
País Vasco	864	815	762	11.444	9.177	7.945	23,5
A Ríoxa	58	50	43	313	254	205	41,5
Ceuta e Melilla	13	12	-	73	77	-	-

Fonte: Anuario de Estadísticas laborales. Ministerio de Empleo e Seguridade Social.

O cadro 3.5 refírese o número de cooperativas e o número de socios inscritos nos rexistros provinciais e centrais da comunidade autónoma. Os datos dos rexistros provinciais reflicten un número total de 39 cooperativas (ano 2010: 33) e a participación de 1.369 socios (ano 2010: 289). Ademais no rexistro central están inscritas 9 cooperativas, o que supón un total de 48 cooperativas activas en Galicia no 2011. Por clase, das 48 cooperativas existentes, 28 delas son de traballo asociado (58,3%), 10 agrarias (20,8%) e 9 de vivendas (18,75%).

O número total de cooperativistas rexistrados provincialmente é de 1.369, os que hai que engadir 90 do rexistro central, totalizando 1.459 socios.

Cadro 3.5
Cooperativas inscritas e número de socios. Galicia 2011.

Clase	REXISTROS PROVINCIAIS								REXISTRO CENTRAL		TOTAL	
	A Coruña		Lugo		Ourense		Pontevedra		Nº Coop.	Nº Soc.	Nº Coop.	Nº Soc.
	Nº Coop.	Nº Soc.	Nº Coop.	Nº Soc.	Nº Coop.	Nº Soc.	Nº Coop.	Nº Soc.				
Traballo consumidores e usuarios asociado	6	20	3	9	4	15	10	38	5	19	28	101
Consumidores e usuarios												
Vivendas	7	87					2	38			9	125
Agrarias	4	1.123	3	39					3	69	10	1.231
Explotación comun. da terra												
Servizos												
Mar												
Transportistas												
Transportistas - traballo asociado												
Seguros												
Sanitarias												
Servizos sociais - traballo asociado												
Ensino												
Ensino - traballo asociado												
Educacionais												
Integración social												
Segundo grao									1	2	1	2
Total	17	1.230	6	48	4	15	12	76	9	90	48	1.459

Fonte: Memoria da Consellería de Traballo e Benestar.

O cadro 3.6 reflicte o número de cooperativas constituídas e o número de socios por actividade económica. Este indicador establece que o maior número de cooperativas dedícanse á agricultura, gandería, caza e servizos relacionados con elas (25% COOP.e 5,62% socios), seguida de Actividades Inmobiliarias (12,5% COOP.e 78,08% socios) e de servizos de comidas e bebidas (12,5% COOP.e 1,5% socios).

■ Cadro 3.6

Cooperativas constituídas e número de socios por actividade económica. 2011

Cód.	Actividade	A Coruña		Lugo		Ourense		Pontevedra		R. Central		TOTAL	
		Coop.	Soc.	Coop.	Soc.	Coop.	Soc.	Coop.	Soc.	Coop.	Soc.	Coop.	Soc.
1	Agricultura, gandería, caza e servizos relacionados con elas	3	1.115	4	42					5	74	12	1.231
2	Silvicultura e explotacións forestais			1	3					1	3	2	6
3	Pesca e acuicultura												
5	Extracción de antracita, hulla e lignito												
6	Extracción de cru, petróleo e gas natural												
7	Extracción minerais metálicos												
8	Outras industrias extractivas												
9	Actividades de apoio ás industrias extractivas												
10	Industria da alimentación												
11	Fabricación de bebidas												
12	Industria do tabaco												
13	Industria téxtil												
14	Confección de roupa de vestir												
15	Industria do coiro e do calzado												
16	Industria da madeira e cortiza (agás mobles); cestería e espartaría									1	3	1	3
17	Industria do papel												
18	Artes gráficas e reprodución de soportes gravados												
19	Coquerías e refinación de petróleo												
20	Industria química												
21	Fabricación de produtos farmacéuticos												
22	Fabricación de produtos de caucho e plásticos												
23	Fabricación doutros produtos minerais non metálicos												
24	Metalurxia; fabricación de produtos de ferro, aceiro e ferroalixes												
25	Fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipamento												
26	Fabricación de produtos informáticos, electrónicos e ópticos												
27	Fabricación de material e equipamento eléctrico												
28	Fabricación de maquinaria e equipamento n.c.n.												
29	Fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques												
30	Fabricación doutro material de transporte												
31	Fabricación de mobles												
32	Outras industrias manufactureiras												
33	Reparación e instalación de maquinaria e equipamento												
35	Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado												
36	Captación, depuración e distribución de auga												
37	Recolla e tratamento de augas residuais												
38	Recolla, tratamento e eliminación de residuos; valorización												
39	Actividades de descontaminación e outros servizos de xestión de residuos												
41	Construción de edificios	2	8					3	42			5	50
42	Enxeñaría civil												
43	Actividades de construción especializada												
45	Venda reparación de vehículos de motor e motocicletas							1	3			1	3
46	Comercio por xunto e intermediarios do comercio, agás vehículos de motor e motocicletas	3	15									3	15
47	Comercio a retalho, agás vehículos de motor e motocicletas			1	3			2	6			3	9
49	Transporte terrestre e por tubaxe												
50	Transporte marítimo e por vías navegables interiores												
51	Transporte aéreo												
52	Almacenamento e actividades anexas ao transporte												
53	Actividades postais e de correos												
55	Servizos de aloxamento	1	3									1	3
56	Servizos de comidas e bebidas					4	15	2	7			6	22
58	Edición												
59	Actividades cinematográficas, de vídeo e de programas de televisión, gravación de son e edición musical												
60	Actividades de programación e emisión de radio e televisión												
61	Telecomunicacións												
62	Programación, consultaría e outras actividades relacionadas coa Informática												
63	Servizos de información												
64	Servizos financeiros, agás seguros e fondos de pensións												
65	Seguros, reaseguros e fondos de pensións, agás Seguridade Social obrigatoria												
66	Actividades auxiliares aos servizos financeiros e seguros												
68	Actividades inmobiliarias	6	82									6	82
69	Actividades xurídicas e de contabilidade												
70	Actividades das sedes centrais; actividades consultoría de xestión empresarial							2	7	1	5	3	12

■ **Cadro 3.6**
continuación

Cooperativas constituídas e número de socios por actividade económica. 2011

Continuação												
	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12
71	Serviços técnicos de arquitectura e engenharia; ensaios e análises técnicas											
72	Investigação e desenvolvimento											
73	Publicidade e estudos de mercado											
74	Outras actividades profissionais, científicas e técnicas											
75	Actividades veterinárias											
77	Actividades de aluguer											
78	Actividades relacionadas co emprego											
79	Actividades de agencias de viaxes, operadores turísticos, servizos de reservas e actividades relacionadas con estes											
80	Actividades de seguraza e investigación											
81	Servizos a edificios e actividades de xardinaría											
82	Actividades administrativas de oficina e outras actividades auxiliares das empresas											
84	Administración pública e defensa; Seguridade Social obrigatoria											
85	1	3					1	3	1	5	3	11
86	1	4									1	4
87	Asistencia en establecementos residenciais											
88	Actividades de servizos sociais sen aloxamento											
90	Actividades de creación artísticas e espectáculos											
91	Actividades de bibliotecas, arquivos, museos e outras actividades culturais											
92	Actividades de xogos de azar e apostas											
93							1	8			1	8
94	Actividades asociativas											
95	Reparación de ordenadores, efectos persoais e artigos de uso doméstico											
96	Outros servizos persoais											
97	Actividades dos fogares como empregadores de persoal doméstico											
98	Actividades dos fogares como produtores de bens e servizos para uso propio											
99	Actividades de organizacións e organismos extrateritoriais											
Total	17	1.230	6	48	4	15	12	76	9	90	48	1.459

Fonte: Memoria da Consellería de Traballo e Benestar. Novo CNAE.

O cadro 3.7 ofrécenos datos relativos a sociedades laborais constituídas e o número de socios de traballo e capital. O número de sociedades é de 48 e o de socios 158, sendo o importe do capital social 1.653.897 euros.

■ **Cadro 3.7** **Sociedades laborais constituídas e número de socios de traballo e de capital. 2011**

Cód.	Actividade	Nº	Socios		Capital Social	% Capital social	
			De traballo	De capital		Traballadores	Non traballad.
	NON DEFINIDA	5	12	3	179.856,00€	81,00%	19,00%
1	Agricultura, gandería, caza e servizos relacionados con elas						
2	Silvicultura e explotacións forestais	1	2	1	6.000,00€	67,00%	33,00%
3	Pesca e acuicultura						
5	Extracción de antracita, hulla e lignito						
6	Extracción de cru, petróleo e gas natural						
7	Extracción minerais metálicos						
8	Outras industrias extractivas						
9	Actividades de apoio ás industrias extractivas						
10	Industria da alimentación						
11	Fabricación de bebidas						
12	Industria do tabaco						
13	Industria téxtil						
14	Confección de roupa de vestir						
15	Industria do coiro e do calzado						
16	Industria da madeira e cortiza (agás mobles); cestería e espartaría						
17	Industria do papel						
18	Artes gráficas e reprodución de soportes gravados	1	3		6.000,00€	100,00%	
19	Coquerías e refinación de petróleo						
20	Industria química						
21	Fabricación de produtos farmacéuticos						
22	Fabricación de produtos de caucho e plásticos						
23	Fabricación doutros produtos minerais non metálicos	1	3	1	3.025,00€	99,00%	1,00%
24	Metalurxia; fabricación de produtos de ferro, aceiro e ferroalixes	1	3		51.000,00€	100,00%	
25	Fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipamento	2	8		99.000,00€	100,00%	
26	Fabrición de produtos informáticos, electrónicos e ópticos						
27	Fabricación de material e equipamento eléctrico						
28	Fabricación de maquinaria e equipamento n.c.n.						
29	Fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques						
30	Fabricación doutro material de transporte						
31	Fabricación de mobles						
32	Outras industrias manufactureiras						
33	Reparación e instalación de maquinaria e equipamento	1	6		150.000,00€	100,00%	
35	Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado						
36	Captación, depuración e distribución de auga						
37	Recolla e tratamento de augas residuais						
38	Recolla, tratamento e eliminación de residuos; valorización						
39	Actividades de descontaminación e outros servizos de xestión de residuos						
41	Construción de edificios						
42	Enxeñaría civil						
43	Actividades de construción especializada	5	14	1	150.300,00€	99,00%	1,00%
45	Venda reparación de vehículos de motor e motocicletas	3	9		99.000,00€	82,00%	18,00%
46	Comercio por xunto e intermediarios do comercio, agás vehículos de motor e motocicletas	6	16	2	211.584,00€	86,00%	14,00%
47	Comercio a retalho, agás vehículos de motor e motocicletas	2	5	2	73.102,00€	67,00%	33,00%
49	Transporte terrestre e por tubaxe	1	2	3	40.000,00€	52,00%	48,00%
50	Transporte marítimo e por vías navegables interiores						
51	Transporte aéreo						
52	Almacenamento e actividades anexas ao transporte						
53	Actividades postais e de correos						
55	Servizos de aloxamento						
56	Servizos de comidas e bebidas	4	10	4	26.100,00€	77,00%	23,00%
58	Edición						

■ Cadro 3.7
continuación
Sociedades laborais constituídas e número de socios de traballo e de capital. 2011

59	Actividades cinematográficas, de vídeo e de programas de televisión, gravación de son e edición musical						
60	Actividades de programación e emisión de radio e televisión						
61	Telecomunicacións						
62	Programación, consultaría e outras actividades relacionadas coa Informática						
63	Servizos de información						
64	Servizos financeiros, agás seguros e fondos de pensións						
65	Seguros, reaseguros e fondos de pensións, agás Seguridade Social obrigatoria						
66	Actividades auxiliares aos servizos financeiros e seguros						
68	Actividades inmobiliarias	1	2	1	75.000,00€	67,00%	33,00%
69	Actividades xurídicas e de contabilidade	2	4	3	63.100,00€	66,00%	34,00%
70	Actividades das sedes centrais; actividades consultoría de xestión empresarial	1	2	1	6.000,00€	67,00%	33,00%
71	Servizos técnicos de arquitectura e enxeñaría; ensaios e análises técnicas	2	6		135.000,00€	100,00%	
72	Investigación e desenvolvemento						
73	Publicidade e estudos de mercado	1	2	1	51.000,00€	67,00%	33,00%
74	Outras actividades profesionais, científicas e técnicas						
75	Actividades veterinarias						
77	Actividades de aluguer						
78	Actividades relacionadas co emprego						
79	Actividades de axencias de viaxes, operadores turísticos, servizos de reservas e actividades relacionadas con estes						
80	Actividades de seguranza e investigación						
81	Servizos a edificios e actividades de xardinaría	1	2	1	15.000,00€	67,00%	33,00%
82	Actividades administrativas de oficina e outras actividades auxiliares das empresas	1	2	1	45.000,00€	67,00%	33,00%
84	Administración pública e defensa; Seguridade Social obrigatoria						
85	Educación	2	5	1	24.030,00€	92,00%	8,00%
86	Actividades sanitarias						
87	Asistencia en establecementos residenciais						
88	Actividades de servizos sociais sen aloxamento						
90	Actividades de creación artísticas e espéctáculos	2	7	1	120.800,00€	70,00%	30,00%
91	Actividades de bibliotecas, arquivos, museos e outras actividades culturais						
92	Actividades de xogos de azar e apostas						
93	Actividades deportivas, recreativas e de entretemento						
94	Actividades asociativas						
95	Reparación de ordenadores, efectos persoais e artigos de uso doméstico						
96	Outros servizos persoais	2	4	2	24.000,00€	67,00%	33,00%
97	Actividades dos fogares como empregadores de persoal doméstico						
98	Actividades dos fogares como produtores de bens e servizos para uso propio						
99	Actividades de organizacións e organismos extraterritoriais						
Total		48	129	29	1.653.897,00 €		

Fonte: Anuario de Estadísticas Laborais. Ministerio de Empleo e Seguridade Social.

4.1 A poboación galega

Antes de entrar na análise da poboación desde a perspectiva do mercado laboral (poboacións activa, ocupada, desempregada, etc.) cómpre realizar un achegamento á situación demográfica de Galicia nos últimos anos, porque é un claro condicionante da evolución dalgunha das variables significativas para a análise do mercado de traballo.

4.1.1 Evolución da poboación

A evolución demográfica de Galicia, do conxunto do Estado e da Unión Europea desde o ano 2006 podemos vela no cadro 4.1. Sobrancearemos os seguintes aspectos:

Cadro 4.1
Poboación de Galicia, España e UE⁽¹⁾. 2006-2012

	2006	2007	2008	2009	2010	2011	2012
Galicia	2.767.524	2.772.533	2.784.169	2.796.089	2.797.653	2.795.422	2.778.913
España	44.708.964	45.200.737	46.157.822	46.745.807	47.021.031	47.190.493	47.212.990
UE (27 estados)	493.210,41	495.291,90	497.861,32	499.686,60	501.250,63	502.120,80	503.492,12

(1) Datos da UE en miles de habitantes.

Son provisionais os datos de 2012 para Galicia e España e de 2010 en diante para a UE. Datos a 1 de xaneiro de cada ano.

Fonte: INE (para os datos de Galicia e España) e EUROSTAT (para os datos de UE-27).

■ A poboación galega diminuíu por segunda vez (e fíxoo en anos consecutivos) no século XXI. En 2011 o descenso foi de 16.509 habitantes (un 0,6%, sextuplicando a porcentaxe de 2010: -0,1%). Foi a comunidade autónoma (á par da canaria) con maior intensidade da perda demográfica no último ano. Pola súa banda, medrou en 2011 a poboación total española (como en todos os anos analizados) pero fíxoo moi lixeiramente (en 22.497 habitantes), de xeito que tivo o menor crecemento do período analizado.

■ A suba acumulada da poboación galega desde o ano 2006 foi de 11.389 habitantes (un 0,41%) mentres que a española aumentou en valores absolutos nese período en 2.504.026 persoas (un 5,6%), polo que o seu ritmo de crecemento multiplicou por trece ao da poboación galega no último sexenio. Este dinamismo demográfico español foi superior ao da poboación da Unión Europea, na que subiu un 2,08% nese sexenio, algo máis da terceira parte do crecemento poboacional medio de España.

■ Como consecuencia da dispar dinámica demográfica de Galicia e o total estatal, a porcentaxe da poboación galega sobre a española baixou do 6,19% (a 1 de xaneiro de 2006) ao 5,89% (o mesmo día de 2012); esta perda de peso porcentual demográfico do último sexenio insírese nunha nidia traxectoria descendente da ponderación poboacional galega a longo prazo.

■ O peso relativo da poboación galega no total da Unión Europea pasou dun 0,56% (a día 1 de xaneiro de 2006) a un 0,55% (o mesmo día de 2012), mentres que a ponderación da poboación estatal na UE nese período pasou de representar un 9,10% a un 9,38%.

A desagregación dos datos por comunidades autónomas pódese ver no cadro 4.2, do que salientaremos:

Poboación⁽¹⁾ por comunidades autónomas a 1 de xaneiro de 2012

■ Cadro 4.2

	2012	Variación absoluta último ano	Variación relativa (%) último ano
Andalucía	8.437.681	13.579	0,2
Aragón	1.346.884	591	0,0
Asturias	1.077.090	-4.397	-0,4
Baleares	1.118.654	5.540	0,5
Canarias	2.115.049	-11.720	-0,6
Cantabria	593.620	499	0,1
Castela e León	2.543.413	-15.050	-0,6
Castela A Mancha	2.119.942	4.608	0,2
Cataluña	7.565.603	25.985	0,3
C. Valenciana	5.123.511	6.321	0,1
Estremadura	1.106.705	-2.662	-0,2
Galicia	2.778.913	-16.509	-0,6
Madrid	6.489.768	88	0,0
Murcia	1.472.837	2.768	0,2
Navarra	643.713	1.662	0,3
País Vasco	2.191.722	7.116	0,3
Rioxa (A)	323.302	347	0,1
Ceuta	83.820	1.444	1,8
Melilla	80.763	2.287	2,9
España	47.212.990	22.497	0,0

(1) As cifras son provisionais.
Fonte: INE. Padrón municipal de habitantes.

■ Cataluña, Andalucía e País Vasco rexistraron, por esta orde, os maiores aumentos de poboación (en valor absoluto) no último ano, no que cinco comunidades autónomas diminuíron a súa poboación: Galicia (en 16.509 habitantes, a maior diminución das comunidades autónomas), Castela-León, Canarias, Asturias e Estremadura.

■ Por porcentaxe de variación, as maiores subas –ademais das dúas *ciudades autónomas*– tivérona Baleares, Navarra, País Vasco e Cataluña, mentres que as maiores diminucións foron Galicia, Canarias e Castela-León.

■ As catro comunidades de máis poboación (Andalucía, Cataluña, Madrid e a Comunidade Valenciana, por esta orde) concentran a día 1 de xaneiro de 2012 un total de 27,6 millóns de habitantes, o que representa un 58,4% da poboación española. Galicia é a quinta comunidade polo seu tamaño poboacional, xusto por detrás da Comunidade Valenciana (aínda que moi lonxe dela) e por diante de Castela-León.

A desagregación por provincias da evolución da poboación de Galicia de 2005 a 2012 (cos datos do 1 de xaneiro) reflíctese no cadro 4.3: baixou ano tras ano nas provincias de Lugo (agás en 2008) e Ourense, mentres que subiu todos os anos menos o último en A Coruña e máis en Pontevedra. Velaí un bo xeito de constatar a *Galicia das dúas velocidades* demográficas, así como a reviravolta que se produciu no último ano, no que por primeira vez no século XXI diminuíu a poboación nas catro provincias de Galicia.

■ Cadro 4.3

Poboación. Galicia. Por provincias. 2005-2012

	2005	2006	2007	2008	2009	2010	2011	2012
A Coruña	1.126.707	1.129.141	1.132.792	1.139.121	1.145.488	1.146.458	1.147.124	1.143.359
Lugo	357.625	356.595	355.176	355.549	355.195	353.251	351.530	348.649
Ourense	339.555	338.671	336.926	336.099	335.642	335.219	333.257	330.151
Pontevedra	938.311	943.117	947.639	953.400	959.764	962.472	963.511	956.754
Galicia	2.762.198	2.767.524	2.772.533	2.784.169	2.796.089	2.797.653	2.795.422	2.778.913

Fonte: INE. Padrón municipal de habitantes. Datos a 1 de xaneiro de cada ano.
Datos de 2012, provisionais.

As perspectivas para a década seguinte non son precisamente de que se vaia producir unha reviravolta demográfica en Galicia, que posibilite un forte crecemento poboacional. No marco das proxeccións de poboación para o período 2011-2021, que anualmente elabora o INE e desagrega territorialmente o IGE ata o limiar das agrupacións de comarcas (en 20 áreas para toda Galicia), sobrancearemos que Galicia presentaría unha evolución de continua diminución poboacional, acumulando un decrecemento demográfico do 3,2%.

As provincias de Lugo (-7,5%) e Ourense (-7%) terían o baixón máis grande nese período 2011-2021, por riba do dobre da diminución media de Galicia, mentres que Pontevedra (-1,4%) e A Coruña (-2,4%) quedarían por baixo da media galega.

Nun maior nivel de desagregación territorial (o estudo en 20 áreas), é de salientar que só en tres áreas está previsto unha suba da poboación en 2021 respecto da que teñen en 2011: Santiago (3%), Pontevedra (1,5%) e Pontevedra Sur (0,3%); nunha área a poboación sería a mesma (O Morrazo) e nas outras 16 baixaría a poboación, marcando os máximos as áreas de Lugo oriental (-15,7%), O Carballiño- O Ribeiro (13,3%), Ourense central e Ourense sur (ambas cunha diminución poboacional do 11,5%).

4.1.2 A poboación estranxeira

A chegada de poboación do estranxeiro foi un dos fenómenos demográficos característicos da nosa sociedade (sobre todo no total estatal) na alborada do século XXI, sen esta afluencia de inmigrantes de outros Estados non é posible entender o notable aumento dos últimos anos na poboación ou a suba do índice de fecundidade.

■ Cadro 4.4

Poboación estranxeira en Galicia. 2005-2012

	2005	2006	2007	2008	2009	2010	2011	2012
	69.363	73.756	81.442	95.122	106.129	109.222	110.468	111.332

O dato de 2012 é provisional.
Fonte: INE. Padrón Municipal de Habitantes. Datos a 1 de xaneiro de cada ano.

No *Informe Sociolaboral de Galicia de 2010* sobranceabamos a forte suba da poboación estranxeira residente en Galicia do día 1 de xaneiro de 1998 ao mesmo día de 2010, xa que se quintuplicou (pasou de 19.693 a 109.222 persoas). O cadro 4.4 explicita que esa suba continuada e intensa da poboación estranxeira empadroada en Galicia deu paso a un crecemento moi lixeiro no último bienio (2.110 persoas).

No cadro 4.5 pódese ollar a desagregación provincial da poboación estranxeira que reside en Galicia a día 1 de xaneiro de 2012. Sobrancearemos que:

**Poboación estranxeira.
Galicia (e provincias) / España. 2012**

■ **Cadro 4.5**

A Coruña	39.614
Lugo	14.647
Ourense	16.915
Pontevedra	40.156
Galicia	111.332
España	5.711.040

Fonte: INE. Padrón municipal de habitantes. Datos a 1 de xaneiro.
Os datos son provisionais.

■ Nas provincias cun maior grao de desenvolvemento económico-social (A Coruña e Pontevedra) residen na actualidade 79.770 persoas estranxeiras; concentran un 71,7% do total de Galicia.

O cadro 4.6 permítelle ás persoas interesadas realizar o seguimento da evolución da poboación estranxeira en cada unha das comunidades autónomas (e no total español) no último trienio.

■ A poboación estranxeira inscrita nos padróns municipais de Galicia a 1 de xaneiro de 2012 segue a ser, como nos dous anos anteriores, un 3,9% da nosa poboación (menos da terceira parte da porcentaxe estatal: 12,1%).

■ Galicia ocupa, como nos anos anteriores, a penúltima posición no *ranking* das comunidades autónomas polo peso relativo da poboación estranxeira residente (a última é, un ano máis, Extremadura). Baleares e a Comunidade Valenciana encabezan a clasificación.

■ A participación de Galicia na poboación estranxeira total residente en España é actualmente un 1,95%, porcentaxe que supón un terzo do noso peso relativo poboacional no conxunto estatal.

■ No conxunto de Estado o número de persoas estranxeiras empadroadas baixou en 2011 por primeira vez no século XXI; a diminución foi de 40.447 persoas, fronte á suba de 864 persoas en Galicia.

■ Cadro 4.6

Poboación estranxeira. Por CCAA. 2010-2012

	2010	2011	2012
Andalucía	698.375	730.155	743.620
Aragón	172.015	171.193	170.956
Asturias	49.149	50.399	50.762
Baleares	241.704	242.812	242.138
Canarias	305.661	307.009	309.674
Cantabria	39.010	38.994	39.214
C. A Mancha	228.290	232.735	235.249
C. e León	167.597	172.816	172.298
Cataluña	1.193.283	1.185.852	1.183.907
C. Valenciana	884.622	880.782	879.166
Extremadura	38.747	41.719	42.318
Galicia	109.222	110.468	111.332
Madrid	1.071.292	1.067.585	1.009.926
Murcia	240.605	240.863	237.067
Navarra	70.931	71.600	69.148
País Vasco	139.229	145.256	151.162
Rioxa (A)	46.342	46.288	46.185
Ceuta	3.993	4.928	5.657
Melilla	8.873	10.033	11.261
España	5.708.940	5.751.487	5.711.040

Fonte: INE. Padrón Municipal.

Datos a 1 de xaneiro de cada ano. Os datos de 2012 son provisionais.

4.1.3 Movementos naturais de poboación

A posición relativa da variación natural da poboación galega entre as distintas comunidades autónomas no último ano reflíctese no cadro 4.7; velaí algúns trazos:

■ Galicia rexistrou no ano 2011 de novo o maior descenso absoluto (natural ou vexetativo) de poboación de todas as comunidades (desta volta, de 8.907 habitantes) e foi algo maior que no ano anterior (no que o descenso fora de 7.695 persoas).

■ No total estatal, pola contra, como nos anteriores anos, houbo un crecemento vexetativo (desta volta de 80.710 habitantes), pero foi moito menor que nos anos anteriores.

■ As comunidades autónomas con maior crecemento vexetativo en termos absolutos foron, de maior a menor suba en 2011, Madrid, Andalucía e Cataluña (ao igual que nos anos anteriores). As que seguiron a Galicia en números vermellos foron tamén as mesmas do ano anterior: Castela-León e Asturias.

**Crecemento natural. Nacementos e defuncións.
Por CC.AA. 2011**

■ Cadro 4.7

	Nacementos	Defuncións	Crecemento vexetativo
Madrid	70.373	41.716	28.657
Andalucía	89.583	65.762	23.821
Cataluña	81.301	60.196	21.105
C. Valenciana	49.530	40.657	8.873
Murcia	17.383	10.360	7.023
Canarias	17.196	13.321	3.875
Baleares	11.358	7.812	3.546
Castela A Mancha	21.284	18.238	3.046
Navarra	6.707	5.073	1.634
País Vasco	20.861	19.857	1.004
Melilla	1.401	475	926
Ceuta	1.138	502	636
A Rioxa	3.169	2.806	363
Extremadura	9.963	10.620	-657
Cantabria	5.308	5.640	-332
Aragón	12.606	13.781	-1.175
Asturias	7.696	12.741	-5.045
C. e León	19.882	27.191	-7.309
Galicia	21.691	30.598	-8.907
España	469.892	389.182	80.710

Fonte: INE. "Movimiento natural de población".

Se enxertamos os movementos naturais de poboación de Galicia do último ano na andaina a longo prazo, os datos do cadro 4.8 reflicten que houbo crecemento natural ata a segunda metade dos anos 80 e despois sempre foi negativo este saldo vexetativo, cunha diminución poboacional maior cada ano no último trienio que fai que en 2011 acadase o valor máis alto desde 2006.

**Movementos naturais de poboación.
Galicia. 1975-2011**

■ Cadro 4.8

	Nacementos	Defuncións	Crecemento natural
1975	43.850	25.834	18.016
1980	39.154	24.681	14.473
1985	28.427	26.295	2.132
1995	18.799	28.464	-9.665
2006	21.469	29.375	-7.906
2007	21.845	30.163	-8.318
2008	23.281	29.668	-6.387
2009	22.646	30.226	-7.580
2010	22.094	29.789	-7.695
2011	21.691	30.598	-8.907

Fonte: IGE e INE (INE Base).

Os datos absolutos de nacementos e mortes que vimos de comentar cobran máis sentido (a efectos de comparanzas con outros territorios) cando se pasan a datos relativos, en nacementos ou mortes por cada mil habitantes dunha comunidade. Os datos do cadro 4.9 reflicten que:

**Taxas de natalidade e mortalidade.
Por CC.AA. 2011**

■ Cadro 4.9

	Taxa de natalidade	Taxa de mortalidade
Andalucía	10,83	7,95
Aragón	9,58	10,48
Asturias	7,30	12,08
Baleares	10,40	7,15
Canarias	8,16	6,32
Cantabria	9,18	9,75
C. e León	8,00	10,95
Castela A Mancha	10,41	8,92
Cataluña	11,13	8,24
C. Valenciana	9,90	8,13
Extremadura	9,20	9,81
Galicia	7,94	11,20
Madrid	11,04	6,55
Murcia	11,81	7,04
Navarra	10,77	8,15
País Vasco	9,80	9,33
Rioxa, A	10,13	8,97
Ceuta	14,85	6,54
Melilla	18,66	6,33
España	10,16	8,40

Fonte: INE. "Movimiento natural de población".

■ A taxa de natalidade de Galicia en 2011 (7,94 por mil) segue a ser a penúltima do estado (por diante tan só da de Asturias, un ano máis) e está 2,22 puntos porcentuais por baixo da media española. As maiores taxas de natalidade tivérona en 2011 as dúas cidades autónomas e as seguintes comunidades autónomas: Murcia, Cataluña e Madrid.

■ A taxa de mortalidade galega no ano 2011 (11,20 mortes por cada mil habitantes), en cambio, é das maiores de España (só superada e pola de Asturias, como en anos anteriores) e quedou 2,80 puntos por riba en Galicia que na media estatal (8,40 puntos porcentuais máis que no ano anterior). Canarias presenta a menor taxa de mortalidade (6,32 por cada mil habitantes)

A negativa taxa de crecemento natural (ou vexetativo) galega en 2011 (-3,26 por mil) contrasta coa positiva suba media española (1,76 por mil). Sen dúbidas, o avellentamento da poboación galega está a pasar factura, especialmente nas dúas provincias orientais.

A análise para cada unha das provincias galegas dos nacementos e mortes reflicte que houbo *crecemento natural* (ou vexetativo) ata o ano 2009 tan só na provincia de

Pontevedra, pero coa reviravolta do último bienio nesa provincia, hai agora un *decremento natural* da poboación nas catro provincias galegas, que o cadro 4.10 explicita ben para o ano 2011.

**Crecemento natural. Nacementos e defuncións. Galicia.
Por provincias. 2011**

■ Cadro 4.10

	Nacementos	Defuncións	Crecemento vexetativo
Galicia	21.691	30.598	-8.907
A Coruña	9.371	12.035	-2.664
Lugo	2.194	4.936	-2.742
Ourense	1.979	4.763	-2.784
Pontevedra	8.147	8.864	-717

Fonte: INE. Movimiento natural de población.

A desagregación para as provincias galegas das taxas de natalidade, mortalidade e a variación natural ou vexetativa no ano 2011 e a súa comparanza coas medias estatal e galega figuran no cadro 4.11. Salientaremos que:

■ As taxas de natalidade están por baixo da media estatal nas catro provincias galegas; nas de Lugo e Ourense este índice demográfico é especialmente baixo, de xeito que están na penúltima e na antepenúltima posición dunha clasificación do total de provincias de España que pecha Zamora.

■ As taxas de mortalidade están por riba da media estatal nas catro provincias galegas. Ourense e Lugo (que superan en máis de tres puntos a media galega e en máis de seis puntos a media española) ocupan respectivamente a primeira e a segunda posición no total de provincias de España; son as únicas provincias cunha taxa de mortalidade superior ao 14 por mil (por riba do 13% está tamén Zamora).

■ Nas provincias de Lugo e Ourense as taxas de mortalidade son máis do dobre que as de natalidade, mentres que nas de A Coruña e, sobre todo, Pontevedra a diferenza é moito menor.

**Taxas de natalidade, mortalidade e crecemento vexetativo.
Galicia e provincias. España. 2011**

■ Cadro 4.11

	Natalidade	Mortalidade	Crecemento vexetativo
A Coruña	8,33	10,70	-2,37
Lugo	6,48	14,59	-8,11
Ourense	6,14	14,79	-8,65
Pontevedra	8,61	9,36	-0,75
Galicia	7,94	11,20	-3,26
España	10,16	8,40	1,76

Datos en tanto por mil.

Fonte: INE, Indicadores Demográficos Básicos.

No cadro 4.12 presentamos a desagregación nas provincias galegas das taxas de crecemento natural da poboación no último cuadrenio e a súa comparanza coa media estatal. Salientaremos que baixou este índice demográfico en 2011 nas catro provincias (mentres que en 2010 mellorara na provincia de A Coruña e no ano 2009 en dúas: Lugo e Ourense).

■ Cadro 4.12

Crecemento natural por 1.000 habitantes. Provincias galegas. España. 2008-2011

	2008	2009	2010	2011
A Coruña	-1,60	-2,72	-2,06	-2,37
Lugo	-7,67	-7,28	-7,56	-8,11
Ourense	-7,77	-7,17	-7,89	-8,65
Pontevedra	0,58	0,34	-0,25	-0,75
España	2,95	2,38	2,29	1,76

Fonte: INE, Indicadores Demográficos Básicos.

O estudo diacrónico do saldo vexetativo por cada 1.000 habitantes no último terzo de século en tres ámbitos territoriais (Galicia, Estado e UE) reflicte no cadro 4.13:

■ A fortísima diminución no período 1975-1995, especialmente intensa en Galicia e España.

■ O maior dinamismo demográfico español que o galego e máis que no conxunto da UE desde o final do anterior período.

■ Galicia presenta un coeficiente negativo da taxa de “crecemento” natural que estivo no abano entre o dous e o catro por mil desde hai dúas décadas; a Galicia minguante demograficamente (estudando natalidade e mortalidade, é dicir, polos movementos naturais da poboación) non deixa marxe para dúbidas.

■ Cadro 4.13

Saldo vexetativo⁽¹⁾ por 1.000 habitantes. Galicia, España, UE. 1975-2011

	1975	1985	1995	2005	2006	2007	2008	2009	2010	2011
UE	4,1	2,2	0,4	0,6	0,8	1	1,2	1	1	-
España	10,4	3,7	0,4	1,8	2,5	2,4	2,9	2,4	2,3	1,8
Galicia	6,6	0,8	-3,6	-3,0	-2,9	-3,0	-2,3	-2,4	-2,8	-3,3

(1) Nacementos menos defuncións.

Fonte: INE (“indicadores demográficos básicos”) e EUROSTAT.

As perspectivas para a década seguinte confirman esta tendencia a longo prazo de decrecemento poboacional. No marco das proxeccións de poboación para o período 2011-2021, que anualmente elabora o INE e desagrega territorialmente o IGE ata o limiar das agrupacións de comarcas (en 20 áreas para toda Galicia), sobrancearemos que segundo este estudo nacerían 194.572 persoas e morrerían 307.883 do ano 2011 ata o 2021. Galicia, xa que logo, tería un crecemento vexetativo de -113.309 persoas.

Cómpre salientar que nesta proxección demográfica, todas e cada unha das 20 áreas xeográficas en que divide Galicia, terían un saldo vexetativo negativo, cun abano que iría das -755 persoas de O Morrazo ás -11.978 da área Ferrol-Eume-Ortegal.

Como consecuencia da baixa natalidade e a alta mortalidade en Galicia nas últimas décadas, a idade media das persoas residentes en Galicia (45,4 anos) supera actualmente á media estatal (41,6 anos) en case catro anos. Especialmente alta é a idade media nas provincias de Ourense (49 anos) e Lugo (48,6). A menor idade media das persoas estranxeiras que residen en Galicia (35 anos) fai a súa achega para que a idade media da persoas residentes en Galicia non sexa aínda maior.

A evolución do número medio de fillos en España presentou un avance ininterrompido dende o ano 1999 ata 2008 (en que acadou o índice 1,46) e, aínda que baixou no último trienio ata quedar en 2011 en 1,35 (1,32 as mulleres españolas e 1,64 as estranxeiras), ocupa actualmente unha posición intermedia na UE-27 (tres décimas por baixo da media da UE), despois de estar na última posición na década final do século XX.

Cómpre lembrar o radical cambio deste indicador demográfico no Estado español no último cuarto do século XX: España ocupaba a segunda posición na clasificación por número de fillos por muller entre os Estados da UE-15 en 1976 (tras Irlanda) e dúas décadas despois estaba na última posición.

O último ano no que Galicia garantiu o relevo xeracional (para o que cómpre superar, aínda que sexa lixeiramente, os dous fillos por muller en idade fértil foi 1981. Trinta anos despois, o crecente envellecemento e a mingunte natalidade levaron a que Galicia esté, xunto con Asturias e Bucarest, entre as tres rexións con menores taxas de fertilidade de Europa.

A forte inmigración exterior e o maior número de fillos das mulleres estranxeiras son, indubidablemente, factores clave para explicar a forte suba do número medio de fillos por muller en España na primeira década do século XXI. Anque tamén perceptible, en Galicia este proceso acadou menor intensidade: un de cada cinco nacementos no trienio 2008-2011 en España foron de nai estranxeira, mentres que en Galicia a proporción quedouse na metade.

4.1.4 Movementos migratorios

Cuantitativamente os principais destinos dos desprazamentos da poboación residente en Galicia no ano 2010 foron, por esta orde: outras poboacións de Galicia (70%), outras comunidades autónomas (20,4%) e o estranxeiro (9,6%).

Os lugares de procedencia principais das altas nas variacións residenciais de Galicia no ano 2010 foron tamén outras localidades galegas (65,2%), e nos de fóra de Galicia (34,8%) houbo moitas menos persoas que veñen do estranxeiro (13.878, un 13,6%) que as procedentes doutras comunidades autónomas (21.611 habitantes, un 21,2%).

Pese ao predominante peso cuantitativo das migracións internas (a que cambia de residencia entre poboacións galegas) adoita centrarse a análise demográfica nos movementos migratorios externos (os que teñen por orixe ou destino poboacións de fóra de Galicia), que cualitativamente (por razóns culturais, de distancia, etc) teñen unha significación ben distinta que os desprazamentos humanos dentro de Galicia.

Cómpre subliñar, que, nunha proporción maior que na media estatal, persoas que estatisticamente “inmigran” agachan o retorno a Galicia de emigrantes (pola crise económica onde traballaban... ou porque lles chegou a idade da xubilación). As estatísticas certifican que ao redor dun 30% das persoas que viñeron a Galicia do estranxeiro nos últimos anos foron *emigrantes retornados*, o que confire unha clara peculiaridade á nosa “inmigración”.

Resulta lóxico que a inmigración de retorno sexa especialmente intensa en Galicia e noutras comunidades que no pasado perderon máis poboación debido á forte emigración; para interpretar axeitadamente os datos cómpre subliñar que dentro dos “retornados” inclúense todas as persoas con nacionalidade española que volven; na súa maioría naceron aquí, pero tamén figuran os seus fillos e as demais persoas ás que se lles recoñeceu a nacionalidade española.

■ Cadro 4.14

Inmigracións, emigracións e saldos migratorios. Galicia. 2009-2011

	Inmigracións	Emigracións	Saldo total	Inmigración intraestatal	Emigración intraestatal	Saldo intraestatal	Inmigración extraestatal	Emigración extraestatal	Saldo extraestatal
2009	102.449	91.751	10.698	87.314	82.376	4.938	15.135	9.375	5.760
2010	102.035	95.388	6.647	88.157	86.218	19.390	13.878	9.170	4.708
2011	100.435	95.627	4.808	86.588	86.310	278	13.847	9.317	4.530

Fonte: INE. Estatística de variacións residenciais. 2009.

Os datos do cadro 4.14 reflicten o total de movementos migratorios de Galicia no último trienio. Ao fío del destacaremos que:

■ O saldo migratorio total de 2011 foi positivo (en 4.808 persoas) un ano máis en Galicia, aínda que moito menor que en anos anteriores (6.647 persoas en 2010, 10.698 en 2009 e 17.810 en 2008).

■ Ao abeiro da consolidación dunha etapa de recesión que, indubidablemente, reduciu o “efecto chamada” no exterior; diminuíu intensamente a chegada a Galicia de persoas (españolas ou doutros Estados) procedentes do estranxeiro, pois pasou de 23.833 persoas na media do trienio 2006-2008 a 14.287 no trienio: 2009-2011. Cómpre non esquecer que a intensa chegada de persoas doutros Estados foi a auténtica protagonista na primeira década do século XXI dun cambio demográfico moi importante en España (e tamén en Galicia, aínda que de xeito máis contido) pero esa traxectoria está a cambiar coa crise económica: se no trienio 2006-2008 a chegada media a Galicia de persoas estranxeiras foi de 18.714 persoas, no último trienio baixo a 10.874.

■ A saída para o estranxeiro de persoas desde Galicia (fosen españolas ou non), pola súa banda, medrou con forza desde o comezo da crise económica actual; foi na media do último trienio de 9.287 persoas (cunha variación mínima dun ano a outro) mentres que no sexenio 2003-2008, en plena expansión económica, era só algo máis da terceira parte (3.429 persoas).

■ A emigración cara ao estranxeiro de persoas de nacionalidade española residentes en Galicia subiu, ano tras ano, no último cuadrienio. Se en 2007 foi de 2.452 persoas, en 2011 foi case o dobre (4.323). A ninguén se lle escapa que boa parte delas son persoas moi cualificadas (licenciados e diplomados universitarios, técnicos de formación profesional, etc.) que buscan no estranxeiro o traballo que non atopan en España, o que confire a esta “nova emigración” un carácter moi distinto do que tivo, por exemplo, na década dos 60 do pasado século.

■ A diferenza do que ocorreu nos sete primeiros anos do século XXI (agás en 2005), o saldo migratorio de Galicia coas outras comunidades autónomas do Estado foi sempre positivo no cuadrienio 2008-2011 (aínda que decrecente, e moi lixeiro no último ano: 278 habitantes). O dato agacha o retorno desde que comezou a actual recesión económica de moitas persoas galegas que, ao fío da expansión económica dos anos anteriores, se foran a traballar a Canarias, Madrid, Barcelona e doutros destinos dentro do Estado español.

O cadro 4.15 recolle a visión desagregada territorialmente dos saldos migratorios das comunidades autónomas no ano 2011, diferenciando o intraestatal e máis o extraestatal. O saldo total galego foi positivo en 4.808 persoas (foi negativo só en tres comunidades), e tivo como vector principal o positivo saldo extraestatal (4.530 persoas), que foi negativo só en dúas comunidades autónomas.

**Saldos migratorios. Intraestatal e extraestatal.
Por CC.AA. 2011**

■ Cadro 4.15

	Saldo total	Saldo intraestatal	Saldo extraestatal
España	84.146	0	84.146
Andalucía	21.144	-2.866	24.010
Aragón	3.796	-1.017	4.813
Asturias	2.915	157	2.758
Baleares	1.317	269	1.048
Canarias	12.904	-1.209	14.113
Cantabria	1.353	177	1.176
C. e León	-1.047	-5.656	4.609
C. A Mancha	5.070	148	4.922
Cataluña	17.375	-182	17.557
C. Valenciana	10.178	-3.540	13.718
Extremadura	1.301	-649	1.950
Galicia	4.808	278	4.530
Madrid	-10.804	8.377	-19.181
Murcia	-1.225	-815	-410
Navarra	2.147	922	1.225
País Vasco	9.568	4.780	4.788
A Rioxa	579	-419	998
Ceuta	954	225	729
Melilla	1.813	1.020	793

Fonte: INE. Estatística de variacións residenciais.

Andalucía, Cataluña, Canarias encabezan, por esta orde, a clasificación por saldo positivo dos movementos migratorios das comunidades autónomas mentres que no outro extremo están Madrid e Murcia.

Nas variacións residenciais debidas a movementos poboacionais dentro de España, Madrid e País Vasco teñen os dato máis positivos mentres que o dato máis negativo é o de Castela-León.

Ademais da visión estática dos saldos migratorios por comunidades autónomas do cadro anteriores, o 4.16 aporta unha visión dinámica que nos permite visualizar a evolución na última década dos saldos migratorios intraestatais.

■ Cadro 4.16

Saldo migratorio intraestatal. Por CC.AA. 2001-2011

	2001	2002	2003	2004	2005	2006	2007	2008	2009	2010	2011
Andalucía	-1.932	3.062	10.670	13.909	12.175	6.079	1.621	444	2.150	1.089	-2.866
Aragón	-4	-1.218	-597	461	239	-492	511	373	-1.978	-1.649	-1.017
Asturias	-2.127	-2.337	-839	-820	-696	-708	857	1.956	528	-250	157
Baleares	8.376	5.542	-978	-1.335	1.360	3.712	4.333	3.245	-14	-1.247	269
Canarias	3.952	1.646	1.501	980	-127	-400	-2.182	-6.159	-6.784	-4.670	-1.209
Cantabria	1.566	1.513	2.379	1.658	1.164	1.371	1.944	1.187	524	310	177
C. e León	3.420	8.977	12.410	12.232	14.618	17.802	-4.771	-4.848	-2.997	-1.624	-5.656
C. A Mancha	-6.635	-5.234	-5.017	-4.457	-4.155	-2.395	14.242	12.537	6.691	6.761	148
Cataluña	1.458	1.549	1.017	-2.988	-9.776	-11.762	-10.641	-4.082	-2.827	-781	-182
C. Valenciana	13.434	15.370	15.502	16.600	15.362	13.392	14.523	-770	-6.291	-3.808	-3.540
Extremadura	-3.375	-3.009	-1.285	-390	-1.368	-203	-1.256	-339	1.644	557	-649
Galicia	-4.229	-3.652	-3.627	-1.877	93	-1.438	-1.336	3.080	4.938	1.939	278
Madrid	-9.748	-18.108	-27.856	-33.331	-29.994	-23.542	-16.538	-10.373	-2.200	-1.017	8.377
Murcia	-620	833	191	3.558	5.395	2.541	-574	139	1.469	-631	-815
Navarra	458	136	-15	126	323	696	2.094	2.019	1.674	1.725	922
País Vasco	-3.866	-3.549	-2.922	-3.590	-3.707	-4.843	-3.809	462	1.869	2.157	4.780
A Rioxa	814	248	977	1.003	42	604	1.146	600	-537	-249	-419
Ceuta	-319	-814	-796	-1.024	-577	-221	-379	171	874	343	225
Melilla	-623	-955	-715	-715	-371	-193	215	358	1.267	1.045	1.020
España	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0

Fonte: INE. Estadística de variacións residenciais.

Salientaremos, no tocante a Galicia, que este saldo migratorio das variacións residenciais que non superan as fronteiras de España presentou signo negativo no período 2001-2007 (agás en 2005, de lixeiro saldo positivo) e positivo no cuatrienio 2008-2011 (aínda que certamente menos intenso no último bienio).

A desagregación provincial recollida no cadro 4.17 reflicte que no ano 2011:

■ Foi negativo en tres provincias galegas o saldo das variacións residenciais dentro de España. A Coruña foi a provincia que tivo saldo positivo, cun valor absoluto que reborda ao acumulado polas outras tres provincias.

■ Nos movementos migratorios co estranxeiro foi positivo o saldo das catro provincias galegas: A Coruña e Pontevedra presentaron os maiores valores.

■ Cadro 4.17

Inmigracións, emigracións e saldos migratorios de Galicia. Por provincias. 2011

	Inmigración intraestatal	Emigración intraestatal	Saldo intraestatal	Inmigración extraestatal	Emigración extraestatal	Saldo extraestatal
A Coruña	37.981	37.143	838	5.734	3.627	2.107
Lugo	9.632	9.715	-83	1.539	938	601
Ourense	12.880	13.009	-129	2.313	1.664	649
Pontevedra	26.095	26.443	-348	4.261	3.088	1.173

Fonte: INE. Estatística de variacións residenciais.

Aínda que os datos de movementos migratorios que ofrece o Instituto Galego de Estatística rematan (no tempo en que pechamos a redacción deste informe Sociolaboral) no ano 2010, é importante a súa utilización porque afonda máis na desagregación de aspectos que non figuran tan polo miúdo nas estatísticas que presenta o INE.

Emigración externa de Galicia en los grupos de edad de 25 a 34 años. 2003-2010

■ Cadro 4.18

	25 a 34 anos	35 a 44 anos
2003	7.803	3.481
2004	8.070	3.649
2005	8.120	3.704
2006	9.090	4.104
2007	9.884	4.834
2008	9.534	4.705
2009	9.729	5.145
2010	9.777	5.485

Fonte: IGE, a partir dos ficheiros facilitados polo INE: Estatística de variacións residenciais.

Un bo exemplo é a desagregación por grupos de idade. Centrarémonos na evolución nos últimos anos das persoas residentes en Galicia de entre 25 e 44 anos que emigraron (fose a outro Estado ou a outra comunidade autónoma). O cadro 4.18 reflicte que:

O rexistro da emigración externa da idade sinalada (25 a 44 anos) medrou con forza nos últimos anos: a evolución foi ascendente todos os anos agás en 2008; no ano 2010 fóronse de Galicia 3.978 persoas máis de 35 a 44 anos que en 2003 (35,3% de suba).

No grupo de idade de 25 a 34 anos a emigración externa das persoas residentes en Galicia creceu desde o ano 2003 todos os anos agás en 2008; no ano 2010 fóronse de Galicia 1.974 persoas máis deste grupo de idade que en 2003 (25,3% de suba).

O rexistro da emigración externa das persoas de 35 a 44 anos que cambiaron a súa residencia para fóra de Galicia desde o ano 2003 medrou con especial intensidade: a evolución foi ascendente todos os anos agás en 2008; no ano 2010 fóronse de Galicia 2.004 persoas máis deste grupo de idade que en 2003 (57,6% de suba).

Afondando máis nos datos, das 28.842 persoas residentes en Galicia que emigraron no ano 2010 fóra dela (fose ao estranxeiro ou a outra comunidade autónoma), 15.262 tiñan entre 25 e 44 anos (un 52,9%). Deles, 4.534 deixaron a nosa comunidade autónoma para irse ao estranxeiro e 10.728 fóronse a outras comunidades autónomas.

Das 9.170 persoas que emigraron desde Galicia ao estranxeiro no ano 2010, case a metade (4.618 persoas, un 49,5%) tiñan entre 25 e 44 anos mentres que en 2003 a porcentaxe dese grupo de idade era do 39,9%. Das 899 persoas do ano 2003 nesas idades pasouse ás 4.534 do 2010 (un crecemento acumulado de 3.635 persoas (nada menos que un 404%).

No grupo de idade de 25 a 34 anos a emigración ao estranxeiro das persoas residentes en Galicia creceu ininterrompidamente desde o ano 2003; en 2010 fóronse de Galicia 2.704 persoas destas idades, 2.145 máis que en 2003 (383,73% de suba).

No tocante á emigración ao estranxeiro das persoas de 35 a 44 anos desde o ano 2003 medrou con especial intensidade e a evolución foi ascendente todos os anos; no ano 2010 fóronse de Galicia 1.830 persoas deste grupo de idade, 1.490 máis que en 2003 (538,2% de suba).

A desagregación por provincias certifica que das 4.534 persoas de 25 a 44 anos que abandonaron Galicia para irse ao estranxeiro no ano 2010, a maior achega foi a de A Coruña (1.785 persoas), seguida de Pontevedra (1.500), Ourense (779) e Lugo (470).

É doado comprender os importantes recursos (financeiros –investimento na súa formación– e máis en capital humano perdidos) que supón para Galicia esta situación. Despois de afrontar a formación especializada de moitas persoas, ter que observar despois como van deixar o valor engadido polo seu traballo fóra de Galicia. Cómpre realizar un esforzo especial para procurar xerar en Galicia nos anos vindeiros os postos de traballo que permitan que os que opten pola saída de Galicia sexa por propia vontade, non expulsados pola falla de futuro laboral na súa terra. E, no sector máis cualificado deses profesionais, o apoio con investimentos en I+D+i é fundamental, potenciando os programas xa consolidados e poñendo en marcha outro.

4.2 Resumo das principais variables laborais

Comezaremos o estudo do mercado de traballo en Galicia co resumo da evolución no último cuadrienio en Galicia das poboacións activa, ocupada, desempregada e inactiva.

Os datos do cadro 4.19 explicitan que no ano 2011:

- A poboación activa galega subiu lixeiramente, a diferenza do ano anterior.
- A poboación ocupada de Galicia baixou por segundo ano consecutivo, anque con menos intensidade que en 2011.
- O paro estimado pola EPA de Galicia medrou sempre no último cuadrienio; en 2011 con menos forza (20,7%) que nos anos 2010 ou 2009.
- A poboación inactiva baixou, a diferenza do ano 2010.

■ Cadro 4.19

Poboación de alomenos 16 anos, por actividade económica.Galicia. 2007-2011

	2007	2008	2009	2010	2011
Poboación activa	1.292,0	1.314,8	1.317,4	1.300,9	1.311,2
Poboación ocupada	1.193,4	1.200,1	1.151,4	1.100,7	1.083,0
Poboación parada	98,7	114,7	165,9	200,3	228,3
Poboación inactiva	1.088,9	1.072,8	1.068,9	1.082,4	1.065,8

Datos en miles. Medias anuais. Metodoloxía EPA 2005.

Fonte: INE. EPA. Elaboración polo IGE a partir dos ficheiros proporcionados polo INE.

A diferenciación por sexos figura no cadro 4.20; salientaremos que as mulleres seguen a ser maioría só na poboación inactiva, e son menos que os homes nas tres variables vencelladas ao mercado laboral: poboacións activa, ocupada e desempregada (con pouca diferenza nesta última).

■ Cadro 4.20

Poboación de 16 e máis anos por sexo e relación coa actividade económica. Galicia. 2009-2011

	2009			2010			2011		
	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres
Poboación activa	1.317,4	712,5	604,8	1.300,9	703,6	597,3	1.311,2	699,8	611,4
Poboación ocupada	1.151,4	628,7	522,7	1.100,7	600,8	499,9	1.083,0	583,4	499,5
Poboación parada	165,9	83,8	82,1	200,3	102,9	97,4	228,3	116,4	111,8
Poboación inactiva	1.068,9	427,6	641,3	1.082,4	434,7	647,8	1.065,8	453,3	630,4

Datos en miles. Medias anuais. Metodoloxía EPA 2005.

Fonte: INE. EPA. Elaboración polo IGE.

4.3 Poboación activa e taxa de actividade

Neste apartado afondaremos no estudo da poboación activa galega coa análise da evolución nos últimos anos da poboación activa, da *taxa de actividade* (porcentaxe de persoas activas respecto da poboación de polo menos dezaseis anos) e da distribución da poboación activa por provincias.

Comezaremos o estudo da poboación activa coa presentación da súa evolución por comunidades autónomas no último trienio. O cadro 4.21 reflicte:

■ A suba da poboación activa de Galicia en 2011 (1,3%), mentres que houbo unha estabilización na media estatal. O maior crecemento porcentual foi o de Canarias, e o maior descenso, o das cidades autónomas.

■ A participación de Galicia na poboación activa de España en 2011 é do 5,7%, unha décima máis que no ano anterior e dúas décimas por baixo do peso relativo da nosa comunidade no total de habitantes do Estado.

■ Cadro 4.21

Poboación activa. Por CC.AA. 2009-2011

	Valores absolutos Miles			Distribución porcentual			Porcentaxe variacións anuais		
	T IV 09	T IV 10	T IV 11	T IV 09	T IV 10	T IV 11	T IV 09	T IV 10	T IV 11
Andalucía	3.927,5	3.976,5	3.998,1	17,1	17,2	17,3	0,6	1,2	0,5
Aragón	653,9	643,6	649,8	2,8	2,8	2,8	-1,6	-1,6	1,0
Asturias	481,3	477,5	478,7	2,1	2,1	2,1	-2,1	-0,8	0,3
Baleares	575,2	578,6	581,5	2,5	2,5	2,5	2,0	0,6	0,5
Canarias	1.092,1	1.085,6	1.105,4	4,8	4,7	4,8	3,5	-0,6	1,8
Cantabria	277,1	274,8	279,2	1,2	1,2	1,2	-1,6	-0,8	1,6
Castela e León	1.176,2	1.183,6	1.174,4	5,1	5,1	5,1	-0,9	0,6	-0,8
Castela A Mancha	978,2	990,4	1.004,4	4,3	4,3	4,4	1,3	1,2	1,4
Cataluña	3.779,5	3.820,3	3.782,2	16,5	16,5	16,4	-2,0	1,1	-1,0
C. Valenciana	2.552,8	2.513,8	2.520,3	11,1	10,9	10,9	-0,7	-1,5	0,3
Extremadura	483,6	497,0	494,1	2,1	2,2	2,1	0,1	2,8	-0,6
Galicia	1.307,3	1.296,6	1.313,3	5,7	5,6	5,7	-1,3	-0,8	1,3
Madrid	3.396,3	3.440,4	3.366,8	14,8	14,9	14,6	-0,2	1,3	-2,1
Murcia	718,9	747,4	743,9	3,1	3,2	3,2	-0,9	4,0	-0,5
Navarra	305,8	306,8	307,8	1,3	1,3	1,3	-1,0	0,3	0,3
País Vasco	1.048,0	1.054,4	1.058,7	4,6	4,6	4,6	-1,5	0,6	0,4
A Rioxa	158,6	155,9	156,0	0,7	0,7	0,7	-0,9	-1,7	0,1
Ceuta e Melilla	60,1	61,7	36,2	0,3	0,3	0,2	3,1	2,7	-41,3
España	22.972,4	23.104,8	23.081,2	100,0	100,0	100,0	-0,4	0,6	-0,1

* Os datos correspóndense coas series revisadas segundo a nova metodoloxía EPA-2005 (cambio de base de poboación).

Fonte: INE, EPA 4º trimestre de cada ano (cadro tomado do MESS: Coyuntura Laboral Nº 100, febreiro 2012).

No cadro 4.22 ofrecemos os datos da poboación activa das provincias galegas no último cuadrienio; subliñaremos que:

■ En 2011 a poboación activa subiu en todas as provincias (moi lixeiramente na de Ourense) menos na provincia de Lugo.

■ No período analizado, na provincia de A Coruña creceu sempre a poboación activa agás no ano 2010.

Poboación activa. Por provincias. 2007-2011

■ Cadro 4.22

	2007	2008	2009	2010	2011
A Coruña	539,3	551,3	564,7	551,5	559,9
Lugo	150,7	154,1	152,0	158,1	156,5
Ourense	147,0	144,5	136,6	138,6	138,9
Pontevedra	455,6	464,8	464,0	452,8	455,9

Datos en miles. Medias anuais. Metodoloxía: EPA 2005.

Fonte: INE, EPA. Elaboración do IGE.

O cadro 4.23 amosa que, cos valores do cuarto trimestre de 2011:

■ A taxa de actividade subiu no último ano en Galicia en 0,9 puntos porcentuais, mentres que na media de España estabilizouse; o diferencial reduciuse, pois, e quedou en 4,7 puntos porcentuais a prol do dato estatal (nove décimas por baixo que en 2010).

■ As maiores taxas de actividade presentáronas en 2011, de novo, Baleares, Madrid e Cataluña; as menores foron as de Asturias e Extremadura.

Taxas de actividade. Por comunidades autónomas. 2009-2011

■ Cadro 4.23

	Valores das taxas En porcentaxe			Variacións anuais en puntos porcentuais		
	T IV 09	T IV 10	T IV 11	T IV 09	T IV 10	T IV 11
Andalucía	58,3	58,7	58,9	-0,1	0,4	0,1
Aragón	58,8	57,9	58,6	-0,8	-0,8	0,7
Asturias	51,6	51,4	51,7	-1,0	-0,2	0,4
Baleares	64,5	64,4	64,4	0,7	-0,1	0,0
Canarias	62,9	62,1	62,7	1,6	-0,8	0,6
Cantabria	56,0	55,6	56,6	-0,9	-0,4	1,0
C. A Mancha	57,7	58,2	58,9	0,4	0,5	0,8
C. León	54,6	55,2	55,0	-0,2	0,6	-0,1
Cataluña	62,2	62,9	62,5	-1,1	0,6	-0,4
C. Valenciana	61,2	60,2	60,4	-0,4	-1,0	0,1
Estremadura	53,4	54,8	54,4	-0,1	1,4	-0,4
Galicia	54,8	54,4	55,3	-0,7	-0,4	0,9
Madrid	64,7	65,3	63,8	-0,4	0,7	-1,5
Murcia	60,8	62,9	62,3	-1,2	2,2	-0,6
Navarra	59,7	59,8	59,8	-0,9	0,1	0,1
País Vasco	57,4	57,9	58,6	-0,7	0,5	0,7
A Rioxa	60,0	59,3	59,7	-0,1	-0,6	0,3
Ceuta e Melilla	53,2	53,6	56,5	0,1	0,7	5,8
España	59,7	59,7	60,0	-0,4	0,2	-0,1

Fonte: INE, EPA 4º trimestre de cada ano.

Cadro tomado de: *Ministerio de Empleo e Seguridade Social, Coyuntura Laboral*, nº 100, febreiro 2012.

A desagregación por sexos das taxas de actividade galega no último quinquenio que figura no cadro 4.24 reflicte que, en medias anuais, nos homes baixou unha décima en 2011 e nas mulleres subiu 1,2 puntos.

Como consecuencia desa evolución, no último ano baixou en 1,3 puntos porcentuais o diferencial entre as taxas de actividades masculina e feminina, pero segue a ser aínda moi alto (12,5 puntos) a prol dos homes.

Taxa de actividade. Por sexo. Galicia 2005-2011

■ Cadro 4.24

	Total	Homes	Mulleres
2005	53,0	62,6	44,3
2006	53,6	62,2	45,8
2007	54,2	63,3	46,0
2008	55,1	63,7	47,2
2009	55,2	62,5	48,5
2010	54,6	61,8	48,0
2011	55,2	61,7	49,2

Medias anuais. Metodoloxía EPA 2005.

Fonte: INE, EPA. Elaboración polo IGE.

A diferenza por sexos das taxas de actividade no último bienio en cada unha das provincias figura no cadro 4.25, no que subliñaremos que:

■ A taxa de actividade global subiu en 2011 nas provincias de A Coruña, Ourense e Pontevedra, mentres que baixou lixeiramente na de Lugo.

■ A análise cruzada das taxas de actividade por sexo e provincia subliña que en 2011 subiu nas catro provincias a feminina e en ningunha das catro subiu a masculina. As taxas de actividade seguen a ser especialmente baixas nas dúas provincias de menor desenvolvemento económico (Lugo e Ourense), sobre todo nesta última.

Taxa de actividade. Por sexo e provincia. 2008-2011

■ Cadro 4.25

	Total	Homes	Mulleres
2008			
A Coruña	56,2	65,2	48,1
Lugo	49,8	57,1	43,0
Ourense	49,7	57,4	42,5
Pontevedra	57,6	66,7	49,3
2009			
A Coruña	57,6	64,5	51,3
Lugo	49,4	55,7	43,5
Ourense	47,3	54,0	41,2
Pontevedra	57,4	65,7	49,7
2010			
A Coruña	56,2	63,3	49,9
Lugo	52,0	57,8	46,5
Ourense	48,1	55,1	41,9
Pontevedra	55,8	63,9	48,4
2011			
A Coruña	57,2	63,3	51,6
Lugo	51,9	57,3	46,9
Ourense	48,6	54,8	42,8
Pontevedra	56,3	63,8	49,5

Medias anuais. Metodoloxía EPA 2005.
Fonte: INE, EPA. Elaboración do IGE.

4.4 A poboación ocupada

De forma semellante ao estudo que no anterior epígrafe fixemos coa poboación activa, centrarémonos agora na poboación ocupada; en primeiro lugar estudaremos a súa evolución (e a da taxa de ocupación) no último trienio nas distintas comunidades autónomas, para posteriormente analizar cómo se distribúe en Galicia a poboación ocupada por sexos, provincias, sectores económicos, grupos de idade e situación profesional.

4.4.1 Poboación ocupada e taxa de ocupación

O cadro 4.26 preséntanos os datos da poboación ocupada en cada unha das comunidades autónomas no cuarto trimestre ao longo do último trienio, así como a variación que en termos relativos presentou cada unha delas. Salientaremos que:

■ O emprego, que baixara en todas as comunidades en 2009 e subira en 2010 só en dúas (País Vasco e Murcia) medrou en 2011 na comunidade de Cantabria e nas dúas cidades autónomas. A maior intensidade na destrución de emprego presentárona no último ano Extremadura, Madrid e Cataluña.

■ Da perda de 600.700 empregos netos no ano 2011 en toda España, 20.200 destruíronse en Galicia (un 3,4%).

■ A diferenza do ano anterior (en que Galicia triplicara a porcentaxe de caída media do emprego estatal) en 2011 baixou moito menos o emprego en Galicia (1,8%) que na media estatal (3,3%).

A participación de Galicia no total de ocupación española en 2011 quedou no 6% (unha décima máis que no ano anterior), practicamente na mesma porcentaxe do noso peso demográfico no conxunto do Estado (5,9%).

Poboación ocupada. Por comunidades autónomas. 2009-2011

■ Cadro 4.26

	Valores absolutos (miles)			Distribución porcentual			Variacións anuais		
							%	%	%
	T IV 09	T IV 10	T IV 11	T IV 09	T IV 10	T IV 11	T IV 09	T IV 10	T IV 11
Andalucía	2.893,5	2.849,1	2.749,6	15,5	15,5	15,4	-5,3	-5,3	-3,5
Aragón	567,0	540,3	540,4	3,0	2,9	3,0	-5,7	-4,7	0,0
Asturias	412,7	398,0	388,2	2,2	2,2	2,2	-6,8	-3,6	-2,5
Baleares	462,8	540,0	434,9	2,5	2,4	2,4	-6,4	-2,8	-3,4
Canarias	798,2	771,2	763,5	4,3	4,2	4,3	-4,1	-3,4	-1,0
Cantabria	242,1	233,8	234,7	1,3	1,3	1,3	-5,6	-3,4	0,4
C. A Mancha	790,2	779,2	758,8	4,2	4,2	4,3	-3,8	-1,4	-2,6
C. León	1.009,7	996,8	972,8	5,4	5,4	5,5	-4,1	-1,3	-2,4
Cataluña	3.136,4	3.133,5	3.006,8	16,8	17,0	16,9	-7,7	-0,1	-4,0
C. Valenciana	1.976,8	1.937,9	1.879,0	10,6	10,5	10,6	-9,7	-2,0	-3,0
Extremadura	380,8	378,2	352,8	2,0	2,1	2,0	-4,0	-0,7	-6,7
Galicia	1.138,9	1.093,1	1.072,9	6,1	5,9	6,0	-4,7	-4,0	-1,8
Madrid	2.897,8	2.898,4	2.743,4	15,5	15,7	15,4	-5,2	0,0	-5,3
Murcia	557,4	560,6	544,8	3,0	3,0	3,1	-9,0	0,6	-2,8
Navarra	273,6	271,1	265,3	1,5	1,5	1,5	-3,6	-0,9	-2,1
País Vasco	924,9	939,5	925,3	5,0	5,1	5,2	-5,2	1,6	-1,5
A Rioxa	136,9	131,4	126,8	0,7	0,7	0,7	-5,3	-4,0	-3,5
Ceuta e Melilla	46,1	46,0	47,5	0,2	0,2	0,3	-5,3	-0,2	3,3
España	18.645,9	18.408,2	17.807,5	100,0	100,0	100,0	-6,1	-1,3	-3,3

Fonte: INE, EPA 4º trimestre de cada ano.

Cadro tomado de: *Ministerio de Empleo e Seguridade Social, Coyuntura Laboral*, nº 100, febreiro 2012.

A análise da taxa de ocupación (porcentaxe de poboación con emprego respecto da poboación de dezaseis ou máis anos) reflicte no cadro 4.27 que no ano 2011:

■ Presentou en Galicia un descenso de 0,7 puntos respecto do ano anterior; diminución menor que a rexistrada na media estatal (-1,6%).

■ Na desagregación por comunidades autónomas, destacaron en 2011 os descensos das taxas de ocupación en Madrid e Extremadura, mentres que só medrou a taxa de emprego en Cantabria, Aragón e as cidades autónomas.

■ A taxa de emprego de Galicia segue a ser en 2011 menor que a estatal, aínda que o diferencial (un punto) é practicamente a metade que no ano anterior.

■ Cadro 4.27

Taxas de ocupación. Por comunidades autónomas. 2009-2011

	Valores das taxas En porcentaxe			Variacións anuais En puntos porcentuais		
	T IV 09	T IV 10	T IV 11	T IV 09	T IV 10	T IV 11
Andalucía	43,0	42,1	40,5	-2,7	-0,9	-1,6
Aragón	51,0	48,7	48,7	-3,0	-2,3	0,1
Asturias	44,2	42,8	42,0	-3,1	-1,4	-0,9
Baleares	51,9	50,1	48,1	-4,1	-1,8	-1,9
Canarias	46,0	44,1	43,3	-2,3	-1,9	-0,8
Cantabria	49,0	47,3	47,6	-3,0	-1,6	0,3
C. A Mancha	47,0	45,8	44,5	-2,2	-0,9	-1,3
C. León	46,9	46,5	45,6	-1,8	-0,4	-0,9
Cataluña	51,7	51,6	49,7	-4,2	-0,1	-1,9
C. Valenciana	47,4	46,4	45,0	-5,1	-1,0	-1,4
Extremadura	42,0	41,7	38,9	-1,9	-0,4	-2,8
Galicia	47,7	45,9	45,2	-2,3	-1,8	-0,7
Madrid	55,2	55,0	52,0	-3,3	-0,2	-3,0
Murcia	47,1	47,2	45,6	-5,2	0,1	-1,5
Navarra	53,4	52,8	51,5	-2,3	-0,6	-1,3
País Vasco	50,7	51,6	51,2	-2,6	0,9	-0,4
A Rioxa	51,8	50,0	48,5	-2,5	-1,7	-1,5
Ceuta e Melilla	40,7	40,0	40,5	-3,7	-0,7	0,6
España	48,5	47,8	46,2	-3,3	-0,7	-1,6

Fonte: INE, EPA 4º trimestre de cada ano.

Cadro tomado de: *Ministerio de Empleo e Seguridade Social, Coyuntura Laboral*, nº 100, febreiro 2012.

A desagregación por sexos das taxas de emprego de Galicia que figuran no cadro 4.28 para o último sexenio reflicte que:

■ Nos homes, en 2011 baixou 1,4 puntos porcentuais respecto do ano anterior; mentres que nas mulleres subiu unha décima.

■ Como consecuencia desa evolución, no último ano reduciuse en 1,5 puntos (o triplo que no ano 2010) o diferencial entre as taxas de actividades masculina e feminina, e a diverxencia (11,2 puntos a prol dos homes), con ser grande, é a menor do sexenio analizado (superaba os 18 puntos aínda en 2007).

Taxas de ocupación. Por sexo. Galicia. 2006-2011

■ Cadro 4.28

	Taxa de ocupación		
	Total	Homes	Mulleres
2006	49,1	58,4	40,5
2007	50,1	59,7	41,4
2008	50,3	59,0	42,3
2009	48,3	55,1	41,9
2010	46,2	52,8	40,1
2011	45,6	51,4	40,2

Medias anuais. Metodoloxía EPA 2005.
Fonte: INE, EPA. Elaboración do IGE.

A análise da taxa de ocupación das provincias galegas (coa súa diferenciación por sexos) do cadro 4.29 amosa que:

■ A provincia de A Coruña presenta de novo en 2011 a maior taxa global de emprego (do 48%), 8,1 puntos porcentuais superior á da provincia en que é menor esta taxa (Ourense).

■ Na desagregación por sexos e provincias, constátase que nas mulleres a taxa de ocupación é especialmente baixa na provincia de Ourense, que en 2011 queda 8,2 puntos porcentuais por baixo da provincia en que é maior esta taxa (A Coruña).

■ A análise cruzada por sexos e provincias en 2011 reflicte que a taxa de emprego feminina tan só subiu (e fíxoo moi lixeiramente) en A Coruña e Ourense, mentres que a masculina baixou nas catro provincias galegas.

Taxa de ocupación. Por sexo e provincia. 2008-2011

■ Cadro 4.29

	Total	Homes	Mulleres
2008			
A Coruña	51,2	60,2	43,0
Lugo	46,7	54,5	39,4
Ourense	46,6	54,4	39,1
Pontevedra	51,8	60,9	43,6
2009			
A Coruña	50,9	57,6	44,8
Lugo	44,8	50,9	39,1
Ourense	42,4	49,1	36,4
Pontevedra	48,4	56	41,5
2010			
A Coruña	48,4	55,1	42,3
Lugo	46,3	51,8	41,1
Ourense	40,2	46,8	34,2
Pontevedra	45,6	52,5	39,3
2011			
A Coruña	48	53,7	42,9
Lugo	45,7	50,8	41
Ourense	39,9	45,4	34,7
Pontevedra	44,5	50,9	38,7

Medias anuais. Metodoloxía EPA 2005.
Fonte: INE, EPA. Elaboración do IGE.

Xa en anteriores *Informes Sociolaborais* subliñamos a gravidade de que a economía galega presente unha taxa de ocupación moi baixa en comparanza coas da UE e da OCDE, porque reflicte a incapacidade para dar unha saída produtiva eficiente aos nosos recursos humanos, imprescindible para a converxencia real cos países máis desenvolvidos economicamente.

Mentres, parte do noso capital humano debe buscar o seu emprego fóra de Galicia; un grupo importante corresponde a persoal cualificado (maioritariamente con estudos universitarios ou de ciclos formativos de F.P.) que, despois de se formar en Galicia, van deixar o froito do seu traballo noutras comunidades autónomas (ou noutros Estados) con maior desenvolvemento económico-social.

Ademais, desaproveitamos outra parte dos nosos recursos humanos co abuso das “prexubilacións”, nas que mesmo se destinan fondos públicos (hoxe, en tempo de crise, máis que nunca imprescindibles para crear emprego) para retirar do mercado efectivos laborais que están con plena capacidade produtiva e unha gran experiencia profesional.

4.4.2 Distribución da poboación ocupada por sexos, provincias, grupos de idade, sectores económicos e situación profesional

A poboación ocupada baixou en 2011 nos sectores agro-pesqueiro, construción e servizos, mentres que subiu no industrial. O sector que concentra máis poboación ocupada (o de servizos) no ano 2011 supón xa un 67,7% do emprego total galego –dous puntos máis que no ano anterior–, aínda que certamente segue por baixo da media estatal e do do conxunto dos países máis desenvolvidos.

Poñemos no cadro 4.30 a disposición das persoas interesadas os datos que permiten facer unha análise desagregada por grupos de idade da poboación ocupada en cada sector económico.

Poboación ocupada por grupos de idade e sector económico. Galicia 2011

■ Cadro 4.30

	Total	de 16 a 24 anos	de 25 a 54 anos	de 55 e máis anos
Total	1.083,0	54,4	864,8	163,8
Agricultura e pesca	83,2	3,0	56,1	24,0
Industria	175,5	7,4	148,8	19,4
Construción	91,3	4,7	72,5	14,1
Servizos	733,0	39,3	587,4	106,2

Datos en miles. Medias anuais.
Fonte: INE, EPA. Elaboración do IGE.

Para coñecer a situación profesional da poboación ocupada de Galicia presentamos o cadro 4.31, que inclúe a desagregación por sexo e sector económico no último trienio. Salientaremos que:

- Só no sector servizos a poboación ocupada feminina é maior que a masculina.

■ A poboación asalariada baixou en 2011 en 15.300 persoas (a metade do ano anterior) e supón actualmente un 78,3% da poboación ocupada de Galicia; a nosa taxa de asalarización segue por baixo das medias do Estado e da Unión Europea.

■ Séguelle á poboación asalariada en importancia cuantitativa do emprego a que traballa como “empresario ou membro de cooperativa” (baixou en 1.440 persoas, a décima parte da diminución ano anterior).

■ En terceira posición –xa de moi lonxe das dúas anteriores– están as persoas que traballan como “axudas familiares”, que en 2011 baixaron en 900 persoas (300 menos que en 2011). Están fundamentalmente empregadas nos sectores servizos e agro-pesqueiro (90,3% do total dos “axudas familiares”).

■ **Cadro 4.31** Poboación ocupada. Por sexo, situación profesional e sector económico. Galicia. 2009-2011

	2009			2010			2011		
	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres
Total poboación ocupada	1.151,4	628,7	522,7	1.100,7	600,8	499,9	1.083,0	583,4	499,5
Agricultura e pesca	91,6	54,2	37,4	86,6	50,8	35,8	83,2	46,8	36,4
Industria	194,1	141,2	52,8	171,6	125,1	46,6	175,5	126,9	48,6
Construción	115,7	106,9	8,8	105,2	97,0	8,2	91,3	84,4	6,9
Servizos	750,1	326,5	423,6	737,2	327,9	409,2	733,0	325,4	407,6
Empresario ou membro de cooperativa	238,9	140,4	98,6	224,9	133,4	91,5	223,5	130,9	92,6
Agricultura e pesca	54,1	24,9	29,2	53,7	25,8	27,9	51,0	22,7	28,3
Industria	18,3	13,7	4,6	14,9	11,8	3,1	19,6	15,2	4,5
Construción	29,1	27,5	1,6	26,1	24,2	1,9	26,7	25,1	1,7
Servizos	137,5	74,3	63,2	130,2	71,6	58,6	126,1	68,0	58,2
Axudas familiares	13,4	7,1	6,3	12,2	6,3	5,9	11,3	6,1	5,2
Agricultura e pesca	7,2	4,1	3,1	7,7	4,6	3,1	6,7	4,1	2,6
Industria	1,0	0,3	0,6	0,5	0,1	0,4	0,7	0,3	0,4
Construción	0,4	0,1	0,3	0,5	0,1	0,4	0,4	0,1	0,3
Servizos	4,8	2,5	2,3	3,5	1,5	2,0	3,5	1,6	1,9
Asalariados	898,8	481,0	417,7	863,2	460,9	402,4	847,9	446,3	401,6
Agricultura e pesca	30,0	24,9	5,1	25,0	20,3	4,7	25,3	20,0	5,4
Industria	174,8	127,2	47,6	156,1	113,1	43,1	155,2	111,4	43,8
Construción	86,2	79,2	7,0	78,6	72,6	6,0	64,2	59,2	5,0
Servizos	607,7	249,7	358,0	603,5	254,9	348,6	603,2	255,7	347,5
Outra situación	0,4	0,2	0,1	0,4	0,2	0,2	0,2	0,1	0,1
Agricultura e pesca	0,3	0,2	0,1	0,2	0,2	0,1	0,1	0,1	-
Industria	-	-	-	0,1	-	-	-	-	-
Construción	-	-	-	-	-	-	-	-	-
Servizos	0,1	-	-	0,1	-	-	0,1	0,1	-

Datos en miles. Medias anuais. Metodoloxía EPA 2005.
Fonte: INE, EPA. Elaboración do IGE.

A desagregación provincial da poboación ocupada en cada sector económico no ano 2011 podemos vela no cadro 4.32.

■ Hai 831.300 persoas traballando no ano 2011 nas provincias occidentais (un 76,8 % do emprego total galego), dúas decimas porcentuais máis que en 2010.

■ O sector servizos, que supón un 67,7% do emprego galego en 2011, ascende nas provincias occidentais ao 69,3%.

Poboación ocupada. Por sector económico e provincia. Galicia. 2011
■ Cadro 4.32

	Total	Agricultura e pesca	Industria	Construción	Servizos
Galicia	1.083,0	83,2	175,5	91,3	733,0
A Coruña	470,5	28,8	70,6	38,4	332,8
Lugo	137,8	25,0	16,6	14,1	82,2
Ourense	113,9	8,3	19,1	11,5	75,1
Pontevedra	360,8	21,1	69,4	27,4	242,9

Datos en miles. Medias anuais. Metodoloxía EPA 2005.
Fonte: INE, EPA. Elaboración do IGE.

O cadro 4.33 recolle a distribución porcentual da poboación ocupada por sectores económicos en Galicia e España. Subliñaremos que:

■ A porcentaxe galega de poboación agro-pesqueira (7,7%), aínda que menor cada ano, é actualmente case o dobre da española (4,2%).

■ Na industria é 1,9 puntos porcentuais maior a poboación ocupada en Galicia que en España (catro décimas máis que en 2010).

■ Na construción coincidían en 2009 as porcentaxes das poboacións ocupadas de Galicia e España. En 2011 a galega supera en sete décimas á española (ao igual que no ano 2010).

■ No sector servizos a diferenza é de 6,3 puntos a prol de España (sete décimas máis que en 2010).

Porcentaxe de persoas ocupadas por sector económico. Galicia/España. 2011
■ Cadro 4.33

	Total	Agricultura	Industria	Construción	Servizos
Galicia	100,0	7,7	16,2	8,4	67,7
España	100,0	4,2	14,1	7,7	74,0

Fonte: INE, EPA.

A desagregación porcentual por tipo de contrato (temporal ou indefinido) e sexo que recolle o cadro 4.34 reflicte que, en medias anuais:

■ No ano 2011 un 75,3% dos contratos de Galicia son indefinidos (catro décimas porcentuais máis que no ano anterior); a media estatal é dun 74,7%.

■ A taxa de temporalidade de Galicia (ou porcentaxe da poboación asalariada que ten un contrato de tipo temporal) é en 2011 dun 24,7%, seis décimas por baixo da media estatal, despois de baixar en Galicia e subir na media española no último ano.

■ A taxa de temporalidade feminina de Galicia en 2011 (27,3%) baixou nove décimas, e a das homes repetiu a porcentaxe do ano 2010, cinco décimas por baixo da feminina.

■ A contratación temporal das mulleres en Galicia no ano 2010 era 5,8 puntos superior á dos homes; e en 2011 pechouse o diferencial ata quedar en 4,9 puntos.

Porcentaxe de contratación indefinida e temporal. Galicia/ España. 2009-2011

■ Cadro 4.34

	De duración indefinida			Temporal		
	2009	2010	2011	2009	2010	2011
Total						
España	74,6	75,1	74,7	25,4	24,9	25,3
Galicia	73,3	74,9	75,3	26,7	25,1	24,7
Homes						
España	76,2	76,1	75,8	23,8	23,9	24,2
Galicia	75,4	77,6	77,6	24,6	22,4	22,4
Mulleres						
España	72,7	73,9	73,4	27,3	26,1	26,6
Galicia	70,8	71,8	72,7	29,2	28,2	27,3

Medias anuais. Metodoloxía EPA 2005.
Fonte: INE, EPA.

A taxa de temporalidade no sector público en Galicia é no ano 2011 dun 22,5% (1,5 puntos porcentuais menos que en 2010 e 1,8 puntos por baixo da media estatal).

Nos capítulos 5 e 7 deste mesmo Informe Sociolaboral se amplía a información venciada coas modalidades de contratación, polo que remitimos alí ás persoas interesadas en afondar nesta cuestión. Cómpre, iso si, lembrar que unha das principais diverxencias da nosa estrutura sociolaboral coa media da UE ou da OCDE segue a ser a alta temporalidade que temos (pese á forte diminución do último cuadrienio, especialmente polos efectos da “gran recesión” ao non renovarse moitos contratos neste segmento da poboación asalariada). Velaí un bo campo no que continuar a traballar para “homologar” o noso mercado de traballo co dos Estados desenvolvidos cos que queremos converxer.

4.5 Poboación desempregada e taxa de paro

Unha vez rematado o estudo da poboación ocupada, comezamos a análise doutro compoñente da poboación activa —a poboación desempregada— ao través dos datos que proporcionan as Enquisas de Poboación Activa elaboradas polo INE.

Seguindo o esquema utilizado nos epígrafes anteriores, estudaremos primeiramente a poboación desempregada nas distintas comunidades autónomas e as súas taxas de paro. Posteriormente afondaremos na taxa de desemprego galega (por sexos, provincias e grupos de idade) e na distribución da poboación desempregada por tempo de busca de emprego.

O cadro 4.35 recolle, cos datos do cuarto trimestre, a poboación desempregada nas distintas comunidades autónomas no último trienio. Salientaremos que:

■ A suba porcentual do desemprego de Galicia seguiu sendo en 2011 moi elevada (18,1%), moi por riba do incremento medio estatal (12,3%).

■ A poboación desempregada de Galicia representa actualmente un 4,6% do total estatal (tres décimas máis que en 2010), porcentaxe moito menor que o noso peso relativo económico e demográfico no Estado.

■ Nun ano de suba do desemprego en todas as comunidades autónomas, a maior suba porcentual foi a das cidades autónomas, A Rioxa e Navarra; o menor crecemento porcentual tiveróno Aragón, Murcia e Castela-León.

Poboación desempregada. Por comunidades autónomas. 2009-2011

■ Cadro 4.35

	Valores absolutos			Distribución porcentual	Variacións anuais	
	Miles				Miles	%
	T IV 09	T IV 10	T IV 11	T IV 11	T IV 11	T IV 11
9 Andalucía	1.034,0	1.127,4	1.248,5	23,7	121,1	10,7
Aragón	86,9	103,3	109,4	2,1	6,1	5,9
Asturias	68,6	79,6	90,5	1,7	10,9	13,7
Baleares	112,4	128,6	146,5	2,8	17,9	13,9
Canarias	293,8	314,4	341,9	6,5	27,5	8,7
Cantabria	35,0	41,0	44,5	0,8	3,5	8,5
C. A Mancha	188,1	211,2	245,6	4,7	34,4	16,3
C. León	166,5	186,8	201,5	3,8	14,7	7,9
Cataluña	643,1	686,8	775,4	14,7	88,6	12,9
C. Valenciana	576,0	575,9	641,3	12,2	65,4	11,4
Extremadura	102,8	118,8	141,3	2,7	22,5	18,9
Galicia	168,4	203,5	240,4	4,6	36,9	18,1
Madrid	498,5	542,0	623,3	11,8	81,3	15,0
Murcia	161,5	186,7	199,1	3,8	12,4	6,6
Navarra	32,2	35,7	42,5	0,8	6,8	19,0
País Vasco	123,1	114,9	133,5	2,5	18,6	16,2
A Rioxa	21,7	24,4	29,2	0,6	4,8	19,7
Ceuta e Melilla	14,0	15,7	19,1	0,4	3,4	21,7
España	4.326,5	4.696,6	5.273,6	100,0	577,0	12,3

Fonte: INE, EPA 4º trimestre de cada ano.

Cadro tomado de: *Ministerio de Empleo e Seguridade Social, Coyuntura Laboral*, nº 100, febreiro 2012.

O cadro 4.36 permítenos o seguimento comparativo das taxas de desemprego (porcentaxe de persoas desempregadas sobre a poboación activa) nas distintas comunidades autónomas no último trienio.

■ A taxa de paro foi en 2011 dun 18,3% en Galicia (2,6 puntos porcentuais máis que no ano anterior e 5,4 puntos máis que en 2009). Pese á importante suba da nosa taxa de desemprego, quedou en Galicia 4,6 puntos por baixo da media española; ampliouse o diferencial respecto de 2010 en 1,5 puntos.

■ A clasificación autonómica, ordenada por maior taxa de desemprego, encabézana, un ano máis, Canarias e Andalucía (con taxas superiores ao 30%) e repiten pechándoa Navarra e País Vasco (con taxas inferiores ao 14%).

A desagregación polo IGE dos datos da EPA que lle envía o INE certifica unha das caras máis amargas da actual crise económica: no último trimestre do ano 2011 hai 83.700 familias en Galicia que, tendo cando menos unha persoa activa, teñen desempregados a todas as persoas activas. No último ano houbo unha suba de 9.900 fogares e no bienio 2009-2011, de 22.500 vivendas familiares (crecementos do 20,1% e do 45,6% respectivamente).

A nosa taxa de desemprego de Galicia é máis do dobre que as taxas medias da UE ou da OCDE; velaí unha “diverxencia” real da nosa estrutura económico-social que

cómpre reducir para achegármonos ao nivel medio de benestar do conxunto dos estados cun maior nivel de desenvolvemento económico-social.

Parece que non é esta a preocupación principal actualmente na axenda política, porque e a presión dos mercados financeiros internacionais está condicionándoa de tal xeito que a diminución do endebedamento público pasou a ter o protagonismo principal, deixando nun segundo plano unha política económica anticíclica na que os poderes públicos prioricen a saída da crise económica co estímulo de axudas públicas que contribúan á creación do tan necesario emprego, nun tempo en que xa tantos miles de familias están a sufrir as consecuencias dunha desfeita económica que eles non causaron.

Taxas de desemprego. Por comunidades autónomas. 2009-2011

■ Cadro 4.36

	Valores das taxas En porcentaxe			Variacións anuais (en puntos porcentuais)		
	T IV 09	T IV 10	T IV 11	T IV 09	T IV 10	T IV 11
Andalucía	26,3	28,4	31,2	4,6	2,0	2,9
Aragón	13,3	16,1	16,8	3,7	2,8	0,8
Asturias	14,2	16,7	18,9	4,3	2,4	2,2
Baleares	19,5	22,2	25,2	7,2	2,7	3,0
Canarias	26,9	29,0	30,9	5,7	2,1	2,0
Cantabria	12,6	14,9	15,9	3,7	2,3	1,0
C. A Mancha	19,2	21,3	24,4	4,3	2,1	3,1
C. León	14,2	15,8	17,2	3,0	1,6	1,4
Cataluña	17,0	18,0	20,5	5,2	1,0	2,5
C. Valenciana	22,6	22,9	25,4	7,7	0,4	2,5
Extremadura	21,3	23,9	28,6	3,3	2,6	4,7
Galicia	12,9	15,7	18,3	3,1	2,8	2,6
Madrid	14,7	15,8	18,5	4,5	1,1	2,8
Murcia	22,5	25,0	26,8	6,9	2,5	1,8
Navarra	10,5	11,6	13,8	2,4	1,1	2,2
País Vasco	11,8	10,9	12,6	3,5	-0,9	1,7
A Ríoxa	13,7	15,7	18,7	4,0	2,0	3,0
Ceuta e Melilla	23,0	25,4	28,6	6,9	2,4	3,2
España	13,9	18,8	22,9	5,3	1,5	2,5

Fonte: INE, EPA 4º trimestre de cada ano.

Cadro tomado de: *Ministerio de Empleo e Seguridade Social, Coyuntura Laboral*, nº 100, febreiro 2012.

A desagregación por sexos no último sexenio das taxas de desemprego que figuran no cadro 4.37 permite observar que:

■ Subiron dous puntos porcentuais en 2011 en Galicia as taxas de desemprego (a dos homes, a das mulleres e a global).

■ A taxa feminina de Galicia en 2011 está 1,7 puntos por riba da masculina (repítese o diferencial do ano anterior); este diferencial é o menor do último sexenio e o proceso de aproximación se produciu en todos e cada un dos anos estudados, agás en 2011. Dun diferencial de 5,3 puntos en 2006 pasouse a 1,7 puntos no bienio 2010-2011.

■ A taxa de desemprego de Galicia dobra en 2011 o nivel que tiña en 2007

■ A taxa masculina medrou a un ritmo moi por riba da feminina no período analizado, de xeito que a masculina case triplica en 2011 á taxa de paro de 2007, mentres que a feminina actual non chega a dobrar a de 2007.

**Taxa de desemprego. Por sexos.
Galicia. 2006-2011**

■ Cadro 4.37

	Total	Homes	Mulleres
2006	8,5	6,1	11,4
2007	7,6	5,7	10,0
2008	8,7	7,4	10,4
2009	12,6	11,8	13,6
2010	15,4	14,6	16,3
2011	17,4	16,6	18,3

Medias anuais. Metodoloxía EPA 2005.
Fonte: INE, EPA.

A desagregación por sexos e grupos de idade das taxas de desemprego de Galicia e o total español que figuran no cadro 4.38 reflicte que:

■ A taxa de desemprego galega no grupo de idade das persoas menores de 25 anos en 2011 é moi alto (37,6%), medrou 2,2 puntos porcentuais no último ano e triplica o índice medio de paro do resto das persoas desempregadas. Con todo, está 8,7 puntos por baixo da taxa española nese grupo de idade (46,3%).

■ A taxa de desemprego máis alta en Galicia no ano 2011 é o da poboación masculina máis nova (un 38,4%).

■ Cadro 4.38

Taxas de desemprego. Por grupos de idade e sexo. Galicia. 2010-2011

	Total		Menos de 25 anos		25 a 54 anos		55 e máis	
	2010	2011	2010	2011	2010	2011	2010	2011
Total	15,40	17,42	35,41	37,64	14,64	16,92	9,05	10,62
Homes	14,62	16,64	34,38	38,35	13,72	15,83	9,03	10,41
Mulleres	16,31	18,30	36,73	36,64	15,69	18,40	9,08	10,83

Medias anuais. Metodoloxía EPA 2005. Fonte: IGE (con datos de: INE, EPA).

A evolución por provincias e sexos da taxa de desemprego do último bienio figura no cadro 4.39, e reflicte que:

■ En 2011 a taxa global de paro medrou nas catro provincias.

■ Tanto globalmente como en cada un dos sexos, Lugo segue a ser en 2011 a provincia con menor taxa de desemprego.

■ Nas catro provincias é maior a taxa de desemprego feminina que a masculina. O maior diferencial por sexos séguese a dar en Ourense (1,9 puntos) e o menor (1,2 puntos) en Lugo.

**Taxas de desemprego. Por sexo e provincia.
Galicia. 2009-2011**

■ Cadro 4.39

	Total	Homes	Mulleres
2009			
Galicia	12,6	11,8	13,6
A Coruña	11,6	10,7	12,6
Lugo	9,3	8,5	10,2
Ourense	10,3	9,2	11,6
Pontevedra	15,5	14,8	16,5
2010			
Galicia	15,4	14,6	16,3
A Coruña	14,0	13,0	15,2
Lugo	10,9	10,4	11,5
Ourense	16,5	15,0	18,4
Pontevedra	18,3	17,9	18,8
2011			
Galicia	17,4	16,6	18,3
A Coruña	16,0	15,1	16,9
Lugo	12,0	11,4	12,6
Ourense	18,0	17,1	19,0
Pontevedra	20,9	20,1	21,8

Medias anuais. Metodoloxía EPA 2005.
Fonte: INE, EPA. Elaboración do IGE.

No cadro 4.40 recolleemos a distribución da poboación desempregada galega no último cuatrienio segundo o tempo de busca no emprego. Salientaremos que:

■ Subiu en 2011 o número de persoas desempregadas nos dous chanzos de maior duración (especialmente no de “dous anos ou máis”) e no de “menos de seis meses” e baixou no das persoas que levan desempregadas “de seis meses a menos dun ano”. Creceu tamén o número de persoas que xa atoparan traballo no tempo de facerse as entrevistas da EPA.

■ Subiu con moita intensidade no ano 2011 en Galicia o desemprego de longa duración (o das persoas que levan máis dun ano á procura dun posto de traballo), acadando 106.800 persoas, fronte ás 81.300 do ano anterior, ás 49.100 do ano 2009 ou ás 30.600 de 2008.

■ **Cadro 4.40** **Persoas desempregadas por tempo de búsqueda de emprego. Galicia. 2008-2011**

	2008	2009	2010	2011
Tempo de búsqueda de emprego				
Total persoas desempregadas	114,7	165,9	200,3	228,3
Xa atoparon emprego	15,5	11,8	9,4	11,5
Menos de 6 meses	55,2	71,9	67,5	72,9
De 6 meses a menos dun ano	13,4	33,2	42,1	37,1
Dun ano a menos de 2	14,2	25,8	46,3	55,0
2 anos ou máis	16,4	23,3	35,0	51,8

Datos en miles de personas. Medias anuais. Metodoloxía EPA 2005.
Fonte: INE, EPA. Elaboración do IGE.

O cadro 4.41 permítenos afondar no desemprego de longa duración en Galicia, mediante a comparanza cos datos estatais por sexos e por tempo de busca de emprego. Sobrancearemos que:

■ A porcentaxe de persoas desempregadas que levan dous anos ou máis nesa situación é en 2011 lixeiramente menor en Galicia (22,7 %) que no conxunto estatal (24,7%); subiu no total estatal moito máis (7,8 puntos porcentuais) que en Galicia (5,2 puntos).

■ A porcentaxe de persoas desempregadas que levan “de seis meses a menos dun ano” é lixeiramente maior na media estatal que en Galicia, mentres que ocorre o contrario no chanzo de “un ano a menos de dous anos”.

■ **Cadro 4.41** **Porcentaxe de persoas desempregadas⁽¹⁾. Por tempo de búsqueda de emprego. Galicia/España. 2008-2011**

	2008		2009		2010		2011	
	España	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España	Galicia
6 meses a menos dun ano	14,8	11,7	21,7	20,0	19,2	21,0	16,5	16,3
Dun ano a menos de 2	11,5	12,4	18,0	15,5	25,6	23,1	23,5	24,1
2 anos ou máis	9,8	14,3	10,5	14,0	16,9	17,5	24,7	22,7

(1) Porcentaxe respecto do total de persoas desempregadas de Galicia ou de España. Medias anuais. Metodoloxía EPA 2005.
Fonte: INE, EPA.

4.6 O paro rexistrado 2011

Os datos para a elaboración da estatística do paro rexistrada na comunidade autónoma obtéñense da oficina de Emprego de onde o colectivo de desempregados se inscribe co fin de solicitar servizos de intermediación laboral, formación, información de prestacións, etc. Recollidos os datos a través dunha entrevista ocupacional co demandante, introdúcense no sistema Informático do SPEE que remite dentro dos cinco primeiros días hábiles de cada mes, os datos procesados por provincias á Dirección Xeral de Formación e Colocación para a elaboración das estatísticas autonómicas.

Dentro do colectivo de parados, son obxecto de tratamento, aqueles que teñen demandas pendentes de satisfacer o último día do mes, agás os que atopen nalgunha das situacións establecidas en o 11 de Marzo de 1.985 (BOE de 14/3/85):

- Demandantes que solicitan outro emprego compatible co que exercen (pluriemprego).
- Demandantes, que estando ocupados, solicitan un emprego para cambialo polo que teñen (Mellora de emprego).
- Preceptores de prestacións por desemprego que realicen traballos de colaboración social (perciben a prestación por desemprego completada pola realización do traballo de colaboración social).
- Pensionistas de xubilación, invalidez absoluta, grande invalidez ou igual ou maiores de 65 anos (xubilados).
- Demandantes de emprego por un período inferior a 3 meses (Emprego conxuntural).
- Demandantes de traballo parcial inferior a 20 horas semanais (Xornada <20 horas).
- Menores de 25 anos que cursen estudos de ensinanza oficial regulada ou superando esta idade sexan demandantes de primeiro emprego (Estudantes).
- Asistentes a Cursos de Formación Profesional Ocupacional superiores a 20 horas lectivas á semana, teñan unha bolsa polo menos de manutención e sexan demandantes de primeiro emprego (Estudantes).
- Aqueles preceptores de prestacións por desemprego que a compatibilizan con traballo a tempo parcial (Compatibilidade prestacións).
- Demandantes coa demanda suspendida en tanto permanezan nesa situación xa que a suspensión da demanda, que xeralmente se tramita a petición do demandante e por causa que o xustifique, interrompe a busca de emprego (Exemp: I.T.) (demandas suspendidas).
- Demandantes que están a percibir o subsidio agrario ou que esgotándoo, non transcorra un período superior a un ano dende o día do nacemento do dereito (traballadores eventuais agrícolas subsidiados).

Demandantes que rexeiten accións de inserción laboral axeitadas ás súas características (rexeitamento de accións de inserción laboral).

- Demandantes sen dispoñibilidade inmediata para o traballo, como demandantes inscritos para participar nun proceso de selección dun posto de traballo determinado, solicitantes de emprego soamente no estranxeiro, de emprego só a domicilio, de Expediente de regulación de emprego, etc... (Outras causas).

Existe un grande número de situacións ás que as demandas de emprego pendentes nas Oficinas de Emprego non se consideran incluídas no concepto de paro rexistrado, e nalgunha delas, talvez, sería discutible a súa non inclusión, ao que hai que engadir que nalgúns casos as baixas expectativas de atopar traballo a través dos Servizos Públicos de Emprego provoca a non inscrición como demandante, así como a obriga da renovación da demanda de emprego cada 3 meses.

Por estas razóns considéranse máis fiables os datos da EPA. Moitos dos catalogados como parados rexistrados serían clasificados como inactivos se se lles aplicase o cuestionario EPA.

No ano 2.005 implantouse un novo sistema informático que afecta significativamente ao número de parados rexistrados, debido á eliminación de clases de clasificación obsoletas e á corrección do tratamento de determinados colectivos. Os incrementos do paro rexistrado que se poden observar, a partir da implantación o 4/05/05, do programa SISPE, tanto en Galicia coma en España, non se corresponden a un incremento real do paro, senón a unha mellor recollida de información do SISPE. O anterior sistema chamado SILE, subestimaba a cifra do paro rexistrado en preto de 30.000 persoas en Galicia.

Neste sentido actualizouse a base de datos, reconstruíndo os datos a nivel nacional, entre o ano 2001 e abril de 2005, ata a implantación definitiva do SISPE o 4/05/05, para poder realizar comparacións sobre o paro rexistrado.

Paro rexistrado. Por comunidade autónoma. 2011

■ Cadro 4.42

	Parados Decembro 2011	Variacións anuais	
		Variación absoluta	% Variación
Andalucía	969.152	65.153	7,12
Aragón	101.982	9.313	10,05
Asturias	90.537	9.338	11,50
Baleares	98.087	6.799	7,45
Canarias	265.569	10.949	4,30
Cantabria	49.273	5.116	11,59
C. A Mancha	225.842	20.708	10,09
C. León	208.475	13.866	7,13
Cataluña	614.244	51.571	9,17
C. Valenciana	535.036	33.721	6,73
Extremadura	135.398	15.501	12,93
Galicia	258.234	20.921	8,82
Madrid	488.709	26.781	5,80
Rexión de Murcia	142.921	13.986	10,85
Navarra	46.946	3.935	9,15
País Vasco	145.394	9.433	6,94
A Ríoxa	25.381	2.975	13,28
Ceuta	10.822	1.776	19,63
Melilla	10.357	444	4,48
España	4.422.359	322.286	7,86

Fonte: Oficinas de Emprego da Xunta de Galicia / SEPE.

Deste cadro extráese:

■ O aumento do paro en Galicia alcanzou un 8.82% de suba con respecto ao ano anterior; mentres que os datos da media de España son menos negativos, cun subida do desemprego do 7.86%

■ O número absoluto de parados en 2011 incrementouse en 20.921 persoas en comparación a decembro de 2010 e a taxa de paro alcanzou o 19.66%, mentres que a media do conxunto do Estado foi 19.16%

■ A achega de Galicia no paro rexistrado estatal foi de 5.84%.

A evolución do paro rexistrado en Galicia (cadro 4.43) e a taxa de paro reflicten unha tendencia á alza dende o ano 2008.

Evolución do paro rexistrado e da taxa de paro. Galicia 2008-2011

■ Cadro 4.43

	Nº Parados	Taxa de paro
2008	189.903	14,34
2009	222.839	16,97
2010	237.313	18,30
2011	258.234,00	19,66

Datos de decembro de cada ano.

Fonte: Oficinas de emprego da Xunta de Galicia. Consellería de Traballo e Benestar. Informe do paro rexistrado.

O paro rexistrado por provincias (cadro 4.44) toma como variables a idade (<25 ANOS Y >25 ANOS) e o sexo.

■ Cadro 4.44

Paro rexistrado. Por provincias e idades. Galicia. 2011

	Paro mes	Menores de 25 anos			Maiores de 25 anos		
		Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres
A Coruña	101.652	7.840	4.402	3.438	93.812	45.144	48.668
Lugo	25.405	2.347	1.296	1.051	23.058	11.716	11.342
Ourense	28.217	2.414	1.328	1.086	25.803	12.443	13.360
Pontevedra	102.960	8.849	5.018	3.831	94.111	44.428	49.683
Galicia	258.234	21.450	12.044	9.406	236.784	113.731	123.053

Datos de decembro de 2011.

Fonte: Oficinas de Emprego da Xunta de Galicia. Consellería de Traballo e Benestar (Informe do paro rexistrado).

Por provincias (cadro 4.45) en todas produciuse un aumento do paro rexistrado.

Paro rexistrado e taxa de paro. Por provincias. 2011

■ Cadro 4.45

	Nº Parados Dec. 2011	Taxa de paro	Variación Decembro 2010	%
A Coruña	101.652	18,14	7.979	8,52
Lugo	25.405	16,18	2.053	8,79
Ourense	28.217	20,46	1.737	6,56
Pontevedra	102.960	22,47	9.152	9,76

Datos de decembro 2011.

Fonte: Oficinas de Emprego da Xunta de Galicia. Consellería de Traballo e Benestar (Informe do paro rexistrado).

Se comparamos estes valores cos estatais, observamos que Ourense e Pontevedra superan a taxa española (19,16%), mentres que A Coruña (18,14%) e Lugo (16,18%) quedan por debaixo.

As taxas de paro rexistrado en Galicia en 2011 por sexo e grupo de idade (cadro 4.46), mostran unha taxa do 23,62% para os menores de 25 anos e unha taxa do 19,36% para os maiores de 25 anos.

■ Cadro 4.46

Taxa de paro. Por idades e sexos. Galicia. 2011

	Menores de 25 anos	Maiores de 25 anos
Homes	23,71	17,46
Mulleres	23,52	21,53

Datos de decembro 2011.

Fonte: Oficinas de Emprego da Xunta de Galicia. Consellería de Traballo e Benestar (Informe do paro rexistrado).

Se á variable de idade engadimos a variable sexo, observamos que a taxa maior se dá en mulleres menores de 25 anos.

En decembro/11 o total de homes parados rexistrados alcanzaban os 125.775, o que supoñía un 48,71% do total da poboación parada, fronte a unha poboación parada feminina de 132.459 mulleres que representaban o 51,29% do total. En 2010 estas porcentaxes foron do 46,88% e do 53,12%, respectivamente, o que pon de manifesto a redución de diferenzas por sexos na poboación parada.

Para finalizar faremos unha referencia ás baixas na demanda de emprego. As baixas por colocación representa o 47,93% (España 48,16%) no grupo de mulleres, fronte ao 44,65% no dos homes.

O seguinte cadro do Instituto Galego das Cualificacións danos unha visión resumida dos valores máis altos das paradas/os en Galicia no ano 2011.

■ Cadro 5.21

Perfil dos parados/as en xeral. Ano 2011. Galicia

Descrición	Perfil tipo
Sexo	Muller
Grupo de idade	30 a 34
Nivel académico	Ata Certificado Escolaridade
Sección da clasific. CNAE	Construción
Ocupación máis demand. no ámbito feminino a 4 díx.	Dependentes e exhibidores en tendas, almacéns, quioscos, mercad.
Ocupación máis demand. no ámbito masculino a 4 díx.	Albaneis

Fonte: Instituto Galego das Cualificacións.

5.4 Contratos de traballo

Neste capítulo utilizaremos os cadros elaborados polo Instituto Galego de Estadística e os facilitados polo SEPE.

No capítulo 7, dedicado á contratación móstranse os datos facilitados polo SEPE por tipos de contratos e sexo, que servirán como información complementaria para este capítulo.

No ano 2011 a contratación feminina supuxo o 48,66% do total da contratación, tanto de contratos iniciais, como conversión en indefinidos e Adscricións en Colaboración social. Se o distribuímos os contratos iniciais supuxeron o 48,66%, as conversións o 48,86% e as Adscrición o 33,99% do total de ambos os dous sexos, sempre por debaixo da contratación masculina.

■ Cadro 5.22

Contratados. Por idade e sexo. Galicia. 2011

	Nº contratados		
	Mulleres	Homes	Total
16 a 19	8.977	10.808	19.785
20 a 24	55.265	53.564	108.829
25 a 29	66.377	67.761	134.138
30 a 34	58.460	65.632	124.092
35 a 39	44.151	47.719	91.870
40 a 44	36.627	35.126	71.753
45 a 49	27.775	26.726	54.501
50 a 54	17.862	20.170	38.032
55 a 59	7.848	10.876	18.724
60 a 64	3.051	5.558	8.609
65 ou máis anos	392	724	1.116
Total	326.785	344.664	671.449

Fonte: Instituto Galego das Cualificacións.

Se facemos unha análise por idades, observamos como o tramo de idade con maior contratación foi o de 25-29 anos (66.377 contratos), seguido do de 20-24 anos (58.460 contratos).

Ao comparar os datos por idades do grupo de mulleres, co dos homes, chama a atención, que se ben en case todos os grupos de idade a contratación masculina supera a feminina, hai grupos onde a diferenza é maior. O grupo de mulleres de 16-19 anos só rexistrou 8.977 contratos, fronte aos 10.808 de homes. O de 55-59 anos rexistrou 7.848 contratos femininos fronte a 10.876 masculinos e o de 60-64 anos repartíuse en 3.051 contratos para as mulleres e 5.558 para os homes. Nos grupos de idade intermedios é onde menos diferenzas se presentan, estas son máis acusadas nos tramos de menor idade e nos de maior idade.

Outra característica dos contratos concertados con mulleres é que o son maioritariamente no sector servizos.

Segundo o seguinte cadro o 91,65% das mulleres traballadoras galegas exercen a súa profesión no sector servizos. O segundo sector de importancia é a industria onde traballa o 6,53%. En ala Agricultura e Construción a representación feminina é moi escasa.

**Contratos nos catro grandes sectores de actividades económicas
(clasificación CNAE 2009) por sexo. Galicia. 2011**

■ Cadro 5.23

	Mulleres	Total	% de Mulleres
Agricultura	3.189	21.045	15,15
Industria	20.547	54.403	37,77
Construcción	2.518	47.028	5,35
Servizos	288.215	523.810	55,02
Total	314.469	646.286	48,66

Fonte: Instituto Galego das Cualificacións.

O sector servizos é o único onde a contratación feminina supera a masculina representando un 55,02% do total dos contratos realizados neste sector. Dentro deste sector, a actividade administrativa e de servizos auxiliares, Hostalaría e comercio, concentran maior número de mulleres traballadoras con 175.499 traballadoras contratadas en 2011 fronte ao total do sector servizos de 288.215 contratacións.

Cadro 5.24
Contratos sectoriais por seccións (clasificación CNAE) e sexo. Galicia. 2011

	Muller	Home	Total
A Agricultura, gandería, caza e selvicultura e pesca	3.189	17.856	21.045
B Industrias extractivas	65	649	714
C Industrias manufactureira	19.593	30.622	50.215
D Subministración de enerxía elec, gas, vapor e aire acondic.	49	115	164
E Subministración de auga, saneamento, residuos desconta.	840	2.470	3.310
F Construción	2.518	44.510	47.028
G Comercio por xunto e polo miúdo, reparación vehiculos mo.	44.767	24.655	69.422
H Transporte e almacenamento	10.416	39.852	50.268
I Hostalaría	51.865	35.746	87.611
J Información e comunicacións	6.060	8.229	14.289
K Actividades financeiras e de seguros	1.446	895	2.341
L Actividades inmobiliarias	568	349	917
M Actividades profesionais, científicas e técnicas	12.894	8.445	21.339
N Actividades administrativas e servizos auxiliares	78.867	65.776	144.643
O Admón, pública e defensa; seguridade social obrigatoria	13.177	9.172	22.349
P Educación	15.389	8.538	23.927
Q Actividades sanitarias e de servizos sociais	29.058	4.380	33.438
R Actividades artísticas recreativas e de entretemento	12.458	25.544	38.002
S Outros servizos	10.991	3.918	14.909
T Actividades dos fogares e uso prop.	253	95	348
U Orga. Extraterritoriais	6	1	7
Total	314.469	331.817	646.286

Fonte: Instituto galego das cualificacións

A distribución do emprego feminino está moi ligada ás ocupacións que desempeñan, por iso é importante analizar como se distribúen os empregos segundo a ocupación.

Se ben é certo que hai pouca representación de mulleres en postos de Dirección de Empresas, só o 34,33% fronte ao 65,67% de homes, as porcentaxes iguálanse en Técnicas e Profesionais de saúde e ensino e Outros técnicos científicos e intelectuais (50,85% de mulleres). O maior número de mulleres con formación superior ou universitaria está a ter reflexo no mercado de traballo, e a medio ou longo prazo ten que repercutir en que pasen a ocupar postos de dirección e polo tanto, tamén repercutan nos niveis salariais.

Un grupo con forte representación feminina é o de Traballadoras de servizos de saúde co 87,31%, en segundo lugar atopamos as Empregadas de oficina público e non público co 69,34%.

Outro grupo de ocupación con grande representación feminina é o dos Empregadas en servizos de Restauración e comercio co 66,13%.

Entre as traballadoras cualificados da construción a presenza da muller é moi escasa, só o 1,95% e no grupo de Traballadoras de agricultura a representación masculina tamén é moi superior á feminina.

Contratos asociados aos grandes grupos de ocupación por sexo. Galicia. 2011

■ Cadro 5.25

		Nº Contratos
A	Dirección e xerencia	1.538
	Muller	528
	Home	1.010
B	Técnicos e profesionais. Saude e Ensino	27.776
	Muller	19.531
	Home	8.245
C	Outros técnicos. Científicos e intelect.	39.309
	Muller	14.582
	Home	24.727
D	Técnicos, profes. De apoio	43.233
	Muller	18.094
	Home	25.139
E	Empregados oficina non público	24.105
	Muller	15.680
	Home	8.425
F	Empregados oficina público	23.840
	Muller	17.564
	Home	6.276
G	Traballadoras servizo Restaur. E Comercio.	139.082
	Muller	91.972
	Home	47.110
H	Traballo. Serv. saúde	42.199
	Muller	36.843
	Home	5.356
I	Trab. Serv. Prot y Segur.	
	Muller	1.766
	Home	7.931
J	Traballo cualificado Agricultura, gandería	11.566
	Muller	1.965
	Home	9.601
K	Traballo cualificado da construción	30.340
	Muller	591
	Home	29.749
L	Traballo cualificado industr. Manufact.	42.114
	Muller	12.658
	Home	29.456
M	Operador, instalador e maquinista	15.367
	Muller	7.044
	Home	8.323
N	Conductor, operad. Maquin. Móvil	34.316
	Muller	2.019
	Home	32.297
O	Traballador non cualificado. Servizos	61.857
	Muller	44.909
	Home	16.948
P	Peóns Agricultura e Construción	99.893
	Muller	28.652
	Home	71.241
Q	Ocupacións Militares.	144
	Muller	71
	Home	73
Total contratos		646.286
Total mulleres		314.469
Total homes		331.817

Fonte: Instituto Galego das Cualificacións.

Podemos concluír que, no referente aos grupos de ocupación existen dúas tendencias:

■ Un grupo maioritario que desempeña as súas funcións como Empregada Administrativa, ou como traballadora de servizos de restauración, persoais e do comercio.

■ Un grupo minoritario, que grazas á obtención dun título universitario, ocupan postos como Técnicos e Profesionais en saúde e ensino e outros técnicos Científicos e Intelectuais.

Como expuxemos ao inicio deste apartado, a contratación masculina no 2011 foi superior á feminina e o foi especialmente nos contratos indefinidos ordinarios, onde a contratación feminina supuxo o 37,38% e nos indefinidos a tempo parcial chegou ao 65,57%. Non obstante nos Contratos indefinidos de Fomento da contratación a representación das mulleres en 2011 chegou ao 52,77%.

**Contratos indefinidos acollidos a medidas de fomento da contratación.
Segundo sexo, idade e provincias. Galicia 2011**

■ Cadro 5.26

	Homes					Mulleres					Total
	< 25	25-29	30-39	40-44	≥45	< 25	25-29	30-39	40-44	≥45	
A Coruña	499	657	889	210	600	578	840	848	222	504	5.847
Lugo	207	184	249	86	205	180	215	207	56	151	1.740
Ourense	150	169	179	69	169	160	181	176	54	153	1.460
Pontevedra	374	595	846	248	607	517	624	784	216	544	5.355
Total	1.230	1.605	2.163	613	1.581	1.435	1.860	2.015	548	1.352	14.402

Fonte: SPEE. Contratos rexistrados.

Tipoloxía contractual por sexo e idade. Ano 2011

■ Cadro 5.27

	Muller	Home
Indefinido ord. E fomento emprego	11.524	16.504
De obra ou servizo	96.424	135.029
Eventual por circunst. da produción	134.965	137.032
Interinidade	62.464	23.339
Prácticas	1.551	1.477
Para a formación	2.220	2.652
Outros	5.325	15.580
TOTAL	314.473	331.613

Fonte: Instituto Galego das Cualificacións.

A contratación segundo modalidade e sexo pódense consultar nos cadros do Capítulo 7.

Hai determinadas modalidades de contratación con maior peso feminino e outras onde o peso dos homes é moito maior. Entre os claramente femininos destacar os de interinidade (72,76%) e os que se realizan a tempo parcial tanto indefinidos como temporais (65,78%). Os contratos indefinidos acollidos a medidas de Fomento da

contratación, aumentan diferenzas chegando no grupo de mulleres ao 52,71% e no de homes ao 47,23%. Este ano, de novo, o contrato en prácticas realizado a mulleres (51,22%) supera os concertados con homes.

Os contratos temporais, tanto a xornada completa como parcial, alcanzan no colectivo feminino o 96,33% da contratación a mulleres, mentres que no colectivo masculino chega ao 95,03%.

Os contratos indefinidos, tanto a xornada completa como parcial, supuxeron o 3,66% nas mulleres e o 4,97% nos homes.

Mantense a tendencia dos últimos anos onde a contratación feminina está caracterizada por unha maior temporalidade e un maior uso de contrato a tempo parcial.

5.5 Formación

Outro factor importante a ter en conta na inserción da muller no mundo do traballo é, sen dúbida, a formación académica á que accede o alumnado feminino como fase previa ao seu acceso ao mercado laboral.

Neste apartado imos tratar a formación regulada. Dentro da formación regulada centrarémonos nos ciclos formativos de FP Grao Superior, Bacharelato e Titulacións Universitarias, por consideralos máis significativos, e para iso imos utilizar os datos facilitados polo Instituto Galego de Estadística (IGE) e os do INE.

No alumnado matriculado nos ciclos formativos de Grao Superior, observamos que para o curso 2010-2011, o 49,95% dos alumnos/ás eran mulleres, porcentaxe inferior ao dos homes por primeira vez nos últimos anos.

Alumnado matriculado en ciclo formativo de FP grao superior, por sexo. Curso 2011 / 2012. Galicia-España

■ Cadro 5.28

	Total	Homes	Mulleres
Galicia	14.856	7.436	7.420

Unidade: nº de alumnos/as.

Fonte: IGE Información subministrada directamente pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

O alumnado matriculado en Bacharelato, segundo o IGE no curso 2011 mostra que as mulleres matriculadas representan en Galicia o 54,40%, superior en mais de 8 puntos á media masculina do 45,59%, confirmándose novamente a necesidade dunha maior formación do colectivo feminino para enfrontarse ao mundo do traballo.

Ensinanza non universitaria. Alumnado matriculado en bacharelato, por sexos. Curso 2011 - 2012. Galicia

■ Cadro 5.29

	Ambos sexos	Varons	Mulleres
Galicia	31.901	14.544	17.357

Unidade: nº de alumnos/as.

Fonte: IGE Información subministrada directamente pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

Abandono educativo temperán. Poboación entre 18 e 24 anos (ambos inclusive) que non completou o nivel de educación secundaria segunda etapa e non segue ningún tipo de formación (regrada ou non regrada). Galicia

■ Cadro 5.30

	Total	Homes	Mulleres
2008	24,1	32,2	15,8
2009	26,0	31,7	20,1
2010	23,1	27,8	18,3
2011	20,8	25,5	15,8

Unidades: Porcentaxes.

Fonte: IGE-INE. Enquisa de poboación activa.

Nota: para o cálculo deste indicador empréganse medias anuais dos datos trimestrais. 27-01-2012

O abandono educativo temperán dos que non completaron o nivel de educación secundaria e non seguen ningunha formación, é sensiblemente superior nos homes, superando en 9,7 puntos as mulleres en 2011. Talvez as dificultades que ten a muller para iniciarse no mercado laboral, sexa unha das razóns para que persistan na súa formación académica.

No ensino Universitario en Galicia, segundo o INE, para o curso 2010-2011, o alumnado feminino era superior ao masculino, chegando ao 56,16%.

Alumnado matriculado en Ensino Universitario, por tipo de estudo e sexo. Curso 2010-2011. Galicia

■ Cadro 5.31

	Total	Mulleres
Total	74.842	42.035
Estudos de 1er. e 2º Ciclo	42.753	23.803
Estudos de grao	21.509	12.405
Másteres oficiais	4.850	2.733
Doctorado (3er. Ciclo)	5.730	3.094

Unidade: nº de alumnos/as.

Fonte: INE.

A porcentaxe media do 56,19% varía moito segundo a especialidade elixida:

■ As especialidades máis demandadas polas mulleres son:

- Mestra/ou
- Dereito
- Administración e Dirección de empresa
- CC. Empresariais
- Medicina
- Enfermaría

■ As especialidades con máis baixa representación feminina son:

- Enxeñaría Industrial

- Enxeñaría naval
- Enxeñaría de Telecomunicacións
- Maquinas navais
- Estudos de arquitectura e enxeñaría técnica

Como se pode observar, seguen existindo titulacións e especialidades reservadas case exclusivamente ás mulleres, aínda que parece que pouco a pouco vanse producindo movementos cara a outras áreas.

■ Cadro 5.32

**Alumnado que terminou os estudos Universitarios,
por tipo de estudio e sexo. Curso 2010 - 2011. Galicia**

	Total	Mulleres
Total	13.524	8.632
Estudos de 1er. E 2º ciclo	9.497	6.008
Estudos de grao	828	520
Másteres oficiais	2.761	1.611
Tesis doctorais aprobadas	438	223

Unidade: nº de alumnos/as.

Fonte: INE.

(1) Estudos conducentes a obtención de dúas titulacións

É moi significativo constatar que do alumnado que finaliza os seus estudos universitarios, o 61,83% son mulleres:

- Estudios de primeiro e segundo ciclo: Foron rematados polo 63,26% de mulleres fronte ao 36,74% de homes.
- Estudios de grao: Finalizáronos o 62,8% de mulleres e o 37,2% de homes.
- Másteres oficiais: o 58,3% de mulleres e 41,7 de homes.
- Tese Doutoral: Del total de alumnos, o 50,9% dos diplomados/ás foron mulleres e 49,1 foron homes.

É de destacar que se ben o 56,16% dos matriculados/ás eran mulleres, do total de alumnos/ás que finalizaron os seus estudos, o colectivo feminino supuxo o 61,83%, fronte ao 38,17% de homes.

5.6 Poder e toma de decisións

A idea de participación equilibrada de homes e mulleres nos procesos de toma de decisións incorporouse progresivamente en recomendacións de Nacións Unidas, Unión Europea e Consello de Europa. Este último, adoptou a recomendación dunha participación feminina non inferior ao 40% en calquera órgano de decisións para alcanzar o devandito equilibrio, e esa porcentaxe foi establecida como mínimo na lexislación nacional, por medio de 7, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, para alcanzar unha composición equitativa en todos os ámbitos claves da toma de decisións.

Distribución por sexo de altos cargos da Administración do Estado en porcentaxe de mulleres 2008/ 2010

■ Cadro 5.33

	2010	2009	2008
Total	31,00	33,80	33,20
Goberno	43,80	50,00	50,00
Secretarías do Estado	23,30	29,00	33,30
Subsecretarías	26,50	27,50	28,10
Secretarías Xerais	45,00	33,30	31,80
Secretarías Xerais Técnicas	50,00	35,30	41,20
Direccións Xerais	29,40	34,50	32,10

Fonte: elaboración do Instituto da Muller, a partir dos datos facilitados polo Ministerio de Facenda e Administración Pública. INE

En 2011 a representatividade que teñen as mulleres nos Altos Cargos da Administración do Estado chegou ao 31,8% (Secretarías de Estado, Subsecretarías, Secretarías Xerais e Directores/ás Xerais), o que supón unha redución con respecto a 2009 de 2,8 puntos. No Goberno alcánzase a paridade do 43,8%, nas Secretarías Xerais o 45% e nas Secretarías Xerais Técnicas chégase ao 50% de participación. Pola contra as Secretarías de Estado só chegan ao 23,3% e s ao 26,5%.

■ Cadro 5.34

Mulleres no goberno en %

	2011	2010	2009	2008	2007	2006	2005	2004	2003(2)	2003	2002	2000	1999(2)	1999	1996
Partido no goberno	PP	PSOE	PSOE	PSOE	PSOE	PSOE	PSOE	PSOE	PP	PP	PP	PP	PP	PP	PP
Ambos sexos	13	15	17	17	16	16	16	16	16	16	16	17	15	15	15
% de mulleres	30,77	46,67	52,94	52,94	43,75	50	50	50	31,25	25	18,75	17,65	13,33	20	26,67

Outra mostra do papel da muller no poder e a toma de decisións, é a súa presenza no Goberno. Neste cadro pódese ver a evolución da representación da muller dende 1982, pasando de cero, ata alcanzar o 52,94% en 2008 e 2009. No ano 2011 produciuse unha redución, quedando a participación feminina nun 30,77%

Composición dos Parlamentos Autonómicos

■ Cadro 5.35

	2009		2010	
	Ambos sexos	% Mulleres	Ambos sexos	% Mulleres
Total	1.260	41,7	1.260	41,7
Andalucía	109	45,9	109	45,9
Aragón	67	35,8	67	35,8
Asturias	45	33,3	45	33,3
Baleares	59	49,2	59	49,2
Canarias	60	40,0	60	40,0
Cantabria	42	40,5	42	40,5
C. León	83	43,4	83	43,4
C. La Mancha	47	53,2	47	53,2
Cataluña	135	36,3	135	41,5
C. Valenciana	99	45,5	99	45,5
Extremadura	65	40,0	65	40,0
Galicia	75	40,0	75	40,0
Madrid	120	42,5	120	42,5
Murcia	46	39,1	46	39,1
Navarra	50	38,0	50	38,0
País Vasco	75	45,3	75	45,3
A Rioxa	33	39,4	33	39,4
Ceuta	25	40,0	25	40,0
Melilla	25	40,0	25	40,0

Fonte: Instituto da muller.

A representación da muller nos Parlamentos Autonómicos mantívose en 2010 nunha media do 42,2%.

A maior presenza feminina dáse en Castela-A Mancha co 53,2% e a menor no Principado de Asturias co 33,3%.

En Galicia a representación é do 40%.

No cadro 5.36 vemos a participación feminina nos Parlamentos Autonómicos en 2011. Aínda que en termos globais a participación das mulleres aumentou, este aumento só produciuse nalgúns CC.AA. como Castela-León que pasou do 43,37% a un 66,67%

■ Cadro 5.36

Composición dos Parlamentos Autonómicos

	2010		2011	
	Ambos sexos	% Mulleres	Ambos sexos	% Mulleres
Total	1.260	41,7	1.268	43,1
Andalucía	109	45,90	109	45,87
Aragón	67	35,80	67	32,84
Asturias	45	33,30	45	42,22
Baleares	59	49,20	59	45,76
Canarias	60	40,00	60	36,67
Cantabria	42	40,50	39	43,59
C. León	83	43,40	84	66,67
C. La Mancha	47	53,20	49	46,94
Cataluña	135	41,50	135	41,50
C. Valenciana	99	45,50	99	40,40
Extremadura	65	40,00	65	40,00
Galicia	75	40,00	75	40,00
Madrid	120	42,50	129	44,19
Murcia	46	39,10	45	40,00
Navarra	50	38,00	50	34,00
País Vasco	75	45,33	75	39,39
A Rioxa	33	39,40	33	45,33
Ceuta	25	40,00	25	40,00
Melilla	25	40,00	25	40,00

Fonte: Instituto da muller.

A maior representación feminina atopámola en Castela-a Mancha (53,2%), seguida de Illas Baleares, e a menor en Asturias e Aragón cun 33,3% e 35,8 respectivamente.

Mulleres no Parlamento Europeo. 2009

■ Cadro 5.37

	Total Escaños	% Mulleres
UE-27	736	35,10
Alemania	99	37,40
Austria	17	41,20
Bélxica	22	36,40
Bulgaria	17	41,20
Chipre	6	33,30
Dinamarca	13	46,20
Eslovaquia	13	38,50
Eslovenia	7	28,60
España	50	36,00
Estonia	6	50,00
Finlandia	13	61,50
Francia	72	47,20
Grecia	22	31,80
Hungría	25	48,00
Irlanda	22	36,40
Italia	12	25,00
Letonia	72	22,20
Lituania	8	37,50
Luxemburgo	12	25,00
Malta	6	16,70
Países Baixos	5	0,00
Polonia	50	22,00
Portugal	22	36,40
R. Checa	22	18,20
Reino Unido	72	31,90
Rumania	33	36,40
Suecia	18	55,60

Nota: entre paréntesis o ano das últimas eleccións.

Fonte: elaboración do Instituto da Muller a partir dos datos proporcionados pola Unión Interparlamentaria a través da súa páxina web. INE.

Nos Parlamentos nacionais dos países europeos existen grandes diferenzas dependendo dos países. Así en Suecia a participación feminina alcanza o 44,99% e en Finlandia o 40%, mentres que en Malta é dun 8,7%, en Hungría dun 9,7% e en Romanía do 11,4%.

En España a participación da muller no Parlamento é de 36,57%.

Participación de mulleres nos Parlamentos Nacionais dos países europeos. Cámara única ou baixa. 2010

■ Cadro 5.38

	Total Escaños	% Mulleres
UE-27	7.072	34,00
Alemania (2009)	622	32,80
Austria (2008)	183	27,87
Bélxica (2010)	150	39,33
Bulgaria (2009)	240	20,83
Chipre (2006)	56	12,50
Dinamarca (2007)	179	37,99
Eslovaquia (2006)	150	15,33
Eslovenia (2008)	90	14,44
España (2008)	350	36,57
Estonia (2007)	101	22,77
Finlandia (2007)	200	40,00
Francia (2007)	577	18,89
Grecia (2007)	300	17,33
Hungría (2010)	386	9,07
Irlanda (2007)	165	13,94
Italia (2008)	630	21,27
Letonia (2006)	100	19,00
Lituania (2008)	141	19,15
Luxemburgo (2009)	60	20,00
Malta (2008)	69	8,70
Países Baixos (2010)	150	40,67
Polonia (2007)	460	27,83
Portugal (2009)	230	20,00
R. Checa (2006)	200	22,00
Reino Unido (2005)	150	22,00
Rumanía (2008)	334	11,38
Suecia (2010)	349	44,99

Nota: entre paréntesis o ano das últimas eleccións.

Fonte: elaboración do Instituto da Muller a partir dos datos proporcionados pola Unión Interparlamentaria a través da súa páxina web.

INE.

O cadro 5.42 sobre a participación da muller nos Gobernos europeos (ano 2009 último dispoñible), pon de manifesto un aumento, pasando do 24,54% de 2008 ao 25,56% de 2009. Este aumento non de repartiu por igual en todos os países da Unión Europea: a maior porcentaxe de representación feminina osténtao en 2009 Finlandia (66,67%), seguida de Suecia (45,45%) e Dinamarca (42,11%), mentres que a menor representación a atopamos en Hungría (0%), Estonia (7,14%) e Eslovaquia (12,5%)

En España, en 2009, a representación da muller no Goberno alcanzou o 50%.

Os datos ofrecidos nalgúns dos cadros anteriores e seguintes non están desagregados por CC.AA., pero aínda así os seus resultados son significativos e extrapolables, aínda que con particularidades, á situación galega.

Segundo información do Mº de AA. PP, aínda que a porcentaxe de funcionarias (53,47%) é superior ao de funcionarios, a medida que ascendemos no complemen-

to de destino, o número de mulleres diminúe, ata chegar ao nivel 30 onde só hai un representación feminina do 32,63% e ao nivel 29 cun 34,85%.

Ao ir descendendo de nivel, as porcentaxes vanse igualando, ata chegar ao nivel 22 cun 50,93% de mulleres, e seguir incrementándose a presenza feminina en niveis máis baixos como o nivel 18 (66,12%), o 16 (65,78%) ou o 14 (64,59%). O nivel 10 é o único que ten paridade, cun 50% en cada colectivo.

■ Cadro 5.39

Participación de mulleres en diversos órganos constitucionais. España 2010

TOTAL	Total	% de Mulleres
	137	19,7
Consello do Estado	28	17,9
Consello Xeral do Poder Xudicial	20	35,0
Tribunal de Contas	14	7,1
Defensor do Pobo	1	0,0
Xunta Electoral Central	13	15,4
Consello Económico e Social	61	23,0

Fonte: Elaboración do Instituto da Muller a partir de datos do Ficheiro de Altos Cargos. Datos abril 2011

Unha distribución similar a la Administración Pública en canto a mulleres e homes, atopámola reflectida na empresa privada. En a Xerencia de empresas con máis de 10 traballadores só hai un 26,42% de mulleres e nas de menos de 10 traballadores, un 36,34%. Non obstante, cando a muller traballa soa, como autónoma, sen asalariados a porcentaxe chega ao 56,31%.

A representación feminina en órganos constitucionais como o Consello de Estado, Consello Xeral do Poder Xudicial, Tribunal de Contas, Defensor do Pobo, Xunta Electoral Central e Consello Económico e Social, segue sendo baixo, aínda que en progresivo aumento.

A participación máis alta obsérvase no Consello Xeral do Poder Xudicial (35%) e no e Consello Económico e Social (22,95%).

A participación feminina no ano 2010 no Poder Xudicial, era do 47,95%. Pero a medida que se ascende na carreira xudicial, a porcentaxe diminúe.

En categorías de xuíces/ás a participación é maioritariamente feminina (65,15%), pero solo alcanza o 12,20% (8,9% en 2008) no caso de maxistrados do Tribunal Supremo.

5.7 Conciliación entre a vida laboral e familiar

Talvez sexa a conciliación entre a vida laboral e familiar un dos maiores condicionantes do acceso da muller ao mundo laboral. Os efectos negativos das dificultades de conciliación seguen recaendo sobre as mulleres a falta de repartición equitativa das responsabilidades familiares e a ausencia de infraestruturas axeitadas e suficientes para atender nenos e dependentes contribuíron ao escaso cambio producido.

Excedencias por cuidado de persoas dependentes. España 2010- 2011

■ Cadro 5.40

	Ambos sexos		Mulleres	
	2010	2011	2010	2011
Galicia	122,00	140,00	96,00	117,00
España	6.136,00	6.202,00	5.209,00	5.276,00

Fonte: Tesourería Xeral da Seguridade Social

O cadro 5.40 móstranos a nivel de toda España, como o 85% das excedencias para o coidado de familiares son solicitadas por mulleres e a nivel de Galicia alcanzouse o 83,6%.

Núcleos familiares monoparentais por sexo en miles. 2008-2011

■ Cadro 5.41

	Ambos sexos	Porcentaxe Monoparentais Femininos
2008	451,500	86,07
2009	533,80	86,25
2010	558,30	86,37
2011	549	88,66

Fonte: EPA

No cadro 5.41 serve para confirmar o papel da muller como responsable do coidado dos fillos, cunha porcentaxe moi superior de familias monoparentais femininas (88,66% en 2010), fronte ao 11,13% de monoparentais masculinas.

Permisos de maternidade por comunidades autónomas

■ Cadro 5.42

		2008	2009	2010	2011
Ambos sexos e porcentaxe de mulleres	Total	359.160	340.512	332.557	324.405
	Andalucía	65.205	61.135	59.330	57.659
	Aragón	10.595	9.404	9.125	9.121
	Asturias	5.768	5.814	5.536	5.638
	Baleares	8.899	8.403	8.087	7.715
	Canarias	13.420	12.191	11.259	10.638
	Cantabria	4.204	4.020	4.102	3.945
	C. León	14.480	14.376	14.398	14.285
	C. La Mancha	13.168	12.807	12.960	12.436
	C. Valenciana	37.405	61.323	58.896	32.532
	Cataluña	64.374	66.080	64.670	57.344
	Extremadura	6.874	16.716	16.685	6.495
	Galicia	17.113	55.982	55.329	16.464
	Madrid	59.022	11.321	10.946	53.788
	Murcia	11.725	5.606	5.390	10.333
	Navarra	5.770	2.303	2.366	5.311
	A Ríoxa	2.336	34.470	33.135	2.179
	País Vasco	18.058	17.265	17.730	17.728
	Ceuta	354	343	404	376
	Melilla	390	425	412	418
	Total	98,45	98,32	98,25	98,21
	Andalucía	98,91	98,85	98,88	98,87
	Aragón	98,17	98,28	97,97	97,87
	Asturias	98,40	98,11	97,65	97,50
	Baleares	98,11	98,42	98,33	98,42
	Canarias	98,76	98,70	98,64	98,40
	Cantabria	97,72	97,96	97,51	97,39
	C. León	98,13	97,81	97,71	97,55
	C. La Mancha	98,70	98,70	98,67	98,69
	C. Valenciana	98,88	98,35	98,35	98,71
	Cataluña	98,45	99,02	98,84	98,25
	Extremadura	99,03	98,00	97,97	99,06
	Galicia	98,41	98,19	98,24	97,97
	Madrid	98,46	99,27	99,31	98,22
	Murcia	99,44	95,99	95,90	99,33
	Navarra	95,84	97,83	98,01	96,25
	A Ríoxa	97,65	98,66	98,64	97,93
	País Vasco	96,26	96,28	95,67	95,50
	Ceuta	98,31	99,42	97,03	98,40
	Melilla	99,23	98,59	99,27	97,13

* O volumen de perceptores de maternidade xestionados polo SEPE refírense a novembro.
 Fonte: Instituto da Muller, a partir de datos da Tesorería Xeral da Seguridade Social.

Excedencias* por coidado de fillas/os

■ Cadro 5.43

	España		Galicia	
	Total	% Nais	Total	% Nais
2009	33.942	95,40	542	92,40
2010	34.812	95,48	511	94,32
2011	34.128	95,52	555	93,69

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos da Tesorería Xeral da Seguridade Social

As excedencias por coidado de fillas/os en Galicia correspondentes ao 2011 móstrannos que neste ano o 93,70% das excedencias por coidado de fillo/a eran solicitadas por mulleres e só polo 6,30% de homes, aínda que a tendencia dos últimos anos reflicte un leve aumento nas solicitudes de homes. En España, nese ano 2011, o 95,5% destas excedencias concedéronse a mulleres.

Algo similar acontece cos permisos de maternidade. No cadro 42 conséntase que en Galicia o 97,9% dos permisos foron gozados polas nais. En España as cifras son similares co 98,2% de permisos das nais.

A evolución dende o ano 2004 mostra escasas diferenzas. A aprobación da Lei de Igualdade permitiu o desfrute dos permisos de paternidade, con 12.661 permisos gozados en Galicia en 2011 (269.714 en toda España).

Permisos de Paternidade por CC.AA

■ Cadro 5.44

	2010	2011
Total	275.637	269.715
Andalucía	43.577	42.051
Aragón	8.317	8.405
Asturias	4.640	4.675
Baleares	6.004	5.747
Canarias	9.110	8.696
Cantabria	3.654	3.418
C. León	12.839	12.514
C. La Mancha	11.963	11.697
C. Valenciana	27.409	26.889
Cataluña	52.893	51.174
Extremadura	5.361	5.313
Galicia	12.568	12.661
Madrid	44.599	44.702
Murcia	8.827	8.566
Navarra	4.881	4.785
A Ríoxa	2.206	2.075
País Vasco	16.138	15.741
Ceuta	336	305
Melilla	315	301

Fonte: Instituto Nacional da Seguridade Social

Para completar este apartado incluímos o cadro sobre “Persoas ocupadas a tempo parcial por motivo da xornada parcial” do Instituto de er sobre datos da EPA.

Persoas ocupadas a tempo parcial por motivo da xornada parcial. España 2010-2011
■ Cadro 5.45

		2010	2011
Ambos sexos	Total	2.474,50	2.458,50
	Seguir cursos de ensinanza ou formación	190,70	153,40
	Enfermidade ou incapacidade propia	30,30	28,00
	Coidado de nenos ou de adultos enfermos, incapacitados ou maiores	299,40	297,60
	Outras obrigas familiares ou persoais	180,00	150,60
	Non poder encontrar traballo de xornada completa	1.268,00	1.351,40
	Non querer traballo de xornada completa	221,90	215,20
	Outros motivos	279,60	256,50
	Non sabe o motivo	4,60	5,80
% Mulleres	Total	77,20	75,98
	Seguir cursos de ensinanza ou formación	57,84	58,28
	Enfermidade ou incapacidade propia	63,04	59,64
	Coidado de nenos ou de adultos enfermos, incapacitados ou maiores	97,19	96,77
	Outras obrigas familiares ou persoais	95,22	92,16
	Non poder encontrar traballo de xornada completa	74,99	73,07
	Non querer traballo de xornada completa	83,33	84,43
	Outros motivos	64,27	63,12
	Non sabe o motivo	60,87	68,97

Fonte: Enquisa de poboación activa. INE. Elaborado polo Instituto da Muller.
Unidade: Miles de persoas.

Aínda que os datos non están desagregados por Comunidades Autónomas, parece significativo que do total de persoal que realizan un traballo a tempo parcial por coidado de nenos ou adultos enfermos, incapacitados ou maiores, o 96,71% en 2011 sexan mulleres e o 95,16% do total de persoas traballadoras a tempo parcial con obrigas familiares ou persoais, tamén sexan mulleres.

Destaca, igualmente, que o 73,07% dos que non puideron atopar traballo a xornada completa sexan mulleres e que o 84,43% dos que non queren traballar a xornada completa tamén sexan mulleres, xurdindo a dúbida de se realmente a elección de traballar a tempo parcial é libre ou imposta por un cúmulo de factores externos, algúns deles imperceptibles.

O CADRO 5.46 de “Persoas inactivas que non buscan emprego por razóns familiares” do Instituto da Muller, parece confirmar os datos anteriores, destacando que do total de persoas inactivas que non buscan emprego por razóns familiares, o 95,65%, sexan mulleres.

Persoas inactivas que non buscan emprego por razóns familiares. España 2010-2011

■ Cadro 5.46

		2010	2011
Ambos sexos	Total Inactivos	15.408	15.427
	Total Razóns familiares	2.285	2.185
	Coidado de nenos ou de adultos enfermos, incapacitados ou maiores	652	556
	Outras obrigas familiares ou persoais	1.633	1.629
% Mulleres	Total Inactivos	60,54	60,16
	Total Razóns familiares	95,65	95,65
	Coidado de nenos ou de adultos enfermos, incapacitados ou maiores	97,41	95,85
	Outras obrigas familiares ou persoais	94,94	95,58

Fonte: Enquisa de poboación activa. INE. Elaborado polo Instituto da Muller.
Unidade: Miles de persoas.

5.8 Salarios

Continuando a tendencia dos apartados anteriores deste capítulo, o sexo parece ser tamén un factor determinante das diferenzas salariais.

O informe de a Axencia Tributaria "Mercado de traballo e pensións nas fontes tributarias: 2010 (últimos datos dispoñibles) reflexa que as mulleres galegas no ano 2010 percibiron un salario medio anual de 15.704 € fronte aos 20.408 € dos homes, o que supón que as mulleres percibiron un 23% menos que os homes polo seu traballo realizado.

A media total das CC.AA. no grupo de mulleres chegou aos 16.209 €, fronte aos 21.449 dos homes, percibindo o colectivo feminino un 24% menos que os homes.

En ambos os dous casos a muller cobra menos que a media, que en Galicia é de 18,31 € e no conxunto do Estado de 19,13 €.

Asalariados por CCAA e sexo. 2010

■ Cadro 5.47

	Total		Mulleres	Homes
	Salario medio anual	%*	Salario medio anual	Salario medio anual
Andalucía	15.468	73,30	12.836	17.512
Aragón	19.697	71,72	16.370	22.294
Ppdo. de Asturias	19.914	71,15	16.238	22.823
Illas Baleares	17.927	79,75	15.784	19.783
Canarias	16.527	82,44	14.819	17.975
Cantabria	19.655	72,33	16.169	22.355
Castela A Mancha	16.910	79,35	14.661	18.477
Castela León	18.802	75,56	15.897	21.038
Cataluña	21.358	75,18	18.120	24.103
Estremadura	14.659	79,05	12.735	16.110
Galicia	18.314	76,95	15.704	20.408
C. de Madrid	24.711	72,00	20.448	28.400
Rexión de Murcia	16.376	78,42	14.114	17.997
A Ríoxa	18.828	77,24	16.134	20.887
C. Valenciana	17.371	76,92	14.876	19.339
Cidade de Ceuta	22.382	67,85	17.366	25.594
Cidade de Melilla	21.627	71,39	17.470	24.471
Total	19.113	75,57	16.209	21.449

*Porcentaxe de salario da muller sobre o salario do home.

Fonte: Mercado de traballo e pensións nas fontes tributarias: 2010.

A evolución con respecto ao ano 2000 non era moi alentadora, xa que en Galicia a diferenza se incrementou en case un punto, pasando do 26,10% de diferenza en prexuízo das mulleres, ao 26,94% en 2006 e 26,28% en 2007. Pero no ano 2008 a diferenza diminúe e no 2009 e 2010 volve notarse unha redución das diferenzas salariais.

■ Cadro 5.48

Asalariados por sector de actividade económica e sexo. Galicia / España. 2010

	España Homes	España Mulleres	Galicia		
			Mulleres	Homes	%
Agricultura, gandeiría, selvicultura e pesca	7.571	3.945	10.858	15.323	70,86
Industria extractiva, enerxía e auga	27.218	19.976	19.443	24.734	78,61
Industria	23.588	16.716	14.447	21.455	67,34
Construcción e servizos inmobiliarios	16.776	16.785	15.730	16.681	94,30
Comercio, reparacións e transporte	20.509	13.297	12.647	18.283	69,17
Información e comunicacións	31.565	23.027	17.679	25.247	70,00
Entidades financeiras e aseguradoras	40.165	26.572	25.037	38.585	64,89
Servizo ás empresas	20.291	13.084	11.656	17.815	65,38
Servizos sociais	27.683	22.063	22.093	27.386	80,73
Outros servizos persoais e de ocio	13.057	9.156	8.091	11.275	71,76
Total	21.449	16.209	15.704	20.408	76,95

*Porcentaxe de salario da muller sobre o salario do home en Galicia.

Fonte: Mercado de traballo e pensións nas fontes tributarias: 2010

Neste cadro, apreciamos que as diferenzas salariais non son iguais segundo que rama de actividade económica se trate. As maiores diferenzas aprécianse na rama “entidades financeiras e aseguradoras”, onde a muller gaña un 35,1% menos que o home, seguida de “servizos a empresas” cunha porcentaxe dun 34,58% menos en contra da muller e de “industria” cun 32,66% menos.

As menores diferenzas atopámolos en “construción e servizos inmobiliarios” onde a muller percibe o 94,30% do salario masculino e “servizos sociais” co 80,73%.

Hai que ter en conta que estas diferenzas salariais están provocadas en boa medida por que a muller está contratada nunha maior proporción a tempo parcial, con contratos temporais, que se incorporan máis tarde ao mercado laboral e que interrompen a súa vida profesional para a atención dos fillos ou de persoas dependentes.

**Percepcións salariais por tramo de salario e sexo.
Galicia / España. 2011**

■ **Cadro 5.49**

	Galicia		España	
	Salario medio anual		Salario medio anual	
	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres
De 0 a 0,5 SMI	1.991	1.931	1.888	1.851
De 0,5 a 1 SMI	6.649	6.681	6.570	6.632
De 1 a 1,5 SMI	11.241	11.198	11.162	11.153
De 1,5 a 2 SMI	15.692	15.273	15.613	15.370
De 2 a 2,5 SMI	19.694	19.797	19.785	19.812
De 2,5 a 3 SMI	24.242	24.171	24.239	24.198
De 3 a 3,5 SMI	28.696	28.765	28.728	28.773
De 3,5 a 4 SMI	33.088	33.192	33.153	33.152
De 4 a 4,5 SMI	37.624	37.809	37.580	37.627
De 4,5 a 5 SMI	41.943	41.828	41.956	41.897
De 5 a 7,5 SMI	52.720	52.297	52.925	52.347
De 7,5 a 10 SMI	75.405	74.781	75.645	75.168
Máis de 10 SMI	135.982	119.846	145.303	124.984
Total	20.408	15.704	21.449	16.209

Fonte: Axencia Tributaria. Mercado de Traballo e pensións nas fontes tributarias: 2011.

A partir dos datos facilitados por ia Tributaria, observamos que en 2010 o 18,04% (85.748 mulleres) tiveron ingresos por salarios inferiores ao 50% de Salario Mínimo Interprofesional (S.M.I.) e o 15,32% tivéronos entre o 50% e o 100% do S.M.I. Isto supón que o 33,36% (33,51% en 2009) de mulleres, no ano 2010, tiveron ingresos non superiores ao S.M.I. Os homes con salarios inferiores ao 50% do SMI. foron o 12,42% e con salarios entre o 50% e o 100% do S.M.I. foron o 9,47%.

Cos salarios máis altos acontece á inversa, é unha porcentaxe moi baixa de mulleres as que perciben salarios altos.

La Enquisa Anual de Estrutura Salarial ano 2010 do INE (última dispoñible) confirma os datos anteriores.

Salario bruto anual por tipo de contrato. (Euros). 2010.
Enquisa anual de estrutura salarial

■ **Cadro 5.50**

Ambos os dous sexos	Total	Indefinido	Duración determinada
Andalucía	20.913,38	23.564,70	15.472,32
Aragón	22.316,69	24.176,50	16.010,58
Ppdo. de Asturias	22.241,39	23.767,43	18.234,85
Illas Baleares	21.613,60	22.872,10	17.676,73
Canarias	19.315,56	20.128,68	16.966,94
Cantabria	21.156,79	22.425,45	17.120,78
Castela León	20.960,87	22.674,81	15.400,93
Castela A Mancha	20.363,01	21.952,23	16.646,37
Cataluña	24.449,19	25.986,98	17.241,53
C. Valenciana	20.707,24	22.138,73	14.752,66
Extremadura	19.480,55	21.252,28	15.215,98
Galicia	20.241,99	21.779,73	15.797,40
C. de Madrid	25.988,95	27.742,34	17.934,87
Rexión de Murcia	20.863,37	21.842,24	17.939,34
Navarra	23.824,88	26.704,03	17.297,49
País Vasco	26.593,70	28.845,93	19.450,72
A Rioxa	21.035,86	22.102,46	16.979,09
Ciudades Ceuta e Melilla	24.010,60	25.853,96	-19.287,87
España	22.790,20	24.564,70	16.693,71

Homes	Total	Indefinido	Duración determinada
Andalucía	23.421,28	26.043,48	17.138,77
Aragón	25.263,29	27.570,18	16.748,23
Ppdo. de Asturias	25.170,79	27.438,57	19.706,16
Illas Baleares	23.213,04	24.856,99	17.865,60
Canarias	20.986,94	22.308,18	16.973,60
Cantabria	23.924,51	25.845,20	17.931,06
Castela León	23.640,67	25.781,32	16.491,45
Castela A Mancha	22.292,84	24.073,63	17.797,42
Cataluña	27.601,02	29.638,26	17.904,70
C. Valenciana	23.331,71	24.949,93	16.517,68
Extremadura	20.787,03	22.681,91	16.097,19
Galicia	22.626,21	24.364,61	17.072,30
C. de Madrid	29.016,00	31.206,65	18.851,49
Rexión de Murcia	23.482,48	25.120,19	18.476,84
Navarra	26.982,49	29.501,97	18.015,55
País Vasco	29.708,66	32.532,15	20.175,92
A Rioxa	23.641,44	25.156,12	-17.051,33
Ciudades de Ceuta e Melilla	25.791,37	27.743,15	-19.970,72
España	25.479,74	27.676,84	17.739,80

Salario bruto anual por tipo de contrato. (Euros). 2010. Enquisa anual de estrutura salarial

■ Cadro 5.50 (continuación)

Mulleres	Total	Indefinido	Duración determinada
Andalucía	17.870,90	19.791,03	13.531,61
Aragón	18.843,25	20.007,67	15.253,83
Ppdo. de Asturias	18.786,13	19.658,45	16.240,74
Illas Baleares	19.812,19	20.589,64	17.486,87
Canarias	17.601,79	17.835,25	16.960,61
Cantabria	17.887,59	18.426,76	16.132,32
Castela León	17.683,88	18.818,07	14.131,11
Castela A Mancha	17.913,00	19.117,21	15.348,88
Cataluña	21.042,00	22.017,90	16.543,18
C. Valenciana	17.776,59	18.983,86	12.822,23
Extremadura	17.876,85	19.465,31	14.180,33
Galicia	17.691,11	18.866,42	14.623,55
C. de Madrid	22.721,17	23.988,66	16.962,51
Rexión de Murcia	17.838,28	18.009,18	17.340,95
Navarra	19.927,15	20.958,98	16.447,40
País Vasco	22.706,10	24.089,98	18.635,58
A Ríoxa	18.131,05	18.498,49	-16.914,20
Ciudades de Ceuta e Melilla	21.331,43	-22.699,12	-18.494,81
España	19.735,22	20.987,07	15.553,37

Fonte: Mercado de traballo e pensións nas fontes tributarias: 2010.

En Galicia o salario medio bruto anual total en 2010, no colectivo feminino foi de 17.691,11 €. Se distinguimos entre tipo de contrato a media foi de 18.866,42 € para os contratos indefinidos e 14.623,55 € para os de duración determinada e no colectivo masculino foron de 22.626,21 €, distribuídos en 24.364,61 € para os contratos indefinidos e 17.072,30 € para os de duración determinada). Isto supón que as mulleres galegas en 2010 percibiron unhas retribucións un 21,81% menor que as dos homes, diferenza que no caso dos contratos indefinidos alcanza o 22,57%.

En España a media salarial bruta das mulleres en 2010, foi de 19.735,22 €, fronte aos 25.479,74 dos salarios masculinos, o que reflicte unha diferenza en contra do salario feminino de 22,54% (diferenza maior que en Galicia, que é debida a que as diferenzas salariais entre homes de Galicia e España son superiores ás das mulleres de Galicia e España). Nas contratacións indefinidas, esta diferenza, desfavorable para as mulleres chega ao 24,17%.

5.9 Prestacións por desemprego

Os datos proporcionados polo MTASS para a elaboración deste apartado non están desagregados por CC.AA., polo que, aínda que fagamos referencia ás súas táboas estatísticas do 2010, imos utilizar o informe de do de traballo e pensións nas fontes tributarias: 011”.

O N° de perceptoras de prestacións de desemprego, segundo as estatísticas do Anuario de Estadísticas Laborais de de Asuntos Sociais do M° de Trabajo e Asuntos

Sociais 2011, foi superior ao dos homes en da Activa de Inserción, pero non así no nivel contributivo, nin asistencial.

■ 546.021 mulleres percibiron prestación de nivel contributivo, fronte a 781.999 homes.

■ 642.004 mulleres percibiron prestacións de nivel asistencial, fronte a 689.312 homes.

■ 120.493 mulleres percibiron la Renda Activa de Inserción fronte a 65.823 homes.

A media diaria bruta recoñecida a beneficiarios/ás de prestacións de desemprego de nivel contributivo segundo sexo e idade a nivel de todo o Estado é de 28,40 € día no ano 2011 (28,08 € día en 2010). A contía percibida polo colectivo feminino está por debaixo desa media, alcanzando solo 25,65 € día (25,34 € día en 2010), fronte aos 30,32 € do grupo de homes (29,83 € en 2010).

A maior diferenza atopámola no colectivo de mulleres entre 55 e mais anos onde a diferenza de contía media diaria bruta chega a ser de 6,07 € día (mulleres 25,31 € día e homes 32,02 € día).

Contía media diaria bruta recoñecida a beneficiarios de prestacións de nivel contributivo. Segundo sexo e idade. España. 2011

■ Cadro 5.51

	2010
Homes	
16-19 anos	33,50
20-24 anos	26,15
25-54 anos	30,26
55 e máis anos	32,02
Total	30,32
Mulleres	
16-19 anos	19,02
20-24 anos	21,99
25-54 anos	25,93
55 e máis anos	25,31
Total	25,65
Ambos os dous sexos	
16-19 anos	22,36
20-24 anos	24,48
25-54 anos	28,48
55 e máis anos	30,15
Total	28,51

Fonte: Axencia Tributaria. Mercado de Traballo e pensións nas fontes tributarias: 2011.

Para poder facer unha análise por CC .AA. e sexo utilizaremos os datos do informe de a Axencia Tributaria “Mercado de traballo e pensións nas fontes tributarias: 010”.

En todas as CC.AA o importe da prestación media anual é inferior no colectivo feminino, 3.559 € (3,513 € en 2009) fronte aos 4.269 € (4.396 € en 2009) dos

homes. En Galicia a media anual chegou aos 3.358 (3.254 € en 2009) para as mulleres e aos 4.093 € (3.980 € en 2009) para os homes, polo tanto existe unha diferenza en prexuízo do grupo de mulleres de 735 € anuais como media.

Se comparamos a percepción media feminina en materia de prestacións de desemprego, en 2010, coa media total das CC.AA., observamos que é inferior:

En 594 € e se a comparación a facemos co total do colectivo feminino as mulleres galegas percibiron 201 € menos que a media de España, ocupando o cuarto posto das prestacións máis baixas despois de Baleares, Extremadura, e Cantabria. No caso dos homes galegos a diferenza coa media dos homes España, é de 176 € menos.

Podemos concluír dicindo que a muller galega percibe só o 82% (89,2% en 2009) das prestacións, comparándoas coas percibidas polos seus compañeiros homes, é dicir, percibe un 18% menos.

**Percepcións medias de prestacións por desemprego.
Por sexo e comunidade autónoma do perceptor. Galicia/España. 2010**

■ **Cadro 5.52**

	Total	Homes	Mulleres
	Prestación media anual	Prestación media anual	Prestación media anual
Andalucía	3.738	4.048	3.373
Aragón	3.829	4.072	3.478
Ppdo. de Asturias	3.891	4.259	3.394
Illas Baleares	3.462	3.714	3.182
Canarias	3.809	4.109	3.474
Cantabria	3.758	4.149	3.215
Castela A Mancha	3.821	4.098	3.441
Castela León	3.814	4.124	3.395
Cataluña	4.336	4.651	3.391
Extremadura	3.474	3.735	3.187
Galicia	3.754	4.093	3.358
C. de Madrid	4.364	4.650	4.020
Rexión de Murcia	3.884	4.221	3.400
A Rioxa	3.876	4.093	3.569
C. Valenciana	4.070	4.451	3.569
Cidade de Ceuta	3.718	3.897	3.542
Cidade de Melilla	3.603	3.798	3.406
España	3.952	4.269	3.559

Fonte: Axencia Tributaria. Mercado de traballo e pensións nas fontes tributarias: 2010

Facendo unha análise da nacionalidade dos perceptores/ás, observamos que cando a nacionalidade é española, a diferenza nas percepcións das mulleres con respecto aos varóns é superior; chegando a percibir un 18,42% menos, mentres que se a orixe é estranxeira, a diferenza se reduce ata un 14,29% menos.

■ Cadro 5.53

Desempregados e prestacións medias por nacionalidade e sexo do perceptor.
Galicia - España. 2010

	Desempregados			Prestación media anual		
	Ambos sexos	Mulleres	homes	Ambos sexos	Mulleres	Homes
España						
Española	4.987.977	2.329.500	2.658.477	4.020	3.603	4.385
Estranxeira	921.553	309.853	611.700	3.583	3.228	3.762
Galicia						
Española	291.490	136.267	155.223	3.785	3.379	4.142
Estranxeira	18.217	6.719	11.498	3.256	2.946	3.437

Fonte: Axencia Tributaria.

A diferenza estriba na nacionalidade de orixe, xa que os homes non españois perciben unhas prestacións sensiblemente inferiores ás dos homes españois (17% menos), mentres que as mulleres non españolas, con respecto ás españolas teñen uns ingresos en concepto de desemprego do 12,81% menos.

Esta análise volve reafirmar a idea de que, con independencia da orixe, nacionalidade, formación, ... o colectivo de mulleres sempre está por debaixo do de homes.

Pensión contributivas e importe medio e pensionistas segundo clase, por sexo.
España 2010/2011

■ Cadro 5.54

	Pensiones				Pensionistas ⁽¹⁾	
	Número		Importe medio En euros/mes		número	
	2010 (miles)	2011	2010	2011	2010 (miles)	2011
Homes	4.218,3	4.287.027	971,92	1.004,13	4.099,1	4.164.710
Incapacidade permanente	3.303,2	613.057	1.034,15	940,59	3.287,9	611.369
Xubilación	610,6	3.363.232	921,75	1.070,95	608,5	3.347.086
Viudedade	157,5	160.467	440,13	449,21	661,4	61.865
Orfandade	139,2	142.064	347,29	355,94	133,6	136.263
Favor familiar	7,9	8.207	426,24	438,54	7,7	8.127
Mulleres	4.452,4	4.517.845	597,21	615,99	3.809,2	3.861.900
Incapacidade permanente	1.837,2	325.415	614,24	735,52	1.731,5	312.278
Xubilación	323,1	1.882.875	714,03	637,13	309,1	1.773.554
Viudedade	2.132,6	2.148.816	581,45	596,66	1.617,9	1.623.877
Orfandade	129,7	131.051	353,59	362,60	124,0	125.261
Favor familiar	29,8	29.689	468,11	481,76	26,7	26.931
Ambos os dous sexos⁽²⁾	8.671,0	8.805.164	779,49	804,96	7.908,6	8.026.911
Incapacidade permanente	5.140,6	938.491	884,07	869,48	5.019,4	923.666
Xubilación	933,7	5.246.241	849,86	915,24	917,6	5.120.778
Viudedade	2.290,1	2.309.332	571,73	586,42	1.679,3	1.685.788
Orfandade	269,0	273.201	350,29	359,11	257,8	261.618
Favor familiar	37,7	37.898	459,35	472,39	34,5	35.061

(1) Véxase nota a este cadro en Fontes non explicativas.

(2) Inclúe non consta sexo.

Fonte: Anuario de estadísticas laborais 2011. Ministerio de Trabajo e Asuntos Sociais.

5.10 Pensións

Para unha primeira análise utilizaremos os datos proporcionados polo Mº de Trabajo e A.A. S.S. nas estatísticas do Anuario de Estadísticas Laborais do 2011, últimos dispoñibles desagregados por sexos no momento de finalización deste capítulo. Aínda que os datos non están desagregados por CC.AA, se o están por sexo, polo que nos poden dar unha visión xeral da situación da muller pensionista.

Faremos unha primeira análise das pensións contributivas.

O nº de pensionistas mulleres (3.861.900) en toda España é lixeiramente inferior ao de homes (4.164.710). É máis destacable que se ben no colectivo masculino as pensións de xubilación, que requiren unha cotización previa, supoñen un 80,37% do total, no grupo de mulleres só alcanzan un 45,92%, mentres que as de viuvez chegan ao 42%.

En relación co importe medio mensual podemos dicir que no conxunto do Estado, as pensións percibidas polas mulleres en 2011 son 388,14 € menos que as dos homes, ou o que é o mesmo un 38,65% menores (mulleres: 615,99 €, homes: 1.004,13€). Esta diferenza aínda é maior se comparamos as pensións de xubilación. Así unha pensionista de xubilación muller percibiría 433,13 € menos que os homes.

As pensións de viuvez, orfandade e a favor de familiares son lixeiramente superiores no caso das mulleres.

■ Cadro 5.55

Pensión contributivas, segundo tramos de contía mensual, por sexo e clase. España 2011

	Total	Ata 150	De 150,01 a 500	De 500,01 a 641,39	De 641,39 a 700	De 700,01 a 1.100	De 1.100,01 a 1.500,00	De 1.500,01 a 1.800	De 1.800,01 a 2.000	De 2.000,01 a 2.466,21	Máis de 2.466,21
Homes	4.287,1	64,5	480,0	910,0	171,8	1.203,4	630,5	310,8	151,1	351,5	13,3
Incapacidade permanente	613,1	2,6	107,30	118,60	41,70	176,6	80,7	32,7	15,8	32,4	4,7
Xubilación	3.363,2	48,0	164,00	740,60	123,70	1.005,1	541,6	277,5	135,1	319,0	8,6
Viuvez	160,5	5,8	105,40	22,60	4,90	15,4	6,1	0,2	-	-	0,0
Orfandade e favor familiares	150,3	8,1	103,30	28,20	1,50	6,3	2,1	0,4	0,2	0,1	0,0
Mulleres	4.517,8	80,5	1.522,9	1.741,7	166,3	619,0	253,6	59,5	25,2	46,3	2,5
Incapacidade permanente	325,4	1,7	106,80	88,60	15,40	61,9	25,4	9,6	4,3	10,0	1,4
Xubilación	1.882,9	31,8	658,60	752,00	45,20	189,1	104,9	44,4	20,1	35,7	1,1
Viuvez	2.148,8	37,5	650,50	870,30	103,80	360,1	120,6	5,0	0,5	0,5	0,0
Orfandade e favor familiares	160,7	9,5	107,00	30,80	1,90	7,9	2,7	0,5	0,3	0,1	0,0
Ambos os dous sexos⁽¹⁾	8.804,9	145,0	2.002,9	2.651,7	338,1	1.822,4	884,1	370,3	176,3	397,8	15,8
Incapacidade permanente	938,5	4,3	214,1	207,2	57,1	238,5	106,1	42,3	20,1	42,4	6,1
Xubilación	5.246,1	79,8	822,6	1.492,6	168,9	1.194,2	646,5	321,9	155,2	354,7	9,7
Viuvez	2.309,3	43,3	755,9	892,9	108,7	375,5	126,7	5,2	0,5	0,5	0,0
Orfandade e favor familiares	311,0	17,6	210,3	59,0	3,4	14,2	4,8	0,9	0,5	0,2	0,0

(1) Inclúe non consta sexo.

Fonte: Anuario de estadísticas laborais 2011. Ministerio de Trabajo e Asuntos Sociais.

Se a análise o realizamos observando as pensións segundo tramos de contía mensual, por sexo e clase, para todo o territorio das CC.AA. en 2010 apreciamos que no colectivo de mulleres o maior nº de pensións concéntrase no tramo de 500,01 a 641.39 €, e o seguinte tramo con máis perceptoras é o de 150,01 a 500,00 €. No grupo de homes o primeiro tramo con máis pensionistas é o de 700,01 € a 1.100,00

€ e o seguinte tramo con máis perceptores é o de 500,01 a 641,40 €, e nos tramos superiores son maioritarios e case exclusivos, o nº de perceptores homes.

■ Cadro 5.56

Pensión por CC.AA. e sexo. 2010

	Total	Mulleres	Homes
	Pensión media anual	Pensión media anual	Pensión medio anual
Andalucía	10.730	9.049	12.306
Aragón	12.514	10.014	14.710
Ppdo. de Asturias	14.799	10.585	18.527
Illas Baleares	10.889	9.180	12.670
Canarias	10.857	9.260	12.326
Cantabria	12.665	10.027	15.159
Castela A Mancha	10.401	8.842	11.528
Castela León	11.907	9.853	13.635
Cataluña	12.250	9.932	14.750
Estremadura	9.959	8.844	10.875
Galicia	10.428	8.901	12.035
C. de Madrid	14.368	11.412	17.370
Rexión de Murcia	10.239	8.685	11.710
A Ríoxa	11.492	9.653	13.103
C. Valenciana	10.869	9.131	12.357
Cidade de Ceuta	14.157	10.899	17.293
Cidade de Melilla	13.458	10.573	16.333
Total	11.750	9.673	13.743

*Porcentaxe de salario da muller sobre o salario do home.

Fonte: Mercado de traballo e pensións nas fontes tributarias: 2010.

Para poder facer unha análise por CC .AA. e sexo utilizaremos os datos do informe de a Axencia Tributaria "Mercado de traballo e pensións nas fontes tributarias: 2009 (últimos datos dispoñibles).

Cabe sinalar que se ben en Galicia, o nº de pensionistas (sen distinción polo tipo de pensión) é superior no colectivo feminino (51,29%), non o son os importes das pensións recibidas. No total das CC.AA. o nº de mulleres pensionistas chega ao 48,16%.

A pensión media anual das mulleres pensionistas en Galicia alcanzou en 2010 os 8.901, fronte aos 12.035 € dos homes, o que supón que as mulleres perciben o 73,96% do importe da pensión masculina, ou o que é o mesmo un 26%€ menos, o que supón unha significativa diferenza (3.134 € menos ao ano).

Se a comparación a facemos coa media total dos/as pensionistas galegos/ás de ambos os dous sexos, as mulleres reciben pensións inferiores á media en 1.527 €; diferenza que se acentúa se o elemento de referencia é a media total de España (ambos os dous sexos), chegando a percibir 2.849 € menos.

A muller galega tamén está en desvantaxe se a comparamos coa pensión media das mulleres do resto de CC.AA., con 772 € menos.

As pensionistas galegas ocupan o cuarto lugar das máis baixas, despois de Murcia, Castela-A Mancha e Estremadura e, mantendo a súa posición do ano anterior.

INICIO DA RELACIÓN LABORAL

6

6.1 Inscripción de empresas e apertura de centros de traballo

Inclúense neste apartado dous datos que, se ben non poden tomarse como reflexo real do número de empresas de Galicia, si poden considerarse como un índice aproximado, aínda que requiren precisións en cada apartado.

6.1.1 Inscripcións de empresas

As cifras que se inclúen non son referidas exactamente ao número de empresas, senón aos códigos de conta de cotización existentes en cada provincia a 31 de decembro de 2011, agás nas cifras relativas ao Réxime Especial do Mar do que a súa contabilización corresponde a empresarios independentemente dos códigos ou embarcacións coas que contén. Isto supón que non coinciden, nos demais réximes, as cifras coa consideración de empresas ou centros de traballo, xa que un código pode ter varios centros de traballo e as empresas poden ter varios códigos.

No cadro 6.1, ofrécese o dato estático do número de empresas a 31 de decembro de 2011 que, aínda coas salvidades antes apuntadas, permite extraer algunha conclusión.

■ Cadro 6.1

Empresas en alta. Por réximes. Galicia. 2010-2011

	Réxime Xeral		Réximes especiais						Mar ⁽¹⁾		Total	
	2010	2011	Agrario		Emp. Fogar		Minería Carbón		2010	2011	2010	2011
			2010	2011	2010	2011	2010	2011				
A Coruña	38.250	37.209	484	526	5.077	5.066	1	1	979	987	44.791	43.789
Lugo	12.889	12.411	590	632	1.273	1.235	0	0	204	191	14.956	14.469
Ourense	11.675	11.385	83	75	1.442	1.375	0	0	0	0	13.200	12.835
Pontevedra	33.685	32.497	288	287	3.731	3.738	0	0	1716(2)	1767(2)	39.420	38.289
Galicia	96.499	93.502	1.445	1.520	11.523	11.414	1	1	2.899	2.945	112.367	109.382

Elaboración propia.

(1) As cifras deste réxime corresponden a empresarios/as independentemente dos códigos conta de cotización que teñan.

(2) Inclúe as empresas dependentes do ISM-Dirección Provincial de Vilagarcía-das que parte corresponden á Coruña. Todos os datos a 31 de decembro.

Fontes: Tesourería Xeral da Seguridade Social e Instituto Social da Mariña.

Obsérvase que no ano 2011, diminúen globalmente as cifras de empresas en alta, experimentando un lixeiro incremento nos réximes especiais agrario e do mar.

Nos cadros 6.2 e 6.33, con datos extraídos do Ministerio de Emprego e Seguridade Social e referido ao Réxime Xeral, agrúpase nunha única conta de cotización á Seguridade Social a un colectivo de traballadores/as pertencentes a unha mesma empresa que desenvolven a súa actividade laboral nunha mesma provincia e que teñen características homoxéneas fronte á cotización, agrupando nunha única unidade –empresa- a todas as contas co mesmo Número de Identificación Fiscal. O tamaño de cada empresa obtívose en función do número de traballadores/as da empresa en cada unidade territorial, independentemente do tamaño da empresa a nivel nacional. Agrúpanse así mesmo por tamaño das empresas e segundo o tipo destas podendo observarse nas cifras o importante número de empresas de pequeno tamaño, que supón que o 88,3% das empresas teñen menos de 10 traballadores/as, e a ocupación elevada de traballadores/as en empresas cuxa titularidade corresponde a persoas xurídicas.

Empresas conta allea, segundo sector de actividade, por provincia de radicación dos seus centros de traballo. Galicia. 2011

■ Cadro 6.2

	Total	Agrario	Industria	Construción	Servizos
A Coruña	35.104	1.684	3.179	4.325	25.916
Lugo	12.043	902	1.107	1.525	8.509
Ourense	10.196	351	1.186	1.296	7.363
Pontevedra	31.500	2.136	3.104	3.804	22.456
Galicia	85.233	5.023	8.258	10.642	61.310

Datos a 31 de decembro de 2011.

Fonte: Ministerio de Trabajo e Inmigración. Anuario 2011.

■ Cadro 6.3

Empresas conta allea, segundo tamaño da empresa, por provincia de radicación dos seus centros de traballo. Galicia. 2011

	Total	De 1 a 2 trab.	De 3 a 5 trab.	De 6 a 9 trab.	De 10 a 25 trab.	De 26 a 49 trab.	De 50 a 249 trab.	De 250 a 499 trab.	De 500 a 999 trab.	1000 e máis trab.
A Coruña	35.104	19.756	7.676	3.221	2.820	861	656	73	21	20
Lugo	12.043	7.037	2.653	1.039	889	243	160	13	6	3
Ourense	10.196	6.056	2.171	843	773	193	140	9	7	4
Pontevedra	31.500	17.866	6.934	2.845	2.519	741	514	55	12	14
Galicia	85.233	49.185	18.571	7.527	6.458	1.851	1.394	148	51	48

Datos a 31 de decembro de 2011.

Fonte: Ministerio de Trabajo e Inmigración. Anuario 2011.

6.1.2 Apertura de centros de traballo

Inclúense os cadros 6.4 a 6.10 relativos ás comunicacións de aperturas de centros de traballo, na súa acepción laboral, como unidade produtiva con organización específica que, polo tanto, non poden ser tomados conceptualmente como empresas, xa que estas poden ter un ou varios centros de traballo. Por outra banda, a falta de comunicación dos cesamentos dos centros de traballo, unha vez amortizados os cadros de persoal, impiden coñecer o dato máis preciso do total neto de centros de traballo creados nun período. En consecuencia, estas cifras refírense a aquelas comunicacións de apertura de centros de traballo que, con carácter preceptivo, realizan as empresas.

Sen extraer conclusións, dado o aleatorio das cifras, podemos observar que, en 2011, comunicáronse as aperturas de 17.217 centros de traballo cun total de 90.010 traballadores, correspondendo 16.597 centros a nova creación.

O sector da construción é o que maior número de centros de traballo abre, supoñendo máis do 58,7% do total, e, con gran diferenza, o que reflicte máis traballadores/as ocupados, coas reservas con que debe ser tomado este dato, xa que as obras sucesivas provocan unha repetición na contabilización dos produtores/as. Analízanse por CNAE e provincias os centros de traballo, así como a distribución por sexo dos traballadores ocupados neles.

Examinando a evolución en relación cos anos anteriores (cadro 6), vemos que las cifras de aperturas de centros de traballo diminúen en relación cos anos anteriores e, nunha importante cantidade, o número de traballadores ocupados neles.

Empresas conta allea e traballadores, segundo tipo da empresa, por provincia de radicación dos seus centros de traballo. Galicia.

■ Cadro 6.4

	Total	Empresas		Traballadores en miles		
		Persoa física	Persoa xurídica	Total	Persoa física	Persoa xurídica
A Coruña	35.104	13.681	21.423	305,4	28,0	277,4
Lugo	12.043	5.149	6.894	79,2	10,7	68,5
Ourense	10.196	4.032	6.164	71,2	7,9	63,3
Pontevedra	31.500	11.537	19.963	243,1	22,8	220,4
Galicia	88.233	34.252	50.981	699,0	69,3	629,6

Datos a 31 de decembro de 2011.

Fonte: Ministerio de Trabajo e Inmigración. Anuario 2011.

Distribución provincial de aperturas de centros de traballo e dos traballadores en centros de traballo rexistrados. Galicia 2011
Cadro 6.5

	Nº Centros	Nº Traballadores/as
A Coruña	7.233	41.472
Lugo	2.617	12.537
Ourense	1.715	8.988
Pontevedra	5.652	27.013
Galicia	17.217	90.010

Fonte: Consellería de Traballo e Benestar. Dirección Xeral de Relacións Laborais.

Comunicación de aperturas de centros de traballo rexistrados por tipo de actuación. Galicia 2011
Cadro 6.6

Tipo Actuación	Nº de Centros
De nova creación	16.597
Reinicio de actividade	263
Cambio de actividade	27
Traslado	330
Totais	17.217

Fonte: Consellería de Traballo e Benestar. Dirección Xeral de Relacións Laborais.

Cadro 6.7
Comunicación de aperturas de centros de traballo por clave de actividade e provincia. Galicia 2011
Táboa de centros de traballo rexistrados por CNAE

Act. CNAE 09		A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Total
A	Agricultura, gandería, silvicultura e pesca	74	148	54	53	329
B	Industrias extractivas	3	3	3	8	17
C	Industria manufacturera	235	129	24	265	653
D	Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado	21	88	1	11	121
E	Fornecemento de auga, actividades de saneamento, xestión de residuos e descont	19	9	3	10	41
F	Construción	4.397	1.335	1.257	3.121	10.110
G	Comercio por xunto e ao retallo; reparación de vehículos de motor e motocicletas	886	323	142	793	2.144
H	Transporte e almacenamento	97	47	13	142	299
I	Hostalaría	518	180	94	533	1.325
J	Información e comunicacións	99	50	5	61	215
K	Actividades financeiras e de seguros	40	9	7	45	101
L	Actividades inmobiliarias	41	5	1	22	69
M	Actividades profesionais, científicas e técnicas	354	72	25	185	636
N	Actividades administrativas e servizos auxiliares	152	42	35	106	335
O	Administración pública e Defensa; Seguridade social obrigatoria	3	5	2	7	17
P	Educación	69	52	7	51	179
Q	Actividades sanitarias e servizos sociais	72	24	11	60	167
R	Actividades artísticas, recreativas e de entretemento	29	16	4	52	101
S	Outros servizos	112	80	26	121	339
T	Actividades dos fogares como empregadores de persoal doméstico	4	0	0	6	10
U	Actividades de organizacións e organismos extraterritoriais	8	0	1	0	9
Outras	Cando nunha comunicación concorre máis dunha actividade económica	0	0	0	0	0
Totais		7.233	2.617	1.715	5.652	17.217

Fonte: Consellería de Traballo e Benestar. Dirección Xeral de Relacións Laborais.

■ Cadro 6.8

Traballadores en centros de traballo rexistrados por clave de actividade e provincia.
Galicia 2012

Act. CNAE 09		A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Total
A	Agricultura, gandería, silvicultura e pesca	295	568	459	221	1.543
B	Industrias extractivas	7	4	6	50	67
C	Industria manufacturera	2.779	612	187	2.201	5.779
D	Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado	124	757	1	67	949
E	Fornecemento de auga, actividades de saneamento, xestión de residuos e descont	162	49	5	56	272
F	Construción	28.032	8.230	7.388	18.353	62.003
G	Comercio por xunto e ao retalho; reparación de vehículos de motor e motocicletas	3.737	788	217	1.581	6.323
H	Transporte e almacenamento	901	136	24	623	1.684
I	Hostalaría	1.177	324	169	1.181	2.851
J	Información e comunicacións	890	246	89	285	1.510
K	Actividades financeiras e de seguros	96	16	11	103	226
L	Actividades inmobiliarias	57	8	1	39	105
M	Actividades profesionais, científicas e técnicas	1.834	177	54	562	2.627
N	Actividades administrativas e servizos auxiliares	460	124	230	415	1.229
O	Administración pública e Defensa; Seguridade social obrigatoria	65	46	8	55	174
P	Educación	254	224	51	191	720
Q	Actividades sanitarias e servizos sociais	237	49	28	575	889
R	Actividades artísticas, recreativas e de entretemento	115	21	29	188	353
S	Outros servizos	206	158	31	261	656
T	Actividades dos fogos como empregadores de persoal doméstico	17	0	0	6	23
U	Actividades de organizacións e organismos extrateritoriais	27	0	0	0	27
Outras	Cando nunha comunicación concorre máis dunha actividade económica	0	0	0	0	0
Totais		41.472	12.537	8.988	27.013	90.010

Fonte: Consellería de Traballo e Benestar. Dirección Xeral de Relacións Laborais.

Distribución provincial dos traballadores en centros de traballo
segundo sexo. Galicia 2011

■ Cadro 6.9

	Homes	Mulleres
A Coruña	34.418	7.054
Lugo	11.349	1.188
Ourense	8.209	779
Pontevedra	23.042	3.971
Totais	77.018	12.992

Fonte: Consellería de Traballo e Benestar. Dirección Xeral de Relacións Laborais.

Aperturas de centros de traballo e traballadores rexistrados. Evolución. Galicia 2005-2011

■ Cadro 6.10

Anos	Centros de traballo	Traballadores
2005	18.171	75.762
2006	19.551	84.149
2007	20.813	91.616
2008	20.713	96.711
2009	19.375	96.296
2010	17.862	136.513
2011	17.217	90.010

Fonte: Consellería de Traballo e Benestar. Dirección Xeral de Relacións Laborais.

6.2 Afiliacións e altas na Seguridade Social

6.2.1 Introducción

Os datos que proporcionan as altas dos traballadores/as á Seguridade Social constitúen unha importante ferramenta de traballo para a análise da configuración laboral da comunidade autónoma, permitindo ademais, pola súa desagregación en réximes especiais, obter información de certo detalle nas actividades do mar e autónomos. Así mesmo, a Tesourería Xeral da Seguridade Social constituíu unha nova base de datos do total de traballadores/as afiliados/as por sectores de actividade de indubidable valor.

Convén precisar que por traballadores/as afiliados/as e en alta enténdese ademais dos que traballan pola súa conta, todos aqueles que, nun momento determinado, se atopan ao servizo da empresa, e polos que esta cotiza, se ben, o número de afiliados/as non se corresponde necesariamente co de traballadores/as, senón co de situacións que xeran obriga de cotizar, é dicir, a mesma persoa contabilízase tantas veces como situacións de cotización teña, sexa porque teña varias actividades nun mesmo réxime, ou en varios. A afiliación e a alta na Seguridade Social é obrigatoria para todo traballador en activo por conta allea, ou que desempeñe o exercicio de calquera actividade de carácter autónomo, coa exclusión dun reducidísimo número de profesionais liberais. Tamén se asimilan ás situacións en alta, a incapacidade temporal, o desemprego na modalidade de pago delegado e a situación de suspensión por regulación de emprego.

Non obstante, as cifras que proporciona o chamado “sistema da Seguridade Social” non comprenden a todos os traballadores/as, xa que quedan fóra os cotizantes á Mutualidade de Funcionarios/as da Administración Civil do Estado (MUFACE), os integrados no Instituto Social das Forzas Armadas (ISFAS) e os afiliados/as á Mutualidade Xeral de Xustiza (MUGEJU).

6.2.2 A evolución a medio prazo

Da análise dos datos a medio prazo, 1985-2011 (cadro 6.11), obsérvase que, no total galego, existen dunha data a outra 278.200 novos/as cotizantes, pero que dito aumento prodúcese significativamente nas provincias da Coruña en 149.400 e Pontevedra en 115.700; en moi pequena medida –soamente 10.200 altas máis– na de Ourense, e 2.900 na de Lugo.

■ Cadro 6.11

**Traballadores/as afiliados/as e en alta laboral. Réximes Xeral e Agrario, e total.
Galicia/España. 1985/1991/2005 a 2011**

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia	España
1985 ⁽¹⁾ R. Xeral	133,8	34,8	36,5	110,4	315,5	6.434,3
Agrario	60,0	63,2	37,7	44,7	205,6	1.660,2
Total ⁽²⁾	265,4	120,8	93,6	222,2	702,0	10.561,8
1991 R. Xeral	188,5	50,1	52,2	161,4	452,2	8.786,6
Agrario	43,2	41,7	20,2	26,5	131,7	1.339,9
Total ⁽²⁾	307,4	115,9	94,8	259,2	777,3	12.648,3
2005 R. Xeral	303,1	76,2	72,9	259,1	711,3	13.488,9
Agrario	20,6	21,7	6,0	10,3	58,6	1.043,8
Total ⁽²⁾	411,4	125,7	105,2	355,5	997,7	17.835,4
2006 R. Xeral	317,4	80,0	75,9	271,5	744,8	14.161,8
Agrario	19,6	20,7	5,5	9,7	55,5	999,2
Total ⁽²⁾	426,9	129,0	108,1	368,5	1.032,5	18.596,3
2007 R. Xeral	332,5	83,6	79,0	285,8	781,0	14.706,8
Agrario	18,9	19,8	5,1	9,1	52,9	3.842,7
Total ⁽²⁾	443,3	132,4	111,3	383,2	1.070,2	19.152,3
2008 R. Xeral	335,4	85,4	79,6	285,3	785,7	14.526,0
Agrario ⁽³⁾	1,3	1,4	0,4	1,3	4,5	744,5
Total ⁽²⁾	445,9	133,1	111,4	382,1	1.072,5	19.005,6
2009 R. Xeral	323,9	82,9	77,2	267,2	751,2	13.546,1
Agrario ⁽³⁾	1,4	1,4	0,4	1,3	4,5	802,2
Total ⁽²⁾	431,4	129,0	108,2	361,1	1.029,7	17.916,8
2010 R. Xeral	319,6	81,4	76,0	258,7	735,7	13.279,2
Agrario ⁽³⁾	1,5	1,4	0,4	1,3	4,6	818,8
Total ⁽²⁾	424,6	126,3	106,2	350,4	1.007,5	17.581,9
2011 R. Xeral	311,4	79,7	74,2	247,6	712,9	13.053,1
Agrario ⁽³⁾	1,5	1,5	0,4	1,3	4,7	820,2
Total ⁽²⁾	414,8	123,7	103,8	337,9	980,2	17.263,3

Medias anuais en miles de persoas

(1) Non se inclúen os/as afiliados/as aos réximes especiais existentes nesa época de Representantes de Comercio, Artistas, Toureiros, Escritores/as de libros e Futbolistas (a incidencia é moi pequena)

(2) O total inclúe, ademais dos reseñados, os do Mar, Autónomos, Empregados/as do Fogar e Minería do Carbón

(3) A partir do 1 de xaneiro de 2008 os traballadores por conta propia do rexime especial agrario integranse no rexime especial de traballadores autónomos (lei 18/2007 de 4 de xullo)

Fonte: Ministerio de Trabajo e Inmigración.

Como xa sinalabamos nos informes de anos pasados, ademais do espectacular aumento do número de afiliados/as en alta nos anos 1998 e 1999, xunto con 2006 e 2007 os datos de maior relevancia son a diminución do número de afiliados nos anos 2009, 2010 e 2011: 42.800; 22.200 e 27.300, respectivamente en media anual e o descenso no cómputo xeral do período do número de traballadores/as en alta pertencentes ao Réxime Agrario, que pasan no total de Galicia de 205.600 en 1985 a 52.900 en 2007, o que supón, por conseguinte, un descenso de 152.700 altas, e a 4.700 en 2011, se ben hai que ter en conta que a partir do 1 de Xaneiro de 2008 só se computan no réxime agrario os traballadores por conta allea xa que os de conta propia intégranse no réxime especial de traballadores autónomos.

Convén destacar tamén que o Réxime Xeral, onde se inclúen os asalariados/as do sector industrial, da construción e dos servizos, experimenta nese período un incremento de 397.400 cotizantes, é dicir, dos 315.500 afiliados en 1985 aos 712.900 en 2011, pasando de representar un 44,94% do total das altas en 1985 a un 72,73%, en 2011, aínda así a certa distancia do 75,61% que constitúe dita proporción no total español.

A diminución nestes últimos anos dos traballadores/as afiliados e en alta pertencentes ao Réxime Especial Agrario e a exclusión do citado réxime dos traballadores por conta propia supón que, na Comunidade Autónoma Galega, o peso do réxime especial agrario pasa do 29,29% do total de afiliados/as que representaba en 1985, ao 0,48% en 2011, acurtando diferenzas ano a ano e xa en estes últimos representando unha porcentaxe moi inferior co conxunto estatal.

Para o total dos afiliados/as, a provincia da Coruña, con 149.400 altas máis no período que analizamos, experimenta o maior aumento, seguida da de Pontevedra, con 115.700. Ourense medra o total de activos nunha contía moi pequena –10.200–, e Lugo ten só en dito período 2.900 afiliados/as máis. A escasa diferenza destas dúas últimas provincias vén dada por mor do descenso dos activos agrarios, xa que, tanto Lugo como Ourense aumentan significativamente o número de altas do Réxime Xeral, mantendo xa, a partir de 1986 en Ourense e 1989 en Lugo, a diferenza do sucedido ata ditas datas, un maior número de traballadores/as do citado Réxime Xeral que do Agrario.

6.2.3 Análise dos dez últimos anos

Traballadores/as afiliados/as e en alta laboral. Por réximes. Galicia/España. 2002-2011

■ Cadro 6.12

		A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia	España
2002	R. Xeral	274,2	69,3	68,5	234,3	646,3	12.079,3
	Mar	7,4	2,3	0,0	20,1	29,8	76,4
	Agrario	23,0	24,5	7,5	12,0	67,1	1.123,5
	Autónomos	66,9	21,4	22,5	55,7	166,6	2.656,2
	Outros	6,0	1,8	2,2	4,2	14,1	190,9
	Total	377,5	119,3	100,7	326,3	923,9	16.126,3
2003	R. Xeral	283,6	71,9	70,0	242,2	667,7	12.472,6
	Mar	7,3	2,3	0,0	19,9	29,6	75,8
	Agrario	22,3	23,8	7,0	11,6	64,7	1.134,2
	Autónomos	68,6	21,6	22,7	57,5	170,4	2.732,9
	Outros	6,2	1,9	2,2	4,5	14,7	198,1
	Total	388,0	121,5	101,9	335,7	947,1	16.613,6
2004	R. Xeral	292,9	73,3	71,2	249,5	686,9	12.888,0
	Mar	7,4	2,3	0,0	19,4	29,0	74,5
	Agrario	21,6	22,9	6,5	11,0	62,2	1.085,9
	Autónomos	71,2	22,4	23,2	59,9	176,7	2.840,4
	Outros	6,2	2,3	2,4	4,7	15,5	193,0
	Total	399,3	123,2	103,3	344,5	970,3	17.081,8
2005	R. Xeral	303,1	76,2	72,9	259,1	711,3	13.488,9
	Mar	7,2	2,3	0,0	18,8	28,3	72,8
	Agrario	20,6	21,7	6,0	10,3	58,6	1.043,8
	Autónomos	73,3	23,1	23,6	61,9	181,9	2.935,0
	Outros	7,2	2,4	2,7	5,4	17,6	294,9
	Total	411,4	125,7	105,2	355,5	997,7	17.835,4
2006	R. Xeral	317,4	80,0	75,9	271,5	744,8	14.161,8
	Mar	7,0	2,2	0,0	18,0	27,2	71,7
	Agrario	19,6	20,7	5,5	9,7	55,5	999,2
	Autónomos	75,1	23,6	24,0	63,6	186,3	3.018,7
	Outros	7,8	2,5	2,7	5,7	18,7	344,9
	Total	426,9	129,0	108,1	368,5	1.032,5	18.596,3
2007	R. Xeral	332,5	83,6	79,0	285,8	781,0	14.706,8
	Mar	6,9	2,2	0,0	17,1	26,2	70,7
	Agrario	18,9	19,8	5,1	9,1	52,9	968,9
	Autónomos	77,0	24,0	24,3	65,2	190,5	3.121,7
	Outros	8,0	2,8	2,9	6,0	19,6	284,2
	Total	443,3	132,4	111,3	383,2	1.070,2	19.152,3
2008	R. Xeral	335,4	85,4	79,6	285,3	785,7	14.526,0
	Mar	6,9	2,1	0,0	16,5	25,5	69,2
	Agrario(1)	1,3	1,4	0,4	1,3	4,4	744,5
	Autónomos(1)	93,9	41,4	28,5	72,6	236,4	3.377,9
	Outros	8,4	2,8	2,9	6,4	20,5	288,0
	Total	445,9	133,1	111,4	382,1	1.072,5	19.005,6
2009	R. Xeral	323,9	82,9	77,2	267,2	751,2	13.546,1
	Mar	6,6	1,9	0,0	16,1	24,7	66,6
	Agrario(1)	1,4	1,4	0,4	1,3	4,5	802,2
	Autónomos(1)	91,0	39,9	27,6	70,3	228,8	3.213,8
	Outros	8,5	2,9	3,0	6,1	20,5	288,1
	Total	431,4	129,0	108,2	361,1	1.029,7	17.916,8
2010	R. Xeral	319,6	81,4	76,0	258,7	735,7	13.279,2
	Mar	6,5	2,0	0,0	15,6	24,1	64,7
	Agrario(1)	1,5	1,4	0,4	1,3	4,6	818,8
	Autónomos(1)	88,7	38,7	26,8	68,6	222,8	3.126,0
	Outros	8,3	2,8	3,0	6,2	20,3	293,2
	Total	424,6	126,3	106,2	350,4	1.007,5	17.581,9
2011	R. Xeral	311,4	79,7	74,2	247,6	712,9	13.053,1
	Mar	6,4	1,9	0,0	15,2	23,5	62,8
	Agrario(1)	1,5	1,5	0,4	1,3	4,7	820,2
	Autónomos(1)	87,1	37,8	26,3	67,6	218,8	3.088,8
	Outros	8,4	2,8	2,9	6,2	20,4	301,4
	Total	414,8	123,7	103,8	337,9	980,3	17.326,3

Medias anuais en miles.

(1) A partir do 1 de xaneiro de 2008 os traballadores por conta propia do réxime especial agrario intégranse no réxime especial de traballadores autónomos (Lei 18/2007 do 4 de xullo).

Fonte: Ministerio de Emprego e Seguridade Social

Da análise dos datos correspondentes a estes últimos dez anos (cadro 6.12), conséctase que despois dos importantes aumentos das afiliacións nos anos 1998 e 1999 (subidas de 31.900 e 36.900) , experimentábase un descenso apreciable sobre a subida de ditos anos no período que vai de 2000 a 2002, con aumentos interanuais de 28.900, 24.200 e 19.600, respectivamente e 23.200, a mesma cifra de altas nos anos 2003 e 2004. No ano 2005 o aumento interanual é maior: 27.400, continúa á alza en 2006: 34.800 e incrementábase no maior aumento destes últimos anos en 37.700 no ano 2007. En 2008 coa forte crise en plena virulencia aínda lograse un aumento (en media anual) de 1.700 cotizantes. Producíndose diminucións importantes en 2009 - 42.800 - en 2010 - 22.200 - e en 2011- 22.800.

Durante 2010 aumenta en 100 o número dos activos agrarios, pero representando un escaso 0,48% do total de cotizantes ao producirse a integración dos traballadores por conta propia no réxime de autónomos . Continua tamén a diminución paulatina dos afiliados ao Réxime do Mar: Pola contra, aumentan significativamente os traballadores/as en alta do Réxime Xeral, 46.600 comparando 2002 con 2011, e no de autónomos en 52.200, cunha notable subida no ano 2008 incrementándose co colectivo de conta propia do réxime agrario, diminuíndo en troques en 7.600 no ano 2009, en 6.000 en 2010 e en 4.000 en 2011.

6.2.4 Traballadores/as afiliados/as por sexo e réxime

No cadro 6.13 inclúense os datos de afiliados/as en Galicia por sexo e réxime referentes neste caso non á media anual como se reflicten no resto dos cadros senón a decembro do ano correspondente.

■ Cadro 6.13

Traballadores/as afiliados/as e en alta. Por réximes e sexos. Galicia. 1998/2009-2011

		A Coruña				Lugo				Ourense				Pontevedra				Galicia			
		1998	2009(*)	2010(*)	2011(*)	1998	2009(*)	2010(*)	2011(*)	1998	2009(*)	2010(*)	2011(*)	1998	2009(*)	2010(*)	2011(*)	1998	2009(*)	2010(*)	2011(*)
Agrario (*)	Homes	10.733	1.001	1.071	1.130	12.600	1.088	1.127	1.203	3.547	319	317	287	5.068	745	765	818	31.948	3.153	3.280	3.438
	Mulleres	16.807	409	396	406	15.945	267	263	290	7.314	87	74	71	10.115	588	538	510	50.181	1.351	1.271	1.277
Mar	Homes	6.496	4.854	4.893	4.911	2.031	1.623	1.636	1.660	0	0	0	0	15.992	11.176	10.807	10.567	24.519	17.653	17.336	17.138
	Mulleres	888	1.786	1.734	1.724	218	213	197	191	0	0	0	0	4.043	4.522	4.305	4.121	5.149	6.521	6.236	6.036
Autónomos (*)	Homes	40.334	51.097	49.988	49.238	13.772	21.897	21.302	21.107	15.017	16.441	16.107	15.961	33.418	40.929	39.978	39.438	102.541	130.364	127.375	125.744
	Mulleres	21.867	38.732	37.926	37.432	6.452	17.364	16.829	16.400	6.842	10.778	10.379	10.256	17.780	28.332	27.924	27.564	52.941	95.206	93.058	91.652
Xeral e do Carbón	Homes	146.404	169.894	165.596	156.177	39.752	43.741	41.891	40.062	38.148	40.430	38.705	36.874	126.038	140.502	133.262	124.021	350.342	394.567	379.454	367.134
	Mulleres	85.335	147.406	148.069	147.493	20.598	38.036	38.082	37.511	21.480	35.884	36.095	35.557	66.932	118.081	117.171	113.445	194.345	339.407	339.417	334.006
Empreg. do Fogar	Homes	112	225	204	226	24	56	56	53	26	60	62	65	54	104	109	105	216	445	431	449
	Mulleres	5.367	8.228	8.129	8.027	1.476	2.787	2.784	2.783	1.695	2.895	2.888	2.838	3.671	6.126	6.049	5.997	12.209	20.036	19.850	19.645
Total	Homes	204.079	227.081	221.752	211.682	68.179	68.405	66.012	64.085	56.738	57.250	55.191	53.187	180.570	193.456	184.921	174.949	509.566	546.192	527.876	503.903
	Mulleres	130.264	196.561	196.254	195.082	44.689	58.667	58.155	57.175	37.331	49.644	49.436	48.722	102.541	157.649	155.987	151.637	314.825	462.521	459.832	452.616

Elaboración propia.

Datos a decembro de cada ano.

(*) A partir do 1 de xaneiro de 2008 os traballadores por conta propia do réxime especial agrario integranse no réxime especial de traballadores autónomos (lei 18/2007 de 4 de xullo).

Fonte: Tesourería Xeral da Seguridade Social.

Consoante cos datos que proporciona a Seguridade Social traballan en 2011 en Galicia máis homes que mulleres, 503.903, o 52,68% de varóns, fronte a 452.616, o 47,32% de mulleres. Por provincias, mantense unha proporción moi similar ao total galego; por réximes hai moitas diferenzas. En efecto, as mulleres son maioría esmagadora no Réxime de Empregados do Fogar (19.645 afiliadas por só 449 varóns en alta); tamén eran maioría no Réxime Agrario en 2007, representando o 62,52% do total, sendo máis alta dita porcentaxe nas provincias de Ourense e Pontevedra (o

66,57% e o 68,82%, respectivamente). Co transvasamento de traballadores por conta propia a Autónomos, en 2011 os homes representan o 72,92% dos 4.715 traballadores de dito réxime ao final de 2011.

No Réxime do Mar traballan 17.138 homes, case tres veces máis das 6.036 mulleres en alta cunha clara tendencia neste réxime á diminución da porcentaxe de afiliados varóns. Os 125.744 varóns afiliados ao Réxime de Autónomos constitúen practicamente o 58% do total de dito réxime e no Xeral os 357.134 traballadores masculinos supoñen o 51,67% dos afiliados. En termos globais é de destacar que os maiores incrementos, tanto porcentual como en contía global dos dez anos anteriores a 2008 prodúcese no colectivo das mulleres que recorta, por tanto, as diferenzas con respecto ao total dos afiliados masculinos. En 2008, 2009, 2010 e 2011 diminúen en maior medida os afiliados masculinos que no correspondente ao colectivo das mulleres.

6.2.5 Traballadores/as afiliados/as por tramos de idade e sexo

■ Cadro 6.14

Afiliados/as e en alta laboral por tramos de idade e sexo. Galicia. 2009-2011

Tramos de idade Sexo		A Coruña			Lugo			Ourense			Pontevedra			Galicia		
		2009	2010	2011	2009	2010	2011	2009	2010	2011	2009	2010	2011	2009	2010	2011
16-19 anos	Homes	1.755	1.296	957	572	427	350	568	397	316	1.854	1.386	990	4.749	3.506	2.613
	Mulleres	966	844	671	276	259	211	313	264	189	1.088	864	656	2.643	2.231	1.727
	Total	2.721	2.140	1.628	848	686	561	881	661	505	2.942	2.250	1.646	7.392	5.737	4.340
20-24 anos	Homes	11.260	9.819	8.489	3.530	3.132	2.827	2.891	2.450	2.182	9.855	8.503	7.059	27.536	23.904	20.557
	Mulleres	10.128	9.035	8.315	2.830	2.445	2.236	2.455	2.193	2.061	8.898	7.744	6.735	24.311	21.417	19.347
	Total	21.388	18.854	16.804	6.360	5.577	5.063	5.346	4.643	4.243	18.753	16.247	13.794	51.847	45.321	39.904
25-29 anos	Homes	24.541	22.510	20.028	6.683	5.983	5.648	5.377	5.002	4.636	20.162	17.808	15.409	56.763	51.303	45.721
	Mulleres	24.169	22.159	21.048	6.095	5.587	5.218	5.171	4.757	4.487	18.961	17.499	15.914	54.396	50.002	46.667
	Total	48.710	44.669	41.076	12.778	11.570	10.866	10.548	9.759	9.123	39.123	35.307	31.323	111.159	101.305	92.388
30-34 anos	Homes	34.269	32.913	30.722	8.843	8.495	8.250	7.509	7.186	6.776	29.517	27.378	25.193	80.138	75.972	70.941
	Mulleres	31.659	30.810	29.607	7.822	7.655	7.265	6.896	6.681	6.454	26.472	25.475	23.718	72.849	70.621	67.044
	Total	65.928	63.723	60.329	16.665	16.150	15.515	14.405	13.867	13.230	55.989	52.853	48.911	152.987	146.593	137.985
35-39 anos	Homes	34.166	34.229	33.446	8.893	8.664	8.471	7.633	7.487	7.399	29.650	29.191	28.263	80.342	79.571	77.579
	Mulleres	29.202	29.863	30.429	7.745	7.707	7.744	6.631	6.738	6.783	23.892	24.459	24.553	67.470	68.767	69.509
	Total	63.368	64.092	63.875	16.638	16.371	16.215	14.264	14.225	14.182	53.542	53.650	52.816	147.812	148.338	147.088
40-44 anos	Homes	31.410	31.393	30.950	9.415	9.066	8.763	7.949	7.729	7.600	27.273	26.977	26.425	76.047	75.165	73.738
	Mulleres	26.762	27.209	27.425	8.233	8.230	8.019	6.586	6.702	6.656	21.194	21.637	21.585	62.775	63.778	63.685
	Total	58.172	58.602	58.375	17.648	17.296	16.782	14.535	14.431	14.256	48.467	48.614	48.010	138.822	138.943	137.423
45-49 anos	Homes	29.653	29.090	28.079	9.663	9.346	9.028	7.813	7.622	7.236	24.044	23.468	22.825	71.173	69.526	67.168
	Mulleres	23.995	24.620	25.064	8.276	8.296	8.153	6.804	6.689	6.633	18.758	18.818	18.713	57.833	58.423	58.563
	Total	53.648	53.710	53.143	17.939	17.642	17.181	14.617	14.311	13.869	42.802	42.286	41.538	129.006	127.949	125.731
50-54 anos	Homes	25.640	26.085	25.430	8.940	8.897	8.807	7.204	7.180	7.187	21.282	21.228	20.710	63.066	63.390	62.134
	Mulleres	20.943	21.869	22.004	7.196	7.506	7.729	6.017	6.445	6.418	16.505	16.937	16.772	50.661	52.757	52.923
	Total	46.583	47.954	47.434	16.136	16.403	16.536	13.221	13.625	13.605	37.787	38.165	37.482	113.727	116.147	115.057
55-59 anos	Homes	19.015	19.176	19.106	6.711	6.814	6.913	5.762	5.642	5.537	16.321	15.941	15.690	47.809	47.573	47.246
	Mulleres	15.628	16.179	16.708	5.409	5.631	5.841	4.651	4.698	4.836	11.935	12.355	12.842	37.623	38.863	40.227
	Total	34.643	35.355	35.814	12.120	12.445	12.754	10.413	10.340	10.373	28.256	28.296	28.532	85.432	86.436	87.473
60-64 anos	Homes	13.490	13.311	12.590	4.708	4.732	4.583	3.987	3.934	3.757	11.998	11.539	10.883	34.183	33.516	31.813
	Mulleres	11.353	11.704	11.698	4.355	4.316	4.234	3.554	3.598	3.572	8.603	8.686	8.545	27.865	28.304	28.049
	Total	24.843	25.015	24.288	9.063	9.048	8.817	7.541	7.532	7.329	20.601	20.225	19.428	62.048	61.820	59.862
Máis de 65 anos	Homes	1.879	1.929	1.882	447	456	445	555	562	561	1.494	1.501	1.500	4.375	4.448	4.388
	Mulleres	1.749	1.961	2.111	429	522	523	566	671	633	1.332	1.511	1.601	4.076	4.665	4.868
	Total	3.628	3.890	3.993	876	978	968	1.121	1.233	1.194	2.826	3.012	3.101	8.451	9.113	9.256

Elaboración propia.

Datos a 31 de decembro.

Fonte: Tesourería Xeral da Seguridade Social.

No cadro 6.14 contémpanse os datos provinciais e galegos do número de afiliados/as en alta a 31 de decembro dos anos 2009 a 2011 por tramos de idade, o primeiro de 16 a 19 anos e os restantes en tramos de cinco anos, salvo o derradeiro dos de máis de 65 anos, especificados tamén por sexos. Como pode apreciarse o maior volume de afiliados/as en Galicia a decembro de 2011 encontrase no intervalo de 35 a 39 anos, se ben a pouca distancia dos de 30 a 34 e dos de 40 a 44. Tanto homes como mulleres teñen o seu maior número de cotizantes no tramo de 35 a 39, pero a continuación en homes é o de 40 a 44 o das mulleres é o de 30 a 34. Por provincias tanto A Coruña como Pontevedra manteñen o maior número de afiliados no mesmo tramo do total de Galicia, en Lugo e Ourense o volume maior é no intervalo de 45 a 49 e 40-44 anos, respectivamente.

6.2.6 Traballadores/as afiliados/as por sector de actividade

**Traballadores/as afiliados/as en alta laboral. Por sector de actividade.
Galicia/España. 2006-2011**

■ Cadro 6.15

		A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia	España
Agrario	2006	28,8	24,2	7,4	29,2	89,6	1.202,1
	2007	28,4	23,7	7,3	27,6	87,0	1.188,8
	2008	27,3	22,6	7,0	26,3	83,2	1.204,5
	2009	24,7	21,0	6,6	24,5	76,8	1.197,7
	2010	23,3	19,9	6,1	23,2	72,5	1.200,4
	2011	22,7	19,1	5,7	22,3	69,8	1.188,9
Industria	2006	61,6	15,9	18,5	71,2	167,2	2.640,7
	2007	65,6	16,1	19,1	76,4	177,2	2.705,5
	2008	65,3	15,8	18,7	75,5	175,3	2.638,7
	2009	61,7	14,8	17,1	67,7	161,3	2.397,9
	2010	59,6	14,4	16,7	63,4	154,1	2.286,0
	2011	57,6	14,1	16,8	59,1	147,6	2.222,6
Construción	2006	58,8	14,8	15,1	45,7	134,4	2.376,2
	2007	61,1	15,8	15,2	47,8	139,9	2.454,1
	2008	58,1	15,6	14,6	44,8	133,1	2.182,4
	2009	52,9	14,6	13,7	39,4	120,6	1.779,6
	2010	48,1	13,5	12,3	35,1	109,0	1.545,8
	2011	42,2	12,2	11,0	30,9	96,3	1.355,1
Servicios	2006	277,6	74,1	67,1	222,4	641,2	12.376,6
	2007	288,2	76,8	69,7	231,4	666,0	12.803,8
	2008	295,2	79,2	71,0	235,4	680,8	12.979,9
	2009	290,4	78,0	70,0	228,0	666,4	12.541,6
	2010	293,6	78,6	71,1	228,7	672,0	12.549,7
	2011	292,4	78,4	70,4	225,6	666,8	12.559,7
Total	2006	426,9	129,0	108,1	368,5	1.032,5	18.596,3
	2007	443,3	132,4	111,3	383,2	1.070,1	19.152,3
	2008	445,9	133,1	111,4	382,1	1.072,5	19.005,6
	2009	431,4	129,0	108,2	361,1	1.029,7	17.916,8
	2010	424,6	126,3	106,2	350,4	1.007,5	17.581,9
	2011	414,8	123,7	103,8	337,9	980,2	17.326,3

Elaboración propia.

Datos: medias anuais redondeados a miles.

Fonte: Ministerio de Empleo e Seguridade Social.

Segundo o cadro 6.15, extraído da información proporcionada polo Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais no que se contempla unha distribución dos traballadores/as afiliados/as polos sectores clásicos de actividade, a poboación afiliada galega sitúase maioritariamente no sector servizos, 666.800 afiliados en 2011 que representan o 68,03% do total, case 5 puntos por baixo do 72,49% dos 12.559.700 que supoñen no global de España. Segue en importancia o sector da industria, onde se atopan en alta en 2011, 147.600 traballadores/as que constitúen o 15,06% dos afiliados/as galegos. No cómputo xeral español os dous millóns dous centos vinte e dous mil seiscentos traballadores/as da industria representan unha porcentaxe do 12,83% do total de afiliados/as, máis de dous puntos inferior por tanto á galega.

No sector agrario, no que debemos incluír tamén o pesqueiro, están en alta 69.800 traballadores/as que constitúen o 7,12% dos afiliados/as galegos, mentres que o millón cento oitenta e nove mil traballadores/as incluídos en dito sector a nivel estatal representan o 6,86% do total de afiliados/as españois.

Por último na construción no ano 2011 diminúen os traballadores/as en alta en Galicia na cifra de 2.700 activos situándose en 96.300 que supoñen o 9,82% do total de afiliados/as, superior en dous puntos en termos porcentuais á que representan o millón trescentos cincuenta e cinco mil afiliados/as de dito sector no total de España.

6.2.7 Altas iniciais

As altas iniciais correspóndense coas primeiras incorporacións dos traballadores/as o sistema da Seguridade Social. No cadro 6.16 contabilízanse as correspondentes aos réximes xeral e minería do carbón, ao especial agrario, réxime de empregados/as do fogar, xunto co de autónomos e do mar. Do exame das mesmas en Galicia reflíctese que tras un significativo aumento desde 1994 ata o ano 2000, nos anos sucesivos descenden ano a ano ata o 2005 que aumentan significativamente e o volven a facer aínda que en menor contía en 2006 e tamén en 2007 ata alcanzar as 47.502. En 2008 baixan moi significativamente ata as 37.113 e aínda máis en 2009, 2010 e 2011: 20.639, neste último ano no conxunto da Comunidade. A diminución do número das altas iniciais opera tamén en cada unha das provincias galegas, sendo máis acentuado porcentualmente en 2011 nas provincias de Ourense e Pontevedra. No conxunto estatal prodúcese un importante aumento no ano 2005 de 118.585, posiblemente polo efecto da importante número de altas de estranxeiros como consecuencia do proceso de normalización de 2005, diminuindo lixeiramente en 2006 e con maior intensidade en 2007, 2008 e sobre todo en 2009, ano en que se sitúan en 500.374, acadando en 2011 475.882 altas iniciais no sistema.

Altas laborais iniciais. Por réximes. Galicia/España. 1995/2000/2008-2011
■ Cadro 6.16

		A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia	España
Rexime Xeral e Minería do carbon	1995	12.882	3.219	3.571	11.405	31.077	545.440
	2000	20.329	5.000	4.518	17.704	47.551	855.952
	2008	12.910	3.657	3.113	12.254	31.934	558.116
	2009	8.078	2.331	2.123	6.798	19.330	361.342
	2010	8.982	2.633	2.216	7.411	21.242	371.952
	2011	7.889	2.200	1.761	5.944	17.794	372.304
Rexime Especial Agrario(2)	1995	1.072	879	281	637	2.869	36.260
	2000	748	591	277	383	1.999	60.891
	2008	59	281	43	206	589	46.086
	2009	59	88	45	159	351	79.712
	2010	75	104	56	156	391	63.264
	2011	100	100	75	309	584	48.951
Rexime Especial de Empregados/as do Fogar	1995	275	80	88	229	672	14.493
	2000	357	136	126	312	931	22.792
	2008	967	184	160	537	1.848	49.291
	2009	388	90	94	230	802	31.535
	2010	239	86	69	165	559	24.502
	2011	184	66	59	122	431	24.687
Rexime Especial de traballadores autónomos(2)	1995(1)						
	2000						
	2008	937	212	278	731	2.158	63.992
	2009	620	236	214	487	1.557	26.768
	2010	633	219	171	515	1.538	27.657
	2011	636	277	198	544	1.655	29.063
Rexime Especial do Mar	1995(1)						
	2000						
	2008	168	155	0	261	584	1.699
	2009	61	51	0	116	228	1.017
	2010	47	34	0	122	203	909
	2011	49	31	0	95	175	877
Total	1995	14.229	4.178	3.940	12.271	34.618	596.193
	2000	21.434	5.727	4.921	18.399	50.481	939.635
	2008	15.041	4.489	3.594	13.989	37.113	719.184
	2009	9.206	2.796	2.476	7.790	22.268	500.374
	2010	8.982	2.633	2.216	7.411	21.242	488.284
	2011	8.858	2.674	2.093	7.014	20.639	475.882

Elaboración propia.

(1) Os anos 1995 e 2000 non se dispoñe de datos dos Réximes Especiais de Autónomos e do Mar.

(2) A partir do 1 de Xaneiro de 2008 os traballadores de conta propia do rexime agrario intégranse no de Autónomos.

Fonte: Ministerio de Empleo e Seguridade Social.

6.2.8 Afiliacións e altas por comunidades autónomas

Desde a perspectiva das comunidades autónomas (cadro 6.17) despois da recuperación xeral do número de afiliados/as experimentada en 1996, respecto ás perdas de activos que con carácter xeral se produciron en 1993 e 1994 (ver informes de anos precedentes), no conxunto de España, en 1997, prodúcese un aumento importante con respecto ao ano anterior, de 426.100 afiliados/as, aumento que se experimenta na totalidade das comunidades autónomas. En 1998 consolídase dita tendencia cunha importante subida interanual de 658.900 afiliados/as, superada pola que

**Traballadores/as afiliados/as e en alta laboral.
Por réximes e comunidades autónomas. 2006-2011**

■ **Cadro 6.17**

	2006					
	R. Xeral	Mar	Agrario	Autónomos	Outros(1)	Total
Andalucía	2.040,0	10,1	493,0	449,2	30,4	3.022,7
Aragón	427,5	0,0	19,5	101,3	8,7	557,0
Asturias	289,5	2,1	15,5	68,5	11,1	386,7
Baleares	342,0	2,2	4,7	81,3	11,1	441,3
Canarias	632,7	6,2	20,0	106,4	8,1	773,4
Cantabria	168,0	1,5	7,2	38,4	3,6	218,7
C. A Mancha	521,0	0,0	47,0	134,1	8,6	710,7
C. León	688,5	0,0	51,8	180,8	14,4	935,5
Cataluña	2.660,8	6,7	40,2	556,1	67,5	3.331,3
C. Valenciana	1.482,7	5,3	69,5	345,0	34,2	1.936,7
Extremadura	238,9	0,0	75,1	64,9	2,2	381,1
Galicia	744,8	27,1	55,4	186,2	19,0	1.032,5
Madrid	2.463,7	4,4	4,5	360,5	93,5	2.926,6
Murcia	401,3	1,2	68,1	93,2	9,4	573,2
Navarra	211,4	0,0	10,0	43,8	4,5	269,7
País Vasco	725,6	4,6	9,2	179,7	14,2	933,3
A Ríoxa	95,0	0,0	8,5	23,6	2,4	129,5
Ceuta	14,5	0,3	0,0	2,9	0,6	18,3
Melilla	13,8	0,1	0,0	2,9	1,3	18,1
España	14.161,7	71,8	999,2	3.018,8	344,8	18.596,3

	2007					
	R. Xeral	Mar	Agrario	Autónomos	Outros(1)	Total
Andalucía	2.123,8	9,8	483,3	467,6	28,2	3.112,7
Aragón	450,0	0,0	18,7	104,6	7,6	580,9
Asturias	302,8	2,0	14,7	69,9	10,5	399,9
Baleares	356,0	2,1	4,4	84,3	8,9	455,7
Canarias	652,2	6,2	19,1	110,8	7,0	795,3
Cantabria	175,6	1,4	6,8	39,8	3,5	227,1
C. A Mancha	556,0	0,0	45,7	141,3	7,6	750,6
C. León	719,9	0,0	50,2	185,3	14,2	969,6
Cataluña	2.737,2	6,7	38,0	572,0	52,0	3.405,9
C. Valenciana	1.529,8	5,8	67,5	357,2	25,0	1.985,3
Extremadura	253,3	0,0	74,1	67,6	2,2	397,2
Galicia	781,0	26,2	53,0	190,5	19,4	1.070,1
Madrid	2.551,2	4,6	4,2	375,4	69,8	3.005,2
Murcia	419,0	1,1	62,5	97,8	7,7	588,1
Navarra	221,5	0,0	9,6	44,8	3,7	279,6
País Vasco	749,3	4,4	8,9	182,3	13,0	957,9
A Ríoxa	98,6	0,0	8,3	24,6	1,6	133,1
Ceuta	15,6	0,3	0,0	2,9	0,6	19,4
Melilla	14,2	0,1	0,0	3,0	1,3	18,6
España	14.706,8	70,7	969,0	3.121,7	284,0	19.152,2

**Traballadores/as afiliados/as e en alta laboral.
Por réximes e comunidades autónomas. 2006-2011**

**■ Cadro 6.17
(continuación)**

	2008					Total
	R. Xeral	Mar	Agrario(2)	Autónomos(2)	Outros(1)	
Andalucía	2.059,1	9,4	457,5	504,3	30,8	3.061,1
Aragón	453,4	0,0	9,3	116,4	7,8	586,9
Asturias	306,4	1,8	1,0	83,2	10,4	402,8
Baleares	350,2	2,0	2,4	88,3	9,3	452,2
Canarias	624,4	6,1	15,7	114,7	7,5	768,4
Cantabria	175,8	1,4	0,6	46,1	3,6	227,5
C. A Mancha	555,1	0,0	30,2	162,9	7,8	756,0
C. León	721,8	0,0	13,7	221,9	14,7	972,1
Cataluña	2.707,1	6,8	20,6	589,7	53,2	3.377,4
C. Valenciana	1.469,2	5,7	55,6	368,4	24,2	1.923,1
Extremadura	253,0	0,0	60,8	81,5	2,3	397,6
Galicia	785,7	25,4	4,5	236,4	20,5	1.072,5
Madrid	2.548,6	4,6	3,5	386,3	67,0	3.010,0
Murcia	404,5	1,1	58,5	104,2	8,1	576,4
Navarra	224,0	0,0	4,0	50,1	3,9	282,0
País Vasco	758,9	4,3	2,6	188,7	13,4	967,9
A Ríoxa	98,0	0,0	4,2	28,7	1,6	132,5
Ceuta	16,4	0,3	0,0	2,9	0,7	20,3
Melilla	14,3	0,1	0,0	3,1	1,3	18,8
España	14.525,9	69,0	744,7	3.377,8	288,1	19.005,5

	2009					Total
	R. Xeral	Mar	Agrario(2)	Autónomos(2)	Outros(1)	
Andalucía	1.905,0	9,3	478,8	481,2	31,8	2.906,1
Aragón	419,9	0,0	11,3	110,4	7,3	548,9
Asturias	293,3	1,7	1,1	80,5	10,3	386,9
Baleares	324,2	2,0	2,6	84,0	9,8	422,6
Canarias	565,6	5,5	15,4	108,4	7,8	702,7
Cantabria	167,2	1,4	0,7	44,2	3,9	217,4
C. A Mancha	514,7	0,0	38,5	153,3	7,7	714,2
C. León	690,3	0,0	15,3	213,6	14,2	933,4
Cataluña	2.519,6	6,6	24,0	557,9	56,1	3.164,2
C. Valenciana	1.306,9	5,4	64,6	342,1	23,6	1.742,6
Extremadura	242,8	0,0	62,9	79,8	2,5	388,0
Galicia	751,1	24,6	4,5	228,8	20,6	1.029,6
Madrid	2.411,4	4,3	4,7	367,1	69,8	2.857,3
Murcia	363,1	1,0	65,0	98,0	8,3	535,4
Navarra	210,8	0,0	4,6	47,8	4,4	267,6
País Vasco	730,0	4,3	3,2	183,3	13,9	934,7
A Ríoxa	92,0	0,0	4,9	27,2	1,7	125,8
Ceuta	16,5	0,2	0,0	2,9	0,7	20,3
Melilla	14,6	0,1	0,0	3,1	1,3	19,1
España	13.539,0	66,4	802,1	3.213,6	295,7	17.916,8

**Traballadores/as afiliados/as e en alta laboral.
Por réximes e comunidades autónomas. 2006-2011**

**■ Cadro 6.17
(continuación)**

	2010					
	R. Xeral	Mar	Agrario(2)	Autónomos(2)	Outros(1)	Total
Andalucía	1.871,5	9,0	487,9	470,6	31,7	2.870,7
Aragón	413,4	0,0	11,6	107,1	6,6	538,7
Asturias	293,1	1,7	1,1	78,6	6,4	380,9
Baleares	315,6	2,0	2,8	81,6	9,6	411,6
Canarias	546,8	5,4	15,1	104,9	7,5	679,7
Cantabria	165,1	1,3	0,7	43,2	3,9	214,2
C. A Mancha	504,7	0,0	41,1	148,8	7,4	702,0
C. León	682,9	0,0	15,8	208,5	11,4	918,6
Cataluña	2.474,2	6,5	24,6	541,4	57,0	3.103,7
C. Valenciana	1.265,0	5,3	67,5	329,8	24,4	1.692,0
Estremadura	241,1	0,0	63,7	78,6	2,5	385,9
Galicia	735,7	24,0	4,5	222,8	20,4	1.007,4
Madrid	2.362,3	4,1	4,9	356,8	72,8	2.800,9
Murcia	352,6	1,0	64,6	94,4	8,8	521,4
Navarra	208,5	0,0	4,7	46,9	4,6	264,7
País Vasco	724,3	4,2	3,2	179,4	14,7	925,8
A Ríoxa	90,9	0,0	4,9	26,4	1,8	124,0
Ceuta	16,6	0,2	0,0	2,9	0,7	20,4
Melilla	14,7	0,1	0,0	3,1	1,4	19,3
España	13.279,0	64,8	818,7	3.125,8	293,6	17.581,9

	2011					
	R. Xeral	Mar	Agrario(2)	Autónomos(2)	Outros(1)	Total
Andalucía	1.843,5	8,5	487,0	467,3	31,2	2.837,5
Aragón	403,3	0,0	12,1	105,1	7,2	527,7
Asturias	281,8	1,7	1,1	77,6	9,6	371,8
Baleares	310,0	1,9	2,8	80,5	9,9	405,1
Canarias	546,9	5,3	15,0	105,0	7,4	679,6
Cantabria	162,3	1,2	0,7	42,6	3,8	210,6
C. A Mancha	485,6	0,0	39,1	146,8	7,5	679,0
C. León	672,4	0,0	16,5	206,1	13,4	908,4
Cataluña	2.429,5	6,3	25,2	533,4	57,1	3.051,5
C. Valenciana	1.237,0	5,0	69,2	325,2	24,3	1.660,7
Estremadura	237,0	0,0	65,0	78,0	2,5	382,5
Galicia	712,9	23,6	4,7	218,8	20,3	980,3
Madrid	2.336,8	3,9	4,7	355,4	74,6	2.775,4
Murcia	346,0	1,0	64,6	91,1	9,0	511,7
Navarra	206,6	0,0	4,8	46,3	4,7	262,4
País Vasco	720,0	3,9	2,9	177,2	15,6	919,6
A Ríoxa	89,9	0,0	4,7	26,0	1,8	122,4
Ceuta	16,6	0,2	0,0	3,0	0,6	20,4
Melilla	15,0	0,1	0,0	3,3	1,3	19,7
España	13.053,1	62,6	820,1	3.088,7	301,8	17.326,3

(1) Comprende Réximes Especiais da Minería do Carbón e de Empregados do Fogar.

(2) A partir do 1 de xaneiro de 2008 os traballadores por conta propia do rexíme especial agrario integranse no rexíme especial de traballadores autónomos (lei 18/2007 de 4 de xullo).

Medias anuais en miles. A suma de cada un dos epígrafes non coincide necesariamente con exactitude co total de España, ao redondear as cantidades en miles de persoas.

Fonte: Tesourería Xeral da Seguridade Social.

ten lugar en 1999, con 753.900 altas. No ano 2000 foi de 718.000, no 2001 de 587.000; no 2002 de 476.400, en 2003 de 487.300, en 2004 de 468.200, en 2005 de 753.700, en 2006 de 760.800, en 2007 de 555.900. No ano 2008 polo impacto da crise diminúe en 146.700 e en 2009 o impacto é moito maior; reducíndose en máis de un millón oitenta e oito mil o número de afiliados/as en alta. No ano 2010 segue a tendencia á redución do número de afiliados/as, aínda que o efecto é menor que o ano precedente (335.000 altas menos) e en 2011 tamén algo menor: 255.600 en cómputo de media anual.

A Comunidade Autónoma Galega, tras a forte diminución de afiliados/as en 1993 (ver cadros en informes anteriores), volve a perder afiliados/as en 1994, se ben pola diminución crónica dos activos agrarios. En 1995 incrementa en 5.500 o total de activos, en 1996, en 7.000 e, en 1997, en 17.200, producíndose xa, nese ano, un aumento apreciable de afiliados no Réxime Xeral, que confirma a tendencia á recuperación económica que se albisca timidamente os dous anos precedentes e que vén a confirmarse sen dúbida ningunha en 1998, ano en que medran os activos galegos en 31.900, e aínda máis en 1999 – 36.900–. Nos anos 2000 a 2005 modérase máis o crecemento – 28.900, 24.200, 19.600 de 2000 a 2002; o mesmo número 23.200 nos anos 2003 e 2004, e 27.400 en 2005 – e en 2006 e 2007 volven a medrar con forza: 34.800 afiliados, e 37.600 respectivamente– o máis importante aumento de afiliados nos últimos anos. En 2008 logra a pesar das importantes diminucións dos últimos meses manter o saldo en positivo e incrementa o número de altas en 2.400, pero en 2009, 2010 e 2011 a crise faise patente e diminúen o número de afiliados en 42.900 e 22.200, e 27.100 respectivamente.

6.3 Estranxeiros e movementos migratorios

É necesario facer as seguintes precisións:

O réxime de residencia indica o réxime xurídico de estranxeiría aplicable ao estranxeiro que reside en España:

Réxime Comunitario: Aplícase aos cidadáns comunitarios - nacionais de países da Unión Europea e doutros Estados parte no Acordo sobre o Espazo Económico Europeo (Islandia, Liechtenstein e Noruega) e da Confederación Suíza- (aos que corresponde un certificado de rexistro), así como aos seus familiares e os familiares de españois que sexan nacionais de terceiros países (aos que se expide unha tarxeta de residencia de familiar de cidadán da Unión).

Os nacionais de terceiros países que son familiares de cidadáns comunitarios ou de españois e que teñen acceso ao réxime comunitario son:

- O cónxuxe ou parella de feito rexistrada.
- Os descendentes directos do cidadán comunitario ou do seu cónxuxe ou parella, que sexan ou ben menores de 21 anos, ou maiores se viven ao seu cargo, ou incapacitados.
- Os ascendentes directos, do cidadán comunitario ou do seu cónxuxe ou parella, que vivan ao seu cargo.
- Os beneficiarios do Réxime Comunitario teñen dereito a entrar, saír, circular e residir libremente en territorio español así como a acceder a calquera acti-

vidade económica, por conta allea ou por conta propia, prestación de servizos ou estudos, nas mesmas condicións que os españois.

Réxime Xeral: É o que se aplica aos nacionais de terceiros países, salvo que lles sexa de aplicación o Réxime Comunitario por ser familiares de cidadáns comunitarios. A estes estranxeiros expédídeselles unha tarxeta de residencia.

No cadro 6.18 ofrécese unha visión global dos estranxeiros que en Galicia, a 31 de decembro de 2011, posúen certificación de rexistro ou tarxeta de residencia en vigor que ascenden a cifra de 97.059, efectuándose a súa distribución provincial e distinguindo entre o réxime xeneral e o comunitario.

Estranxeiros con certificado de rexistro ou tarxeta de residencia en vigor segundo provincia e réxime de residencia. Galicia 2011.

■ Cadro 6.18

	Total	Réxime Comunitario	Réxime Xeral
A Coruña	36.261	20.159	16.102
Lugo	13.145	6.515	6.630
Ourense	14.381	10.541	3.840
Pontevedra	33.272	17.498	15.774
Galicia	97.059	54.713	42.346

Fonte: Ministerio de Empleo e Seguridade Social. Observatorio Permanente da Inmigración.

Nos cadros 6.19 a 6.21 ofrécese, agrupada por provincias, unha distribución dos estranxeiros por distintas variables, podendo observar, ademais doutras circunstancias, que a media de idade en xeral en Galicia é de 37,1 anos.

■ Cadro 6.19

Estranxeiros do Réxime Comunitario con certificado de rexistro ou tarxeta de residencia en vigor segundo provincia e nacionalidade 31-12-2011

	TOTAL	Unión Europea	AELC-EFTA ¹	Resto de Europa	África	América do Norte	América Central e do Sur	Asia	Oceanía	Apátridas e Non consta
GALICIA	54.713	38.127	375	393	1.059	723	13.658	332	42	4
A Coruña	20.159	13.484	206	167	459	325	5.317	178	22	1
Lugo	6.515	5.031	27	26	79	42	1.286	22	1	1
Ourense	10.541	7.885	56	38	159	92	2.282	28	1	0
Pontevedra	17.498	11.727	86	162	362	264	4.773	104	18	2

¹ AELC-EFTA: Asociación Europea do Libre Comercio.

Fonte: Ministerio de Empleo e Seguridade Social. Observatorio permanente da Inmigración.

Estranxeiros do Réxime Comunitario con certificado de rexistro ou tarxeta de residencia en vigor segundo provincia e sexo. 31-12-2011

■ Cadro 6.20

	31-12-2011		
	TOTAL	Homes	Mulleres
	54.713	28.702	26.011
GALICIA			
A Coruña	20.159	10.759	9.400
Lugo	6.515	3.514	3.001
Ourense	10.541	5.614	4.927
Pontevedra	17.498	8.815	8.683

Fonte: Ministerio de Empleo e Seguridade Social. Observatorio permanente da Inmigración.

Estranxeiros do Réxime Comunitario con certificado de rexistro ou tarxeta de residencia en vigor segundo provincia e grupo de idade. 31-12-2011.

■ Cadro 6.21

	TOTAL	De 0 a 15 anos	De 16 a 64 anos	65 anos e mais	Idade media
GALICIA	54.713	4.089	47.629	2.995	37,1
A Coruña	20.159	1.425	17.782	952	36,4
Lugo	6.515	640	5.633	242	35,1
Ourense	10.541	708	9.168	665	38,2
Pontevedra	17.498	1.316	15.046	1.136	38,2

Fonte: Ministerio de Empleo e Seguridade Social. Observatorio permanente da Inmigración.

Polo que se refire aos estranxeiros do Réxime Xeral, a información contense nos cadros 6.22 a 6.26 en que, entre outras, se poden observar as seguintes circunstancias: o maior número de estranxeiros procede de América Central e do Sur, é maior o número de mulleres que de homes e a idade media é de 33 anos.

Estranxeiros do Réxime Xeral con autorización de residencia en vigor segundo provincia e tipo de autorización de residencia. 31-12-2011.

■ Cadro 6.22

	TOTAL	Temporal: Inicial	Temporal: Primeira renovación	Temporal: Segunda renovación	Residencia de longa duración
GALICIA	42.346	5.365	6.047	9.854	21.080
A Coruña	16.102	2.292	2.598	4.299	6.913
Lugo	6.630	813	923	1.564	3.330
Ourense	3.840	516	479	677	2.168
Pontevedra	15.774	1.744	2.047	3.314	8.669

Nota: En informes anteriores a data do 31-03-2011, o tipo de autorización contaba cunha categoría adicional, Temporal: Circunstancias excepcionais. A partir do 31-03-2011 as autorizacións por circunstancias excepcionais quedan integradas nas categorías: Temporal: Inicial se se trata de autorizacións iniciais e Temporal: Primeira renovación se se trata de prórrogas.

Fonte: Ministerio de Empleo e Seguridade Social. Observatorio permanente da Inmigración.

■ Cadro 6.23

Estranxeiros do Réxime Xeral con autorización de residencia en vigor segundo provincia e motivo de expedición. 31-12-2011.

	TOTAL	Residencia Temporal							Residencia de longa duración
		Residencia non lucrativa	Reagrupación familiar	Traballo			Circunstancias excepcionais		
				Conta allea	Conta propia	Outras autorizacións1	Arraigamento	Razóns humanitarias e outras2	
GALICIA	42.346	2.823	5.788	10.621	380	138	1.392	124	21.080
A Coruña	16.102	1.099	2.638	4.574	159	71	582	66	6.913
Lugo	6.630	496	745	1.816	59	17	148	19	3.330
Ourense	3.840	242	446	786	31	9	147	11	2.168
Pontevedra	15.774	986	1.959	3.445	131	41	515	28	8.669

1 A categoría "outas autorizacións" inclúe as autorizacións que se conceden para Investigación, Tarxeta azul-UE, Prestacións transnacionais de servizos e Excepción da autorización de traballo.

2 A categoría "Razóns humanitarias e outras" inclúe as autorizacións que se conceden por circunstancias excepcionais por Protección internacional, Razóns humanitarias, Colaboración con autoridades, Seguridade nacional ou interese público, Mulleres vítimas de violencia de xénero, Colaboración contra redes organizadas e Vítimas da trata de seres humanos.

Fonte: Ministerio de Empleo e Seguridade Social. Observatorio permanente da Inmigración.

■ Cadro 6.24

Estranxeiros do Réxime Xeral con cutorización de residencia en vigor segundo provincia e nacionalidade. 31-12-2011

	TOTAL	Resto de Europa	África	América do Norte	América Central e do Sur	Asia	Oceanía	Apátridas e non consta
GALICIA	42.346	1.149	10.434	600	26.491	3.590	73	9
A Coruña	16.102	590	3.220	330	10.433	1.465	62	2
Lugo	6.630	66	1.874	62	4.043	585	0	0
Ourense	3.840	104	838	46	2.538	312	1	1
Pontevedra	15.774	389	4.502	162	9.477	1.228	10	6

Fonte: Ministerio de Empleo e Seguridade Social. Observatorio permanente da Inmigración.

Estranxeiros do Réxime Xeral con autorización de residencia en vigor segundo provincia e sexo. 31-12-2011

■ Cadro 6.25

	31-12-2011		
	TOTAL	Homes	Mulleres
GALICIA	42.346	20.779	21.567
A Coruña	16.102	7.655	8.447
Lugo	6.630	3.400	3.230
Ourense	3.840	1.664	2.176
Pontevedra	15.774	8.060	7.714

Fonte: Ministerio de Empleo e Seguridade Social. Observatorio permanente da Inmigración.

Estranxeiros do Réxime Xeral con autorización de residencia en vigor segundo provincia e grupo de idade. 31-12-2011.

■ Cadro 6.26

	TOTAL	De 0 a 15 anos	De 16 a 64 anos	65 anos e máis	Idade Media
GALICIA	42.346	6.174	35.326	846	33,0
A Coruña	16.102	2.282	13.454	366	33,2
Lugo	6.630	1.040	5.524	66	31,6
Ourense	3.840	592	3.147	101	32,7
Pontevedra	15.774	2.260	13.201	313	33,4

Fonte: Ministerio de Empleo e Seguridade Social. Observatorio permanente da Inmigración.

Recóllese na continuación a información relativa aos traballadores/ás con nacionalidade distinta da española que están afiliados/ás aos distintos réximes do Sistema da Seguridade Social en situación de alta laboral ou asimiladas, tales como incapacidade temporal, suspensión por regulación de emprego, desemprego parcial, etc. Non se inclúen os afiliados exclusivamente para os efectos de asistencia sanitaria, os que están en situación de desemprego total, os de convenios especiais e os que se atopan en situacións especiais sen efecto en cotizacións.

Ás e os traballadores estranxeiros que precisen proveerse de permiso de traballo para exercer en España a súa actividade, permíteselles, a partir da notificación da resolución laboral favorable, a iniciación da actividade e a afiliación, alta e cotización á Seguridade Social.

As cifras sobre ás e os traballadores afiliados aos distintos réximes da Seguridade Social que aquí se ofrecen non se corresponden necesariamente co número de traballadores, senón co de situacións que xeran obriga de cotizar; é dicir, unha mesma persoa se contabiliza tantas veces como situacións de cotización teña, xa sexa porque ten varias actividades laborais nun mesmo réxime de Seguridade Social ou en varios deles, aínda que no caso de traballadores estranxeiros estas situacións de pluriactividade non se adoitan presentar.

Con datos do Ministerio de Emprego e Seguridade Social (cadro 6.27) reflíctense os datos dos traballadores estranxeiros afiliados en alta laboral a 31 de decembro de 2011, distribuídos por réximes de Seguridade Social.

■ Cadro 6.27

Traballadores estranxeiros afiliados á Seguridade Social en alta laboral, segundo réxime, por provincia. Galicia 2011.

	TOTAL	Réxime Xeral e R.E. Minería do carbón	Réxime Especial Agrario	Réxime Especial do Mar	Réxime Especial Empregados do Fogar	Réxime Especial Traballadores Autónomos
Coruña (A)	12.826	8.434	381	414	1.926	1.671
Lugo	5.500	3.325	660	509	443	563
Ourense	4.459	3.158	140	-	465	696
Pontevedra	13.394	9.129	294	702	1.298	1.971
GALICIA	36.179	24.046	1.475	1.625	4.132	4.901

Media anual. Ano 2011.

Fonte: Ministerio de Emprego e Seguridade Social.

Neste cadro, contéplase que a provincia de Pontevedra é a que máis traballadores/ás estranxeiros ocupa nos datos da Seguridade Social, sendo amplamente superada por A Coruña no especial de empregados de fogar e destacando Lugo no agrario.

No cadro 6.28 indícanse as autorizacións de traballo concedidas en Galicia, na que A Coruña é a que alcanza maior cifra.

**Autoizacións de traballo concedidas segundo
provincia do centro de traballo.
Galicia 2011.**

■ Cadro 6.28

Coruña (A)	2.924
Lugo	1.025
Ourense	612
Pontevedra	2.360
GALICIA	6.921

Fonte: Ministerio de Empleo e Seguridade Social.

Nos cadros seguintes contémpanse os contratos de traballo rexistrados de traballadores estranxeiros nos que se pode observar que o sector servizos é o mais numeroso (cadro 6.29) e o país de procedencia mais frecuente é Colombia (cadro 6.30).

**Contratos rexistrados de traballadores estranxeiros, segundo sector de actividade,
por provincias. Galicia 2011**

■ Cadro 6.29

	TOTAL	AGRARIO	INDUSTRIA	CONTRUCCIÓN	SERVICIOS
GALICIA	46.829	5.041	3.310	6.627	31.851
A Coruña	17.737	1.599	1.022	2.342	12.774
Lugo	6.998	1.566	359	732	4.341
Ourense	4.457	282	618	618	2.939
Pontevedra	17.637	1.594	1.311	2.935	11.797

Fonte: Ministerio de Empleo e Seguridade Social.

Contratos rexistrados de traballadores estranxeiros, por país de nacionalidade. Galicia 2011

■ Cadro 6.30

	GALICIA
TOTAL	46.829
EUROPA	17.165
Unión Europea (UE-27)	16.275
EEE non UE (1)	6
Suíza	57
Bielorrusia	61
Bosnia-Herzegovina	5
Croacia	46
Moldavia	117
Rusia	238
Serbia	11
Turquía	23
Ucrania	298
Resto de Europa	28
ÁFRICA	6.474
Angola	46
Argelia	270
Cabo Verde	296
Egipto	15
Gambia	31
Ghana	739
Guinea Bissau	61
Guinea Conakry	44
Guinea Ecuatorial	26
Malí	156
Marruecos	2.704
Mauritania	80
Nixeria	319
Senegal	1.398
Resto de África	289
AMÉRICA	21.166
Arxentina	1.627
Bolivia	622
Brasil	3.257
Canadá	15
Chile	330
Colombia	4.183
Cuba	1.618
Ecuador	874
Estados Unidos	109
México	167
Perú	2.673
Rep. Dominicana	1.863
Uruguay	1.570
Venezuela	1.449
Resto de América	809
ASIA	1.995
Armenia	48
Bangladesh	47
China	1.007
Filipinas	38
India	43
Irán	7
Xapón	17
Pakistán	169
Resto de Asia	619
OCEANÍA	11
APÁTRIDAS	18

(1) Países do Espacio Económico Europeo non pertencentes á Unión Europea, é dicir, Islandia, Noruega e Liechtenstein.
Fonte: Ministerio de Empleo e Seguridade Social.

6.4 Movementos migratorios

No cadro 6.31 reflíctese 1/12/2011 o censo electoral de galegos residentes no estranxeiro.

■ Cadro 6.31

Censo electoral de galegos residentes no estranxeiro. Número de electores por provincia de inscrición	
Provincia de inscrición	Censo cerrado a 1-12-2011
Coruña (A)	134.653
Lugo	54.556
Ourense	86.646
Pontevedra	111.679
GALICIA	387.534

Fonte: Censo electoral de españois residentes no estranxeiro (CERA)

Con estes datos do censo electoral, a evolución que se experimenta nos últimos anos dos galegos residentes no estranxeiro, permiten ver unha clara tendencia crecente en todas as provincias.

Os datos extraídos do Padrón de Españois Residentes no estranxeiro (PERE) reflíctense no cadro 6.32

■ Cadro 6.32

Evolución do Censo electoral de galegos residentes no estranxeiro. Datos a 1 de xaneiro de cada ano					
Ano	Total Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
2002	275.400	101.035	33.518	61.206	79.641
2003	280.344	102.169	34.129	62.797	81.249
2004	294.920	106.463	36.651	65.989	85.817
2005	307.167	110.547	38.724	68.140	89.756
2006	307.895	110.889	39.123	67.919	89.964
2007	316.998	112.885	40.640	70.187	93.286
2008	325.266	115.090	42.161	72.014	96.001
01/12/09	347.774	122.067	46.196	77.285	102.226
01/12/10	366.855	128.090	50.352	82.134	106.279
01/12/11	387.534	134.653	54.556	86.646	111.679

Fuente: INE.- Oficina del Censo electoral. CERA.

Para establecer o saldo migratorio, contéplase, nos cadros seguintes, a estatística de variacións residenciais elaborada polo INE a partir da explotación da información relativa ás altas e baixas nos padróns municipais de habitantes motivados por cambios de residencia. Obtéñense así os fluxos migratorios anuais tanto os interiores, entre os diferentes municipios de España, como os exteriores, entre municipios de España e o estranxeiro.

Galegos no estranxeiro. Nados en Galicia por provincia de nacemento e continente de residencia

■ Cadro 6.33

	Total	Europa	África	América	Asia	Oceanía
A Coruña	57.643	21.555	209	35.316	198	365
Lugo	18.766	5.893	45	12.662	41	125
Ourense	36.205	13.261	48	22.585	65	246
Pontevedra	44.366	14.630	322	29.051	152	211
Galicia	156.980	55.339	624	99.614	456	947

Datos a 1 de xaneiro de 2012

Fonte: Padrón de españois Residentes no Extranxeiro (PERE).

Saldo por variación residencial. Galicia 2011

■ Cadro 6.34

	Galicia
Altas por variación residencial	100.435
Baixas por variación residencial	95.627
Saldo total	4.808
Altas por variación residencial interior	86.588
Baixas por variación residencial interior	86.310
Saldo interior	278
Altas por variación residencial exterior	13.847
Baixas por variación residencial exterior	9.317
Saldo exterior	4.530

Fonte: Instituto Nacional de Estadística.

■ Cadro 6.35

Altas por variación residencial de españois con procedencia do estranxeiro clasificadas por provincia de destino e continente de procedencia. Galicia 2011

	TOTAL	Total Europa	Unión Europea	Resto de Europa	África	América	Asia	Oceanía	Continente descoñecido
GALICIA	3.708	1.598	1.003	595	92	1.924	80	14	0
Coruña (A)	1.520	654	373	281	43	765	51	7	0
Lugo	285	113	73	40	6	152	11	3	0
Ourense	768	308	193	115	6	449	4	1	0
Pontevedra	1.135	523	364	159	37	558	14	3	0

Fonte: Instituto Nacional de Estadística.

Diso, extráese a conclusión dun saldo migratorio a favor das inmigracións, tanto interiores como exteriores que, globalmente, supón unha cifra de 4.808, detallándose nos diferentes cadros algunhas particularidades das altas e baixas por variacións residenciais tanto de españois como de estranxeiros.

Cadro 6.36 **Altas por variación residencial de estranxeiros con procedencia do estranxeiro clasificadas por provincia de destino e continente de procedencia**

	TOTAL	Total Europa	Unión Europea	Resto de Europa	África	América	Asia	Oceanía	Continente descoñecido
GALICIA	10.139	2.596	2.420	176	522	3.584	325	38	3.074
Coruña (A)	4.214	1.162	1.052	110	231	1.907	157	35	722
Lugo	1.254	331	318	13	121	430	44	1	327
Ourense	1.545	253	250	3	12	228	16	0	1.036
Pontevedra	3.126	850	800	50	158	1.019	108	2	989

Fonte: Instituto Nacional de Estadística.

Cadro 6.37 **Baixas por variación residencial de españois con destino ao estranxeiro clasificadas por provincia de procedencia e continente de destino**

	TOTAL	Total Europa	Unión Europea	Resto de Europa	África	América	Asia	Oceanía	Continente descoñecido
GALICIA	4.323	2.273	1.322	951	76	1.820	119	35	0
Coruña (A)	1.925	1.065	552	513	29	755	57	19	0
Lugo	300	144	93	51	4	146	6	0	0
Ourense	685	312	195	117	6	358	4	5	0
Pontevedra	1.413	752	482	270	37	561	52	11	0

Fonte: Instituto Nacional de Estadística.

Cadro 6.38 **Baixas por variación residencial de estranxeiros con destino ao estranxeiro clasificadas por provincia de procedencia e continente de destino**

	TOTAL	Total Europa	Unión Europea	Resto de Europa	África	América	Asia	Oceanía	Continente descoñecido	Baixas por caducidade
GALICIA	4.994	444	405	39	64	590	11	3	1.588	2.294
Coruña (A)	1.702	99	80	19	13	214	5	2	687	682
Lugo	638	42	38	4	18	119	1	0	120	338
Ourense	979	183	176	7	8	59	0	0	421	308
Pontevedra	1.675	120	111	9	25	198	5	1	360	966

Fonte: Instituto Nacional de Estadística.

7.1 Introducción

O Estatuto dos Traballadores establece no seu artigo 16 que os empresarios están obrigados a comunicar á Oficina Pública de Emprego o contido dos contratos de traballo celebrados ou prorrógalas destes, deban ou non se formalizar por escrito, nos dez días seguintes á súa concertación. Se existe obriga de formalización escrita presentácese copia do contrato para o seu rexistro e se non existe a devandita obriga presentarase comunicación da contratación. No ámbito de d Autónoma Galega a comunicación realízase na rede de oficinas de emprego do Servizo de Emprego Autonómico da Xunta de Galicia ou a través de internet (Contrat@).

O Rexistro no Servizo Público de Emprego non supón ningún pronunciamento sobre o contido do contrato, o feito de que o contrato teña asignado un nº de rexistro non implica que o devandito contrato reúna todos os requisitos nin se axuste á legalidade.

As distintas modalidades de contratación que aparecen nas táboas estatísticas agrúpanse en: **Contratos Iniciais**, cando se formaliza a relación laboral por primeira vez,

Conversión en indefinidos doutros contratos xa existentes de duración temporal, ou en **Prorrogas** de contratos que finalizaron a duración inicial.

■ Contratos Iniciais

1- Indefinido Ordinario: É o concertado sen establecer límites de tempo á prestación de servizos con xornada a tempo completo, parcial ou fixo discontinuo (R.D.L.G. 1/95, Lei 12/2.001, Lei 46/2006, Real Decreto-Lei 10/2010 e Lei 35/2010).

2- Indefinido de Fomento de Emprego destinados a incentivar a contratación a desempregados (Lei 12/2.001, Lei 43/2006, Real Decreto-Lei 10/2010 e Lei 35/2010).

3- Indefinido persoas con minusvalidez: De duración indefinida dirixido á integración laboral de persoas con minusvalidez e que pode ser de xornada completa ou parcial. (R.D. 1451/83, modificado por R.D.4/99 e Lei 12/01).

4- Obra ou Servizo: Son os contratos para a realización de obras ou servizos determinados en xornada completa ou parcial na actividade da empresa e a duración dos cales é incerta (Art. 15 de E.T., R.D. 2720/98 e Lei 12/2001).

5- Eventual por circunstancias da Producción: Contratos de Duración temporal, en xornada completa ou parcial, para atender ás esixencias circunstanciais do mercado (Art. 15 E.T. R.D. 2720/98 e Lei 12/2.001).

6- Interinidade: Contrato de duración temporal para substituír un traballador con dereito a reserva de posto de traballo, en xornada completa ou parcial. (Art. 15 E.T. R.D. 2720/98 e Lei 12/2.001)

7- Temporal para persoas con minusvalidez: De doce meses a tres anos de duración, con xornada completa ou parcial, para traballadores minusválidos (Lei 42/94, R.D. Lei 13/96, Disposición Adicional Sexta e Lei 12/2.001).

8- Relevos: Contrato de duración indefinida ou ata o momento da xubilación do traballador ao que substitúe por xubilación parcial ou completa (Lei 14/00 e Lei 12/01).

9- Xubilación Parcial: Contrato de duración determinada e xornada parcial, complementario do de relevos, que se asina co traballador que se xubila parcialmente (Lei 12/2.001).

10- Contrato de Substitución por Xubilación aos 64 anos: Para traballadores desempregados que substitúan outros traballadores que anticipan a idade de xubilación nun ano (R.D. 1194/85, Lei 14/00 e Lei 12/2001).

11- Contrato en Practicas: Destinados a completar a formación de traballadores con títulos universitarios ou de formación profesional. Son contratos de duración temporal, con xornadas a tempo parcial ou completa, indistintamente. (Art.11 do E.T, R.D. 488/98).

12- Contrato para a formación: Destinado a mozos de 16 a 21 anos, ou maiores incluídos nalgún dos colectivos do Art. Primeiro de 001, para a adquisición por parte do traballador da cualificación necesaria para o desempeño dun oficio ou posto de traballo concreto. (Art 11 de ET, RD 488/98 e Lei 12/2001).

13- Outros contratos: Neste apartado inclúense contratos de modalidades non especificadas e/ou pertencentes a réximes especiais de contratación, tales como, artistas, servizo domestico, mercantís.

■ Contratos convertidos en indefinidos

Son aqueles que ao amparo da normativa en vigor, son transformados en indefinidos. Estas transformacións non se suman aos contratos á modalidade dos cales corresponden porque nese caso se produciría unha duplicidade, xa que o contrato de orixe xa foi contabilizado no seu día. Estes contratos son:

- De obra ou servizo determinado.
- Eventual por circunstancias da produción.
- De interinidade.
- Temporal de persoas con minusvalidez.
- De substitución por xubilación aos 64 anos.
- En prácticas.
- De relevo.
- De formación.
- Outros contratos.

■ Prorrogas

Algúns contratos de duración temporal, unha vez finalizada a súa duración inicial, poden prorrogarse. O número de prórrogas que admite un contrato depende da súa topoloxía. Son as seguintes:

- De obra ou servizo determinado.
- Eventual por circunstancias da produción.
- De interinidade.
- Temporal persoas con minusvalidez.
- De substitución por xubilación aos 64 anos.
- En prácticas.
- De relevo.
- De formación.
- Xubilación parcial.

Cadro 7.1 Contratos de traballo, contratos convertidos en indefinidos e adscricións colaboración social. Galicia/España. 2010-2011

	Total España 2010	%	Total Galicia 2010	%	Total España 2011	%	Total Galicia 2011	%
Indefinido Ordinario (Boni/ no Boni)	579.933	4,16	23.015	3,52	544.428	3,90	21.231	3,29
Indef. Fomento da contratación indefinida	150.658	1,08	8.964	1,37	97.504	0,70	6.797	1,05
Persoa con discapacidade	8.185	0,06	481	0,07	7.166	0,05	451	0,07
Obra ou servizo	5.623.676	40,38	238.815	36,57	5.599.364	40,08	231.453	35,81
Eventual	5.752.225	41,30	267.187	40,91	5.890.664	42,16	272.147	42,11
Interinidade	1.566.999	11,25	84.388	12,92	1.585.936	11,35	85.853	13,28
Temporal discapacitado	14.485	0,10	915	0,14	15.416	0,11	913	0,14
Temporal de inserción	0	0,00	0	0,00	0	0,00	0	0,00
Relevo	20.459	0,15	906	0,14	19.117	0,14	1.087	0,17
Xubilación %	27.787	0,20	1.346	0,21	27.268	0,20	1.558	0,24
Substitución xub. 64 anos	2.220	0,02	95	0,01	2.327	0,02	102	0,02
Prácticas	47.536	0,34	3.141	0,48	51.545	0,37	3.028	0,47
Formación	59.047	0,42	6.020	0,92	60.022	0,43	4.872	0,75
Outros	74.502	0,53	17.799	2,73	71.410	0,51	16.794	2,60
Total contratos iniciais	13.927.712	100,00	653.072	100,00	13.972.167	100,00	646.286	100,00
Convertidos en indefinidos	489.438		27.552		461.065		25.163	
Adscrición colabora. Social	3.313		224		4.066		303	
Total contratos e adscricións	14.420.463		680.848		14.437.298		671.752	

Fonte: SEPE. Estatística de contratos rexistrados. Decembro 2011.


Nunha primeira observación podemos apreciar que continúa a tendencia de anos anteriores dunha grande rotación da poboación ocupada asalariada con contratos temporais. (Datos SEPE-EPA)

Cadro 7.2 Total contratos de traballo. Por provincias. Galicia. 2010-2011


Tipo de contrato	A Coruña		Lugo		Ourense		Pontevedra		Galicia	
	2010	2011	2010	2011	2010	2011	2010	2011	2010	2011
Duración temporal:										
Obra	109.345	107.870	18.258	18.364	21.791	20.228	89.421	84.991	238.815	231.453
Eventual	109.016	105.037	22.806	25.489	19.321	21.658	116.044	119.963	267.187	272.147
Interinidade	37.057	38.782	8.806	9.050	7.449	7.369	31.076	30.652	84.388	85.853
Temporal discapacitados	412	353	92	92	87	103	324	365	915	913
Relevo	346	324	88	73	76	75	396	615	906	1.087
Xubilación parcial	592	530	152	157	104	122	498	749	1.346	1.558
Substitución	66	77	2	4	13	6	14	15	95	102
Prácticas	1.555	1.445	278	260	230	252	1.078	1.071	3.141	3.028
Formación	2.314	1.818	820	603	928	749	1.958	1.702	6.020	4.872
Outros	3.444	3.436	3.603	2.972	1.131	987	9.621	9.399	17.799	16.794
Duración indefinida:										
Indefinido ordinario	9.404	8.900	3.697	3.519	2.104	1.787	7.810	7.025	23.015	21.231
Indefinido fomento de emprego	3.429	2.696	1.236	946	1.105	801	3.194	2.354	8.964	6.797
Persoa con discapacidade	182	188	56	56	64	37	179	170	481	451
Total contratos	277.162	271.456	59.894	61.585	54.403	54.174	261.613	259.071	653.072	646.286

Fonte: SEPE. Estatística de contratos rexistrados. Decembro 2011.

Distribución do total de contratos en Galicia. 2007



Evolución do total de contratos en Galicia



Contrato de traballo por tipo e por sector. Galicia 2011

Cadro 7.3

	Agricultura	Industria	Construción	Servizos	Total
Indefinido ordinario	3.176	2.230	2.586	13.239	21.231
Indefinido fomento emprego	296	758	462	5.281	6.797
Discapacitados	13	51	41	346	451
Obra ou servizo	13.311	23.692	32.130	162.320	231.453
Eventual circunst. produc.	3.353	20.480	9.989	238.325	272.147
Interinidade	735	4.827	511	79.780	85.853
Temporal discapacitado	16	94	54	749	913
Relevo	14	525	57	491	1.087
Xubilación parcial	7	797	109	645	1.558
Substitución xub. 64 anos	0	11	8	83	102
Prácticas	13	442	289	2.284	3.028
Formación	49	459	692	3.672	4.872
Outros contratos	62	37	100	16.595	16.794
Galicia	21.045	54.403	47.028	523.810	646.286

Fonte: SEPE. Estatística de contratos rexistrados. Decembro 2011.

Se tomamos a actividade económica como punto de comparación observamos, que como é de esperar, que é o sector servizos o que concentra a maior parte das contratacións (81,04%) seguido a moita distancia pola industria (8,42%), a construción (7,28%) e no último lugar de volume de contratos rexistrados atopamos á agricultura e pesca (3,26%).

■ Cadro 7.4

**Contratos de traballo iniciais segundo sección de actividade económica.
Por provincias. Ano 2011**

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
A. Agricultura, gandería, silvicultura e pesca	6.670	3.793	2.051	8.531	21.045
B. Industrias extractivas	154	128	254	178	714
C. Industria manufacturera	20.338	2.865	5.233	21.779	50.215
D. Suministros eléctricos, gas e A.A.	85	19	13	47	164
E. Suministro de auga, res. e desc.	2.029	165	230	886	3.310
F. cConstrucción	20.783	4.719	3.666	17.860	47.028
G. Comercio, reparación de vehíc. de motor, motocicletas e ciclomotores e art. persoais	30.913	7.316	6.324	24.869	69.422
H. Transporte. Almacenamento	16.167	3.193	2.589	28.319	50.268
I. Hostalaría	32.172	9.572	7.561	38.306	87.611
J. Información e comunicación	10.999	773	320	2.197	14.289
K. Financeiras e seguros	836	274	261	970	2.341
L. Actividades inmobiliarias	306	228	58	325	917
M. Actividades profesionais, científicas e técnicas	11.125	1.361	1.482	7.371	21.339
N. Actividades administrativas e servizos auxiliares	64.881	10.391	9.858	59.513	144.643
O. Administración pública. Defensa e seguridade social obrigatoria.	7.073	4.762	4.024	6.490	22.349
P. Ensino	10.138	1.769	1.959	10.061	23.927
Q. Actividades sanitarias e servizos sociais	14.696	4.694	4.482	9.566	33.438
R. Actividades artísticas, recreativas e ent.	15.644	3.980	2.570	15.808	38.002
S. Outros servizos.	6.297	1.507	1.218	5.887	14.909
T. Actividades do Fogar e uso propio	149	76	21	102	348
U. Organismos extraterritoriales	1	0	0	6	7
Total	271.456	61.585	54.174	259.071	646.286

Fonte: SEPE. Estatística de contratos rexistrados. Decembro 2011.

■ Cadro 7.5

Contratos de traballo iniciais segundo grupo principal de ocupación do posto.
Por provincias. Ano 2011

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
A. Dirección e xerencia de empresas	620	177	138	603	1.538
B. Técnico e profesionais de saúde e ensino	11.266	2.981	2.620	10.909	27.776
C. Outros técnicos, científicos e intelectuais	17.474	3.141	2.989	15.705	39.309
D. Técnicos e profesionais de apoio	22.120	3.573	2.746	14.794	43.233
E. Empregados de oficina non público	9.186	2.551	2.902	9.466	24.105
F. Empregados oficina público	10.834	1.519	2.154	9.333	23.840
G. Traballadores de Servizo de Restauración e Comercio	60.932	14.454	12.548	51.148	139.082
H. Traballadores Servizo de saúde	19.153	4.837	4.537	13.672	42.199
I. Traballadores de Servizo de Protección e Seguridade	4.942	995	974	2.786	9.697
J. Traballadores cualificados de Agricultura e Gandeiría	3.613	2.042	682	5.229	11.566
K. Traballadores cualificados da Construción	12.574	2.707	2.529	12.530	30.340
L. Traballadores cualificados de Industrias Manufactureras	20.510	3.206	1.947	16.451	42.114
M. Operador de instalacións e maquinaria	6.821	1.178	2.514	4.854	15.367
N. Conductor maquinaria móvil	13.408	4.286	2.765	13.767	34.226
O. Traballador non cualificado de Servizos	27.570	5.595	5.050	23.642	61.857
P. Peóns, agricultura e construción	30.378	8.331	7.052	54.132	99.893
Q. Ocupacións militares	55	12	27	50	144
Total	271.456	61.585	54.174	259.071	646.286

Fonte: SEPE. Estatística de contratos rexistrados. Decembro 2011.

7.2 Modalidades contractuais

A continuación analizaremos o comportamento dos contratos tendo en conta o sexo, idade, duración do contrato e tipo de xornada.

7.2.1 Contrato eventual por circunstancias da produción

O obxecto deste contrato é atender ás esixencias do mercado, acumulación de tarefas ou exceso de pedidos, aínda tratándose da actividade normal da empresa. (Art 15.1.b de E.T, 3.1 RD 2720/1998 e Lei 12/2001).

Por convenio colectivo poderanse determinar as actividades nas que se pode contratar traballadores eventuais e os criterios xerais para unha axeitada relación entre o volume desta modalidade contractual e o cadro de persoal total da empresa, procedendo á súa limitación numérica.

Os contratos eventuais deberán formalizarse por escrito cando a súa duración sexa superior a catro semanas ou se concerten a tempo parcial. Nestes contratos deberá constar polo menos:

- a) A causa que o xustifique, que deberá ser específica e concreta
- b) O tempo de duración
- c) O traballo a desenvolver

Poderanse celebrar a tempo concreto ou parcial (art. 5.1 RD 2720/1998) e a súa duración máxima será de 6 meses dentro dun período de 12, computándose o devandito período a partir da data na que se produza a causa ou circunstancia que xustifiquen a súa utilización. (art. 15.1 b E.T e 3.2 b RD 2720/1998).

Por convenio colectivo sectorial estatal ou por convenio colectivo sectorial de ámbito inferior, poderá modificarse a duración máxima destes contratos ou o período dentro do cal se poderán concertar. Nestes supostos o período máximo será de 18 meses, non podendo superar a duración do contrato as tres cuartas partes do período de referencia que se estableza, nin como máximo 12 meses (art 15.1 b E.T).

No caso de concertarse o contrato por un tempo inferior ao máximo legal ou convencionalmente establecido, poderá ser prorrogado mediante acordo das partes, por unha soa vez, sen que a súa duración total poida superar a súa duración máxima (art 15.1 b E.T).

Esta modalidade contractual segue sendo a máis utilizada representando o 42,16% a nivel nacional (41,30% en 2010) e o 42,11% dos contratos iniciais dos subscritos en Galicia. Subscribíronse 272.147 contratos fronte aos 267.187 do ano 2010, o que supón un leve aumento en 2011. (Cadro 7.1)

Segundo a actividade económica foi utilizado no sector da agricultura nun 15,93%, na industria un 37,64%, na construción un 21,24% e no sector servizos un 45,50%.

Por sexo contratouse a un 50,41% dos homes fronte a 49,59% das mulleres.

Tendo en conta sexo e grupo de idade, os homes son máis contratados no grupo 30 a 39 anos (32,93%) a gran distancia dos de 40 a 44 (9,42%) e dos >45 (14,86%), e no caso das mulleres dáse unha situación similar, 30,45% no grupo de 30 a 39 anos e 10,31% no tramo de 40 a 44 e 14,64% para as > de 45 anos.


**Contratos eventuais por circunstancias da produción.
Segundo sexo, idade e provincia. Galicia 2011**

■ Cadro 7.6

	Homes					Mulleres					Total
	<25	25-29	30-39	40-44	≥ 45	<25	25-29	30-39	40-44	≥ 45	
A Coruña	11.135	10.776	16.665	4.374	7.824	13.052	12.740	16.158	4.965	7.348	105.037
Lugo	3.044	2.861	3.917	1.255	1.924	3.202	2.883	3.394	1.294	1.715	25.489
Ourense	2.368	2.312	3.012	882	1.346	2.980	2.513	3.447	1.134	1.664	21.658
Pontevedra	13.081	13.126	21.577	6.417	9.286	12.371	10.451	18.098	6.528	9.028	119.963
Galicia	29.628	29.075	45.171	12.928	20.380	31.605	28.587	41.097	13.921	19.755	272.147

Fonte: SEPE. Estatística de Contratos Rexistrados. Decembro 2010.

Distribución por grupos de idade en ambos sexos



Tendo en conta a duración, son os inferiores a 1 mes, co 54,58% (53,75% en 2010) os máis concertados, seguidos de 1 a 3 meses cun 25,30%, os de 3 a 6 meses cun 17,25% e por último con escasa representación, os concertados por un tempo superior a 6 meses con solo un 2,87%. Estas porcentaxes reflicten un aumento nos de duración inferior a 1 mes, quedando de manifesto a grande rotación laboral que se produce en d Galega cunha elevada porcentaxe de contratos eventuais e dentro deles o 54,58% teñen unha duración inferior a 1 mes.

**Contratos eventuais por circunstancias da produción.
Por duración e provincias. Galicia 2011**

■ **Cadro 7.7**

	Duración				Total
	≤ 1 mes	>1a ≤3 meses	>3 a ≤6 meses	>6 meses	
A Coruña	55.342	27.678	18.797	3.220	105.037
Lugo	10.812	7.513	6.266	898	25.489
Ourense	9.541	6.713	4.641	763	21.658
Pontevedra	72.852	26.948	17.240	2.923	119.963
Galicia	148.547	68.852	46.944	7.804	272.147

Fonte: SEPE. Estatística de Contratos Rexistrados. Decembro 2011.

A variable xornada sen diferenciación por sexos mostra unha porcentaxe do 64,69% para a xornada completa e un 35,31% para a xornada a tempo parcial, experimentando un aumento de catro puntos sobre o ano anterior. Se temos en conta a variable sexo, un 24,05% dos contratos efectuados a homes son a xornada parcial e un 46,76% dos efectuados a mulleres teñen a mesma xornada. Se a xornada é completa, a contratación no caso dos homes foi de 75,95% e dun 53,24% no das mulleres, poñendo de manifesto un uso maior da parcialidade na contratación feminina, aínda que neste ano o aumento se dá nos dous grupos.

**Contratos eventuais por circunstancias da produción.
Por sexo, tipo de xornada e provincias. Galicia 2011**

■ **Cadro 7.8**

	Homes			Mulleres			Total		
	Total	Parcial	Completa	Total	Parcial	Completa	Total	Parcial	Completa
A Coruña	50.774	15.417	35.357	54.263	28.338	25.925	105.037	43.755	61.282
Lugo	13.001	2.515	10.486	12.488	5.313	7.175	25.489	7.828	17.661
Ourense	9.920	2.603	7.317	11.738	5.326	6.412	21.658	7.929	13.729
Pontevedra	63.487	12.456	51.031	56.476	24.135	32.341	119.963	36.591	83.372
Galicia	137.182	32.991	104.191	134.965	63.112	71.853	272.147	96.103	176.044

Fonte: SEPE. Estatística de Contratos Rexistrados. Decembro 2011.

7.2.2 Contrato de obra ou servizo

É aquel que se concerta para a realización dunha obra ou a prestación dun servizo, con autonomía e substantividade propia dentro da actividade na empresa, aínda tratándose da actividade habitúa, e a duración da cal, aínda que limitada no tempo, é incerta. (Art 15.1 a E.T e 2.1 RD 2720/1998).

Por convenio sectorial estatal e de ámbito inferior, incluídos os convenios de empresa, poderán identificarse os traballos e tarefas nos que poidan realizarse este tipo de contratos, co intento de non facer un uso indiscriminado deles.

A duración será polo tempo esixido para a realización da obra ou servizo. Non obstante, os contratos subscritos a partir do 18 de xuño de 2010 non poderán ter unha duración superior a tres anos ampliable ata doce meses máis por convenio colectivo sectorial de ámbito estatal ou, no seu defecto, por convenio colectivo sectorial de ámbito inferior.

Se fora superior a un ano, para proceder á extinción do contrato se necesita preaviso con 15 días de antelación á finalización da obra ou servizo. Se se incumprise por parte do empresario, existe obriga de indemnizar polo equivalente aos salarios correspondentes ao prazo incumplido.

Se a duración efectiva destes contratos fose inferior a sete días, a cota empresarial á Seguridade Social por contingencias comúns incrementarase nun 36 por 100.

Transfórmase en indefinido, salvo proba en contrario que acredite a natureza temporal da prestación:

- Por falta de forma escrita.
- Por falta de alta na Seguridade Social se transcorrese un prazo igual ou superior ao período de proba.
- Se chegado o termo non se producise denuncia dalgunha das partes e se continuase realizando a prestación laboral.

Tamén adquirirán a condición de traballadores fixos da empresa os traballadores contratados por obra ou servizo determinado cando transcorran tres anos de contrato, ampliables ata doce meses máis por convenio colectivo sectorial de ámbito estatal ou, no seu defecto, por convenio colectivo sectorial de ámbito inferior. Este réxime aplicárase aos contratos por obra ou servizo determinado subscritos a partir do 18 de xuño de 2010.

Así mesmo, presumíranse por tempo indefinido os celebrados en fraude de lei.

A xornada poderá ser a tempo parcial ou completa e formalizárase por escrito, identificando con claridade e precisión abonda o carácter da contratación e a obra ou servizo a realizar.

O empresario ten deber de informar os traballadores da existencia de postos de traballo vacantes, co fin de facilitar o acceso a postos permanentes. (art. 15.7 E.T.)

No ano 2011 rexistráronse 231.453 contratos por obra ou servizo que representa un 35,81% dos contratos iniciais 36,57% no 2010), fronte ao 42,11% dos contratos eventuais por circunstancias da produción, que continúan en primeiro lugar igual que en anos anteriores. No total de España representaron o 40,08% da contratación.

Segundo a actividade económica foi utilizado no sector da agricultura nun 63,25%, na industria un 43,55%, na construción un 68,32% e no sector servizos un 30,99%.

Tendo en conta a variable sexo, no caso dos homes concertáronse 135.029 contratos (58,34%) e no das mulleres 96.424 (41,66%). A maior porcentaxe relativa de contratación de homes realízase no grupo de idade de 30 a 39 anos cun 32,89%. Entre 40 e 44 anos concertáronse un 10,64% e no de iguais ou superiores a 45 anos o 19,83%. No caso das mulleres as porcentaxes relativas son moi similares, cun 32,42% no grupo de 30 a 39 anos, un 11,51% no de 40 a 44 e un 18,03% no grupo de iguais ou superiores a 45 anos.


■ Cadro 7.9

Contratos de obra ou servizo. Por sexo, idade e provincia. Galicia 2011

	Homes					Mulleres					Total
	< 25	25-29	30-39	40-44	≥ 45	< 25	25-29	30-39	40-44	≥ 45	
A Coruña	9.974	12.564	21.608	6.447	11.881	8.661	9.298	14.797	5.192	7.448	107.870
Lugo	2.206	2.093	3.434	1.184	2.138	1.474	1.632	2.161	820	1.222	18.364
Ourense	2.396	2.222	3.611	1.261	2.456	1.469	1.724	2.633	901	1.555	20.228
Pontevedra	8.631	9.389	15.763	5.472	10.299	5.878	6.547	11.666	4.188	7.158	84.991
Galicia	23.207	26.268	44.416	14.364	26.774	17.482	19.201	31.257	11.101	17.383	231.453

Fonte: SEPE-INEM. Estatística de Contratos Rexistrados. Decembro 2011.

Distribución por grupos de idade en ambos sexos



Se temos en conta a duración do contrato, son os de duración incerta ou indeterminada os que representan unha maior porcentaxe, cun 79,50%, o que parece lóxico dada a non obrigatoriedade e o carácter orientativa da data de fin de contrato. O 9,56% concertáronse por unha duración igual ou inferior a 7 días, o 2,67% por un período entre 1 e 3 meses e o 3% entre 3 e 6 meses.

■ Cadro 7.10

Contratos de obra ou servizo. Por duración e provincia. Galicia 2011

	Duración en meses										Total
	≤7 días	>7 a ≤15 días	>15 días a ≤1 mes	>1 a ≤3 meses	>3 a ≤6 meses	>6 a ≤12 meses	>12 a ≤18 meses	>18 a ≤24 meses	>24 meses	Indeterminada	
A Coruña	13.245	1.055	1.097	2.807	2.542	1.940	51	86	78	84.969	107.870
Lugo	1.486	259	293	694	1.003	1.053	15	22	22	13.517	18.364
Ourense	1.771	187	255	609	1.135	1.330	28	12	7	14.894	20.228
Pontevedra	5.624	840	1.150	2.059	2.286	2.204	49	65	78	70.636	84.991
Galicia	22.126	2.341	2.795	6.169	6.966	6.527	143	185	185	184.016	231.453

Fonte: SEPE-INEM. Estatística de Contratos Rexistrados. Decembro 2011.

Nesta modalidade contractual dáse unha elevada porcentaxe de xornada a tempo completo, co 68,83%, fronte a un 31,17% de contratos a tempo parcial, cun aumento de algo máis dun punto sobre o ano 2010. Se a esta variable lle unimos a variable sexo, apréciase no caso dos homes un 79,15% para a xornada completa e un 20,84% para a parcial. Nas contratacións a mulleres séguese a tendencia xeral dunha maior contratación parcial neste colectivo con respecto aos homes supoñendo un 54,38% de xornada completa e un 45,62% de parcial, aumentando no 2011 as contratacións a tempo parcial tanto no grupo de homes coma no de mulleres.

Contratos por obra ou servizo. Por sexo, tipo de xornada e provincia. Galicia. Decembro 2011

■ Cadro 7.11

	Homes			Mulleres			Total		
	Total	Parcial	Completa	Total	Parcial	Completa	Total	Parcial	Completa
A Coruña	62.474	12.315	50.159	45.396	21.087	24.309	107.870	33.402	74.468
Lugo	11.055	2.246	8.809	7.309	3.852	3.457	18.364	6.098	12.266
Ourense	11.946	3.166	8.780	8.282	3.810	4.472	20.228	6.976	13.252
Pontevedra	49.554	10.420	39.134	35.437	15.239	20.198	84.991	25.659	59.332
Galicia	135.029	28.147	106.882	96.424	43.988	52.436	231.453	72.135	159.318

Fonte: SEPE-INEM. Estatística de Contratos Rexistrados. Decembro 2011.

7.2.3 Contrato de Interinidade

Este contrato ten por obxecto substituír un traballador con dereito a reserva do posto de traballo ou para cubrir temporalmente un posto de traballo durante un proceso de selección ou promoción, para a súa cobertura definitiva, así como para substituír aínda traballador en formación por traballadores beneficiarios de prestación por desemprego. (Art. 15.1 c ET e art.4.1 de RD 2720/1998).

A súa duración manterase mentres subsista o dereito do traballador substituído á reserva do posto de traballo, ou a do tempo que dure o proceso de selección ou promoción para a cobertura definitiva, sempre que neste último caso non se supere os 3 meses. Nos procesos de selección de n a súa duración coincidirá co tempo previsto para a realización do devandito proceso.

Extinguirase pola reincorporación do traballador substituído, polo vencemento do prazo para a súa incorporación, pola extinción da causa que deu lugar á reserva de

posto, polo transcurso dos 3 meses nos procesos de selección ou promoción ou que resulte dos procesos de selección da Administración.

Deben celebrarse a xornada completa agás nos seguintes supostos:

- Cando o traballador substituído estivese contratado a tempo parcial ou trátase de cubrir temporalmente un posto a cobertura definitiva do cal se vaia realizar a tempo parcial.
- Cando se realice para completar a xornada reducida dun traballador que exercite o seu dereito por nacemento de fillo prematuro, hospitalizado, garda legal dun menor de seis anos ou diminuído físico ou psíquico, para o coidado dun familiar ou naqueles supostos en que se acordara a redución temporal da xornada do traballador substituído, incluídos os supostos de desfrute a tempo parcial do permiso de maternidade, adopción ou acollemento.

Estes contratos deben formalizarse por escrito, especificando o carácter da contratación, o traballo a desenvolver, o traballador substituído e a causa da substitución, indicando se o posto de traballo a desempeñar será o do traballador substituído ou o doutro traballador que pase a desempeñar o posto daquel. Igualmente débese de identificar o posto a cobertura definitiva do cal se producirá tras o proceso de selección.

Existen unha serie de incentivos cando se formalice un contrato de interinidade nas seguintes condicións:

- a) Cando se celebren para substituír a un traballador que estea en excedencia para atender ao coidado de fillo ou familiar ata o segundo grao por consanguinidade ou afinidade, terán dereito a unha redución das cotizacións por continxentes comúns, cando se celebren con preceptores de prestacións por desemprego (contributivo ou asistencial), que leven máis dun ano como preceptores:
 - 95% durante o primeiro ano de excedencia
 - 60% durante o segundo ano
 - 50% durante o terceiro ano
- b) Bonificación do 100% das cotas empresariais á S.S., incluídas as de accidentes de traballo, enfermidade profesional e as de recadación conxunta cando se celebren para substituír a:
 - Traballadoras que teñan suspendido o seu contrato de traballo por risco durante o embarazo
 - Traballadores e traballadoras que teñan suspendido o seu contrato de traballo por descanso de maternidade, adopción ou acollemento.
 - Traballadores autónomos, socios traballadores e socios de Cooperativas nos supostos de risco durante o embarazo, períodos de descanso por maternidade, adopción ou acollemento.

Tanto neste caso coma no anterior os citados beneficios non serán de aplicación ás contratacións efectuadas aos cónxuxes, ascendentes, descendentes e demais parentes por consanguinidade ou afinidade ata o segundo grao inclusive do empresario os que ostenten cargos de dirección ou sexas membros dos órganos de administración das empresas que revistan fórmula xurídica de sociedade e as que se produzan con estes últimos e os contratos celebrados coas Administracións públicas.

- c) Incentivos aos contratos de interinidade con traballadores minusválidos desempregados para substituír persoas minusválidas que teñan suspendido o contrato por incapacidade temporal cunha bonificación do 100 por 100 das cotas empresariais á S.S, incluídas as de accidentes de traballo e enfermidade profesional e as de recadación conxunta.
- d) As empresas que teñan ata 100 traballadores, e substitúan algún deles nos permisos de formación, por traballadores beneficiarios de prestacións de desemprego terán os seguintes beneficios:
 - O perceptor de prestacións recibirá o 50% da contía da prestación durante a vixencia do contrato, ata o máximo do dobre do período pendente de percibir de prestación por desemprego.
 - O empresario aboará a diferenza ata alcanzar o salario correspondente á totalidade das cotas á S.S.
- e) As empresas poderanse beneficiar dunha bonificación do 100% da cota empresarial por continxencias comúns durante a suspensión ou durante 6 meses en caso de mobilidade xeográfica ou de centro de traballo, nos contratos para substituír un traballador vítima de violencia de xero que suspendera o seu contrato ou exercitara o seu dereito a mobilidade xeográfica ou cambio de centro de traballo.
- f) Incentivos para a transformación destes contratos en indefinidos.

O empresario informará os traballadores sobre a existencia de postos de traballo vacantes, co fin de garantir o acceso a postos permanentes.

Esta modalidade supuxo en 2011 un 13,28% dos contratos iniciais (11,35% en España), 85.853 contratos rexistrados, sendo unha das poucas modalidades contractuais onde se experimenta un incremento. Mantense a tendencia de anos anteriores onde a contratación feminina é moi superior cun 72,76%, fronte a un 27,24% de homes. Aínda que os datos estatísticos non nos permiten diferenciar a que modalidade corresponde a contratación por interinidade, si son numerosos os casos (risco de embarazo, maternidade, adopción, coidado dun familiar,...) onde é o colectivo feminino o que obtén os permisos con reserva a posto de traballo e parece que existe a tendencia, xa sexa por o posto que ocupa, polo tipo de traballo a realizar, pola profesión,... a cubri-lo tamén cunha muller.


Contratos de interinidade. Por sexos, idade e provincia. Galicia 2011

■ Cadro 7.12

	Homes					Mulleres					Total
	< 25	25-29	30-39	40-44	≥ 45	< 25	25-29	30-39	40-44	≥ 45	
A Coruña	1.894	2.342	3.940	1.055	1.507	3.656	5.499	8.791	3.760	6.338	38.782
Lugo	491	434	619	260	331	956	1.214	1.843	925	1.977	9.050
Ourense	283	392	543	243	299	695	902	1.727	727	1.558	7.369
Pontevedra	1.423	1.994	3.202	857	1.280	2.779	3.730	7.695	3.002	4.690	30.652
Galicia	4.091	5.162	8.304	2.415	3.417	8.086	11.345	20.056	8.414	14.563	85.853

Fonte: SEPE-INEM. Estatística de Contratos Rexistrados. Decembro 2011.

Distribución por grupos de idade en ambos sexos



Segundo a actividade económica foi utilizado no sector da agricultura nun 3,49%, na industria un 8,87%, na construción un 1,1% e no sector servizos un 15,23%.

Segundo os grupos de idade o 35,50% dos homes contratados teñen entre 30 e 39 anos e o 32,11% das mulleres. No grupo de 40 a 44 anos contratouse o 10,33% de homes e 13,47% de mulleres. E finalmente aos maiores de 45 anos concertóuselles este tipo de contrato a un 14,61% de homes e a un 23,31% de mulleres.

Ao descoñecerse en moitos casos a data de finalización da reserva de posto, duración do proceso de selección,... o contrato concértase por unha duración indeterminada nun 51,83% dos casos. Os menores de 7 días supoñen un 15,60% e os que duran entre 15 días e un mes, un 12,67%.

■ Cadro 7.13

Contratos de interinidade. Por duración e provincias. Galicia 2011

	Duración en meses										Total
	<=7 días	>7 a <=15 días	>15 días a <=1 mes	>1 a <=3 meses	>3 a <=6 meses	>6 a <=12 meses	>12 a <=18 meses	>18 a <=24 meses	>24 meses	Indeterminados	
A Coruña	6.833	3.844	5.071	2.483	1.037	143	7	4	26	19.334	38.782
Lugo	1.141	920	1.218	630	283	37	3	0	2	4.816	9.050
Ourense	1.017	830	917	534	211	39	6	4	3	3.808	7.369
Pontevedra	4.398	2.776	3.670	2.028	1.051	157	13	11	6	16.542	30.652
Galicia	13.389	8.370	10.876	5.675	2.582	376	29	19	37	44.500	85.853

Fonte: SEPE-INEM. Estatística de Contratos Rexistrados. Decembro 2011.

Tendo en conta a variable xornada, os celebrados a xornada completa supoñen un 73,84% e tan só un 26,16% os que foron a tempo parcial. Seguindo a tendencia da maior parte das contratacións, son as mulleres as que máis contratos celebran a tempo parcial (31,21%), fronte ao colectivo de homes (12,67%) aínda que se produce un aumento de parcialidade nos dous grupos.

Contratos de interinidade. Por sexo, tipo de xornada e provincia. Decembro 2011

■ Cadro 7.14

	Homes			Mulleres			Total		
	Total	Parcial	Completa	Total	Parcial	Completa	Total	Parcial	Completa
A Coruña	10.738	1.500	9.238	28.044	9.186	18.858	38.782	10.686	28.096
Lugo	2.135	171	1.964	6.915	2.008	4.907	9.050	2.179	6.871
Ourense	1.760	237	1.523	5.609	1.368	4.241	7.369	1.605	5.764
Pontevedra	8.756	1.055	7.701	21.896	6.936	14.960	30.652	7.991	22.661
Galia	23.389	2.963	20.426	62.464	19.498	42.966	85.853	22.461	63.392

Fonte: SEPE-INEM. Estatística de Contratos Rexistrados. Decembro 2011.

7.2.4 Contrato para a Formación

Ten por obxecto a adquisición teórica e practica necesaria para o desempeño dun posto de traballo que requira un nivel de cualificación susceptible de acreditación formal, ou no seu defecto, o nivel de cualificación de base de cada ocupación no sistema de clasificación da empresa. (Art. 11.2 E.T)

Os requisitos dos traballadores susceptibles de ser contratados nesta modalidade son:

- Ser maior de 16 anos e non cumprir os 25, (poderán celebrarse con menores de trinta anos ata que a taxa de desemprego se sitúe por debaixo do 15%). O límite de idade non será de aplicación cando se trate de persoas con minusvalidez e nos supostos de contratos asinados con alumnos participantes en proxectos de emprego e formación.
- Non ter a titulación requirida para o contrato en prácticas nese posto ou oficio. (Art. 11.2 a E.T e Art. 6 RD 488/1998)
- Non desempeñar con anterioridade ese posto na mesma empresa por un tempo superior a 12 meses.

A duración mínima do contrato será dun ano e a máxima de tres anos, se ben mediante convenio colectivo poderá establecerse distintas duracións do contrato, sen que a duración mínima poida ser inferior a seis meses nin máxima de tres anos. O límite de duración do contrato non será de aplicación nos supostos de contratos asinados con alumnos participando en proxectos de emprego e formación.

O tempo de traballo efectivo, que poderá facerse compatible co tempo dedicado ás actividades formativas, non poderá ser superior ao 75% durante o primeiro ano, ou ao 85%, durante o segundo e terceiro ano da xornada máxima prevista no convenio colectivo ou, no seu defecto, da xornada máxima legal. Os traballadores non poderán realizar horas extraordinarias, salvo no suposto previsto no artigo 35.3, do Estatuto dos Traballadores.

Expirada a duración máxima do contrato para a formación e a aprendizaxe, o traballador non poderá ser contratado baixo esta modalidade pola mesma ou distinta empresa para a mesma actividade laboral ou ocupación obxecto da cualificación profesional asociada ao contrato, pero se para unha distinta.

Non se poderán celebrar contratos para a formación e a aprendizaxe cando o posto de traballo correspondente ao contrato sexa desempeñado con anterioridade polo traballador na mesma empresa polo tempo superior a doce meses.


Contratos de formación. Por sexos, idade e provincias. Galicia 2011

Cadro 7.15

	Homes					Mulleres					Total
	< 25	25-29	30-39	40-44	≥ 45	< 25	25-29	30-39	40-44	≥ 45	
A Coruña	863	27	7	7	49	755	44	22	10	34	1.818
Lugo	227	27	23	9	64	202	14	18	6	13	603
Ourense	303	22	34	21	65	208	21	26	15	34	749
Pontevedra	746	57	59	18	24	623	46	71	30	28	1.702
Galicia	2.139	133	123	55	202	1.788	125	137	61	109	4.872

Fonte: SEPE-INEM. Estatística de Contratos Rexistrados. Decembro 2011.

Distribución por grupos de idade en ambos sexos



O número de contratos de formación rexistrados en Galicia no 2.010 foi de 4.872, (6.020 en 2011), cunha diminución de 1.148 contratos, representando un 0,75% dos contratos iniciais (0,43% en España).

Segundo a actividade económica foi utilizado no sector da agricultura nun 0,23%, na industria un 0,84%, na construción un 1,47% e no sector servizos un 0,70%.

Se estudamos a variable sexo, apreciamos, que un 54,43% destes contratos se concertan con homes e un 45,57% con mulleres, deixando ver unha tendencia ao aumento desta contratación no grupo de mulleres. Estudando conxuntamente as variables de idade e sexo apréciase que no caso dos homes o 80,66% dos contratos se concertan con menores de 25 anos e o 7,62% con maiores de 45 anos. No colectivo das mulleres as porcentaxes son dun 80,54% nas menores de 25 anos e 6,17% para maiores de 45 anos.


Só un 0,49% celébranse por un período entre 18 e 24 meses, e un 71,94% por un tempo igual ou inferior a 12 meses.

Contratos de formación por duración e provincias. Galicia 2011

■ Cadro 7.16

	Duración en meses					Total
	≤ 6	> 6 a ≤ 12	> 12 a ≤ 18	> 18 a ≤ 24	> 24	
A Coruña	1.269	202	330	17	0	1.818
Lugo	382	129	90	2	0	603
Ourense	595	41	112	1	0	749
Pontevedra	1.259	119	318	4	2	1.702
Galicia	3.505	491	850	24	2	4.872

Fonte: SEPE. Estatística de Contratos Rexistrados. Decembro 2011.



7.2.5 Contrato en Prácticas

Este contrato ten como finalidade a obtención de práctica profesional axeitada ao nivel de estudos dos traballadores con titulación universitaria ou de formación profesional de grao medio ou superior, ou títulos recoñecidos oficialmente como equivalentes que habiliten par o exercicio profesional. (Art. 11 ET e I.1 RD 488/1998)

O traballador debe posuír algunha das titulacións seguintes:

- Licenciado Universitario, Enxeñeiro ou Arquitecto
- Diplomado Universitario, Enxeñeiro ou Arquitecto Técnico
- Técnico ou Técnico Superior da Formación Profesional Regulada da formación profesional específica, sendo equivalentes os anteriores Técnico Auxiliar (FPI) e Técnico Especialista (FP2)
- Outras titulacións oficialmente recoñecidas equivalentes ás anteriores.

Non poden transcorrer máis de catro anos dende a finalización dos correspondentes estudos ou dende a validación destes en España, se se obtivesen no estranxeiro, ou seis anos cando o traballador sexa minusválido.

O posto debe permitir a obtención da práctica profesional axeitada ao nivel de estudos cursados. Mediante convenio colectivo de ámbito sectorial estatal, ou no seu defecto, de ámbito inferior, poderanse determinar os postos, grupos, niveis ou categorías obxecto deste contrato.

A duración non poderá ser inferior a seis meses nin exceder de dous anos, podéndose determinar por convenio colectivo sectorial estatal ou sectorial inferior; a duración destes contratos, respectando sempre estes límites. (Art. 11.1 ET e 19 e 20 RD 488/1998).

Se o contrato se establece por unha duración inferior á máxima, as partes poderán acordar ata dous prórrogas, sen que a duración total poida exceder á máxima. A duración de cada prórroga non poderá ser inferior á duración mínima do contrato.

Ningún traballador poderá estar contratado en prácticas, na mesma ou distinta empresa, por tempo superior a dous anos en virtude da mesma titulación.

Cando o contrato chega a termo, non hai denuncia das partes cun preaviso mínimo de 15 días e o traballador continua traballando:

- Se non esgotou a duración máxima do contrato, se prorrogará automaticamente ata o devandito prazo
- Se esgotase a duración máxima considerarase prorrogado tacitamente por tempo indefinido, salvo proba en contrario que acredite a natureza temporal. (Art. 49.1.c) ET e 20 RD 488/1998)
- En caso de incumprirse soamente o preaviso, o traballador será indemnizado co equivalente ao salario correspondente aos días que o devandito prazo se incumpre.

A falta de esixencia de forma escrita, farán que o contrato en Prácticas se considere indefinido, salvo proba en contrario que acredite o seu carácter temporal. De igual forma os celebrados a tempo parcial presumiranse celebrados a xornada completa, por falta de forma escrita, salvo proba en contrario que acredite o seu carácter parcial. (Art. 22.1 RD 488/1998)

Salvo o disposto por convenio colectivo, o período de proba será como máximo:

- Un mes para os titulados de grao medio (Diplomados e Técnico de F.P regulada)
- Dous meses para titulados superiores (Licenciados e Técnicos Superiores de F.P regulada)

A xornada poderá ser a tempo completa ou parcial.

A retribución que se fixará por convenio colectivo, nunca poderá ser inferior ao 60% o primeiro ano e o 70% o segundo ano de vixencia do contrato, do salario fixado para un traballador que desempeñe o mesmo ou equivalente posto de traballo, e en ningún caso inferior ao S.M.I. En caso de contratos a tempo parcial o salario reducirase en proporción ao tempo traballado. (Art. 2.1 RD 488/1998 e Art. 11.1.e E.T).

O contrato debe formalizarse por escrito facendo Constar expresamente a titulación do traballador; a duración do contrato e o posto ou postos a desempeñar durante as prácticas.

O empresario poderá solicitar do Servizo Público de Emprego certificado no que conste o tempo que o traballador estivo contratado en prácticas con anterioridade. Se transcorridos 10 días o Servizo Público de Emprego non emitiu o certificado, o empresario queda exonerado das responsabilidades que se poidan derivar.

Á terminación do contrato, o empresario deberá entregar ao traballador certificado no que consta a duración das prácticas o posto ou postos de traballo desempeñados e as principais tarefas realizadas.

Se unha vez finalizado o contrato en prácticas o traballador continúa na empresa, non poderá concertarse un novo período de proba, computándose a duración do contrato en prácticas para os efectos de antigüidade na empresa.

O empresario informará os traballadores sobre a existencia de postos de traballo vacantes, co fin de garantir o acceso a postos permanentes.

Este tipo de contrato alcanzou en 2011, 3.028 concertos (2010: 3.141 continuando a tendencia a diminuír), o que representa un 0,47% dos contratos iniciais (0,37% en España).

Segundo a actividade económica foi utilizado no sector da agricultura nun 0,06%, na industria un 0,81%, na construción un 0,61% e no sector servizos un 0,44%.

Tendo en conta o factor sexo, concertouse cun 48,78% de homes e un 51,22% de mulleres, producíndose unha redución con respecto ao ano 2010 (54,15%) nas contratacións a mulleres. É un dos contratos onde a diferenza de contratación entre homes e mulleres é menor. Realízanse máis contratos en practicas a mulleres que a homes, e tendo en conta a incorporación masiva da muller á educación de grao medio e superior, e que é precisamente este colectivo o que en maior medida finaliza os estudos iniciados, parece ser esta a causa da equiparación entre sexos destes contratos


Contratos en prácticas. Por sexos, idade e provincias. Galicia 2011

■ Cadro 7.17

	Homes					Mulleres					Total
	< 25	25-29	30-39	40-44	≥ 45	< 25	25-29	30-39	40-44	≥ 45	
A Coruña	361	279	50	3	1	386	305	56	3	1	1.445
Lugo	86	39	3	0	0	83	38	11	0	0	260
Ourense	71	44	10	0	0	64	58	5	0	0	252
Pontevedra	323	164	41	1	1	282	206	43	6	4	1.071
Galicia	841	526	104	4	2	815	607	115	9	5	3.028

Fonte: SEPE. Estatística de Contratos Rexistrados. Decembro 2011.

Distribución por grupos de idade en ambos sexos



Por grupos de idade, realizáronse maior numero de contratacións a homes <25 anos (56,94%) e mulleres de <25 anos (52,55%), seguidos en ambos os dous casos do intervalo de 25-29 cun 35,61% en homes e un 39,14% en contratos a mulleres e do intervalo de 30-39 anos, cun 7,04% de contratacións concertadas con homes e un 7,41%, realizadas a mulleres.


Contratos en prácticas. Por duración e provincias. Galicia 2011

■ Cadro 7.18

	Duración en meses				Total
	<= 6	> 6 a <= 12	> 12 a <= 18	> 18 a <= 24	
A Coruña	997	291	9	148	1.445
Lugo	183	69	1	7	260
Ourense	128	113	1	10	252
Pontevedra	744	253	8	66	1.071
Galicia	2.052	726	19	231	3.028

Fonte: SEPE. Estadística de Contratos Rexistrados. Decembro 2011.

Tempo de duración dos contratos en prácticas



Segundo a duración do contrato, os comprendidos de entre 6 e 12 meses alcanzaron 23,98% e os de duración igual ou inferior a 6 meses un 67,77%. Aqueles que alcanzaron a duración máxima de 24 meses seguen, ao igual que en 2010, supoñendo unha porcentaxe moi pequena, o 7,63%.

Contratos en prácticas. Por sexo, tipo de xornada e provincias. Galicia 2011

■ Cadro 7.19

	Homes			Mulleres			Total		
	Total	Parcial	Completa	Total	Parcial	Completa	Total	Parcial	Completa
A Coruña	694	88	606	751	200	551	1.445	288	1.157
Lugo	128	12	116	132	36	96	260	48	212
Ourense	125	16	109	127	32	95	252	48	204
Pontevedra	530	93	437	541	157	384	1.071	250	821
Galicia	1.477	209	1.268	1.551	425	1.126	3.028	634	2.394

Fonte: SEPE. Estadística de Contratos Rexistrados. Decembro 2011

Se tomamos como referencia o tipo de xornada, o 79,08% celebrouse a xornada completa e o 20,94% a parcial, aínda que no caso dos homes aumentaron as contratacións a tempo parcial chegando ao 14,15%, mentres que no caso das mulleres se mantiveron en valores similares ao ano anterior, 27,40%,

7.2.7 Contratación en substitución por anticipación da idade de xubilación

Esta medida ten por finalidade a contratación de traballadores inscritos como desempregados en substitución de traballadores que anticipen a súa idade ordinaria de xubilación de 65 a 64 anos (Art. 1 e ss RD 1194/1985).

As empresas procederán á celebración dun contrato por calquera das modalidades vixentes, agás contrato a tempo parcial e eventual por circunstancias da produción. (Art. 3.1 RD 1194/1985).

Se durante a vixencia do contrato dun traballador en substitución se producise o cesamento deste, o empresario deberá substituílo, nun prazo máximo de 15 días, por outro traballador desempregado polo tempo que reste para alcanzar a duración mínima do contrato que ha de ser dun ano.

A falta de substitución do traballador que destituíu, suporalle á empresa aboar a INSS a prestación de xubilación devengar polo traballador substituído, dende o momento do cesamento do traballador contratado. (Art. 4 RD 1194/1985).

O contrato formalizarase por escrito, e entregarse ao traballador que se xubile unha copia para que o entregue en que corresponda para o recoñecemento da súa petición de xubilación.

Se á finalización do contrato de substitución, este transformácese en indefinido poderá acollerse aos incentivos de bonificación.

**Contatos de substitución por xubilación aos 64 anos.
Por sexos, idade e provincias. Galicia 2011**

■ Cadro 7.20

	Homes					Mulleres					Total
	< 25	25-29	30-39	40-44	≥ 45	< 25	25-29	30-39	40-44	≥ 45	
A Coruña	3	7	18	3	7	0	4	13	6	16	77
Lugo	0	0	0	0	0	1	0	3	0	0	4
Ourense	1	0	1	0	1	0	1	0	0	2	6
Pontevedra	0	1	4	1	0	0	1	5	2	1	15
Galicia	4	8	23	4	8	1	6	21	8	19	102

Fonte: SEPE. Estatística de Contratos Rexistrados. Decembro 2011.

No 2011 en Galicia só realizáronse 102 contratos (2.327 en España) desta modalidade, o que supón un 0,02% do total. Deles o 46,98% realizáronse a homes e o 53,92% a mulleres. No colectivo masculino realizáronse mais contratos nos tramos de 30-39 (48,94%) e no de 25 a 29 anos (17,02%) e no feminino no tramo 30-39 anos (38,18%) e no grupo de maiores de 45 anos (34,54%).

Segundo a actividade económica, 83 contratos realizáronse no sector servizos, 11 en industria e 8 en construción.

Centrándonos na duración, maioritariamente concertáronse por un período de 12 meses ,97,06%.

**Contratos de substitución por xubilación aos 64 anos.
Por duración e provincia. Galicia 2011**

■ **Cadro 7.21**

	Duración en meses				Total
	12 meses	>12 e >18 meses	>18 e >24 meses	> 24 meses	
A Coruña	75	2	0	0	77
Lugo	4	0	0	0	4
Ourense	5	0	0	0	5
Pontevedra	15	1	0	0	16
Galicia	99	3	0	0	102

Fonte: SEPE. Estatística de Contratos Rexistrados. Decembro 2011.

■ Contrato de Relevo e Xubilación Parcial

É o que se concerta cun traballador desempregado que estivese contratado pola empresa cun contrato de duración determinada para substituír parcialmente un traballador da empresa que accede á xubilación parcial (Art. 12.6 ET)

A duración será indefinida ou igual ao tempo que lle falta ao traballador substituído para alcanzar a idade de xubilación (5 anos como máximo). Se chegado este momento o traballador xubilado parcial continuo en activo, o contrato de relevo que se celebre por duración determinada, poderá prorrogarse por períodos anuais, extinguíndose en todo caso ao finalizar o período correspondente ao ano en que se produza a xubilación total.

A xornada poderá ser completa ou parcial. En todo caso deberá ser como mínimo, igual á redución da xornada do traballador substituído, que deberá estar comprendida entre un 25% e un 85% cando sexa a xornada completa e duración indefinida, pola contra deberá estar comprendida entre o 25% e 75%. (Art. 12.6 ET).

O posto de traballo do traballador relevista poderá ser o mesmo do traballador substituído ou similar; e o horario poderá completar o do traballador substituído ou simultanearse con el.

Se durante a vixencia do contrato de relevo, que ha de celebrarse por escrito, se producise o cesamento do traballador contratado a empresa deberá substituílo no prazo de 15 días por outro traballador desempregado, ou que tivese concertado coa empresa un contrato de duración determinada.

Se o traballador xubilado parcialmente fose despedido improcedentemente e non se producise a súa readmisión, a empresa deberá substituílo por outro traballador desempregado ou ampliar a duración da xornada do traballador con contrato de relevo.

En caso de incumprimento, a empresa deberá aboar á Entidade Xestora o importe da prestación de xubilación parcial devengar dende o momento do cesamento ou despedimento improcedente.

A xubilación parcial do traballador substituído é aquela que se inicia despois do cumprimento dos 61 anos e ata o momento da xubilación total, que se simultanea cun contrato a tempo parcial e se atopa vinculada ao contrato de relevo. Para determinar a idade de xubilación tense en conta as bonificacións ou anticipacións de idade que correspondan.

A pensión de xubilación anticipada e parcial será compatible coa realización dun contrato a tempo parcial:

- Tería dereito a esta pensión o traballador, por conta allea, con polo menos 61 anos, que reúna as condicións xerais esixidas para causar pensión contributiva de xubilación conforme ás normas do réxime de la S.S de que se trate, agás a idade.
- O traballador solicitará a pensión de xubilación parcial ante ala Entidade Xestora, e o recoñecemento desta quedará condicionado á presentación dos correspondentes contratos a tempo parcial e de relevo. O dereito á pensión nace na mesma data en que os contratos entren en vigor.

O contrato de relevo extínguese ao cumprir o traballador relevado

A idade establecida para a súa xubilación, se o contrato asinado fose de carácter temporal. Se ao cumprir a idade de xubilación, o traballador continua na empresa, o contrato de relevo que se celebrou por duración determinada poderá prorrogarse mediante acordo das partes por períodos anuais, extinguíndose en todo caso, ao finalizar o período correspondente ao ano en que se produza a xubilación total de traballador relevado.

Se se trata dun contrato de relevo para substituír un traballador xubilado parcialmente despois de alcanzar a idade de xubilación, prorrogarase automaticamente por períodos anuais, extinguíndose en todo caso ao finalizar o período correspondente ao ano en que se produza a xubilación total.

■ Cadro 7.22

Contratos de relevo. Por sexos, idade e provincias. Galicia 2011

	Homes					Mulleres					Total
	<25	25-29	30-39	40-44	≥ 45	<25	25-29	30-39	40-44	≥ 45	
A Coruña	16	50	65	22	39	15	38	54	12	13	324
Lugo	7	16	11	7	9	2	9	8	2	2	73
Ourense	3	9	27	7	10	2	3	5	6	3	75
Pontevedra	36	128	197	25	32	14	63	100	14	6	615
Galicia	62	203	300	61	90	33	113	167	34	24	1.087

Fonte: SEPE. Estatística de Contratos Rexistrados. Decembro 2011.

Cadro 7.23

Contratos de relevo. Por duración e provincia. Galicia 2011

	Duración en meses										Total
	<= 7 días	>7 a <= 15 d	>15 a <= 1 mes	>1 a <= 3 mes	>3 a <= 6 mes	>6 a <= 12 mes	>12 a <= 18 mes	>18 a <= 24 mes	>24 meses	Indeterminada	
A Coruña	0	0	0	1	2	15	22	21	263	0	324
Lugo	0	0	1	2	1	7	4	5	53	0	73
Ourense	0	0	0	1	0	3	6	5	60	0	75
Pontevedra	0	0	0	3	9	25	21	29	528	0	615
Galicia	0	0	1	7	12	50	53	60	904	0	1.087

Fonte: SEPE. Estatística de Contratos Rexistrados. Decembro 2011.

Contratos de relevo. Por sexo, tipo de xornada e provincia. Galicia 2011

Cadro 7.24

	Homes			Mulleres			Total		
	Total	Parcial	Completa	Total	Parcial	Completa	Total	Parcial	Completa
A Coruña	192	31	161	132	59	73	324	90	234
Lugo	50	6	44	23	7	16	73	13	60
Ourense	56	8	48	19	9	10	75	17	58
Pontevedra	418	223	195	197	129	68	615	352	263
Galicia	716	268	448	371	204	167	1.087	472	615

Fonte: SEPE. Estatística de Contratos Rexistrados. Decembro 2011.

No ano 2011 asináronse en Galicia 1.087 contratos de relevo, o que representan soamente un 0,17% dos contratos iniciais (0,14% en España).

Segundo a actividade económica foi utilizado no sector da agricultura en 14 ocasións, na industria un 0,97%, na construción un 0,12% e no sector servizos un 0,09%.

Por sexo e idade, o 65,87% celebráronse con homes e entre eles o colectivo de 30 a 39 anos, supuxo un 41,90%. No grupo de mulleres concertáronse o 34,13% dos contratos de relevo, e tamén é o tramo de 30 a 39 anos o que ten maior representación cun 45,01%.

Segundo a duración o 83,16% fórono por un período superior a 24 meses, e segundo a xornada o 56,58% foi a total e o 43,42% a tempo parcial, experimentando un forte incremento.

Segundo a tendencia doutros contratos, a parcialidade foi maior nas mulleres, representando un 54,99%, mentres que nos homes solo supuxo un 37,43%

Contratos por xubilación parcial. Por sexo, idade e provincia. Galicia 2011

Cadro 7.25

	Homes					Mulleres					Total
	< 25	25-29	30-39	40-44	>= 45	< 25	25-29	30-39	40-44	>= 45	
A Coruña	0	0	0	0	410	0	0	0	0	120	530
Lugo	0	0	0	0	140	0	0	0	0	17	157
Ourense	0	0	0	0	86	0	0	0	0	36	122
Pontevedra	0	0	0	0	638	0	0	0	0	111	749
Galicia	0	0	0	0	1.274	0	0	0	0	284	1.558

Fonte: SEPE. Estatística de Contratos Rexistrados. Decembro 2011.

Cadro 7.26
Contratos por xubilación parcial. Por duración e provincia. Galicia 2011

	Duración en meses										Total
	<= 7 días	>7 a <= 15 d	>15 a <= 1 mes	>1 a <= 3 mes	>3 a <= 6 mes	>6 a <= 12 mes	>12 a <= 18 mes	>18 a <= 24 mes	>24 meses	Indeterminada	
A Coruña	2	0	0	0	1	5	13	16	468	25	530
Lugo	0	0	0	1	0	5	0	8	139	4	157
Ourense	0	0	0	0	1	1	3	4	101	12	122
Pontevedra	3	0	0	0	0	8	11	19	677	31	749
Galicia	5	0	0	1	2	19	27	47	1.385	72	1.558

Fonte: SEPE. Estatística de Contratos Rexistrados. Decembro 2011.

Contratos de xubilación parcial concertáronse 1.558 en Galicia no 2011 (1.346 en 2010) representando un 0,24% dos contratos iniciais (0,20 en España). Del total un 81,77% concertouse con homes e só un 18,23% con mulleres. Esta diferenza esta explicada co atraso da muller no acceso ao mercado laboral e polo tanto tamén en acceder ás pensións de xubilación, diferenzas que xa ha comezando a diminuír. Tanto nun grupo coma noutro o 100% concertouse con maiores de 45 anos.

Ao igual que no contrato anterior, un 88,90% se celebrou por un tempo superior a 24 meses.

Segundo a actividade económica foi utilizado no sector da agricultura en 7 ocasións, na industria un 1,46%, na construción un 0,23% e no sector servizos un 0,12%.

7.2.8 Contratos non contemplados anteriormente

Neste grupo inclúense contratos de modalidades non especificadas anteriormente e/ou pertencentes a réximes especiais de contratación tales como: artistas, servizo domestico, mercantís, contrato de traballo a domicilio, de grupo.

Estas contratacións son pouco representativas supoñen un 3,62% dos contratos iniciais, e son os de duración igual ou inferior a 7 días (85,13%) os mais celebrados.

Cadro 7.27
Outros contratos non contemplados anteriormente. Por sexo, idade e provincia. Galicia 2011

	Homes					Mulleres					Total
	< 25	25-29	30-39	40-44	>= 45	< 25	25-29	30-39	40-44	>= 45	
A Coruña	133	202	1.025	343	885	74	217	260	85	212	3.436
Lugo	91	147	751	212	693	107	368	293	140	170	2.972
Ourense	33	55	275	82	398	12	47	37	22	26	987
Pontevedra	269	446	2.066	1.032	3.604	267	318	815	276	306	9.399
Galicia	526	850	4.117	1.669	5.580	460	950	1.405	523	714	16.794

Fonte: SEPE. Estatística de Contratos Rexistrados. Decembro 2011.

■ Cadro 7.28

Outros contratos non contemplados anteriormente. Por duración e provincia. Galicia 2011

	Duración en meses										Total
	≤ 7 días	>7 a ≤ 15 d	>15 a ≤ 1 mes	>1 a ≤ 3 mes	>3 a ≤ 6 mes	>6 a ≤ 12 mes	>12 a ≤ 18 mes	>18 a ≤ 24 mes	>24 meses	Indeterminada	
A Coruña	2.804	14	14	38	170	42	5	3	8	338	3.436
Lugo	2.037	1	3	9	10	28	2	1	0	881	2.972
Ourense	876	1	0	0	8	2	1	0	0	99	987
Pontevedra	8.580	6	4	10	140	85	1	6	15	552	9.399
Galicia	14.297	22	21	57	328	157	9	10	23	1.870	16.794

Fonte: SEPE. Estatística de Contratos Rexistrados. Decembro 2011.

**Outros contratos non contemplados anteriormente.
Por sexo, tipo de xornada e provincia. Galicia 2011**

■ Cadro 7.29

	Homes			Mulleres			Total		
	Total	Parcial	Completa	Total	Parcial	Completa	Total	Parcial	Completa
A Coruña	2.588	0	2.588	848	0	848	3.436	0	3.436
Lugo	1.894	2	1.892	1.078	0	1.078	2.972	2	2.970
Ourense	843	0	843	144	0	144	987	0	987
Pontevedra	7.417	0	7.417	1.982	0	1.982	9.399	0	9.399
Galicia	12.742	2	12.740	4.052	0	4.052	16.794	2	16.792

Fonte: SEPE. Estatística de Contratos Rexistrados. Decembro 2011.

Mención aparte daremos aos contratos temporais de persoas con minusvalidez, que son aqueles cunha duración entre 12 meses e 3 anos, con xornada completa ou parcial, para traballadores minusválidos.

Estes contratos supuxeron no 2011, 913 contratos (0,14%) deles o 57,72% celebráronse con homes e o 42,28% con mulleres, deixando novamente, ver a menor integración da muller no mercado laboral, mesmo cando existe algunha minusvalidez, pero cunha evolución positiva con respecto ao ano anterior.

Segundo a actividade económica foi utilizado no sector da agricultura nun 0,29%, na industria un 0,07%, na construción un 0,21% e no sector servizos un 3,17%.

O tramo de idade no que máis contratos se asinan foi o de 30-39 anos, tanto en homes (32,26%), coma en mulleres (30,57%).

Tomando en conta a duración, foron os de 12 meses os que representaron o 97,81% das celebracións e a xornada completa o 59,26%, aínda que no colectivo feminino (segúndoa tendencia da maioría dos contratos) só supuxo o 45,60% mentres que no masculino chegou ao 69,26%


Contratos temporais de minusválidos. Por sexo, idade e provincia. Galicia 2011

■ Cadro 7.30

	Homes					Mulleres					Total
	< 25	25-29	30-39	40-44	≥ 45	< 25	25-29	30-39	40-44	≥ 45	
A Coruña	10	16	70	41	58	7	27	44	32	48	353
Lugo	6	3	16	18	18	2	3	9	6	11	92
Ourense	4	7	19	12	23	5	4	13	7	9	103
Pontevedra	12	27	65	37	65	14	23	52	22	48	365
Galicia	32	53	170	108	164	28	57	118	67	116	913

Fonte: SEPE. Estatística de Contratos Rexistrados. Decembro 2011.

Distribución por grupos de idade en ambos sexos



Contratos temporais de persoas con discapacidade. Por duración e provincias. Galicia 2011

■ Cadro 7.31

	Duración en meses				Total
	= 12	> 12 a ≤ 18	> 18 a ≤ 24	> 24	
A Coruña	344	8	0	1	353
Lugo	92	0	0	0	92
Ourense	99	2	1	1	103
Pontevedra	358	5	1	1	365
Galicia	893	15	2	3	913

Fonte: SEPE. Estatística de Contratos Rexistrados. Decembro 2011.

Contratos temporais de persoas con discapacidade. Segundo sexo, tipo de xornada e provincias. Galicia 2011

■ Cadro 7.32

	Homes			Mulleres			Total		
	Total	Parcial	Completa	Total	Parcial	Completa	Total	Parcial	Completa
A Coruña	195	57	138	158	90	68	353	147	206
Lugo	61	32	29	31	19	12	92	51	41
Ourense	65	14	51	38	19	19	103	33	70
Pontevedra	206	59	147	159	82	77	365	141	224
Galicia	527	162	365	386	210	176	913	372	541

Fonte: SEPE. Estatística de Contratos Rexistrados. Decembro 2011

7.2.9 Contratos Indefinidos Ordinarios (bonificados e non bonificados)

O contrato indefinido é aquel que se concerta sen establecer límites de tempo na prestación dos servizos, en canto á duración do contrato

A súa formalización pode ser verbal ou escrita, salvo os acollidos ao programa de fomento da contratación indefinida, minusválidos, a tempo parcial... etc. En todo caso calquera das partes pode pedir que se formalice por escrito, mesmo durante o transcurso da relación laboral.

En 2011 concertáronse en Galicia 21.231 contratos desta modalidade (23.015 en 2010). Só representan un 3,28% dos contratos iniciais (3,90% en España) e con tendencia a diminuír neste ano.

Segundo a actividade económica foi utilizado no sector da agricultura nun 15,09%, na industria un 4,10%, na construción un 5,50% e no sector servizos un 2,53%.

Esta contratación concertouse no sector masculino nun 62,62% do total, fronte a un 37,38% en mulleres. En ambos os dous grupo, é o intervalo de idade de 30-39 anos, onde máis contratos indefinidos se asinan cun 37,27% en homes e un 38,87% nas mulleres.

No caso dos homes o resto dos intervalos de idade representan un 23,54% para >O IGUAL 45 anos, 15,16% para o grupo de 25-29 anos, 10,11% para < de 25 e 13,96% para o grupo de 40-44 anos.

Para o colectivo feminino as contratacións celebradas no intervalo de 25-29 anos supuxeron un 18,38%, un 14,84% para os <25, un 16,47% para os > ou igual 45 e un 12,47% para o intervalo entre 40 e 44 anos.

As porcentaxes segundo o tipo de xornada reflexa un 61,47% a xornada completa, un 23,94% a tempo parcial e un 14,58% de fixos discontinuos. Estes datos modifícanse se introducimos a variable sexo, habendo no colectivo masculino un 67,97% de contratos a xornada completa, un 15,59% a parcial e un 16,43% de fixos discontinuos, e no das mulleres un 50,58% a xornada completa, un 37,93% a tempo parcial e un 11,49% de fixos discontinuos. Novamente vense moi afectados os datos da xornada a tempo parcial cando introducimos a variable sexo, en detrimento do colectivo feminino.

Contratos indefinidos ordinarios. Por sexos, idade e provincias. Galicia. 2011

■ Cadro 7.33

	Homes					Mulleres					Total
	< 25	25-29	30-39	40-44	≥ 45	< 25	25-29	30-39	40-44	≥ 45	
A Coruña	531	872	2.043	747	1.195	531	701	1.323	417	540	8.900
Lugo	204	379	979	372	672	142	155	334	126	156	3.519
Ourense	116	154	380	129	211	125	147	272	105	148	1.787
Pontevedra	493	605	1.553	608	1.052	380	456	1.073	342	463	7.025
Galicia	1.344	2.010	4.955	1.856	3.130	1.178	1.459	3.002	990	1.307	21.231

Fonte: SEPE. Estatística de Contratos Rexistrados. Decembro 2011.

■ Cadro 7.34

Contratos indefinidos ordinarios. Por sexo, tipo de xornada e provincias. Galicia. 2011

	Homes				Mulleres				Total			
	Total	Parcial	Completa	Fixos descontínuos	Total	Parcial	Completa	Fixos descontínuos	Total	Parcial	Completa	Fixos descontínuos
A Coruña	5.388	941	3.753	694	3.512	1.347	1.783	382	8.900	2.288	5.536	1.076
Lugo	2.606	198	1.332	1.076	913	330	524	59	3.519	528	1.856	1.135
Ourense	1.000	222	762	16	797	295	437	65	1.787	517	1.189	81
Pontevedra	4.311	712	3.200	399	2.714	1.038	1.270	406	7.025	1.750	4.470	805
Galicia	13.305	2.073	9.047	2.185	13.902	3.010	4.014	912	21.231	5.083	13.051	3.097

Fonte: SEPE. Estatística de Contratos Rexistrados. Decembro 2011.

7.2.10 Contratos Indefinidos para o Fomento da Contratación Indefinida

Estes contratos teñen como finalidade a colocación estable de traballadores desempregados e de empregados suxeitos a contratos temporais (Lei 12/2.001, Lei 43/2006, Real Decreto-Lei 10/2010 e Lei 35/2010).

Os colectivos de traballadores que poden ser obxecto deste tipo de contratos son:

a) Traballadores desempregados inscritos na Oficina de Emprego que pertencen a algún destes colectivos:

- 1- Novos de 16 a 30 anos de idade ambos os dous incluídos.
- 2- Mulleres desempregadas cando se contraten para prestar servizos en profesións ou ocupacións con menor índice de emprego, mulleres que nos dous anos inmediatamente posteriores ao parto ou da adopción ou acollemento de menores, mulleres desempregadas que se reincorporen ao mercado de traballo tras un período de inactividade laboral de cinco anos, mulleres desempregadas vítimas de violencia de xénero e de trata de seres humanos.
- 3- Maiores de 45 anos.
- 4- Desempregados que leven, polo menos, un meses, inscritos ininterrompidamente como demandantes de emprego.
- 5- Persoas con minusvalidez.
- 6- Desempregados que durante os dous anos anteriores, estivesen contratados exclusivamente mediante contratos temporais, incluídos os formativos.
- 7- Desempregados aos que durante os dous anos anteriores, se lles extingue o contrato indefinido ou nunha empresa diferente.

b) Traballadores que na data de celebración do novo contrato de fomento da contratación indefinida, estivesen empregados na mesma empresa mediante un contrato de duración determinada ou temporal, incluídos os formativos, celebrados con anterioridade ao 18 de xuño de 2010, aos que se lles transforme o devandito contrato nun contrato de fomento da contratación indefinida con anterioridade ao 31 de decembro de 2010.

c) Traballadores que estivesen empregados na mesma empresa mediante un contrato de duración determinada ou temporal, incluídos os formativos, celebrados a partir 18 de xuño de 2010. Estes contratos poden ser transformados en contratos de fomento da contratación indefinida con anterioridade ao 31 de decem-

bro de 2011 sempre que a súa duración non excedera de seis meses. Esta duración máxima non será de aplicación aos contratos formativos.

O contrato concertarase por tempo indefinido no seu caso e formalizarase por escrito, segundo modelo oficial e a tempo completo ou parcial.

A empresa, que nos seis meses anteriores á contratación, realizase extincións de contrato de traballo por causas obxectivas declaradas improcedentes por sentenza xudicial ou procedesen a un despedimento colectivo, non poderán celebrar contratos para o fomento da contratación indefinida.

Nos dous supostos anteriores, a limitación afectaría unicamente á cobertura daqueles postos de traballo da mesma categoría ou grupo profesional que os afectados polo despedimento ou extinción e para o mesmo centro ou centros de traballo.

Non se terá en conta esta limitación cando as extincións de contratos se produzan con anterioridade ao 18 de xuño de 2010, nin nos supostos de despedimento colectivo, cando a realización destes contratos de fomento da contratación indefinida sexa acordada cos representantes dos traballadores no período de consultas previsto en Emprego.

O réxime xurídico do contrato e os dereitos e obrigas que del se deriven, rexeranse, con carácter xeral, polo disposto na lei e nos convenios colectivos para os contratos por tempo indefinido.

Cando o contrato se extinga por causas obxectivas e a extinción sexa declarada improcedente, a contía da indemnización será de 33 días de salario por ano de servizo, rateadas por meses os períodos de tempo inferior a un ano e ata un máximo de 24 mensualidades.

En caso de conversión dun contrato temporal en contrato de fomento da contratación indefinida non se poderá pactar un período de proba, sempre que se trate das mesmas funcións

Os contratos indefinidos de fomento da contratación indefinida supuxeron en 2011, 6.767 contratos (2010: 8.964) o que representa 2.197 contratos menos que o ano anterior, sendo un 1,05% dos contratos iniciais (0,70% en España).

Segundo a actividade económica foi utilizado no sector da agricultura nun 1,41%, na industria un 1,39%, na construción un 0,98% e no sector servizos un 1%.

Esta era unha das poucas modalidades de contratación onde a porcentaxe feminina supera ao masculino, esta modalidade contractual representou o 52,77% de contratación feminina (51,76% en 2010) fronte ao 47,23% de masculina (48,24 en 2010).

Se tomamos como referencia o elemento idade observamos que no colectivo de homes o tramo de idade con maior representación é o de superior ou igual 45 anos (28,97%). O tramo de <25 un 18,35%, o de 25 -29 supuxo un 22,83%, o de 30-39 un 23,27% e o grupo de 40-44 anos só un 6,57%.

No grupo de mulleres a maior porcentaxe alcánzoo o grupo de 25 a 29 anos cun 27,17%, seguido de menores de 25 anos con 21,94%, o de > ou igual de 45 cun 23,64%, o grupo de 30-39 representou o 20,88% e o colectivo de 40-44 anos só representou un 5,77%.

As porcentaxes por tipo de xornada reflicten un 67,21% para a xornada completa, un 26,50% para a parcial e solo un 6,30% para a modalidade de fixo discontinuo.

Estes datos vense alterados se introducimos a variable sexo. No colectivo feminino concertáronse un 56,43% de contratos a xornada completa, un 34,79% a parcial e un 8,78% de contratos fixos discontinuos. No colectivo masculino os rexistros de contratos reflicten unha porcentaxe de 79,25% para a xornada completa, un 17,22% para a parcial e un 3,52% para os fixos discontinuos.


**Contratos indefinidos de fomento da contratación indefinida.
Por sexos, idade e provincias. Galicia 2011**

■ Cadro 7.35

	Homes					Mulleres					Total
	< 25	25-29	30-39	40-44	≥ 45	< 25	25-29	30-39	40-44	≥ 45	
A Coruña	225	286	314	72	347	301	464	317	79	291	2.696
Lugo	121	124	111	31	121	120	120	75	22	101	946
Ourense	83	95	66	26	101	107	112	75	27	109	801
Pontevedra	160	228	256	82	361	259	300	282	79	347	2.354
Galicia	589	733	747	211	930	787	996	749	207	848	6.797

Fonte: SEPE. Estatística de Contratos Rexistrados. Decembro 2011.

Distribución por grupos de idade en ambos sexos



■ Cadro 7.36

**Contratos indefinidos de fomento da contratación indefinida.
Por sexo, tipo de xornada e provincia. Galicia 2011**

	Homes				Mulleres				Total			
	Total	Parcial	Completa	Fixos discontinuos	Total	Parcial	Completa	Fixos discontinuos	Total	Parcial	Completa	Fixos discontinuos
A Coruña	1.244	236	971	37	1.452	520	843	89	2.696	756	1.814	126
Lugo	508	91	403	14	438	141	288	9	946	232	691	23
Ourense	371	66	292	13	430	137	269	24	801	203	561	37
Pontevedra	1.087	160	878	49	1.267	450	624	193	2.354	610	1.502	242
Galicia	3.210	553	2.544	113	3.587	1.248	2.024	315	6.797	1.801	4.568	428

Fonte: SEPE. Estatística de Contratos Rexistrados. Decembro 2011.

7.2.11 Contratos convertidos en indefinidos. (Lei 43/2006 e Lei 35/10)

No 2011 realizáronse 25.163 conversións en indefinidos de contratos temporais (2010: 27.552), o que supón 2.389 conversións menos que o ano anterior e representa un 3,75% do total das contratacións celebradas.

A maior porcentaxe de conversións en indefinidos realizouse nos contratos eventuais de circunstancias de produción cun 66,36%. Os de obra ou servizo chegaron a un 23,33%, os de interinidade 2,96%, os de relevo un 2,92% e os de prácticas un 2,70%, e o resto (substitución, temporal de persoa con minusvalidez) non alcanzaron porcentaxes significativas.

Contratos convertidos en indefinidos. Por tipo de contrato e provincias. Ambos os dous sexos. Galicia 2011

■ Cadro 7.37

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
Obra ou servizo	2.734	608	534	1.994	5.870
Eventual circ. produción	7.183	2.204	1.615	5.696	16.698
Interinidade	372	76	75	223	746
Temporal discapacitados	80	18	29	72	199
Substitución xub. 64 anos	15	0	0	6	21
Prácticas	328	59	52	241	680
Relevo	187	64	35	449	735
Formación	85	26	27	63	201
Outros	11	0	0	2	13
Total	10.995	3.055	2.367	8.746	25.163

Fonte: SEPE. Estatística de Contratos Rexistrados. Decembro 2011.

Contratos convertidos en indefinidos. Por tipo de contrato e provincias. Homes. Galicia 2011

■ Cadro 7.38

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
Obra ou servizo	1.456	373	294	1.138	3.261
Eventual circ. produción	3.519	1.092	795	2.882	8.288
Interinidade	112	30	29	83	254
Temporal minusválidos	52	14	23	36	125
Substitución xub. 64 anos	12	0	0	4	16
Prácticas	130	26	25	102	283
Relevo	124	47	27	305	503
Formación	58	18	18	35	129
Outros	8	0	0	1	9
Total	5.471	1.600	1.211	4.586	12.868

Fonte: SEPE. Estatística de Contratos Rexistrados. Decembro 2011.

**Contratos convertidos en indefinidos. Por tipo de contrato e provincias.
Mulleres. Galicia 2011**

■ Cadro 7.39

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
Obra ou servizo	1.278	235	240	856	2.609
Eventual circ. produción	3.664	1.112	820	2.814	8.410
Interinidade	260	46	46	140	492
Temporal minusválidos	28	4	6	36	74
Substitución xub. 64 anos	3	0	0	2	5
Prácticas	198	33	27	139	397
Relevo	63	17	8	144	232
Formación	27	8	9	28	72
Outros	3	0	0	1	4
Total	5.524	1.455	1.156	4.160	12.295

Fonte: SEPE. Estatística de Contratos Rexistrados. Decembro 2011.

Se incluímos a variable sexo, apreciamos que no colectivo de homes a maior conversión de contratos temporais en indefinidos, produciuse no contrato eventual por circunstancias da produción cun 64,41%, seguido do de obra 25,34%.

As conversións e indefinidos supuxeron un 51,14% do total, no grupo de homes.

No colectivo feminino, as conversións representaron un 49,11% do total e por modalidades, o 68.40% das conversións foron de contratos eventuais e o 21,22% de obra.

■ Cadro 7.40

Contratos convertidos en indefinidos. Por sexo, tipo de xornada e provincia. Galicia 2011

	Homes				Mulleres				Total			
	Total	Parcial	Completa	Fixos discontinuos	Total	Parcial	Completa	Fixos discontinuos	Total	Parcial	Completa	Fixos discontinuos
A Coruña	5.471	924	4.481	66	5.524	2.319	3.068	137	10.995	3.243	7.549	203
Lugo	1.600	192	1.395	13	1.455	446	978	31	3.055	638	2.373	44
Ourense	1.211	153	1.011	47	1.156	419	703	34	2.367	572	1.714	81
Pontevedra	4.586	887	3.658	41	4.160	1.698	2.259	203	8.746	2.585	5.917	244
Galicia	12.868	2.156	10.545	167	12.295	4.882	7.008	405	25.163	7.038	17.553	572

Fonte: SEPE. Estatística de Contratos Rexistrados. Decembro 2011.

■ Cadro 7.41

Contratos convertidos en indefinidos. Por duración e provincia. Galicia 2011

	Duración en meses								Total
	<3 meses	>3 a <= 6 meses	>6 a <= 12 meses	>12 a <= 18 meses	>18 a <= 24 meses	>24 a <= 30 meses	>30 a <= 36 meses	>36 meses	
A Coruña	984	2.221	5.372	349	582	254	351	882	10.995
Lugo	258	595	1.618	67	111	53	105	248	3.055
Ourense	225	525	1.233	67	98	41	56	122	2.367
Pontevedra	824	1.866	3.994	251	415	204	253	939	8.746
Galicia	2.291	5.207	12.217	734	1.206	552	765	2.191	25.163

Fonte: SEPE. Estatística de Contratos Rexistrados. Decembro 2011.

As conversións en indefinidos, segundo sexos son un reflexo das contratacións iniciais. Así os contratos por interinidade cunha maior porcentaxe feminina, supoñen tamén maior número de conversións en mulleres.

7.2.12 Contratos temporal de fomento do emprego para persoas con minusvalidez. (Lei 46/06 Dis.Adic 1ª)

As persoas con minusvalidez deberán ter recoñecido un grao mínimo de minusvalidez igual ou superior o 33% ou ser pensionista da S.S. cunha pensión permanente en grao de total, absoluta ou grande invalidez ou ser pensionista de clases pasivas que teñan recoñecida unha pensión de xubilación ou de retiro por incapacidade permanente.

A duración do contrato é de mínimo de 12 meses e máximo de tres anos. Cando se concerte por un período inferior poderase prorrogar por períodos non inferiores a 12 meses.

A xornada pode ser a tempo completa ou parcial.

Foron 451 os contratos concertados a persoas con minusvalidez, dos que 61,42% celebráronse con homes e 38,58% con mulleres, sendo os homes maiores de 45 anos os máis contratados (39,71%), seguidos da franxa de idade entre 30 e 39 anos (30,32%), mentres que as mulleres foron máis contratadas entre os 30-39 anos (36,78%), seguidas das maiores de 45 anos (35,63%).

A xornada completa supuxo o 72,50%, a xornada parcial o 25,50% e os fixos descontinuos o 1,99%. Se engadimos a variable sexo, incrementáanse os contratos parciais no grupo feminino, chegando ao 37,35%.

■ **Cadro 7.42** Contratos de persoas con discapacidade. Por sexo, tipo de xornada e provincia. Galicia 2011

	Homes				Mulleres				Total			
	Total	Parcial	Completa	Fixos descontinuos	Total	Parcial	Completa	Fixos descontinuos	Total	Parcial	Completa	Fixos descontinuos
A Coruña	113	23	86	4	75	39	34	2	188	62	120	6
Lugo	29	9	20	0	27	10	17	0	56	19	37	0
Ourense	27	0	27	0	10	2	8	0	37	2	35	0
Pontevedra	108	18	89	1	62	14	46	2	170	32	135	3
Galicia	277	50	222	5	174	65	105	4	451	115	327	9


Fonte: SEPE. Estatística de Contratos Rexistrados. Decembro 2011.

■ **Cadro 7.43** Contratos de persoas con discapacidade. Por sexos, idade e provincias. Galicia 2011

	Homes					Mulleres					Total
	< 25	25-29	30-39	40-44	≥ 45	< 25	25-29	30-39	40-44	≥ 45	
A Coruña	7	14	38	22	32	2	7	26	12	28	188
Lugo	1	0	5	8	15	1	3	12	5	6	56
Ourense	0	1	9	4	13	2	1	2	1	4	37
Pontevedra	5	9	32	12	50	2	4	24	8	24	170
Galicia	13	24	84	46	110	7	15	64	26	62	451

Fonte: SEPE. Estatística de Contratos Rexistrados. Decembro 2011.

Distribución por grupos de idade en ambos sexos



7.2.13 Contratacións a colectivos especiais

Neste epígrafe recóllense as contratacións efectuadas a:

- Persoas con minusvalidez.
- Traballadores en risco de exclusión social.
- Contratacións a persoas con minusvalidez na CEE.
- Contratacións en proxectos de investigación.
- Contratacións en prácticas para investigadores.

I- Os contratos realizados a persoas con minusvalidez ao longo do 2011 foron de 2.850, sendo o contrato temporal a persoas con minusvalidez o máis utilizado co 32,03%, seguido do indefinido para persoas con minusvalidez (15,82%) e do eventual por circunstancias da produción (14,91%). As contratacións deste colectivo en la CEE alcanzaron os 1.377 contratos dos cales o 30,86% foron eventuais, o 25,63% de obra, o 20,41% de interinidade e o 9,44% temporal persoas con minusvalidez.

Contratacións a discapacitados. Por tipo de contrato e provincias. Galicia 2011

■ Cadro 7.44

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
indefi. ordinario(boni./no boni)	9	0	0	1	10
Indefinido fomento da contratación indef.	24	3	25	6	58
Persoas con discapacidad	188	56	37	170	451
Obra ou servizo	217	32	30	74	353
Eventual circ. produción	249	4	116	56	425
Interinidade	169	17	32	130	348
Temporal pers. Discapacitadas	353	92	103	365	913
Prácticas	0	0	0	1	1
Formación	4	1	1	3	9
Outros contratos	5	0	0	0	5
Convertidos en indefinidos	127	19	45	86	277
Total	1.345	224	389	892	2.850

Fonte: SEPE. Estadística de Contratos Rexistrados. Decembro 2011.

**Contratación a persoas con discapacidade en CEE.
Por tipo de contrato e provincias. Galicia 2011**

■ Cadro 7.45

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
Indefi. Ordinarios (boni/no boni)	9	0	0	1	10
Indefinido fomento contratación indef.	23	1	25	1	50
Obra ou servizo	217	32	30	74	353
Eventual circ. produción	249	4	116	56	425
Interinidade	150	9	25	97	281
Temporal discapacitados	58	8	23	41	130
Prácticas	0	0	0	1	1
Formación	0	0	0	2	2
Outros contratos	65	2	25	33	125
Total	771	56	244	306	1.377

Fonte: SEPE. Estatística de Contratos Rexistrados. Decembro 2011.

2- Contrato temporal para **traballadores desempregados en situación de exclusión social** ten por obxecto fomentar a contratación dos traballadores desempregados na devandita situación.

A situación de exclusión social acreditarase polos correspondentes servizos sociais e pola pertenza a algún dos seguintes colectivos:

- Perceptores de rendas mínimas de inserción ou calquera outra prestación de igual ou similar natureza segundo cada Comunidade Autónoma.
- Persoas que non poidan acceder ás prestacións anteriores por algunha das seguintes causas:
 - Falta de período esixido de residencia ou empadramento, ou para a constitución da unidade perceptora.
 - Esgotar o período máximo de percepción legalmente establecido.
 - Novos maiores de 18 anos e menores de 30, procedentes de institucións de protección de menores.
- Persoas con problemas de drogadicción ou alcoholismo que se atopen en proceso de rehabilitación ou inserción social.
- Internos de centros penitenciarios as situacións da cal lles permitan acceder a un emprego, así como liberados condicionais e ex reclusos.
- Menores internos incluídos no ámbito de aplicación da Lei Orgánica 5/02, reguladora de responsabilidade penal de menores, a situación da cal lles permita acceder a un emprego, así como os que se atopan en liberdade vixiada e ex internos.

A duración pode ser por tempo indefinido ou determinado, a xornada a tempo parcial ou completo e a formalización debe facerse por escrito.

As empresas ou entidades sen ánimo de lucro que contraten a este colectivo poderán aplicar unha bonificación da cota empresarial á S.S. por continxencias comúns do 65% por un máximo de 24 meses.

A empresa debe acharse o corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa S.S. tanto na data de concesión da axuda coma durante a súa percepción e non ser excluída do acceso aos beneficios derivados da aplicación dos programas de emprego pola comisión de infraccións moi graves non prescritas.

Os beneficios establecidos non poderán superar o 60% do custo salarial anual correspondente ao contrato que se bonifica en concorrencia con outras medidas de apoio público establecidas para a mesma finalidade.

O colectivo de traballadores contratados en risco de exclusión social só supuxeron 50 contratacións en toda a Comunidade Autónoma, e deles o 36% servíronse da modalidade eventual por circunstancias da produción, o 24% de obra ou servizo e o 22% fórono indefinidos de fomento de emprego.

**Contratacións a traballadores/as en risco de exclusión social.
Por tipo de contrato e provincias. Galicia 2011**

■ Cadro 7.46

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
indefi. Ordinario (boni/ no boni)	1	3	0	0	4
Indefinido fomento da contratación indef.	3	2	3	3	11
Obra ou servizo	2	1	2	7	12
Eventual circ. produción	9	1	1	7	18
Interinidade	1	0	1	0	2
Prácticas	0	0	0	0	0
Formación	2	0	0	0	2
Outros contratos	1	0	0	0	1
Total	19	7	7	17	50

Fonte: SEPE. Estatística de Contratos Rexistrados. Decembro 2011.

3- O contrato de traballo para a **realización dun proxecto de investigación** pode concertarse con persoal investigador, científico ou técnico. Estes contratos poderán realizalos organismos públicos de investigación, institucións sen ánimo de lucro e as Universidades públicas e rexeranse polo establecido na normativa do contrato de obra ou servizo determinado. (Art. 12 e 15 do E.T.).


No ano 2011 concertáronse 1.675 contratos. O 50,81% das contratacións leváronse a cabo con homes e o 49,19% con mulleres e os tramos de idade onde houbo maior incidencia foron o de 25-29 anos (46,53% en home e 45,75% en mulleres) e o de 30-39 (40,89% en homes e 37,38% en mulleres).

Contratacións en proxectos de investigación. Por sexos, idade e provincias. Galicia 2011

■ Cadro 7.47

	Homes					Mulleres					Total
	< 25	25-29	30-39	40-44	≥ 45	< 25	25-29	30-39	40-44	≥ 45	
A Coruña	39	171	181	10	14	57	204	154	19	15	864
Lugo	1	2	9	0	1	1	7	9	1	0	31
Ourense	5	21	15	1	0	1	21	7	0	0	71
Pontevedra	28	202	143	4	4	20	145	138	12	13	709
Galicia	73	396	348	15	19	79	377	308	32	28	1.675

Fonte: SEPE. Estatística de Contratos Rexistrados. Decembro 2011.

Distribución por grupos de idade en ambos sexos

4- O contrato en **prácticas para investigadores** require estar en posesión do título de Doutor; sen que sexa de aplicación o límite dos catro anos dende a obtención do título. Estes contratos poderán realizalos organismos públicos de investigación, institucións sen ánimo de lucro e as Universidades públicas e rexeranse polo establecido na normativa do contrato en prácticas. A súa duración non poderá ser inferior a un ano, nin exceder de cinco. (Art. 11 do E.T.).

Só realizáronse 59 contratos que reúnan estas características na Comunidade Autónoma de Galicia, 26 a homes e 33 a mulleres, principalmente no tramo de idade de 25-29 anos.

Contratacións en prácticas para investigadores/as. Por sexos, idade e provincias. Galicia. 2011

■ Cadro 7.48

	Homes					Mulleres					Total
	< 25	25-29	30-39	40-44	≥ 45	< 25	25-29	30-39	40-44	≥ 45	
A Coruña	1	20	3	0	0	0	23	7	0	0	54
Lugo	0	1	0	0	0	0	1	1	0	0	3
Ourense	0	0	1	0	0	0	0	0	0	0	1
Pontevedra	0	0	0	0	0	0	0	1	0	0	1
Galicia	1	21	4	0	0	0	24	9	0	0	59

Fonte: SEPE. Estatística de Contratos Rexistrados. Decembro 2011.

7.2.14 Adscripcións en colaboración social

O seu obxecto é a mellora da capacidade de ocupación dos traballadores desempregados a través de subvencións dos custos laborais para a contratación de traballadores desempregados para a execución de obras ou servizos de interese xeral e social no ámbito da colaboración coas Corporacións locais ou entidades dependentes ou vinculadas a unha Administración local.

As adscripcións temporais en colaboración social realizadas en Galicia ao longo do 2011 foron 303, das que o 66% concertáronse con homes e o 33,99% con mulleres.

O tramo de idade mais significativo foi o de >45 anos en ambos os dous sexos (73% no caso dos homes e 62,14% no das mulleres) e o sector de actividade económica onde se concentraron foi exclusivamente o de servizos.

Adscripcións temporais en colaboración social. Por sexos, idade e provincias. Galicia. 2011

■ Cadro 7.49

	Homes					Mulleres					Total
	< 25	25-29	30-39	40-44	≥ 45	< 25	25-29	30-39	40-44	≥ 45	
A Coruña	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
Lugo	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
Ourense	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
Pontevedra	2	1	36	15	146	3	1	23	12	64	303
Galicia	2	1	36	15	146	3	1	23	12	64	303

Fonte: SEPE. Estatística de Contratos Rexistrados. Decembro 2011.

■ Cadro 7.50

Adscripcións temporais en colaboración social. Por sexos, sectores de actividade económica e provincias. Galicia. 2011

	Homes				Mulleres				Total
	Agricultura	Industria	Construción	Servizos	Agricultura	Industria	Construción	Servizos	
A Coruña	0	0	0	0	0	0	0	0	0
Lugo	0	0	0	0	0	0	0	0	0
Ourense	0	0	0	0	0	0	0	0	0
Pontevedra	0	0	0	200	0	0	0	103	303
Galicia	0	0	0	200	0	0	0	103	303

Fonte: SEPE. Estatística de Contratos Rexistrados. Decembro 2011.

7.2.15 Prórrogas

As prórrogas a contratos en todo o 2011 alcanzaron as 79.476.

As prórrogas son, en boa medida, un reflexo dos contratos iniciais, así o maior número realizouse aos contratos eventuais por circunstancias da produción (85,69%), seguidas, a grande distancia, dos de obra ou servizo (5%) e aos contratos de formación (4,76%).

Prórrogas. Por tipo de contrato e provincias. Galicia 2011**■ Cadro 7.51**

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
Obra ou servizo	1.553	819	351	1.250	3.973
Eventual circ. produción	25.868	6.986	6.606	28.642	68.102
Interinidade	115	31	33	99	278
Temporal discapacitados	211	56	36	189	492
Relevo	0	2	2	7	11
Substitución xub. 64 anos	1	0	0	0	1
Xubilación parcial	6	3	1	7	17
Prácticas	1.276	223	177	879	2.555
Formación	1.362	539	447	1.434	3.782
Outros contratos	89	6	4	166	265
Total	30.481	8.665	7.657	32.673	79.476

Fonte: SEPE. Estatística de Contratos Rexistrados. Decembro 2011.

Se nos centramos na duración, o 49,18% realizáronse por 3 meses, o 34,55% por períodos de 3 a 6 meses e un 15,81% por períodos de 6 a 12 meses.

■ Cadro 7.52**Prórrogas. Por duración e provincia. Galicia. 2011**

	Duración en meses						Total
	<3 meses	>3 a <= 6 meses	>6 a <= 12 meses	>12 a <= 18 meses	>18 a <= 24 meses	>24 meses	
A Coruña	13.592	11.426	5.309	78	72	4	30.481
Lugo	3.780	3.291	1.549	41	4	0	8.665
Ourense	3.435	2.943	1.246	24	9	0	7.657
Pontevedra	18.281	9.797	4.465	94	32	4	32.673
Galicia	39.088	27.457	12.569	237	117	8	79.476

Fonte: SEPE. Estatística de Contratos Rexistrados. Decembro 2011.

Por sexos, a distribución é unha 48.75% realizadas a homes e un 51.25% a mulleres.


O tramo de idade onde maior número de prórrogas se rexistraron foi de 25 a 44 anos, tanto en homes (62,95%) como en mulleres (63,79%), seguido do colectivo de <25 anos (25,06% en home e 22,51% en mulleres).

■ Cadro 7.53**Prórrogas. Por sexos, idade, sector de actividade e provincias. Galicia. 2011**

	Homes			Mulleres			Sector de actividade				Total
	< 25	25-44	>= 45	< 25	25-44	>= 45	Agricultura	Industria	Construción	Servizos	
A Coruña	3.418	8.931	2.019	3.649	10.378	2.086	443	3.594	2.755	23.689	30.481
Lugo	1.043	2.554	766	958	2.694	650	261	805	544	7.055	8.665
Ourense	891	2.188	578	921	2.453	626	66	1.337	382	5.872	7.657
Pontevedra	3.580	10.715	2.059	3.641	10.461	2.217	276	4.719	2.068	25.610	32.673
Galicia	8.932	24.388	5.422	9.169	25.986	5.579	1.046	10.455	5.749	62.226	79.476

Fonte: SEPE. Estatística de Contratos Rexistrados. Decembro 2011.

Distribución por grupos de idade en ambos sexos



No sector servizos, foi onde maior número de prorrogas rexistráronse, alcanzando o 78,29%, seguido a grande distancia polo sector de industria co 13,15%.

7.3 Contratación a traballadores estranxeiros

Debido ao incremento de traballadores estranxeiros que exercen a súa actividade laboral en Galicia e en España, tanto de procedencia comunitaria como extracomunitaria, consideramos de interese reflectir a situación contractual deste colectivo.

■ Cadro 7.54

Contratos a estranxeiros segundo tipo de contrato e provincias. Galicia. Decembro 2011

	Total	Comunitarios				Extracomunitarios			
		Total	Indefinidos iniciais	Convertidos en indefinitos	Temporais	Total	Indefinidos iniciais	Convertidos en indefinitos	Temporais
A Coruña	17.737	4.913	460	264	4.189	12.824	803	618	11.403
Lugo	6.998	2.256	221	142	1.893	4.742	906	237	3.599
Ourense	4.457	2.101	143	147	1.811	2.356	155	111	2.090
Pontevedra	17.637	7.064	682	370	6.012	10.573	670	442	9.461
Galicia	46.829	16.334	1.506	923	13.905	30.495	2.534	1.408	26.553

Fonte: SEPE. Contratos rexistrados decembro 2011.

O total de contratos rexistrados de traballadores estranxeiros, tanto comunitarios como extracomunitarios, foi de 46.829 (2010: 55.465).

Os contratos concertados con traballadores comunitarios chegaron aos 16.334 (34,88%) e deles o 9,22% fórono baixo a modalidade de indefinidos, 5,65% conversións en indefinidos e 85,13% contratos temporais.

Os contratos rexistrados de traballadores non comunitarios alcanzaron os 30.495 (65,12%), sendo o 8,31% indefinidos, 4,62% conversións en indefinidos e o 87,07% temporais.

No total de España rexistráronse 2.781.180 contratos iniciais e conversións en indefinido, dos que 960.026 (34,52%) o foron con traballadores comunitarios e 1.821.154 (64,48%) a extracomunitarios.

■ Cadro 7.55

Contratos a extranxeiros/as segundo sexo, idade e sectores por provincias. Galicia. Decembro 2011

	Total	Homes			Mulleres			Sectores			
		< 25 anos	25 - 45 anos	> 45 anos	< 25 anos	25 - 45 anos	> 45 anos	Agricultura	Industria	Construción	Servizos
A Coruña	17.737	1.241	7.613	1.730	1.151	5.271	731	1.599	1.022	2.342	12.774
Lugo	6.998	614	3.218	694	522	1.671	279	1.566	359	732	4.341
Ourense	4.457	431	1.745	383	454	1.246	198	282	618	618	2.939
Pontevedra	17.637	1.541	8.049	2.194	1.141	3.956	756	1.594	1.311	2.935	11.797
Galicia	46.829	3.827	20.625	5.001	3.268	12.144	1.964	5.041	3.310	6.627	31.851

Fonte: SEPE Contratos rexistrados.

Se temos en conta a variable sexo, o 62,89% concertáronse con homes e o 37,11% con mulleres.

Por tramos de idade, é o grupo de entre 25-45 anos o máis numeroso co 70% no colectivo masculino e o 69,89% no feminino.

Segundo os sectores económicos, é o sector servizos o que concentra o maior número de contratos co 68,02%, seguido de construción (14,15%), industria (7,07%) e por último, agricultura (10,76%)

■ Conclusións da Contratación

1º De todo o exposto neste capítulo pódese concluír que tras varios anos co un incremento do número de contratos, en 2008, 2009, 2010 e 2011 vense reducidas as contratacións sendo en 2011 9.096 contratos menos, alcanzando os 671750 contratos rexistrados, dos cales 646.286 son de nova creación, 25.163 son conversións de contratos temporais xa existentes en indefinidos, é neste apartado onde se producen as maiores diferenzas e 303 son adscripcións de colaboración social.

2º Como no ano 2010, a modalidade de contrato eventual segue sendo a máis utilizada (42,11% dos contratos iniciais). En segundo lugar atópase o contrato de obra ou servizo determinado (35,81% dos contratos iniciais), que diminúe lixeiramente a súa representación con respecto ao 2010. Este tipo de contrato sumado ao anterior alcanzou un 77,92% da contratación do 2011.

3º Os contratos de prácticas son concertados de novo a maior número de mulleres (51,22%) que de homes.

4º O contrato de interinidade é un dos poucos que vai aumentada a súa representación, en 1.465 contratos máis.

5º Os contratos indefinidos ordinario (bonificados e non bonificados) seguen tendo unha moi baixa representación, porcentual cun 3,28% da contratación inicial.

Desagregación de contratos rexistrados de duración indefinida e conversións de temporais en indefinidos. Sobre o total de contratos. Por modalidades e provincias. Galicia 2011

■ Cadro 7.56

	Total contratos	Duración indefinida		Duración indefinida. Fomento da contratación	
		Subtotal	Indefinido ordinario	Contratos iniciais	Convertidos en indefinidos
A Coruña	282.451	22.591	8.900	2.696	10.995
Lugo	64.640	7.520	3.519	946	3.055
Ourense	56.541	4.955	1.787	801	2.367
Pontevedra	268.120	18.125	7.025	2.354	8.746
Galicia	671.752	53.191	21.231	6.797	25.163

Fonte: SEPE Contratos rexistrados.

Os contratos indefinidos de fomento do emprego baixan lixeiramente con respecto ao 2010, tanto en Galicia coma en España, representando o 1,05% dos contratos iniciais

A rotación dos asalariados galegos (número de contratos eventuais que, por termo medio, se concertan con cada asalariado temporal) alcanzou os 2,77 contratos no caso das mulleres e os 3,14 nos homes. A media en España foi de 3,20 no grupo de mulleres e de 3,75 no de homes.

■ Cadro 7.57

Rotación dos asalariados/as temporais. Galicia/España. 2010/2011

	Galicia				España			
	Homes		Mulleres		Homes		Mulleres	
	2010	2011	2010	2011	2010	2011	2010	2011
Contratos temporais	321.315	315.035	321.315	302.772	7.146.248	7.272.089	6.042.688	6.050.980
Asalariados/as Temporais	103,20	100,20	103,20	109,50	1.955,90	1.935,50	1.867,30	1.890,40
Rotación	3,11	3,14	3,11	2,77	3,65	3,75	3,24	3,20

Datos EPA en miles de persoas.

Elaboración propia.

Fonte: EPA SEPE Estatística de Contratos Rexistrados.

6º Aínda que mantense unha elevada porcentaxe de asalariados temporais, especialmente no colectivo feminino, vanse acurtando as distancias entre o grupo de homes e de mulleres. Para o ano 2011 é de destacar a redución da temporalidade no sector público no grupo de mulleres.

Asalariados/as sector público e privado. Por tipo de contrato e sexo. Galicia 2010/2011

■ Cadro 7.58

	Indefinido				Temporal			
	Homes		Mulleres		Homes		Mulleres	
	2010	2011	2010	2011	2010	2011	2010	2011
Asalariados/as Sector Público	82,5	82,7	70,8	73,2	17,5	17,3	29,2	26,8
Asalariados/as Sector Privado	76,5	76,3	72,2	72,6	23,5	23,7	27,8	27,4

En porcentaxe.
Elaboración propia.
Fonte: EPA.

Asalariados/as sector público e privado. Por tipo de contrato e sexo. España. 2010/2011

■ Cadro 7.59

	Indefinido				Temporal			
	Homes		Mulleres		Homes		Mulleres	
	2010	2011	2010	2011	2010	2011	2010	2011
Asalariados/as Sector Público	81,5	80,7	82,5	71,6	18,5	19,3	17,5	28,4
Asalariados/as Sector Privado	75,0	74,7	74,6	74,0	25,0	25,3	25,4	26,0

En porcentaxe.
Elaboración propia.
Fonte: EPA.

Durante o ano 2011 só un 37,38% (42,81% en 2010) dos contratos indefinidos concertáronse con mulleres e deles o 37,93% foino a tempo parcial.

7º Seguen existindo determinadas modalidades contractuais maioritariamente femininas como son o contrato de interinidade chegando no 2011 ao 72,76% de representación feminina ou os concertados a tempo parcial e outras maioritariamente masculinas como o contrato de relevo ou xubilación parcial. Por sectores de actividade, solo no sector servizos, a contratación das mulleres (55%) supera a dos homes.

Os contratos de fomento de emprego volven ser maioritariamente femininos (47,29% de homes e 52,71% de mulleres).

8º O maior porcentaxe de contratación levouse a cabo no grupo de idade entre 20 a 34 anos cun 54,67%. Os maiores de 45 anos que supuxeron o 18% da contratación, pero cunha tendencia alcista nos últimos anos.

7.4 Empresas de Traballo Temporal

Inclúense neste apartado as empresas de traballo temporal reguladas pola Lei 14/1994, de 1 de xuño que, realizando os contratos de posta a disposición, poden supoñer unha importante canalización da ocupación.

Sendo competencia da Comunidade Autónoma tanto a autorización como o rexistro, contabilízanse, ademais, todas aquelas empresas de traballo temporal que posúen centros de traballo en Galicia, e que son autorizadas polo Ministerio de Emprego e Seguridade Social, por ser o seu ámbito de actuación superior ao da Comunidade Autónoma.

Pódese ver no cadro 7.60 que das 25 empresas de traballo temporal que están autorizadas para traballar en Galicia en 2011, 19 o son de ámbito nacional, 3 de ámbito autonómico e 3 de ámbito provincial, ofrecendo unas cifras similares segundo o tamaño das provincias.

Empresas de traballo temporal, segundo ámbito territorial de actuación, por comunidade autónoma e provincia de ubicación.

■ Cadro 7.60

	Ámbito nacional	Ámbito autonómico	Ámbito provincial	Total
A Coruña	17	3	-	20
Lugo	7	1	-	8
Ourense	5	2	1	8
Pontevedra	14	2	2	18
Galicia	19	3	3	25

Datos a 31 de decembro 2011.

Fonte: Ministerio de Empleo e Seguridade Social. Avance anuario 2011.

O número de contratos de posta a disposición en Galicia durante 2011 ascende en total á cifra de 84.827, correspondendo o maior número aos correspondentes a contratos de obra ou servizo, que, unidos aos de circunstancias de produción supoñen mais do 92% do total.

■ Cadro 7.61

Contratos de posta a disposición, segundo supostos de utilización, por provincia de ubicación das empresas de traballo temporal. Galicia 2011

	Total	Obra ou servizo	Circunstancias de produción	Interinidade por reserva posto de traballo	Interinidade por proceso selección
A Coruña	30.844	16.092	13.254	1.424	74
Lugo	6.212	2.099	3.064	1.027	22
Ourense	5.766	3.223	2.191	345	7
Pontevedra	42.005	18.574	19.551	3.570	310
Galicia	84.827	39.988	38.060	6.366	413

Fonte: Ministerio de Empleo e Seguridade Social. Avance anuario 2011.

O sector servizos é o que agrupa o maior número de contratos. Por rama de actividade destacan dun xeito importante os celebrados na industria de alimentación.

Contratos de posta a disposición, por sector e división de actividade do centro de traballo da empresa usuaria. Galicia 2011.

■ **Cadro 7.62**

Total		84.827
Sector		
Agrario		1.912
Industria		35.635
Construcción		418
Servizos		46.862
Non clasificables		-
Divisións		
01	Agricultura, gandería, caza e servizos relacionados coas mesmas	1.728
02	Silvicultura e explotación forestal	18
03	Pesca e acuicultura	166
05	Extracción de antracita, hulla e lignito	-
06	Extracción de cru de petróleo e gas natural	-
07	Extracción de minerais metálicos	-
08	Outras industrias extractivas	2
09	Actividades de apoio as industrias extractivas	-
10	Industria da alimentación	21.226
11	Fabricación de bebidas	1.369
12	Industria do tabaco	-
13	Industria téxtil	258
14	Confección de prendas de vestir	439
15	Industria do coiro e do calzado	9
16	Industria da madeira e cortiza, agás mobles: cestería e espartería	333
17	Industria do papel	620
18	Artes gráficas e reprodución de soportes grabados: impresión, encuadernación	1.514
19	Coquerías e refino de petróleo	-
20	Industria química	132
21	Fabricación de produtos farmacéuticos	581
22	Fabricación de produtos de caucho e plásticos	1.814
23	Fabricación doutros produtos minerais non metálicos	212
24	Metalurxia: fabricación de produtos de ferro, aceiro e ferroaleacións	491
25	Fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipo	1.483
26	Fabricación de produtos informáticos, electrónicos e ópticos	50
27	Fabricación de material e equipo electrónico	156
28	Fabricación de maquinaria e equipo n.c.o.p.	169
29	Fabricación de automóviles, remolques e semirremolques	4.218
30	Fabricación doutro material de transporte	30
31	Fabricación de mobles	273
32	Outras industrias manufactureiras	18
33	Reparación e instalación de maquinaria e equipo	135
35	Suministro de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado	29
36	Captación, depuración e distribución de auga	8
37	Recollida e tratamento de augas residuais	1
38	Recollida, tratamento e eliminación de residuos; valorización	65
39	Actividades de descontaminación e outros servizos de xestión de residuos	-
41	Construción de edificios	95
42	Enxeñaría civil	26
43	Actividades de construción especializada	297
45	Venta e reparación de vehículos de motor e motocicletas	298
46	Comercio por xunto e intermediarios do comercio, agás vehículos de motor e motocicletas	5.250
47	Comercio polo miúdo, agás vehículos de motor e motocicletas	8.147

■ **Cadro 7.62**
continuación

49	Transporte terrestre e por tubos	1.817
50	Transporte marítimo e por vías navegables interiores	-
51	Transporte aéreo	-
52	Almacenamento e actividades anexas ao transporte	10.252
53	Actividades postais e de correos	96
55	Servizos de aloxamento	8.013
56	Servizos de comidas e bebidas	1.335
58	Edición	405
59	Actividades cinematográficas, de vídeo e de programas de televisión, grabación de son e edición musical	166
60	Actividades de programación e emisión de radio e televisión	45
61	Telecomunicacións	170
62	Programación, consultoría e outras actividades relacionadas coa informática	271
63	Servizos de información	41
64	Servizos financeiros, agás seguros e fondos de pensións	1.526
65	Seguros, reaseguros e fondos de pensións, agás Seguridade Social obrigatoria	193
66	Actividades auxiliares aos servizos financeiros e aos seguros	20
68	Actividades inmobiliarias	303
69	Actividades xurídicas e de contabilidade	35
70	Actividades das sedes centrais; actividades de consultoría de xestión empresarial	340
71	Servizos técnicos de arquitectura e enxeñaría; ensaios e análises técnicos	481
72	Investigación e desenvolvemento	27
73	Publicidade e estudos de mercado	1.518
74	Outras actividades profesionais, científicas e técnicas	54
75	Actividades veterinarias	-
77	Actividades de aluguer	280
78	Actividades relacionadas co emprego	66
79	Actividades de axencias de viaxes, operadores turísticos, servizos de reservas e actividades relacionadas cos mesmos	19
80	Actividades de seguridade e investigación	5
81	Servizos a edificios e actividades de xardinería	394
82	Actividades administrativas de oficina e outras actividades auxiliares as empresas	1.519
84	Administración Pública e Defensa; Seguridade Social obrigatoria	40
85	Educación	103
86	Actividades sanitarias	190
87	Asistencia en establecementos residenciais	1
88	Actividades de servizos sociais sen aloxamento	22
90	Actividades de creación, artísticas e espectáculos	447
91	Actividades de bibliotecas, arquivos, museos e outras actividades culturais	31
92	Actividades de xogos de azar e apostas	-
93	Actividades deportivas, recreativas e de entretemento	103
94	Actividades asociativas	987
95	Reparación de ordenadores, efectos persoais e artigos de uso doméstico	393
96	Outros servizos persoais	1.451
97	Actividades dos fogares como empregadores de persoal doméstico	2
98	Actividades dos fogares como produtores de bens e servizos para uso propio	-
99	Actividades de organizacións e organismos extraterritoriais	6
	Non clasificables	-

Fonte: Ministerio de Empleo e Seguridade Social. Avance anuario 2011.

Segundo o cadro 7.63, as provincias da Coruña e Pontevedra agrupan o maior número de contratos de posta a disposición supoñendo en ambos casos máis do 85% do total de Galicia.

**Contratos de posta a disposición, por provincia de
ubicación das empresas de traballo temporal.
Evolución Galicia 2010-2011**

■ Cadro 7.63

	2010	2011
Galicia	83.331	84.827
A Coruña	32.343	30.844
Lugo	6.072	6.212
Ourense	5.257	5.766
Pontevedra	39.659	42.005

Fonte: Ministerio de Empleo e Seguridade Social. Avance anuario 2011.

Nos cadros 7.64 e 7.65 pódense observar as cifras de contratos de posta a disposición referidos unicamente aos celebrados por empresas autorizadas pola Comunidade Autónoma resaltando claramente os contratos para obra ou servizo determinado. Así mesmo pódese contemplar que a provincia de Pontevedra supera amplamente ás demais en contratos de posta a disposición e, loxicamente, no cadro 7.65, nos traballadores postos a disposición.

**Contratos de posta á disposición realizados polas empresas autorizadas pola
Dirección Xeral de Relacións Laborais. Ano 2011**

■ Cadro 7.64

Provincia	Causa do contrato				Totais
	Realización obra ou servizo determinado	Acumulación de tarefas	Substitución de traballadores	Contratación proceso de selección	
A Coruña	1.500	101	127	23	1.751
Lugo	187	900	302	0	1.389
Ourense	550	133	8	0	691
Pontevedra	5.623	6.456	275	1	12.355
Totais	7.860	7.590	712	24	16.186

Fonte: Consellería de Traballo e Benestar. Dirección Xeral de Relacións Laborais.

**Traballadores postos a disposición
polas empresas de traballo
temporal, autorizadas pola Dirección
Xeral de Relacións Laborais,
segundo ámbito provincial.
Ano 2011**

■ Cadro 7.65

A Coruña	1.280
Lugo	686
Ourense	662
Pontevedra	6.051
Total	8.679

Fonte: Consellería de Traballo e Benestar. Dirección Xeral de Relacións Laborais.

Examinando a evolución, cadros 7.66 e 7.67, polo que se refire a contratos de posta a disposición de empresas de traballo temporal autorizadas para traballar en Galicia pola Comunidade Autónoma, sen chegar globalmente ao número de anos anteriores, increméntanse as cifras, excepto na provincia da Coruña, en relación co ano anterior:

**Contratos de posta a disposición realizados nas empresas autorizadas pola
Dirección Xeral de Relacións Laborais. Evolución 2007-2011**

■ Cadro 7.66

Total Contratos

	2007	2008	2009	2010	2011
A Coruña	3.668	3.209	2.984	2.607	1.751
Lugo	1.435	1.387	1.353	1.254	1.389
Ourense	1.202	989	558	658	691
Pontevedra	13.562	12.749	12.125	10.263	12.355
Total	19.867	18.334	17.020	14.782	16.186

Fonte: Consellería de Traballo e Benestar. Dirección Xeral de Relacións Laborais.

Contratos de posta á disposición nas empresas autorizadas pola Dirección Xeral de Relacións Laborais, segundo a causa do contrato. Evolución do ano 2007-2011.

■ **Cadro 7.67**

Realización de obra ou servizo determinado

	2007	2008	2009	2010	2011
A Coruña	3.410	2.820	2.493	2.041	1.500
Lugo	472	229	80	87	187
Ourense	1.083	910	538	554	550
Pontevedra	9.817	9.448	8.715	6.245	5.623
Total	14.782	13.407	11.826	8.927	7.860

Acumulación de tarefas

	2007	2008	2009	2010	2011
A Coruña	78	191	329	369	101
Lugo	929	979	1.102	954	900
Ourense	107	54	2	91	133
Pontevedra	3.035	2.444	2.810	3.544	6.456
Total	4.149	3.668	4.243	4.958	7.590

Substitución de traballadores

	2007	2008	2009	2010	2011
A Coruña	158	198	156	194	127
Lugo	34	176	132	213	302
Ourense	12	23	18	13	8
Pontevedra	707	854	587	474	275
Total	911	1.251	893	894	712

Contratación proceso de selección

	2007	2008	2009	2010	2011
A Coruña	22	-	6	3	23
Lugo	-	3	39	-	0
Ourense	-	2	0	-	0
Pontevedra	3	3	13	-	1
Total	25	8	58	3	24

Fonte: Consellería de Traballo e Benestar. Dirección Xeral de Relacións Laborais.

Pode observarse no cadro 7.67 la evolución desagregada por las causas de los contratos en que se refleja que diminúen os de obra ou servizo e sustitución, véndose incrementados os de acumulación de tarefas e os de proceso de selección.

O RD 395/2007, do 23 de marzo, polo que se regula o subsistema de formación profesional para o emprego, abordou a integración nun único subsistema de todas as iniciativas de formación ocupacional, formación continua e formación en alternancia co emprego. O obxectivo foi adaptar a formación profesional para facela axeitada ás necesidades de produtividade e competitividade das empresas no novo escenario global e para potenciar a empregabilidade dos traballadores nun mundo en constante cambio. As Ordes TAS/2.307/2007 e 2.388/2007, do 27 de xullo e 2 de agosto, respectivamente, desenvolveron e completaron a regulación das iniciativas de formación de oferta e de demanda a que se refire o RD 395/2007.

8.1 Obxectivos do subsistema de formación profesional para o emprego

A aprobación do RD 395/2007, do 23 de marzo (BOE 11 de abril), polo que se regula o subsistema de formación profesional para o emprego, estivo inspirada por un claro e expreso propósito, o de deseñar un novo modelo de formación profesional

para o emprego que persegue estender entre as empresas e os/as traballadores/as ocupados/as e desempregados/as «unha formación que responda ás súas necesidades e contribúa ao desenvolvemento dunha economía baseada no coñecemento» (art. 2 RD 395/2007).

A norma pretende atender o interese dos/as traballadores/as e desempregados/as en mellorar a súa capacitación profesional e o seu desenvolvemento persoal, o que se consegue ofrecéndolles posibilidades de formación ao longo de toda a súa vida, promovendo a acreditación das competencias profesionais que adquiren e, en definitiva, mellorando a súa empregabilidade. Ao tempo a norma tamén pretende dar resposta ao interese das empresas, e do mercado en xeral, na medida en que a maior formación e cualificación dos/as traballadores/as redundará en mellorar a súa competitividade e produtividade.

Con esa finalidade, a norma abordou a tarefa de integrar e dar unha regulación única e sistemática á formación ocupacional e á formación continua, incluíndo as fórmulas que compaxinan a formación e o emprego.

Todas estas modalidades formativas integráronse nun subsistema que, á súa vez, forma parte do Sistema de Formación Profesional para o emprego, integrado tamén pola Formación Profesional Regulada. No marco desta nova organización do subsistema da formación para o emprego a norma pretendeu, ademais, articular un sistema que sexa respectuoso coas competencias autonómicas na materia e que amplíe as formas de colaboración entre as distintas instancias territoriais.

Outro pilar do subsistema para a formación son os/as interlocutores sociais, aos/as cales se segue recoñecendo un papel esencial no deseño, programación e execución das accións formativas.

É necesario ter presente a Lei Orgánica 5/2002, do 19 de xullo, das Cualificacións e da Formación Profesional, que establece un Catálogo Nacional de Cualificacións Profesional que permite avanzar nun enfoque de aprendizaxe permanente e na integración das distintas ofertas de formación profesional. Tamén se recoñece expresamente a incidencia dalgúns pronunciamentos do Tribunal Constitucional (SSTC 95/2002, de 25 de abril e 190/2002, do 17 de outubro) na medida en que as mesmas contribuíron a clarificar algúns aspectos da delimitación de competencias entre o Estado e as Comunidades Autónomas en materia de formación continua, **situando esta materia no ámbito laboral, competencia exclusiva do Estado**, e identificando os supostos nos que a xestión ou execución das accións formativas correspondería ao Estado ou ás Comunidades Autónomas.

Especial transcendencia atribúese tamén á Lei 56/2003, do 16 de decembro, de Emprego, na medida en que coloca á formación profesional como unha das fórmulas máis eficaces para contribuír a mellorar a empregabilidade dos/as traballadores/as. Finalmente, non podían deixar de resultar igualmente determinantes as políticas e directrices comunitarias na materia que veñen considerando a aprendizaxe permanente como un pilar fundamental na estratexia para o emprego.

A concorrencia destes factores determinou que, no marco do Diálogo Social amparado na Declaración do 8 de xullo de 2004, se alcanzase o Acordo de Formación Profesional para o Emprego o 7 de febreiro de 2006, que en boa medida serviu de pauta para o contido do RD 395/2007.

Non obstante e de feito, permanece no Real Decreto a separación entre formación continua e formación ocupacional e nin no contido das accións, nin nos seus destinatarios, nin nas súas fórmulas de financiamento se advirten cambios substanciais.

Con todo, o aspecto máis conflitivo ou delicado da norma se refire aos aspectos relativos á participación das Comunidades Autónomas no subsistema de formación. A intención, expresamente sinalada no RD 395/2007, de aplicar e respectar as pautas constitucionais fixadas nas SSTC 95/2002 e 190/2002,) non foi debidamente materializada. Certamente, son numerosos os aspectos nos que a norma apela á participación das comunidades autónomas e á súa coordinación coas accións formativas do Estado ou nos que se lles recoñecen competencias na materia. Así acontece coas facultades recoñecidas ao Sistema Nacional de Emprego, do que forman parte os servizos públicos de emprego das comunidades autónomas, na elaboración e deseño das políticas de formación para o emprego ou co impulso das funcións do Consello Xeral do Sistema Nacional de Emprego, no que tamén participan as Comunidades Autónomas, en canto órgano consultivo e de participación institucional en materia de formación (art. 33 RD 395/2007). Pola súa parte, os preceptos referidos á calidade, avaliación, seguimento e control da formación de demanda atribúen ás autonomías a competencia para avaliar o impacto da formación realizada no acceso e mantemento do emprego e na mellora da competitividade das empresas. Tamén se lles recoñece capacidade para valorar a eficacia do sistema en canto ao alcance da formación, así como a dos recursos económicos e os medios empregados (art. 37 RD 395/2007), e con esa finalidade garánteselles o acceso, en tempo real, ás comunicacións telemáticas realizadas polas empresas e as entidades organizadoras así como a toda a información necesaria (art. 16.4 RD 395/2007). Son tamén as comunidades autónomas as que deben informar ao Servizo Público de Emprego Estatal dos resultados das actuacións de seguimento e control que levasen a cabo así como das irregularidades detectadas (art. 17.3 RD 395/2007).

En definitiva, atribúese ás autonomías a competencia para realizar as actividades de avaliación, seguimento e control das iniciativas de formación financiadas mediante bonificacións nas cotas da Seguridade Social que se aplican en empresas que teñan todos os seus centros de traballo na Comunidade Autónoma (disp. adic. 1.^a).

Non obstante xorden dúbidas sobre o cumprimento das sentenzas do Tribunal Constitucional, en relación co sistema de financiamento da formación profesional para o emprego.

O art. 6.1 RD 395/2007 establece que as accións e programas de formación se financiarán cos fondos provenientes das cotas de formación profesional que achegan empresarios e traballadores), coas axudas procedentes do Fondo Social Europeo e coas achegas específicas establecidas no presuposto do Servizo Público Estatal.

Se ben é certo que se asegura a participación das comunidades autónomas na elaboración das partidas económicas, o certo é que **a forma específica de financiamento da formación de demanda** –mediante a aplicación de bonificacións nas cotas de Seguridade Social que ingresan as empresas– non permite que as comunidades autónomas exerzan as súas competencias en materia de xestión e organización das partidas que lles correspondan en cada comunidade. En efecto, ditas bonificacións carecen de carácter de subvención o que impide ás comunidades autónomas que asumiron a competencia en políticas activas de ocupación, incluíndo a xestión das subvencións correspondentes, poidan xestionar tales fondos.

A fórmula da subvención si se emprega, non obstante, no financiamento da **formación de oferta**, dos programas públicos de emprego-formación e das accións complementarias á formación. Iso, unido a que o RD 395/2007 permite que as comunidades autónomas se doten de fondos propios destinados a financiar a xestión de iniciativas de formación e á posibilidade de xestionar a formación de traballadores/as, ocupados/as e desempregados/as, no marco da formación de oferta, permite a xestión autonómica de parte das subvencións ou fondos territorializados de formación.

8.2 Regras xerais aplicables ás diversas iniciativas de formación

O subsistema de formación para o emprego deseñado no RD 395/2007 **inclúe catro tipos de iniciativas de formación (art. 4).**

En **primeiro lugar**, a «**formación de demanda**», que engloba as accións formativas das empresas -programadas polas empresas e dirixidas aos/as seus propios/as traballadores/as- e os permisos individuais de formación. Trátase, neste caso, da formación profesional que empresas e traballadores/as demandan. Isto é, das iniciativas de formación que programan, deseñan e organizan as propias empresas para os/as seus traballadores/as, atendendo ás necesidades e intereses da empresa e coa finalidade de mellorar os seus sistemas produtivos a través da mellora das competencias, habilidades e calidades profesionais dos/as seus traballadores/as. Pero tamén se trata da formación que os/as propios/as traballadores/as optan por adquirir; estea ou non vinculada á actividade profesional que desenvolven.

En **segundo lugar**, a «**formación de oferta**», integrada polas accións e iniciativas formativas de variado tipo e contido que o sistema ofrece a empregados/as e desocupados/as. Esta formación comprende plans formativos dirixidos tanto a traballadores/as ocupados/as como a desempregados coa finalidade, en ambos os dous casos, de achegarlles unha formación axustada ás necesidades do mercado de traballo e que atenda aos requirimentos de produtividade e competitividade das empresas e ás aspiracións de promoción profesional e desenvolvemento persoal dos/as traballadores/as, de forma que os capacite para o desempeño cualificado das distintas profesións e para o acceso ao emprego.

En **terceiro lugar**, o subsistema de formación inclúe a «**formación en alternancia**» co emprego o obxectivo do cal é contribuír á adquisición das competencias profesionais da ocupación mediante a *compatibilización entre a formación e a práctica profesional no posto de traballo*.

Finalmente e en **cuarto lugar**, as accións de apoio e acompañamento á formación, que son aquelas que permiten mellorar a eficacia do subsistema de formación profesional para o emprego. Non son propiamente accións formativas senón unicamente un complemento a aquelas.

As peculiaridades que caracterizan a cada unha desas iniciativas esixía un tratamento individualizado e así o fixo o lexislador que dedica atención especial a cada unha destas accións. Pero a vontade de integrar e dotar dun réxime común a todo o subsistema de formación determina que esa regulación particular vaia precedida dun grupo de disposicións nas que se abordan aspectos xerais compartidos por todas as accións formativas.

8.2.1 Traballadores/as e colectivos destinatarios da formación

Isto é o que acontece, en primeiro lugar, coa delimitación dos colectivos aos que se dirixen as previsións sobre o subsistema de formación (art. 5 RD 395/2007). Así, polo que se refire aos/as traballadores/as destinatarios/as da formación e colectivos prioritarios, a norma, con clara vontade de integrar o máis amplo número de traballadores/as, inclúe no ámbito da **formación da demanda** a todos/as os/as traballadores/as asalariados/as que prestan servizos nas empresas, incluídos/as os/as fixos/as descontinuos/as nos períodos de non ocupación, así como os/as traballadores/as que accedan a situación de desemprego cando se atopen en período formativo e os/as traballadores/as acollidos/as a regulación de emprego nos seus períodos de suspensión de emprego por expediente autorizado.

No que se refire á **formación de oferta**, sinálase a participación de todos/as os/as traballadores/as ocupados/as e desempregados/as na proporción que as administracións competentes determinen.

Finalmente, en relación á **formación en alternancia** co emprego poderán participar os/as traballadores/as contratados/as para a formación e os/as desempregados/as na forma que estableza a normativa sobre os contratos para a formación e sobre os programas públicos de emprego-formación.

Non obstante, o RD 395/2007 mantén, ao igual que facían as normas reguladoras anteriores, a opción por dar preferencia no acceso á formación aos/as traballadores/as con maiores dificultades de inserción ou de mantemento no mercado de traballo. Identifícanse, con esa finalidade, unha serie de colectivos prioritarios. Deste modo, polo que se refire aos/as desempregados/as, atribúese prioridade para participar en accións formativas aos colectivos de mulleres, novas, minusválidos/as, afectados/as e vítimas de terrorismo e de violencia de xénero, desempregados/as de longa duración, maiores de 45 anos e, finalmente, persoas con risco de exclusión social.

Polo que se refire ao **grupo dos/as ocupados/as**, recoñécese a preferencia de traballadores/as de pequenas e medianas empresas, mulleres, afectados/as e vítimas de terrorismo e de violencia de xénero, maiores de 45, traballadores/as con baixa cualificación e minusválidos/as. Todo iso tendo sempre presente o previsto polas prioridades establecidas na política nacional de emprego, nos plans de execución da Estratexia Europea de Emprego e nos Programas Operativos do Fondo Social Europeo.

A delimitación dos colectivos prioritarios coincide substancialmente coa que efectuaban o RD 1.046/2003, para a formación profesional continua, e co RD 631/1993, para a formación ocupacional. Respecto do primeiro, mantense a expresa referencia aos/as traballadores/as de baixa cualificación que, precisamente polo seu escaso nivel de formación, son os/as máis doadamente prescindibles polas empresas e os/as máis afectados/as polos procesos de reestruturación, e aos/as que prestan servizos en pequenas e medianas empresas, que seguen recibindo un trato preferente no financiamento das accións formativas. Respecto do segundo, a anterior referencia aos/as inmigrantes elimínase quedando agora englobado, xunto con outros grupos, no colectivo de persoas en situación de risco de exclusión social. En ambos os dous grupos incorpóranse, non obstante, novos colectivos como o das vítimas de terrorismo e de violencia de xénero.

8.2.2 Centros e entidades de formación

Comúns son tamén as previsións sobre os centros, entidades e institucións habilitadas e recoñecidas para impartir formación profesional. Para estes efectos, o art. 9 RD 395/2007 inclúe entre estes, en primeiro lugar, ás administracións públicas competentes na materia. Estas poderán desenvolver as accións formativas, ben directamente a través dos seus centros propios, ben mediante convenios con entidades ou empresas públicas que poidan impartir a formación. Para estes efectos, considéranse centros propios os Centros de Referencia Nacional especializados por sectores produtivos (os Centros Integrados de Formación Profesional de Titularidade Pública e os demais centros da Administración Pública que contén con instalacións e equipamentos axeitados.

En segundo lugar, tamén poden impartir a oferta formativa as organizacións empresariais e sindicais e outras entidades beneficiarias dos plans de formación dirixidos a traballadores/as ocupados/as. Neste caso, tamén se admite a dobre modalidade de impartición: directamente polas propias institucións ou mediante a contratación destas tarefas formativas cos centros ou entidades contemplados nos seus programas formativos.

Por outra banda, as empresas que desenvolvan accións formativas para os/as seus traballadores/as ou para desempregados/as con compromiso de contratación poderán executar tales accións cos seus propios medios, sempre que contén con equipamentos axeitados, ou a través de contratacións externas.

Tamén poden impartir formación os Centros Integrados de Formación Profesional de titularidade privada, e os demais centros de formación, públicos ou privados, acreditados polas Administracións Públicas cando reúnan os requisitos especificados nas normas que regulen os requisitos de profesionalidade correspondentes á formación que se imparta neles.

Finalmente, recoñécese capacidade para impartir formación profesional para o emprego aos centros ou entidades de formación que impartan formación non dirixida á obtención de certificados de profesionalidade, sempre que se achen inscritos no rexistro que estableza a administración competente.

O obxectivo de potenciar a formación e a súa avaliación, intentando que o sistema de formación sexa eficaz e axeitado, determina a previsión do art. 9.3 RD 395/2007, conforme ao cal «os centros e entidades de formación deberán someterse aos controis e auditorías de calidade que establezan as administracións competentes».

8.3 Formación de demanda: accións formativas das empresas e permisos individuais de formación

Baixo a denominación de «formación de demanda» englobábase unha serie de actuacións, a finalidade da cal ou obxectivo é dar resposta ás necesidades formativas das empresas e dos/as seus traballadores/as. Neste tipo de formación inclúense, por un lado, **as accións formativas ofrecidas, xestionadas e desenvolvidas polas propias empresas e dirixidas aos/as seus traballadores/as e, por outro, os permisos individuais de formación.**

As accións formativas constitúen un instrumento adecuado para que as empresas deseñen e planifiquen unha formación adaptada ás súas necesidades e intereses. É precisamente este interese empresarial que está presente nas accións formativas o que

permite configurar estas como unha inversión dirixida á mellora e competitividade da empresa e o que xustifica que no seu financiamento se esixa a participación económica das propias empresas. A formación impartida pode ser xeral -aquela que inclúe un ensino que non é único ou principalmente aplicable no posto de traballo e na empresa, senón que proporciona cualificacións que o/a traballador/a pode aplicar e desenvolver noutras empresas ou noutros ámbitos laborais- ou específica -que inclúe un ensino aplicable directamente no posto de traballo actual ou futuro do/a traballador/a na empresa beneficiaria e que ofrece cualificacións que non son transferibles, ou o son só de forma restrinxida, a outras empresas ou ámbitos- (art. 12.2 RD 395/2007).

Pola súa banda, os permisos individuais supoñen a autorización da empresa para que o/a traballador/a participe durante o seu horario de traballo en accións formativas, sempre que estas se correspondan con formación presencial e se trate de formación que favoreza tanto o desenvolvemento ou adaptación das cualificacións técnico-profesionais do/a traballador/a como a súa formación persoal. O art. 12.3 RD 395/2007 establece que a empresa só pode denegar a autorización para gozar dun permiso para formación por razóns organizativas ou de produción. *A finalidade destes permisos é a de facilitar que os/as traballadores/as poidan compatibilizar o desenvolvemento da súa relación laboral coa súa participación en accións formativas que lles permita mellorar a súa capacitación persoal e profesional sen custo para as empresas en que prestan os seus servizos.* Na normativa anterior, os permisos individuais recoñecíanse exclusivamente para a realización de formación recoñecida por «títulos oficiais»). A nova regulación permite que o permiso se solicite e conceda para formación recoñecida non só por títulos ou acreditacións oficiais senón tamén para títulos e certificados de profesionalidade que constitúen a oferta formativa do Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais, así como a de calquera outra que acredite as competencias para o exercicio dunha ocupación ou oficio.

Deste modo, a ampliar e flexibilizar o tipo de formación que lexítima o disfrute dos permisos individuais financiados con cargo aos créditos recoñecidos ás empresas, favorécese o desenvolvemento profesional do/a traballador/a. Pero tamén se favorece o seu desenvolvemento persoal na medida en que a actual regulación de tales permisos non esixe que a formación a recibir estea vinculada á actividade profesional que o/a traballador/a desempeña na empresa).

Trátase, tanto no caso das accións formativas coma no dos permisos individuais, de instrumentos formativos xa contemplados na normativa anterior dentro do subsistema de formación profesional continua. Neste sentido, o RD 1.046/2003 regulaba ambas as dúas iniciativas e, xunto a eles, situaba e regulaba os contratos programa para a formación de traballadores/as e as accións complementarias e de acompañamento á formación. O RD 1.046/2003 supuxo un cambio importante na formulación da formación continua que ata ese momento se desenvolvera a través dos Acordos Nacionais de Formación Continua, e que tras o RD 1.046/2003 foi asumida polo Estado.

No novo deseño da formación profesional para o emprego que acolle o RD 395/2007, as accións formativas das empresas e os permisos individuais integran en exclusiva as accións de formación de demanda, en tanto que os contratos programa se incorporan, xunto coa antiga formación ocupacional, na denominada «formación de oferta».

O RD 395/2007 recolle as liñas mestras da formación de demanda nos seus arts. 12 a 19, que xa foron obxecto de desenvolvemento a través da Orde TAS/2.307/2007,

do 27 de xullo, pola que se desenvolve parcialmente o RD 395/2007, do 23 de marzo, en materia de formación de demanda e o seu financiamento, e se crea o correspondente sistema telemático, así como os ficheiros de datos persoais de titularidade do Servizo Público de Emprego Estatal.

En liñas xerais pode dicirse que a regulación agora vixente atribúe en exclusiva ás empresas a planificación e xestión da formación, de forma que a intervención pública se limita aos aspectos de control e seguimento das accións formativas desenvolvidas. Hai na nova regulación certo continuísmo coa anterior, sen que se aprecie un cambio de modelo. Non obstante, incorpóranse algunhas novidades que deben mencionarse.

8.3.1 Financiamento da formación de demanda

Un dos aspectos cruciais para a eficacia deste sistema é o referido ao financiamento. Xa a normativa anterior estableceu o financiamento das accións formativas desenvolvidas polas empresas para os/as seus traballadores/as a través da concesión de créditos que se calculaban aplicando a porcentaxe de bonificación que cada ano se establece na Lei de Presupostos Xerais do Estado (LPGE) á contía ingresada por cada empresa en concepto de formación profesional durante o ano anterior (art. 8 RD 1.046/2003)). Non obstante, durante a vixencia daquela norma o uso polas empresas destes créditos quedou moi por debaixo das expectativas xeradas. O Acordo de Formación Profesional para o Emprego, subscrito entre o Goberno e as organizacións sindicais e empresariais máis representativas o 7 de febreiro de 2006, identificaba as causas desta escasa utilización dos créditos para a formación sinalando que a iso contribuíra a novidade do incentivo, a súa tardía implantación, a insuficiente difusión deste, a dificultade de utilización polas pequenas e medianas empresas e a limitada asistencia que estas reciben para a súa utilización así como as dificultades derivadas de cuestións técnicas e requisitos formais.

A estes inconvenientes pretendeu facer fronte o RD 395/2007 que mantén no esencial o sistema de financiamento pero incorpora algunhas novidades coa finalidade de permitir ás empresas coñecer o crédito de que dispoñen, axilizar os procedementos para a súa execución, simplificar e mecanizar as esixencias formais e de comunicación e favorecer o uso e a contía dos créditos no caso de pequenas empresas. O sistema de financiamento deseñado pretende, con carácter xeral, ofrecer unha maior seguridade e transparencia a todas as empresas permitíndolles coñecer ao comezo de cada exercicio o crédito do que dispoñen para a formación dos seus traballadores. Favorécese así a planificación e a integración da formación no devir cotián da empresa e na estratexia empresarial, tal e como aconsellaba o Acordo de Formación Profesional para o Emprego do 7 de febreiro de 2006.

Con eses obxectivos, o RD 395/2007 reitera que a contía do crédito calcularase aplicando ás cantidades ingresadas pola empresa en concepto de formación profesional durante o ano anterior unha porcentaxe de bonificación que fixará para cada ano a LPGE e que será inversamente proporcional ao tamaño das empresas (art. 13.1 RD 395/2007)). Garántese, en todo caso, un crédito mínimo de bonificación na contía que fixe a Lei de Presupostos. Deste modo, outórgase **un trato de favor ás pequenas empresas**, coa finalidade expresamente recoñecida de favorecer o acceso á formación a este segmento de empresas e de alcanzar un maior nivel de penetración da formación neste ámbito.

As empresas interesadas en gozar do crédito que lles corresponde, calculado conforme aos criterios que acaban de mencionarse, poderán facelo a partir do momento en que se comunique a finalización da acción formativa. Non se trata, en todo caso, de que as empresas poidan solicitar o reintegro inmediato do custo da formación senón unicamente da posibilidade de que a empresa recupere o gasto efectuado, aplicándose -ata o límite da contía do crédito que lle corresponda- bonificacións nas cotizacións ata o último día hábil para poder presentar o boletín de cotización correspondente ao mes de decembro do devandito exercicio económico (art. 17 RD 395/2007).

Pero, como se sinalaba anteriormente, o custo destas accións formativas non se asume integramente con cargo a fondos procedentes das cotas de formación profesional senón que se esixe a contribución financeira das propias empresas os/as traballadores/as das cales van resultar beneficiarios/as das accións formativas (art. 14 RD 395/2007). Para estes efectos, o art. 14 Orde TAS/2.307/2007, fixa a porcentaxe mínima de cofinanciamento que, sobre o custo total de formación, se esixe ás empresas: en empresas de 10 a 49 traballadores/as: o 10%; en empresas de 50 a 249 traballadores/as: o 20% e en empresas de 250 ou máis traballadores/as: o 40%.

Tamén neste punto se aprecia a preocupación por favorecer e facilitar o desenvolvemento de accións formativas en empresas de pequeno tamaño, obxectivo ao que se dirixe a previsión conforme á cal quedan exentas desta obriga de cofinanciamento as empresas de menos de dez traballadores/as. Trátase dunha medida xa contemplada na normativa anterior aínda que antes esta posibilidade se reservaba para as empresas de menos de cinco traballadores/as.

Polo que se refire aos **permisos individuais de formación, estes fináncianse integramente** con cargo a un crédito adicional concedido ás empresas que concedan permisos deste tipo. Non hai, nestes casos e como xa acontecía na regulación anterior, achega económica das empresas para sufragar o custo dos permisos individuais (art. 14.2 RD 395/2007). O crédito alcanza ata un máximo de 200 horas laborais por permiso e curso académico ou ano natural en función da duración da formación a realizar; e cobre a totalidade do salario a percibir polo/a traballador/a –incluíndo soldo base, antigüidade, complementos fixos e parte proporcional de pagas extraordinarias–, así como das cotizacións a devengar á Seguridade Social durante o permiso (art. 23 Orde TAS/2.307/2007). Deste modo, preténdese que o desfrute do permiso polos/as traballadores/as non supoña un custo para a empresa onde prestan os seus servizos.

A Resolución de 17 de Decembro de 2008, do Servizo Público de Emprego Estatal, determina colectivos e áreas prioritarias, así como as contías cofinanciadas polo Fondo Social Europeo, nas accións de formación de demanda correspondentes o exercicio de 2009. Galicia figura como obxectivo de Convergencia do programa operativo “adaptabilidade e emprego” do mencionado Fondo.

8.3.2 Participación dos/as representantes dos/as traballadores/as no deseño das accións formativas e respecto aos permisos individuais

Poucas novidades hai tamén respecto da participación dos/as representantes dos/as traballadores/as en relación coas accións formativas desenvolvidas polas empresas (art. 15 RD 395/2007 e art. 16 Orde TAS/2307/2007). A representación legal dos/as traballadores/as debe recibir información detallada sobre as accións formativas que

a empresa pretenda desenvolver; e ten competencia para emitir un informe sobre estas. O incumprimento desta obriga de información impide á empresa acceder ás bonificacións que lle correspondan ou, no seu caso, manter as que estea a gozar.

Se, como resultado do informe emitido polos/as representantes, se advertise a existencia de discrepancias sobre o contido ou deseño das accións formativas propostas, fíxase un prazo de 15 días para a súa solución e recoñécese, en caso de que subsista o desacordo, a intervención mediadora da Comisión Paritaria competente a que se refire o art. 35 RD 395/2007. En defecto de tal Comisión ou en caso de que a súa mediación non dese resultados, o art. 15.5 RD 395/2007 prevé que será a Administración quen coñeza sobre elas sempre que a discrepancia se deba a algunha das seguintes causas: discriminación de trato, realización de accións que non se correspondan coa actividade empresarial ou concorrencia de calquera outra circunstancia que poida supoñer abuso de dereito na utilización de fondos públicos. Polo que se refire á Administración competente para controlar as iniciativas de formación nos casos que acaban de mencionarse, será a Administración Xeral do Estado, a través do Servizo Público de Emprego Estatal, a competente cando se trate de empresas que teñan os seus centros de traballo en máis dunha comunidade autónoma, en tanto que corresponderá a estas, a través dos órganos correspondentes, cando as empresas teñan todos os seus centros de traballo na mesma comunidade autónoma (disp. adic. 1.ª RD 395/2007).

A cláusula de peche nesta materia recóllese no art. 15.6 RD 395/2007 que, en caso de empresas sen representación legal dos/as traballadores/as prevé a necesaria conformidade de todos/as os/as traballadores/as afectados/as polas accións formativas. En caso de discrepancia ou denuncia dalgún/a deles/as seguiranse os trámites mencionados para a resolución de discrepancias.

Téñase en conta que a existencia de desacordo entre a empresa e os/as representantes ou os/as propios/as traballadores/as non impedirá a execución das accións formativas nin a aplicación das bonificacións que correspondan respecto das accións executadas. Non obstante, se a Comisión Paritaria non resolverse as diferenzas e se emitise resolución pola administración competente declarando a improcedencia da bonificación iníciase o procedemento para o abono pola empresa das cotas non ingresadas.

Finalmente, estas normas sobre participación dos/as representantes dos/as traballadores/as serán tamén de aplicación respecto dos permisos individuais de formación (art. 15 RD 395/2007).

8.3.3 Execución das accións formativas

Polo que se refire á execución das accións formativas, o RD 395/2007 regula con maior detalle que a normativa anterior, as distintas opcións con que contan as empresas. Para estes efectos, as empresas poden organizar e xestionar a formación de forma individual ou optar por agruparse con outras para organizar a devandita formación. En ambos os dous casos, a formación poderase organizar e xestionar directamente pola empresa ou por unha das empresas integrantes da agrupación –á que se designa como entidade organizadora– ou contratar a súa execución con centros ou entidades especializadas. Neste último caso, o RD 395/2007 introduce unha novidosa limitación á subcontratación ao establecer que «neste último caso, os citados centros ou entidades deberán asumir, polo menos, a coordinación das accións

formativas, non podendo delegar nin contratar con terceiros o desenvolvemento da devandita coordinación».

O art. 16 RD 395/2007 regula con detalle as obrigas de comunicación de inicio e finalización das accións formativas, así como a información que debe achegarse polas empresas ao Servizo Público de Emprego Estatal. Para estes efectos, e coa finalidade de axilizar os procesos de xestión e execución das accións formativas, o art. 17 RD 395/2007 anticipa a implantación de procesos telemáticos, implantación que se levou a cabo a través da Orde TAS/2.307/2007. O seu art. 9 dispón, para estes efectos, a creación dun sistema telemático ao servizo de todas as empresas e as súas entidades organizadoras para o acceso á información, documentos normalizados e procesos telemáticos que sexan precisos para a xestión das accións formativas e dos permisos individuais de formación que programen así como para a aplicación das bonificacións.

O cadro 8.1 analiza o número de participantes segundo o tamaño da empresa medido en número de participantes formados CCAA: Galicia. Os maiores porcentaxes danse entre catro grupos de empresas, no seguinte orden: nas empresas de máis de 10 a 49 asalariados; nas de 1 a 5; nas pequenas empresas de 1 a 5 traballadores; naquelas empresas grandes de mais de 4.999 asalariados e naquelas con intervalos entre 1.000 a 4.999 traballadores.

Respecto ó ano 2010 obsérvase un aumento de 17.594 participantes, sumando 170.482 no exercicio de 2011. O mais destacable é o aumento porcentual do número de participantes das empresas pequenas, especialmente das que contan con 10 a 49 asalariados.

■ Cadro 8.1

Intervalos de plantilla	2010		2011	
	Absoluto	%	Absoluto	%
De 1 a 5	25.748	16,9	31.570	18,5
De 6 a 9	7.801	5,1	10.005	5,9
De 10 a 49	28.206	18,5	33.849	19,9
De 50 a 99	11.873	7,8	14.253	8,4
De 100 a 249	12.165	8,0	16.314	9,6
De 250 a 499	9.670	6,3	9.964	5,8
De 500 a 999	7.491	4,9	6.620	3,9
De 1.000 a 4.999	18.924	12,4	20.245	11,9
Mais de 4999	30.510	20,0	27.646	16,2
Outras situacións (*)	-	0,0	16	0,0
Total	152.388	100,0	170.482	100,0

(*) Plantilla media no ano anterior inferior a un traballador ou situacións derivadas de fusións, absorcións ou escisións de empresas. No cómputo de participantes formados non están incluídos aqueles que realizaran un permiso individual de información. Fonte: Fundación tripartita para a formación do emprego. Datos de Galicia 2011.

O cadro 8.2 móstranos o total de participantes segundo o seu perfil de xénero e idade e sexo. Galicia. Con tales datos observamos que a maior porcentaxe de participantes concentrábase nos dous grupos de idade de entre 26 a 45 anos en ambos sexos. Tamén amosa que, un ano máis, crece a diferenza entre os participantes homes 103.096 (60,47%) fronte os participantes mulleres 67.386 (39,53%).

■ Cadro 8.2

HOME	2010		2011	
	Absoluto	%	Absoluto	%
Intervalos de idade				
Total	90.555	100,0	103.096	100,0
De 16 a 25	7.189	7,9	7.124	6,9
De 26 a 35	31.099	34,3	32.875	31,9
De 36 a 45	28.809	31,8	33.990	33,0
De 46 a 55	16.756	18,5	21.384	20,7
Mayores de 55	6.699	7,4	7.716	7,5
Sen datos	3	0,0	7	0,0

MULLER	2009		2010	
	Absoluto	%	Absoluto	%
Intervalos de idade				
Total	61.833	100,0	67.386	100,0
De 16 a 25	5.431	8,8	5.563	8,3
De 26 a 35	26.641	43,1	28.039	41,6
De 36 a 45	18.958	30,7	21.625	32,1
De 46 a 55	8.539	13,8	9.840	14,6
Mayores de 55	2.261	3,7	2.305	3,4
Sen datos	3	0,0	14	0,0

Fonte: Fundación tripartita para a formación do emprego. Datos de Galicia 2011.

O cadro 8.3 subministra información dos participantes formados por grupo de cotización á seguridade social. Este ano produciuse unha subida xeral da participación moi repartida nas distintas categorías, cuns datos porcentuais moi similares os do exercicio do 2010, sendo os Oficiais de primeira e segunda, seguidos dos administrativos e dos oficiais e auxiliares administrativos, os que concentran unha porcentaxe de participantes do 52,8%.

Nº de participantes formados segundo grupo de cotización á Seguridade Social**■ Cadro 8.3**

	2010		2011	
	Absoluto	%	Absoluto	%
1- Enxeñeiros e Licenciados	11.712	7,7	13.060	7,7
2- Enxeñeiros técnicos, Peritos e Axudantes titulados	9.990	6,6	10.977	6,4
3- Xefes administrativos e de taller	9.153	6,0	10.731	6,3
4- Axudantes non titulados/as	8.960	5,9	9.456	5,5
5- Oficiais administrativos	20.311	13,3	21.215	12,4
6- Subalternos	4.140	2,7	4.017	2,4
7- Auxiliares administrativos	14.513	9,5	17.812	10,4
8- Oficiais de primeira e segunda	44.700	29,3	50.787	29,8
9- Oficiais de terceira e especialistas	15.658	10,3	18.041	10,6
10- Traballadores/as maiores de 18 anos non cualificados/as	13.093	8,6	14.244	8,4
11- Traballadores/as menores de 18 anos	158	0,1	142	0,1
Total	152.388	100,0	170.482	100,0

Fonte: Fundación tripartita para a formación do emprego. Datos de Galicia 2011.

No cadro 8.4 divídese o número total de participantes en función, primeiro, da modalidade de impartición da formación; e segundo, do nivel de formación. Isto permite concluír que o 49,2% dos participantes completan a súa formación de xeito presencial, mentres que un 29% faíno a distancia, producíndose unha combinación mixta de ambos os dous modelos nun 16,7% de casos, e optando pola Teleformación só nun 5,1% de casos. Os niveis de formación son básicos nun 46,5%, e superior nun 53,5%.

Nº de participantes formados segundo grupo de cotización á Seguridade Social**■ Cadro 8.4**

Modalidade de impartición	Participantes formados	% Col
Presencial	83.942	49,2
A distancia	49.378	29,0
Mixta	28.427	16,7
Teleformación	8.735	5,1
Nivel de formación		
Básico	79.273	46,5
Superior	91.209	53,5
Total	170.482	100,0

Fonte: Fundación tripartita para a formación do emprego. Datos de Galicia 2011.

O cadro 8.5 danos información do número de participantes formados e distribución polos 20 contidos formativos con maior número de participantes, que supoñen o 76,2% da totalidade de accións formativas. Do total de 170.482 participantes, “Prevención de riscos laborais en xeral” concentra o maior número, 41.532 (24,4%), mentres que as dúas seguintes accións de maior número de formados son a Xestión de Recursos Humanos (6,7) e Manipulación e Control (5,9).

■ Cadro 8.5

Accións formativas	Participantes formados	% parciais
Prevención de riscos laborais en xeral	41.532	24,4
Xestión de Recursos Humanos	11.452	6,7
Manipulación e control	10.040	5,9
Informática e Ofimática	9.092	5,3
Idiomas	7.433	4,3
Lexislación e normativa	7.170	4,2
Técnicas de venta e formación de vendedores	5.043	2,9
Seguridade e Vixilancia	4.374	2,5
Xestión Comercial	4.064	2,4
Mantenimento industrial	3.428	2,0
Atención o cliente	3.394	1,9
Calidade	3.185	1,8
Actualización de docencia	3.169	1,8
Socorrismo e primeiros auxilios	2.888	1,7
Coñecemento do produto	2.564	1,5
Operación de maquinaria. Construcción	1.976	1,1
Xestión de produción	1.864	1,1
Almacenaxe	1.856	1,1
Competencias específicas oficios de construción	1.715	1,0
Análisis e control financeiro	1.367	0,8
Subtotal	127.606	74,8
Resto	42.876	25,2
Total	170.482	100

Fonte: Fundación tripartita para a formación do emprego.

8.4 Formación profesional ocupacional

O sistema de formación profesional (FP) está dividido en dous subsistemas: a FP inicial ou específica, pertencente ao sistema educativo e a FP para o emprego, que engloba as antigas formación ocupacional e continua, centrada no ámbito laboral e dirixida aos traballadores desempregados e ocupados.

A Consellería de Traballo e Benestar ten atribuído o exercicio das competencias e funcións relativas á formación profesional para o emprego, xestionándose pola Dirección Xeral de Formación e Colocación, a través da Subdirección Xeral de Formación para o Emprego.

Inclúese a continuación un cadro resumo dos cursos de formación para o emprego, tanto para persoas desempregadas como para ocupadas, impartidos en Galicia no 2011.

■ Cadro 8.6

Formación Profesional dirixida prioritariamente a persoas desempregadas

	Cursos	Alumnos/as	Orzamento
AFD programación provincial	695	10.470	44.215.534
AFD programación pluriprovincial	386	5.790	23.321.023
AFD medios propios	67	1.040	3.738.968
Total	1.148	17.300	71.275.525

Fonte: Consellería de Traballo e Benestar. Dirección Xeral de Formación e Colocación.

8.4.1 Formación profesional dirixida prioritariamente ás persoas traballadoras desempregadas

A formación profesional dirixida prioritariamente ás persoas traballadoras desempregadas é unha política activa de emprego que ofrece cursos de formación gratuítos para traballadores/as desempregados (AFD), convocada anualmente pola Dirección Xeral de Formación e Colocación, lévanse a cabo accións formativas para persoas desempregadas inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia. Estas accións están incluídas no Programa Operativo Plurirexional Adaptabilidade e Emprego.

As programacións levadas a cabo durante o ano 2011 na formación profesional dirixidas prioritariamente a persoas desempregadas en Galicia abranguen cinco grupos fundamentais:

- Cursos de AFD de programación ordinaria.
- Cursos de AFD con compromiso de contratación.
- Cursos de AFD impartidos en centros de formación de titularidade da Xunta de Galicia
- Cursos experimentais e complementarios das especialidades do ficheiro do Servizo Público do Emprego Estatal
- Cursos do Plan autonómico de formación de formadores

8.4.1.1 Accións formativas dirixidas prioritariamente a persoas traballadoras desempregadas (AFD)

A normativa básica reguladora do plan AFD está contida no Real decreto 395/2007, do 23 de marzo, polo que se regula o subsistema de formación profesional para o emprego, desenvolvido pola Orde TAS/718/2008, do 7 de marzo, pola que se regula o subsistema de formación profesional para o emprego, en materia de formación de oferta e se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións públicas destinadas á súa financiación. Neste marco xurídico, a Consellería publicou a Orde do 30 de decembro de 2010 pola que se establecía a convocatoria pública para a programación de accións formativas dirixidas prioritariamente ás persoas traballadoras desempregadas na Comunidade Autónoma de Galicia correspondentes ao exercicio de 2011 (DOG nº4, do 7 de xaneiro).

Ao abeiro desta convocatoria, no ano 2011 programáronse un total de 1.148 cursos, cun orzamento total de 71.275.525 euros, segundo se especifica nos apartados que se desenvolven a continuación.

Distribución da programación por áreas funcionais

A consellería distribúe a súa programación por áreas funcionais. Estas son unha agrupación das comarcas en conxuntos territoriais do mapa comarcal de Galicia. Con isto preténdese agrupar a aqueles concellos que teñen unhas características comúns no relativo ás necesidades de formación e ás características de desemprego nestes.

A continuación recóllese a programación correspondente ao exercicio do ano 2011 distribuída polas áreas funcionais das catro provincias.

Formación ocupacional. Plan AFD. Programación. Por áreas funcionais. Por provincias. Galicia 2011

■ Cadro 8.7

Programación AFD 2011 - A Coruña			
	Cursos	Alumnos/as	Orzamento
A Barcala	5	75	235.958
A Coruña	140	2.117	8.266.322
Arzúa	5	75	294.479
Barbanza	12	180	948.455
Bergantiños	13	190	1.109.779
Betanzos	8	120	470.989
Eume	7	105	495.647
Ferrolterra	55	825	3.533.824
Fisterra	4	60	183.869
Muros	3	45	96.176
Noia	6	90	299.123
Ordes	2	30	80.012
Ortegal	5	75	270.635
Santiago	1	15	34.861
Terra de Melide	89	1.365	5.965
Terra de Soneira	3	45	159.769
Xallas	2	30	127.340
Total A Coruña	364	5.502	22.816.702
Programación AFD 2011 - Lugo			
	Cursos	Alumnos/as	Orzamento
A Fonsagrada	2	30	122.711
A Mariña Central	14	210	777.777
A Mariña Occidental	17	255	728.390
A Mariña Oriental	7	105	428.819
A Ulloa	4	60	328.121
Chantada	4	60	204.561
Lugo	85	1.260	5.040.446
Meira	1	15	45.762
Os Ancares	3	45	203.120
Quiroga	2	30	96.726
Sarria	8	120	489.570
Terra Chá	11	168	684.486
Terra de Lemos	18	270	993.569
Total Lugo	176	2.628	10.144.056

**Formación ocupacional. Plan AFD. Programación.
Por áreas funcionais. Por provincias. Galicia 2011**

**■ Cadro 8.7
(Continuación)**

	Cursos	Alumnos/as	Orzamento
Programación AFD 2011 - Ourense			
A Limia	17	261	874.669
Allariz-Maceda	6	90	273.756
Baixa Limia	5	75	225.269
O Carballiño	14	215	825.769
O Ribeiro	10	150	535.483
Ourense	161	2.400	10.185.258
Terra de Celanova	7	105	382.727
Valdeorras	20	300	978.708
Verín	23	345	1.056.690
Viana	3	45	101.253
Total Ourense	266	3.986	15.439.580
Programación AFD 2011- Pontevedra			
A Paradanta	4	60	245.041
Caldas	15	225	949.230
O Baixo Miño	14	210	1.195.478
O Condado	11	165	652.673
O Deza	22	330	1.401.432
O Morrazo	21	315	1.502.920
O Salnés	31	465	1.643.154
Pontevedra	42	630	2.635.042
Taboíros-Terra de Montes	21	350	1.416.552
Vigo	161	2.434	11.233.665
Total Pontevedra	342	5.184	22.875.187
Total FIP Galicia	1.148	17.300	71.275.525

Fonte: Consellería de Traballo e Benestar. Dirección Xeral de Formación e Colocación.

Seguimento e control dos cursos

A consellería realiza unha actividade de seguimento e control da calidade dos cursos impartidos dentro de cada programación.

Para estes efectos, os técnicos de formación dos departamentos territoriais da consellería realizan, durante o período da súa impartición, unha media de tres visitas a cada un dos cursos aprobados dentro da programación. Nestas visitas emítese un informe que, con independencia doutros efectos, servirá para valorar a calidade dos cursos impartidos por cada entidade con vistas ao baremo que servirá para aprobar a programación do ano seguinte.

O informe de inserción laboral dos cursos

A través do cruce dos datos do sistema informático de formación ocupacional (SIFO) e do Servizo Público de Emprego de Galicia elabórase un informe sobre a inserción laboral dos alumnos participantes nos cursos de formación profesional para o emprego dirixidos prioritariamente as persoas traballadoras desempregadas, que remataron o curso con avaliación positiva.

Neste momento, e dado que a data límite para o remate dos cursos da programación do ano 2011 era a do 30 de novembro, só se conta cos datos de inserción laboral referidos á programación de 2010.

O informe xeral da inserción laboral dos cursos da programación do 2011 reflicte, aos doce meses desde a data límite para a finalización dos cursos, unha cifra do 46,8% dos alumnos inseridos laboralmente.

Inscripción/Acreditación de centros

No ano 2011 publicouse o Decreto 106/2011, do 19 de maio, polo que se crea o Rexistro de Centros e Entidades de Formación para o Emprego da Consellería de Traballo e Benestar e se regula o procedemento para a inscrición e, se é o caso, acreditación dos centros e entidades de formación para o emprego no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG nº 110, do 9 de xuño). Esta norma derroga o Decreto 158/2011, do 29 de xuño, aínda que recolle no novo rexistro os centros homologados pola normativa anterior; que terán un prazo de dous anos para adaptarse ás esixencias da nova norma.

Os centros e entidades de formación para o Emprego da Consellería de Traballo e Benestar son aquelas entidades que, cumpridos os requisitos e seguido o procedemento establecido na normativa vixente, obtiveron a inscrición ou acreditación, segundo o caso, dalgunha especialidade formativa, outorgada por resolución da dirección xeral de Formación e Colocación, e a conseguinte inscrición no Rexistro de Centros e Entidades de Formación para o Emprego da Comunidade Autónoma de Galicia.

O Rexistro de centros e entidades de formación é un libro-rexistro, con soporte informático, no que se inscriben, co número de censo que corresponda, as entidades inscritas ou acreditadas nalgunha especialidade formativa.

Segundo se especifica na normativa vixente, todas as especialidades formativas que se impartan dentro da programación de AFD deberán estar incluídas no ficheiro de especialidades do Servizo Público de Emprego Estatal e comprenderán as especificacións técnico-docentes e o contido formativo axeitado de acordo co seu nivel formativo e o grao de dificultade establecido.

Isto fai que o Rexistro de centros e entidades sexa un instrumento fundamental de cara á aprobación das distintas programacións do Plan AFD e resalta a necesidade de contar cun amplo número de centros inscritos e de que estes contén coa maior variedade posible de especialidades formativas homologadas. A data 31 de decembro de 2011 había un total de 1.267 centros inscritos/acreditados en 560 especialidades diferentes.

Sectorialización

No ano 2011 continuouse co esforzo sostido de progresiva mellora no eido da calidade da formación, baseada nalgúns elementos clave: o axuste da oferta formativa anual aos requirimentos do mundo produtivo, o que implica unha metodoloxía de detección de necesidades de formación precisa e realista; a inserción laboral dos alumnos formados como referencia prioritaria; o perfeccionamento continuo dos docentes desde a vertente técnico-profesional e didáctica; a aproximación dos equipos e métodos de traballo ao que demandan as empresas, o que supón priorizar a formación no posto de traballo e as prácticas non laborais e, por último, a concreción de interlocutores sectoriais válidos e involucrados no proceso formativo.

O desenvolvemento da programación levada a cabo como consecuencia da Orde do 30 de decembro de 2010, pola que se establece a convocatoria pública para a programación dos cursos do Plan AFD para o exercicio do ano 2011, estivo centrada nos sectores que a continuación se especifican.

■ Cadro 8.8

Sectorialización

	Cursos	Alumnos/as	Orzamento
Imaxe Persoal	17	255	1.152.097
Artes Gráficas	44	660	2.378.533
Fabricación Mecánica	22	330	3.001.615
Seguridade e Medioambiente	11	165	535.025
Sanidade	81	1.215	2.849.952
Transporte e Mantemento de Vehículos	98	1.469	5.885.011
Informática e Comunicacions	90	1.350	7.174.481
Comercio e Marketing	43	645	2.330.081
Marítimo Pesqueira	1	15	42.623
Agraria	31	465	1.533.304
Madeira, Moble e Corcho	9	135	981.874
Administración e Xestión	11	165	326.828
Actividades Físicas e Deportivas	219	3.285	15.125.901
Edificación e Obra civil	4	60	455.159
Instalación e Mantemento	29	435	2.685.250
Imaxe e Son	5	75	415.899
Téxtil, Confección e Pel	1	15	39.963
Electricidade e Electrónica	25	375	2.161.386
Hostelería e Turismo	70	1.050	3.974.468
Artes e Artesanías	5	75	447.472
Servizos Socioculturais e á Comunidade	175	2.625	8.830.425
Energía e Auga	37	555	2.932.411
Industrias Alimentarias	6	90	330.051
Total FIP sin compromiso	1.034	15.509	65.589.809

Fonte: Consellería de Traballo e Benestar. Dirección Xeral de Formación e Colocación.

8.4.2 Cursos con compromiso de contratación

No exercicio do ano 2011 mantívose o criterio de potenciar a figura dos cursos de formación profesional para o emprego con compromiso de contratación, mantendo o requisito dos anos anteriores de contratar, como mínimo, un 60% dos alumnos que inicien o curso por un período mínimo de 6 meses a xornada completa ou tempo equivalente, no caso de que a contratación non sexa a xornada completa.

Cursos con compromiso de contratación. 2011

■ Cadro 8.9

	Cursos	Alumnos/as	Orzamento
A Coruña	20	312	664.812
Lugo	5	58	285.992
Ourense	12	235	568.913
Pontevedra	10	146	426.032
Total AFD con compromiso	47	751	1.945.749

Fonte: Consellería de Traballo e Benestar. Dirección Xeral de Formación e Colocación.

Distribución sectorial

A distribución sectorial da programación dos cursos con compromiso de contratación foi a seguinte:

Distribución Sectorial. 2011

■ Cadro 8.10

	Cursos	Alumnos/as	Orzamento
Imaxe Persoal	2	22	167.916
Fabricación Mecánica	1	20	52.356
Seguridade e Medioambiente	8	158	578.083
Comercio e Marketing	21	363	519.177
Informática e Comunicacóns	4	60	260.369
Transporte e Mantenemento de Vehíc.	1	15	18.146
Electricidade e Electrónica	1	15	47.675
Téxtil, Confección e Pel	3	30	103.956
Servicios Socioculturais e á Comunidade	5	55	171.895
Industrias Alimentarias	1	13	26.177
Total AFD con compromiso	47	751	1.945.749

Fonte: Consellería de Traballo e Benestar. Dirección Xeral de Formación e Colocación.

8.4.3 Programación en centros propios

Con cargo ao orzamento do Plan AFD impartíronse, na programación do ano 2011, un total de 67 cursos de formación profesional para o emprego en centros de titularidade da Xunta de Galicia, por un importe total de 3.738.969 euros. Nestes cursos participaron 1.040 alumnos.

Estes cursos impartíronse tanto nos centros propios da Consellería de Traballo e Benestar como nos centros integrados dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Os centros de formación profesional ocupacional dependentes da Consellería de Traballo e Benestar son os de Santiago de Compostela, Ferrol, Lugo, Viveiro, Bueu, Santa María de Europa (Ourense), Coia-Vigo e Centro de Novas Tecnoloxías de Santiago, así como as unidades de acción formativa (UAF) de Ames, Melide, Negreira e Monforte de Lemos. Impártense cursos, así mesmo, no centro de formación de Labañou (A Coruña).

Os centros integrados da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria nos que se impartiron cursos de formación para o emprego no 2011 son: CIFP A

Granxa, CIFP Anxel Casal, CIFP Fene, CIFP Carlos Oroza, CIFP Compostela, CIFP Valentín Paz Andrade, CIFP Politécnico Santiago, CIFP Rodolfo Ucha Piñeiro, CIFP A Farixa, CIFP Someso e CIFP Porta da Auga.

CURSOS DE MEDIOS PROPIOS – 2011

■ Cadro 8.11

Cursos de medios propios. 2011

	Cursos	Alumnos/as	Orzamento
A Coruña	25	410	1.034.577
Lugo	7	105	299.441
Ourense	20	300	1.641.567
Pontevedra	15	225	763.384
Total AFD medios propios	67	1.040	3.738.969

Fonte: Consellería de Traballo e Benestar. Dirección Xeral de Formación e Colocación.

Distribución sectorial

A distribución sectorial dos cursos impartidos ao longo do ano 2011 en centros propios foi a seguinte:

■ Cadro 8.12

Distribución sectorial. 2011

	Cursos	Alumnos/as	Orzamento
Imaxe Persoal	17	255	1.152.097
Artes Gráficas	44	660	2.378.533
Fabricación Mecánica	22	330	3.001.615
Seguridade e Medioambiente	11	165	535.025
Sanidade	81	1.215	2.849.952
Transporte e Matenemento de Vehículos	98	1.469	5.885.011
Informática e Comunicacions	90	1.350	7.174.481
Comercio e Márketing	43	645	2.330.081
Marítimo Pesqueira	1	15	42.623
Agraria	31	465	1.533.304
Madeira, Moble e Corcho	9	135	981.874
Actividades Físicas e Deportivas	11	165	326.828
Administración e Xestión	219	3.285	15.125.901
Instalación e Mantemento	4	60	455.159
Edificación e Obra Civil	29	435	2.686.250
Imaxe e Son	5	75	415.899
Química	1	15	39.963
Electricidade e electrónica	25	375	2.161.386
Hostelería e Turismo	70	1.050	3.974.428
Artes e Artesanías	5	75	447.472
Servizos Socioculturais e á Comunidade	175	2.625	8.830.425
Energía e Auga	37	555	2.932.411
Industrias Alimentarias	6	90	330.051
Total AFD sin compromiso	1.034	15.509	65.590.809

Fonte: Consellería de Traballo e Benestar. Dirección Xeral de Formación e Colocación.

8.4.4 Plan autonómico de formación de formadores

Continuando coa aplicación do Decreto 292/2000, do 21 de decembro, que aproba o certificado de profesionalidade da ocupación de formador ocupacional, durante o ano 2011 ofrecéronse desde a Dirección Xeral de Formación e Colocación dous cursos on-line nesta materia, correspondentes á unidade de competencia 9409 “Contribuír activamente á mellora da calidade da formación”, ambas pertencentes ao curso SSCFI0.

8.4.5 O Plan de perfeccionamento técnico

O Instituto de Emprego-Servizo Público de Emprego Estatal convoca anualmente unha serie de cursos de perfeccionamento técnico para os docentes dos cursos do plan AFD, que se levan a cabo nos centros nacionais de formación profesional para o emprego distribuídos por todo o territorio do Estado.

Nesta área a Dirección Xeral de Formación e Colocación realiza unha función de intermediación en dúas fases:

- Dar a publicidade necesaria á convocatoria do Instituto de Emprego-Servizo Público de Emprego Estatal entre os docentes que realizan o seu labor no ámbito da comunidade autónoma.
- Remitir, informadas pola dirección xeral de Formación e Colocación, as solicitudes de participación nestes cursos presentados polos docentes.

No ano 2011 na Comunidade Autónoma de Galicia programáronse 4 cursos no Centro Nacional de Formación Ocupacional de Santiago de Compostela, aos que asistiron docentes do Plan AFD

8.4.6 Plan de calidade en centros de formación profesional para o emprego

No ano 2004 iniciouse un novo proceso no camiño da calidade nos centros de formación profesional ocupacional, que tiña como obxectivo a implantación dun sistema de xestión de calidade segundo os requisitos da norma internacional de calidade UNE en ISO 9001:2000 nestes centros.

Esta implantación tivo dous apartados, un para a totalidade dos procesos dos seis centros propios da Xunta de Galicia e en oito centros colaboradores. Outro, para os procesos operativos dos centros, para os que se fixeron accións nos seis centros propios e en dúas unidades de acción formativa.

Unha vez rematado o traballo pola empresa encargada de realizar estas labores, logrouse a implantación do sistema, en todos os seus procesos, en cinco dos seis centros existentes, así como dos procesos clave no Centro Nacional de Santiago de Compostela e nas unidades de acción formativa de Monforte de Lemos e Ames. Ao mesmo tempo, logrouse a implantación do sistema, en todos os seus procesos, nos oito centros colaboradores que participaron neste proceso.

O obxectivo final acadado foi a certificación en calidade por parte da Asociación Española de Normalización e Certificación, AENOR, dos centros de formación profesional ocupacional de Ferrol, Viveiro, Lugo, Santa María de Europa de Ourense e Coia-Vigo, así como oito dos centros colaboradores participantes.

No ano 2006 desenvolveuse un proceso de mellora no sistema de xestión de calidade para garantir o mantemento e vixencia da certificación en calidade nos cinco centros que xa a posuían. Finalizouse tamén a implantación do sistema no Centro Nacional de Santiago de Compostela, acadando tamén para este centro a antedita certificación de calidade.

Nos anos 2007, 2008 e 2009 leváronse a cabo distintas actuacións para, por unha banda, acadar a renovación da certificación por parte do organismo certificador e, por outra, desenvolver un proceso de mellora do sistema de xestión de calidade implantado nos centros, adaptando o sistema ás necesidades de cada centro e certificando o centro de Bueu.

No ano 2010 certificouse en calidade ao centro de Novas Tecnoloxías de Santiago de Compostela.

8.5 Formación profesional dirixida prioritariamente a persoas traballadoras ocupadas

A formación profesional dirixida prioritariamente a ocupados/as regulada no Real decreto 395/2007 do 23 de marzo, ten como finalidade proporcionarlle aos traballadores ocupados a cualificación que poidan necesitar ao longo da súa vida laboral, co fin de que obteñan os coñecementos e prácticas axeitados aos requirimentos que en cada momento precisan as empresas, e permita compatibilizar a súa maior competitividade coa mellora da capacitación profesional e promoción individual do traballador.

Dentro da formación para o emprego dirixida prioritariamente a traballadores/as ocupados/as existen dous tipos de actuacións: as incluídas dentro do Programa Operativo Plurirexional, que englobaría os plans formativos e as accións de apoio e acompañamento á formación, e as incluídas no Programa Operativo FSE Galicia 2007-2013, que incluíría as accións formativas dirixidas prioritariamente ás persoas traballadoras.

8.5.1 Plans de Formación

A normativa reguladora dos plans de formación recóllese na Orde do 9 de xuño de 2010, pola que se aproba a convocatoria de subvencións para o financiamento de plans de formación sectoriais e intersectoriais dirixidas prioritariamente a persoas traballadoras ocupadas mediante a subscrición de convenios de ámbito autonómico, en aplicación da Orde TAS/718/2008, do 7 de marzo, e se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións públicas destinadas ao seu financiamento (DOG nº 134, do 15 de xullo) Esta orde é plurianual, correspondendo a súa execución ao período 2010-2011.

Accións e orzamento

Os plans de formación intersectoriais contaron cun orzamento de 17.792.250 euros, e deu lugar ás seguintes actuacións:

Distribución Plans de Formación Intersectorial 2010-2011

■ Cadro 8.13

	Entidades	Plans	Accións Formativas
Intersectorial	10	10	541
Autónomos	12	12	78
Economía Social	4	4	53
Total Intersectorial	26	26	672

Fonte: Consellería de Traballo e Benestar. Dirección Xeral de Formación e Colocación.

Así mesmo, os plans de formación sectoriais deron lugar ás seguintes actuacións:

Distribución Plans de Formación Sectoriais 2010-2011

■ Cadro 8.14

	Entidades	Plans	Accións Formativas
Administración e Novas Tecnolox.	19	19	116
Comercio, Hostelería e Agropesqueira	40	40	215
Construción e Madeira	17	17	98
Metal	8	8	87
Servizos a comunidade	36	36	267
Textil, vidro, cerámica, artesanía	9	9	57
Transporte	16	16	47
Total Sectorial	145	145	887

Fonte: Consellería de Traballo e Benestar. Dirección Xeral de Formación e Colocación.

8.5.2 Accións de apoio e de acompañamento á formación

Os proxectos obxecto de financiamento nesta convocatoria terán como finalidade o desenvolvemento de accións de investigación e prospección do mercado de traballo para anticiparse aos cambios nos sistemas produtivos, a análise da repercusión da formación para o emprego na competitividade das empresas e na cualificación dos traballadores, a elaboración de produtos e ferramentas innovadoras relacionadas coa formación para o emprego e a determinación das necesidades de formación precisas para coadxuvar no progreso económico dos sectores produtivos no conxunto da economía.

Aparecen regulados na Orde do 4 de setembro de 2010 pola que se aproba a convocatoria para a concesión de subvencións públicas destinadas á realización de accións de apoio e de acompañamento á formación, de ámbito autonómico, en aplicación da Orde TIN/2805/2008, do 26 de setembro, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións públicas destinadas ao seu financiamento (DOG nº 182, do 21 de setembro).

Beneficiarios e orzamento

Ao abeiro desta orde programáronse un total de 34 proxectos dirixidos ao estudo da formación profesional para o emprego en Galicia. O orzamento foi de 3.236.443 euros.

Formación no emprego 2011.
Principais indicadores segundo Comunidade Autónoma

■ **Cadro 8.15**

Total Nacional

Formación de Demanda	Ejercicio 2011
Participantes formados	2.986.493
Taxa de cobertura (1)	24,7
Media de horas de formación	27,0
Empresas formadoras	432.182
Taxa de cobertura (2)	28,8
Financiación	
Crédito asignado	763.772.616,1
Crédito disposto	560.921.613,40
Formación de Oferta estatal	
Participantes formados estimados	600.000
Taxa de cobertura ocupados (4) (3)	22,6

Total Galicia (*)

Formación de Demanda	Ejercicio 2011
Participantes formados	170.482
Taxa de cobertura (1)	25,9
Media de horas de formación	31,7
Empresas formadoras	36.762
Taxa de cobertura (2)	37,5
Financiación	
Crédito asignado	40.872.668,01
Crédito disposto	31.705.794,04

(*) Os participantes asignanse á Comunidade Autónoma onde está o seu centro de traballado. A Comunidade da empresa é aquela onde ten lugar a súa actividade principal medida polo número de traballadores. Os participantes formados, por tanto, poden ser de empresas con actividade principal noutra Comunidade Autónoma, e as empresas poden ter participantes formados doutros centros de traballo ubicados en comunidades autónomas distintas.

(1) % de participantes formados na iniciativa de Demanda sobre asalariados do sector privado EPA 2011.

(2) % de empresas formadoras sobre empresas en alta na Tesorería Xeral da Seguridade Social (agás sector público).

(3) Dato estimado a partir do compromiso de execución por parte das entidades beneficiarias.

(4) % de participantes formados en Demanda e Oferta estatal sobre ocupados EPA 2011. Para o calculo desta tasa excluíronse os participantes desempregados da iniciativa de oferta.

(5) Empresas con todos ou a maior parte dos seus traballadores na Comunidade Autónoma, según a Tesorería Xeral da Seguridade Social.

Fonte: Fundación Tripartita para a Formación do Emprego.

Parte I A NEGOCIACIÓN COLECTIVA EN GALICIA

9.1 Metodoloxía

A primeira parte deste capítulo recolle unha análise dos convenios colectivos asinados e revisados durante este ano en Galicia.

O criterio de inclusión que se utiliza é o da vixencia económica, polo que os convenios que se teñen en conta neste informe son os asinados e revisados en 2011 que teñen vixencia e efectos económicos durante este ano 2011 así como os convenios asinados ou revisados nos últimos días do ano anterior que teñen vixencia e inicio de efectos en 2011. Non se consideraron aqueles convenios que, aínda que foron asinados ou revisados durante o ano 2011, non teñen efectos económicos para este ano.

O informe abarca a negociación colectiva estatutaria, de eficacia xeral, os pactos extraestatutarios e os acordos reguladores para persoal funcionario e pactos de tipo mixto que regulan de xeito unitario a todo tipo de persoal que presta servizos nas distintas administracións públicas, na medida en que se ten coñecemento deles.

Os datos estatísticos que figuran neste informe foron elaborados tendo en conta o contido dos convenios colectivos e o establecido nas follas estatísticas que de xeito preceptivo os acompañan.

Dende a posta en marcha durante este ano do programa REGCON para o rexistro e depósito de convenios e acordos colectivos de traballo por medios telemáticos, a información extráese directamente do programa desde este Consello.

Para o cálculo da media ponderada do incremento salarial pactado tivéronse en conta os incrementos salariais indicados nos convenios de xeito porcentual e as cláusulas de revisión salarial recollidas neles de igual xeito, sen ter en conta os incrementos lineais ou os convenios nos que se indican varios incrementos.

Calcúlase tamén neste informe a media ponderada tendo en conta os incrementos salariais indicados para este ano 2011 nos convenios asinados en anos anteriores e as cláusulas de revisión salarial do ano 2010 que non tiñan efectos retroactivos senón que indicaban o inicio dos seus efectos para 2011.

Para determinar a xornada media pactada tivéronse en conta unicamente os convenios que a regulan de xeito anual, que foron 102 este ano, o 62,2% do total de convenios asinados e revisados.

A segunda parte do capítulo refírese aos convenios de ámbito superior ao da Comunidade Autónoma que afectan a traballadores/as en Galicia.

Tendo en conta estes datos, inclúese tamén a media ponderada considerando os incrementos salariais indicados nestes convenios.

A información recóllese dos convenios publicados no BOE que teñen vixencia para o ano 2011 ou posterior; combinando esta información coa remitida pola Subdirección Xeral de Estatística do Ministerio de Emprego e Seguridade Social e a extraída do programa REGCON co fin de recoller só os que afectan a traballadores/as nalgunha das catro provincias galegas.

Nos convenios de sector o dato do número de traballadores/as aos que afectan foi elaborado polo IGE baseándose no traballo realizado neste Consello no que se recollen os CNAE's incluídos no ámbito de aplicación dos ditos convenios.

A fonte dos datos remitidos polo IGE son as Contas de cotización á Seguridade Social (Tesourería Xeral da Seguridade Social).

Nos convenios de empresa estes datos recóllense dos remitidos polo Ministerio ou extraídos do programa REGCON e/ou contactando directamente cos departamentos de recursos humanos das empresas.

9.2 Estrutura da negociación colectiva

O número de convenios colectivos que existen en Galicia a 31 de decembro de 2011 é de 830, xa sexan vixentes ou prorrogados tacitamente (Cadro 9.1). Os traballadores/as aos que afectan son 428.471.


**Evolución da estrutura global da negociación colectiva.
Por provincias. Galicia. 2006-2011**

■ **Cadro 9.1**


	C. Autónoma / Interprov. C.A.	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
Sector	14	34	23	21	34	126
Empresa	45	195	63	57	228	588
Total 2006	59	229	86	78	262	714
Sector	14	34	23	21	33	125
Empresa	45	203	66	59	234	607
Total 2007	59	237	89	80	267	732
Sector	15	34	23	21	34	127
Empresa	47	210	69	60	247	633
Total 2008	62	244	92	81	281	760
Sector	17	34	23	21	34	129
Empresa	47	222	72	65	261	667
Total 2009	64	256	95	86	295	796
Sector	19	34	23	21	34	131
Empresa	48	231	73	64	269	685
Total 2010	67	265	96	85	303	816
Sector	19	31	23	21	32	126
Empresa	46	241	73	66	278	704
Total 2011	65	272	96	87	310	830

Neste cómputo total contabilízanse convenios colectivos e acordos reguladores.
Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia.

Ano 2011. Distribución territorial



Ano 2011. Representación porcentual da distribución territorial



Refírense estes datos a convenios de empresa e de sector negociados en Galicia, incluíndo neste total tamén aqueles pactos de eficacia limitada e acordos reguladores dos que se ten coñecemento.

Asináronse por primeira vez este ano 17 novos convenios (son todos de empresa, (Cadro 9.2) que afectan a 585 traballadores/as.

Convenios colectivos de sector e empresa asinados por vez primeira. Por provincias e sectores económicos. Galicia. 2011


■ Cadro 9.2

Sector	C. Autónoma / Interprov. C.A.	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
Agric. e Pesca	-	-	-	-	-	0
Industria	-	-	-	-	-	0
Construción	-	-	-	-	-	0
Servizos	-	-	-	-	-	0
Total	0	0	0	0	0	0

Empresa	C. Autónoma / Interprov. C.A.	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
Agric. e Pesca	-	-	-	-	-	0
Industria	-	1	-	-	5	6
Construción	-	-	-	-	-	0
Servizos	-	7	-	1	3	11
Total	0	8	0	1	8	17

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia.

Convenios colectivos de empresa negociados por primeira vez. Porcentaxe provincial



Durante o ano 2011 foron asinados e/ou revisados 164 convenios (119 convenios asinados e 45 revisados), dos que 51 son de sector (26 asinados e 25 revisados) e 113 son de empresa (93 asinados e 20 revisados).


Os Cadros 9.3 e 9.4 recollen estes datos por provincias así como a evolución no número de convenios asinados e revisados no período 2006 – 2011.

Evolución dos convenios colectivos asinados. Por provincias. Galicia. 2006-2011

■ Cadro 9.3

	C. Autónoma / Interprov. C.A.	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
Sector	2	10	5	13	12	42
Empresa	16	46	14	15	60	151
Total 2006	18	56	19	28	72	193
Sector	4	10	5	9	13	41
Empresa	8	44	24	14	64	154
Total 2007	12	54	29	23	77	195
Sector	7	29	23	14	58	131
Empresa	5	8	9	12	9	43
Total 2008	12	37	32	26	67	174
Sector	4	4	3	10	9	30
Empresa	9	38	8	10	66	131
Total 2009	13	42	11	20	75	161
Sector	4	6	3	8	9	30
Empresa	7	30	16	10	54	117
Total 2010	11	36	19	18	63	147
Sector	4	3	7	9	3	26
Empresa	7	30	8	10	38	93
Total 2011	11	33	15	19	41	119


Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia.



**Evolución dos convenios colectivos revisados.
Por provincias. Galicia. 2006-2011**
■ Cadro 9.4

	C. Autónoma / Interprov. C.A.	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
Sector	1	7	10	7	10	35
Empresa	2	7	5	6	9	29
Total 2006	3	14	15	13	19	64
Sector	1	6	5	8	9	29
Empresa	4	6	4	3	9	26
Total 2007	5	12	9	11	18	55
Sector	3	5	5	2	6	21
Empresa	3	9	3	5	12	32
Total 2008	6	14	8	7	18	53
Sector	4	12	12	8	8	44
Empresa	4	9	9	1	6	29
Total 2009	8	21	21	9	14	73
Sector	7	6	7	7	4	31
Empresa	4	5	5	0	7	21
Total 2010	11	11	12	7	11	52
Sector	4	7	3	4	7	25
Empresa	0	5	7	0	8	20
Total 2011	4	12	10	4	15	45

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia.



Se ademais dos convenios asinados este ano se teñen en conta os convenios asinados en anos anteriores con vixencia para o ano 2011 ou posterior, o número de convenios con vixencia expresa para o 2011 é de 304. Estes convenios afectan a 261.557 traballadores/as.

Deles 60 son de sector (o 47,62% do total dos de sector existentes) e afectan a 225.915 traballadores/as e 244 son de empresa (o 34,66% do total dos de empresa existentes) e afectan a 35.642 traballadores/as.

9.3 Ámbitos de aplicación

9.3.1 Funcional

Dos 164 convenios asinados ou revisados este ano, o 31% son de sector (51 convenios) e o 69% de empresa (113 convenios). Non obstante o anterior, tal e como veremos na análise do ámbito persoal, a maioría dos traballadores/as e das empresas están afectados por convenios de sector:

Continuando coa mesma liña que en anos anteriores, seguen sendo o sector servizos e o da industria os que agrupan o maior número de convenios (Cadro 9.5).

Convenios colectivos asinados e revisados. Por sector e grupos de empresas, empresas e ámbitos inferiores. Por provincias e sectores económicos. Galicia. 2011

■ Cadro 9.5

	Agric. e Pesca	Industria	Construción	Servizos	Total
C. Autónoma / Interprov. C.A.					
Convenios de sector asinados	-	1	-	3	4
Convenios de sector revisados	-	-	1	3	4
Convenios de empresa asinados	-	3	-	4	7
Convenios de empresa revisados	-	-	-	-	0
A Coruña					
Convenios de sector asinados	-	-	1	2	3
Convenios de sector revisados	-	1	1	5	7
Convenios de empresa asinados	-	15	-	15	30
Convenios de empresa revisados	-	3	-	2	5
Lugo					
Convenios de sector asinados	-	2	-	5	7
Convenios de sector revisados	-	1	-	2	3
Convenios de empresa asinados	-	7	-	1	8
Convenios de empresa revisados	-	4	-	3	7
Ourense					
Convenios de sector asinados	-	3	1	5	9
Convenios de sector revisados	-	2	-	2	4
Convenios de empresa asinados	-	6	-	4	10
Convenios de empresa revisados	-	-	-	-	0
Pontevedra					
Convenios de sector asinados	-	1	1	1	3
Convenios de sector revisados	-	3	-	4	7
Convenios de empresa asinados	-	21	1	16	38
Convenios de empresa revisados	-	2	-	6	8
Galicia					
Convenios de sector asinados	0	7	3	16	26
Convenios de sector revisados	0	7	2	16	25
Convenios de empresa asinados	0	52	1	40	93
Convenios de empresa revisados	0	9	0	11	20

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia.

9.3.2 Territorial

Igual que en anos anteriores o ámbito territorial de negociación máis empregado foi o provincial, tan só o 9% dos convenios asinados e/ou revisados en 2011 foron de ámbito superior á provincia.

Por provincias, tal e como ven sendo habitual, Pontevedra é a que tivo máis actividade negociadora, o 34% do total, seguida da Coruña cun 27%.

9.3.3 Temporal

Nos Cadros 9.6 e 9.7 pódense apreciar as vixencias medias dos convenios colectivos de sector e de empresa respectivamente.


■ Cadro 9.6

Vixencias medias dos convenios colectivos de sector. Porcentaxe sobre o total de convenios asinados. Por provincias. Galicia. 2011

	C. Autónoma/ Interprov. C. A.		A Coruña		Lugo		Ourense		Pontevedra		Galicia	
	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%
Menos de 1 ano	-	0,00	-	0,00	-	0,00	-	0,00	-	0,00	0	0,00
1 ano	1	25,00	-	0,00	-	0,00	2	22,22	-	0,00	3	11,54
De 1 a 2 anos	-	0,00	-	0,00	-	0,00	-	0,00	-	0,00	0	0,00
2 anos	-	0,00	1	33,33	-	0,00	5	55,56	1	33,33	7	26,92
De 2 a 3 anos	-	0,00	-	0,00	-	0,00	-	0,00	-	0,00	0	0,00
3 anos	3	75,00	1	33,33	6	85,71	2	22,22	1	33,33	13	50,00
Máis de 3 anos	-	0,00	1	33,33	1	14,29	-	0,00	1	33,33	3	11,54
Total	4		3		7		9		3		26	

	Total		Con sentenza favorable ao traballador		Con sentenza favorable en parte ao trab.		Con sentenza desfavorable ao traballador		Por conciliación		Por desestímato		Por outras causas	
	2010	2011	2010	2011	2010	2011	2010	2011	2010	2011	2010	2011	2010	2011
	105.299	98.775	36.369	30.018	4.227	4.193	12.878	12.430	26.252	26.979	20.400	19.703	5.173	5.452
Total														
Galicia	5.959	6.474	2.236	2.337	310	407	1.007	1.162	1.215	1.205	926	1.030	265	333
A Coruña	2.465	2.821	983	1.058	140	120	354	461	488	523	384	436	116	223
Lugo	611	729	154	259	77	71	133	161	114	100	112	123	21	15
Ourense	490	528	223	205	34	89	79	101	76	58	52	51	26	24
Pontevedra	2.393	2.396	876	815	59	127	441	439	537	524	378	420	102	71

Fonte: Anuario de Estadísticas.

11.4 Sala do Social do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia

Este Tribunal ten atribuída en primeira instancia a competencia territorial de ámbito infracomunitario e tamén a función/competencia de actuar como segundo e último grao xurisdiccional na maioría dos litixios laborais exercendo o control de legalidade sobre as resolucións ditadas polos xulgados do social.

■ Cadro 11.19

Movemento de asuntos. Ano 2011

1º Trimestre 2011	Pendientes trimestre anterior	Ingresados no trimestre	Resoltos no trimestre	Pendientes ao final do trimestre
Procesos en única instancia	13	11	13	11
R. de Suplicación	8.942	1.637	1.759	8.820
Cuestións de competencia	0	0	0	0
Recursos de queixa	13	19	27	5
Total	8.987	1.684	1.823	8.848
2º Trimestre 2011				
Procesos en única instancia	11	5	8	8
R. de Suplicación	8.820	1.814	1.462	9.172
Cuestións de competencia	0	0	0	0
Recursos de queixa	5	11	11	5
Total	8.848	1.837	1.496	9.189
3º Trimestre 2011				
Procesos en única instancia	8	7	9	6
R. de Suplicación	9.172	1.138	916	9.394
Cuestións de competencia	0	0	0	0
Recursos de queixa	5	7	11	1
Total	9.189	1.163	944	9.408
4º Trimestre 2011				
Procesos en única instancia	6	1	6	1
R. de Suplicación	9.394	1.573	1.825	9.142
Cuestións de competencia	0	0	0	0
Recursos de queixa	1	12	9	4
Total	9.408	1.599	1.851	9.156

Fonte: Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. Sala do Social.

Sala do Social do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia

■ Cadro 11.20

Movemento de asuntos. Ano 2011

1º Trimestre 2011	Pendientes trimestre anterior	Ingresados no trimestre	Resoltos no trimestre	Pendientes ao final do trimestre
Procesos en única instancia	13	11	13	11
R. de Suplicación	8.942	1.637	1.759	8.820
Cuestións de competencia	0	0	0	0
Recursos de queixa	13	19	27	5
Total	8.968	1.667	1.799	8.836
2º Trimestre 2011				
Procesos en única instancia	11	5	8	0
R. de Suplicación	8.820	1.814	1.462	9.172
Cuestións de competencia	0	0	0	0
Recursos de queixa	5	11	11	5
Total	8.836	1.830	1.481	9.177
3º Trimestre 2011				
Procesos en única instancia	8	7	9	6
R. de Suplicación	9.172	1.138	916	9.394
Cuestións de competencia	0	0	0	0
Recursos de queixa	5	7	11	1
Total	9.185	1.152	936	9.401
4º Trimestre 2011				
Procesos en única instancia	6	1	6	1
R. de Suplicación	9.394	1.573	1.825	9.142
Cuestións de competencia	0	0	0	0
Recursos de queixa	1	17	9	4
Total	9.401	1.591	1.840	9.147

■ Cadro 11.21a

Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. Sala do Social

Recursos dictados en Recursos de Suplicación.
Segundo materias. 1º Trimestre de 2011

Sentenzas	Estimando (6)	Desestimando	Estimando (6)	Desestimando	Anulando	Total
Conflictos colectivos	1	7	2	10	0	20
Impugnación de convenios	0	1	0	1	0	2
Tutelas	0	1	0	0	0	1
Despedimentos	0	0	50	160	5	215
Extincións de contrato	0	0	3	20	2	25
Contrato de traballo	0	0	44	164	12	220
Seguridade Social	0	0	91	328	6	425
Desemprego	0	0	22	52	2	76
Invalidez (grado) e altas médicas	0	0	93	669		762
Sentenzas repetitivas	0	0	0	0	0	0
Outras	0	0	4	12	1	17
Total	1	9	309	1.416	28	1.763

■ **Cadro 11.21a**
(continuación)

Recursos dictados en Recursos de Suplicación.
Segundo materias. 2º Trimestre de 2011

Sentenzas	Estimando (6)	Desestimando	Estimando (6)	Desestimando	Anulando	Total
Conflitos colectivos	2	4	1	13	1	21
Impugnación de convenios	0	1	1	0	0	2
Tutelas	0	0	2	10	2	14
Despedimentos	0	0	60	246	7	313
Extincións de contrato	0	0	4	22	3	29
Contrato de traballo	0	0	44	164	11	219
Seguridade Social	0	0	79	342	3	424
Desemprego	0	0	1	12	0	13
Invalidez (grado) e altas médicas	0	0	30	350	0	380
Sentenzas repetitivas	0	0	0	0	0	0
Outras	0	0	9	18	3	30
Total	2	5	231	1.177	30	1.445

Recursos dictados en Recursos de Suplicación.
Segundo materias. 3º Trimestre de 2011

Sentenzas	Estimando (6)	Desestimando	Estimando (6)	Desestimando	Anulando	Total
Conflitos colectivos	4	1	4	5	0	14
Impugnación de convenios	0	0	0	0	0	0
Tutelas	0	0	0	10	0	10
Despedimentos	0	0	32	119	2	153
Extincións de contrato	0	0	2	12	2	16
Contrato de traballo	0	0	17	83	5	105
Seguridade Social	0	0	44	218	2	264
Desemprego	0	0	0	0	0	0
Invalidez (grado) e altas médicas	0	0	41	292	1	334
Sentenzas repetitivas	0	0	0	0	0	0
Outras	0	0	0	10	0	10
Total	4	1	140	749	12	906

Recursos dictados en Recursos de Suplicación.
Segundo materias. 4º Trimestre de 2011

Sentenzas	Estimando (6)	Desestimando	Estimando (6)	Desestimando	Anulando	Total
Conflitos colectivos	1	3	2	8	2	16
Impugnación de convenios	0	0	0	0	0	0
Tutelas	0	0	8	18	0	26
Despedimentos	0	0	64	249	10	323
Extincións de contrato	0	0	5	23	4	32
Contrato de traballo	0	0	61	203	18	282
Seguridade Social	0	0	86	432	2	520
Desemprego	0	0	11	54	1	66
Invalidez (grado) e altas médicas	0	0	43	485	1	529
Sentenzas repetitivas	0	0	0	0	0	0
Outras	0	0	1	19	1	21
Total	1	3	281	1.491	39	1.815

Fonte: Consello Xeneral do Poder Xudicial.

■ Cadro 11.21b

Recurso de Casación. Unificación de Doutrina. Ano 2011

	Elevados	Confirmado Totalmente	Revocados		Anulados
			Totalmente	Parcialmente	
1º Trimestre	85	78	1	0	0
2º Trimestre	90	90	2	0	0
3º Trimestre	65	48	2	0	0
4º Trimestre	48	76	9	1	0
Total	288	292	14	1	0

Fonte: Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. Sala do Social.

11.5 Xestión do Acordo Interprofesional Galego sobre Procedementos Extraxudiciais de Solución de Conflitos de Traballo (AGA)

Os expedientes xestionados ao abeiro do AGA dende os seus comezos en xuño de 1992 ata o 31 de decembro de 2011 son 723, cun total de 650.298 traballadores afectados.


Nunha primeira aproximación a esta estatística, podemos dicir que o 58,51% corresponde ao sector servizos, o 38,73% ao da industria, o 1,24% ao da pesca, o 1,24% ao da construción e o 0,28 ao de agricultura..

■ Cadro 11.22

AGA. Distribución territorial dos conflitos presentados. (1.06.1992 - 31.12.2011)

	C. Autónoma	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Total
Expedientes iniciados	82	283	101	31	226	723
Traballadores afectados	101.469	265.647	41.900	8.388	232.894	650.298
Expedientes de conflitos de sector	30	33	10	7	50	130
Traballadores afectados conf. sector	88.361	216.891	22.150	5.727	212.198	545.327
Expedientes de conflitos empresa	52	250	91	24	176	593
Traballadores afectados conf. empresa	13.108	48.756	19.750	2.661	20.696	104.971

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais.



No cadro 11.22 pódese apreciar a distribución destes expedientes segundo o ámbito xeográfico e diferenciando tamén os que corresponden a conflitos de empresa e de sector.

No ano 2011 iniciáronse 75 expedientes, que afectaron a 10.636 empresas e máis de 78.000 traballadores. Foi esta a cifra máis alta acadada polo AGA desde a súa posta en funcionamento, acadándose unha efectividade superior ao 89%.

Cadro 11.23

AGA. Total expedientes. 2011

Expedientes iniciados	75		
Expedientes desestimados	4		
Expedientes en tramitación	1		
Expedientes rexeitados	29		
Expedientes arquivados por solución previa	3		
Expedientes tramitados	38		
Conciliacións/Mediacións	30		
Arbitraxes	8		

Conflitos con resultado positivo	Empresas afectadas	Traballadores afectados
26	2.389	21.260
8	328	4.258
34	2.717	25.518

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais.

O cadro 11.23 resume os expedientes iniciados e xestionados ao abeiro do Acordo no ano 2011.


O 82,66% dos procedementos tramitados no ano 2011 foron conciliacións ou mediación que afectaron a 73.463 traballadores e 10.303 empresas. O 17,33% restante foron arbitraxes que afectaron a 4.736 traballadores e 333 empresas.

Cadro 11.24

AGA. Distribución territorial dos conflitos presentados. 2011

	C. Autónoma	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Total
Expedientes iniciados	7	25	11	4	28	75
Traballadores afectados	6.215	35.483	5.574	475	30.452	78.199
Expedientes de conflitos de sector	2	2	1	0	6	11
Traballadores afectados conf. sector	4.400	31.610	1.500	0	23.790	61.300
Expedientes de conflitos empresa	5	23	10	4	22	64
Traballadores afectados conf. empresa	1.815	3.873	4.074	475	6.662	16.899

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais.



O cadro 11.24 recolle a distribución territorial da conflitividade colectiva, diferenciando entre conflitos de sector e de empresa e indicando o número de traballadores afectados.

A provincia onde máis expedientes se iniciaron foi na de Pontevedra (cun 37,33% do total dos iniciados) seguida de A Coruña (33,33%).

Seguindo coa tendencia xeneralizada en anos anteriores a maioría dos conflitos presentados son de ámbito de empresa (o 78,66%).


O maior número de traballadores afectados polos expedientes presentados este ano pertence a A Coruña con 35.483 (un 45,38%), seguido de Pontevedra con 30.452 (38,94%).

■ Cadro 11.25

AGA. Resultado dos expedientes. Distribución territorial. 2011

	C. Autónoma	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Total
Expedientes iniciados	7	25	11	4	28	75
Expedientes desistidos	0	1	1	1	1	4
Expedientes rexeitados pola contraparte afectada	5	10	6	1	7	29
Conflitos resolto por acordo previo	0	0	0	0	3	3
Expedientes tramitados	2	14	4	2	16	38
Expedientes con resultado positivo	2	12	3	2	15	34
Expedientes con resultado negativo	0	2	1	0	1	4
Expedientes en tramitación	0	0	0	0	1	1

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais.




No cadro 11.25 pódese apreciar o resultado obtido polos procedementos presentados ao abeiro do AGA durante este ano.

AGA. Expedientes por sectores económicos e traballadores afectados. 2011

■ Cadro 11.26

	Nº expedientes	Traballadores
Agricultura	0	0
Pesca	0	0
Industria	35	10.463
Construción	2	4.000
Servizos	38	63.736
Total	75	78.199

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais.



O cadro 11.26 informa sobre a pertenza dos expedientes instados aos distintos sectores económicos de actividade, segundo o encadramento neles da empresa ou sector de procedencia do conflito.

Neste ano o 50,67% dos conflitos presentados proceden do sector servizos, o 46,67% do sector da industria e o 2,66% restante do sector da construción. O sector dos servizos é o que pertence o maior número de traballadores afectados, o 81,50%

Por último indicar que os procedementos de ámbito de sector iniciados foron os seguintes: Transporte de Enfermos e Accidentados en Ambulancia de Galicia (Mediación rexeitada pola parte empresarial), Oficinas e Despachos da Provincia de Pontevedra (Mediación rematada con acordo), Residencias Privadas da Terceira Idade de Galicia (Mediación rexeitada pola parte empresarial), Granito da Provincia de Pontevedra (Arbitraje rematada con laudo), Transporte de Mercadorías por Estrada da Provincia da Coruña (Mediación rexeitada pola parte empresarial), Comercio de Alimentación da Provincia de Pontevedra (Mediación rematada con acordo), Granito da Provincia de Pontevedra (Mediación que aínda se atopa en proceso de tramitación), Transformación da Madeira da Provincia de Lugo (Mediación rematada con acordo), Hostalería da Provincia da Coruña (Mediación rexeitada pola parte empresarial), Comercio por xunto de Peixe fresco da Provincia de Pontevedra (Mediación rexeitada pola parte empresarial).

A REGULACIÓN DE EMPREGO E O FONDO DE GARANTÍA SALARIAL

12

12.1 Introducción

Neste apartado, no que se examinan os expedientes de regulación de emprego tramitados e as e os traballadores afectados polos mesmos, téñense en conta, fundamentalmente, no referido a Galicia, os datos facilitados pola Consellería de Traballo e Benestar, competente nesta materia; completados con aqueles nos que, a súa competencia, se reserva á Administración Central, segundo os datos publicados polo Ministerio de Emprego e Seguridade Social. Así mesmo, hai que facer constar que a existencia de pacto refírese a aqueles casos en que se chegou a acordo coas representacións legais das e dos traballadores, non incluíndose, polo tanto, aqueles en que, aínda existindo algún tipo de acordo, este non vincula á autoridade laboral.

A regulación legal fai que se canalicen á vía xudicial posterior, extincións de contratos que antes requirían a autorización administrativa previa, non obstante é interesante o exame dos datos, xa que todas as suspensións de contratos por causas económicas, técnicas, organizativas ou de produción, ou as derivadas de forza maior canalízanse por esta vía, así como as extincións nos, agora denominados, despedimentos colectivos.

Inclúese tamén neste capítulo ó Fondo de Garantía Salarial (FOGASA) por estar intimamente relacionado coa regulación de emprego.

12.2 Regulación de emprego

No primeiro cadro ofrécese, con datos do Ministerio de Emprego e Seguridade Social, unha vision xeral dos traballadores afectados en Galicia polos efectos dos expedientes de regulación de emprego baseándose na información subministrada pola Dirección Xeral de Traballo, a Comunidade Autónoma ou a Área de Traballo dependendo da autoridade laboral á que compete a súa resolución. Examinando as cifras pode verse que os traballadores/as da provincia de Pontevedra son os máis afectados/as polos expedientes e, no que se refire concretamente aos de extinción, (cadro 12.2), a provincia de Pontevedra, é tamén a que maior número de traballadores/as afectados reflicte, aínda que A Coruña ten unha cifra non moi afastada.

Traballadores afectados por expedientes de regulación de emprego autorizados, por provincia. Galicia 2011

■ Cadro 12.1

A Coruña	6.794
Lugo	1.891
Ourense	1.496
Pontevedra	12.648
Galicia	22.829

Elaboración propia.

Fonte: Ministerio de emprego e Seguridade Social.

Traballadores afectados por medidas de extinción, por provincia. Galicia 2011

■ Cadro 12.2

A Coruña	1.421
Lugo	349
Ourense	292
Pontevedra	1.935
Galicia	3.997

Elaboración propia.

Fonte: Ministerio de emprego e Seguridade Social.

No que se refire concretamente aos tramitados pola Comunidade Autónoma, no cadro de expedientes resoltos (cadro 12.3), a provincia de Pontevedra, en xeral, é a que maior número de expedientes e traballadores/as afectados reflicte. Obsérvase que os expedientes autorizados pactados son claramente superiores aos que non teñen acordo.

■ Cadro 12.3

Expedientes de regulación de emprego resoltos e traballadores afectados, segundo o ámbito territorial, tipo e forma de resolución. Galicia 2011.

ÁMBITO	Expedientes autorizados								Expedientes non autorizados	Expedientes desistidos
	Pactados		Non Pactados		Sen período de consultas		Totais			
	Expedientes	Trab. Afectados	Expedientes	Trab. Afectados	Expedientes	Trab. Afectados	Expedientes autorizados	Trab. Afectados		
A Coruña	277	4.000	14	238	181	1.425	472	5.663	8	11
Lugo	94	1.199	1	27	53	334	148	1.560	0	4
Ourense	58	1.020	1	8	4	42	63	1.070	4	1
Pontevedra	639	10.096	18	458	78	820	735	11.374	16	23
Ámbito autonómico	18	1.053	1	112	0	0	19	1.165	0	4
Totais	1.086	17.368	35	843	316	2.621	1.437	20.832	28	43

Fonte: Consellería de Traballo e Benestar. Dirección Xeral de Relacións Laborais.

Na análise dos expedientes pola medida autorizada (cadro 12.4), pode verse a afectación maioritaria dos expedientes de medida de suspensión.

Expedientes de regulación de emprego autorizados segundo o ámbito territorial e a medida. Galicia 2011.

■ Cadro 12.4

ÁMBITO	Expedientes autorizados			
	Extinción	Suspensión	Redución	Totais
A Coruña	37	302	133	472
Lugo	13	117	18	148
Ourense	7	34	22	63
Pontevedra	67	489	179	735
Autonómicos	5	8	6	19
Totais	129	950	358	1.437

ÁMBITO	Expedientes autorizados pactados			
	Extinción	Suspensión	Redución	Totais
A Coruña	29	119	129	277
Lugo	11	65	18	94
Ourense	5	31	22	58
Pontevedra	66	398	175	639
Autonómicos	4	8	6	18
Totais	115	621	350	1.086

ÁMBITO	Expedientes autorizados non pactados			
	Extinción	Suspensión	Redución	Totais
A Coruña	5	5	4	14
Lugo	1	0	0	1
Ourense	1	0	0	1
Pontevedra	1	13	4	18
Autonómicos	1	0	0	1
Totais	9	18	8	35

Fonte: Consellería de Traballo e Benestar. Dirección Xeral de Relacións Laborais.

Polo que se refire aos traballadores afectados, destaca o número dos incursos en expedientes de suspensión, claramente maior nos pactados.

Expedientes de regulación de empleo autorizados sen período de consultas segundo o ámbito territorial e a medida. Galicia 2011.

■ Cadro 12.5

ÁMBITO	Expedientes autorizados sen período de consultas			
	Extinción	Suspensión	Redución	Totais
A Coruña	3	178	0	181
Lugo	1	52	0	53
Ourense	1	3	0	4
Pontevedra	0	78	0	78
Autonómicos	0	0	0	0
Totais	5	311	0	316

Fonte: Consellería de Traballo e Benestar. Dirección Xeral de Relacións Laborais.

Traballadores afectados por expedientes de regulación de emprego autorizados segundo o ámbito territorial e a media. Galicia 2011

■ Cadro 12.6

ÁMBITO	Traballadores afectados			
	Extinción	Suspensión	Redución	Totais
A Coruña	727	3.882	1.054	5.663
Lugo	247	997	316	1.560
Ourense	85	836	149	1.070
Pontevedra	1.293	8.796	1.285	11.374
Autonómicos	291	719	155	1.165
Totais	2.643	15.230	2.959	20.832

Traballadores afectados por expedientes de regulación de emprego autorizados pactados

ÁMBITO	Media			Total traballadores afectados
	Extinción	Suspensión	Redución	
A Coruña	637	2.336	1.027	4.000
Lugo	211	672	316	1.199
Ourense	71	800	149	1.020
Pontevedra	1.262	7.567	1.267	10.096
Autonómicos	179	719	155	1.053
Totais	2.360	12.094	2.914	17.368

Traballadores afectados por expedientes de regulación de emprego autorizados non pactados

ÁMBITO	Media			Total traballadores afectados
	Extinción	Suspensión	Redución	
A Coruña	82	129	27	238
Lugo	27	0	0	27
Ourense	8	0	0	8
Pontevedra	31	409	18	458
Autonómicos	112	0	0	112
Totais	260	538	45	843

Traballadores afectados por expedientes de regulación de emprego autorizados sen período de consultas.

■ **Cadro 12.6**
(continuación)

ÁMBITO	Media			Total traballadores afectados
	Extinción	Suspensión	Redución	
A Coruña	8	1.417	0	1.425
Lugo	9	325	0	334
Ourense	6	36	0	42
Pontevedra	0	820	0	820
Autonómicos	0	0	0	0
Totais	23	2.598	0	2.621

Fonte: Consellería de Traballo e Benestar. Dirección Xeral de Relacións Laborais.

Traballadores afectados por expedientes de regulación de emprego autorizados, segundo o ámbito territorial e o sexo. Galicia 2011

■ **Cadro 12.7**

ÁMBITO	Traballadores afectados		
	Homes	Mulleres	Totais
A Coruña	5.074	589	5.663
Lugo	1.319	241	1.560
Ourense	819	251	1.070
Pontevedra	9.383	1.991	11.374
Autonómicos	925	240	1.165
Totais	17.520	3.312	20.832

ÁMBITO	Traballadores afectados por extinción		
	Homes	Mulleres	Totais
A Coruña	575	152	727
Lugo	184	63	247
Ourense	71	14	85
Pontevedra	1.030	263	1.293
Autonómicos	187	104	291
Totais	2.047	596	2.643

ÁMBITO	Traballadores afectados por suspensión		
	Homes	Mulleres	Totais
A Coruña	3.674	208	3.882
Lugo	938	59	997
Ourense	633	203	836
Pontevedra	7.461	1.335	8.796
Autonómicos	618	101	719
Totais	13.324	1.906	15.230

ÁMBITO	Traballadores afectados por redución da xornada		
	Homes	Mulleres	Totais
A Coruña	825	229	1.054
Lugo	197	119	316
Ourense	115	34	149
Pontevedra	892	393	1.285
Autonómicos	120	35	155
Totais	2.149	810	2.959

Fonte: Consellería de Traballo e Benestar. Dirección Xeral de Relacións Laborais.

12.3 Evolución experimentada

Una observación simple dos últimos anos (cadro 12.8), permite apreciar que, despois do importante incremento no ano 2009 que case triplicou as cifras e case se multiplicou por catro o número de traballadores afectados en relación co ano anterior, experimenta un lixeiro descenso no ano 2010 para volver a aumentar significativamente no ano 2011 en todos os parámetros.

■ Cadro 12.8

Evolución expedientes segundo medida e provincias. Galicia 2006-2011

	2006	2007	2008	2009	2010	2011
A Coruña	72	133	158	438	367	472
Lugo	14	19	24	91	80	148
Ourense	10	3	21	49	50	63
Pontevedra	153	144	220	668	510	735
Ámbito autonómico			3	6	7	19
Total	249	299	426	1.252	1.014	1.437

Traballadores

	2006	2007	2008	2009	2010	2011
A Coruña	1.102	1.271	1.755	6.444	4.657	5.663
Lugo	75	148	220	1.101	857	1.560
Ourense	154	36	278	1.321	634	1.070
Pontevedra	1.585	1.487	3.945	14.633	7.565	11.374
Ámbito autonómico			69	650	323	1.165
Total	2.916	2.942	6.267	24.149	14.036	20.832

Traballadores afectados por suspensión

	2006	2007	2008	2009	2010	2011
A Coruña	475	1.013	1.546	5.146	3.773	3.882
Lugo	58	111	209	1.049	514	997
Ourense	63	12	155	1.190	530	836
Pontevedra	1.384	1.243	3.498	12.885	6.411	8.796
Ámbito autonómico			45	617	200	719
Total	1.980	2.379	5.453	20.887	11.428	15.230

Traballadores afectados por redución

	2006	2007	2008	2009	2010	2011
A Coruña	10	0	28	689	412	1054
Lugo	3	1	3	30	199	316
Ourense	0	0	19	41	58	149
Pontevedra	0	0	19	405	402	1285
Ámbito autonómico				31	38	155
Total	13	1	69	1.196	1.109	2.959

Evolución expedientes segundo medida e provincias. Galicia 2006-2011**■ Cadro 12.8
(continución)****Traballadores afectados por extinción**

Rescisión	2006	2007	2008	2009	2010	2011
A Coruña	617	258	181	609	472	727
Lugo	14	36	8	22	144	247
Ourense	91	24	104	90	46	85
Pontevedra	201	244	428	1343	752	1293
Ámbito autonómico			24	2	85	291
Total	923	562	745	2.066	1.499	2.643

Fonte: Consellería de Traballo e Benestar. Dirección Xeral de Relacións Laborais

Cos datos do Ministerio de Emprego e Seguridade Social, pódese observar o mesmo feito posto de manifesto no parágrafo anterior, resaltando a diferenza que se aprecia nos tres últimos anos en relación con todos os anos anteriores, circunstancia que é mas grave se se examina coa limitación que, na variación normativa, supuxo a restrición na canalización das extincións pola vía dos expedientes de regulación de emprego para estas causas concretas.

Evolución dos expedientes de regulación de emprego autorizados e traballadores/as afectados/as. Galicia. 2001-2011**■ Cadro 12.9**

	Nº expedientes	Traballadores/as afectados/as
2001	608	6.599
2002	407	3.533
2003	301	2.349
2004	288	2.045
2005	384	4.809
2006	324	3.062
2007	399	3.155
2008	478	6.801
2009	1.364	24.436
2010	1.076	13.186
2011	1.669	22.829

Elaboración propia.

Fonte: Ministerio de Emprego e Seguridade Social.

12.4 Fondo de garantía salarial

O FOGASA é un organismo autónomo adscrito ao Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais e dotado de personalidade xurídica e capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins.

Finánciase con fondos públicos e con achegas empresariais consistentes nunha porcentaxe sobre os salarios dos traballadores ao seu cargo que serven de base para o cálculo das cotizacións por accidente de traballo, enfermidade profesional e desem-

prego, revisable polo Goberno en función das necesidades do FOGASA (Disposición Final Cuarta ET). Reduciuse á metade a cotización empresarial ao FOGASA, pasando de 0,40 puntos a 0,20 puntos.

O FOGASA realiza as seguintes funcións:

- 1^a Nos casos de insolvencia ou de situación concursal, o FOGASA abonará, como responsable subsidiario, determinadas:
 - a) Prestacións por salarios pendentes.
 - b) Prestacións indemnizatorias.
- 2^a Nos casos de extinción do contrato de traballo polas causas a que se refiren os arts. 51 e 52.c) do ET, o FOGASA abonará, como responsable principal, o 40 por 100 das indemnizacións correspondentes sempre que a empresa teña menos de 25 traballadores, con independencia de cal sexa a súa situación patrimonial.
- 3^a Nos casos de extinción do contrato de traballo por forza maior o FOGASA abonará, como responsable principal, aquelas indemnizacións de cuxo pago sexa liberado o empresario por decisión da autoridade laboral, con independencia de cal sexa a situación patrimonial da empresa (art. 51.12 ET).

■ Situación concursal ou de insolvencia empresarial

Nestes casos, o FOGASA abonará:

- a) Os salarios pendentes de pago fixados en sentenza ou acto de conciliación (administrativa ou xudicial) co límite máximo da cantidade resultante de multiplicar o triplo do salario mínimo interprofesional diario, incluíndo a parte proporcional das pagas extraordinarias, polo número de días pendentes de pago cun máximo de cento cincuenta días (art. 33.1 ET).
- b) As prestacións por salarios pendentes comprenden tanto os salarios que o empresario deba aos traballadores como os salarios de tramitación nos casos que legalmente procedan (art. 33.1 ET).

Considérase salario a cantidade recoñecida por todos os conceptos a que se refire o art. 26.1 ET (art. 33.1 ET), incluíndo as pagas extraordinarias.

Para que entre en xogo a responsabilidade do FOGASA, é suficiente con que sexa declarada a insolvencia da empresa.

- c) As indemnizacións recoñecidas en sentenza, auto, acto de conciliación xudicial ou resolución administrativa nos casos de despedimento, extinción a instancia do traballador do art. 50 do ET, extinción do contrato por causas técnicas, económicas, organizativas ou produtivas “ex arts. 51 e 52.c) do ET” ou por forza maior e de extinción de contratos conforme ao art. 64 da Lei 22/2003, de 9 de xullo, Concursal, así como as indemnizacións por extinción de contratos temporais ou de duración determinada nos casos que legalmente procedan (art. 33.2 ET, segundo redacción do RD Lei 5/2006, de 9 de xuño); non así nos supostos de extinción por mutuo acordo.

As prestacións indemnizatorias están suxeitas aos seguintes límites (art. 33.2 ET, segundo redacción do RDL 5/2006, de 9 de xuño):

- a) O límite máximo da prestación a abonar será dunha anualidade, isto é, de doce mensualidades e dúas pagas extraordinarias, salvo que estivesen prorrateadas nas mensualidades.
- b) O salario base de cálculo será o realmente percibido polo traballador sen que poida exceder do triplo do salario mínimo interprofesional, incluíndo a parte proporcional das pagas extraordinarias.
- c) Nos casos de despedimentos disciplinarios ou extinción de contratos conforme ao art. 50 ET, o importe da indemnización calcularase sobre a base de trinta días por ano de servizo cos límites anteriores.

■ Extincións do contrato “ex arts. 51 e 52.c) ET” en empresas con menos de 25 traballadores

No suposto de empresas con menos de vinte e cinco traballadores, o FOGASA, nos casos de extinción do contrato de traballo polas causas a que se refiren os arts. 51 e 52.c) ET e 64 da Lei 22/2003, de 9 de xullo, Concursal, abonará o 40% da indemnización legal aos traballadores cuxos contratos se extinguiron polas mencionadas causas (art. 33.8 ET).

A efectos do cómputo dos traballadores, entran todos os traballadores da empresa con contrato en vigor, calquera que sexa a súa modalidade contractual.

A cantidade a abonar polo FOGASA é a do 40 por 100 da indemnización legal que corresponda aos traballadores. O seu cálculo deberá realizarse sobre as indemnizacións axustadas a límites previstos no número dous do art. 33 ET, isto é, axustándose a unha anualidade como máximo, sen que o salario diario base de cálculo poida exceder do duplo do salario mínimo interprofesional.

A indemnización restante –o 60 por 100– deberá ser abonado pola empresa e, caso de que non se fixese, poderá solicitarse o seu abono ao FOGASA, rexéndose polas normas relativas ás prestacións indemnizatorias axustándose, en todo caso aos límites do art. 33.2 do ET.

Cando no período de consultas pactáse unha indemnización superior á legal, iso non exonerará de responsabilidade ao FOGASA, que seguirá existindo nos termos establecidos polo art. 33.8 do ET, é dicir, limitada ao 40 por 100 da indemnización legal e non ao superior que puidese pactarse.

Tendo en conta os distintos procedementos de extinción do contrato (arts. 51 e 53 ET), o FOGASA abonará o 40% da indemnización legal prevista no art. 33.8 ET aos traballadores, a condición de que a empresa non lles abonou o 100% da indemnización. En caso contrario, sempre que a empresa acredite o abono do total indemnizatorio, será esta quen percibirá a porcentaxe indemnizatoria a cargo do FOGASA.

■ Extinción do contrato por forza maior

Nos casos de extinción dos contratos de traballo por forza maior, a autoridade laboral poderá acordar que a totalidade ou parte da indemnización que corresponda aos traballadores afectados sexa satisfeita polo FOGASA, sen prexuízo do dereito deste a resarcirse do empresario (art. 51.12 ET).

Trátase dunha obrigaón que tampouco está ligada á situación patrimonial da empresa e cuxo orixe reside na decisión da autoridade laboral, tratándose dun suposto típico e especial de responsabilidade.

A contía será a que sinala a autoridade laboral, podendo ser a totalidade ou parte da indemnización legal, isto é, a de vinte días por ano de servizo co límite de doce mensualidades.

No caso de que a autoridade laboral non acorde a exoneración total do empresario, será este o responsable do pago (total ou parcial) da indemnización e, se non a pagase, “para que o FOGASA abone as prestacións correspondentes, será necesario acreditar a situación de insolvencia, suspensión de pagos, quebra ou concurso” da empresa.

Os cadros 12.10 e 12.11 permítenos coñecer o número de expedientes, empresas afectadas, beneficiarios e o importe total das prestacións acordadas en 2011 en Galicia.

■ Cadro 12.10

Expedientes, empresas afectadas e beneficiarios, segundo sexo.

	Expedientes		Empresas		Beneficiarios					
	2010	2011	2010	2011	Ambos sexos		Varóns		Mulleres	
					2010	2011	2010	2011	2010	2011
Galicia	5.969	7.878	3.173	4.178	10.067	13.384	6.674	9.217	3.369	4139
A Coruña	2.372	2.803	1.330	1.620	4.081	4.653	2.640	3.205	1.437	1423
Lugo	737	920	427	563	1.218	1.537	850	1.127	355	410
Ourense	765	777	321	366	1.137	1.061	771	749	366	311
Pontevedra	2.095	3.378	1.095	1.629	3.631	6.133	2.413	4.136	1.211	1995

Fonte: FOGASA.

■ Cadro 12.11

Importe das prestacións acordadas, segundo sexo.

	Importe dos salarios acordados					
	Ambos sexos		Varóns		Mulleres	
	2010	2011	2010	2011	2010	2011
Galicia	18.459,8	25.191,0	13.067,1	18.808,9	5.346,1	6.340,8
A Coruña	8.112,2	9.816,4	5.544,4	7.610,5	2.556,2	2.164,7
Lugo	2.205,6	2.582,3	1.629,8	1.978,7	550,8	603,6
Ourense	1.975,9	1.720,9	1.524,6	1.208,3	451,3	512,5
Pontevedra	6.166,1	11.071,4	4.368,3	8.011,4	1.787,8	3.060,0

Datos en miles de euros.

Fonte: FOGASA.

13.1 Introducción

A previsión social ante situacións individuais e familiares de necesidade artículase mediante sistemas de protección social que amparan aos cidadáns e ás súas familias ante continxencias como a estabilidade no emprego, a enfermidade, a incapacidade e a morte.

Os sistemas de protección social dos modernos estados constitúen tamén un enorme mecanismo económico-social que promove a evolución das sociedades e o equilibrio territorial, e orixina un importante efecto de redistribución das rendas que comporta un valor de solidariedade que é, sen dúbida, o aspecto máis característico desta, xa que coas súas realizacións vén a atender necesidades de contido individual e social impondo sacrificios aos mozos/as respecto dos vellos/as; aos sans respecto dos enfermos/as; aos ocupados/as respecto dos e das que se atopan en situación de desemprego; aos vivos/as respecto dos falecidos/as; aos que non teñen cargas familiares respecto dos que as teñen e aos de actividades económicas en auxe respecto dos sectores deprimidos.

No noso país podemos contemplar a protección social distinguindo dous grandes apartados: dunha parte, as pensións e prestacións do sistema de Seguridade Social vinculadas ao contrato de traballo ou ao desempeño dunha actividade por conta propia que constitúen a rama contributiva do sistema, e doutra, a cobertura asistencial que abrangue xunto coas pensións non contributivas da Seguridade Social e a Renda de Integración Social (RISGA), as derivadas da Lei de integración social do minusválido (LISMI), as prestacións a extinguir do Fondo de Asistencia Social (FAS), e por último as derivadas da recente Lei da dependencia.

Xunto a estas dúas vertentes haberá que engadir unha terceira conformada pola previsión complementaria, que como sinala a Constitución (artigo 41, último inciso) é libre e, polo tanto, non é obxecto de tratamento neste informe.

O modelo actual da Seguridade Social en España, que arrancando dos anos sesenta do pasado século, perfecciónase e consolídase nos setenta, e que ten como expresión máis significativa a Constitución Española, en concreto o seu artigo 41 impón “aos poderes públicos o mantemento dun réxime público de Seguridade Social para todos os cidadáns que garanta a asistencia e prestacións sociais ante situacións de necesidade, especialmente no caso de desemprego...”, complementado coas imposicións a ditos poderes públicos das obrigas específicas de protección social á familia (artigo 39.1), así como aos fillos e ás nais (artigo 39.2), realizar unha política de previsión e tratamento dos diminuídos físicos, sensoriais e psíquicos (artigo 49), ademais de garantir, mediante pensións adecuadas e periodicamente actualizadas a suficiencia económica para os cidadáns da terceira idade.

A Seguridade Social vén de experimentar nestes últimos anos importantes modificacións nas prestacións. O Pleno do Congreso dos Deputados aprobou, o 6 de abril de 1995, coa práctica unanimidade da Cámara, o *Informe de la Ponencia para el análisis de los problemas estructurales del Sistema de la Seguridad Social y de las principales reformas que deberán acometerse*, máis coñecido como “**Pacto de Toledo**” que representa o consenso político en torno ás liñas de futuro do sistema de pensións no noso país. O pacto, aínda que de contido xenérico, representa o compromiso sólido no mantemento e consolidación do actual sistema de protección social garantindo a súa viabilidade futura a través da adopción de medidas –o pacto contempla 15 recomendacións– que permitan a súa adaptación constante ás novas realidades e retos que se poidan presentar.

O 9 de outubro de 1996 subscríbese polo presidente do Goberno e os secretarios xerais de Comisións Obreiras e da Unión Xeral de Traballadores o *Acuerdo sobre consolidación y racionalización del sistema de la Seguridad Social* que, con vixencia ata 2000, senta as bases sobre as que se deberán desenvolver as recomendacións do Pacto de Toledo, acordo que tivo a súa plasmación na Lei 24/1997, do 15 de xullo, que contempla as seguintes medidas: 1) A separación financeira da Seguridade Social; 2) A constitución de reservas; 3) O establecemento gradual dun único tope de cotización para tódalas categorías profesionais; 4) A introdución de maiores elementos de contribución e proporcionalidade no acceso e determinación da contía das pensións de xubilación e, coa finalidade de establecer unha maior seguridade xurídica na determinación das pensións de invalidez, previse a elaboración dunha lista de enfermidades; 5) A mellora do tempo de duración das pensións de orfandade; 6) As melloras das contías das prestacións mínimas na súa contía inferior de viuvez; 7) O establecemento da revalorización automática das pensións, en función da variación dos prezos, a través da fórmula estable contida, de forma permanente, na propia

LXSS; e 8) Previsión do desenvolvemento legal do tope de cobertura das pensións como forma de introducir os elementos da seguridade xurídica e financeira.

A Lei 39/1999, de 5 de novembro, para promover a conciliación da vida familiar e laboral das persoas traballadoras establece entre outras medidas unha nova prestación dentro da acción protectora da Seguridade Social, a de risco durante o embarazo co obxecto de protexer a saúde da muller traballadora.

O 9 de abril de 2001 asinouse polo goberno do Estado coa central sindical Comisións Obreiras, a CEOE e a CEPYME un novo acordo sobre a mellora e o desenvolvemento do sistema de protección social que no referente ás pensións contempla como principais acordos:

1) En materia de xubilación:

- A eliminación do requisito do comezo a cotizar antes de 1967 para ter dereito á xubilación anticipada: o dereito ao retiro anticipado esténdese os/as maiores de 61 anos de idade que contén como mínimo con 30 anos de cotización e que leven 6 meses no paro. Xunto a isto establécese un novo coeficiente redutor anual en función dos anos cotizados que vai dende o 6% para os que acrediten 40 ou máis anos ata o 8% de 30 a 31 anos.
- Establecemento de medidas de xubilación parcial que posibiliten a compatibilidade entre o percibo dunha pensión e o desenvolvemento de actividades laborais.

Ditos acordos implementáronse normativamente no Real decreto lei 16/2001, de 27 de decembro de 2001, de medidas para o establecemento dun sistema de xubilación gradual e flexible.

2) En materia de prestacións de morte e supervivencia:

- A base reguladora das pensións de viuvez sube do 45% no 2001 ao 52% no ano 2004. No ano 2002 estableceuse no 46%. Para persoas con cargas familiares elevarase ata o 70%, sempre que a pensión constituía a principal ou única fonte de ingresos e que a contía total dos seus ingresos non superen o previsto en cada exercicio económico para o recoñecemento dos complementos por mínimos.
- Elevación a 22 anos a idade máxima para percibir a pensión de orfandade con carácter xeral e ata os 24 anos cando faleceran os dous proxenitores.

Ambas as medidas plasmáronse normativamente no Real decreto 1465/2001, do 27 de decembro, de modificación parcial do réxime xurídico das prestacións de morte e supervivencia.

3) Compromiso de aumento das pensións mínimas de xubilación e viuvez de menores de 65 anos e as non concorrentes do extinguido SOVI.

4) Inclusión na acción protectora dos autónomos/as, dos autónomos/as do especial agrario e dos de traballadores/as do mar; da prestación de incapacidade total cualificada –maiores de 55 anos–.

Ademais establécense acordos sobre:

Dotación anual do fondo de reserva: –con cargo aos excedentes orzamentarios das Entidades Xestoras e Servizos Comúns da Seguridade Social e dos excesos de resultados derivados da xestión das Mutuas de Accidentes de Traballo da prestación de

I.T. por continxencias comúns. ao peche do exercicio de 2011 acada os 66.814 millóns de euros, equivalente a un 6,22% do PIB.

Establecemento dun prazo non superior a doce anos para levar a cabo a separación de fontes con respecto ao financiamento do complemento de mínimos.

E por último mantense o período de cálculo da pensión de xubilación que de acordo co previsto actualmente foi aumentando ata 15 anos no 2003 e nese ano as partes asinantes comprométese a tomar as medidas oportunas para a adopción da “forma máis idónea para o cálculo das prestacións”.

O Congreso dos Deputados aprobou o 2 de outubro de 2003 un informe da Comisión non permanente do Pacto de Toledo no que como acordos máis importantes apóstase por ampliar os anos de cálculo da contía da pensión de xubilación, recomendándose así mesmo que a idade de xubilación real: 63 anos se aproxime á legal: 65 e que o prazo para que o complemento de mínimos sexa asumido polos presupostos xerais do estado, é dicir, se desvinculen dos ingresos por cotas da Seguridade Social, sexa de cinco anos e non doce como estaba previsto.

O Acordo do Goberno coa Patronal (CEOE e CEPYME) e as Centrais Sindicais (CC.OO. e UXT) de 13 de Xullo de 2006 en materia de Seguridade Social que contempla a implementación dunha serie de medidas tendentes tanto a reforzar os mecanismos de consolidación do Sistema –garantía de financiación dos complementos de mínimos, simplificación da tarifa de accidentes de traballo, reforma do Fondo de Reserva...–, políticas de Apoio as Familias –Mellora das pensións de viuvez e orfandade en discapacitados/as, familias numerosas, e familias sen vínculo matrimonial...– e reformas nos eidos das prestacións de incapacidade e de xubilación co aumento neste último caso do período mínimo de cotización esixido para acceder á pensión que será de quince anos efectivos (5.475 días), tras un período de aplicación progresiva que se recolleu en súa maior parte na Lei 40/ 2007 de 4 de Decembro.

Ao longo das datas máis recentes sinalaremos como acontecementos de maior relevancia:

■ A lei 39/2006 de 14 de decembro de promoción da autonomía persoal e atención as persoas en situación de dependencia- Lei de Dependencia.

■ A lei Orgánica 3/2007 de 22 de Marzo para a igualdade efectiva de mulleres e homes que leva a cabo unha notable intensificación da acción protectora no eido da maternidade e do risco contra o embarazo, incorporando ao ordenamento xurídico da protección social dous novos subsidios: o correspondente o permiso por paternidade e o que se concede en supostos de risco durante a lactación natural.

■ A lei 18/2007 de 4 de xullo, pola que procédese á **integración dos traballadores/as por conta propia do réxime agrario no especial de Traballadores/as Autónomos (RETA)**, que segue a recomendación sexta do Pacto de Toledo, con entrada en vigor o 1 de xaneiro de 2008, xunto coa Lei 20/2007 de 11 de Xullo do Estatuto do traballador autónomo.

■ Así mesmo a Lei 40/2007 de decembro de Medidas en Materia de Seguridade Social que desenvolve o Acordo de 13 de Xullo de 2006 que ademais do reseñado máis arriba, contempla medidas que incentivan alongar a vida laboral con incrementos dun 2% da pensión por cada ano cotizado despois dos 65 e un 3% para traballadores con carreiras de cotización de máis de 40 anos.

■ O Decreto-Lei 8/2010 de 20 de Maio, polo que se adoptan medidas extraordinarias para a redución do déficit público, prevé a suspensión da revalorización das pensións contributivas en 2011 coa excepción das mínimas e as do SOVI non concorrentes (aproximadamente un 35% do total).

■ O 2 de Febreiro de 2011 asínase polo Goberno e os axentes sociais o Acordo social e económico para o crecemento, o emprego e a garantía das pensións que plasmase na Lei 27/2011 de 1 de Agosto sobre **actualización, adecuación e modernización do Sistema de Seguridade Social** que seguindo as recomendacións do Pacto de Toledo incrementa progresivamente a idade de xubilación ata os 67 anos, cun período transitorio de 15 anos, que culminará en 2027, se ben contemplando tamén diversos supostos nos que é posible a xubilación antes dos 67 anos. Cambia tamén o calculo das bases de cotización e increméntanse os incentivos para a prolongación voluntaria da vida laboral, na lei contemplase a integración a partir do 1 de xaneiro de 2012 do réxime especial de empregadas do fogar e dos traballadores por conta allea do agrario dentro do réxime xeral.

13.2 A Protección Social na Unión Europea. Datos globais

Iniciamos o presente capítulo con dous cadros sinópticos referentes as grandes cifras de ingresos e gastos en protección social nos países da U.E. (ao peche da confección deste informe dispóñense os datos ata 2009). As estatísticas de Protección social que proporcionan os datos da U.E. presentan as contas dos axentes seguindo a filosofía SEEPROS da Oficina Estatística da U.E. (EUROSTAT), de acordo con esta metodoloxía os ingresos clasifícanse en catro grupos:

- 1- Cotizacións sociais, a cargo dos empregadores e/o das persoas protexidas.
- 2- Aportacións das Administracións Públicas.
- 3- Transferencias entre réximes
- 4- Outros ingresos.

■ Cadro 13.1

Ingresos de Protección Social sobre o Pib na U.E. 2000-2009

	2000	2001	2002	2003	2004	2005	2006	2007	2008	2009
Belxica	27,3	27,4	28,2	28,0	28,7	27,8	27,8	27,7	28,8	30,2
Dinamarca	32,2	33,4	33,6	35,3	34,6	34,4	33,1	32,4	33,4	37,1
Alemania	31,0	30,7	31,2	31,7	31,2	30,9	30,3	29,4	29,9	32,6
Grecia	24,6	24,8	24,7	24,5	25,2	25,8	25,6	25,8	27,5	28,9
España	21,5	21,3	22,2	21,8	21,7	22,0	22,1	22,2	23,1	26,0
Francia	30,0	30,3	30,6	30,7	30,7	31,0	30,9	30,7	31,2	32,1
Irlanda	14,4	15,3	18,1	18,7	19,0	19,1	19,6	20,2	23,3	27,6
Italia	25,5	25,6	26,0	25,7	26,7	26,7	27,3	27,5	28,1	29,5
Luxemburgo	21,8	24,0	23,8	24,0	23,5	23,0	22,3	21,6	22,9	25,3
Holanda	32,1	30,7	31,4	33,1	33,3	32,5	32,6	32,2	32,9	33,8
Austria	28,1	28,7	28,9	29,2	28,8	28,5	28,0	27,5	28,1	30,2
Portugal	20,4	20,7	22,3	23,2	25,2	25,6	25,8	25,1	25,6	27,8
Finlandia	28,4	28,6	29,1	29,6	29,6	29,8	30,1	28,9	30,0	33,0
Suecia	33,2	34,3	34,4	35,9	35,4	34,7	33,3	33,6	33,1	34,3
Reino Unido	27,2	27,0	26,1	25,9	25,8	26,3	24,5	24,5	28,7	31,4
U.E.- 15	28,2	28,1	28,3	28,5	28,5	28,4	28,0	27,7	29,0	31,1
Bulgaria	s/d	s/d	s/d	s/d	s/d	15,4	14,5	15,0	16,5	18,9
Rep. Checa	18,6	18,5	19,0	19,1	18,5	18,3	18,4	18,9	18,6	20,2
Estonia	13,6	12,8	12,5	12,4	12,8	12,4	12,0	12,0	14,7	19,0
Chipre	18,7	19,0	19,8	22,5	21,4	22,3	22,7	22,4	23,0	24,9
Letonia	15,7	14,8	14,4	14,2	13,8	13,8	14,3	13,7	14,0	16,9
Lituania	15,6	14,9	14,2	13,9	14,3	14,3	14,9	15,3	16,2	18,9
Hungría	20,1	20,1	20,7	20,6	20,4	21,4	24,0	26,0	24,8	27,8
Malta	16,6	17,7	17,7	18,0	18,7	18,5	18,4	18,1	18,5	20,1
Polonia	19,9	21,4	21,5	21,2	20,3	20,4	20,3	19,3	19,3	19,4
Rumanía	13,9	12,5	13,9	13,3	12,8	13,2	12,4	13,0	13,2	15,6
Eslovenia	23,7	23,9	24,0	23,7	23,3	23,3	22,5	21,8	22,0	24,8
Eslovaquia	19,3	19,2	19,4	18,3	17,4	17,2	18,0	17,8	17,6	19,9
U.E.-27	s/d	s/d	s/d	s/d	s/d	27,8	27,4	27,1	28,1	30,3

Fonte: Eurostat.

Alguns datos son provisionais (octubre de 2011), poden existir diferencias con publicacións nacionais posteriores.

s/d: sen datos.

■ Cadro 13.2

Gastos de Protección Social sobre el Pib en la U.E. 2000-2009

	2000	2001	2002	2003	2004	2005	2006	2007	2008	2009
Belgica	24,20	24,70	25,40	26,10	26,10	26,10	25,70	25,40	26,50	28,90
Dinamarca	28,10	28,40	28,80	30,00	29,80	29,40	28,50	28,00	28,80	32,50
Alemania	28,60	28,60	29,20	29,60	29,00	28,90	27,80	26,70	26,90	30,10
Grecia	22,70	23,60	23,40	22,70	22,90	24,20	24,10	24,20	25,40	27,30
España	19,50	19,20	19,50	19,80	19,90	20,10	20,00	20,20	21,60	24,50
Francia	27,70	27,80	28,60	29,20	29,50	29,60	29,40	29,20	29,50	31,60
Irlanda	13,10	14,10	15,90	16,50	16,70	16,70	16,90	17,50	20,80	26,40
Italia	23,80	24,00	24,40	24,90	25,10	25,40	25,60	25,50	26,50	28,40
Luxemburgo	18,80	20,50	21,20	21,70	21,90	21,30	20,00	19,00	19,90	22,70
Holanda	24,70	24,80	25,80	26,50	26,40	26,00	27,00	26,70	26,90	29,70
Austria	27,40	27,70	28,10	28,50	28,20	27,80	27,40	26,90	27,50	29,90
Portugal	18,70	19,30	21,00	21,70	22,30	23,00	23,10	22,60	23,20	25,60
Finlandia	24,30	24,20	24,90	25,70	25,80	25,90	25,60	24,60	25,40	29,40
Suecia	29,30	29,70	30,50	31,60	31,00	30,50	29,80	28,60	28,90	31,50
Reino Unido	25,50	25,80	24,90	25,30	25,40	25,80	25,50	22,30	25,30	28,20
U.E.- 15	25,70	25,80	26,10	26,60	26,50	26,60	26,20	25,30	26,30	29,10
Bulgaria	s/d	s/d	s/d	s/d	s/d	14,60	13,80	13,70	15,00	16,70
Rep. Checa	18,20	18,10	18,80	18,80	18,00	17,80	17,40	17,50	17,50	19,80
Estonia	13,60	12,80	12,50	12,40	12,80	12,40	12,00	12,00	14,70	19,00
Chipre	14,60	14,70	16,00	18,00	17,80	18,00	18,20	17,80	18,20	20,60
Letonia	15,30	14,40	13,80	13,30	12,60	12,30	12,40	11,00	12,50	16,60
Lituania	15,20	14,30	13,60	13,10	13,00	12,80	12,90	14,00	15,60	20,60
Hungría	19,50	19,10	20,00	20,90	20,40	21,50	22,00	22,30	22,50	23,00
Malta	16,30	17,20	17,30	17,70	18,40	18,20	18,10	17,80	18,30	19,80
Polonia	19,10	20,50	20,70	20,70	19,70	19,20	19,00	17,80	18,20	19,40
Rumanía	12,70	12,50	13,30	12,80	12,50	13,20	12,40	13,20	14,10	16,90
Eslovenia	23,50	23,80	23,80	23,10	22,80	22,50	22,20	20,80	20,90	23,80
Eslovaquia	18,80	18,40	18,50	17,80	16,60	15,90	15,70	15,40	15,50	18,30
U.E.-27	s/d	s/d	s/d	s/d	s/d	26,00	25,70	24,70	25,60	28,40

Fonte: Eurostat.

Sen incluír gastos de funcionamento.

Alguns datos son provisionais (octubre de 2011), poden existir diferencias con publicacións nacionais posteriores.

s/d: sen datos.

Doutra banda os gastos de protección social inclúen todas aquelas intervencións de organismos públicos ou privados destinadas a alixear a carga que representan para os fogares e individuos unha serie de riscos ou necesidades, previamente determinados, sempre que non exista unha contrapartida simultánea e recíproca por parte do beneficiario. Por áreas de protección as prestacións de protección social, denominadas funcións, clasifícanse nas seguintes:

- a) Enfermidade e atención sanitaria.
- b) Invalidez
- c) Vellez
- d) Supervivencia
- e) Familia e Fillos
- f) Desemprego
- g) Vivenda
- h) Exclusión social non clasificada noutro apartado.

Nos cadros 13.1 e 13.2 contéplase a evolución dos ingresos e gastos del total das funcións da protección social en relación co PIB, nos 27 países da Unión Europea. Como pode observarse España a pesar do forte incremento dos ingresos e gastos en 2009, está aínda lonxe das medias tanto da U.E.-15 como da U.E.-27, pois despois de Luxemburgo representa a porcentaxe máis cativo de ingresos -26% do PIB - da U.E.-15, a máis de 5 puntos da media e a 4,3 da media total da U.E.-27. O mesmo pode dicirse do referente aos gastos, nos que España incrementou case tres puntos en 2009, pero está a 4,6 puntos da media de U.E.-15 e a 3,9 da U.E.-27. As recentes medidas de axuste pola crise influirán en todos os países da Unión e probablemente baixarán as porcentaxes de 2009.

13.3 **Pensións contributivas da Seguridade Social: aspectos xerais**

As pensións contributivas da Seguridade Social, é dicir, as que dan dereito a unha prestación en virtude dunha cotización previa, outorgan rendas, xeralmente vitalicias e proporcionais aos ingresos na vida activa, a aqueles/as que cesan nela, sempre que reúnan os requisitos esixidos para o seu recoñecemento, entre eles, e con carácter xeral, a alta ou situación asimilada á alta, e ter cubertos uns determinados períodos mínimos de cotización, agás no caso de accidentes.

As pensións móvense en canto á súa contía entre uns topes máximos e mínimos nos que os seus montantes teñen periodicidade anual. Son revalorizadas tamén anualmente en función do correspondente IPC previsto para ese ano, se ben en 2011 suspendeuse dita revalorización coa excepción das non contributivas, as mínimas e as do SOVI. As derivadas de accidente de traballo ou enfermidade profesional incrementanse nun 30% ou 50%, segundo a súa gravidade, cando a lesión se producira como consecuencia de infracción de medidas de seguridade e hixiene no traballo, recaendo a responsabilidade de dito recargo directamente sobre o empresario infractor.

Galicia constitúe unha das comunidades autónomas con máis alta porcentaxe de pensionistas, que representan, en 2011, o 26,28% da poboación total do censo. Durante os últimos anos acrecentouse a tendencia ao aumento da devandita porcentaxe, pasando en números absolutos dos 481.247, en 1985; aos 727.552, en 2011, (cadro 13.3), incrementándose nestes vintedous anos en 246.305 o número de pensións, fronte aos 278.200 novos cotizantes á Seguridade Social entre ambas as dúas datas.

**Evolución das pensións do Sistema da Seguridade Social. Por provincias.
Galicia/España. 1985/1990/2000/2003-2011**

■ Cadro 13.3

		A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia	España
1985	Nº	161.300	100.700	88.400	130.800	481.200	5.396.600
	Pensión Media	159,34	148,20	149,78	156,74	154,54	171,52
1990	Nº	189.100	111.800	98.500	125.900	525.300	6.102.100
	Pensión Media	246,69	220,36	221,41	236,60	234,09	267,23
2000	Nº	243.300	124.200	109.800	190.100	667.400	7.598.900
	Pensión Media	418,63	358,57	353,99	408,65	394,06	471,30
2003	Nº	252.460	123.485	110.212	197.019	683.176	7.819.456
	Pensión Media	502,8	428,7	421,5	497,9	475,0	571,7
2004	Nº	254.189	122.522	109.804	198.860	685.375	7.878.636
	Pensión Media	531,97	452,7	444,29	527,46	502,6	605,33
2005	Nº	256.612	122.080	109.485	201.568	689.744	7.979.707
	Pensión Media	561,58	477,57	469,3	557,69	531,1	636,58
2006	Nº	260.256	122.267	109.531	205.444	697.498	8.165.336
	Pensión Media	589,65	500,75	492,47	585,91	557,85	668,16
2007	Nº	263.032	121.961	109.261	208.191	702.445	8.273.939
	Pensión Media	629,01	533,61	525,39	625,96	595,59	713,48
2008	Nº	266.666	121.635	109.016	211.222	708.539	8.390.796
	Pensión Media	658,78	557,75	549,88	656,46	624,18	747,25
2009	Nº	270.228	121.116	109.084	214.494	714.922	8.531.935
	Pensión Media	682,07	576,28	567,60	679,02	645,94	772,57
2010	Nº	273.418	120.690	109.113	217.770	720.991	8.671.018
	Pensión Media	705,78	594,41	584,81	702,40	667,98	797,92
2011	Nº	276.696	120.482	109.133	221.241	727.552	8.805.164
	Pensión Media	728,31	613,22	602,45	726,89	690,12	822,82

Elaboración propia.

Números redondeados en cientos, anos 1985,1990 e 2000. Medias anuais.

Pensión media en euros, a decembro de cada ano.

Fonte: Ministerio de Empleo e Seguridade Social.

■ Relación activos/pasivos

A relación activos/pasivos do sistema da Seguridade Social constitúe un indicador do fluxo traballo-prestacións públicas nun espazo xeográfico determinado e ven a medir con bastante exactitude o grao de subsidiación deste. No cadro 13.4 inclúense os datos a nivel provincial, galego e do conxunto do Estado. Na provincia de Ourense (ver informes anteriores) o número de pensionistas superou, dende 1989 ata 2007 o de traballadores/as cotizantes en activo, e na de Lugo dende 1992 ata 2004. O importante aumento que se produce no número de afiliados/as á Seguridade Social no período 2000-2007 provoca un cambio na tendencia dos datos globais de Galicia dos anos precedentes, nos que se viña producindo un incremento maior de pasivos/as ou perceptores/as de pensións que de activos/as ou cotizantes. En 2008 cambia a tendencia e por mor da crise estáncanse nese ano os activos e descenden en 2009, 2010 e 2011, mentres medran lixeiramente o número de pensionistas.

A porcentaxe en Galicia da relación de activos/pasivos do sistema da Seguridade Social é, en 2011, de 1,35 activos por cada pasivo –980.200 traballadores en alta fronte aos 727.552 pensionistas–, sendo dita porcentaxe no total de España do 1,97, producíndose ao igual que en 2008, 2009 e 2010 e a diferenza dos nove anos precedentes un incremento maior na proporción en favor dos pasivos/as, tanto en España como na comunidade galega. Diminúen nas catro provincias galegas os traballadores/as afiliados/as e increméntase en número escaso a contía dos pasivos/as, na Coruña e Pontevedra, permanecendo a mesma cantidade en Ourense e baixando en escasa contía na provincia de Lugo, onde a relación queda en 1,03% activos/as por cada pensionista mentres que en Ourense os pasivos superan notoriamente o número de cotizantes.

Os afiliados/as sitúanse, en 2011 na cifra de 414.800 na provincia da Coruña e 337.900 en Pontevedra, cunha mingua de 9.800 activos na primeira e unha diminución de 12.500 na segunda, con respecto a 2010, e os pasivos sitúanse en 276.700 na Coruña e 212.200 en Pontevedra, cun aumento sobre 2010 de 3.300 na primeira e de 3.400 na segunda.

**Relación de activos/pasivos na Seguridade Social.
Galicia/España. 1985/1990/2000/2004-2011**
■ Cadro 13.4

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia	España
1985						
Activos	265,4	120,8	93,6	222,2	702,0	10.561,8
Pasivos	161,3	100,7	88,4	130,8	481,2	5.396,6
Proporción	1,65	1,20	1,06	1,70	1,46	1,96
1990						
Activos	301,2	116,4	95,7	255,6	768,9	12.513,9
Pasivos	189,1	118,0	98,5	125,9	525,3	6.102,1
Proporción	1,59	0,99	0,97	2,03	1,46	2,05
2000						
Activos	357,3	117,3	98,2	307,4	880,1	15.062,9
Pasivos	243,3	124,2	109,8	190,1	667,4	7.598,9
Proporción	1,47	0,94	0,89	1,62	1,32	1,98
2004						
Activos	399,9	123,2	103,3	344,5	970,3	17.081,8
Pasivos	254,2	122,5	109,8	198,9	685,4	7.878,6
Proporción	1,57	1,01	0,94	1,73	1,42	2,17
2005						
Activos	411,4	125,7	105,2	355,5	997,7	17.835,4
Pasivos	256,6	122,1	109,5	201,6	689,7	7.979,7
Proporción	1,60	1,03	0,96	1,76	1,45	2,24
2006						
Activos	426,9	129,0	108,1	368,5	1.032,5	18.596,3
Pasivos	260,3	122,3	109,5	205,4	697,5	8.165,3
Proporción	1,64	1,06	0,99	1,79	1,48	2,28
2007						
Activos	443,3	132,4	111,3	383,2	1.070,2	19.152,3
Pasivos	263,0	122,0	109,3	208,2	702,4	8.273,9
Proporción	1,69	1,09	1,02	1,84	1,52	2,31
2008						
Activos	445,9	133,1	111,4	382,1	1.072,5	19.005,6
Pasivos	266,6	121,6	109,0	211,2	708,5	8.390,8
Proporción	1,67	1,09	1,02	1,81	1,51	2,27
2009						
Activos	431,4	129,0	108,2	361,1	1.029,6	17.916,8
Pasivos	270,2	121,1	109,1	214,5	714,9	8.531,9
Proporción	1,60	1,07	0,99	1,68	1,44	2,10
2010						
Activos	424,6	126,3	106,2	350,4	1.007,5	17.581,9
Pasivos	273,4	120,7	109,1	217,8	721,0	8.671,0
Proporción	1,55	1,05	0,97	1,61	1,40	2,03
2011						
Activos	414,8	123,7	103,8	337,9	980,2	17.326,3
Pasivos	276,7	120,5	109,1	221,2	727,5	8.805,2
Proporción	1,5	1,0	1,0	1,5	1,3	2,0

Elaboración propia.

Número de persoas en miles. Medias anuais.

Fonte: Ministerio de Empleo e Seguridade Social

■ Altas iniciais e baixas

As altas iniciais de pensións contributivas (cadro 13.5) recollen o número de ditas prestacións ás que se lle recoñece o dereito por primeira vez, sen incluír as altas por traslado de provincias; doutra banda, as baixas (cadro 13.6) representan o número de baixas de pensións contributivas (por falecemento, por perda do dereito ou incomparecencia ao cobro durante catro meses consecutivos). En 1992 primeiro ano na serie que se contempla nos cadros, as altas das **pensións de xubilación** en Galicia superan amplamente ás baixas (18.237 novas altas fronte a 13.160 baixas), pero en 1998 as baixas comezan a superar ás altas iniciais, reproducíndose con maior amplitude entre 2001 e 2006. No ano 2011 orixínanse 21.407 baixas fronte a 20.958 altas iniciais no conxunto de Galicia. As altas de **viuvez**, 10.448, en 2011 continúan superando con bastante diferenza ás baixas –8.971 en dito ano–. Na serie dos datos anuais (ver informes anteriores), as cifras de altas e baixas de **orfandade e en favor de familiares**, tenden a unha paridade en 1996; en 1997 aumentan moi considerablemente a proporción a favor das altas e en 1998 e 1999 chegan a representar máis do dobre, se ben no ano 2000 o incremento substancial das baixas volve a aproximar ámbolos parámetros, no 2001 as baixas en número de 2.740 superan amplamente o número das altas iniciais (2.328), no 2002 as altas (2.831) volven a representar practicamente o dobre das baixas (1.461) e de 2003 a 2007 equilíbranse practicamente o número de ambas, pero en 2008 e 2009 incrementase a diferenza en favor das altas, e en menor medida en 2010 e 2011: 1.996 fronte as 1.723 baixas no último ano.

Referente ás **prestacións de invalidez**, despois de se produciren máis baixas que altas en 1997, 1998 e 1999, como consecuencia da drástica redución motivada pola inclusión dos pensionistas de máis de 65 anos como titulares de pensións de xubilación, as baixas de ditas pensións, tanto en Galicia como no resto do Estado, experimentan unha substancial diminución de máis das dúas terceiras partes, no caso galego, redución que se mantén dende o ano 2000 a 2011, con só 2.309 baixas fronte ás 7.152 altas iniciais en este último ano.

O número total das altas iniciais de pensións en 2011 aumentan lixeiramente en Galicia pasando de 39.249 no ano anterior ás 40.554 do 2011, diminuíndo sen embargo no conxunto de España. Por prestacións mantense todas elas en cifras moi similares.

A Coruña é a demarcación onde é máis acusada a diferenza entre altas e baixas –15.875 fronte 12.583– e a continuación Pontevedra. Nas provincias de Lugo e Ourense a relación é dun certo equilibrio entre ámbolos dous parámetros –con maior número de baixas que altas iniciais en Lugo e o contrario en Ourense–. Prodúcese, en 2011, a nivel galego e en cómputo interanual, un lixeiro aumento das altas iniciais e tamén, aínda que máis cativo das baixas, manténdose un maior número de altas –40.554– que de baixas de pensións –34.410–.

**Altas iniciais de pensións contributivas. Por provincias.
Galicia/España. 1992/ 2005-2011 ⁽¹⁾**
■ Cadro 13.5

		A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia	España
Xubilación	1992	7.138	3.472	3.153	4.564	18.237	224.138
	2005	6.718	2.400	2.226	5.813	17.157	265.270
	2006	6.716	2.426	2.236	5.645	17.023	235.129
	2007	6.813	2.384	2.145	5.628	16.970	231.784
	2008	7.687	2.469	2.444	6.441	19.041	269.772
	2009	8.003	2.461	2.560	6.658	19.682	287.904
	2010	8.058	2.465	2.397	6.734	19.654	288.172
	2011	8.412	2.494	2.729	7.323	20.958	286.143
Invalidez	1992	2.113	2.099	1.133	2.592	7.937	92.172
	2005	2.679	983	978	2.398	7.038	86.125
	2006	2.756	1.056	1.018	2.690	7.520	99.873
	2007	3.290	1.079	1.134	2.610	8.113	98.808
	2008	3.254	957	1.120	2.543	7.874	97.396
	2009	3.152	863	1.197	2.491	7.703	98.056
	2010	2.798	1.013	1.002	2.762	7.575	90.949
	2011	2.651	1.083	958	2.460	7.152	86.851
Viuvez	1992	3.257	1.743	1.460	2.338	8.798	116.692
	2005	3.990	1.781	1.583	2.982	10.336	132.486
	2006	3.969	1.699	1.594	3.153	10.415	128.813
	2007	4.091	1.716	1.617	3.131	10.555	131.454
	2008	4.023	1.681	1.554	3.041	10.299	130.138
	2009	4.042	1.747	1.490	3.099	10.378	129.615
	2010	3.862	1.712	1.515	2.981	10.070	127.439
	2011	4.049	1.644	1.550	3.205	10.448	128.883
Orfandade e en favor de familiares	1992	693	262	254	733	1.942	22.864
	2005	857	315	273	695	2.140	27.481
	2006	852	242	293	692	2.079	26.704
	2007	777	261	238	662	1.938	25.784
	2008	820	295	233	727	2.075	26.374
	2009	838	274	255	756	2.123	28.290
	2010	720	297	243	690	1.950	27.538
	2011	763	293	248	692	1.996	27.935
Total	1992	13.201	7.576	6.000	10.227	37.004	455.866
	2005	14.244	5.479	5.060	11.888	36.671	511.362
	2006	14.293	5.423	5.141	12.180	37.037	490.519
	2007	14.971	5.440	5.134	12.031	37.576	487.830
	2008	15.819	5.382	5.350	12.735	39.286	524.500
	2009	16.035	5.345	5.502	13.004	39.886	543.865
	2010	15.438	5.487	5.157	13.167	39.249	534.098
	2011	15.875	5.514	5.485	13.680	40.554	529.812

Elaboración propia.

(1) Non incluídos os datos relativos ao Réxime de Traballadores/as do Mar.

A partir de novembro de 1997 as pensións de invalidez permanente de beneficiarios/as de 65 anos e máis, agás do SOVI figuran incluídas nas de xubilación.

Fonte: Ministerio de Emprego e Seguridade Social.

**Baixas de pensións contributivas. Por provincias.
Galicia/España. 1992/ 2005-2011⁽¹⁾**

■ **Cadro 13.6**

		A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia	España
Xubilación	1992	5.032	2.779	2.643	2.706	13.160	142.039
	2005	6.963	3.766	3.549	5.468	19.746	226.135
	2006	6.903	3.751	3.540	5.468	19.662	215.848
	2007	7.224	3.726	3.433	5.714	20.097	224.885
	2008	7.168	3.753	3.480	5.756	20.157	232.927
	2009	7.775	3.942	3.462	6.196	21.375	244.146
	2010	7.580	3.756	3.443	6.287	21.066	240.624
	2011	7.721	3.764	3.471	6.451	21.407	245.951
Invalidez	1992	1.426	1.909	1.005	1.828	6.168	65.547
	2005	761	210	268	626	1.865	24.400
	2006	738	230	256	696	1.920	23.825
	2007	840	305	270	779	2.194	26.262
	2008	901	327	247	896	2.371	27.807
	2009	992	228	258	858	2.336	28.349
	2010	894	227	257	713	2.091	29.367
	2011	931	248	236	894	2.309	29.241
Viuvez	1992	1.728	1.060	885	1.103	4.776	64.972
	2005	2.970	1.436	1.360	2.206	7.972	103.853
	2006	3.024	1.571	1.341	2.211	8.147	99.733
	2007	3.099	1.543	1.379	2.230	8.251	103.459
	2008	3.106	1.587	1.397	2.307	8.397	106.900
	2009	3.341	1.667	1.467	2.475	8.950	110.143
	2010	3.362	1.586	1.454	2.453	8.855	107.754
	2011	3.278	1.695	1.480	2.518	8.971	110.629
Orfandade e en favor de familiares	1992	603	182	186	540	1.511	21.228
	2005	805	242	232	778	2.057	25.527
	2006	797	225	234	655	1.911	23.378
	2007	738	223	215	637	1.813	21.841
	2008	675	216	203	566	1.660	21.030
	2009	765	230	192	601	1.788	21.686
	2010	727	239	186	633	1.785	22.578
	2011	653	216	223	631	1.723	23.324
Total	1992	8.789	5.930	4.719	6.177	25.615	293.786
	2005	11.499	5.654	5.409	9.078	31.640	379.915
	2006	11.462	5.777	5.281	9.030	31.550	362.784
	2007	11.901	5.797	5.297	9.360	32.355	376.447
	2008	11.850	5.886	5.324	9.525	32.585	388.664
	2009	12.873	6.067	5.379	10.130	34.449	404.324
	2010	12.563	5.808	5.340	10.086	33.797	400.323
	2011	12.583	5.923	5.410	10.494	34.410	409.145

Elaboración propia.

(1) Non incluídos os datos relativos ao Réxime de Traballadores/as do Mar.

A partir de novembro de 1997 as pensións de invalidez permanente de beneficiarios/as de 65 anos e máis, agás do SOVI figuran incluídas nas de xubilación.

Fonte: Ministerio de Empleo e Seguridade Social.

■ Media das pensións

No cadro 13.7, contéplase o número de pensións e o termo medio do importe destas por comunidades autónomas. Do total dos 8.805.100 pensionistas españois, Galicia, con 727.552, representa o 8,26%, unha porcentaxe superior –case dous puntos e medio– en relación coa que existe referente ao total da poboación. O cadro 13.8 contempla a evolución do importe mensual medio das pensións na comunidade autónoma dende 1985 e pode observarse que dende o citado ano, no que a diferenza do importe das pensións media de Galicia respecto á media española era de 2.500 pesetas (15,02 euros), ata os 130,83 euros de 2011, prodúcese ano tras ano unha maior diferenza na contía, permanecendo invariable en todo este tempo como a comunidade autónoma con menor importe medio de pensións. O feito explícase fundamentalmente polo importante volume das pensións do réxime especial agrario, en xeral moito máis baixas que as do réxime xeral ou de autónomos.

■ **Cadro 13.7** **Pensions do sistema de seguridade social. Por comunidades autónomas 1990/2000/2008-2011**

	1990		2000		2008		2009		2010		2011	
	Nº	Media ⁽¹⁾	Nº	Media ⁽¹⁾	Nº	Media ⁽¹⁾	Nº	Media ⁽¹⁾	Nº	Media ⁽¹⁾	Nº	Media ⁽¹⁾
Andalucía	938,0	252,8	1.199,3	437,4	1.333,5	663,1	1.356,9	693,5	1.379,3	715,6	1.399,9	736,8
Aragón	223,2	272,3	260,0	482,0	274,8	744,0	278,0	780,8	280,9	807,8	283,9	835,5
Asturias	240,5	319,6	283,2	575,1	292,0	865,7	293,3	903,3	294,7	930,9	296,1	958,8
Baleares	121,2	244,4	146,8	426,6	159,8	651,3	162,8	683,4	165,9	708,0	168,8	734,0
Canarias	151,4	258,7	201,3	444,5	240,1	675,8	246,8	708,3	253,9	732,2	260,9	755,2
Cantabria	101,3	274,9	120,0	486,9	127,8	748,5	129,2	784,4	130,7	811,2	132,0	837,9
C. A Mancha	257,4	256,3	312,4	433,4	331,4	667,8	335,9	702,5	340,4	728,5	344,7	751,2
C. León	479,3	263,4	561,9	455,4	578,5	696,1	582,8	731,4	586,8	757,9	589,9	782,7
Cataluña	1.071,4	270,1	1.335,1	484,3	1.497,8	742,8	1.524,2	777,8	1.550,7	803,8	1.578,4	831,0
C. Valenciana	597,5	245,2	739,4	423,3	845,0	658,9	862,3	691,0	879,8	715,3	895,6	739,0
Extremadura	158,8	245,0	192,9	405,3	202,3	611,8	204,6	642,0	206,7	664,8	208,5	684,2
Galicia	552,2	234,1	667,4	394,1	708,5	600,7	714,9	629,9	721,0	651,9	727,6	674,1
Madrid	581,5	306,9	790,4	558,6	913,7	852,8	939,8	892,8	965,3	922,4	990,4	953,4
Murcia	159,1	245,9	194,7	420,6	214,5	633,8	218,0	664,4	222,4	687,1	226,4	709,5
Navarra	79,0	286,4	99,8	514,2	115,2	808,5	117,3	849,5	119,3	879,4	121,2	910,7
País Vasco	331,4	320,8	423,8	594,5	479,4	898,3	487,7	938,4	494,8	966,1	501,8	995,7
A Rioxa	48,0	256,8	56,6	452,1	61,9	686,5	62,8	719,8	63,6	744,6	64,3	769,7
Ceuta e Melilla	11,0	288,6	13,8	504,0	14,5	751,0	14,6	780,4	14,8	801,3	15,0	819,0
España	6.102,1	267,2	7.598,8	468,2	8.390,8	719,7	8.531,9	754,1	8.671,0	779,5	8.805,1	805,0

Elaboración propia.

Números en miles. Medias anuais.

(1) Contía mensual. Medias anuais en euros.

Fonte: Ministerio de Emprego e Seguridade Social.

■ Cadro 13.8

Evolución do importe medio das pensións do Sistema da Seguridade Social.
Por comunidades autónomas. 1985/1989/2000-2011

	1985	1989	2000	2001	2002	2003	2004	2005	2006	2007	2008	2009	2010	2011
Andalucía	159,87	222,37	437,54	461,60	480,45	504,65	530,81	561,90	592,91	621,84	663,13	693,53	715,64	736,82
Aragón	171,29	239,20	482,01	509,31	532,17	560,54	592,83	627,95	661,03	695,32	744,03	780,79	807,79	835,50
Asturias	200,74	284,28	575,17	606,27	628,19	661,45	700,04	738,74	777,87	814,61	865,70	903,27	930,86	958,82
Baleares	158,67	217,57	426,72	450,01	469,24	493,89	521,59	551,09	580,54	609,20	651,26	683,40	707,95	733,95
Canarias	164,68	229,59	444,75	468,90	487,94	512,67	539,94	571,26	602,80	632,63	675,82	708,27	732,16	755,20
Cantabria	174,29	243,41	486,82	515,40	537,14	566,34	599,92	633,82	666,31	700,28	748,52	784,35	811,17	837,86
C. A Mancha	161,67	225,38	433,33	456,97	475,43	499,05	523,74	556,63	590,52	622,51	667,79	702,46	728,49	751,23
C. León	164,68	230,19	455,57	480,94	501,05	526,41	554,23	587,26	620,11	651,26	696,06	731,42	757,87	782,69
Cataluña	171,89	239,20	484,42	511,83	535,33	564,48	597,71	630,94	661,52	694,25	742,80	777,76	803,81	830,96
C. Valenciana	155,66	216,36	432,13	456,73	476,17	501,13	528,99	559,34	586,98	616,45	658,93	691,18	715,27	738,95
Extremadura	153,86	215,76	405,08	426,20	442,30	463,14	484,44	513,80	544,26	572,13	611,84	642,06	664,75	684,17
Galicia	153,26	207,95	394,26	415,45	432,38	454,43	478,26	506,23	535,10	562,19	600,73	629,85	651,88	674,13
Madrid	189,92	280,07	558,34	591,44	616,75	649,37	687,47	726,13	762,83	799,39	852,79	892,78	922,37	953,43
Murcia	159,87	217,57	420,71	443,84	461,75	485,04	510,35	539,34	567,12	593,77	633,80	664,36	687,09	709,46
Navarra	176,70	251,22	513,87	545,89	570,90	602,61	639,44	679,36	718,08	755,56	808,54	849,52	879,42	910,65
País Vasco	195,93	280,67	540,31	629,29	655,51	691,17	733,16	771,82	806,10	843,02	898,27	938,44	966,11	995,68
A Rioxa	159,87	226,58	451,96	478,55	499,06	524,40	552,05	583,42	612,55	642,78	686,52	719,75	744,64	769,74
Ceuta e Melilla ⁽¹⁾	177,90	254,23	504,25	532,85	555,21	583,13	613,37	646,60	679,60	704,50	751,00	780,40	801,33	819,01
España	168,28	236,80	468,19	497,89	518,89	546,04	576,57	609,75	641,86	673,69	719,68	754,06	779,49	804,96

Elaboración propia.

Datos en euros mes.

(1) Media de ámbalas dúas cidades autónomas.

Fonte: INSS.

■ Pensións con complemento a mínimo

As contías mínimas de pensións establécense anualmente e teñen como obxecto garantir un nivel mínimo de subsistencia a tódolos pensionistas.

A existencia de pensións mínimas garante pensións adecuadas e que os pensionistas da Seguridade Social teñan ingresos superiores ao albor de pobreza (60% da mediana dos ingresos por unidade de consumo das persoas), que para caso dun fogar con adulto está en 7.533,3 euros anuais ou 627,78 euros mensuais.

Os beneficiarios/as do Sistema da Seguridade Social, na súa modalidade contributiva, con pensión inferior á mínima sempre que non perciban ingresos de capital ou de traballo persoal ou que percibíndoos non excedan da contía que anualmente o Goberno estableza, en xubilación sen cónxuxe a cargo, para o ano 2011: 8.419,60 euros- terán dereito a percibir os complementos necesarios para alcanzar a contía mínima das pensións.

Así mesmo terán dereito ao complemento de cónxuxe a cargo aqueles pensionistas con pensión inferior á prevista anualmente polo Goberno en cada unha das mesmas para esta modalidade, cando non superen a contía fixada anualmente, en xubilación para 2011 os 10.388 euros.

Na pensión de viuvez entenderase por cargas familiares a convivencia do beneficiario/a con fillos/as menores de 26 anos ou maiores incapacitados (deben acreditar un grao de minusvalía igual ou superior ao 33%), ou menores de 18 anos acollidos, cando a renda do conxunto da unidade familiar dividida polo número de membros

que a compoñen non supere en cómputo anual o 75% do salario mínimo interprofesional, excluídas a parte proporcional de dous pagas extraordinarias.

No cadro 13.9 contéplase o número de pensións cos complementos a mínimo e co tanto por cento do total, por tipos de prestacións. Como pode observarse en orfandade máis da metade das pensións recoñecidas en Galicia benefíciense deste complemento, porcentaxe que acada máis do 70% na modalidade de en favor de familiares. En xubilación o número de pensións é de 169.963, e dicir o 38,29% e no total de pensións o 34,79%. Por comunidades autónomas (cadro 13.10) Galicia constitúe en porcentaxe a cuarta comunidade que se beneficia máis deste complemento detrás de Estremadura, Castela a Mancha e Andalucía e 6,76 puntos por riba da media estatal.

■ Cadro 13.9

Pensións con complemento a mínimo. Galicia a 31-XII-2011(*)

	Incapacidade permanente		Xubilación		Viuvez		Orfandade		F. Familiares		Total	
	Nº	% (*)	Nº	% (*)	Nº	% (*)	Nº	% (*)	Nº	% (*)	Nº	% (*)
A Coruña	3.435	12,61	61.414	37,15	24.164	33,97	4.408	52,13	1.370	67,96	94.791	34,61
Lugo	1.620	17,40	31.282	40,13	6.487	21,60	1.638	57,81	520	70,46	41.547	34,43
Ourense	1.816	19,11	33.576	48,24	8.346	31,62	1.589	60,37	964	86,38	46.291	42,44
Pontevedra	2.671	11,45	43.691	33,33	17.303	31,36	3.749	48,38	1.075	64,06	68.489	31,40
Galicia	9.542	13,75	169.963	38,29	56.300	30,81	11.384	56,42	3.929	70,82	251.118	34,79
España	104.194	11,13	1.410.265	27,36	779.171	33,99	133.253	44,23	19.671	52,16	2.446.554	28,15

% sobre el total de cada tipo de pensións.

Fuente: Informe económico-financiero. Orzamentos Xerais da Seguridade Social 2012.

■ Cadro 13.10

Porcentaxe de pensións con complemento a mínimos por comunidades autónomas. 2009/2011

	I. Permanente			Xubilación			Viuvez			Orfandade			F.Familiares			Total		
	2009	2010	2011	2009	2010	2011	2009	2010	2011	2009	2010	2011	2009	2010	2011	2009	2010	2011
Estremadura	15,05%	17,76%	19,39%	50,32%	51,11%	51,00%	62,91%	63,04%	62,71%	69,53%	69,67%	68,81%	64,89%	65,96%	66,45%	51,17%	51,87%	51,84%
C. A Mancha	10,01%	11,43%	12,65%	41,40%	41,67%	41,56%	59,40%	59,82%	59,96%	57,64%	58,25%	59,29%	58,80%	59,66%	61,97%	43,81%	44,10%	44,14%
Andalucía	11,05%	13,30%	15,37%	36,25%	36,38%	36,32%	42,94%	42,98%	42,77%	56,67%	56,83%	56,77%	50,99%	51,76%	52,22%	35,16%	35,59%	35,87%
Galicia	10,83%	12,79%	13,75%	38,50%	38,36%	38,29%	29,39%	30,02%	30,81%	55,40%	55,83%	56,42%	65,36%	67,32%	70,82%	34,23%	34,50%	34,79%
Canarias	8,06%	9,76%	11,30%	31,56%	31,06%	30,69%	44,58%	44,54%	44,88%	55,66%	56,97%	58,62%	53,48%	53,17%	54,77%	33,78%	33,72%	33,84%
Murcia	11,78%	13,53%	13,86%	34,39%	34,70%	33,86%	39,07%	39,49%	39,24%	56,28%	56,94%	57,13%	56,74%	57,88%	57,16%	33,34%	33,81%	33,38%
C. León	8,74%	10,14%	10,56%	31,53%	31,57%	31,02%	41,54%	41,91%	41,62%	54,39%	54,85%	54,93%	54,96%	55,44%	56,13%	33,34%	33,57%	33,19%
Meilla	7,97%	9,38%	9,34%	23,06%	23,77%	24,08%	38,48%	40,20%	40,78%	60,11%	60,59%	62,48%	56,60%	61,70%	60,00%	28,89%	29,91%	30,49%
C. Valenciana	9,88%	11,25%	12,43%	29,51%	29,27%	28,79%	36,85%	37,12%	37,10%	49,46%	49,87%	49,73%	49,76%	50,34%	50,58%	30,08%	30,12%	29,97%
A Ríoxa	5,98%	7,25%	7,92%	26,97%	26,82%	26,35%	38,46%	38,65%	38,38%	46,48%	48,42%	48,09%	49,11%	45,70%	46,76%	28,52%	28,62%	28,34%
Ceuta	4,43%	5,69%	5,99%	22,58%	22,19%	21,78%	38,57%	39,01%	38,56%	57,11%	50,73%	53,33%	40,38%	39,58%	40,91%	28,25%	27,97%	27,86%
Aragón	6,80%	7,54%	8,01%	25,78%	25,63%	24,90%	37,26%	37,36%	37,01%	42,10%	42,54%	43,17%	44,88%	45,45%	46,48%	27,79%	27,76%	27,25%
Baleares	6,38%	7,38%	8,24%	25,20%	24,67%	24,03%	26,47%	26,85%	26,80%	44,89%	45,40%	44,93%	46,98%	46,26%	45,71%	23,99%	23,90%	23,65%
Navarra	4,93%	5,57%	5,91%	21,82%	21,42%	20,73%	34,39%	34,02%	33,01%	38,37%	38,69%	38,89%	53,08%	52,71%	51,57%	23,91%	23,58%	22,91%
Cantabria	7,18%	8,55%	9,36%	20,78%	20,71%	20,92%	22,92%	23,16%	23,71%	43,38%	43,39%	43,50%	47,62%	47,88%	47,65%	20,75%	20,93%	21,31%
Cataluña	6,12%	6,91%	7,40%	19,82%	19,55%	19,09%	20,73%	20,74%	20,42%	34,53%	34,55%	34,81%	35,37%	35,30%	36,05%	18,93%	18,86%	18,57%
Asturias	5,94%	6,89%	7,33%	19,67%	19,45%	18,88%	20,13%	20,30%	19,92%	39,07%	31,05%	38,22%	36,76%	36,77%	39,01%	18,75%	18,81%	18,47%
Madrid	4,71%	5,56%	7,18%	14,95%	14,86%	14,83%	25,90%	26,42%	26,71%	33,93%	34,70%	35,51%	30,03%	31,02%	32,28%	17,72%	17,82%	17,96%
País Vasco	3,71%	4,34%	5,07%	12,15%	12,08%	12,02%	17,60%	17,50%	17,70%	30,28%	30,40%	30,49%	28,37%	29,11%	29,69%	13,41%	13,39%	13,47%
Media	8,48%	9,94%	11,07%	27,17%	27,03%	26,62%	33,42%	33,65%	33,59%	47,40%	48,24%	48,44%	49,44%	50,34%	51,60%	28,03%	27,69%	27,58%

Elaboración propia.

Fuente: Informes económico-financieros. Orzamentos da Seguridade Social.

Nota: Os datos de pensións con complemento a mínimo do 2011 son a decembro e os do 2009 e 2010 son a agosto.

■ Análise por réximes

O acordo sobre consolidación e racionalización do sistema da Seguridade Social, e o acordo para a mellora e o desenvolvemento do sistema de protección social do 9 de abril de 2001 que desenvolven o Pacto de Toledo, prevén unha simplificación da estrutura do sistema, reconducíndoo cara a existencia de só dous réximes: un de conta allea, no que se incluírían os activos/as da Minería do Carbón, Empregados/as do Fogar e conta allea do Mar e Agrario, e outro o Réxime de Autónomos. Este proceso xa en marcha esta a provocar cambios importantes, tanto na cotización deses colectivos especiais –aínda que se manteñan algunhas peculiaridades–, como con respecto a unha equiparación efectiva das prestacións da Seguridade Social. O compromiso de incluír para os traballadores/as por conta propia a incapacidade total cualificada plasmouse no Real decreto 463/2003, do 25 de abril, a integración dos traballadores/as por conta propia do réxime agrario no especial de traballadores/as autónomos (reta) na Lei 18/2007 de 4 de xullo, con efectos de 1 de xaneiro de 2008, finalmente a incorporación do colectivo de empregados/as do fogar no réxime xeral formalizouse a partir de Xaneiro de 2012 (lei 27/2011 de 1 de Agosto).

Como apuntabamos en informes anteriores, en 1994 prodúcese unha inflexión no crecemento continuo de pensionistas agrarios de moitos anos anteriores, e comeza a ser maior; se ben moi paulatinamente, o número das pensións que causan baixa que o número de novos pensionistas.

Dende o punto de vista dos datos que proporciona a Seguridade Social, Galicia é a comunidade autónoma española que sufriu un proceso de transformación máis importante con respecto á configuración da súa poboación activa nestes últimos anos, pasando de representar os activos do Réxime Especial Agrario o 29,29% da poboación en alta en 1985, ao 4,94% en 2007, moi por debaixo de poboacións como Andalucía ou Estremadura e máis de 3 puntos inferior a media española. A impresionante diminución do colectivo agrario cotizante nestes últimos anos desembocou, en gran medida, na xubilación ou a invalidez, se ben, as pequenas diminucións dos últimos anos parecen indicar que o proceso vai remitindo na súa intensidade.

Segundo nos mostra o cadro 13.11, a inmensa maioría dos pensionistas galegos do réxime agrario –os de conta propia– pasan a integrarse no de autónomos de tal xeito que estes pasan de 75.700 en 2007 a 294.600 en 2008, unha cifra moi próxima ao número dos pertencentes ao réxime xeral. Os 6.000 pensionistas do Réxime Agrario en 2010 constitúen un escaso 0,83% do total, mentres que os do Réxime Xeral con 316.300 supoñen o 43,87% dos pasivos galegos. (cadro 13.12).

**Evolución do número de pensións polos principais réximes.
Por provincias. Galicia 2000/2006-2011**

■ Cadro 13.11

		A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
Xeral	2000	97,6	29,5	37,4	76,8	241,4
	2006	113,5	33,6	43,4	91,0	281,5
	2007	116,6	34,5	44,5	93,9	289,4
	2008	120,2	35,3	45,6	97,1	298,1
	2009	123,9	36,2	46,8	100,4	307,3
	2010	127,4	37,1	48,1	103,7	316,3
	2011	131,1	38,0	49,3	107,3	325,7
Autónomos (1)	2000	23,4	10,0	9,7	16,8	59,9
	2006	29,2	11,4	11,9	20,9	73,4
	2007	30,2	11,7	12,1	21,7	75,7
	2008	97,5	75,4	54,8	67,0	294,6
	2009	97,2	74,0	53,6	66,9	291,7
	2010	96,7	72,7	52,5	66,8	288,7
	2011	96,2	71,5	51,3	66,6	285,7
Agrario (1)	2000	77,6	75,2	54,8	55,1	262,7
	2006	70,4	67,6	46,4	49,5	233,9
	2007	68,9	66,2	44,7	48,3	228,1
	2008	1,4	1,3	0,8	2,7	6,2
	2009	1,4	1,3	0,8	2,7	6,1
	2010	1,4	1,3	0,8	2,6	6,0
	2011	1,4	1,2	0,8	2,5	5,9
Mar	2000	23,3	2,3	0,1	20,3	45,9
	2006	25,0	2,5	0,1	22,4	50,0
	2007	25,3	2,5	0,1	22,7	50,7
	2008	25,6	2,5	0,1	23,1	51,3
	2009	25,8	2,6	0,1	23,4	51,9
	2010	26,1	2,6	0,1	23,7	52,4
	2011	26,3	2,6	0,1	24,0	53,0
Outros	2000	21,4	7,2	7,8	21,1	57,5
	2006	22,2	7,2	7,8	21,6	58,8
	2007	22,1	7,1	7,9	21,5	58,6
	2008	22,0	7,1	7,8	21,4	58,3
	2009	22,0	7,1	7,8	21,2	58,0
	2010	21,8	7,1	7,8	21,1	57,7
	2011	21,7	7,0	7,7	20,9	57,3
Total	2000	243,3	124,2	109,8	190,1	667,4
	2006	260,3	122,3	109,5	205,4	697,5
	2007	263,0	122,0	109,3	208,2	702,4
	2008	266,7	121,6	109,0	211,2	708,5
	2009	270,2	121,1	109,1	214,5	714,9
	2010	273,4	120,7	109,1	217,8	721,0
	2011	276,7	120,5	109,1	221,2	727,5

Elaboración propia.

Medias anuais en miles.

(1) Os traballadores por conta propia do rexímen agrario intégranse no de autónomos a partir de 2008.

Fonte: Ministerio de Empleo e Seguridade Social.

■ Cadro 13.12

Evolución do número de pensións polos principais réximes.
Por comunidades autónomas. 1990/1995/2008-2011

	Réxime Xeral						Autónomos (1)					
	1990	1995	2008	2009	2010	2011	1990	1995	2008	2009	2010	2011
Andalucía	367,2	481,6	675,6	693,7	711,5	728,8	77,0	96,2	201,5	205,6	209,7	213,5
Aragón	96,6	124,0	160,8	164,4	167,7	171,1	26,9	30,7	73,4	73,5	73,7	73,9
Asturias	82,7	103,6	136,9	139,9	142,8	145,4	18,6	23,0	77,8	77,2	76,6	76,2
Baleares	54,5	68,6	94,2	97,1	100,2	103,3	14,2	19,0	41,3	41,9	42,5	43,0
Canarias	66,9	89,6	147,7	153,7	160,1	166,6	11,9	16,0	44,2	45,1	46,2	47,1
Cantabria	47,5	58,1	74,0	75,7	77,4	79,0	10,2	11,9	35,9	35,7	35,5	35,5
C. A Mancha	84,5	114,7	165,5	170,8	175,8	180,7	31,8	36,2	88,0	88,4	89,1	89,8
C. León	159,7	207,5	275,7	282,5	288,8	294,5	55,3	64,0	208,8	207,3	205,9	204,4
Cataluña	626,5	758,9	999,6	1.023,1	1.047,0	1.072,4	126,5	152,4	273,1	277,3	281,8	286,8
C. Valenciana	273,6	349,1	506,6	522,3	538,3	553,5	59,5	70,8	141,6	145,5	149,4	152,9
Extremadura	47,6	68,0	92,5	94,5	96,6	98,4	17,2	19,8	50,6	50,8	51,0	51,1
Galicia	146,9	197,2	298,1	307,3	316,3	325,7	40,1	49,2	294,7	291,7	288,7	285,7
Madrid	402,1	511,8	685,8	706,9	728,1	749,7	57,6	70,4	112,4	116,0	120,0	123,9
Murcia	56,5	71,8	104,0	107,4	111,2	114,9	16,9	20,5	42,8	43,6	44,7	45,7
Navarra	36,6	47,3	71,1	73,16	75,11	77,0	10,0	11,4	27,7	27,9	28,0	28,3
País Vasco	197,5	250,3	328,3	335,0	341,0	346,9	35,2	41,8	77,7	79,1	80,3	81,7
A Ríoxa	20,1	26,4	35,1	35,9	36,7	37,5	6,2	7,2	17,4	17,5	17,6	17,7
Ceuta	3,4	4,3	5,0	5,1	5,2	5,3	0,7	0,9	1,1	1,2	1,2	1,2
Melilla	2,6	3,4	3,9	4,0	4,1	4,2	1,0	1,3	1,6	1,6	1,7	1,7
España	2.773,1	3.536,1	4.860,5	4.992,6	5.123,8	5.254,9	617,1	742,4	1.811,5	1.826,9	1.843,4	1.860,0

	Agrario (1)						Mar					
	1990	1995	2008	2009	2010	2011	1990	1995	2008	2009	2010	2011
Andalucía	326,1	344,3	315,8	319,0	321,3	323,0	18,5	21,0	22,0	21,9	21,8	21,8
Aragón	61,9	60,2	9,8	9,4	9,0	8,7	0,1	0,1	0,1	0,1	0,1	0,1
Asturias	58,7	59,9	1,2	1,1	1,1	1,1	5,0	5,3	4,8	4,8	4,7	4,7
Baleares	30,2	29,4	5,8	5,4	5,1	4,8	2,9	3,1	3,0	3,0	3,0	2,9
Canarias	37,9	38,1	19,4	19,4	19,4	19,3	9,3	10,4	10,6	10,6	10,5	10,3
Cantabria	26,3	26,9	0,8	0,8	0,8	0,8	3,6	3,9	4,0	4,0	4,0	4,0
C. A Mancha	112,0	113,3	52,2	50,9	49,6	48,3	0,0	0,0	0,1	0,1	0,1	0,1
C. León	185,5	186,7	21,2	20,6	20,0	19,4	0,1	0,2	0,3	0,3	0,3	0,3
Cataluña	123,5	123,2	25,4	24,5	23,6	22,7	8,7	9,0	8,6	8,5	8,5	8,4
C. Valenciana	142,7	143,4	89,3	87,8	86,2	84,5	8,6	9,1	8,5	8,4	8,4	8,3
Extremadura	77,0	77,4	45,0	45,2	45,2	45,2	0,0	0,0	0,1	0,1	0,1	0,1
Galicia	271,5	275,1	6,2	6,1	6,0	5,9	33,9	40,9	51,3	51,9	52,4	53,0
Madrid	29,0	26,3	8,4	8,0	7,7	7,3	1,2	1,4	1,4	1,4	1,4	1,4
Murcia	51,7	54,5	40,9	40,4	40,1	39,7	1,8	1,9	2,0	2,0	2,0	2,0
Navarra	20,5	20,5	4,2	4,0	3,9	3,7	0,0	0,1	0,1	0,1	0,1	0,1
País Vasco	29,0	28,1	1,4	1,4	1,3	1,3	11,7	13,1	13,4	13,3	13,3	13,2
A Ríoxa	12,7	12,6	1,6	1,6	1,5	1,5	0,0	0,1	0,1	0,1	0,1	0,1
Ceuta	—	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,6	0,6	0,4	0,4	0,4	0,4
Melilla	—	0,0	0,0	0,0	0,0	0,1	0,3	0,3	0,3	0,3	0,2	0,3
España	1.596,3	1.620,3	648,7	645,6	641,9	637,1	106,4	120,5	131,0	131,1	131,3	131,3

Elaboración propia.

Medias anuais en miles.

A suma de cada un dos epígrafes non coincide necesariamente con exactitude co total de España ao empregar cantidades reducidas.

(1) Por mor da entrada en vigor da Lei 18/2007 de 4 de xullo, os traballadores por conta propia do rexime agrario intégranse no de autónomos.

Fonte: Ministerio de Empleo e Seguridade Social.

As pensións do Réxime Xeral da Seguridade Social, en número de 325.700 experimentan unha subida de 9.400 con respecto ao ano anterior; se ben seguen a representar tan só un 6,20% do total español correspondente ao citado réxime. As provincias de Lugo e Ourense, con 38.000 e 49.300 pensións, respectivamente, representan conxuntamente tan só o 26,80% dos perceptores/as de pensións do Réxime Xeral en Galicia.

As pensións galegas do Réxime Especial de Traballadores Autónomos, incrementáanse coa adición dos agrarios por conta propia a partir de 2008 pasando constituír no ano 2011 o 39,27% do total de pensionistas galegos e o 15,36 % do total español correspondente a dito réxime. A cifra máis numerosa dos pensionistas autónomos é a da provincia da Coruña, con 96.200 pensións, pero Lugo con 71.500 está por enriba de Pontevedra.

Galicia é a comunidade autónoma con maior número absoluto de pensionistas do Réxime Especial do Mar, dobrando amplamente a Andalucía que ocupa o segundo lugar. Os 53.000 pensionistas deste réxime, en Galicia, representan o 40,37 % do total español, radicados fundamentalmente na provincia da Coruña, 26.300, e a de Pontevedra, 24.000.

■ Ingresos e gastos

O sistema de protección social nútrese basicamente dos ingresos da Seguridade Social e das contribucións do Estado.

O acordo sobre consolidación e racionalización do sistema da Seguridade Social e o de mellora e desenvolvemento do sistema de protección social de 9 de Abril de 2001 seguindo as pautas do Pacto de Toledo, contemplan a separación e clasificación das fontes de financiamento do sistema de protección social, de tal xeito que de forma gradual se tenda a que, a partir de 2000, a acción protectora, na súa modalidade universal: asistencia sanitaria, servizos sociais (agás os de accidentes de traballo e enfermidades profesionais), pensións non contributivas, complementos de mínimos de pensións contributivas e prestacións familiares por fillo a cargo, se financien mediante contribucións do Estado, mentres que as prestacións contributivas –basicamente as prestacións derivadas do contrato de traballo máis o gasto de xestión e de funcionamento dos servizos–, pasen a ser financiadas con cargo ás cotizacións das pensións obrigatorias, ademais do importe das cantidades recadadas en concepto de recargos, sancións, así como rendas e intereses patrimoniais. Neste sentido, xa dende o orzamento da Seguridade Social do 2000 contemplábase que a totalidade dos Servizos Sociais do IMSERSO e Protección Familiar se financien con aportación do Estado, e para os complementos de mínimos determínanse as sucesivas aportacións do Estado ata o financiamento total de ditos complementos, cun compromiso temporal de non superar 5 anos dende o 2004.

No cadro 13.13 contéplanse as contías da recadación de cotas da Seguridade Social por réximes, que ascenden en Galicia a 5.350 millóns euros, en 2011; unha cifra inferior en máis de 4 millóns con respecto ao ano anterior; e que reflicte unha lixeira diminución na recadación de todas as provincias coa excepción de Lugo.

O Réxime Xeral representa o 68,16% da recadación de cotas e nun sistema de reparto como o da Seguridade Social española –os activos actuais financian aos pensionistas–, debe suplir as carencias da escasa recadación dos outros réximes, que ade-

mais como o caso do Agrario –e a partir de 2008 o de autónomos, que inclúe os de conta propia do agrario– cunha tan alta porcentaxe de pensionistas na Comunidade Autónoma Galega –o 39,27%– representan só o 12,97% do total da recadación de cotas da Seguridade Social.

Recadación de cotas da Seguridade Social. Por réximes e provincias. Galicia. 2004-2011

■ Cadro 13.13

		R. Xeral	Agrario	Autónomos	Mar	Emp. Hogar	Outros	Total
2004	A Coruña	1.201,61	31,71	196,81	24,59	9,36	329,44	1.793,52
	Lugo	337,51	33,49	61,65	9,09	3,13	1,32	446,19
	Ourense	383,10	10,94	65,56	0,02	3,52	0,75	463,89
	Pontevedra	910,91	15,57	159,38	48,21	6,27	222,97	1.363,31
	Galicia	2.833,13	91,71	483,40	81,91	22,28	554,48	4.066,91
2005	A Coruña	1.218,73	30,30	202,24	24,83	10,13	278,03	1.764,26
	Lugo	291,05	31,81	62,87	8,70	3,68	35,67	433,78
	Ourense	414,88	10,50	68,71	0,02	4,34	0,76	499,21
	Pontevedra	1.057,04	16,47	185,19	54,27	8,15	263,12	1.584,24
	Galicia	2.981,70	89,08	519,01	87,82	26,30	577,58	4.281,49
2006	A Coruña	1.400,37	31,83	219,20	27,42	12,64	400,86	2.092,32
	Lugo	316,48	32,47	65,92	8,63	4,25	39,33	467,08
	Ourense	439,62	10,55	71,99	0,02	4,62	0,93	527,73
	Pontevedra	1.137,14	15,73	184,42	54,80	9,48	327,18	1.728,75
	Galicia	3.293,61	90,58	541,53	90,87	30,99	768,30	4.815,88
2007	A Coruña	1.594,70	36,12	245,66	28,34	13,62	368,53	2.273,35
	Lugo	315,70	31,56	62,60	8,37	4,24	42,26	460,49
	Ourense	335,75	9,02	71,16	0,01	4,98	46,65	462,59
	Pontevedra	1.276,85	17,10	204,97	54,11	10,32	314,02	1.867,05
	Galicia	3.523,00	93,80	584,39	90,83	33,16	771,46	5.063,48
2008	A Coruña	1.708,33	5,17	288,59	28,18	14,96	376,15	2.421,38
	Lugo	342,14	4,58	96,07	6,97	4,68	42,48	496,92
	Ourense	378,42	1,27	86,79	0,01	5,31	0,90	472,70
	Pontevedra	1.362,80	3,21	226,85	51,92	11,20	327,10	1.983,08
	Galicia	3.791,69	14,23	698,30	87,08	36,15	746,63	5.374,08
2009	A Coruña	1.700,53	1,84	287,66	27,88	15,88	409,85	2.443,64
	Lugo	343,62	1,70	94,92	6,88	4,96	51,36	503,44
	Ourense	508,22	0,69	87,17	0,02	5,66	1,05	602,81
	Pontevedra	1.187,99	1,53	206,84	46,08	10,78	0,06	1.453,28
	Galicia	3.740,36	5,76	676,59	80,86	37,28	462,32	5.003,17
2010	A Coruña	1.704,15	1,90	288,15	28,08	16,05	403,74	2.442,07
	Lugo	312,70	1,52	86,02	6,73	4,57	48,70	460,24
	Ourense	337,22	0,40	78,96	0,01	5,28	84,22	506,09
	Pontevedra	1.298,93	1,70	225,08	49,90	11,76	358,78	1.946,15
	Galicia	3.653,00	5,52	678,21	84,72	37,66	895,44	5.354,55
2011	A Coruña	1.680,77	2,06	288,23	28,57	16,08	407,72	2.423,43
	Lugo	371,92	2,04	102,65	8,42	5,55	58,91	549,49
	Ourense	329,16	0,46	78,86	0,01	5,36	83,68	497,53
	Pontevedra	1.264,85	1,70	224,21	50,27	12,16	326,62	1.879,81
	Galicia	3.646,70	6,26	693,95	87,27	39,15	876,93	5.350,26

Elaboración propia.

Datos en millóns de euros.

Fonte: Delegación do Goberno en Galicia.

Os gastos das pensións en Galicia reflíctense no cadro 13.14 xunto cos pagos por subsidios, e no cadro 13.15 especificase o abono das prestacións por réximes. En 2011 pagáronse por prestacións da Seguridade Social en Galicia 7.291,62 millóns de euros, das que 6.898,98 millóns de euros corresponderon a pagos de pensións, a contía desta é superior á de 2010, mentres que a de subsidios baixa moi lixeiramente. Na provincia da Coruña, con 2.863,35 millóns de euros é onde se produce o maior volume de pagos en pensións e representa o 39,26% do total do mesmo en Galicia. En subsidios, no ano 2011 abonáronse en Galicia 392,64 millóns de euros, máis de 15 millóns menos que en 2010. A provincia da Coruña con 174,24 millóns é a que desembolsa máis, se ben diminúe en 3,30 millóns con respecto ao ano anterior; Pontevedra descende tamén é en maior medida –máis de 10 millóns– os pagos de subsidios, afectando tamén o descenso a provincias de Lugo e manténdose en Ourense.

Ao Réxime Xeral van destinadas prestacións por importe de 4.081 millóns de euros, máis do 50% do importe total dos pagos. O abono de prestacións derivadas do Réxime Agrario representaban un montante moi importante dos pagos da Seguridade Social sobre todo na provincia de Lugo e tamén en Ourense, aínda que co integración dos afiliados de conta propia do réxime agrario no de autónomos baixan moi considerablemente en 2009 e aínda máis en 2010 e 2011. No cómputo galego os gastos do Réxime Agrario pasan a constituír en 2011 o 0,56%, os de autónomos representan o 28,31% e os do réxime do mar o 8,44% do total dos pagos.

■ Cadro 13.14

Pagos por prestacións da Seguridade Social. Por provincias. Galicia. 2007-2011

	PENSIONES					SUBSIDIOS					TOTAL				
	2007	2008	2009	2010	2011	2007	2008	2009	2010	2011	2007	2008	2009	2010	2011
A Coruña	2.168,25	2.395,88	2.440,56	2.589,23	2.689,11	172,97	182,14	188,18	177,54	174,24	2.341,22	2.578,02	2.628,74	2.766,77	2.863,35
Lugo	877,91	941,46	952,10	991,78	1.014,54	44,34	47,99	48,15	42,87	40,67	922,25	989,45	1.000,25	1.034,65	1.055,21
Ourense	776,48	843,48	846,80	883,64	906,69	35,21	37,98	37,19	33,83	33,79	811,69	881,46	883,99	917,47	940,48
Pontevedra	1.825,61	2.017,38	2.061,81	2.192,62	2.288,64	150,65	160,29	165,51	153,53	143,94	1.976,26	2.177,67	2.227,32	2.346,15	2.432,58
Galicia	5.648,25	6.196,20	6.301,27	6.657,27	6.898,98	403,17	428,40	439,03	407,77	392,64	6.051,42	6.626,60	6.740,30	7.065,04	7.291,62

Elaboración propia.

Datos económicos en millóns de euros.

Fuente: Subdirección General de Seguimiento Presupuestario de la Seguridad Social.

■ Cadro 13.15

Pago de prestacións por rexímenes. Galicia 2009-2011

	A CORUÑA			LUGO			Ourense			PONTEVEDRA			TOTAL		
	2009	2010	2011	2009	2010	2011	2009	2010	2011	2009	2010	2011	2009	2010	2011
Réxime Xeral	1.548,72	1.646,28	1.719,74	414,70	437,76	456,53	466,00	491,68	512,70	1.251,80	1.329,60	1.392,05	3.681,22	3.905,32	4.081,02
Réxime Especial Autónomos	534,02	702,04	715,08	350,10	493,28	493,38	266,07	361,97	361,91	372,19	484,58	493,79	1.522,38	2.041,87	2.064,16
Réxime Especial Agrario	153,91	10,27	10,74	143,97	8,89	8,97	95,47	5,25	5,32	113,57	18,14	17,79	506,92	42,55	42,82
Réxime Especial do Mar	196,51	205,35	209,81	28,43	30,08	30,71	0,00	0,00	0,00	344,25	363,17	374,86	569,19	598,60	615,38
Réxime Especial Minería do Carbón	9,59	10,09	10,29	6,96	7,05	7,06	4,19	4,19	4,40	3,86	3,85	3,72	24,60	25,18	25,47
Réxime Especial Empregados/as do Fogar	44,23	45,92	46,87	16,77	17,10	17,25	17,06	17,85	18,45	36,82	37,95	38,14	114,88	118,82	120,71
Accidentes de traballo e enfermidades profesionais	79,62	81,77	86,48	26,64	27,22	28,54	25,28	26,16	27,45	74,06	75,90	78,82	205,60	211,05	221,09
Non contributivas	34,19	37,07	38,02	10,98	11,81	11,57	9,14	9,66	9,61	28,04	30,28	30,07	82,35	88,82	87,27
Outras transferencias	27,95	27,97	28,33	1,69	1,45	1,20	0,76	0,71	0,64	2,74	2,69	3,54	33,14	32,82	33,71
Total	2.628,74	2.766,76	2.863,36	1.000,24	1.094,64	1.055,21	883,97	917,47	940,48	2.227,33	2.346,16	2.432,58	6.740,28	7.065,03	7.291,63

Elaboración propia.

En millóns de euros.

Fuente: Subdirección Xeral de Seguimiento Orzamentario da Seguridade Social.

13.4 Análise dos datos sobre as pensións do sistema

13.4.1 Pensións de xubilación

O risco de vellez que dá orixe á pensión de xubilación pode concibirse de dous modos diferentes. Por un lado, a pensión pode presentarse como unha contraprestación aos servizos prestados por unha persoa ao longo da súa vida –pensión de vellez–. Dende un segundo punto de vista, o traballador/a ao chegar a certa idade é considerado como un inválido, as enfermidades da idade e a súa repercusión no rendemento profesional determina unha pensión de “retiro”. Configuraríase, en ambos casos, como un dereito de crédito a través do que paliar, mediante unha renda substitutiva, a perda da renda profesional.

Estas dúas concepcións non conducen sempre ás mesmas consecuencias. A idade da percepción da pensión dependerá, no primeiro caso, sobre todo, de consideracións económicas, mentres que no segundo, virá dada pola situación de invalidez que se presume. Sen embargo, na práctica, ambas as dúas aproxímanse, xa que as esixencias económicas obrigan a miúdo a atrasar o dereito á pensión que se fai coincidir coa época que a invalidez poida presumirse de feito para a maior parte dos traballadores/as.

Esta pensión presenta dende o punto de vista da Seguridade Social importantes problemas nos seus aspectos técnicos: a idade previsible, a determinación da contía da prestación –cálculo da base reguladora–, a compatibilidade pensión-traballo e a imprescritibilidade do dereito ao recoñecemento da pensión.

Actualmente en España os requisitos para o acceso á pensión de xubilación son: ter cumprida a idade regulamentaria e ter cuberto un período mínimo de carencia.

A idade prevista legalmente é a de 65 anos, se ben como indicabamos na introdución deste capítulo a lei 27/2011 de 1 de Agosto de adecuación, adaptación e modernización do sistema de seguridade social, prevé un incremento desta idade ata os 67 anos, cun período transitorio de 15 anos, que culminará en 2027. Na actualidade existen posibilidades de xubilarse anticipadamente nos seguintes casos:

■ Por razón do grupo o actividade profesional: Son grupos ou actividades cuxos traballos son de natureza excepcionalmente penosa, perigosa, tóxica ou insalubre e acusan elevados índices de morbilidade ou mortalidade, sempre que os traballadores afectados acrediten na respectiva profesión ou traballo o mínimo de actividade que se estableza, se atopen de alta ou situación asimilada e cumpran os demais requisitos xerais esixidos (período de cotización e feito causante). A partir de xaneiro de 2008 a aplicación dos coeficientes redutores non pode dar lugar a que o interesado acceda á pensión de xubilación con idade inferior a 52 anos. Aplícase os traballadores incluídos no estatuto mineiro, persoal de voo de traballos aéreos, traballadores ferroviarios, artistas, profesionais taurinos, e bombeiros ao servizo das administracións ou organismos públicos.

■ Por discapacidade: A idade ordinaria se reducirá nun período equivalente ao que resulte de multiplicar o tempo efectivamente traballado os coeficientes do 0,25 en caso de discapacidade igual ou superior ao 45%, e do 0,50 se o traballador ten acreditado un grao de discapacidade igual ou superior ao 65% e precisa doutra persoa par a realización dos actos esenciais da vida ordinaria. Rexe tamén o límite de 52 anos.

■ Por ter a condición de mutualista : poderá causar dereito a pensión de xubilación a partir dos 60 anos con coeficientes redutores, para os traballadores/as que tiveran a condición de mutualistas nalgũa mutualidade laboral de traballo por conta allea antes do 1 de xaneiro de 1967, os de RENFE con anterioridade ao 14-7-1967, e os do réxime do Mar ao 1-8-1970, sempre que se atopen en alta ou asimilada á alta.

■ Xubilación flexible: o sistema de xubilación gradual e flexible, é o derivado da posibilidade de compatibilizar, unha vez causada, a pensión de xubilación con un contrato a tempo parcial, con xornada mínima do 25% e máxima do 75%, minorando a pensión a parte proporcional inversa á redución da xornada de traballo realizada polo pensionista, en relación á dun traballador a tempo completo comparable. Excepcionalmente, en determinados supostos (reconversión industrial, xubilación parcial con contratos de relevo, xubilación especial aos 64 anos, traballos penosos, tóxicos, etc.), poderanse xubilar con antelación á idade ordinaria sen coeficientes redutores.

■ Xubilación parcial: Os traballadores por conta allea que teñan máis de 60 anos e reúnan as demais condicións esixidas para ter dereito a pensión de xubilación poderán acceder á xubilación parcial nos seguintes termos:

- Os maiores de 65 anos ou a idade de xubilación vixente reducindo a xornada entre un 25% e un 75% de xeito que dunha banda se posibilita a compatibilidade entre o percibo dunha pensión de xubilación e o desenvolvemento de actividades laborais e por outra permita a exoneración do pago de cotizacións sociais por continxencias comúns, excepto incapacidade temporal,
- Os menores de 65 ou da idade de xubilación vixente deberán ser contratados a xornada completa, asimílanse aos contratados a tempo parcial cuxas xornadas, en conxunto sexan equivalentes en días teóricos aos dun traballador a tempo completo, debendo celebrarse simultaneamente un contrato de relevo.

■ Xubilación especial aos 64 anos, sen coeficiente redutor, sempre que os traballadores /as reúnan os requisitos xerais esixidos para causar dereito a xubilación ordinaria e pertencen a unha empresa que en virtude de convenio o pacto este obrigada a substituír simultaneamente ao traballador que se xubila por outro inscrito como desempregado.

A Lei 27/2011 establece dous formulas adicionais de anticipo da pensión de xubilación con coeficientes redutores de contía. Unha que deriva do cese non voluntario do traballador e outra que deriva do cese voluntario. Para ámbalas dúas modalidades será necesario un período mínimo de cotización de 33 anos.

A lei 27/2011 modifica o sistema de cálculo da pensión de xubilación que pasa dunha esixencia dun mínimo de 15 anos a 25, se ben cunha aplicación paulatina ata o ano 2022. Ase mesmo modifica o tempo preciso para acadar o cento por cento da base reguladora da pensión: polos primeiros 15 anos cotizados o 50%, a partir do ano dezaseis por cada mes adicional o 0,19% e os que rebasen o mes 248 o 0,18%, sen que a porcentaxe aplicable a base reguladora supere o cento por cento, salvo que se acceda á pensión cunha idade superior á que resulte de aplicación.

Os anos de referencia para poder acceder a pensión en relación coa cotización requirida é a que se contempla na seguinte táboa:

Anos	Cotización requirida	Idade esixida
2013	35 anos e 3 meses ou máis	65 anos
	Menos de 35 anos e 3 meses	65 anos e un mes
2014	35 anos e 6 meses ou máis	65 anos
	Menos de 35 anos e 6 meses	65 anos e 2 meses
2015	35 anos e 9 meses ou máis	65 anos
	Menos de 35 anos e 9 meses	65 anos e tres meses
2016	36 ou máis anos	65 anos
	Menos de 36	65 anos e catro meses
2017	36 anos e 3 meses ou máis	65 anos
	Menos de 36 anos e 3 meses	65 anos e 5 meses
2018	36 anos e 6 meses ou máis	65 anos
	Menos de 36 anos e 6 meses	65 anos e 6 meses
2019	36 anos e 9 meses ou máis	65 anos
	Menos de 36 anos e 9 meses	65 anos e 8 meses
2020	37 ou máis anos	65 anos
	Menos de 37 anos	65 anos e 10 meses
2021	37 anos e 3 meses ou máis	65 anos
	Menos de 37 anos e 3 meses	66 anos
2022	37 anos e 6 meses ou máis	65 anos
	Menos de 37 anos e 6 meses	66 anos e 2 meses
2023	37 anos e 9 meses ou máis	65 anos
	Menos de 37 anos e 9 meses	66 anos e 4 meses
2024	38 anos ou máis	65 anos
	Menos de 38 anos	66 anos e 6 meses
2025	38 anos e 3 meses ou máis	65 anos
	Menos de 38 anos e 3 meses	66 anos e 8 meses
2026	38 anos e 6 meses ou máis	65 anos
	Menos de 38 anos e 6 meses	66 anos e 10 meses
2027	38 anos e 9 meses ou máis	65 anos
	Menos de 38 anos e 9 meses	67 anos

As pensións de xubilación da Seguridade Social constitúen as máis importantes dende o punto de vista numérico e tamén en contía económica.

Na Comunidade Autónoma Galega (cadro 13.16) hai, en 2011, 443.600 pensións de xubilación –4.500 máis que en 2010–, cun aumento maior co do último ano. Representan o 8,54% das 5.246.200 existentes en España. Do exame dos datos do cadro 13.16 e dos datos de informes de pasados anos pódese observar o incremento importantísimo do número das devanditas prestacións entre os anos 1997 e 1998, tanto na comunidade autónoma, como no total español, que é debido na súa maioría á conversión das pensións de incapacidade permanente dos beneficiarios/as de 65 ou máis anos en pensións de xubilación, mentres que os aumentos interanuais de 1999 a 2002 son máis cativos e consecuencia do aumento natural do número das pensións, en 2003 permanece na mesma cantidade, diminúe en 2004, en 1.800, volve a aumentar moi lixeiramente en 2005, máis significativamente en 2006, incrementáanse en tan só 1.200 en 2007, e 2.200 en 2008 e por último en 4.000 en 2009, 3.600 en 2010 e 4.500 en 2011. Nas provincias de Lugo e Ourense nos sete últimos anos baixan lixeiramente o número, mentres tamén en escasa medida aumentan nas outras dúas provincias galegas.

■ Cadro 13.16

**Pensións de xubilación. Por provincias.
Galicia/España. 1990/1997-1998/ 2005-2011**

		A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia	España	Porcentaxe%
1990	Nº	101,60	55,60	54,90	57,80	269,90	2803,80	9,63
	Pensión media	282,09	251,62	248,92	279,69	268,61	308,07	87,19
1997	Nº	124,80	62,60	60,70	77,00	325,10	3502,50	9,28
	Pensión media	419,60	364,01	355,15	414,34	395,42	478,28	82,68
1998	Nº	147,80	83,00	74,80	111,00	416,60	4400,90	9,47
	Pensión media	433,53	374,40	365,07	427,70	407,99	496,15	82,23
2005	Nº	155,44	80,58	71,54	120,95	428,51	4678,26	9,16
	Pensión media	621,36	526,47	509,45	623,36	585,67	716,14	81,78
2006	Nº	157,52	80,37	71,23	123,43	432,55	4809,29	8,99
	Pensión media	655,08	552,79	535,28	656,31	616,92	752,79	81,95
2007	Nº	158,69	79,79	70,62	124,72	433,82	4863,26	8,92
	Pensión media	701,79	589,73	572,22	703,87	660,92	806,42	81,96
2008	Nº	160,40	79,17	70,11	126,35	436,03	4936,84	8,83
	Pensión media	737,02	615,96	598,48	739,90	693,91	845,42	82,08
2009	Nº	162,72	78,66	69,94	128,64	439,96	5038,86	8,73
	Pensión media	764,16	635,63	616,55	766,35	718,68	874,97	82,14
2010	Nº	164,97	78,03	69,66	130,90	443,56	5140,55	8,63
	Pensión media	793,26	656,21	636,16	794,12	745,07	905,94	82,24
2011	Nº	167,59	77,50	69,60	133,40	448,09	5246,24	8,54
	Pensión media	820,70	677,70	655,67	824,66	771,86	936,43	82,43

Elaboración propia.

Números en miles redondeados. Medias anuais.

Promedio mensual, en euros, a decembro de cada ano.

Porcentaxe: % Galicia/ España.

(1) A partir de novembro de 1997, as pensións de invalidez permanente de beneficiarios/as de 65 anos e máis, agás do SOVI figuran.

Fonte: Ministerio de Emprego e Seguridade Social.

Como sinalabamos en informes anteriores, a estrutura da poboación das provincias de Lugo e Ourense, onde cun 24,73% da poboación da comunidade autónoma se concentra en 2011 preto dun 32,83% dos pensionistas de xubilación, constitúe un trazo fundamental e xoga un importante papel na elevada porcentaxe de Galicia sobre o total nacional. Destacan, doutra banda, en sentido contrario, o número relativamente escaso, 133.400, de pensións de xubilación da Seguridade Social en Pontevedra, se ben e como se pode observar, debido ao transvase de pensionistas de invalidez permanente de máis de 65 anos, en 1998, aumentan en 34.000 –case un 50% dos 77.000 existentes en 1997–.

A media en 2011 das pensións galegas de xubilación situouse en 771,90 euros ao mes, subindo 26,80 euros con respecto ao pasado ano, mentres que a media estatal

sube, en 2011, 30,50 euros, situándose en 936.40 euros –164,50 por riba da media galega–.

As provincias de Lugo e Ourense, polo importante número de pensións de xubilación do Réxime Agrario, aparecen ambas as dúas con máis de 250 euros de diferenza con respecto á media estatal.

13.4.2 Pensións de invalidez permanente

Nas orixes da institucionalización do seguro de invalidez, a finais do pasado século, este foi concibido como unha vellez prematura, dando orixe a unha renda vitalicia que supoñía en realidade unha liquidación anticipada da pensión de vellez. A evolución posterior permitiu definir a invalidez cunha noción distinta á de xubilación na que cada vez con maior énfase vaise poñendo o acento nas medidas encamiñadas á rehabilitación e recuperación do traballador.

A invalidez, dende o punto de vista de prestación contributiva, defínese pola súa relación co exercicio dunha actividade profesional, ben como unha incapacidade para exercer unha profesión determinada –incapacidade permanente total para a profesión habitual– podendo neste caso dedicarse a outra distinta, ou ben como unha incapacidade xeral para a obtención de calquera tipo de ingresos –incapacidade permanente absoluta–, que lle inhabilita por completo para toda profesión ou oficio.

A invalidez tamén pode orixinar unha incapacidade parcial para a profesión habitual, que no sistema español de Seguridade Social é aquela que sen acadar o grado de total, ocasiona ao traballador/a unha diminución do 33% no seu rendemento normal para dita profesión, sen impedirlle a realización das tarefas fundamentais desta.

A Seguridade Social española prevé tamén unha incapacidade absoluta agravada, que constitúe a gran invalidez, para aqueles traballadores/as incapacitados/as absolutos que, como consecuencia de perdas anatómicas ou funcionais, necesitan a asistencia doutra persoa para realizar os actos máis esenciais da vida, tales como vestirse, desprazarse, xantar ou análogos.

O acordo sobre consolidación e racionalización do sistema da Seguridade Social e a Lei 24/1997 establecen a regulación da invalidez absoluta e gran invalidez nos termos actuais, se ben introducen determinadas medidas que confiren unha maior transparencia e seguridade xurídica no recoñecemento e graduación das incapacidades permanentes (total e parcial) efectuadas de acordo a un listado que se aprobe regulamentariamente e a un réxime de incompatibilidades co traballo, pasando a denominarse e equipararse, a partir dos 65 anos, a pensión por incapacidade permanente á pensión de xubilación. Non obstante, o “acordo para a mellora e o desenvolvemento do sistema de protección social” contempla a eliminación do tope de 65 anos para acceder á declaración de incapacidade permanente cando esta se derive de accidente de traballo ou enfermidade profesional.

As pensións de incapacidade experimentan pequenas subidas no seu número ata 1997 –ver informes anteriores e o cadro 13.17–, en que baixan en moi escasa medida en relación ao ano precedente. As pensións de incapacidade permanente sofren en 1998 unha drástica diminución polo feito de que a partir de novembro de 1997 os beneficiarios das pensións de incapacidade permanente de 65 anos ou máis pasen a ter a condición de xubilados. A baixada é de tal xeito que das 146.500 existentes en 1997 en toda Galicia quedan só 59.200; en 1998 dita diminución é maior por-

centualmente en Galicia –o 59,59%– que no total estatal o –50,54%–. En 2011 o número das pensións de invalidez aumentan en 700 na comunidade autónoma, cén menos que no ano precedente. As 69.800 pensións de incapacidade permanente existentes en Galicia pasan a representar un 7,44% sobre as da mesma natureza en España e o 9,59% respecto do total de pensións na Comunidade Autónoma.

■ Cadro 13.17

Pensións de invalidez. Por provincias. Galicia/España. 1990/1997-1998/ 2005-2011

		A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia	España	Porcentaxe %
1990	Nº	36,30	32,80	23,20	54,70	147,00	1567,90	9,38
	Pensión Media	251,10	226,82	229,24	240,22	238,21	284,33	83,78
1997	Nº	39,60	31,20	22,10	53,60	146,50	1626,60	9,01
	Pensión Media	432,98	337,76	353,46	378,47	385,22	471,29	81,74
1998	Nº	19,50	10,90	7,70	21,10	59,20	804,50	7,36
	Pensión Media	456,19	355,08	372,07	396,08	407,74	492,94	82,72
2005	Nº	24,09	8,87	8,82	20,83	62,61	832,78	7,52
	Pensión Media	653,45	573,16	582,85	623,73	622,31	726,61	85,65
2006	Nº	24,66	8,99	8,90	21,52	64,07	859,78	7,45
	Pensión Media	674,70	600,76	611,10	649,49	647,07	756,21	85,57
2007	Nº	25,43	9,17	9,05	22,18	65,83	888,78	7,41
	Pensión Media	704,76	640,28	546,01	685,65	681,39	796,74	85,52
2008	Nº	26,37	9,26	9,17	22,70	67,50	906,84	7,44
	Pensión Media	726,33	675,68	674,50	712,32	707,67	826,39	85,63
2009	Nº	26,82	9,22	9,34	22,95	68,33	920,86	7,42
	Pensión Media	745,75	710,45	701,48	731,78	730,23	845,66	86,35
2010	Nº	27,16	9,27	9,50	23,21	69,14	933,73	7,40
	Pensión Media	762,89	736,89	719,78	753,85	750,46	864,96	86,76
2011	Nº	27,21	9,50	9,49	23,59	69,79	938,49	7,44
	Pensión Media	780,35	760,77	743,47	772,79	770,08	883,05	87,21

Elaboración propia.

Números en miles redondeados. Medias anuais.

Promedio mensual, en euros, a decembro de cada ano.

Porcentaxe: Galicia/ España.

(1) A partir de novembro de 1997, as pensións de invalidez permanente de beneficiarios/as de 65 anos e máis, agás do SOVI figuran incluídas nas de xubilación.

Fonte: Ministerio de Empleo e Seguridade Social.

O mesmo que ocorre coas pensións de xubilación, a proporción de pensións de invalidez en Galicia, en relación co total destas en España, era tradicionalmente moito maior que a da poboación. Sen embargo, despois de 1998 queda establecida nun 7,36%, fronte ao 9% do ano anterior, o que sen dúbida pon de manifesto o elevado número de incapacitados/as permanentes de 65 anos ou máis existentes en Galicia, que engrosan xa a partir de 1998 o número de pensionistas de xubilación. En 2011 aumentan moi lixeiramente na provincia de Lugo e Pontevedra e en maior medida na da Coruña. No cómputo da comunidade autónoma sube en 700 pensións, aumentando en pequena contía —4.800— no conxunto de España o número de pensionistas de incapacidade. A contía media da prestación de invalidez permanente en Galicia, é de 770,08 euros mes, subindo con respecto a 2010 en 19,62 euros, pero inferior en preto de 113 euros á media estatal, sendo significativamente baixas as correspondentes ás provincias de Lugo e Ourense.

O cadro 13.18 proporciónanos información sobre a distribución do número de pensións de invalidez segundo os grados de incapacidade. De acordo con estes datos o volume maior de pensionistas de invalidez en Galicia son os incapacitados totais: 45.515, que representan o 65,21% do total de inválidos/as galegos, e o 8,75% dos incapacitados totais españois, unha cifra maior en máis de dous puntos e medio que a que correspondería a proporción da poboación, aínda así moito máis baixa que a dos anos precedentes a 1998 en que en virtude do importantísimo transvase de incapacitados/as permanentes con 65 ou máis anos a xubilados operada en dito ano, corrixe en parte a enorme desproporción de anos anteriores.

■ Cadro 13.18

**Pensións de incapacidade permanente en vigor segundo grao de incapacidade.
Por provincias. Galicia/España. 2005-2011**

		A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia	España	Porcentaxe %
Gran invalidez								
	2005	909	338	302	702	2.251	28.779	7,82
	2006	926	341	297	728	2.292	29.614	7,74
	2007	967	341	293	742	2.343	30.760	7,62
	2008	998	339	279	743	2.359	31.650	7,45
	2009	990	344	270	721	2.325	32.178	7,23
	2010	978	351	264	724	2.317	32.700	7,09
	2011	993	360	262	715	2.330	32.973	7,07
Incap. Perm. Absoluta(*)								
	2005	8.291	3.002	3.179	7.459	21.931	357.905	6,13
	2006	8.255	3.102	3.139	7.587	22.083	369.726	5,97
	2007	8.148	3.243	3.133	7.625	22.149	377.982	5,86
	2008	8.198	3.339	3.113	7.652	22.302	381.941	5,84
	2009	8.130	3.331	3.115	7.619	22.195	384.492	5,77
	2010	8.012	3.369	3.099	7.619	22.099	386.271	5,72
	2011	7.853	3.476	3.063	7.523	21.915	384.932	5,69
Incap. Perm. Total								
	2005	14.825	5.527	5.329	12.614	38.295	444.183	8,62
	2006	15.422	5.540	5.458	13.154	39.574	458.822	8,63
	2007	16.267	5.577	5.614	13.767	41.225	478.639	8,61
	2008	17.132	5.583	5.774	14.266	42.755	492.088	8,69
	2009	17.671	5.540	5.953	14.580	43.744	503.276	8,69
	2010	18.150	5.549	6.134	14.839	44.672	514.054	8,69
	2011	18.352	5.660	6.164	15.339	45.515	520.079	8,75
Inc. Perm. Parcial (1)								
	2005	64	12	18	58	152	1.922	7,91
	2006	57	9	13	54	133	1.619	8,21
	2007	47	9	10	50	116	1.396	8,31
	2008	37	5	8	41	91	1.155	7,88
	2009	29	4	6	31	70	917	7,63
	2010	24	4	4	23	55	705	7,80
	2011	16	2	2	16	36	507	7,10

Elaboración propia.

Medias anuais en miles.

Porcentaxe: % Galicia/ España.

(*)A partir de novembro de 1997, as pensións de invalidez permanente de beneficiarios/as de 65 anos e máis, agás do SOVI figuran incluídas nas de xubilación.

(1) Estas pensión suprimíronse no ano 1966.

Fonte: Ministerio de Emprego e Seguridade Social.

13.4.3 Pensións de viuvez

Integrada dentro do que tradicionalmente se considera como seguro por falecemento ou prestacións por morte e supervivencia, a pensión de viuvez ten como finalidade reparar o dano causado pola desaparición dun dos cónxuxes, e a ela ten dereito o supervivente, cónxuxe o parella de feito, neste caso se o falecemento é posterior a 1 de xaneiro de 2008,e con certos requirimentos económicos, nos seguintes termos de carácter xeral: se o falecido/a se atopase no momento do óbito en alta ou situación asimilada á alta, en caso de morte por enfermidade común deberá completar un período mínimo de cotización de cincocentos días, dentro dos cinco anos anteriores ao falecemento, non esixíndose ningún período en caso de acciden-

te, sexa ou non laboral, ou enfermidade profesional. Se o falecido/a non estivera de alta ou situación asimilada á alta poderán causar dereito a pensión sempre que se acredite un período mínimo de cotización de quince anos (reforma da Lei 24/1997).

No suposto de separación ou divorcio, o dereito á pensión de viuvez corresponde-rá a quen sexa ou fora cónxuxe lexítimo, e aos separados/as ou divorciados/as que non contraeran novas nupcias, en contía proporcional ao tempo vivido co cónxuxe falecido, con independencia das causas que determinaran a separación ou o divorcio, garantíndose en todo caso o 40% a favor do cónxuxe o supervivente dunha parella de feito con dereito a viuvez. É compatible con calquera renda de traballo do beneficiario e coa pensión de xubilación ou incapacidade permanente a que o mesmo tivera dereito.

A Lei 24/1997, do 15 de xullo, sobre consolidación e racionalización do sistema da Seguridade Social estableceu modificacións normativas nas prestacións de viuvez, co incremento da súa contía atendendo ao nivel de renda e cargas familiares, centrán-dose, prioritariamente, nas pensións mínimas daqueles que teñan menos de 60 anos, para equiparar a súa contía coas pensións mínimas que o sistema outorga aos viúvos/as maiores de 60 anos, o que se realizou gradualmente tendo plena aplicación no ano 2000. O “acordo para a mellora e o desenvolvemento do sistema de pro-tección social” do 9 de abril de 2001 contempla a previsión do incremento da por-centaxe a aplicar sobre a base reguladora do 45% dese momento ata o 52% na actualidade e o 70% no caso de viúvos/as con cargas familiares e un novo marco de compatibilidades permitindo nalgúns casos manter a pensión aínda que o pensionis-ta contraía novas nupcias. A lei 40/2007 de 30 de decembro de Medidas en materia de Seguridade Social equipara os matrimonios coas parellas de feito en relación coa viuvez.

Continúa en 2011 a tendencia no aumento de pensións de viuvez en Galicia (cadro 13.19), nunha contía que se cifra en 1.200 novos pensionistas viúvos ou viúvas máis que o ano anterior:

Cadro 13.19

Pensións de viuvez. Por provincias. Galicia/España. 1990/1997-1998/2005-2011

		A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia	España	Porcentaxe %
1990	Nº	44,8	21,6	18,4	34,6	119,5	1.541,0	7,75
	Pensión media	175,80	137,43	138,96	171,94	162,07	188,76	85,86
1997	Nº	57,1	26,3	23,0	44,0	150,4	1.897,5	7,93
	Pensión media	271,07	206,26	214,72	266,10	250,20	297,63	84,06
1998	Nº	58,4	26,8	23,6	45,0	153,8	1.936,7	7,94
	Pensión media	278,54	215,35	221,12	273,88	257,36	307,09	83,80
2005	Nº	66,9	29,3	25,6	51,3	173,0	2.165,9	7,99
	Pensión media	429,0	337,7	343,1	419,2	397,9	474,6	83,85
2006	Nº	67,9	29,6	25,9	52,1	175,4	2.196,9	7,99
	Pensión media	447,6	352,7	359,2	438,0	415,8	495,9	83,85
2007	Nº	68,9	29,7	26,1	53,0	177,7	2.225,5	7,98
	Pensión media	474,7	374,5	382,9	464,0	441,3	526,2	83,86
2008	Nº	69,8	29,9	26,2	53,9	179,8	2.249,9	7,99
	Pensión media	496,2	391,9	402,7	484,8	461,9	550,8	83,86
2009	Nº	70,5	29,9	26,3	54,5	181,2	2.270,3	7,98
	Pensión media	512,7	405,2	417,1	500,3	477,4	568,8	83,93
2010	Nº	71,1	30,0	26,4	55,1	182,6	2.290,1	7,97
	Pensión media	526,3	416,9	430,0	513,6	490,6	583,6	84,07
2011	Nº	71,7	30,1	26,4	55,7	183,8	2.309,3	7,96
	Pensión media	540,1	428,8	441,8	526,3	503,7	598,6	84,16

Elaboración propia.

Números en miles. Medias anuais.

Promedio mensual, en euros, a decembro de cada ano.

Porcentaxe: % Galicia/ España.

Fonte: Ministerio de Empleo e Seguridade Social.

As 183.800 pensións de viuvez en Galicia representan un 7,96% do total español, destacando con respecto ao total da poboación, as cifras de Lugo e Ourense cunha maior porcentaxe sobre o total da poboación provincial que as da Coruña e Pontevedra.

Como sinalabamos en informes anteriores, a media da contía económica das pensións de viuvez nas provincias galegas –503,70 euros– é inferior á do conxunto de España, nun proceso, ademais, no que a diferenza a favor da media nacional vaise acrecentando ano tras ano, pasando, como pode observarse no citado cadro 13.18, dos 26,69 euros mensuais menos en 1990, a 95,9 en 2011.

Tendo en conta a baixa dotación destas pensións –o 52% da base reguladora (excepto viuvos/as con cargas familiares) ou o mínimo legal– e mesmo a posibilidade de reparto en caso de haber ex cónxuxes superviventes ou parellas de feito con dereito á pensión, a diferenza da contía en máis dun 16% reviste, se cabe, maior

importancia. Como no resto das pensións, as diferenzas das medias de Lugo e Ourense, con respecto ao total español, son aínda maiores.

13.4.4 Pensións de orfandade

A pensión de orfandade que deriva do falecemento do causante, ten por finalidade a obtención dunha prestación por cada un dos fillos/as, calquera que sexa a natureza legal da súa filiación, que sexan menores de certa idade ou estean incapacitados/as para todo traballo, sempre que no seu caso teña cuberto o período mínimo de cotización esixido para ter dereito á pensión de viuvez.

A incapacidade para o traballo debe ser permanente e absoluta, que inhabilite para toda profesión ou oficio.

Tamén terán dereito á pensión de orfandade, nas mesmas condicións, os fillos/as adoptivos do causante, sempre que a adopción tivera lugar con dous anos de antelación.

Así mesmo, terán dereito os fillos/as que o cónxuxe supervivente levara ao matrimonio sempre que se celebre con dous anos de antelación, se comprobe que convivían co causante e ás súas expensas e que non teñan dereito a outra pensión da Seguridade Social, nin queden familiares con obriga e posibilidades de prestarlles alimentos, segundo a lexislación civil.

A Lei 24/1997, do 15 de xullo, sobre consolidación e racionalización do sistema da Seguridade Social que desenvolve o Pacto de Toledo ampliou o límite de idade para o percibo das pensións de orfandade, calquera que sexa a natureza legal da filiación, dende os 18 aos 21 anos, e no suposto de que non sobrevivira ningún dos pais, o límite será aos 23 anos, tendo aplicación dende 1999. O “acordo para a mellora e o desenvolvemento do sistema de protección social” contempla a elevación de novo do límite, fixándoo en 22 anos con carácter xeral e en 24 para a orfandade absoluta a partir de 2002.

Durante 2011 produciuse en Galicia (cadro 13.20) un incremento de 148 pensións de orfandade, con respecto o ano anterior; aumento que ten lugar nas provincias, da Coruña, Lugo, Ourense, diminuindo en 3 na de Pontevedra. Os 20.233 orfos/as acoillidos ao sistema da Seguridade Social no país galego representan o 7,36% do total estatal, dos cales o 40,46% son da Coruña, o 33,55% de Pontevedra, o 13,30% de Lugo e o 12,29% de Ourense.

O importe medio da contía da pensión experimenta un aumento, en Galicia, similar ao total español, sendo a da Comunidade Autónoma Galega lixeiramente inferior á media estatal, cunha diferenza, a favor do total do Estado, no ano 2011 de 3,86 euros mensuais.

■ Cadro 13.20

Pensións de orfandade. Por provincias. Galicia/España. 1990/1997-1998/2005-2011

		A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia	España	Porcentaxe %
1990	Nº	5.448	1.564	1.561	4.707	13.280	163.653	8,11
	Pensión media	154,31	138,21	137,60	155,83	150,99	157,84	95,66
1997	Nº	6.986	2.163	1.942	5.829	16.920	212.146	7,98
	Pensión media	177,23	164,13	171,66	173,75	173,72	181,37	95,78
1998	Nº	7.559	2.363	2.127	6.369	18.418	231.733	7,95
	Pensión media	181,52	167,37	174,46	176,58	177,18	186,05	95,23
2005	Nº	8.246	2.674	2.440	6.804	20.164	260.720	7,73
	Pensión media	284,80	264,12	268,36	268,98	274,73	283,74	96,82
2006	Nº	8.167	2.637	2.416	6.744	19.964	258.837	7,71
	Pensión media	300,25	277,92	286,15	287,47	291,27	298,87	97,46
2007	Nº	8.058	2.607	2.423	6.655	19.743	256.962	7,68
	Pensión media	326,45	304,90	311,38	309,86	316,16	323,62	97,69
2008	Nº	8.177	2.631	2.396	6.729	19.933	261.012	7,64
	Pensión media	342,58	323,84	328,46	323,35	331,92	337,77	98,27
2009	Nº	8.165	2.621	2.457	6.802	20.045	266.436	7,52
	Pensión media	355,71	335,67	339,52	336,94	344,74	348,69	98,87
2010	Nº	8.133	2.641	2.490	6.821	20.085	270.488	7,43
	Pensión media	366,06	342,03	348,42	345,84	353,85	357,60	98,95
2011	Nº	8.186	2.690	2.487	6.870	20.233	275.077	7,36
	Pensión media	375,60	352,07	357,56	356,47	363,76	367,62	98,95

Elaboración propia.
 Datos do nº de pensións e pensión media a decembro de cada ano.
 Porcentaxe: % Galicia/ España.
 Fonte: INSS.

13.4.5 Pensións en favor de familiares

O aseguramento derivado da morte pode chegar ademais de ao cónxuxe e aos fillos/as a outros parentes consanguíneos do causante -avós, pais, irmáns e netos- que reúnan certos requisitos, entre eles, ineludiblemente, a convivencia co causante dous anos antes do falecemento, non ter dereito a outra pensión e carecer de medios de subsistencia e de familiares obrigados a dar alimentos.

En 2011, segundo o cadro 13.21, increméntase en 125 o número de pensións en relación co ano anterior; para acadar os 5.688 pensionistas galegos que representan o 14,92% do total do conxunto nacional.

O dato máis salientable da análise provincial é o elevado número de pensionistas da provincia de Ourense, sobre todo, se a comparamos con Lugo, á que case duplica. Increméntase en 2011 o número de pensións nas catro provincias galegas.

No que se refire á contía media de pensión cabe destacar polo que atinxe ao global galego en 2011 (446,13 euros), que é netamente inferior á media estatal

—482,70 mensuais—, e a media na provincia de Lugo é case de 30 euros inferior a media galega.

Pensións a favor de familiares. Por provincias. Galicia/España. 1990/1997-1998/2005-2011

■ Cadro 13.21

		A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia	España	Porcentaxe %
1990	Nº	977,00	193,00	462,00	1.110,00	2.742,00	26.484,00	10,35
	Pensión media	188,74	189,47	171,65	175,81	180,68	190,59	94,80
1997	Nº	1.658,00	502,00	869,00	1.706,00	4.735,00	45.988,00	10,30
	Pensión media	222,21	198,29	218,83	217,33	217,30	217,62	99,85
1998	Nº	1.659,00	502,00	898,00	1.646,00	4.705,00	45.460,00	10,35
	Pensión media	230,87	205,90	221,74	224,36	224,18	225,49	99,42
2005	Nº	1.925,00	653,00	1.065,00	1.591,00	5.234,00	39.570,00	13,23
	Pensión media	355,45	323,80	340,57	349,48	346,66	370,21	93,64
2006	Nº	1.926,00	677,00	1.094,00	1.595,00	5.292,00	38.700,00	13,67
	Pensión media	376,41	338,31	361,51	369,16	366,27	393,46	93,09
2007	Nº	1.938,00	683,00	1.078,00	1.587,00	5.286,00	37.932,00	13,94
	Pensión media	403,02	362,46	389,20	397,47	393,30	424,46	92,66
2008	Nº	1.967,00	702,00	1.102,00	1.596,00	5.367,00	37.674,00	14,25
	Pensión media	419,69	378,39	403,32	414,58	409,41	443,94	92,22
2009	Nº	2.010,00	726,00	1.104,00	1.659,00	5.499,00	37.810,00	14,54
	Pensión media	418,14	426,54	393,11	414,05	421,65	455,93	92,48
2010	Nº	2.027,00	732,00	1.124,00	1.680,00	5.563,00	37.628,00	14,78
	Pensión media	440,96	406,98	424,47	436,93	431,94	470,57	91,79
2011	Nº	2.098,00	762,00	1.144,00	1.684,00	5.688,00	38.121,00	14,92
	Pensión media	454,63	416,66	436,95	455,10	446,13	482,70	92,42

Elaboración propia.

Datos do nº de pensións e promedio, a decembro de cada ano.

Porcentaxe: % Galicia/ España.

Fonte: INSS.

13.5 Outras prestacións

A Lei 42/1994, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e de orde social crea unha nova figura entre as prestacións da Seguridade Social: a incapacidade temporal, que vén a substituír á incapacidade laboral transitoria (ILT) e á invalidez provisional. A incapacidade temporal ten unha duración de doce meses, prorrogables por outros seis. Así mesmo, a citada lei desvincula da incapacidade temporal a continxencia de maternidade, que adquire categoría de prestación autónoma con dereito a unha cobertura do 100% da base reguladora.

Examinaremos dentro deste apartado os datos de incapacidade temporal e maternidade, obtidos do Instituto Nacional da Seguridade Social no que se refire aos procesos de incapacidade e da información das memorias da Delegación do Goberno en Galicia nos aspectos económicos das prestacións de incapacidade temporal e maternidade.

13.5.1 Prestacións de incapacidade temporal

Existían, a decembro de 2011 –cadro 13.22– 41.287 traballadores/as de Galicia en proceso de Incapacidade Temporal, dos que o número maior correspondían a provincia da Coruña: 17.551 e o inferior á de Ourense: 3.677, destaca o elevado número de procesos por continxencias comúns –causados por enfermidades comúns o accidentes non laborais– que representan 10,25% do total español.

A prevalenza da I.T. fai referencia ao número de procesos rexistrados en vigor en relación coa poboación protexida e se calcula dividindo o número de procesos ao final do período entre a poboación protexida nesa data e o resultado se multiplica por mil. Como pode apreciarse –cadro 13.23– Galicia supera moi amplamente as “ratios” do total nacional sobre todo na prevalenza das continxencias comúns dos traballadores por conta propia, que supera en máis de trece puntos o dato do total estatal, destacando sobre todo as cifras de Pontevedra, tanto en dita prevalenza como do resto dos datos.

O importe total da prestación de incapacidade temporal no ano 2011 e de algo máis de 170 millóns de euros –ver cadro 13.24–, diminuíndo en 21 millóns 660 mil euros o importe con respecto o ano anterior. A contía maior corresponde tamén a provincia de Pontevedra: 73,53 millóns e a máis cativa a Ourense: 14,83 millóns de euros.

■ Cadro 13.22

Procesos de Incapacidade Temporal en vigor. Galicia/España 2011

	Continxencias comúns		Continxencia profesionais	TOTAL
	Conta allea	Conta propia	Conta propia e allea	
A Coruña	10.242	4.089	1.610	17.551
Lugo	2.497	1.676	497	5.167
Ourense	1.964	1.109	302	3.677
Pontevedra	8.847	3.469	1.288	14.892
Galicia	23.550	10.343	3.697	41.287
España	358.575	100.877	47.239	506.691

Número de subsidios en vigor a 31 de decembro.

Fonte: Informe económico-financiero dos Presupostos da Seguridade Social 2012.

■ Cadro 13.23

Prevalencia de I.T. por tipo de contingencia Galicia / España. Datos a 31-12 -2011

	Continxencias Comuns		Continxencias Profesionais
	Prevalencia por mil traballadores		Prevalencia por mil traballadores
	conta allea	cuenta propia	conta propia e allea
A Coruña	29,93	42,58	4,71
Lugo	28,41	42,33	5,23
Ourense	25,66	38,01	3,95
Pontevedra	31,57	48,57	4,89
Galicia	29,93	43,78	4,76
España	24,47	30,35	3,39

Elaboración propia.

Medias anuais.

Fonte: Informe económico-financiero dos orzamentos da Seg. Social 2012.

■ Cadro 13.24

Importe anual de prestacións por incapacidad temporal. Galicia. 2000 -2011

	2000	2001	2002	2003	2004	2005	2006	2007	2008	2009	2010	2011
A Coruña	47,11	49,02	51,38	58,60	68,28	73,94	77,73	80,56	78,47	82,34	69,74	63,05
Lugo	16,85	16,80	17,27	18,20	21,72	24,94	26,00	26,57	26,81	26,07	21,23	18,64
Ourense	13,54	14,98	14,45	16,85	19,13	18,62	19,62	19,59	20,29	18,53	15,33	14,83
Pontevedra	56,01	61,24	63,10	69,71	77,24	84,68	88,32	94,60	95,59	97,53	85,41	73,53
Galicia	133,51	142,05	146,20	163,35	186,37	202,18	211,67	221,32	221,16	224,47	191,71	170,05

Elaboración propia.

Importe en millóns de euros.

Fonte: Delegación do Goberno en Galicia.

13.5.2 Prestacións de maternidade

Considéranse situacións protexidas a maternidade, a adopción e o acollemento pre-adoptivo ou permanente, durante os períodos de descanso que se aproveiten por ditas situacións. A prestación consiste nun subsidio en función da base reguladora que, no caso da maternidade, é de 16 semanas de duración, ampliables por parto múltiple en dúas semanas máis por cada fillo. Nos supostos de adopción e acollemento, tanto preadoptivo como permanente, de menores de ata seis anos, a suspensión terá unha duración de 16 semanas, ampliables no suposto de adopción ou acollemento múltiple en dúas semanas por fillo/a; esténdese o suposto a maiores discapacitados/as ou minusválidos/as con especiais dificultades de inserción. O período de descanso poderá ser utilizado pola nai ou a opción desta, tamén polo outro progenitor no caso de que ámbolos dous traballen, sen prexuízo das seis semanas inmediatas ao parto de descanso obrigatorio para a nai.

■ Cadro 13.25

Prestacións de maternidade 2008-2011. Galicia/España

	Número de prestacións								Importe das prestacións			
	2008		2009		2010		2011		2008	2009	2010	2011
	total	% percibidas pai(*)	total	% percibidas pai(*)	total	% percibidas pai(*)	total	% percibidas pai(*)	miles de euros	miles de euros	miles de euros	miles de euros
A Coruña	7.093	1,5	6.967	2,3	7.113	2,1	7.143	2,1	34.179,97	36.188,09	36.944,77	37.851,60
Lugo	1.589	1,4	1.651	1,6	1.618	1,9	1.592	1,3	7.130,92	7.732,93	7.420,28	7.788,90
Ourense	1.524	1,7	1.515	2,9	1.464	2,2	1.442	2,3	7.000,52	7.202,79	7.065,13	7.261,37
Pontevedra	6.907	1,7	6.583	1,7	6.490	2,1	6.287	2,1	30.159,29	30.828,22	30.494,72	30.696,22
Galicia	17.113	1,6	16.716	2,0	16.685	2,1	16.464	2,1	78.470,70	81.952,03	81.924,90	83.598,09
España	359.160	1,6	340.512	1,7	332.557	1,8	324.405	1,8	1.802.688,91	1.839.197,89	1.820.510,80	1.824.181,51

Fonte: Ministerio de Empleo e Seguridade Social.

(*) só pode disfrutar as de adopción ou acollemento.

Os períodos de suspensión do contrato de traballo por maternidade, adopción ou acollemento, ou por paternidade poderán ter dereito en réxime de xornada completa ou a tempo parcial, neste caso precísase acordo previo entre o empresario e o traballador afectado.

De acordo co se contempla no cadro 13.25 existen 16.464 perceptores do subsidio de maternidade en Galicia a 31 de decembro de 2011 –221 menos que na mesma data do ano anterior–, dos que na súa maior parte –97,9%– percíbeas as nais. Por provincias, A Coruña ten o número máis grande de beneficiarios –7.143– e Ourense o máis escaso –1.442–. O importe anual en concepto de maternidade en Galicia,

cadro 13.25 representa en 2011 a cantidade de 83,60 millóns, incrementando nun millón 674 mil euros a contía do ano 2010.

13.5.3 Prestacións de paternidade

A prestación de paternidade, regulada na lei orgánica 3/2007 de 22 de Marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, constitúe un dereito individual, exclusivo e intransferible do pai consistente na suspensión do contrato polos mesmos motivos ca maternidade (nacemento de fillo, adopción ou acollemento) con dereito a unha contía tamén similar: o cento por cento da base reguladora e con unha duración de 13 días. Se ben a norma prevé alcanzar o obxectivo de 4 semanas aos seis anos da entrada en vigor da Lei.

Como pode apreciarse- cadro 13.26- o número de prestacións mantense nunha cifra moi similar desde o ano seguinte a súa implantación .Os 12.661 perceptores galegos da prestación de paternidade en 2011 representan o 4,69% do total do Estado e percibiron en 2011 9 millóns 701 mil euros que supoñen o 4,30% da contía global de España.

■ Cadro 13.26

Prestacións de Paternidade 2008-2011. Galicia/España

	Número de prestacións				Importe das prestacións (miles de euros)			
	2008	2009	2010	2011	2008	2009	2010	2011
A Coruña	5.111	5.439	5.489	5.624	3.631,65	4.160,76	4.195,42	4.440,47
Lugo	1.002	1.144	1.110	1.143	645,04	769,46	752,98	800,28
Ourense	1.082	1.188	1.129	1.121	713,88	816,48	797,13	800,49
Pontevedra	4.904	5.017	4.840	4.773	3.421,74	3.662,82	3.605,59	3.660,24
Galicia	12.099	12.788	12.568	12.661	8.412,31	9.409,52	9.351,12	9.701,48
España	279.756	273.024	275.637	269.715	212.222,51	220.118,35	225.543,36	225.273,97

Fonte: Ministerio de Empleo e Seguridade Social.

13.5.4 Prestacións familiares por fillo a cargo

A prestación familiar por fillo a cargo experimenta, a partir de 1991, unha importante transformación, perdendo o seu carácter de prestación exclusiva da Seguridade Social e pasando a ter carácter universal. O Real decreto lei 1/2000, do 14 de xaneiro, actualizou a contía das prestacións por fillos menores de 18 anos non minusválidos e por fillos tamén menores minusválidos nun grao igual ou superior ao 33%, establecendo a súa vez dúas novas prestacións de pago único: a primeira, é dirixida aos casos de nacemento do terceiro ou posterior fillo e a segunda, para supostos de parto múltiple.

Beneficiarios/as de prestacs. Por fillo/a a cargo. Galicia/ España 1993/ 2003-2011**■ Cadro 13.27**

	Total									
	1993	2003	2004	2005	2006	2007	2008	2009	2010	2011
A Coruña	31.539	18.420	17.116	16.605	15.769	15.287	15.362	15.326	15.646	15.887
Lugo	14.588	6.829	6.323	6.087	5.657	5.357	5.388	5.417	5.481	5.473
Ourense	12.597	5.924	5.692	5.335	4.972	4.731	4.735	4.735	4.757	4.804
Pontevedra	32.697	18.260	16.759	16.688	15.412	14.663	14.743	14.996	15.618	15.965
Galicia	91.421	49.433	45.890	44.714	41.810	40.038	40.228	40.474	41.502	42.129
España	1.011.512	738.194	694.075	682.904	656.682	630.025	663.777	716.265	791.980	843.951

Elaboración propia.

Medias anuais.

Fonte: Ministerio de Empleo e Seguridade Social.

■ Cadro 13.28**Causantes prestacións por fillo/a a cargo. Galicia/ España 1993/2003-2011**

	Total									
	1993	2003	2004	2005	2006	2007	2008	2009	2010	2011
A Coruña	58.499	24.683	22.690	21.994	20.591	19.858	19.983	19.925	20.390	20.209
Lugo	26.219	9.432	8.663	8.345	7.730	7.280	7.364	7.394	7.445	7.233
Ourense	22.697	8.228	7.541	7.283	6.730	6.338	6.371	6.348	6.385	6.291
Pontevedra	64.474	25.547	23.393	23.117	21.055	20.016	19.890	20.204	21.134	21.079
Galicia	171.889	67.890	62.287	60.739	56.106	53.492	53.608	53.871	55.354	54.812
España	2.082.897	1.142.930	1.070.071	1.054.114	1.007.160	957.677	1.015.072	1.097.536	1.220.003	1.264.781

Medias anuais.

Fonte: Ministerio de Empleo e Seguridade Social.

A Lei 35/2007 de 15 de novembro establece a prestación económica de pago único da Seguridade Social por nacemento ou adopción de fillo, consistente no cobro único de 2.500 euros, suprimida con efectos do 1 de xaneiro de 2011.

As prestacións periódicas con certos requisitos, entre eles non percibir ingresos familiares anuais superiores a 11.264,01, consisten no ano 2011:

Fillo o menor acollido, menores de 18 anos:

- Fillos o menores acollidos. Se non esta afectado por unha incapacidade, 291 euros ano, máis un 15% por cada fillo o menor acollido a partir do segundo.
- Se está afectado por unha discapacidade en grado igual ou superior ao 33%: 1.000 euros/ano.
- A asignación de 500 euros anuais aos menores de 5 anos suprimiuse a partir de 2011.

Fillo maior de 18 anos:

Se está afectado por unha incapacidade,

1. En grado igual ou superior ao 65%, 4.249,20 euros /ano.
2. En grado igual ou superior ao 75% e precise o concurso doutra persoa para realizar os actos esenciais da vida, 6.374,40 euros/ano.

Nos cadros 13.25 e 13.26 recóllense a media anual do número de beneficiarios e causantes da prestación en 1993 e de 2003 a 2010.

En 2011, hai en Galicia (cadro 13.28) 54.812 fillos con dereito a dita prestación, que corresponden (cadro 13.27) a 42.129 familias, 1,30 fillos por familia. Como pode apreciarse, en 2011, diminúen os causantes e aumentan as familias beneficiarias das prestacións. Da análise provincial, infírese que é a provincia de Pontevedra onde existe maior número de causantes: 21.079, e tamén, a diferenza de 2010, onde existen máis beneficiarios: 15.965, ocupa o último lugar Ourense, tanto no número de causantes como de beneficiarios.

Importe das prestacións familiares por fillo/a a cargo. Galicia/España. 2001-2011

■ Cadro 13.29

	2001	2002	2003	2004	2005	2006	2007	2008	2009	2010	2011
A Coruña	23,89	24,58	25,53	25,86	26,90	28,59	29,86	32,36	33,48	34,40	34,80
Lugo	8,47	8,63	8,83	8,94	9,19	9,50	9,73	10,53	10,80	11,14	11,21
Ourense	6,40	6,62	6,94	7,01	7,34	7,57	7,83	8,61	8,90	9,17	9,28
Pontevedra	20,67	21,42	22,02	22,20	23,23	23,43	23,99	26,17	27,34	28,43	28,73
Galicia	59,44	61,25	63,32	64,01	66,66	69,09	71,41	77,67	80,52	83,14	84,02
España	754,28	784,69	818,25	826,62	865,69	899,98	928,07	1.049,32	1.117,36	1.208,00	1.210,00

Medias anuais.

Datos en millóns de euros/ano.

Fonte: Ministerio de Empleo e Seguridade Social.

O cadro 13.29, reflicte que en 2011 aumenta, ao igual que no conxunto estatal, o importe total das prestacións, tamén nas catro provincias galegas, supoñendo para o total da comunidade autónoma 84,02 millóns de euros que representa o 6,94% do total do Estado.

13.5.5 Prestacións por desemprego

A normativa española de Seguridade Social sinala que a prestación de desemprego ten por obxecto garantir a continxencia na que se atopan aqueles/as que, podendo e querendo traballar, perden o seu emprego ou ven reducida a súa xornada ordinaria de traballo.

O desemprego é total cando o traballador/a cesa con carácter temporal ou definitivo na actividade que viña desenvolvendo e vese privado conseguintemente do seu salario. O desemprego é parcial cando o traballador/a ve reducida temporalmente a súa xornada ordinaria de traballo, polo menos nunha terceira parte, sempre que o salario sexa obxecto de análoga redución.

A protección por desemprego estrutúrase nun nivel contributivo e noutro nivel asistencial. O nivel contributivo ten por obxecto proporcionar prestacións substitutivas das rendas salariais deixadas de percibir como consecuencia da perda dun emprego anterior ou da redución da xornada. A duración da prestación por desemprego está en función dos períodos de ocupación cotizados nos 6 anos anteriores á situación legal de desemprego de acordo a unha escala que na actualidade vai dende un mínimo de 120 días de prestación aos que cotizaron un período abranguido entre 360 días, ata 539, a un máximo de 720 días aos que cotizaran máis de 2.160 días.

O nivel asistencial, complementario do contributivo, garante a protección a traballadores/as desempregados/as en condicións determinadas que enumera o artigo 215 da Lei xeral da seguridade social (ter esgotado a prestación por desemprego e ter responsabilidades familiares, ou ben, ser un maior de 45 anos, traballador emigrante retornado, liberado de prisión, etc.).

Doutra banda a partir de 2001 estableceuse, seguindo as directrices sobre o emprego da Unión Europea, a renda activa de inserción, que combina medidas activas con pasivas e vai dirixido a mellorar a capacidade de inserción profesional dos desempregados/as de longa duración. Configúrase como un itinerario de inserción laboral a partir dun compromiso de actividade, cunha titoría individualizada, incorporando ao beneficiario a programas de emprego e/ou formación e co apoio complementario dunha renda como axuda económica.

Poderán ser beneficiarios/as do programa os traballadores/as desempregados/as que teñan cumprida a idade de 45 anos; que acrediten unha minusvalía ou incapacidade, emigrantes retornados, vítimas da violencia doméstica que á súa vez reúnan en cada caso as condicións previstas nas normas específicas de cada un dos colectivos. A renda, cunha duración máxima de once meses, será igual ao 80% do indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM) mensual vixente en cada momento salario mínimo interprofesional vixente, excluída a parte proporcional das dúas pagas extraordinarias.

No cadro 13.30 preséntanse os datos do número de beneficiarios/as da prestación por desemprego. A tendencia incrementista do número de perceptores/as que se experimenta en Galicia de 1990 a 1993 (ver informes de anos anteriores), cun aumento achegado ao 40%, québrase en 1995, cun descenso de 10.825 perceptores, e continúa en 1996, 1997, 1998 e 1999 dun xeito decrecente con 17.293, 10.612, 7.768 e 4.883 beneficiarios/as menos anualmente, respectivamente. Esta tendencia volve a trocarse no ano 2000 e continúa en 2001 e 2002 con aumentos sucesivos, volvendo a diminuír lixeiramente en 2003 no que en media anual establécese en 70.588 beneficiarios/as, en 2004 ten lugar un incremento de 4.700 perceptores/as no ámbito da Comunidade, en 2005 o aumento é de 3.500, en 2006 de 600 e en 2007 de 100 beneficiarios. En 2008 o incremento é moi notorio: 15.000 beneficiarios máis, e moito máis importante é o acadado en 2009: 36.000 en media anual,. En 2010 aumenta en 19.400, e en 2011 diminúen en 2.800 situándose en 146.900.

A diminución de 2011 prodúcese tamén no conxunto de España na cifra de 196.700, despois do gran aumento: 47,7 % en 2009 co respecto a 2008 e o de 19.400 de 2010 con respecto a 2009. Nas provincias galegas prodúcese a diminución do ano 2011 en todas elas o maior decaemento de perceptores do ano 2011 prodúcese en Pontevedra, en 1.200.

Cadro 13.30
Beneficiarios/as da Prestación por Desemprego. Galicia/ España. 1993/2003-2011

	1993	2003	2004	2005	2006	2007	2008	2009	2010	2011
A Coruña	44.000	29.400	30.900	32.600	33.300	33.200	38.500	51.700	58.200	57.400
Lugo	12.900	7.600	8.300	8.000	8.100	8.100	9.300	12.500	14.800	14.600
Ourense	16.000	8.900	9.600	10.100	9.900	9.900	11.300	14.800	16.800	16.200
Pontevedra	39.700	24.700	26.300	27.900	27.900	28.100	35.200	51.300	59.900	58.700
Galicia	112.600	70.600	75.100	78.600	79.200	79.300	94.300	130.300	149.700	146.900
España	1.993.000	1.004.700	1.065.100	1.103.900	1.145.600	1.421.000	1.815.000	2.681.000	3.042.700	2.846.000

Nº de beneficiarios/as en centos, medias anuais.

Fonte: Ministerio de Empleo e Seguridade Social.

Cadro 13.31

	BENEFICIARIOS				GASTOS
	pension contributiva	subsidio	renta activa de inserción	Total Beneficiarios	al mes miles euros
A Coruña	34.017	22.778	4.189	60.984	57.011
Lugo	9.017	6.133	1.008	16.158	14.215
Ourense	8.000	7.727	1.404	17.131	14.444
Pontevedra	33.063	24.939	4.605	62.607	55.932
Galicia	84.097	61.577	11.206	156.880	141.602
España(1)	1.389.973	1.173.916	216.518	2.780.407	2.583.948

(1) incluídos renta agraria y subsidio eventuais agrarios.

Nº de beneficiarios/as e gastos a decembro 2011.

Fonte: Servicio Público de Empleo. Ministerio de Empleo e Seguridade Social.

Os 146.900 beneficiarios/as das prestacións de desemprego (cadro 13.30) supoñen o 5,16% do total español. Por tipo de prestación –cadro 13.31– case a metade dos perceptores galegos o son dunha prestación asistencial (subsidio o renda activa de inserción), os beneficiarios da prestación contributiva: 84.097 representan o 53,61% do total dos 156.880 perceptores galegos a decembro de 2011. Os 2.780.407 beneficiarios a decembro de 2011 en España distribúense en unha proporción do 49,99% perceptores da prestación contributiva e algo máis do 50% da asistencial, na que ao subsidio e a renda activa de inserción hai que engadir aos perceptores da renda agraria e o subsidio dos eventuais agrarios. Os gastos mensuais das prestacións por desemprego representan en Galicia en decembro de 2011 máis de 141 millóns 602 mil euros que é un 5,48% do importe total de España.

13.6 Pensiones de carácter non contributivo e asistencial

A Lei 26/1990, do 20 de decembro, pola que se establecen na Seguridade Social prestacións non contributivas, tratou de realizar unha regulación unitaria das distintas accións dos poderes públicos para integralas nun nivel non contributivo de pensións en favor daqueles cidadáns que se atopen en situación de necesidade protexible e carezan de recursos económicos propios suficientes para a súa subsistencia.

As pensións non contributivas son prestacións periódicas vitalicias ou de duración indeterminada en función da idade ou a incapacidade e a favor daquelas persoas que non cotizaron nunca ou o tempo suficiente para acadar prestacións de nivel contributivo pola realización de actividades profesionais.

Sen embargo, as pensións non contributivas da Lei 26/1990 veñen, en realidade, a substituír, se ben con distinto alcance e maior contía, ás de vellez e enfermidade do Fondo de Asistencia Social (FAS) –que, aínda así e transcorridos vinte e dous anos da implantación das non contributivas, seguen subsistentes para quen as cobraba, se non opta polas novas– e aos subsidios de garantía de ingresos mínimos e o de axuda de terceiras persoas da Lei de integración social do minusválido (LISMI), nas mesmas condicións que as do FAS.

Por outra banda, a Xunta de Galicia, mediante a Lei 9/1991, do 2 de outubro, de Medidas básicas para a reinserción social, estableceu unha prestación, a Renda de Integración Social (RISGA), co obxecto de garantir un mínimo de subsistencia persoal a cidadáns abranguidos entre os 25 (nalgúns casos de 18), e os 65 anos que, polo tanto, completaría a acción protectora de grupos específicos, terceira idade e incapacitados, coas daquelas persoas que, aínda que tendo idade laboral e sen causa legal de incapacidade física ou psíquica, non teñen recursos mínimos para poder afrontar as necesidades máis urxentes.

Como sinala a propia Lei 9/1991, trátase de establecer unha prestación social destinada a garantir recursos económicos de subsistencia a quen careza deles, así como lograr a súa autonomía e integración normalizada mediante un proxecto personalizado de inserción.

A Xunta de Galicia, ante as críticas de carácter xeneralizado sobre a ineficacia desta prestación de cara á loita contra a pobreza e a exclusión social plasmadas nun informe que o Valedor do Pobo publicou en novembro de 1998, modificou, mediante a Lei 1/1999, do 5 de febreiro, algúns artigos co obxecto de configurala, segundo específica a exposición de motivos, como unha verdadeira renda familiar; flexibilizar os requisitos esixidos, e axilizar o procedemento.

As pensións do Fondo de Asistencia Social (FAS) son axudas económicas de carácter periódico a favor de anciáns e de enfermos ou inválidos para o traballo. A contía mensual destas pensións foi en 2011 de 149,86 euros en 14 pagas.

As pensións do FAS despois dun descenso moi acusado xa son absolutamente residuais, como consecuencia da implantación das novas pensións non contributivas (mellor dotadas economicamente), ás que deben acceder os novos peticionarios, e que ademais teñen dereito de opción os beneficiarios das do FAS sempre que reúnan os requisitos.

En 2011, o número total de pensionistas do FAS é só de 29 en Galicia, cun descenso respecto ao ano anterior de 7 representando dito número global de Galicia o 0,21% dos 13.784 que existen no total español.

Cadro 13.32
Pensións do Fondo de Asistencia Social. Por provincias. Galicia/España. 1990/2006-2011

	Vellez							Enfermidade							Total						
	1990	2006	2007	2008	2009	2010	2011	1990	2006	2007	2008	2009	2010	2011	1990	2006	2007	2008	2009	2010	2011
A Coruña	7.900	6	3	2	2	2	1	7.100	29	17	10	6	4	3	15.000	35	20	12	8	6	4
Lugo	2.300	7	4	2	1	1	1	2.100	12	9	8	7	6	5	4.400	18	13	10	8	7	6
Ourense	2.500	11	7	4	3	2	2	2.100	27	23	17	13	10	8	4.600	38	30	22	16	12	10
Pontevedra	5.100	9	6	5	5	3	2	3.600	22	17	14	9	8	7	8.700	31	23	19	14	11	9
Galicia	17.700	33	20	13	11	8	6	14.900	90	66	49	35	28	23	32.600	122	86	63	46	36	29
España ⁽¹⁾	161.200	5.572	3.544	2.703	2.054	2.010	2.075	166.600	22.285	19.397	17.032	15.025	13.699	11.709	327.800	27.857	22.941	19.735	17.079	16.189	13.784

Elaboración propia.

Medias anuais en miles de persoas. Ano 1990 redondeados en centos.

(1) Sen datos do País Vasco.

O R.D. 357/1991, do 15 de marzo, permite aos beneficiarios das pensións asistenciais pasar a percibir unha pensión non contributiva, reúnen os requisitos esixidos para isto, debendo, nese caso, renunciar ao do FAS, dado o carácter incompatible de ambas.

Fonte: Ministerio de Emprego e Seguridade Social e Xunta de Galicia.

Continúa tamén en 2011, o proceso de diminución do número de prestacións derivadas da LISMI –cadro 13.33– pola posta en vigor, a partir de 1991, das pensións non contributivas. A acción protectora da lei comprende:

- Asistencia sanitaria e prestación farmacéutica.
- Rehabilitación médico-funcional e recuperación profesional.
- Medidas de integración social.
- Subsidio de garantía de ingresos mínimos.
- Subsidio por axuda de terceira persoa.
- Subsidio de mobilidade e compensación por gastos de transporte.

A contía do subsidio de garantía de ingresos mínimos foi en 2011 de 149,86 euros mes; o de axuda de terceira persoa, de 58,45 euros e o de mobilidade e compensación por gastos de transporte de 58,70 euros. Non obstante, no caso que o beneficiario do subsidio de garantía de ingresos mínimos perciba unha prestación económica análoga, a contía do subsidio reducirase nunha cantidade igual o importe daquela prestación.

Os 1.387 beneficiarios da LISMI en Galicia a decembro de 2011, representan o 4,78% dos 29.040 pensionistas españois, cunha diferenza moi notable do número de beneficiarios na provincia da Coruña e Pontevedra –500 e 475, respectivamente– con respecto a Lugo, con tan só 90 beneficiarios.

■ **Cadro 13.33** Beneficiarios das prestacións da LISMI. Por provincias. Galicia/España. 1991/2006-2011

		A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia	España
Subsidio de garantía ingresos mínimos	1991	7.309	1.956	2.645	8.215	20.125	251.092
	2006	591	93	180	705	1.569	38.246
	2007	510	78	154	598	1.340	33.149
	2008	439	66	132	518	1.155	28.728
	2009	383	57	116	450	1.006	24.927
	2010	332	46	96	382	856	21.424
	2011	264	29	74	299	666	17.007
Subsidio axuda de terceira presoa	1991	3.337	798	888	3.074	8.097	91.560
	2006	133	22	13	117	285	4.898
	2007	110	20	11	97	238	4.074
	2008	90	17	10	84	201	3.391
	2009	76	15	9	68	168	2.879
	2010	63	13	7	54	137	2.446
	2011	52	8	5	41	106	1.827
Subsidio de mobil. compens. por pagos de transporte	1991	1.818	104	117	852	2.891	38.769
	2006	171	21	3	72	267	3.762
	2007	152	23	3	66	244	3.255
	2008	132	25	3	61	221	2.845
	2009	119	26	2	26	173	2.460
	2010	108	24	2	12	146	2.189
	2011	96	19	2	10	127	1.766
Asistencia sanitaria e prestación farmacéutica	1991	3.664	395	782	3.525	8.366	56.140
	2006	307	31	211	465	1.014	15.186
	2007	222	30	221	434	907	14.331
	2008	189	35	229	426	879	13.893
	2009	165	40	234	416	855	13.274
	2010	147	45	240	253	685	12.259
	2011	130	48	245	238	661	11.216
Total	1991	11.410	2.463	3.556	11.482	28.911	329.792
	2006	1.017	137	388	1.137	2.679	54.989
	2007	840	124	375	1.010	2.349	48.877
	2008	724	119	362	927	2.132	43.891
	2009	641	115	352	824	1.932	39.317
	2010	564	108	337	592	1.601	34.687
	2011	475	90	322	500	1.387	29.040

Elaboración propia.

(1) A Lei 26/1990, do 20 de decembro, pola que se establecen na Seguridade Social prestacións non contributivas, suprimen estes subsidios pero seguen cobrándoos os que os percibían con anterioridade á entrada en vigor da lei, agás que os interesados pasen a percibir unha pensión non contributiva.

medias anuais agás 1991 e 2011 que son a Decembro

A suma de cada unha das rúbricas dos beneficiarios, segundo a clase de prestación, non coincide necesariamente co total de beneficiarios, xa que un mesmo beneficiario pode recibir máis dunha prestación.

Fonte: Ministerio de Empleo e Seguridade Social.

As pensións non contributivas que como apuntabamos anteriormente establécense para aquelas persoas que non cotizaron nunca ou o tempo suficiente para alcanzar a prestación de nivel contributivo, poden obterse por estar en situación de invalidez –minusvalía igual ou superior ao sesenta e cinco por cento– ou en idade de xubilación –ter cumpridos os sesenta e cinco anos de idade–, ademais doutros requisitos como carecer de rendas ou ingresos suficientes. O importe mensual das prestacións non contributivas estableceuse para 2011 en 343,10 euros, abonándose dúas pagas extraordinarias da mesma contía os meses de xuño e novembro. No caso

de invalidez igual ou superior ao 75%, se precisase do concurso doutra persoa a contía incrementase con un complemento do 50%.

No cadro 13.34 observamos que en 2011 produciuse en Galicia unha diminución de 1.920 pensionistas beneficiarios de prestacións non contributivas. A partir de 1996 (ver informes anteriores) o número de beneficiarios de pensións non contributivas de invalidez supera aos de xubilación, aínda que nos últimos anos- dende 2000 medraron máis os pensionistas de xubilación. En 2011, as pensións de invalidez descenden en 829, e as de xubilación en 1.091, non obstante, estas en número de 28.306 constitúen as maioritarias. Por provincias o colectivo da provincia da Coruña, con 18.213 pensionistas, representa o 40,15% do total galego. En sentido oposto, na provincia de Lugo soamente existen 5.410 pensionistas desta modalidade, que constitúen o 11,93% do total de Galicia.

■ Cadro 13.34

Pensións non contributivas. Por provincias. Galicia/España. 1994/2007-2011

	Invalidez						Xubilación						Total					
	1994	2007	2008	2009	2010	2011	1994	2007	2008	2009	2010	2011	1994	2007	2008	2009	2010	2011
A Coruña	5.179	7.866	7.527	7.157	6.873	6.458	7.406	13.404	13.071	12.651	12.217	11.755	12.585	21.270	20.598	19.808	19.090	18.213
Lugo	1.406	2.151	2.058	1.994	1.936	1.870	1.437	3.876	3.809	3.768	3.658	3.540	2.843	6.027	5.867	5.763	5.594	5.410
Ourense	2.909	2.866	2.753	2.650	2.587	2.444	2.312	4.616	4.475	4.381	4.247	4.079	5.221	7.482	7.227	7.031	6.834	6.523
Pontevedra	3.764	6.926	6.810	6.597	6.483	6.278	4.133	9.951	9.697	9.476	9.275	8.932	7.897	16.878	16.506	16.072	15.758	15.210
Galicia	13.258	19.809	19.148	18.398	17.879	17.050	15.288	31.847	31.052	30.276	29.397	28.306	28.546	51.657	50.198	48.674	47.276	45.356
España	114.487	203.401	199.410	197.126	196.159	194.712	154.486	270.980	265.314	260.908	257.136	254.295	268.973	474.382	464.724	458.034	453.295	449.006

Elaboración propia.

Medias anuais agás os datos Galicia 1994 e todos os de 2011 que son a decembro do ano correspondente.

Fonte: Ministerio de Emprego e Seguridade Social.

No cadro 13.35 contéplase o número de pensións non contributivas por comunidades autónomas. Galicia é a cuarta, despois de Andalucía, Cataluña e a Comunidade Valenciana, comunidade con maior número absoluto de pensionistas non contributivos e a de maior número porcentual con respecto ao total de habitantes. Os 45.930 perceptores de pensións non contributivas representan o 10,22% do total nacional, moi por riba de comunidades con moito maior número de habitantes como Madrid.

**Pensións non contributivas da Seguridade Social.
Por comunidade autónomas. 1997/2005-2011**

■ Cadro 13.35

	Total núm. pensionistas							
	1997	2005	2006	2007	2008	2009	2010	2011
Andalucía	94.445	109.886	109.609	108.198	106.064	104.955	104.104	102.924
Aragón	12.123	9.834	9.526	9.139	8.679	8.338	8.093	7.923
Asturias	10.618	11.175	11.129	10.917	10.526	10.056	9.813	9.729
Baleares	7.270	7.940	7.926	7.878	7.749	7.655	7.621	7.638
Canarias	34.188	42.153	42.133	42.204	42.275	42.341	42.258	42.160
Cantabria	5.616	6.291	6.274	6.223	6.164	6.143	6.163	6.181
C. A Mancha	21.281	23.415	23.062	22.309	21.709	21.337	21.039	20.798
C. León	27.457	27.129	26.942	26.085	24.772	23.801	23.150	22.740
Cataluña	49.581	59.833	59.352	58.679	57.685	56.589	56.194	55.905
C. Valenciana	37.248	47.391	47.797	47.162	46.376	46.548	46.723	46.656
Extremadura	1.343	17.083	16.685	16.305	15.977	15.674	15.239	14.868
Galicia⁽¹⁾	46.508	53.686	52.956	51.657	50.198	48.673	47.275	45.930
Madrid	30.512	34.054	34.008	33.753	33.406	33.038	32.891	32.846
Murcia	11.798	15.205	15.006	14.721	14.415	14.192	14.096	13.957
Navarra	3.449	3.160	3.049	2.979	2.876	2.807	2.711	2.687
País Vasco	10.692	9.939	9.941	9.850	9.658	9.741	9.949	10.107
A Ríoxa	2.415	2.119	2.073	1.998	1.895	1.825	1.781	1.763
Ceuta	1.560	1.708	1.728	1.742	1.746	1.750	1.705	1.702
Melilla	2.400	2.508	2.568	2.584	2.553	2.571	2.490	2.492
España	410.504	484.509	481.764	474.383	464.723	458.034	453.295	449.006

Elaboración propia.

Media anual.

Fonte: Ministerio de Empleo e Seguridade Social.

En 2011 (cadro 13.36) aumentan en 132 o número de beneficiarios/as da renda de integración social (RISGA) en Galicia. O incremento experimentase en todas as provincias excepto nada Coruña que descenden en 28. En canto a súa implantación provincial, hai que destacar o elevado número de beneficiarios/as na provincia de Pontevedra: 2.285 mentres que a de Lugo: 500, constitúe a de inferior colectivo de beneficiarios/as.

■ Cadro 13.36

**Beneficiarios da Renda de Integración Social (RISGA).
Por provincias. Galicia. 1992-2011**

	1992	1993	1994	1995	1996	1997	1998	1999	2000	2001	2002	2003	2004	2005	2006	2007	2008	2009	2010	2011
A Coruña	237	635	1.323	1.600	1.633	1.769	1.858	1.850	1.731	1.887	1.825	1.904	1.844	1.785	1.769	1.700	1.717	1.654	1.528	1.500
Lugo	88	159	283	294	306	364	427	453	426	453	477	540	464	424	427	403	405	492	468	500
Ourense	86	190	349	415	438	387	347	382	421	447	529	543	559	612	635	600	658	730	779	835
Pontevedra	148	492	803	1.128	1.335	1.407	1.508	1.607	1.578	1.570	1.479	1.515	1.306	1.324	1.334	1.399	1.570	1.920	2.213	2.285
Galicia	559	1.476	2.758	3.437	3.712	3.927	4.140	4.292	4.156	4.357	4.310	4.499	4.173	4.145	4.165	4.102	4.350	4.796	4.988	5.120

Elaboración propia.

Datos a 31 de decembro

Fonte: Xunta de Galicia.

No cadro 13.37 inclúese o conxunto de prestacións periódicas de carácter asistencial en Galicia: as derivadas da LISMI, as do FAS, as non contributivas da Seguridade Social, e as do RISGA, todas elas sen base contributiva previa.

**Conxunto das prestacións periódicas de carácter asistencial.
Por provincias. Galicia. 1992/2006-2011**

■ Cadro 13.37

		A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
LISMI	1992	11.154	2.091	2.825	10.776	26.846
	2006	1.017	137	388	1.137	2.679
	2007	840	124	375	1.010	2.349
	2008	724	119	362	927	2.132
	2009	641	115	352	824	1.932
	2010	564	108	337	592	1.601
	2011	475	90	322	500	1.387
Asistenciais	1992	13.084	3.985	3.785	7.863	28.717
	2006	35	18	38	31	122
	2007	20	13	30	23	86
	2008	12	10	22	19	63
	2009	8	8	16	14	46
	2010	6	7	12	11	36
	2011	4	6	10	9	29
Non contributivas	1992	4.341	1.067	2.755	3.074	11.237
	2006	21.959	6.145	7.637	17.215	52.956
	2007	21.270	6.027	7.482	16.878	51.657
	2008	20.598	5.867	7.227	16.506	50.198
	2009	19.808	5.763	7.031	16.072	48.674
	2010	19.090	5.594	6.834	15.758	47.276
	2011	18.213	5.410	6.523	15.210	45.356
RISGA	1992	237	88	86	148	559
	2006	1.769	427	635	1.334	4.165
	2007	1.700	403	600	1.399	4.102
	2008	1.717	405	658	1.570	4.350
	2009	1.654	492	730	1.920	4.796
	2010	1.528	468	779	2.213	4.988
	2011	1.500	500	835	2.285	5.120
Total	1992	28.816	7.231	9.451	21.861	67.359
	2006	24.780	6.727	8.698	19.717	59.922
	2007	23.830	6.567	8.487	19.310	58.194
	2008	23.051	6.401	8.269	19.022	56.743
	2009	22.111	6.378	8.129	18.830	55.448
	2010	21.188	6.177	7.962	18.574	53.901
	2011	20.192	6.006	7.690	18.004	51.892

Elaboración propia.

Fuente: Ministerio de Empleo e Seguridade Social e Xunta de Galicia.

Como xa dicíamos anteriormente, continúa a diminución, durante 2011, das pensións da LISMI e do FAS, e tamén neste ano as non contributivas. A partir de 1994 aparecen as pensións non contributivas como as máis importantes numericamente representando, en 2011, o 87,40% do conxunto das asistenciais. As prestacións da Renda de Integración Social, en número de 5.120, a decembro de 2011, constitúen un escaso 9,87% do total.

En 2011 baixa, de novo, o número do conxunto global destas prestacións en Galicia, diminución que ten lugar se ben en moi escasa medida nas catro provincias galegas. Dos 51.892 perceptores destas pensións de base asistencial un 38,91% pertencen á provincia da Coruña; un 34,70% a Pontevedra; un 14,82% a Ourense e un 11,57% a Lugo.

13.7 Dependencia

A lei de Autonomía Persoal e Atención as persoas en situación de Dependencia reconece a partir de 2007 un novo dereito á cidadanía en España que se caracteriza por ser universal e subxectivo e permitirá cas persoas que non poidan valerse por se mesmas, sexan atendidas polo Estado a través da garantía dunha serie de prestacións ofrecidas tanto en forma de servizos como de remuneración económica.

A lei contempla a creación dun sistema nacional de Dependencia, que constitúe o cuarto pilar do Estado do Benestar, tras o sistema nacional de saúde, o sistema educativo e o sistema de pensións.

A lei clasifica as situacións de dependencia en tres grados: moderada, severa, e gran dependencia.

As prestacións de atención á dependencia poderán ter natureza de servizos e de prestacións económicas, tendo os primeiros carácter prioritario.

**Beneficiarios do Sistema de Dependencia
en relación coa poboación a 31-03-2012**

■ Cadro 13.38

Ambito Territorial	Poboación	Beneficiarios con dereito a prestación	% beneficiarios / poboación
Andalucía	8.424.102	195.372	2,32
Aragón	1.346.293	21.949	1,63
Asturias	1.081.487	13.981	1,29
Baleares	1.113.114	10.240	0,92
Canarias	2.126.769	11.250	0,53
Cantabria	593.121	14.827	2,50
C. A Mancha	2.558.463	61.036	2,39
C. León	2.115.334	38.759	1,83
Cataluña	7.539.618	118.216	1,57
C. Valenciana	5.117.190	44.380	0,87
Extremadura	1.109.367	18.650	1,68
Galicia⁽¹⁾	2.795.422	35.943	1,29
Madrid	6.489.680	78.411	1,21
Murcia	1.470.069	27.127	1,85
Navarra	642.051	8.306	1,29
País Vasco	2.184.606	41.986	1,92
A Ríoxa	322.955	7.641	2,37
Ceuta y Melilla	160.852	1.916	1,19
España	47.190.493	749.990	1,59

Fonte: Ministerio de Empleo e Seguridade Social. Informe económico- financeiro dos Presupostos da Seg. Social 2012.

■ Cadro 13.39

Beneficiarios e prestacións do Sistema de Dependencia a 31-03-2012

Ambito Territorial	Beneficiarios con dereito a prestación	Prev. Dep. e Prom. A. persoal	Teleasistencia	Axuda a domicilio	Centros de día/noite	Atención residencial	P.a. vinculada ao servizo	P.E. cuidados familiares	P.E. asistencia persoal	TOTAL	Ratio prest.por persoa beneficiaria
Andalucía	195.372	1	68.580	51.622	12.130	20.082	3.841	111.632	14	267.902	1,37
Aragón	21.949	0	0	0	1.007	3.226	4.136	13.601	0	21.970	1,00
Asturias	13.981	2	555	1.970	1.390	3.169	1.401	7.139	1	15.627	1,12
Baleares	10.240	1	0	0	748	1.945	342	7.510	0	10.546	1,03
Canarias	11.250	45	0	0	2.340	2.438	174	6.270	0	11.267	1,00
Cantabria	14.827	0	1.113	829	1.362	3.139	0	9.501	0	15.944	1,08
C. A Mancha	61.036	6.559	4.216	9.116	6.322	8.701	15.125	25.214	37	75.290	1,23
C. León	38.759	959	6.088	5.920	1.512	7.690	2.840	26.754	10	51.773	1,34
Cataluña	118.216	1.601	10.357	13.513	5.084	15.766	11.706	87.054	17	145.098	1,23
C. Valenciana	44.380	146	6.699	0	3.179	12.686	4.022	24.311	0	51.043	1,15
Extremadura	18.650	396	319	635	709	3.191	5.547	8.900	1	19.698	1,06
Galicia	35.943	275	803	6.268	4.269	7.021	4.478	15.896	40	39.050	1,09
Madrid	78.411	5.951	16.483	21.493	12.116	20.499	3.484	20.032	25	100.083	1,28
Murcia	27.127	1.057	5.228	0	2.026	2.220	959	22.575	0	34.065	1,26
Navarra	8.306	46	704	442	203	1.436	1.285	5.491	1	9.608	1,16
País Vasco	41.986	0	5.598	5.064	5.095	8.008	1.392	24.014	727	49.898	1,19
A Ríoxa	7.641	640	1.295	2.159	801	1.258	466	4.614	0	11.233	1,47
Ceuta y Melilla	1.916	241	232	436	47	147	17	1.275	0	2.395	1,25
España	749.990	17.920	128.270	119.467	60.340	122.622	61.215	421.783	873	932.490	1,24

Fonte: Ministerio de Empleo e Seguridade Social. Informe económico- financeiro dos Presupostos da Seg. Social 2012.

O **catálogo de Servizos** comprende os seguintes servizos sociais de promoción da autonomía persoal e de atención á dependencia:

- Servizos de prevención das situacións de dependencia e os de promoción da autonomía persoal.
- Servizo de Teleasistencia.
- Servizo de axuda a domicilio
- Coidados persoais
- Servizo de Centro de día e de noite
- Servizo de atención residencial.

As **prestacións económicas** poden ser de tres tipos:

- Prestación económica vinculada ao servizo
- Prestacións económicas para coidados no entorno familiar
- Prestación económica de asistencia persoal.

As contías das prestacións económicas se fixan polo Consello Territorial do Sistema e as aproba o Goberno. Se ten en conta a capacidade económica a efectos de determinar a contía individual das prestacións económicas.

No cadro I 3.39 contémplase por Comunidades Autónomas o número de beneficiarios con dereito a prestación por cada un dos seus tipos, xunto a “ratio” de nº de prestacións por persoa beneficiaria. As prestacións por coidados familiares constitúen en Galicia e no conxunto do Estado as prestacións máis numerosas, a 31-03-2012, o 40,71% na Comunidade galega e o 45,23% en España. Segue en importancia numérica en Galicia as de atención residencial: 17,98% e as de axuda a domicilio: 16,05%. No conxunto do Estado teñen maior preponderancia as de teleasistencia: 13,76%, e a continuación tamén as de atención residencial e axuda a domicilio.

No cadro I 3.38 contémplanse os datos de número de beneficiarios con dereito a prestación en relación coa poboación de cada unha das comunidades autónomas e o conxunto de España. Como pode apreciarse Galicia está 30 décimas por baixo da media estatal en beneficiarios, cun número a 31-03-2012 de 35.943 perceptores de prestacións do Sistema. Os graves problemas económicos, consecuencia da crise vai a retardar a implantación completa do Sistema aos dependentes de niveis menos severos.

13.8 Conxunto de prestacións e gastos de protección social

Ofrecemos como peche deste capítulo un cadro sinóptico: I 3.40 no que se contempla as contías numéricas e de gastos das distintas prestacións de protección social –pensións contributivas, non contributivas, desemprego, de familiares a cargo e outras– en Galicia e España, a Febreiro de 2012, e a súa relación coa poboación total dos territorios.

■ **Cadro 13.40**

**Conxunto de Prestacións e Gastos de Protección Social en relación coa poboación total.
Galicia/ España. Febreiro 2012**

Prestacións	Prestacións de beneficiarios						Gasto de Prestacións en euros					
	dato febreiro 2012 nº de beneficiarios		variación relativa interanual		Prestacións sobre poboación total		dato febreiro 2012 importe do gasto		variación relativa interanual		Gasto sobre poboación total	
	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España
Pensións contributivas	730.611	8.870.836	0,8	1,4	26,14	18,80	505.262.976	7.314.526.765	4,1	4,5	180,74	155,00
Incapac. Permanente	69.810	940.819	0,5	0,7	2,50	1,99	53.781.718	831.300.307	3,1	2,8	19,24	17,62
Xubilación	450.269	5.296.832	0,9	1,7	16,11	11,22	348.467.616	4.973.667.836	4,5	5,1	124,66	105,40
Viuvez	184.552	2.317.875	0,8	0,7	6,60	4,91	93.105.063	1.389.339.223	3,4	3,3	33,31	29,44
Orfandade	20.319	277.286	1,0	2,2	0,73	0,59	7.370.525	101.832.398	3,5	4,9	2,64	2,16
Favor Familiar	5.661	38.024	2,0	1,4	0,20	0,08	2.528.054	18.386.970	5,3	4,0	0,90	0,39
Pensións non contributivas	45.351	447.832	2,4	0,6	1,82	0,95	16.110.287	160.093.454	1,1	2,1	5,76	3,39
Xubilación	28.355	253.231	2,2	0,9	1,01	0,54	9.717.323	85.806.216	2,1	2,0	3,48	1,82
Invalidez	16.996	194.601	2,8	0,2	0,61	0,41	6.392.975	74.287.238	0,3	2,2	2,29	1,57
Prest. Por desemprego	163.737	3.023.142	6,4	1,0	5,86	6,41	151.287.000	2.719.084.000	9,2	3,4	54,12	57,62
nivel contributivo	86.604	1.419.965	9,5	2,9	3,10	3,01	112.337.000	1.947.060.000	11,4	4,7	40,19	41,26
nivel asistencial	77.133	1.603.177	3,1	0,6	2,76	3,40	38.950.000	772.024.000	3,3	0,4	13,93	16,36
Prest. familiares por fillo a cargo	14.522	173.550	1,3	2,4	0,52	0,37	6.043.400	73.207.266	4,1	5,3	2,16	1,55
Outras prestacións (1)	915	30.258	16,5	19,9	0,03	0,06	121.802	4.221.890	14,3	19,8	0,04	0,09
TOTAL	955.136	12.546.618	1,6	1,2	34,17	26,59	678.815.475	10.271.133.375	5,1	4,2	242,82	217,65

Elaboración propia.

(1) Outras prestacións: Lismi e pensións asistenciais. Non incluídas as comunidades autónomas de Navarra e País Vasco.

Fonte: Ministerio de Emprego e Seguridade Social.

Os 955.136 beneficiarios das prestacións sociais, en Febreiro de 2012, en Galicia, supoñen o 34,17% do total da poboación no territorio galego, porcentaxe que é 7,58 puntos máis elevado co correspondente ao total do Estado. A porcentaxe galega é maior nas pensións contributivas, non contributivas e familiares por fillo a cargo, pero lixeiramente máis baixas en desemprego e no epígrafe de outras prestacións.

No referente aos gastos: os preto de 678 millóns de euros que supoñen o importe destas prestacións no mes de Febreiro representan en Galicia unha contía de 242,82 euros por persoa, computando o total da poboación da Comunidade Autónoma. En España o desembolso de 10.271 millóns de euros equivale a un gasto de 217,65 euros por habitante, 25,17 euros menos ca "ratio" galega. A diferenza maior no gasto por persoa o constitúe o relativo as pensións contributivas, mentres que nas prestacións por desemprego a porcentaxe galega é lixeiramente menor.

Neste apartado reflíctese a representación sindical das e dos traballadores e, como é lóxico, para isto analízanse os resultados das eleccións celebradas e as continxencias dos procesos electorais desenvolvidos na Comunidade Autónoma Galega.

Dado que para facer unha primeira análise da representatividade sindical das e dos traballadores non sería suficiente o exame dos datos referidos ao período de 2011, ao que se contrae este informe, cómpre contemplar, ademais, un período máis amplo que abrangue desde o último proceso electoral, sen prexuízo de facer referencia ao desenvolvemento concreto dese ano.

Entrando no exame concreto do ano 2011, ano en que coincidiu a fin do mandato de gran parte dos representantes, pódese observar nos cadros 14.1 e 14.2 que se rexistraron un total de 3.990 actas de procesos electorais e foron elixidos 10.715 representantes. Destes, 3.172 corresponderon a UGT, 3.030 a CCOO e 2.853 a CIG, obtendo outros 1.660 representantes.

■ Cadro 14.1 **Distribución provincial dos avisos previos, actas depositadas, actas rexistradas, representantes elixidos segundo as actas rexistradas e porcentaxe dos representantes elixidos, desde o 1 de xaneiro de 2011 ao 31 de decembro de 2011, sobre o total de representantes con mandato nese período.**

Provincia	Nº de avisos previos presentados	Nº de actas rexistradas	Representantes elixidos	Porcentaxe de representantes elixidos sobre o total %
A Coruña	1.718	1.462	4.293	40,07
Lugo	614	507	1.227	11,45
Ourense	442	512	1.326	12,38
Pontevedra	1.604	1.509	3.869	36,11
Totais	4.378	3.990	10.715	100,00

Fonte: Consellería de Traballo e Benestar. Dirección Xeral de Relacións Laborais.

■ Cadro 14.2 **Representantes elixidos sobre as actas rexistradas no ano 2011**

Sindicato	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Totais	%
UXT	1.303	394	434	1.041	3.172	29,60
CIG	1.154	204	257	1.238	2.853	26,63
CC.OO	1.188	359	387	1.096	3.030	28,28
Outros	648	270	248	494	1.660	15,49
Totais	4.293	1.227	1.326	3.869	10.715	100,00

Fonte: Consellería de Traballo e Benestar. Dirección Xeral de Relacións Laborais.

No período dos últimos 4 anos, desde 1 de xaneiro 2008 a 31 de decembro de 2011, rexistráronse 6.986 actas das cales 4.897 corresponderon a centros de traballo de ata 30 traballadores (cadros 14.3 e 14.4). Neste mesmo período emitíronse 289.709 votos (cadro 14.5).

Distribución provincial dos avisos previos e os datos obtidos sobre as actas rexistradas, desde o 1 de xaneiro de 2008 ao 31 de decembro de 2011

■ Cadro 14.3

	Nº de avisos previos presentados	Nº de actas rexistradas
A Coruña	3.114	2.679
Lugo	1.096	890
Ourense	921	847
Pontevedra	2.977	2.570
Totais	8.108	6.986

Fonte: Consellería de Traballo e Benestar. Dirección Xeral de Relacións Laborais.

■ Cadro 14.4 **Distribución provincial do número de actas rexistradas segundo o tamaño do centro de traballo, desde o 1 de xaneiro de 2008 ao 31 de decembro de 2011**

	Ata 30 trab.	De 31-49 trab.	50-100 trab.	101-250 trab.	251-500 trab.	501-750 trab.	751-1000 trab.	1001-5000 trab.	> de 500 trab.	TOTAL
A Coruña	1789	308	311	179	46	17	9	17	3	2.679
Lugo	676	79	67	46	10	5	2	5	0	890
Ourense	617	81	86	38	13	7	1	4	0	847
Pontevedra	1815	292	272	120	40	14	5	9	3	2.570
Total	4.897	760	736	383	109	43	17	35	6	6.986

Fonte: Consellería de Traballo e Benestar. Dirección Xeral de Relacións Laborais.

Características dos votos emitidos, no período comprendido dende o 1 de xaneiro de 2008 ao 31 de decembro de 2011

■ Cadro 14.5

	A candidaturas	Nulos	En branco	Total votos	%
A Coruña	113.227	1.452	5.966	120.645	41,64
Lugo	29.325	242	1.157	30.724	10,61
Ourense	30.598	277	1.199	32.074	11,07
Pontevedra	100.249	1.066	4.951	106.266	36,68
Total Galicia	273.399	3.037	13.273	289.709	100,00

Fonte: Consellería de Traballo e Benestar. Dirección Xeral de Relacións Laborais.

Como resultado do rexistrado nesas actas electorais, elixíronse un total de 17.656 representantes con mandato en vigor a 31 de decembro de 2011. Exprésanse no cadro 14.6 as porcentaxes de distribución provincial.

Distribución provincias dos representantes elixidos segundo as actas rexistradas, desde o 1 de xaneiro de 2008 ao 31 de decembro de 2011, sobre o total de representantes con mando nese período

■ Cadro 14.6

Provincia	Representantes elixidos	Porcentaxe de representantes elixidos sobre o total %
A Coruña	7.345	41,60
Lugo	2.001	11,33
Ourense	2.036	11,53
Pontevedra	6.274	35,53
Totais	17.656	100,00

Fonte: Consellería de Traballo e Benestar. Dirección Xeral de Relacións Laborais.

Analizando os resultados dos procesos electorais en Galicia durante este período de catro anos e, tendo en conta os representantes con mandato en vigor a 31 de decembro de 2011, pódese ver que a central sindical UGT, cun 30,23% do total, é a que obtivo maior número de representantes (5.337), seguida de CC.OO e CIG con 29,61% e 26,04%, respectivamente (5.228 e 4.597 representantes), acadando un total de 2.494 o resto das centrais sindicais e grupos de traballadores cun 14,13%.

**Resultados das centrais sindicais máis representativas,
dende o 1 de xaneiro de 2008 ao 31 de decembro de 2011**

■ Cadro 14.7

Sindicato	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Totais	%
UXT	2.211	648	706	1.772	5.337	30,23
CC.OO.	2.179	630	557	1.862	5.228	29,61
CIG	1.875	368	405	1.949	4.597	26,04
Outros	1.080	355	368	691	2.494	14,13
Totais	7.345	2.001	2.036	6.274	17.656	100,00

Fonte: Consellería de Traballo e Benestar. Dirección Xeral de Relacións Laborais.

No desglose provincial dos resultados anteriormente referidos a Galicia, pode observarse que a central sindical UGT obtén a maior porcentaxe de representantes en A Coruña, Lugo e Ourense, podendo contemplarse que, na provincia de Pontevedra, ocupa o primeiro lugar a CIG.

**Representantes elixidos por provincias,
desde o 1 de xaneiro de 2008 ao 31
de decembro de 2011**

■ Cadro 14.8

A Coruña		
Sindicatos	Nº	%
UXT	2.211	30,10
CC.OO	2.179	29,67
CIG	1.875	25,53
Outros	1.080	14,70
Totais	7.345	100,00

Lugo		
Sindicatos	Nº	%
UXT	648	32,38
CC.OO	630	31,48
CIG	368	18,39
Outros	355	17,74
Totais	2.001	100,00

Cadro 14.8
(continuación)

Ourense		
Sindicatos	Nº	%
UXT	706	34,68
CC.OO	557	27,36
CIG	405	19,89
Outros	368	18,07
Totais	2.036	100,00

Pontevedra		
Sindicatos	Nº	%
UXT	1.772	28,24
CC.OO	1.862	29,68
CIG	1.949	31,06
Outros	691	11,01
Totais	6.274	100,00

Fonte: Consellería de Traballo e Benestar. Dirección Xeral de Relacións Laborais.

No cadro 14.9 ofrécese unha comparativa entre os dous períodos dos representantes elixidos de cada unha das centrais sindicais.

Cadro 14.9

Comparativa, a nivel provincial, dos representantes elixidos entre o período actual
(01.01.08 ao 31.12.11) e o período anterior (01.01.07 ao 31.12.10)

Provincia	CENTRAIS SINDICAIS									
	CC.OO		U.G.T.		C.I.G.		OUTROS		TOTAIS POR PROVINCIAS	
	PA	PRM	PA	PRM	PA	PRM	PA	PRM	PA	PRM
A Coruña	2.179	2.440	2.211	2.718	1.875	2.258	1.080	1.014	7.345	8.430
Lugo	630	727	648	782	368	452	355	316	2.001	2.277
Ourense	557	600	706	795	405	443	368	374	2.036	2.212
Pontevedra	1.862	2.181	1.772	2.063	1.949	2.394	691	597	6.274	7.235
TOTAIS	5.228	5.948	5.337	6.358	4.597	5.547	2.494	2.301	17.656	20.154

PA: Datos do período actual (do 01-01-08 ao 31-12-11).
PRM: Datos referidos ao período electoral anterior (do 01-01-07 ao 31-12-10)
Fonte: Consellería de Traballo e Benestar. Dirección Xeral de Relacións Laborais.

No cadro 14.10 e seguintes detállase o número de representantes que obtiveron cada un dos sindicatos en Galicia, concretando, en consecuencia, as organizacións sindicais e profesionais que teñen representación na Comunidade Autónoma de Galicia a 31 de decembro de 2011, ofrecéndose o desglose provincial.

■ Cadro 14.10 a Listaxes de organizacións sindicais e profesionais con representación a nivel provincial e no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, con expresión do número de representantes obtidos, segundo as actas rexistradas, desde o 1 de xaneiro de 2008 ao 31 de decembro de 2011

A Coruña

Código	Organizacións	N.º de representantes
14	Unión Xeral de Traballadores (UXT)	2.211
11	Comisións Obreiras (CC.OO)	2.179
2	Confederación Intersindical Galega (CIG)	1.875
4	Central Sindical Independente e de Funcionarios (CSI-CSIF)	200
98	Grupo de Traballadores (GT)	149
820504	Federación de Trab. Independentes de Comercio (FETICO)	148
15	Unión Sindical Obreira (USO)	130
820498	Federación de Sindic. Indep. do Ensino (FSIE)	56
720293	Unión Sindical de Traballadores de Galicia (USTG)	51
39	Federación de Asoc. Sind. Gran Amacéns (FAGSA)	46
720290	Central Unitaria de Traballadores (CUT)	44
821320	Conf. Sindicatos Intepend. Caixas de Aforro (CSICA)	24
1	Confederación Xeral do Traballo (CGT)	22
90	Coalición de Sindicatos	20
820526	Federación Independente Trab. do Crédito (FITC)	15
720300	Sindicato de Xornalistas de Galicia (SXG)	14
20	Confeder. de Trab. Independ. (CTI)	11
3	Confederación de Cadros (CC)	10
720307	Sindicatos de Traballadores da Limpeza (STL)	10
720305	Central Obreira Galega (COG)	9
821811	Unión Sindical de Auxiliares de Enfermería (USAE)	9
821809	Sindicato de Empregados de Banesto (SEB)	7
820564	Sind. de ATS de España (SATSE)	7
720295	Sind. Indep. de Trab. de Autop. e Autoest. (SITA)	6
821106	Sindicato Independente Ensino (ANPE)	6
821257	Sindicato Profesional de Viaxes (SPV)	6
8607	Sindicato da Elevación	6
720286	Asociac. Profes. Persoal Concello de Ferrol (APPCF)	6
720309	Sind. Independ. e Profes. De Profesores de Relixión de Galicia (SIPPREGA)	6
5	Confed. de Sindicatos de Traballadores do Ensino (STES)	5
821806	Sindicato de Traballadores de Repsol	5
821272	Sind. Profes. Policías Municipais de España (SPPME)	5
820588	Sind. Español Maquin. E Axud. Ferrov. (SEMAF)	4
821548	Sindicato Independente da Enerxía (SIE)	4
821791	Sind. De Traballadores da Administración de Xustiza (STAX)	3
821749	Unión Nac. De Func. De Xestión de Facenda (GESTHA)	2
821773	Sindicato de Traballadores de Comunicacións (STC)	2
30013	Asociación de Cadros de Ibercaixa	2
720288	Alternativa Independente (A.I.)	2
720301	Sind. Independente Bombeiros de Galicia (SIB-GAL)	2
821113	Coord. Estatal de Traballadores do Mar (CTM)	2
821766	Sind. Empregados do Grupo Banco Popular (SEGRUPO)	2
821787	Alternativa Sindical de Traballadores (AST)	2
821823	Sindicato de Salvamento Marítimo (SSM)	2
821816	Feder. de Asociac. Corpos Super. Administración Civil do Estado (FEDECA)	2
821824	Federación de Sindicatos de Educación e Sanidade (FSSES)	2
821847	Sindicato de Traballadores Fixos Discontinuos da AET (SFD)	2
10	Confederación Coordinadora Intersindical de Caixas (CICA)	1
821786	Sindicato Ferroviario	1
821623	Sindicato de Circulación Ferroviaria (SCF)	1
821822	Confeder. de Sindicatos Profesionais Aéreos (CSPA)	1
30006	Asoc. Cuadros Grupo Caja Madrid (ACCAM)	1
100009	Sindicat de 'Estalvi de Catalunya	1
390014	Sindicato Profesional de Seguros (SPS)	1
820189	Asoc. Sind. Espec. Técnic.Mant. Aeronáutica (ASETMA)	1
820555	Sind. Autónomo Trab. Banco de España (SATBE)	1
820659	Técnicos Audiovisuais e Cinematográficos do Estado Español	1
821308	Sind. Prof. Libre e Indep. (APLI)	1
820617	Sind. Tripulantes de Cabina de Pasaxeiros Liñas Aereas	1
Totals		7.345

Fonte: Consellería de Traballo e Benestar. Dirección Xeral de Relacións Laborais.

■ **Cadro 14.10 b** **Listaxes de organizacións sindicais e profesionais con representación a nivel provincial e no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, con expresión do número de representantes obtidos, segundo as actas rexistradas, desde o 1 de xaneiro de 2008 ao 31 de decembro de 2011**

Lugo

Código	Organizacións	N.º de representantes
14	Unión Xeral de Traballadores (UXT)	648
11	Comisións Obreiras (CC.OO)	630
2	Confederación Intersindical Galega (CIG)	368
4	Central Sindical Independente e de Funcionarios (CSI-CSIF)	112
15	Unión Sindical Obreira (USO)	65
98	Grupo de Traballadores (GT)	41
820498	Federación de Sindic. Indep. do Ensino (FSIE)	28
820504	Federación de Trab. Independentes de Comercio (FETICO)	16
720293	Unión Sindical de Traballadores de Galicia (USTG)	12
90	Coalición de Sindicatos (COAL.SIND.)	10
821106	Sindicato Independente Ensino (ANPE)	8
820564	Sindicato de ATS de España (SATSE)	7
820526	Fed. Indep. de Trab. do Crédito (FITC)	6
10	Confederación Coordinadora Intersindical de Caixas	5
821811	Unión Sindical de Auxiliares de Enfermería (USAE)	4
1	Confederación Xeral do Traballo (CGT)	4
3	Confederación de Cadros (CC)	4
5	Confed. de Sindicatos de Traballadores do Ensino (STES)	3
720295	Sind. Indep. de Autopistas e Autoestradas (SITA)	3
820588	Sind. Español Maquin. e Axud. Ferrov. (SEMAF)	3
720309	Sind. Independ. e Profes. de Profesores de Relixión de Galicia (SIPPREGA)	3
821786	Sindicato Ferroviario	2
821809	Sindicato de Empleados de Banesto (SEB)	2
821749	Unión Nac. de Func. de Xestión de Facenda (GESTHA)	2
821772	Sindicato de Traballadores de Comunicacións (STC)	2
100 (OUTROS)	APROAHP	1
100 (OUTROS)	Candidatura Independente	1
821320	Confeder. de S. Indep. de Caixas de Aforros (CSICA)	1
20	Confeder. de Trab. Independ. (CTI)	1
821041	Converxencia Estatal de Médicos e ATS (CEMSATSE)	1
821623	Sindicato de Circulación Ferroviaria (SCF)	1
821766	Sind. Empleados do Grupo Banco Popular (SEGRUPO)	1
700506	Sindicato Libre de Correos, Telecomunicacións e C.P.A.	1
821817	Asociación Profes. Funcionarios de Prisións (APFP)	1
88	NON CONSTA	1
100 (OUTROS)	PASUSA	1
700506	Sindicato Libre de Correos, Telecomunicacións e C.P.A.	1
720290	Central Unitaria de Traballadores (CUT)	1
Totais		2.001

Fonte: Consellería de Traballo e Benestar. Dirección Xeral de Relacións Laborais.

■ **Cadro 14.10 c** **Listaxes de organizacións sindicais e profesionais con representación a nivel provincial e no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, con expresión do número de representantes obtidos, segundo as actas rexistradas, desde o 1 de xaneiro de 2008 ao 31 de decembro de 2011**

Ourense

Código	Organizacións	N.º de representantes
14	Unión Xeral de Traballadores (UXT)	706
11	Comisións Obreiras (CC.OO)	557
2	Confederación Intersindical Galega (CIG)	405
98	Grupo de Traballadores (GT)	101
4	Central Sindical Independente e de Funcionarios (CSI-CSIF)	79
15	Unión Sindical Obreira (USO)	63
820498	Federación de Sindic. Indep. do Ensino (FSIE)	44
820504	Federación de Trab. Independentes do Comercio (FETICO)	18
820564	Sindicato de A.T.S. de España (SATSE)	10
90	Coalición de Sindicatos (COAL. SIND)	9
821106	Sindicato Independente Ensino (ANPE)	8
821811	Unión Sindical de Auxiliares de Enfermería (USAE)	4
1	Confederación Xeral do Traballo (CGT)	4
820588	Sind. Español Maquin. e Axud. Ferrov. (SEMAF)	3
821786	Sindicato Ferroviario	2
3	Confederación de Cuadros (CC)	2
5	Conf. Sindicatos de Traballadores Ensino (STES)	2
821114	Sind. Empleados Caixa de Aforros e Pensións Barcelona (SECPB)	2
821548	Sindicato Independente da Enerxía (SIE)	2
821773	Sind. de Trab. de Comunicacións (STC)	2
821809	Sindicato de Empleados de Banesto	2
720293	Unión Sindical de Traballadores de Galicia (USTG)	1
720290	Central Unitaria de Traballadores (CUT)	1
821762	Alternativa Sindical de Traballadores de Seguridade Privada	1
20	Confeder. de Trab. Independ. (CTI)	1
30000	Técnicos e Profesionais da Enerxía (ATYPE-CC)	1
100009	Sindicat de'Estalvi de Catalunya	1
820526	Fed. Indep. Trab. do Crédito (FITC)	1
821257	Sindicato Profesional de Viaxes (SPV)	1
821623	Sindicato de Circulación Ferroviaria (SCF)	1
821749	Unión Nac. de Func. de Xestión de Facenda (GESTHA)	1
821816	Fed. de Asoc. Corpos Super. Administración Civil Estado (FEDECA)	1
Totais		2.036

Fonte: Consellería de Traballo e Benestar. Dirección Xeral de Relacións Laborais.

■ **Cadro 14.10 d** **Listaxes de organizacións sindicais e profesionais con representación a nivel provincial e no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, con expresión do número de representantes obtidos, segundo as actas rexistradas, desde o 1 de xaneiro de 2008 ao 31 de decembro de 2011**

Pontevedra

Código	Organizacións	N.º de representantes
2	Confederación Intersindical Galega (CIG)	1.949
11	Comisións Obreiras (CC.OO)	1.862
14	Unión Xeral de Traballadores (UXT)	1.772
4	Central Sindical Independente e de Funcionarios (CSI-CSIF)	99
15	Unión Sindical Obreira (USO)	95
99	Non sindicados	76
820504	Federación de Trab. Independentes do Comercio (FETICO)	75
820498	Federación de Sindic. Indep. de Ensino (FSIE)	52
1	Confederación Xeral do Traballo (CGT)	37
720290	Central Unitaria de Traballadores (CUT)	30
720218	Sind. Independ. de Traballadores - FSI (SIT-FSI)	28
39	Federación de Asoc. Sind. Gran Amacéns (FASGA)	23
98	Grupo de Traballadores (GT)	17
90	Coalición de Sindicatos (COAL. SIND.)	17
720302	Sindicato Independente Concello de Vigo (SICO)	12
820564	Sindicato A.T.S. de España (SATSE)	11
820526	Federación Independente de Traballadores do Crédito (FITC)	8
821320	Confeder. de S. Indep. de Caixas de Aforros (CSICA)	7
100 (OUTROS)	OUTROS	6
100 (OUTROS)	Asociac. Xeral Profes. Titulares Universidade (AGPTU)	6
100 (OUTROS)	Sind. Indep. Traballadores Frigolouro (SITF)	6
3	Confederación de Cadros (CC)	6
821811	Unión Sindical de Auxiliares de Enfermería (USAE)	6
720299	Médicos de Galicia Independentes (O' MEGA)	5
821257	Sindicato Profesional de Viaxes (SPV)	5
821272	Sind. Profes. de Policías Municipais de España (SPPME)	5
5	Confed. Sindicatos Traballadores do Ensino (STES)	4
821786	Sindicato Ferroviario	4
720309	Sind. Indep. e Profes. de profesores relixión de Galicia (SIPPREGA)	4
821845	Sindicato da Administración Pública - SAP	4
821791	Sind. de Traballadores da Administración de Xustiza (STAX)	4
821809	Sindicato de Empregados de Banesto (SEB)	4
720303	Sindicato Galego de Profesionais da Sanidade (SGPS)	3
20	Confeder. de Trab. Independ. (CTI)	3
720295	Sind. Indep. De Trab. de Autop. e Autoest. (SITA)	3
821749	Unión Nac. de Func. de Xestión de Facenda (GESTHA)	3
821106	Sindicato Independente do Ensino (ANPE)	3
821816	Fed. de Asoc. Corpos Super. Administración Civil Estado (FEDECA)	3
821766	Sindicato Empregados do Grupo Banco Popular (SEGRUPO)	2
821847	Sindicato de Traballadores Fixos Discontinuos da AET (SFD)	2
821824	Federación de Sindicatos de Educación e Sanidade	2
820588	Sind. Español Maquin. e Axud. Ferrov. (SEMAF)	2
821409	Comisión de Traballadores de Aviación (CTA)	2
821773	Sind. de Traballadores de Comunicacións (STC)	1
390014	Sindicato Profesional de Seguros (SPS)	1
720292	Unión de Outros Sindicalistas (UNOS)	1
720300	Sindicato de Xornalistas de Galicia (SXG)	1
821308	Sindicato Profesional, Libre e Independ. (APLI)	1
821623	Sindicato de Circulación Ferroviaria (SCF)	1
821835	Sindicato da Elevación	1
Totais		6.274

Fonte: Consellería de Traballo e Benestar. Dirección Xeral de Relacións Laborais.

■ Cadro 14.11

Listaxes de organizacións sindicais e profesionais con representación a nivel provincial e no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, con expresión do número de representantes obtidos, segundo a data de votación, dende o 1 de xaneiro de 2008 ao 31 de decembro de 2011

Código	Organizacións	N.º de representantes
14	Unión Xeral de Traballadores (UXT)	5.736
11	Comisións Obreiras (CC.OO)	5.556
2	Confederación Intersindical Galega (CIG)	4.983
4	Central Sindical Independente e de Funcionarios (CSI-CSIF)	497
15	Unión Sindical Obreira (USO)	374
98	Grupo de Traballadores (GT)	312
820504	Federación de Trab. Independentes do Comercio (FETICO)	257
820498	Federación de Sindic. Indep. do Ensino (FSIE)	180
720290	Central Unitaria de Traballadores (CUT)	82
99	Non sindicados	79
39	Federación de Asoc. Sind. Gran Amacéns (FAGSA)	69
1	Confederación Xeral do Traballo (CGT)	68
720293	Unión Sindical de Traballadores de Galicia (USTG)	66
90	Coalición de Sindicatos	56
820564	Sind. ATS de España (SATSE)	35
821320	Confeder. de S. Indep. de Caixas de Aforros (CSICA)	32
820526	Fed. Indep. de Trab. do Crédito (FITC)	30
720218	Sind. Independ. de Traballadores - FSI (SIT-FSI)	28
821106	Sindicato Independente Ensino (ANPE)	25
821811	Unión Sindical de Auxiliares de Enfermería (USAE)	23
3	Confederación de Cadros (CC)	22
20	Confeder. de Trab. Independ. (CTI)	16
720300	Sindicato de Xornalistas de Galicia (SXG)	15
821809	Sindicato Empleados de Banesto (SEB)	15
5	Confed. de Sindicatos de Traballadores do Ensino (STES)	14
720309	Sind. Independ. e Profes. de profesores de Relixión de Galicia (SIPPREGA)	13
720295	Sind. Ind. de Trab. de Autop. e Autoest. (SITA)	12
720302	Sindicato Independente Concello de Vigo (Sico)	12
820588	Sind. Español Maquin. e Axud. Ferrov. (SEMAF)	12
821257	Sind. Profesional de Viaxes (SPV)	12
720305	Central Obreira Galega (COG)	11
821272	Sind. Profes. de Policías Municipais de España (SPPME)	10
720307	Sindicato de Traballadores da Limpeza (STL)	10
821786	Sindicato Ferroviario	9
821749	Unión Nac. de Func. de Xestión de Facenda (GESTHA)	8
821773	Sindicato de Traballadores de Comunicacions (STC)	7
821835	Sindicato da Elevación	7
821791	Sind. de Traballadores da Administración de Xustiza (STAX)	7
100(OUTROS)	Outros	7
10	Confederación Coordinadora Intersindical	7
100 (OUTROS)	Sind. Indep. Trab. Frigolouro (SITF)	6
821548	Sind. Independ. de Enerxía (SIE)	6
100 (OUTROS)	Asociac. Xeral Profes. Titulares Universidade (AGPTU)	6
720286	Asociac. Profes. Persoal Concello de Ferrol (APPCF)	6
821816	Federac. de Asociac. Corpos Superior. Administración Civil Estado (FEDECA)	6
720299	Médicos de Galicia Independentes (O' MEGA)	5
821766	Sind. Empregados do Grupo Banco Popular (SEGRUPO)	5
821806	Sindicato de Traballadores de Repsol	5
821824	Federac. de Sindicatos de Educación e Sanidade (FSSES)	4
821623	Sindicato de Circulación Ferroviaria (SCF)	4
821845	Sindicato da Administración Pública - SAP	4
821847	Sindicato de Traballadores Fixos Discontinuos da AET (SFD)	4
720303	Sindicato Galego de Profesionais da Sanidade (SGPS)	3
30013	Asociación de Cadros de Ibercaja	2
100009	Sindicat de 'Estalvi de Catalunya	2
390014	Sindicato Profesional de Seguros (SPS)	2
720288	Alternativa Independente (AI)	2
720301	Sind. Independente Bombeiros de Galicia (SIB-GAL)	2

■ **Cadro 14.11**
(continuación)

821113	Coord. Estatal de Traballadores do Mar (CTM)	2
821114	Sind. Emplead. Caixa de Aforros e Pens. Barcelona (SECPB)	2
821787	Alternativa Sindical de Traballadores (AST)	2
821308	Sind. Prof. Libre e Indep. (APLI)	2
821823	Sindicato de Salvamento Marítimo (SSM)	2
700506	Sindicato Libre de Correos, Telecomunicac. e C.P.A.	2
821409	Comisión de Traballadores de Aviación (CTA)	2
821041	Convergencia Estatal de Médicos e ATS (CEMSATSE)	1
100 (OUTROS)	Candidatura Independente	1
821822	Confeder. Sindicatos Profesionais Aéreos (CSPA)	1
820189	Asoc. Sind. Espec. Técnicos Mantem. Aeronut. (ASETMA)	1
100(OUTROS)	APROAHP	1
30000	Técnicos e Profesionais da Enerxía (ATYPE-CC)	1
30006	Asoc. Cadros Grupo Caja Madrid (ACCAM)	1
720292	Unión de Outros Sindicalistas (UNOS)	1
820555	Sind. Auton. Trab. Banco de España (SATBE)	1
820659	Tec. Audiovisuais e Cinematog. Estado Español	1
821817	Asociación Profesional Funcionarios de Prisións (APFP)	1
821762	Alternativa Sindical de Traballadores de Seguridade Privada	1
820617	Sind. Tripulantes de Cabina de Pasaxeiros Liñas Aereas	1
88	Non consta	1
100 (OUTROS)	PASUSA	1
Totais		18.817

Fonte: Consellería de Traballo e Benestar. Dirección Xeral de Relacións Laborais.

No que se refire á participación dos traballadores/as nos procesos electorais, participaron en Galicia, no período do 1 de xaneiro de 2008 a 31 de decembro de 2011, un 72,81% en relación cos traballadores/as afectados polas eleccións. Reflictese, neste período, que Lugo é a provincia que maior porcentaxe de participación ten, similar aos das provincias de Ourense e Pontevedra e mais baixo en A Coruña. No ano 2011 a porcentaxe de participación é algo menor que a dos catro anos xa que se obtivo un 70,90%.

**Distribución provincial da participación electoral, desde o 1 de xaneiro de 2008
ao 31 de decembro de 2011**

■ **Cadro 14.12**

	Traballadores afectados		Traballadores participantes		Porcentaxe de participación por provincias
	N.º	% (1)	N.º	% (2)	%
A Coruña	173.214	43,75	120.302	41,73	69,45
Lugo	40.172	10,15	30.698	10,65	76,42
Ourense	41.775	10,55	31.827	11,04	76,19
Pontevedra	140.745	35,55	105.426	36,57	74,91
Totais	395.906	100,00	288.253	100,00	72,81

(1) Porcentaxe de traballadores afectados en relación co total.

(2) Porcentaxe de traballadores participantes en relación co total.

Fonte: Consellería de Traballo e Benestar. Dirección Xeral de Relacións Laborais.

■ Cadro 14.13 **Distribución provincial dos electores, votantes e participación electoral desagregada por sexo, dende o 1 de xaneiro de 2008 ao 31 de decembro de 2011**

	Electores			Votantes			Participación Electoral		
	Mulleres	Varóns	Total	Mulleres	Varóns	Total	Mulleres	Varóns	Total
A Coruña	81.066	92.148	173.214	54.249	66.053	120.302	66,92	71,68	69,45
Lugo	11.412	28.760	40.172	8.529	22.169	30.698	74,74	77,08	76,42
Ourense	11.840	29.935	41.775	8.722	23.105	31.827	73,67	77,18	76,19
Pontevedra	61.070	79.675	140.745	43.521	61.905	105.426	71,26	77,70	74,91
Totais	165.388	230.518	395.906	115.021	173.232	288.253	69,55	75,15	72,81

Fonte: Consellería de Traballo e Benestar. Dirección Xeral de Relacións Laborais.

■ Cadro 14.14 **Distribución provincial da participación electoral, dende o 1 de xaneiro de 2011 ao 31 de decembro de 2011**

	Traballadores afectados (electores)		Traballadores participantes (votantes)		Porcentaxe de participación por provincias ⁽³⁾
	Nº	% ⁽¹⁾	Nº	% ⁽²⁾	
A Coruña	108.626	44,44	73.709	42,53	67,86
Lugo	25.491	10,43	19.708	11,37	77,31
Ourense	27.496	11,25	20.315	11,72	73,88
Pontevedra	82.836	33,89	59.582	34,38	71,93
Totais	244.449	100,00	173.314	100,00	70,90

(1) Porcentaxe de traballadores afectados en relación co total.

(2) Porcentaxe de traballadores participantes en relación co total.

(3) Porcentaxe de participación por provincia.

Fonte: Consellería de Traballo e Benestar. Dirección Xeral de Relacións Laborais.

No cadro 14.15 contéplanse as impugnacións electorais presentadas nas Oficinas Públicas de Rexistro durante 2011, no marco do procedemento arbitral establecido polo Estatuto dos Traballadores. Presentáronse en Galicia 454 reclamacións a procesos electorais, dando lugar ao ditado de 369 laudos.

Impugnacións, desestimacións e laudos no ano 2011

■ Cadro 14.15

	Impugnacións presentadas	Desestimacións	Laudos ditados	Impugnacións pendentes
A Coruña	163	9	135	10
Lugo	65	2	63	3
Ourense	38	1	35	-
Pontevedra	188	19	136	16
Totais	454	31	369	29

Fonte: Consellería de Traballo e Benestar. Dirección Xeral de Relacións Laborais.

1 Investimentos e cadro de persoal da Administración do Estado en Galicia

1.1 Investimentos da Administración do Estado

■ Cadro A.1

Investimentos reais (capítulo VI dos Orzamentos Xerais do Estado). Galicia. 2011

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Varias provincias	Galicia
Mº de Defensa	6.468	9	-	794	-	7.271
Mº de Economía e Facenda	962	227	516	560	-	2.265
Mº do Interior	7.357	2.108	1.825	7.313	21	18.624
Mº de Fomento	570.142	165.770	194.331	391.134	-	1.321.377
Mº de Traballo e Inmigración	584	2.704	498	2.848	49	6.683
Mº de Industria, Turismo e Comercio	-	-	-	95	-	95
Mº de m. ambiente, m. rural e mariño	21.805	19.318	14.539	10.683	4.677	71.022
Mº de Política Terit. e Admon. Pública	107	20	145	49	-	321
Mº de Cultura	787	157	550	43	21	1.558
Total	608.212	190.313	212.404	413.519	4.768	1.429.216

Datos en miles de euros.

Fonte: Información da Delegación do Goberno en Galicia, extraída das liquidacións orzamentarias dos ministerios.

■ Cadro A.2

Transferencias de capital (capítulo VII dos Orzamentos Xerais do Estado). Galicia. 2011

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Varías provincias	Galicia
Mº de Economía e Facenda	597	2.210	7.397	4.801	-	15.005
Mº de Fomento	-	1.313	-	5.293	-	6.606
Mº de Educación	9.511	-	-	1.527	-	11.038
Mº de Industria, Turismo e Comercio	8.228	1.151	432	20.954	414	31.179
Mº de m. Ambiente M. Rural e Marítimo	21.922	1.246	295	4.005	168.786	196.254
Mº da Presidencia	-	20	-	40	-	60
Mº de Política Territorial e Ad. Pública	3.523	3.023	1.804	2.494	-	10.844
Mº de Cultura	1.453	90	541	154	113	2.351
Mº de Sanidade, Política Social e Igualdade	-	-	-	-	108	108
Mº de Ciencia e Innovación	7.931	100	125	4.364	790	13.310
Total	53.165	9.153	10.594	43.632	170.211	286.755

Datos en miles de euros.

Fonte: Información da Delegación do Goberno en Galicia, extraída das liquidacións orzamentarias dos ministerios.

■ Cadro A.3

Total investimentos reais e transferencias de capital (capítulos VI e VII dos Orzamentos Xerais do Estado). Galicia. 2011

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Varías provincias	Galicia
Mº de Defensa	6.468	9	-	794	-	7.271
Mº de Economía e Facenda	1.558	2.438	7.913	5.361	-	17.270
Mº do Interior	7.357	2.109	1.825	7.313	21	18.625
Mº de Fomento	570.142	167.083	194.331	396.427	-	1.327.983
Mº de Educación	9.511	-	-	1.527	-	11.038
Mº de Traballo e Inmigración	584	2.704	498	2.848	49	6.683
Mº de Industria Turismo e Comercio	8.228	1.151	432	21.049	414	31.274
Mº de M. Ambiente, M. Rural e Marítimo	43.728	20.563	14.834	14.688	173.463	267.276
Mº da Presidencia	-	20	-	40	-	60
Mº de Política Territorial e Ad. Pública	3.630	3.043	1.948	2.543	-	11.164
Mº de Cultura	2.240	248	1.091	197	134	3.910
Mº de Sanidade, Política Social e Igualdade	-	-	-	-	108	108
Mº de Ciencia e Innovación	7.931	100	125	4.364	790	13.310
Total	661.377	199.468	222.997	457.151	174.979	1.715.972

Datos en miles de euros.

Fonte: Información da Delegación do Goberno en Galicia, extraída das liquidacións orzamentarias dos Ministerios.

I.2 Cadro de persoal da Administración do Estado

■ Cadro A.4

Cadro de persoal da Administración do Estado. Por grupos. Galicia. 2011

	Funcionarios						Laborais varios			Total
	A1	A2	C1	C2	E/AP	(*)	Fixos	Temporais	Outro persoal	
Delegación do Goberno	77	76	145	166	1	-	83	-	13	561
Mº de Xustiza	12	3	9	21	-	-	1	-	2	48
Mº de Defensa ⁽¹⁾	-	-	-	-	-	424	759	106	6755(1)	1.289
